



9 788496 530447

1

1

1

1



USC
UNIVERSITY OF SOUTHERN CALIFORNIA



USC
UNIVERSITY OF SOUTHERN CALIFORNIA



NA NOSA LYNGOAGE GALEGA

A EMERXENCIA DO GALEGO COMO LINGUA ESCRITA NA IDADE MEDIA

Na nosa lyngoage galega : a emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media / Ana Isabel Boullón Agrelo (editora).- Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega : Instituto da Lingua Galega, 2007.- 673 p.; 22 cm.-

(Colección Base. Serie Lingüística; 5)

D.L. C 4350-2007.- ISBN: 978-84-96530-44-7

1. Lingua galega-Antes de 1500. 2. Latín medieval e moderno (Lingua). 3. Linguas románicas-Ibérica, Península (España e Portugal)-Antes de 1500. I. Boullón Agrelo, Ana Isabel. II. Consello da Cultura Galega, ed. III. Instituto da Lingua Galega, ed.

Serie Lingüística nº. 5

Directores Rosario Álvarez

Henrique Monteagudo

REVISIÓN EDITORIAL

Silvia Viso Pérez

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957 202 Fax 981 957 205
correo@consellodacultura.org

Proyecto gráfico e diseño de cubiertas
Manuel Janeiro

ISBN 978-84-96530-44-7
Depósito legal C 4350-2007

Imprime GRAFISANT, S.L.

© INSTITUTO DA LINGUA GALEGA
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 563 100 Fax 981 572 770
ilgsec@usc.es

NA NOSA LYNGOAGE GALEGA
A EMERXENCIA DO GALEGO COMO LINGUA ESCRITA
NA IDADE MEDIA

Ana Isabel Boullón Agrelo
(editora)

ÍNDICE

<i>Limiar</i>	7
---------------------	---

1. O CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURAL

Johannes Kabatek

“Muyto he boa grossa”: O renacemento boloñés, a elaboración das línguas románicas e a emerxencia do galego escrito	21
--	----

Xosé Miguel Andrade Cernadas

Galicia nos séculos XII-XIII: aspectos xerais	37
---	----

Fernando López Alsina

Galicia en los siglos XII-XIII: notariado, documento y cultura literaria	53
--	----

José Ignacio Fernández de Viana y Vieites

A documentación galega no século XIII: aspectos paleográficos e diplomáticos	69
--	----

2. ENTRE O LATÍN E O ROMANCE

José Antonio Puentes Romay

Latín e romance. Aspectos xerais	95
--	----

Xaime Varela Sieiro

Dos usos latinos aos usos romances: o tratamento do léxico	115
--	-----

Ricardo Gutiérrez Pichel / Alexandra Cabana Outeiro

Parámetros para o estudo da introdución do romance na documentación notarial galega	129
---	-----

3. A ESCRITA DO ROMANCE NO ÁMBITO PENINSULAR

Ana Maria Martins

O primeiro século do português escrito	161
--	-----

<i>José Carlos Ribeiro Miranda</i>	
Alfonsinos, sicilianos e o mundo feudal do ocidente ibérico. Em busca da primeira geração de trovadores galego-portugueses	185
<i>Emilio Montero Cartelle</i>	
La emergencia escrita medieval de los romances centrales (leonés y castellano)	205
<i>Elena Rivas</i>	
As políticas lingüísticas no reino de León-Castela	227
<i>Gemma Avenoza</i>	
La lengua y la escritura: catalán y aragonés en sus primeros textos	245
 4. A EMERXENCIA DO ROMANCE ESCRITO EN GALICIA: ASPECTOS PARTICULARES	
<i>Henrique Monteagudo</i>	
A emerxencia do galego-portugués na escrita instrumental.	
Unha panorámica histórica	275
<i>Ramón Lorenzo</i>	
Os notarios e a lingua nos comezos da escrita documental en galego ..	313
<i>Rosario Álvarez</i>	
Variación dialectal no período de emerxencia	373
<i>Raquel Rodríguez Parada</i>	
Textos primitivos da franxa oriental	399
<i>Luz Méndez</i>	
Un texto da franxa oriental no <i>Tombo das viñas de Ribadavia</i>	429
<i>Santiago López Martínez-Morás</i>	
Aparición e florecemento da prosa medieval galega	447
<i>Alexandre Rodríguez Guerra / Xavier Varela</i>	
As grafías no <i>Cancioneiro da Ajuda</i>	473
<i>Marisol López Martínez / Eduardo Moscoso Mato</i>	
Morfoloxía do <i>Cancioneiro da Ajuda</i>	557
<i>Déborah González Martínez</i>	
A onomástica persoal na lírica medieval galego-portuguesa	579
<i>Ana Boullón</i>	
A antropónimia nos textos documentais galegos ata o século XIII	603
 BIBLIOGRAFÍA	625

LIMIAR

Nos últimos anos produciuse no ámbito hispánico e románico en xeral un pulo nos estudos encamiñados a esclarecer as circunstancias que posibilitaron a introdución dos romances na escrita. Na área máis occidental da Romanía este interese viuse reflectido na edición (ou reedición) de novos textos, e mais na análise das fontes medievais e das condicións políticas e culturais en torno á produción escrita. O Instituto da Lingua Galega (ILG) quere contribuír a esta liña de investigación con este volume, dedicado á emergencia da lingua galega nos textos, tanto literarios coma documentais. En Galicia esta cuestión presenta uns interrogantes específicos, pois no noso país, carente dun poder político que fomentase o cultivo escrito, e cunha lingua máis próxima a unha órbita territorial na que non estaba incluído politicamente (Portugal), orixinouse unha literatura poética de xeito máis temperá ca nos outros ámbitos hispánicos, e despois, de maneira máis ou menos simultánea a eles, agromou a lingua nos textos documentais.

Para axudar a esclarecer estas cuestións, e tendo en conta o necesario enfoque multidisciplinar, convocamos unha serie de investigadores procedentes de áreas distintas á lingüística, como a historia, a paleografía e a historia da escritura. Dentro do ámbito da nosa disciplina, non nos cinximos ao espazo territorial galego, senón que se considerou unha perspectiva románica (máis demoradamente a peninsular, como é lóxico), e tamén a necesidade de contemplar a situación desde o punto de partida, o latín. O núcleo principal dos estudos lingüísticos dedicados ao galego está formado por investigadores do ILG. Recordaremos aquí que a atención que no ILG se lle dedica á lingua medieval non é nova, posto que, amais da perspectiva histórica atendida nas distintas seccións, hai dúas dedicadas exclusivamente a ela: unha dirixida por Ramón Lorenzo, que ten como principal obxectivo a edición

dos textos, e outra a cargo de Xavier Varela, do que é o más visible producto o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMIL-GA), que permite a consulta léxica a través de Internet dun gran número de textos da nosa Idade Media.

A ordenación do volume está concibida desde un punto de vista temático. En primeiro lugar, aténdese ao contexto histórico e cultural. Johannes Kabatek (Universität Tübingen) ten conta das circunstancias que, desde o renacemento do dereito que se deu en Boloña, favoreceron a escrita dos romances ao longo de toda Europa. Aínda que Santiago foi un dos centros importantes de recepción das novas correntes xurídicas en Galicia (as mesmas que en Europa favoreceran a elaboración das primeiras compilacións lexislativas en romance, como *Lo Codi*), a forte tradición da latinidade estaba moi arraigada nos principais centros de cultura (nomeadamente, as escolas catedralicias). Hai, nun segundo momento, noticias da romanidade, como demostran as glosas en galego que aparecen na versión castelá do *Fuero Real* transmitido no ms. 710 da Biblioteca Nacional.

Despois, a ollada céntrase en Galicia, considerando os aspectos más estritamente históricos: Xosé Miguel Andrade Cernadas (Universidade de Santiago de Compostela, USC) explica as características históricas da sociedade galega do s. XIII: a decadencia da vella aristocracia, o auxe da vida urbana, a expansión nas áreas costeiras e, desde o punto de vista político, a frustración de Galicia como reino independente e o seu encadramento definitivo no Reino de León e Castela, ao tempo que se consolida o reino de Portugal. Fernando López Alsina (USC) centra a súa contribución na figura do *scriptor* (máis tarde notario) e a difusión do notariado en Galicia, e mais nas condicións da producción e conservación dos documentos (rexistros, tombos). Por último, dentro deste primeiro bloque, o profesor Fernández de Viana (Universidad de Granada) bosquexa os grandes ciclos da escritura e mailas súas características paleográficas, exemplificando con textos galegos os distintos tipos de letra. O ciclo gótico, desde a segunda metade do século XIII, coincide no tempo coa aparición do romance nos textos documentais. O autor remata pormenorizando a estrutura e modo de operar das chancelerías de León e Castela (unidas desde 1283), así como os seus principais protagonistas.

O segundo bloque, entre o latín e o romance, comeza cun traballo de José Antonio Puentes Romay (USC), quen trata da reforma carolin-

xia que quixo restituír o “auténtico” latín, sen contaminacións romances, e das distintas tendencias do uso do latín na documentación. Pola súa parte, a través da análise cronolóxica do léxico nos documentos latinos de Galicia, Xaime Varela Sieiro (IES Chano Piñeiro, Forcarei) testemuña dous niveis de latinidade: un maior distanciamento da norma clásica ata finais do XI, e, trala reforma de Cluny, unha maior asunción de formas propiamente latinas, en detrimento das romances. Completan esta sección Ricardo Gutiérrez e Alexandra Cabana, investigadores mozos do ILG, que realizan unha análise da introdución do romance nos textos notariais, póndoo en relación coa tipoloxía e a transmisión documental e a estrutura interna do documento.

En terceiro lugar, a perspectiva centrarse na escrita do romance dentro do contexto peninsular. De occidente a oriente, primeiro enfócase o que ocorre no reino portugués, no que atinxé á prosa documental. Ana M.^a Martins (Universidade de Lisboa) explora as manifestacións iniciais do portugués escrito, pondo de manifesto os dous estilos de escrita que translacen os textos: a conservadora, representada pola *noticia de torto* e herdeira máis continuista dos hábitos gráficos latinos, e a innovadora, da que é mostra o testamento de Afonso II (1214). Esta última, emanada da chancelería rexia, demostra un proceso de selección entre as variantes gráficas e menos vestixios latinizantes, entre outras características, e acabaría imponéndose á más tradicional, como demostra o rápido triunfo da innovación que supuxo a introdución dos dígrafos <lh> e <nh> para as palatais, que se xeneralizaron en apenas cincuenta anos.

Sobre a necesaria relación da aparición da lingua no textos documentais e a literatura escribe José Carlos Ribeiro Miranda (Universidade do Porto). A análise da peripecia vital e da traxectoria política da primeira xeración de trobadores (previa a 1220) parece indicar que foi a conexión coa lírica occitana e o seu coñecemento directo o que propiciou a creación da nosa lírica, apoiada, esta primeira xeración, máis en grupos señoriais e feudais ca nas cortes rexias. E isto puido xerar, de rebote, a aparición do romance na prosa documental, como parece demostrar a presenza de poetas, como testemuñas ou protagonistas, nos primeiros textos notariais.

No territorio da coroa de Castela-León, Elena Rivas (USC) trata das políticas lingüísticas das chancelerías rexias, exemplificando co *Tratado de Cabreros*, feito en castelán nunha data moi temperá, en 1206. Trátase dun documento das mesmas características (documento rexio, asinado por Afonso IX) ca o considerado primeiro documento en galego, o foro de Castro Caldelas, un privilexio rodado de

1228, co que ademais comparte algunas das testemuñas (vid. Monteagudo 2005 e no prelo).

Pola súa parte, Emilio Montero (USC) expón as distintas posicións dos investigadores diante do proceso que levou ao xurdimento das lingua romances na escrita e explica o impulso dos reis da coroa de Castela: o castelán empeza a aparecer con Afonso VIII, promóvese decididamente na de Fernando III (ao tempo que deixa de usarse o leonés en contextos oficiais), e xeneralízase, como é sabido, en tempos de Afonso X. Para o establecemento do *terminus a quo* cómpre ter en conta a moi distinta natureza dos textos considerados e a adscripción lingüística, pois hai diferentes perspectivas á hora de analizar, por exemplo, a *Nodiza de kesos*, encadrada no ámbito lingüístico astur-leonés, ou as *Glosas emilianenses*, dentro do aragonés. En todo caso hai que ter en conta a imprecisión dos límites lingüísticos naquela época, nidos se se pensa no hebreo ou no árabe, pero non se se toman de referencia os romances, ou mesmo estes co seu teito lingüístico, o latín. O anacronismo de xulgar desde hoxe o panorama lingüístico daquela é semellante ao de estimar a expresión *castellano drecho* de Afonso X como equivalente a un castelán normativo e uniforme.

Tras esta contextualización peninsular, o seguinte bloque céntrase na emerxencia do romance escrito en Galicia. No primeiro dos traballos que encabeza esta sección, Henrique Monteagudo (ILG) realiza unha síntese dos factores políticos, escriptográficos e sociolinguísticos desencadeantes en Galicia do proceso de emerxencia do romance na escrita documental, así como a conexión galega coa producción da lírica nos primeiros tempos.

Despois aténdense a aspectos más particulares: Ramón Lorenzo (ILG) edita dezaseis textos notariais dos máis antigos en romance e analízaos lingüisticamente. Deste estudo, amais dos datos concretos do seu minucioso exame e do modélico da súa proposta de edición dos textos medievais, infírese a necesidade de facer seguimentos individuais dos notarios, pois neste caso, os documentos asinados polo mesmo notario foron executados por sete mans diferentes. A análise destes factores ligados á producción do documento axuda a valorar a significación das variabilidade gráfica da época, tendo en conta ademais circunstancias como as variantes atopadas en dúas cartas partidas por a,b,c, escritas pola mesma man e en momentos inmediatos.

Rosario Álvarez (ILG) enfoca a atención na variación dialectal nesta época, advertindo sobre os problemas metodolóxicos que ten esta perspectiva: por exemplo, nos textos líricos medievais, se ben non reflecten unha lingua tan unificada como ás veces se pretende, a

diversidade é difícil de adscribir, xa que hai trazos lingüísticos que se poden deber aos compiladores ou obedecer a factores cronolóxicos ou diatópicos. Por outro lado, malia en principio os textos notariais estaren localizados, a data tópica non sempre corresponde coas características lingüísticas da área ou do escribe, pois áinda que o habitual era os notarios pertenceren á contorna onde exercían, podía non ser así, e por tanto existir influencias lingüísticas diversas. Por último, hai que ter en conta as cuestións referentes ao tipo de texto (dado que en certos estilos non emerxen determinadas variantes) e a transmisión textual.

Os textos da fronteira oriental, e a borrosidade ou difusividade que presentan, foron examinados por Raquel Rodríguez Parada (ILG). Nesta zona localízanse algúns dos máis antigos (o que parece incidir na idea de que a innovación da escrita en romance se difunde desde esta dirección), que presentan unhas características lingüísticas propias, por ser zona de especial confluencia de isoglosas entre os romances. Non se trata, logo, de textos “deturpados” ou “contaminados”, senón dunha situación que reflicte as diversas solucións que se daban nese territorio. Pola súa parte, Luz Méndez (ILG), que analiza as características do *Tombo das viñas de Ribadavia*, outro texto fronterizo, pon de relevo as dificultades para a súa datación (en todo caso, no primeiro terzo do século XIII) e propón unhas pautas metodológicas que posibiliten tirar informacións de onde non parece haber más ca baleiro, posto que á dificultade de datación engade a complexidade lingüística, xa que os trazos suxiren que debeu ser redactado en Ribadavia por un escribe non galego (quizais leonés).

As circunstancias que levan consigo a aparición da prosa escrita en galego son obxecto de estudio de Santiago López Martínez-Morás (USC), quen describe os ciclos principais da prosa literaria, que na súa maior parte procede de traducións: a materia artúrica e a de Troia a través do francés ou do castelán, e a producción historiográfica da correspondente castelá ou latina. A producción propia sería máis tardía o que, por outra parte, é o natural noutras linguas do noso contorno cultural (en Francia as primeiras producións prosísticas son de finais do XIII). De todas formas, é moi probable que houbese máis textos, hoxe desaparecidos, especialmente homiléticos e épicos.

Se antes se analizou a producción lírica en relación coa súa aparición, outras achegas estudan aspectos específicos do cancioneiro máis antigo, o da Ajuda: Alexandre Rodríguez Guerra (ILG) e Xavier Varela (ILG) fan unha análise moi detallada das grafías e Marisol López (ILG) e Eduardo Moscoso (ILG) céntanse na morfoloxía. Púxose de relevo, por unha parte, a forte homoxeneización gráfica (sobre

todo en comparación cos textos notariais), comprensible por tratarse dun texto compilado, e, por tanto, cunha vontade certa de regularización, e, por outra, a existencia de diversidade morfolóxica, que pode ofrecer indicios sobre, por exemplo, a orixe dos autores ou dos compiladores. Cómpren máis investigacións sobre outros aspectos lingüísticos, que probablemente axudarán a despexar algúns dos misterios que o máis antigo dos nosos cancioneiros presenta (autoría, localización xeográfica, mecenado, etc.). Tamén ten como base a lírica medieval a análise da antroponimia que realiza Déborah González (USC), quen subliña as dificultades metodolóxicas derivadas dun corpus que procede exclusivamente de copias. A diferenza no tratamento da antroponimia nos textos documentais pona de manifesto o estudo de Ana Boullón (ILG), que parte dos textos escritos en latín ata os primeiros escritos en romance: o uso dos procedementos sufíxais latinizantes está na mesma sintonía cá relatinización experimentada despois do séc. xi á que se refería previamente Xaime Varela, e é unha tendencia que convive coa progresión imparable do romanacemento dos nomes propios.

Cómpre poñer de relevo que este volume, amais de contribuír ao esclarecemento das cuestións tratadas, quere tamén ser unha invitación a seguir traballando nesas direccións. Os especialistas aos que se lles encargaron os traballos tiveron a ocasión de expolos e debatelos no marco dun simposio que tivo lugar en 2005, que así mesmo tiña como finalidade servir de estímulo para a formación de futuros investigadores. As lecturas públicas víronse enriquecidas coa celebración de debates posteriores e as contribucións dos asistentes. Nelas púxose de manifesto, de maneira máis ou menos implícita, a necesidade de afondar nas liñas de traballo propostas e nas que foron xurdindo a raíz do desenvolvemento das exposicións.

Desde o ILG quérrese agradecer as contribucións económicas dos organismos que posibilitaron a realización do simposio: a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Ministerio de Educación y Ciencia, o Vicerrectorado de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela, e tamén a acollida xenerosa da Facultade de Filoloxía. E por suposto, o Consello da Cultura Galega, que vén patrocinando esta Serie Lingüística desde os seus inicios, e que permite a súa distribución tanto en formato libro coma en edición electrónica gratuita (<http://www.consello.gal/linguistica>)

llodacultura.org). Como editora e membro do comité organizador do simposio, quero agradecer a axuda prestada polos compañeiros do Instituto da Lingua Galega, nomeadamente o alento constante da nosa directora, Rosario Álvarez, e a eficaz contribución aos aspectos organizativos realizada por Raquel Rodríguez Parada e Ricardo Gutiérrez Pichel.

A concepción unitaria deste volume implica unha agrupación bibliográfica que se presenta ao final. Isto supón na práctica, amais da comodidade da consulta e a eliminación de referencias repetidas, a compilación dunha serie de referencias que resultan básicas para o estudo do nacemento da escrita medieval en Galicia (e, en menor medida, dos sucesivos ámbitos xeográficos e culturais), con inclusión das fontes fundamentais utilizadas, tanto literarias coma documentais (presentadas de maneira conxunta en Tato / Boullón 2004), de utilidade non só para a perspectiva lingüística, senón tamén, obviamente, para a literaria, histórica, paleográfica, etc. Para esta ardua tarefa unificadoría é de xustiza recoñecer o paciente e meticuloso labor de Silvia Viso.

Para rematar, quero especificar a procedencia do título que dá nome a este libro. Un dos parámetros que, desde a sociolingüística, Le Page e Tabouret-Keller determinaron para a identificación de grupos e linguas previamente non recoñecidos foi a denominación da producción lingüística de cada grupo aplicada ao lugar de procedencia xeográfica. O reconto das aplicadas ao galego (*romance, language galega, lingua galega...*) ten feito Monteagudo (1999), e de aí tiramos este sintagma, que procede do regulamento do gremio compostelán dos Cambeadores redactado en 1490 e exhumado por José Villaamil en 1907; nel dise:

“que njnguun confrade da dita confradía quando se uer a canbear non posa falar njnguna lenguaje estraniera aynda que a sabea, saluo *nosa lyngage galega*, ou Castellana”.

É a primeira disposición que regula o uso institucional do galego e o castelán, pero non a máis antiga das que nomean a nosa lingua, pois esta pertence a un autor catalán, Jofre de Foixà, que redactou, arredor de 1290, un tratado de poética trobadoresca na corte de Sicilia. Son todos indicios que, desde fóra primeiro, e despois tamén desde dentro, indican a identificación dun grupo lingüístico que foi asentando a súa especificidade desde os albores da Idade Media.

Ana Boullón

A Ramón Lorenzo,
“muy mesurado et cōprido de toda cortesia
et de bōo entendemento, muy sabedor et
muy brauo et muy sanudo enos lugares hu
cōueesse; muy leal et muy uerdadeyro en
todalas couosas que uerdade et lealdade
deuese seer guardada”.

(*Primeira Crónica Xeral*)

Os compañeiros do Instituto da Lingua Galega

O CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURAL

MUYTO HE BOA GROSA:
O RENACEMENTO BOLOÑÉS, A ELABORACIÓN DAS LINGUAS
ROMÁNICAS E A EMERXENCIA DO GALEGO ESCRITO

Johannes Kabatek

Universität Tübingen (Alemaña)

1. OS ROMANCES PENINSULARES ESCRITOS MEDIEVAIS: DÚAS CORRENTES

A cuestión da emerxencia das linguas románicas escritas na Idade Media ten suscitado numerosas polémicas e discusións nas que, xeralmente, se anda buscando o factor determinante que acabou coa antiga diglosia entre o latín escrito e as linguas romances faladas. Desde os anos oitenta, unha das hipóteses más discutidas neste sentido é a de Roger Wright (1989), coa súa idea de atribución do “nacemento” das linguas románicas¹ á *creación* do latín medieval coa súa pronuncia inventada na época de Carlomagno e a expansión posterior dessa nova pronuncia, temporalmente non homoxénea nas diferentes rexións da Romania. Aínda que a explicación de Wright parece moi convincente no que se refire ao primeiro impulso e á aparición dos primeiros textos escritos en romance, é difícil explicar *toda* a emerxencia das linguas románicas, sobre todo a súa elaboración a partir do século XII e no século XIII, xurdindo dunha corrente cultural do século noveno. Xa Menéndez Pidal distinguira, para explicar os distintos fenómenos, dúas correntes diferentes que explicarían mellor o lapso de tempo tan longo entre os Xuramentos de Estrasburgo e a elaboración das linguas románicas a partir de finais do XII:

una que venía de los siglos antiguos y se extinguía en el curso de los primeros tercios del XI; otra que empezaba en el último tercio del XII y triunfaba con la adopción del lenguaje vulgar en el XIII. ¿Qué había ocurrido a fines del XI para detener la primera de estas dos corrientes? Pues la reforma cluniacense que restauró la latinidad y se alzó como barrera aisladora entre las dos direcciones reseñadas. Y ¿qué ocurrió a fines del siglo XII para iniciar la segunda corriente? Pues un movi-

1. Wright mesmo se opón á metáfora do “nacemento” dunha lingua.

miento general a toda la Romanía que llevaba a secularizar la cultura, y por tanto a entronizar el romance como lengua oficial ordinaria, dejando el latín solamente como supletorio para los actos más solemnes (Menéndez Pidal 1926: VIII).

1.1. *A primeira corrente: a reforma cluniacense e o principio de universalismo e particularismo*

A primeira destas dúas correntes correspondería entón á descrita por Roger Wright e afecta á “creación” do romance como lingua diferenciada do latín. Esta corrente tamén chega ao norte e ao occidente da Península Ibérica, e antes da súa chegada non habería conciencia de diferenciación de dúas linguas, senón unha especie de diglosia con dúas formas de lingua, a falada (os romances locais) e a escrita (o latín escrito local). En cada lugar falaríase a lingua do lugar, coa súa forma escrita correspondente, que sería un latín con máis ou menos influencia do romance, unha lingua escrita considerada como o código escrito da mesma lingua e pronunciada en cada lugar segundo o vernáculo local:

La conclusión es simple. En la España del Norte no catalana, hasta el siglo xi, existía en cada localidad su propia lengua vernácula. Esto fue todo (Wright 1989: 309).

A introdución do latín medieval coa súa pronuncia unificada, consecuencia do estudo das letras e do ensino de lectura dos textos segundo os costumes introducidos desde o outro lado dos Pireneos, repercute sobre o noroeste peninsular contra finais do século xi. Compostela, unha das cidades máis inmediatamente conectadas coas tendencias europeas, recibe a nova corrente cultural xa na época de Xelmírez:

A pocos años del Concilio de Burgos de 1080 se introdujo el estudio de las *litterae* en Santiago. El mismo Diego Gelmírez, nacido alrededor de 1069, “bonus adolescens fuit, eruditus literis in Eclesia B. Jacobi, & adultus in curia hujus Episcopi (Wright 1989: 330).

Wright destaca o papel importante de Santiago como centro cultural e de contactos e sospeita que Galicia pudo ser protagonista na creación dunha lingua escrita diferenciada da latina despois da reforma de lectura:

No sería en absoluto sorprendente descubrir que Galicia fue en efecto la primera parte de la Península Ibérica que trató de reproducir deliberadamente su lengua vernácula con una nueva técnica ortográfica. Santiago fue un centro en

el que se escuchaban muchas lenguas, y no cabe duda de que había allí personas que sabían escribir el occitano o el francés y podían haber dedicado su talento a la tarea de escribir en gallego (Wright 1989: 337).

As hipóteses de Wright convencen en varios aspectos, entre outros, pola confirmación da vella idea de que a creación das linguas románicas escritas é un efecto indirecto da reforma do latín. É dicir, que o momento de separación da pronunciación do latín da pronunciación vernácula é cando comeza a darse a necesidade de escribir a lingua local con outros medios, momento no que empezan a aparecer textos de escrita claramente identificable como vernácula. No inicio, como no caso das glosas emilianenses ou nos xuramentos de Estrasburgo, as funcións principais deses textos son ou ben ensinar o novo latín, ou parafrasealo, ou ben ofrecer unha especie de protocolo ou testemuño máis ou menos fiel do que se dixo oralmente². É dicir, que o maior universalismo do latín, a re-creación dunha lingua europea unificada é o que leva á reacción particularista nas diferentes rexións da Romanía.

Polo demais, convence a idea expresada por Wright de que a creación do romance escrito nada ten que ver coa ignorancia dos que escriben. Resulta evidente que se poetas como Berceo no século XIII confesan que escriben en romance porque non saben latín, isto é unha pura *captatio benevolentiae*, unha fórmula retórica que non se pode tomar ao pé da letra. Sabemos que Berceo estaba entre os máis cultos da súa época, que manexaba perfectamente os manuscritos latinos que lle serviron de fonte para o seu *roman paladino*, e sabemos incluso con bastante certeza que foi Magister e que estudara dereito no *Studium* de Palencia. O caso de Berceo é só un exemplo, pero é emblemático, xa que en xeral parece que a creación da escrita vernácula é obra ‘desde arriba’ e non ‘desde abaxo’, fenómeno observable tamén noutros casos de emancipación dunha lingua vernácula que adoita ser protagonizada, non polos que non coñecen a lingua anteriormente usada, senón polos que precisamente partindo dos seus coñecementos da lingua establecida son capaces da creación de algo novo³.

Pero aínda que xa se creara unha conciencia lingüística diferenciada como consecuencia das reformas introducidas polo Concilio de Burgos, parece que faltan factores para explicar dous feitos que van más alá da simple aparición do romance escrito: primeiro, o romance podería seguir restrinxido a unha existencia moi esporádica, como medio para achegar os lectores ao latín, e non tería porqué substituír o latín en ningún contexto; segundo, a

2 Cf. o coñecido traballo de Wunderli (1965).

3 Este principio é válido tamén para a creación da escrita galega no século XIX.

elaboración e a expansión dos romances peninsulares como fenómeno de grande envergadura non se produce ata polo menos un século máis tarde. Haberá que buscar, pois, outros factores para explicar a aparición de textos en romance a finais do século XII e a enorme producción escrita a partir do século XIII, demasiado distante do Concilio de Burgos como para poder explicarse como consecuencia de este. Aínda así, non nos parece necesario contradicir os factores aducidos para a aparición do vernáculo escrito xa que o que queremos engadir non é incompatible con eles.

1.2. A segunda corrente: o “Renacemento do século XII”

Parécenos, porén, fundamental sinalar algúns dos trazos correspondentes a unha segunda corrente, precisando o xa mencionado na pasaxe de Menéndez Pidal arriba citada. Entre a fase dunha primeira emergencia do romance como lingua diferenciada e a súa elaboración e expansión sitúase un movemento cultural europeo que cambia profundamente o mundo medieval, o movemento que Charles H. Haskins (1927) denominara xa hai tempo *The Renaissance of the Twelfth Century*. Este renacemento do século XII caracterízase por toda unha serie de factores. Non é monocausal como a explicación dada para a emergencia do romance senón que aparece como combinación de polo menos seis factores diferentes: 1) a creación de novos centros intelectuais; 2) a nova latinidade (é dicir, o factor dito para a primeira fase); 3) a crecente importancia da historiografía; 4) a crecente actividade tradutora; 5) un certo renacer de ideas clásicas no mundo xurídico, científico e filosófico e 6) o comezo de creación das universidades occidentais. O renacemento do século XII non se dá de forma sincrónica nas diferentes rexións xeográficas europeas, pero afecta a toda Europa occidental, o cal é explicable só se aceptamos unha serie de influxos compartidos que, aínda con lixeiras diverxencias temporais, afectarán tanto a Italia e Francia coma a Península Ibérica. Como veremos más adiante, cremos que un dos factores más claramente europeos con impacto sobre diferentes rexións é a evolución do dereito a partir da segunda metade do século XII, con consecuencias ao longo de todo o século XIII. Sen priorizar este factor por enriba dos demás, cabe destacar que está, ademais, relacionado cos outros cinco e que algúns deles derivan directamente del. O que aínda queda por explicar, se partimos do presuposto de que o Renacemento do século XII está marcado, a diferenza de posteriores renacementos, pola súa latinidade, é a relación deste renacemento e da evolución do dereito coa evolución das linguas romances, no noso caso dos romances peninsulares, en particular do galego. De novo teremos que argumentar coa vinculación entre universalismo e particularismo para poder explicar a relación entre un movemento que parece ter

máis ben carácter diverxente – a creación dos romances escritos elaborados medievais – con outro, de carácter converxente, o renacemento do dereito romano que desde a universidade italiana de Boloña afecta a toda Europa.

2. MUNDOS XURÍDICOS MEDIEVAIS

Ás veces atopamos na lingüística histórica, sobre todo en traballos baseados en grandes corpora⁴, diferenciacións entre distintos tipos textuais, con etiquetas como “literatura”, “prosa”, “poesía”, “textos científicos” e “textos xurídicos”. Sen entrar na discusión das outras etiquetas⁵, parécenos que falar dos “textos xurídicos” como se de algo homoxéneo e distintivo se tratase é empíricamente infundado, xa que os textos xurídicos, áinda que teñan unha función social que os identifique como tales, prescinden de características lingüísticas unitarias que permitan unha clasificación dese tipo. Con todo, parécenos posible, dentro do ámbito discursivo de textos que se ocupan da ordenación normativa da sociedade, identificar, na Idade Media peninsular, diferentes tipos textuais caracterizables mediante unha serie de elementos comúns. Conscientes de que se trata dunha selección e que áinda haberá outros textos, fundamentamos as observacións feitas en diferentes traballos dos últimos anos⁶ na distinción de tres tipos textuais fundamentais, a saber: as *fazañas* ou descripcións de casos xurídicos con carácter normativo (que é modelo para outros casos), baseado nun dereito que parte da experiencia concreta e da *consuetudo*; os *foros* ou normas xurídicas na tradición do dereito visigótico, ampliado ao longo da Reconquista con normas particulares adaptadas ás necesidades de cada rexión e ás esixencias dos poderes locais; e, por último, as normas correspondentes a un novo sistema xurídico que chegan á Península Ibérica a partir de finais do século XII e que son consecuencia da recepción do dereito romano na súa forma medieval, introducido desde Italia e con difusión por toda Europa dada a súa vinculación coa Igrexa.

As tres tradicións discursivas⁷ preséntanse de forma bastante diferenciada na Idade Media, e áinda que haxa formas de mestura entre elas, podemos

4. Tamén hai traballos que non distinguen en absoluto entre diferentes tipos de texto, xa que parten do presuposto de que a partir dunha certa cantidade de textos no corpus se pode prescindir desa distinción, postura criticada, entre outros, por Biber (1993). Para unha visión de conxunto recente de diferentes traballos de lingüística histórica de corpus véxase Pusch / Kabatek / Raible 2005.

5. Parece que teñen pouco valor lingüístico denominacións como “literatura” ou “poesía” xa que detrás delas se poden atopar praticamente todos os tipos de variación textual escrita.

6. Sobre todo en Kabatek (2005a); cf. tamén Kabatek (2001, 2004a, 2004b, 2005b).

7. Véxase, para este concepto, Kabatek (2005b).

identificar exemplos prototípicos. Corresponden as tres a mundos xurídicos diferentes e claramente identificables incluso desde a perspectiva actual.

A nosa argumentación principal, defendida nunha serie de traballos nos últimos anos, é a de que os textos que corresponden á terceira tradición discursiva son expresión dunha corrente cultural que remexe a paisaxe textual e lingüística medieval de tal forma que se vai creando nun novo mundo de saber con novos centros, provocando a separación de distintos ámbitos de coñecemento e fomentando a creación dunha prosa románica elaborada, grande innovación de finais do século XII ou do século XIII, segundo as rexións.

3. O DEREITO ROMANO: BOLOÑA

¿Cal é esa corrente nova e de onde parte? A Idade Media caracterízase, no aspecto xurídico, por unha continuidade do dereito romano que sobrevive en distinto grao segundo as rexións e segundo os centros que manteñen a súa difusión. Con todo, na maior parte de Europa, o que se mantén non é o dereito romano “clásico” na súa máxima elaboración lograda en Constanti-nópola baixo o emperador Xustiniano. É, en cambio, o chamado dereito “vulgarizado”: en España, o dereito visigótico do *Forum Iudicum* ou *Liber Iudiciorum*, o que tamén é coñecido polas traducións romances a partir do século XIII como *Fuero Juzgo* ou, no caso da versión asturiana, como *Fuero Xulgu*. Os visigodos, lingüisticamente case romanizados de todo nos tempos da súa conquista da Península Ibérica, tiñan tamén un dereito fundamentalmente romano, con algúns elementos xermánicos. A carón deste dereito existen antigos costumes ou *fazañas*, en parte posiblemente prerromanas, que se mesturan co dereito consuetudinario visigodo. Todo isto parece ser suficiente para a organización xurídica do mundo da Reconquista, pero no século XII ten lugar a difusión por toda Europa dun novo tipo de dereito, baseado no sistema xurídico xustiniano e no que máis tarde se chamaría o *Corpus Iuris Civilis*, a máxima e máis elaborada codificación coñecida, e que se compón do *Codex Iuris Civilis*, diferentes textos engadidos como as *Novellae*, textos didácticos coma as *Institutiones* e os *Dixestos* ou *Pandectae*, a más completa e complexa expresión do tratamento científico do dereito dos romanos.

Hai unha longa discusión sobre se ese dereito romano ten ou non continuidade desde os tempos romanos e se os Dixestos se coñecían ou non antes da fundación da chamada Escola de Boloña, pero o certo é que, aínda que se coñeceran, houbo que esperar ata a creación dese centro de estudo xurídico en Italia para que volvese haber unha auténtica preocupación polos textos clá-


sicos e polo tratamento científico dos textos xurídicos. Ademais, na escola dos Glosadores de Boloña combínase a materia xurídica antiga cos principios medievais escolásticos do tratamento dialéctico dos textos e o seu ensino segundo unha orde de presentación que segue os principios da retórica. A Escola de Boloña é coñecida en primeiro lugar polo seu labor en dereito civil, pero Boloña tamén é o centro do estudo do dereito canónico, de contido diferente, pero de tratamiento textual semellante exercido a miúdo polas mesmas persoas, coñecedoras de ambos os dous dereitos. Sen o nexo co dereito canónico e a grande codificación do Decreto de Graciano de mediados do século XII, é cuestionable que o dereito romano tivese a difusión rápida que tivo a partir da segunda metade dese século en Europa. Pódese observar, nesa época, unha crecente importancia de Boloña como lugar de estudo de cregos de alto rango, tendo como efecto posterior que moitos dos bispos de finais do XII e do XIII teñan como lazo común o estudo en Boloña, lugar de grande coherencia europea e de creación dunha nova casta de “sabios”, de coñecedores dos textos antigos, de persoas que comparten un saber común, unha metodoloxía de tratamiento de materias e regras de presentación dos textos correspondentes. O dereito canónico é a canle que abre a difusión desa innovación, unida á do dereito civil e apoiada polo poder central de Roma.

Agora ben, todo isto non ten, nun inicio, repercuśóns sobre as linguas romances: trátase dun fenómeno de recepción de textos latinos a través de Europa, textos clásicos do dereito xustinianeo dos que temos constancia nas bibliotecas das catedrais desde finais do século XII. E ademais de copias desses textos do *Corpus Iuris*, van aparecendo resumos do seu contido, escritos igualmente en latín pero cunha redución de complexidade e de tamaño con respecto aos seus modelos. Estas sumas latinas, coma a *Summa trecentis*, a *Summa rogerii*, o *Liber tubingensis*, teñen a súa orixe en parte no sur de Francia, e en parte tamén na Península Ibérica, como as *Summulae* latinas de Hugolino de Sesso, procedentes de Palencia a finais do século XII e testemuñas da presenza do dereito canónico boloñés en Palencia, antes da fundación da primeira universidade (cf. Martínez 1991, Iglesia Ferreirós 1998).

Todo isto aínda permanece sen consecuencias sobre as linguas románicas ata que aparece, no sur de Francia e aínda na segunda metade do século XII, unha suma de dereito romano baseada sobre todo na *Summa trecentis* pero enteiramente escrita en occitano: a suma chamada *Lo codi* (1906, 1974, 1984; cf. tamén Kabatek 2000). Sábese que *Lo codi* é unha redacción orixinal, non unha tradución do latín (senón todo o contrario, xa que existe unha tradución do texto romance ao latín). Un libro sorprendente polo seu alto grao de elaboración e a súa extensión en nove libros, impresionante fito nunha lingua na que as tradicións discursivas correspondentes non existen, aínda que haxa unha ben establecida tradición de redactar documentos xurí-

dicos en romance occitano xa un século antes que na Península Ibérica (cf. www.kabatek.de/codi).

Lo codi ten unha gran difusión europea mediante traducións, enteiras ou parciais, ou mediante a inserción de elementos procedentes desta suma noutras textos. O seguinte esquema mostra algúns dos lugares onde aparecen manuscritos, traducións ou fragmentos de *Lo codi* ou textos dos que é modelo:



En canto ás características fundamentais do texto, *Lo codi* preséntase como unha amálgama entre a tradición das cartas xurídicas provenzais e as sumas latinas de dereito romano. Se compararmos os seguintes dous fragmentos, vemos o parentesco de certas pasaxes de *Lo codi* con documentos xurídicos como xa se coñecen en Provenza en romance desde algúns tempo antes:

(5) «Conoguda causa sia als presens e als devenidores qu'en Guillem de Brugueira a donat per amor de Deu e de redempcio de sos pecaz, de si e de sos parens, e per l'arma de som para e de sa mara e de rensog de lors pecaz, la tota sa part del deimo de la glisa de Diupantala a Diu e a santa Maria e al bonurad santi Joannis e l'hospital de Jherusalem e a n'Escafre que es seiner e commandor de la mason de Fronton que receup lo do per si e per l'hospital de Frontom e pels autres fraires de l'hospital, pels presens e pels endiveniders senes retenguda que ang Gill. de Brugueira no i fe de re e la tota sa part del deime, e doned tata aqo que avia a far al bosc Brugareng e doned la terra de Glisiolas» (*Don par Guibem de Bruguières à l'hôpital Saint-Jean de Jérusalem*, Brunel, Nr. 65, Toulousain 1151).

«... mas cum zo es causa que las causas del mun, si cum sunt terras e uignas e maisos ed otras causas mundanas, sunt obs a gleisas e ad hospitals e ad altres locs honorables, bes es que nos digam de las causas de las gleisas e de ls autres locs uenerables» (Codi A I. 2. 1).

Con respecto aos seus modelos latinos, *Lo codi* modifica a maneira de presentación dos feitos, introducindo elementos que parecen derivar da práctica

do traballo co texto e do ensino; en moitos aspectos, a sintaxe latina é simplificada; os termos xurídicos son parafraseados con palabras cotiás, como no seguinte exemplo de comparación dunha pasaxe que deriva da *Suma trecensis*, modificándoa:

Summa Trecensis (III, VI; ed. Fitting 1894
[*Summa Codicis des Irnereus*])

De iurisdictione et ubi iudicia peragenda sunt.

Apud eum qui iurisdictioni preest iudicia expedienda sunt

Possessionis causa ibi agitanda est, ubi possessio turbata est

Relicta ibi petenda sunt, ubi hereditas relictas est, uel ubi maior pars hereditatis, uel ubi est res ipsa que relicta est.

Lo codi (III, XII; ed. Derrer 1974)

aici ditz en cal log deu om metre autre em plaig

pois que nos auem dit de-ls iutgues ed en cal mesura deuunt li iutgues donar iudicias, ara digam devant cals personas deuunt esser faig li plaig. Li plaig deuunt esser faig davant aquellas personas que ant iurisdiccion, zo es poestat

si es plaiz de possessios, davant aquill iutgue deu esser fait lo plaitz en cui poder es la tene-dons.

si eu li deman auer o outra causa que eu diga que alcuns om me donet a sa mort, aqui deu esser lo plaiz tenduz un es la heretaz de-l defunc o la maier parz de la heretat, o aqui on es la causa qui es demandada.

Na Península Ibérica, o texto está presente en diferentes formas: a suma catalá dos *Costums de Tortosa* contén elementos de *Lo codi*, e existe unha tradución ao castelán do texto enteiro, conservada en dous manuscritos na Biblioteca Nacional de Madrid⁸. A diferenza do mediodía francés, a existencia de textos romances de dereito romano é posterior na Península Ibérica, datando os primeiros da época de Fernando III ou xa de Alfonso X. Non sabemos en que medida *Lo codi* serviu de modelo para a creación das sumas do mestre Xacobe das Leis, precursor no romanceamento do dereito romano en Castela, como as *Flores del derecho*, o *Dotrinal* ou a *Suma de los nueve tiempos de los pleitos* (cf. de Ureña y Senjaud / Bonilla y San Martín 1924, Meréa 1916-1917, Roudil 1985, 2000, 2002, 2003). Pero podemos supoñer que tivo unha certa presenza, como veremos máis abaixo no caso do *Fuero real* afonsí.

Resumindo, podemos afirmar que a recepción do dereito romano é, na súa primeira fase, un fenómeno de certos círculos da igrexa desenvolvido en latín, pero que pronto, comezando no sur de Francia, aparecen os primeiros textos en romance que son testemuños desa recepción, textos que na Península Ibérica preparan a grande codificación afonsí, xa que son os primeiros

8 Cf. *Lo codi en castellano...* e www.kabatek.de/codi

en crear modelos textuais, tradicións discursivas novas dun dereito elaborado presentado en romance. Estes textos non corresponden á necesidade dos que os escriben, non son produtos da ignorancia ou do descoñecemento do latín, ao contrario: son textos escritos polo sector máis culto da sociedade coa finalidade de difusión do dereito novo tamén entre persoas que non comparten o saber dos estudos de Boloña: notarios, nobres locais, persoas que necesitan coñecer ese dereito sen seren expertos no seu tratamento científico.

Desde Boloña introducícese, pois, unha nova corrente de saber que leva a unha separación entre dereito científico e dereito aplicado, e esta nova separación de niveis busca o seu reflexo nas linguas respectivas: o latín de Boloña fronte ás linguas romances de cada lugar.

4. GALICIA E PORTUGAL ANTE A CHEGADA DO DEREITO ROMANO: A PRIMEIRA FASE

Se agora nos preguntamos pola relación destas correntes con Galicia e con Portugal, podemos distinguir dúas fases diferenciadas. Na primeira, en Galicia está presente o dereito romano chegado desde Boloña mediante textos latinos. Parece que nesta primeira fase Galicia e Portugal son lugares de recepción temperá, de contacto relativamente estreito e inmediato con Italia (cf. Costa 1957, García y García 1956, 1976). Temos algúns testemuños da presenza de textos xustinianos en Portugal a finais do século XII, como o seguinte anaco dun testamento:

«Mando Portucalensi ecclesiae decreta mea et institutiones et autenticam et novellam sicut sunt in uno volumine et summam decretorum et institutionum et codicis siti in alio volumine [...]; Mando Bracharensi ecclesiae codicem meum et digestum vetus et novum in tres partes cum isforciato et psalterium glossatum» (*apud* Caetano 1985: 339s.)

No chamado *Liber de Tubinga*, unha suma de importante difusión probablemente procedente do sur de Francia, atopamos a seguinte alusión a Santiago, aínda que non moi amable cos cóengos de Compostela:

Confundat deus omnes Compostellanos canonicos insimul et unumquemque per se bendicat. (Ms. Mc 14 Biblioteca de Tubinga, 102v, circa 1200)

Parece que Santiago foi un dos centros importantes de recepción do novo dereito, como tamén sospeita Roger Wright na pasaxe antes citada. E é pro-

bable que, dada a importancia de Compostela como lugar de peregrinación e polos contactos mantidos tanto co sur de Francia coma con Italia, a presenza do dereito romano fose máis ben culta e ligada particularmente aos textos clásicos romanos, como tamén é o caso de Italia. Por isto, a segunda fase da recepción, a da creación de textos elaborados en romance, é más tardía, e non leva a creacións inmediatas locais senón á introdución de textos romances de fóra; é dicir, que, coma en Italia, a tardanza na elaboración dos romances escritos sería maior pola mellor compatibilidade dos textos latinos da recepción romana cos coñecementos da intelectualidade local.

5. A SEGUNDA FASE: CASTELA, O DEREITO ROMANO, PORTUGAL E GALICIA

Haberá que agardar máis de medio século para que aparezan, en Galicia e Portugal, textos desa segunda fase de recepción, textos de dereito romano escritos en romance e con carácter de resumos dos textos clásicos. Teñen particular importancia para a preparación do terreo da recepción en Portugal as traducións dos textos do Mestre Jacobo, el mesmo probablemente de procedencia italiana, e como instrutor de Afonso o Sabio, de crucial significado para a codificación afonsí. Como afirma Nuno Espinosa Gomes da Silva (1991: 205):

Essas obras serán veículos de introdução do romanismo no nosso país. Em primeiro lugar, acham-se escritas em idioma que facilita a sua directa consulta ou tradução; em segundo lugar, são resumos ou sínteses de soluções justinianeas; em terceiro lugar, têm essas obras, relativamente, em atenção, o ambiente hispânico.

A segunda fase, a da elaboración en romance, é preparada na Provenza e chega despois a Cataluña, a Aragón e a Castela producindo textos orixinais de dereito romano nos diferentes vernáculos. O maior impacto desa tendencia dáse no centro, onde a codificación afonsí combina os textos de recepción da materia xurídica romana con elementos locais e constrúe un edificio xurídico que substitúe a tradición de Xustiniano pola afonsí, con numerosas alusións a Xustiniano na propia concepción do rei sabio. A importancia política de Castela fai que os textos afonsís aparezan en forma de traducións noutras rexións da Península Ibérica, coma o Foro Real portugués ou os fragmentos dos textos afonsís galegos editados por José Luis Pensado (1974-1975). Son probas da presenza do dereito afonsí no noroeste e dunha certa vontade ou incluso necesidade de adaptación ao romance local.

Pero non queremos acabar esta breve exposición sen mencionar outra relación do dereito romano con Galicia, unha relación que une, ademais, todo o descrito ata aquí e dá mostra de que as múltiples relacións que esboza-

mos non se perciben só desde a distancia senón que están presentes na propia Idade Media.

Na Biblioteca Nacional de Madrid hai un valioso manuscrito para a historia da recepción do dereito romano na Península Ibérica: o ms. 710 que contén o *Fuero real* afonsí nunha versión con numerosas glosas (cf. Pérez Martín 1984). Estas glosas relacionan o *Fuero real* con outros textos xurídicos coma as *Partidas* e o *Ordenamento de Alcalá*, o cal as sitúa xa ben entrado o século XIV. Pero tamén establecen lazos entre o Fuero afonsí e as súas posibles fontes, coma o *Fuero Juzgo* (o “libro de León”) e tamén *Lo codi*. Hai unha edición dasas glosas de principios dos anos 50, en cuxa introdución Joaquín Cerdá sospeita que *Lo codi* pudo ser unha das fontes do *Fuero real*:

Las glosas nos sirven para el estudio de la formación del Fuero Real y de su autor. Así podemos apreciar cómo determinadas leyes tienen su base en el Fuero Juzgo. También se podría llegar a concretar la influencia romana. ¿No se utilizaría en su redacción ‘Lo Codi’? (Cerdá, 1951-52: 730)

Agora ben, ollando ben o manuscrito da BN, vemos que este parece realmente ter a función de indicador de fontes ou de textos relevantes para as diferentes pasaxes do *Fuero real*. Chama a atención que ademais das glosas incorporadas no texto xeral, hai un segundo tipo de glosas engadidas interlineais ou marxinais cunha función de metatexto orientador da lectura do manuscrito, e esas segundas glosas, das que transcribimos algunhas deseguido, son claramente galegas:

lugar	texto
1 r 2 marxe dereita	[varias glosas deterioradas] este e o foro das leys
2 v 2 marxe dereita	uayte a o testo con sua grossa titolo iii liuro segundo destes iiiii liuros
57v 1 marxe dereita	Como nenhuna cousa del Rey ou da iglesia non se perde por tempo amenos de cento anos
59 v 1 marxe esquerda	muyto he boa grossa
69 r 1 marxe esquerda	titollo xiii dos pleitos acabados que non sean mays demandados
73 v 2 marxe esquerda	como se poden alcar asy de grande demanda como de pequena
82 r 2 marxe dereita	ley clara de quanta parte pode auer a moller das arras do mariodo finado se do marido fican fillos legitimos
113 v marxe inferior	En vostro loco so reuerençia em tendo esta ley con sua grossa em esta guisa et digo que os bees que o vendedor vende que lle ueeron da parte do padre o do auoo; o parente mays chegado pode recobrar et que non ha lugar esta recobraçon en no que o uendedore uendeu da lina de traueso

179 v 1 marxe inferior	Et entende <i>que</i> o liuro <i>que</i> a grossa diz dos castelanos <i>que</i> he o liuro de leon et <i>non</i> cates outro por nome de castelanos
83 v rubr.	do <i>que</i> gana el marido e la moler
83 v 1 marxe esquerda	do <i>que</i> gana el marido et lla muger
90 r 2 marxe dereita	<i>non</i> foron os testigos chamados nen rrrogados
159r 2 marxe esquerda	da fe catolica con sua grossa
165 r 2 marxe dereita	concorda esta ley con outra semelant de alcala
205v marxe inferior	requiere setena partida <i>título</i> iii et alcala de fenares <i>que</i> he ordinamento rayal et os outros foros et ordinamentos
	Este he o titulo xxi et cata requiere estas leys desuso enas leys et foros et ordinamentos ca foy erro do escriuan <i>que</i> este titolo xxi <i>aquí</i> non poso
206r marxe superior rubr.	Do fillo ou filla porfillado
209r 2	Finito liuro a dios muitas <i>graças</i> . Vaasco Lourenço de Tuy.


Só unha parte dasas glosas gallegas están transcritas na edición de Cerdá, e áinda que este fale, na introdución á súa edición, de elementos gallegos no manuscrito, é sorprendente que na edición non atopemos transcritos sistematicamente e de forma fiel ao orixinal os elementos claramente gallegos. Na seguinte táboa vemos, na columna esquerda, algunas das lecturas de Cerdá fronte ás nosas propias, claramente diferentes e claramente “máis gallegas”:

Cerdá 1951-52: 830/831 (f 44r)	jk
esta glosa de estas cruces que dize nota a de entrar en otra cruz que está adelante de estas tres	esta glosa destas cruces <i>que</i> dize nota a de entrar en <i>otra</i> cruz <i>que</i> está adelante destas tres
De la primera cruz un diz nota, vente a esta et acaba desta cruz ata un diz rebeldes e tornate a la primera cruz e asy acabaras a grossa, porque foy error de escribanos.	Da <i>primeira</i> cruz hu diz nota uent a esta et acaba desta cruz ata hu diz rebeldes <i>et tornate</i> aa <i>primeyra</i> cruz hu começa nota et ven ata esta cruz <i>et</i> asy acabaras a grossa, por <i>que</i> foy error de <i>escriba</i> .
et tornate a la primera cruz hu diz nota e acaba hu diz <i>segund</i> o foro daquella terra et acabase una postrimera cruz, et comenza logo esta ley qui diz: sy el alcayde por querella de algund	et tornate aa <i>primeira</i> cruz hu diz nota <i>et</i> acaba hu diz <i>segundo</i> o foro daquella terra et acabase una postrimeyra † et comenza logo esta ley <i>qui</i> diz: sy el alcayde por querella de alguno
(f 51r)	
delloz heredeiros	delloz herdeyros
(f 209r 1)	
Con esta ley concorda el Ordinamiento Dalcala, en el postrimero caderno, ley LXIX, etcétera	<i>con</i> esta ley concorda o ordinamento dalcala <i>en</i> no postrimeiro caderno ley lxix <i>et cetera</i>

A tendencia clara é a de modificar a transcripción con efecto castelanizante do texto, ou por ignorancia das formas galegas ou porque se pensa que este se debe “normalizar”. O resultado son algunas pasaxes híbridas entre galego e castelán na transcripción, volvéndose o texto de Cerdá ás veces incomprensible, como cando transcribe *De la primera cruz un diz nota* onde o texto di claramente *Da primeira cruz bu diz nota*: o lector podería entender mal o galego *u* (<UBI) e interpretalo como artigo indefinido, o que carecería de sentido nese contexto. As glosas galegas conteñen castelanismos, pero case sempre estes castelanismos son explicables pola presenza inmediata do texto castelán ao lado. Alén diso, parecen ser textos completamente galegos que dan proba da utilización dese valioso manuscrito por galegos e probablemente en Galicia, e mais da personalidade do glosador galego, que mediante os seus comentarios comenta as glosas en castelán que dan as fontes do texto, orientando o lector e valorando o contido das glosas primarias, como no comentario que escollemos como título do presente traballo: “muyto he boa grossa”. Algunhas das glosas marxinais están actualmente bastante deterioradas, pero valería a pena intentar transcribir na medida do posible todas elas. Tamén habería que ver se existe algunha noticia sobre a identidade da persoa que escribiu estas glosas e que asina no final:

Finito liuro a dios muitas graças. Vaasco Lourenço de Tuy.

Habería que indagar se dalgún xeito o galego de Vasco Lourenzo de Tui é relacionable coas traducións galegas de textos xurídicos afonsís ou con outros produtos da escritura culta galega medieval.



Ms BN 710, 44r

6. CONCLUSIÓN

Podemos dicir, pois, que o dereito romano chega a Galicia a través de dúas correntes: unha primeira, inmediata e latina, desde finais do século XII, e unha segunda e romance, a partir da segunda metade do século XIII. Mientras en Castela e Cataluña, o efecto indirecto da primeira é a creación de textos en romance, en Galicia mantense, na primeira fase, a latinidade. A romanidade elaborada chega de forma indirecta, desde Castela, con traducións de textos casteláns e comentarios galegos a manuscritos escritos en castelán, como as glosas de Vasco Lourenzo de Tui que presentamos neste traballo. Polo que parece no actual estado da cuestión, Galicia parece máis semellante a Italia, coa súa longa tradición latina no ámbito da escrita elaborada, que ao sur de Francia, Castela ou Cataluña.

En todo caso, o que acabamos de esbozar son unicamente uns bosquejos que habería que afondar moito. Sabemos da relación directa con Boloña, por exemplo no caso de persoas como Bernardus Compostellanus e doutros; sabemos tamén que en certos documentos de compravenda ou noutrous documentos xurídicos galegos aparecen elementos que indican coñecementos de dereito romano; coñecemos algúns fragmentos de textos que

son traducións de textos afonsís baseados nese dereito, pero carecemos dun estudo sistemático das conexións coas dúas correntes boloñesas e das súas consecuencias para a escrita vernácula. Outras situacións estudiadas nese sentido como a do sur de Francia ou a de Castela xustificarían dedicarse de maneira detallada a esas cuestións. Esperamos ter mostrado que tal empresa pagaría a pena.

GALICIA NOS SÉCULOS XII-XIII: ASPECTOS XERAIS

José M. Andrade Cernadas

Universidade de Santiago

Cómpre comenzar esta achega á situación xeral de Galicia nos séculos xii e xiii facendo unha pequena lembranza da situación das fontes históricas. O primeiro feito relevante é que o número dos documentos se vai multiplicar dun xeito moi notable. Segundo os datos ofrecidos polo *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval* (Pallares / Portela 1988a)¹, a documentación dos séculos x e xi non chega, conxuntamente, ao 2,5% do total no conxunto do período medieval. Pero a porcentaxe do século xii vaise case ao 6%, mentres que a do xiii se ergue ata preto dun 20%.

PORCENTAXE POR SÉCULOS DOS DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS

SÉCULO VIII	0,004%
SÉCULO IX	0,19%
SÉCULO X	1,04%
SÉCULO XI	1,23%
SÉCULO XII	5,76%
SÉCULO XIII	19,17%
SÉCULO XIV	22,39%
SÉCULO XV	50,17%

Se tomamos como referencia as coleccións documentais dalgúns mosteiros galegos de antiga fundación podemos ver máis polo miúdo a evolución do número dos documentos.

1. É posible que algúns dos datos deste inventario necesiten unha revisión actual. Ténase en conta que, dende a data da súa publicación ata hoxe, o volume de fontes documentais publicadas aumentou de xeito espectacular. De todos os xeitos, segue a ser a mellor contribución existente para ter unha imaxe xeral das fontes documentais medievais e, por outra banda, as posibles modificacións ou correccións parciais que se lle puidesen fazer non parece que alterasen a validez global da realidade exposta.

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE DOCUMENTOS NAS COLECCIONES DOCUMENTAIS DALGÜNS MOSTEIROS FUNDADOS ANTES DO SÉCULO XI

MOSTEIRO	S. VIII	S. IX	S. X	S. XI	S. XII	S. XIII
Antealtares	—	—	3	2	12	5
Samos	1	8	55	126	55	106
Pombeiro	—	—	3	1	10	13
Ferreira de Pantón	—	—	1	3	6	18
S. Clodio	—	—	1	1	9	251
Ramirás	—	—	—	2	4	247
Pinario	—	1	11	7	50	99
Celanova	—	12	220	277	72	23

Pero neste período agroman novas formas de vida monástica que se asentan na realidade galega con gran pulo, o que ten o seu reflexo nunha rápida e cobizada floración documental. Estoume a referir principalmente aos mosteiros cistercienses que aparecen en Galicia a partir de 1142, ano en que o vello mosteiro familiar de Sobrado é entregado a doce monxes chegados de Claraval (Pallares 1979, Portela 1981)

NÚMERO DE DOCUMENTOS DE OSEIRA E SOBRADO DENDO A SÚA ANEXIÓN AO CÍSTER

MOSTEIRO	S. XII	S. XIII
Oseira	46 (en 16 anos)	1196
Sobrado	426 (en 58 anos)	611

Outra boa proba da vitalidade documental destes séculos téмолa no feito de que unha parte importante da documentación antes sinalada aparece transcrita nunha longa e salientable serie de tombos ou cartularios monásticos, elaborados, a maioría deles, ao longo do século XIII. Así, por exemplo, o tombo de Samos foi feito no primeiro cuarto do século XII (Lucas 1986). Os, polo menos, tres proxectos cartoriais que parecen coexistir no actual tombo de Celanova, escribíronse entre finais do século XII e comezos do XIII (Andrade 1995). Os tombos de Sobrado foron transcritos a mediados do XIII (Loscertales 1976). O fermoso tombo de Toxosoutos rematouse nos anos finais do século (Pérez Rodríguez 2004). Por último, os tombos de Caaveiro (Fernández de Viana / de Pablos Ramírez / González Balasch 1996-1997) e Lourenzá (Rodríguez González / Rey Caña 1992) foron transcritos tamén no XIII áinda que teñen engadidos posteriores.

Cómpre sinalar tamén que dende os 1220-1230 os mendicantes comezan a asentarse na maioría das vilas galegas (García Oro 2006). Botarán fortes raiceiras nas sociedades urbanas, como é ben sabido, e iso tivo tamén o seu reflexo documental, áinda que, polo momento, non hai un estudo definitivo sobre esta documentación, o que nos impide ofrecer ningún tipo de achegamento cuantitativo.

Para rematar, no tocante á cantidade dos diplomas, temos que facer unha mínima referencia aos documentos das catedrais. Como logo diremos, esta é unha etapa de forte consolidación do poder episcopal e, de xeito especial, do protagonismo dos arcebispos de Compostela. Tomando só como referencia orientadora os tombos A e B do arquivo catedralicio compostelán (Lucas 1998, González Balasch 2004) malia o seu carácter e contido tan disinto, podemos ofrecer as seguintes cifras.

DOCUMENTOS POR SÉCULOS DOS TOMBOS "A" E "B" DO ARQUIVO CATEDRALICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	S. IX	S. X	S. XI	S. XII	S. XIII
Tombo A	19	39	23	61	21
Tombo B	1	2	1	84	185
Total	20	41	24	145	206

No campo da producción escrita latina de carácter relixioso, estes séculos ofrecen unha importante serie de textos que enriquecen as pescudas dos medievalistas. A enciclopedia xacobea que é o *Liber Sancti Iacobi* (Moralejo / Torres / Feo 1951[2004]), e a magna biografía de Xelmírez que é a *Historia Compostelana (HC)* non son os únicos testemuños desta época dourada, malia ser os mellor coñecidos. Convén recordar que, entre outros, o *Cronicón Iriense* (García Álvarez 1963) ou a *Vida e Miragres de San Rosendo* (Díaz y Díaz *et alii* 1990) foron obras tamén redactadas nestas datas. Os textos dos sínodes, que comezan a reunirse con certa periodicidade e regularidade a partir de 1215 (García y García 1981), forman parte deste *corpus* documental.

Sería un atrevemento pola miña parte glosar a riquísima literatura galega medieval de carácter profano que vai agromando nestes séculos. Pero é obvio que estamos a falar dunha fonte que tamén pode e debe ser tratada polos historiadores, xa que nela atopamos informacións sobre aspectos da vida cotiá, das mentalidades e costumes que adoitan quedar agochadas na documentación histórica da que antes falamos. Non quixera rematar esta introdución sen gabar o labor que se está a facer dende o mundo da filoloxía galega, sinaladamente da propia Facultade de Filoloxía, do Instituto da Lingua Galega e dende o Centro Ramón Piñeiro, a prol dun mellor coñecemento e difusión da literatura e das fontes documentais en galego medieval que tanto están a ilustrar os historiadores sociais na nosa andaina investigadora. Por exemplo, un instrumento como o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)* ofrece un amplo abano de posibilidades para os medievalistas dun gran valor.

Entrando xa de cheo na análise da sociedade galega dos séculos XII e XIII, temos que deternos, en primeiro lugar, nas estruturas fundamentais desa so-

ciedade. A paisaxe agrícola e a organización social do espazo acadan neste período o que vai ser a súa configuración secular case ata os nosos días. É certo que, estudiando detidamente a rica documentación do século x, podemos ver que, no fundamental, ese proceso está xa praticamente rematado nesas datas, senón antes. Os traballos, entre outros de Portela e Pallares, teñen demostrado que a continuidade é, no tocante á organización social do espazo, o dato máis substantivo (Portela 1995, Pallares / Portela 1997). Os achegamentos máis próximos á arqueoloxía e cun manexo estatístico das fontes conclúen dun xeito moi parello (Sánchez Pardo 2006). Malia isto non é menos certo que é a partir do século xii cando, por exemplo, a parroquia, célula fundamental da organización do espazo e da convivencia social, chega ao fin no seu proceso de conversión histórica (Fariña Jamardo 1996) desde as vellas *parrochiae* do século vi que coñecemos polo Parroquial Suevo e que acaban converténdose nos arciprestados (López Alsina 1988a, 1999a).

No tocante ao espazo, o feito máis sinalado destes séculos foi o que poderíamos chamar a definitiva reconquista das áreas costeiras. Na Alta Idade Media a zona litoral víase como un territorio cheo de problemas e no que, polo que sabemos, sen estar nin moito menos despoboados debemos supoñer que presentaría uns índices demográficos baixos en comparación coa Galicia interior. Unha proba desta escora da poboación galega cara ao interior témola no feito de que a case totalidade dos mosteiros fundados dende o século x están asentados terra dentro, e o mesmo pasa coas cidades. Pero desta volta as costas galegas volven ser visitadas por mariñeiros chegados doutras latitudes, fúndanse, como logo diremos, vilas e cidades xunto ao mar e, por último, a agricultura chega tamén ás nosas ribeiras.

Dende o punto de vista da agricultura, o feito fundamental é a continua ampliación da terra cultivable ata, polo menos, o último terzo do século xiii. O dinamismo do campesiñado, o crecemento demográfico e, más serodiamente, as presións dos axentes señoriais son algunas das claves esenciais para comprender este proceso de longa duración pero que acada o seu clímax histórico nos séculos que estamos a estudar. Un dos cultivos más valorados é o da vide. Fórmanse neste período zonas cunha producción vinícola de certa calidade e alta rendibilidade *vel* aí o caso do Ribeiro (Deaño Gamallo 2004),— pero tamén se trata dun cultivo que se espalla por todos os territorios de Galicia, aínda por aqueles menos aptos para o seu desenvolvemento. De feito, o viño é o produto máis vendido cara ao exterior polos mareas galegos (Ferreira Priegue 1988). Outro dos cultivos fundamentais do agro galego medieval era o dos cereais panificables. Neste caso, malia que o trigo é o máis cobizado e o cereal dun maior valor de mercado, comprobamos a existencia dunha gran capacidade de adaptación dos señores e o campesiñado dependente para cultivar aqueles cereais que teñan máis posibili-

dades de ser rendibles en cada tipo de terra. Por iso hai zonas de producción preferente de centeo, outras de cebada, millo miúdo e outros.

Dende o punto de vista da tecnoloxía aplicada á agricultura non atopamos grandes avances. Só se detecta un maior emprego do ferro na confeción dos apeiros de labranza, a crecente difusión dos muíños, ben documentados xa dende o século x, e, en casos puntuais, a existencia de arados complexos como os *avessadoyros* que ten Sobrado no século XIII (Pallares 1979).

Verbo das formas da explotación da terra, vaise consolidando un prioritario modelo de explotación indirecta baseado no traballo dun campesiñado non propietario sobre terras de titularidade señorial. A maioría das terras posuídas polos vellos mosteiros e catedrais xa foran tradicionalmente explotadas dun xeito parecido a este. É dicir, a reserva a parte das terras explotadas dun xeito directo polos grandes propietarios— destas institucións non parece que fose moi importante. A chegada dos cistercienses achegou, temporalmente, un novo xeito de entender o traballo agrícola. Os monxes brancos, animados polo espírito ascético de San Bernardo e pola súa lectura rigorosa da *Regula Benedicti*, arrincaron a súa presenza en Galicia traballando eles mesmos as súas terras. Pero esa opción, tal e como demostrou Ermelindo Portela no seu traballo sobre o Císter en Galicia, só durou un século, de tal xeito que cara ao ano 1250 a maioría das terras en mans dos cistercienses eran explotadas polo campesiñado deles dependente (Portela 1981).

O vehículo fundamental desa relación entre os señores, sinaladamente os monásticos e episcopais e o campesiñado foron os contratos de tipo enfitéutico e, de xeito principal, o foro. Tal e como estudiou M^a Luz Ríos, o momento decisivo na formación do foro sitúase entre os anos finais do século XII e comezos do XIII (Ríos Rodríguez 1993). Para a citada medievalista hai tres factores explicativos no xurdimento desta fórmula, esencial para a comprensión histórica da realidade galega.

A convxuntura expansiva desta época, tanto demográfica coma economicamente.

Theta feito de que, sobre todo as grandes institucións eclesiásticas, tivesen acumulada unha enorme cantidade de propiedades territoriais, o que propiciou a existencia dunha masa de bens susceptibles de seren postos en explotación indirecta.

Por último, as aspiracións dos grupos campesiños, claramente maioritarios na sociedade destas datas, de facer valer a súa forza de traballo e os seus dereitos sobre as terras que explotan (Ríos Rodríguez 1993).

De todos os xeitos convén facer dúas matizacóns antes de abandonar as referencias sobre os foros. A primeira é que os foros non tiveron a mesma importancia, nin aparecen nas mesmas datas, en todos os casos que poden

ser estudiados. A propia Ríos ten advertido que, por exemplo, na interesante documentación de Caaveiro non hai nin unha soa carta foral no período que vai dende o século XII ao XIV (Ríos Rodríguez 1993). A segunda levaranos polos vieiros da análise da sociedade en si mesma. Refírome a que os foros son moito más ca unha simple fórmula contractual que vincula un propietario cun traballador. Nos foros inclúese un recoñecemento de vasalaxe do campesiño fronte ao posuidor xurídico da terra. Nos contratos forais atopamos cláusulas extraeconómicas polas que o foreiro comprometese a ser “home de”, sempre obediente e fiel coa institución que lle presta a terra. De tal xeito que os termos *home* e *vasalo* chegan a ser considerados case como sinónimos. Por outra banda, e tal e como estudou Pallares, existe unha estreita relación entre a difusión da fórmula foral e as cartas de couto (Pallares 1978), outra das estratexias feudais más empregadas na Galicia destes séculos.

Estamos, en consecuencia, ante unha sociedade eminentemente campesiña e na que o grosor dos seus integrantes son campesiños dependentes, non plenamente autónomos nin económica nin socialmente. Este é o sector maioritario dos homes que viviron en Galicia ao longo destes séculos. Pero por máis importantes que eles foran, tampouco hai que esquecer que, incluso dentro do campesiñado, podemos atoparnos con outras realidades. Por exemplo, aínda que é imposible establecer calquera tipo de cuantificación e se trata dun grupo que só aparece na maioría da documentación tanxencialmente, hai un sector do campesiñado que son os chamados alodiais, é dicir, o campesiñado que segue sendo dono das súas terras e que, aínda que estea sometido, dalgun xeito, ao marco señorial, é evidentemente máis libre e, nalgúns casos, máis rico ca o campesiñado dependente. Son, por seguir unha afortunada expresión de Ramón Villares, “donos de seu”.

Xunto a eles aínda podemos atopar refugallois da vella escravitude. Na rica colección documental de Celanova (Andrade 1995) consérvase unha xeneraloxía dos *pistoribus* que San Rosendo instalou no seu mosteiro nalgún momento impreciso a mediados do século X. Este termo pode ser traducido polo de panadeiros ou reposteiros, aínda que habería que ampliar o seu significado a todos os homes que traballaban nun réxime moi parecido ao da escravitude en distintas funcións domésticas. Unha das cuestións más salientes deste documento é que se rexistra a descendencia destes *pistoribus* chegando, nalgún caso, ata a oitava xeración. Isto supón que, a mediados do século XII cando menos, pequenos sectores das persoas relacionadas con Celanova tiñan algún tipo de “marca” ou recordo dunha orixe familiar na escravitude (Andrade 1997). Con todo, os nosos indicios apuntan a que os escravos son un grupo claramente minoritario e a piques da súa extinción como tales, se facemos excepción da escravitude de orixe musulmá, da que tamén

temos datos referidos ao mosteiro de Sobrado no século XII (Pallares 1978). Por outra banda, tamén hai que contar co sector do campesiñado ao que cabería integrar dentro da nova servidume que xorde no Occidente nestes séculos. En principio, e malia que considero que este sector do campesiñado require dun estudo máis devagar, trátase dun grupo cunha presenza documental e territorial desigual.

O xurdimento das cidades, termo que pode ser máis axeitado que o de rexurdimento adoito empregado, enriqueceu o panorama da sociedade. Nelas vivían xentes que non tiñan os labores agrícolas como único xeito de vida: son artesáns, comerciantes, traballadores manuais, nobres de medio pelo e membros do clero urbano. Conformaban, polo tanto, unha realidade distinta da que atopamos no mundo rural. Distinta pero non radicalmente diferente, xa que, polo menos nestes séculos, é moito máis o que une os mundos urbano e rural ca o que os separa. Cidade e agro van da man. Os excedentes agrícolas véndense nas cidades; estas dependen para o seu abastecemento do campesiñado, iso sen esquecer que nalgúns cidades hai amplos espazos dedicados á produción agrícola e que todas elas están rodeadas por áreas de viñedos e hortas, tal e como se pode comprobar pola toponimia cidadá. Os labregos tamén necesitaban das cidades. Nelás atopaban uns mercados mellor fornecidos que os pequenos mercadiños ou feiras das súas bisbarras. Ao mesmo tempo, a emigración cara ao mundo urbano era unha das saídas vitais máis empregadas polos campesiños en tempos de dificultade. Hai, por outra parte, outra semellanza vital entre cidade e campo. Nos dous casos estamos ante poboacións sometidas ao mesmo marco dun predominante, pero non exclusivo, poder señoril. Só cambia a identidade do señor. Na maior parte das vilas trátase de arcebispo ou bispos. Nas aldeas constatamos a presenza de señoríos episcopais, pero tamén dos mosteiros ou dalgúns nobres.

De todos os xeitos hai diferenzas entre a sociedade burguesa e campesiña. Unha das principais é a súa distinta capacidade de mobilización. É certo que no mundo campesiño había unhas redes de solidariedade forte, e que non sería correcto historicamente esquecer os movementos e actitudes anti-señoriais mostradas polos labregos ao longo deste período (Pastor 1980), malia que estas accións tenden a ser silenciadas ou agochadas baixo outras identidades pola documentación da época que, como se sabe, foi escrita por e para os grupos dominantes da sociedade. Pero é no mundo da cidade onde esa capacidade de loita e o desexo de limitar o poder dos señores se ve máis nidiamente. Os diferentes estoupidos contra o poder arcebispal na cidade de Santiago, sinaladamente os acaecidos nos tempos de Xelmírez, concretamente nos anos 1116 e 1136, respectivamente, que foron rexistrados con tanta plasticidade como xenreira pola *Historia Compostelana*, son uns

dos exemplos mellor coñecidos (Pallares / Portela 1988b, 2000). Máis serodiamonte, xa na segunda metade do século XIII, suceden movementos parecidos na cidade de Ourense, onde unha parte substancial dos seus habitantes pulan por abandonar o sometemento ao señorío episcopal para se acolleran ao marco do reguengo nos intensos tempos do Rei Sabio (Durany 1996).

¿E qué dicir da nobreza? Ao longo dos séculos que estamos a estudar advítese que a vella aristocracia está a piques de desaparecer. Aqueles grupos, xentes poderosas de feito, e non tanto de dereito, eran posuidores dunha gran fortuna patrimonial e dun gran poder político. Pero eran incapaces de consolidar esa posición de privilexio dun xeito permanente, por mor, basicamente, do sistema de herdanza vixente. Tratábase de familias cunha estrutura horizontal e que carecían dun *cognomen* que os identificara e aglutinara (Pallares / Portela 1989). Pénsese, por exemplo, que falamos da “familia de san Rosendo” porque somos incapaces de designala doutro xeito (Sáez Sánchez 1948, Pallares 1998).

Cara a mediados do século XIII podemos albiscar unha nova realidade social no seo dos más poderosos. Xa non falaremos de aristocracia, termo que remite a unha situación de feito, e empregaremos o concepto de nobreza que nos pon en relación cunha situación de dereito. Imos ver o xurdimento dunha nobreza que, en primeiro lugar, transmite a súa condición xurídica de xeración en xeración. Un parentesco articulado segundo un modelo agnaticio, e no que os eixes principais son o modelo patrilineal e a idea de liñaxe, que ten as súa plasmación no apelido e no escudo de armas. Máis serodiamonte, en Galicia, non antes de arrincar o século XIV, adóptase o morgado.

Pero todo este proceso de conversión dende a vella aristocracia cara á nova nobreza foi lento. Pallares e Portela teñen estudiado o caso dos Traba dos séculos XII e XIII (Pallares / Portela 1993), dos que tamén López Sangil fixo un traballo (López Sangil 1996). Os Traba son, de feito, un dos grupos nobiliarios más representativos e mellor coñecidos da Galicia deste século. A súa análise permítenos comprobar como moitos dos cambios antes sinalados aínda non deran rematado. Por exemplo, nestas datas non se consolidara o apelido, por máis que hoxe en día identifiquemos os integrantes dese grupo polo seu patronímico. O *cognomen* dos seus integrantes segue a compoñerse a partir do nome paterno. Tampouco existe aínda o escudo de armas. No sepulcro de Fernando Pérez de Traba, feito na segunda metade deste século, non había máis escudo ca unha sinxela cruz que proclamaba a súa condición de cabaleiro cruzado.

No canto da transmisión hereditaria tampouco vemos grandes cambios fronte ao característico das épocas anteriores. Non vemos por ningures nin a idea de primogenitura, nin a transmisión indivisa dunha parte salientable do patrimonio familiar cara a un descendente concreto.

Con todo, tamén podemos comprobar algunas novedades, en especial aquellas que están en relación cunha máis estreita e distinta relación destes grupos coa monarquía. Pedro Froilaz fora criado e educado na corte de Afonso VI. Posteriormente, o Traba encargaríase da crianza e formación, neste caso na súa propia casa, do neno Afonso Raimúndez, o futuro Afonso VII. O seu fillo, Fernando Pérez, faría o propio con quen andando o tempo reinaría en León como Fernando II. Esta nova relación entre a nobreza e a monarquía baséase nun marco vasalático que non existía coa vella aristocracia. A nova nobreza depende en gran medida da proximidade aos reis, e das funcións, que dun xeito case funcional, estes lles poidan encomendar.

Por outra banda, e como ocorre en todo o Occidente, estase a producir unha paulatina identificación entre nobreza e cabalería ou, máis xenericamente, con todas as funcións militares. Non é por iso estralo que, por debaixo dos grandes nobres, aparezan xentes que deben a súa consideración nobiliaria ao simple emprego das armas, tal e como sucede cos chamados infanzóns e os escudeiros que tamén contribúen á culminación dunha realidade social máis rica e complexa.

Outro dos procesos máis salientables desta época é a definitiva consolidación da ordenación espacial e interna da igrexa diocesana, así como a homologación do monacato, ou mellor dito, a finalización das vellas influencias do modelo monástico herdado da época sueva e visigótica. Con respecto ao primeiro proceso cabe sinalar o feito da definitiva consolidación do poder e autoridade dos bispos, que, a partir de principios do século XII, animados pola vaga autoritaria da reforma gregoriana, van ser quen de se impoñer como máxima referencia nas súas dióceses. Estas ven fixados os seus respectivos territorios, non sen tensións entre elas. Como exemplo pódense lembrar as liortas entre Mondoñedo e Santiago polo control dos territorios de Trasancos e Bezoucos (López Alsina 1988a, Andrade 2002a). Queda tamén fixada a identidade e definitiva localización dos diferentes episcopados galegos. A sé de Iria, por exemplo, foi trasladada a Compostela no ano 1095 (López Alsina 1999b). O mesmo sucede coa sé mindoniense. O seu bispo deixa de residir en San Martiño de Mondoñedo entre os anos 1112 e 1117 para se instalar en Vilamaior do val de Brea, aos peés da serra do Xistral, é dicir, no actual Mondoñedo (Andrade 2002a).

No seo interno culmínase a organización dos cadros diocesanos. Por debaixo do bispo atopámonos cos arcediagos, arciestres e párocos, cada un deles con distintas responsabilidades territoriais, sempre baixo o control e dirección do bispo (López Alsina 1988a, 1999a). Os propios cabidos catedralicios, ata entón non ben definidos nin estruturados, establecen unha organización interna, unha relación cos bispos e un estado patrimonial e de rendas que vai ser o definitivo durante varios séculos (Pérez Rodríguez 1996, Mosquera Agrelo 1999).

Dende un punto de vista cualitativo, o feito máis sinalado no tocante á igrexa galega foi, sen xénero de dúbida, a promoción da sé de Santiago de Compostela ao rango de arcebispado, en 1104, e de sé metropolitana, entre 1120 e 1124. Ambos os feitos tiveron lugar no período sobranceiro de Diego Xelmírez, grazas á hábil política e á prodigalidade monetaria levada a cabo por este singular persoero, capaz de ter boas relacións, de xeito simultáneo, coa monarquía leonesa, co Papado e coa poderosa orde monástica de Cluny (Fletcher 1992, López Alsina 1999b, Pallares / Portela 2003).

A provincia eclesiástica de Compostela, amais do territorio da propia sé xacobea, tiña a súa área de influencia fóra do territorio de Galicia. As dioceses dela dependentes eran aquelas que tiñan unha historia anterior, ou ben as que foran recentemente fundadas no espazo da vella sé metropolitana de Mérida, que só deixaría de pertencer aos musulmáns no ano 1230. No século XIII eran once os bispados que estaban baixo a autoridade do prelado compostelán. Eran as seguintes:

DIOCESES PERTENENTES Á PROVINCIA ECLESIÁSTICA DE COMPOSTELA NOS SÉCULOS XII-XIII

REINO DE LEÓN	REINO DE PORTUGAL
Salamanca	Lisboa
Ávila	Évora
Ciudad Rodrigo	Lamego
Plasencia	Idanha
Zamora	
Coria	
Badaxoz	

Curiosamente, as outras sés galegas seguiron vinculadas á autoridade do arcebispo de Braga, de tal xeito que estas dependían dunha autoridade relixiosa pertencente a outro reino, mentres que varias das sés do recentemente nado reino luso debían obediencia á autoridade do metropolitano compostelán. Esta situación será constante ao longo de todo o período estudiado, e só rematará xa avanzado o século XIV cando todas as dioceses galegas pasarán a depender da sé de Santiago.

Á marxe da cuestión da autoridade relixiosa, estes séculos son o que poderíamos chamar a principal idade de ouro da igrexa de Compostela, posiblemente ao longo de toda a súa historia. O arcebispo, tal e como acaba de estudar Marta González, era unha importantísima instancia de poder (González Vázquez 1996). Ningún acadaba, na Galicia desta época, un poder semellante sobre terras e homes (Pallares 1992). A isto temos que engadir unha singular riqueza económica derivada da xestión do seu extenso patrimonio territorial e, por suposto, das rendas e ingresos obtidos dunha apa-

rentemente multitudinaria peregrinación xacobea que está, tamén, nun dos seus puntos culminantes na historia, o que converte a Santiago e a Galicia nunha referencia ben coñecida en todo o Occidente cristián.

Os mosteiros sufriren cambios notables dende finais do século XI (Andrade 1997, 2005). Os mosteiros de máis antiga fundación, como Samos ou San Pedro de Rocas, e a longa serie de fundacións aristocráticas do século X, como Celanova ou Lourenzá, foron integrándose, non sen atrancos e resistencias baixo a norma unificadora da regra de san Bieito (Andrade 1997, 2000). A implantación deste modelo monástico, xa hexemónico na maior parte de Europa e da propia Península Ibérica dende principios do século XI (Linage Conde 1973), supuxo, entre outras cousas, a fin do monacato dúplice, de fondo arraigamento na tradición galega (Freire Camaniel 1998), e mais o remate da estreita dependencia que moitos cenobios tiveran cos grupos aristocráticos máis sobranceiros. Pero o cambio de panorama no eido monástico afectou tamén á vinculación que os mosteiros tiñan cos bispos das dioceses nas que estaban situados. Nos séculos anteriores, cuns bispos febles, os mosteiros amparados polo seu poder económico e social e polos privilexios de todo tipo que foran acumulando cos anos, podemos dicir que viviron de costas á autoridade dos bispos. Iso rematou, tamén en medio de dificultades e liortas más ou menos sonoras, a partir do comezo do século XII. A chegada do Císter, en 1142, pode marcar o remate desta época de convulsións no mundo dos mosteiros. Pero xunto cos monxes brancos foron chegando a Galicia outras novas formas de entender a vida monástica, como os cóengos regulares de santo Agostiño, asentados nalgúns vellos mosteiros como Caaveiro e outros de nova fundación, e, xa no campo conventual e no XIII, o impacto formidable que causaron os mendicantes, dos que xa falamos un chisco previamente.

Como dicimos antes, os mendicantes están claramente vinculados á vida das cidades. É o intre de falar da vida urbana na Galicia dos séculos centrais da Idade Media (López Carreira 1999). Pero antes diso convén facer un breve recordatorio da situación previa. A vella *Gallaecia*, cando menos na parte da Galicia actual, non coñecera un proceso de urbanización semellante ao que acontecera no resto da *Hispania romana*. A única cidade de certa entidade fora Lugo, cabeceira dun dos *conventus* en que estaba dividida a provincia. O resto dos núcleos de aspecto urbano, como Ourense ou Iria, eran entidades de moi pouca importancia. A situación das cidades no mal chamado período xermánico non cambiou; se acaso aínda houbo un certo retroceso na importancia das cidades fronte ao que era característico da época clásica.

Así pois, e coa excepción da cidade de Santiago, nacida como tal con certa celeridade a partir dos anos 820-830 (López Alsina 1988a), pódese dicir

que o panorama das cidades a finais do século XI non distaba moito da realidade que acabo de comentar en épocas anteriores. Parece claro que, precisamente, un dos feitos considerables para comprender o impulso dunha vida urbana máis forte foron as peregrinacións cara a Santiago de Compostela, principalmente pola súa ruta senlleira que é o chamado Camiño Francés. Velaí o caso da propia cidade de Lugo, que, aínda que non estaba no camiño principal, si era fito nunha das rutas secundarias que levaban cara a Compostela. A urbe lucense recibe de Afonso VI, o mesmo monarca que detivo e encarcerou de por vida o seu rexio irmán don García, rei de Galicia, e asemade, grande impulsor das peregrinacións a Santiago, un primeiro foro no ano 1088. Trinta anos despois, Lugo conta xa cun hospital para acoller os peregrinos xacobeos, e dende mediados deste século mostra unha vitalidade económica e social relevante reflectida na revolta burguesa iniciada no ano 1155 e que non vai amainar ata pasados uns cinco anos (Portela / García Oro 1997, Mosquera Agrelo 2002).

Aínda que menos relevante que Lugo, o caso de Portomarín é un dos mellores exemplos que podemos expoñer da influencia urbanizadora do Camiño (López Alsina 1993). Malia que o lugar de Portomarín está documentado dende, polo menos, o século X, xa que nel había un ou varios mosteiros, o burgo como tal xurdiu da necesidade de construír unha ponte que facilitara o paso dos peregrinos que tiñan que atravesar o río Miño neste lugar. O construtor, coñecido como Pedro Peregrino, fixo esta obra xunto cun hospital a principios do XII. Rapidamente se consolidou un pequeno pero vital núcleo urbano, tal e como podemos comprobar pola lectura da chamada guía do peregrino do *Liber Sancti Iacobi*, que se viu máis fornecido pola temperá chegada das ordes militares, concretamente a de San Xoán de Xerusalén, que tiña radicada aquí unha das súas encomendas (García Tato 2004).

Xa no século XIII, no reinado do rei leónés Afonso IX, o proceso continúa con novas fundacións no Camiño, como as de Sarria, Triacastela ou Melide. Non convén deixarse levar pola imaxe que destas vilas podemos ter hoxe en día. Polo que sabemos, na época da que falamos tratábbase de burgos cunha vitalidade e pulo moito maior do que tiveron ata hai ben pouco.

Pero non é o Camiño, malia a súa obvia importancia, o principal axente urbanizador na Galicia destas datas. A propria dinámica económica e demográfica expansiva provocada polo feudalismo dános a clave principal deste cambio. Vaga dinámica que atopou na monarquía, primeiro a leonesa e logo a de Castela, o seu principal vieiro na fundación de cidades. Como antes sinalabamos, moitas destas fundacións reais se fan en territorios costeiros. Parece claro o desexo real de aproveitar a revitalización das costas, ben perceptible dende a segunda metade do século XI. Pero, ademais, parece observarse unha estratexia paralela por controlar a gran presenza da Mitra

de Compostela en boa parte dos espazos litorais de Galicia. Neste dobre sentido poden entenderse as primeiras iniciativas que foron desenvolvidas por Fernando II. Trátase das fundacións, ou repoboacións, de Noia en 1168 (López Alsina 1987) e Pontevedra no ano seguinte (Armas 1992), aínda que o mesmo rei funda algunha vila noutros espazos costeiros, como ocorre coa fundación de Ribadeo, no ano 1182, na área de influencia do bispo de Monforte (López Alsina 1976).

Afonso IX afonda nesta mesma estratexia aínda que ampliando o raio de acción. As fundacións de Baiona en 1201 (Portela 1973) e da Coruña en 1208 (Barral 1998, Sánchez Chouza 2006) cobren case a totalidade da fachada atlántica con cidades.

Aínda haberá unha terceira onda urbanizadora, neste caso protagonizada por Afonso X, do que logo falaremos dende o punto de vista político. Os proxectos do Rei Sabio, a diferenza do que ocorreu coa maioría das anteriores fundacións, foron meros ensaios que non puideron callar como auténticas cidades nin tan sequera vilas. A mera enumeración das pobras promovidas polo autor das Cantigas pode servir para corroborar este fracaso: Outeiro de Rei, Pobra de Adai, Pobra de San Xiao e Pobra de Valonga. Só Monterrei, nada cara ao ano 1274, acadou entidade de burgo e chegou ter unha relativa importancia tempo despois.

Galicia, malia todas estas fundacións de cidades e vilas, mantivo o seu carácter de sociedade eminentemente rural e campesiña. Pero é obvio que estes procesos contribuíron a xerar novas realidades. Trátase dun cambio de tanta importancia que moitos medievalistas pensan que, máis que falar dun renacemento das cidades, sería máis conveniente referirse ao nacemento da vida urbana en Galicia.

* * *

E para rematar, é obrigado facer un breve percorrido pola situación política de Galicia nestes séculos. Penso que hai catro momentos ou procesos de singular importancia neste capítulo.

1. O frustrado proxecto de consolidar un reino independente que viña a coincidir, territorialmente, co marco xeográfico da vella *Gallaecia*.
2. A situación de Galicia nos reinados de dona Urraca e Afonso VII. A independencia de Portugal.
3. O protagonismo de Galicia cando se produce a división entre León e Castela entre os anos 1157 e ata 1230.
4. Por fin, a perda de peso da nobreza galega e a marxinalidade territorial do país dende 1230 coa definitiva reunificación de León e Castela.

1. Fernando I, dous anos antes de morrer, decidiu dividir os seus territorios entre os seus fillos homes. O menor deles, don García, recibira un reino conformado por Galicia e o Portugal duriense. Estamos, con algunas matizacions, ante a pervivencia do vello marco conceptual da *Gallaecia* romana. O reinado deste monarca dilatouse entre os anos 1065 e 1070. Non hai tempo, nin é o lugar, para falar deste interesante reinado e da figura singular de don García. Un persoero, ata vai pouco, mal coñecido e moitos veces ignorado ou, sinxelamente, minusvalorado e ainda ridiculizado (Andrade 1998). Afortunadamente, a recente monografía de Ermelindo Portela enche un baleiro que é incomprendible que existira ata o de agora (Portela 2001).

A principal consecuencia do encarceramento de don García polo seu rexio irmán Afonso VI foi a integración do reino de don García no *Imperium* do seu irmán. Isto supuxo a fin dun proxecto político, o dun reino de Galicia independente, e vai abrir as portas para un afastamento de Galicia e Portugal que non vai ter retorno.

Aínda así, a pegada do fugaz reinado de don García seguiu estando presente en boa parte do mandato de Afonso VI. Este tivo que enfrentarse con varias revoltas de parte da nobreza galega que, áinda que non están ben aclaradas, poderían estar en relación co desexo de liberar a don García e de volver ao marco político por el inaugurado. Tamén segue estando viva unha noción territorial de Galicia que coincide coa vella *Gallaecia*. Así, cando no ano 1090 Afonso VI lle concede ao seu xenro, Raimundo de Borgoña, o condado de Galicia, vemos que, en realidade, se está manexando o mesmo marco territorial do reino de don García. Ben é certo que, só cinco anos despois, o propio rei divide este condado para entregarlle o condado de Portugal a outro xenro, tamén borgoñón, neste caso Henrique, o pai do futuro primeiro rei de Portugal, Afonso Henriques (Portela 2001).

2. Na primeira metade do século XII o peso político de Galicia no reino castelán-leonés é evidente. O turbulento reinado de dona Urraca é un deses momentos en que varios dos protagonistas principais dos feitos son galegos (Martín 2005). Ademais da figura senlleira de Xelmírez (Pallares / Portela 2003), o papel desenvolvido polos Traba, sinaladamente por Pedro Froilaz, foi capital. Lémbrese que este tivo a responsabilidade de educar o futuro Afonso VII, e que foi o seu principal valedor político. A simbólica coroación do infante como rei de Galicia, promovida polo Traba, pode entenderse como unha lembranza do desaparecido reino e como unha advertencia cara á raíña nestes anos cheos de liortas e violencias.

Malia a súa forte vinculación con Galicia, as ambicións de Afonso VII como rei ían moito máis aló da realidade deste país. Areedición da noción de

imperium e o intento, basicamente frustrado, de relanzar a reconquista son algunas probas do que acabo de dicir.

Amais disto, no reinado de Afonso VII produciuse un feito de especial importancia na historia de Galicia. No ano 1128, o seu curmán Afonso Henrique faise co control do condado de Portugal despois de afastar do poder a súa nai dona Tareixa. Todos os historiadores, por exemplo José Mattoso (Mattoso 1988), coinciden en sinalar que, dende ese intre, o proxecto político de Afonso Henrique tiña un obxectivo fundamental: acadar a independencia de Portugal. En 1139 proclámase rei, situación que é reconecida, aínda que con algunas limitacións de natureza vasalática, polo propio Afonso VII. Portugal consegue a súa total independencia en 1179, rachando coas ataduras que formalmente aínda tiña con León e recibindo os parabéns da Santa Sé.

Non podemos avaliar neste traballo o que este proceso supuxo na historia de Galicia. Unha vella comunidade territorial esgazárase, para sempre, en dúas realidades políticas diferentes. É certo que as relacións entre ambas as dúas partes seguiron sendo fortes. A nobreza galega vai ter un notable peso na política portuguesa, as institucións eclesiásticas seguen a ter presenza patrimonial e relacións de dependencia, por enriba das fronteiras, e as relacións económicas e humanas entre as dúas partes da vella Gallaecia seguen a ser moi fortes (Andrade 2002b). Sendo todo isto certo, non o é menos que agora existe unha fronteira, da natureza ou intensidade que for (Barros 1994), e unhas tensións territoriais polos espazos fronteirizos que non rematarán en séculos.

A independencia de Portugal contribuíu á marxinalidade territorial de Galicia. Esta comezara coa conquista de Toledo no ano 1085, e ten na aparición do reino luso o seu segundo chanzo nun proceso que, como logo diremos, remata cara á metade do século XIII.

3. Afonso VII, de xeito parecido pero con fundamentos distintos ao que fixera previamente Fernando I, decide que, tras a súa morte, producida no ano 1157, o seu reino quedara dividido en dous: León e Castela.

Nos case tres cuartos de século que se mantén esta división, o protagonismo político de Galicia e dos galegos no reino leonés é evidente. Galicia é o territorio más extenso de todos os que integran esta monarquía e probablemente o máis poboado, a súa nobreza é peza vital para os reis que, incluso, deciden ser soterrados na Catedral de Santiago, no coñecido como Panteón Real.

4. Todo isto vai cambiar coa definitiva reunificación de León e Castela, feito que tivo lugar no ano 1230 da man de Fernando III. Este monarca foi o impulsor dunha ofensiva militar contra al-Andalus que vai engrandecer, de xeito substancial, os territorios do reino de Castela. O control do val do Guá-

dalquivir e a toma de cidades moito más importantes das que tiña o reino ata aquela, como Córdoba ou Sevilla, produciu cambios fundamentais nos perfís da coroa de Castela.

Galicia perdeu boa parte do pulo social e político no contexto peninsular. Esa perda de importancia foi moito más fonda que a que ocorrera en tempos anteriores. Os reis pareceron desinteresarse polos asuntos galegos, e a nobreza do pais, cada vez más vinculada aos destinos da propia coroa, métese de cheo no proxecto reconquistador e repoboador dos espazos recentemente conquistados.

Esta actitude, xa clara no caso de Fernando III, chegou á súa máxima expresión con Afonso X. Caso curioso se temos en conta as relacóns do rei Sabio coa cultura e lingua galegas, o que non foi impedimento para que o monarca mantivera unha política de claro distanciamento, incluso físico, de Galicia (Jiménez 1985), cando non de forte confrontamento con varias das instancias de poder más representativas da Galicia dese século, tal é o caso das súas liortas co arcebispo de Compostela e a súa propia distancia persoal con todo o fenómeno xacobeo ou co bispo de Ourense.

Quedarían moitos procesos e feitos por tratar para reflectir a realidade histórica de Galicia nestes séculos centrais da Idade Media. Sirvan estas páxinas, só a xeito de introdución, ao coñecemento dun período fundamental na historia de Galicia.

GALICIA EN LOS SIGLOS XII-XIII: NOTARIADO, DOCUMENTO Y CULTURA LITERARIA

Fernando López Alsina

Universidade de Santiago de Compostela

tes latins en français de la chancellerie royale et le paradigme de la traduction” e a de Sébastien Barret, “Quelques préambules en double traduction”, que se poden ler en http://aedilis.irbt.cnrs.fr/jeudis0001/jeudi_trad_6.htm

tiñan xa en si mesmas un poder de semantización. Ata aquí vemos moi ben o nacemento dunha nova concepción da escritura. Pero Leroi non se arrisca a chamarlle escritura, é sinxelamente iso, unha *mitografía*; para que sexa escritura precisa dunha ruptura, que vén dada polo repartimento deses signos no soporte, que pasa dunha organización primitiva bastante libre espacialmente a unha sucesión lineal estrita. Esta linearidade será o síntoma da assimilación polo grafismo dos dous únicos supostos socioculturais capaces de estruturalo nun sistema e conferirlle unha utilidade social directa: o fonetismo da lingua e a lóxica do razoamento contable. E é aquí onde xa volve Leroi a “caer” no “logocentrismo” típico dos historiadores da escritura occidental: “Non é posible a escritura sen unha perspectiva de eficacia inmediata, isto é, sen palabra nin cálculo” (apud Christin 1995: 12).

E máis recentemente Gelg, que, aínda que reprocha aos filólogos a súa ignorancia da pre e protoescritura porque os signos que utilizan non responden exactamente á lingua, paradoxalmente afirma que “só a adaptación do grafismo ao fonetismo verbal constitúe a verdadeira escritura”. Parece que este autor, que fundamenta o comezo da comunicación gráfica, do grafismo, na existencia dunha especie de “inneismo xestual” que suscitaría tipos de signos espontáneos e idénticos entre si en todas as sociedades humanas é discutible que non teña en conta a diversidade dasas sociedades coas súas propias convencións culturais, e que por outra parte descoñeza o que xa descubrira Leroi, que un signo non é nada se non se relaciona co soporte no que se inscribe,— non pode subtraerse a que a lingua, a que o fonetismo sexa a chave da escritura ao dicir que a “imaxe reproduce o real da mesma maneira que a palabra imita o son” (apud Christin 1995: 13).

E aínda máis recente é o libro de Ana María Christin (1995) que incide sobre o mesmo tema da imaxe como base da escritura, ao afirmar que “naceu da imaxe” e que “calquera sistema dende o que sexa considerado, ideográfico ou alfabetico, a súa eficacia non procede máis que de si mesma”, e mais “o que non significa que sexa algo que non teña que ver nada coa palabra en tanto que vehículo gráfico dunha palabra”, se ben termina coa rotunda afirmación de que a imaxe ten que considerarse “a referencia última e exclusiva do escrito”. Esta autora non só reprocha a Leroi a súa caída no fonetismo e a linearidade na distribución dos signos para establecer o nacemento da verdadeira escritura, senón sobre todo o carácter de eficacia e utilidade (contabilidade) que debe ter unha verdadeira escritura, o que levou a formular o principio de que toda escritura evoluciona cara á sinxeleza e a utilidade, ata tal punto que toda aquela que non siga esas pautas está condenada á morte, á desaparición (a excepción do chinés).

Unamos dúas recentes definicións: a escritura como “expresión de conceptos ou sons con elementos visibles predispostos nunha serie, móbiles, e

compostos segundo determinadas normas” (Silvio Curto 1989); ou como unha “concepción dun instrumento de comunicación como patrimonio cultural dunha clase no poder que individualiza na comunicación lingüística (falada e escrita) un instrumento do seu dominio baseado na organización (burocrática, escolar, etc.) dunha caste de intelectuais aos que está confiada a tarefa de transmitir unha tradición cultural e a elaboración dos instrumentos de comunicación capaces de consolidar a ideoloxía da clase dominante” (Chomsky 1979).

As tres posturas, e estas dúas definicións, a primeira cunha eminente base gráfica, e a segunda lingüístico-historicista, por simplificar, chámense na práctica, historia da escritura, antropoloxía da escritura, imaxe escrita, gramatoloxía, semiótica da escritura, paleografía, e todos os etcéteras que queiramos, parten da pregunta: ¿por que escribimos?, ¿que foi o que levou o home a inventar a escritura?

O primeiro que temos que considerar ante un documento (que estuda a ciencia chamada diplomática, e más se é do século XIII, que encerraba un valor administrativo e non histórico ao ser posto por escrito⁵) son os seus caracteres externos, definidos pola Comisión Internacional de Diplomática como “os elementos de forma que non poden ser examinados nin estudiados máis que sobre o orixinal ou sobre a súa reproducción exacta: natureza e presentación do soporte, escritura, elementos figurados ou decorativos”⁶. E como quen lles fala ten unha formación histórica latina, parto da diplomática, porque a paleografía nace como unha ciencia auxiliar daquela, obra de Mabillon. Non obstante, como me dirixo fundamentalmente a filólogos dediquei unhas liñas, quizais demasiadas, para demostra-lo interese que sempre lle dei á filoloxía, porque seguimos as normas propostas pola citada comisión⁷.

Pero tampouco podemos negar a distinta cualificación da documentación segundo partan dunha formación estritamente histórica —nsisto na diplomática dos países mediterráneos— ou unha mixta na que se teña tamén en conta o xurídico. Así, temos as dúas más empregadas da forma documental, a de Theodor von Sickel (1826-1908), creador da Diplomática moderna, sobre todo pola perfección do método diplomático, e a de Auguste Dumas (1932), historiador do dereito, e seguida por moitos diplomatistas

5. Para ver isto con claridade é de particular interese a lectura da obra de Manuel Romero Tallafígo (2002).

6. Commission Internationale de Diplomatique (1997: 45), (a tradución é miña).

7. Como exemplo, as grafías *u* e *v* transcribense *u* cando teñen valor vocálico e *v*, cando consonántico, “Só os españois teñen o costume de conservar en todos os casos o *u* nos textos ata o século XII”, Commission Internationale de Diplomatique (1984: 43), (a tradución é miña).

hispanos. O primeiro divide o documento en tres partes principais: protocolo inicial que abarca invocación, intitulación, dirección e salutación,— o texto que comprende fórmula (preámbulo, notificación e exposición), dispositivo, cláusula (sanción e corroboración) — e escatocolo que consta de data (tópica, crónica, persoal, histórica), aprecación e validación (subscripciones de outorgantes, confirmantes, testemuños e notario; sinaturas e selo). O segundo redúceas a dúas: protocolo que reúne as formas fóra do teor, que á súa vez agrupa as marcas de validación (subscripciones, signos, selos) e as marcas de chancelería (soporte, tinta, escritura, lingua e estilo),— formas no teor que encerra as de confianza (invocación, aprecación, corroboración, data) e de cortesía (intitulación, enderezo, salutación)— e texto en-cabezado polo dispositivo, os accesorios preliminares (notificación, preámbulo, exposición) e seguido polas accesorias (mención de solemnidades e sancions).

Tamén hai que ter en conta que as relacións entre historia do dereito e diplomática son íntimas, aínda que ás veces os campos non se deslindan ben, ata tal punto que obras como a de Brunner (1961) foi considerada unha obra de diplomática, mentres que a de Redlich (1967) se adoita considerar de historia do dereito. A diplomática estuda o documento; a historia do dereito estuda as realidades xurídicas a través das fontes legais, da literatura xurídica e dos documentos nos que quedan fixadas aquelas realidades. A primeira ten como fin a crítica do documento e a valoración do mesmo no contexto histórico, a explicación da súa forma; a segunda, a súa valoración e a súa crítica en tanto que é testemuña da realidade xurídica concreta ou a explicación da súa materia.

Alejandro Pratesi (1979), no seu exemplar manual de diplomática, define o documento obxecto desta ciencia en relación coa forma, intimamente unida ao modo de emisión, coas seguintes palabras: “Documentos públicos son os que, sendo emitidos por unha chancelería, presentan as formas solemnes típicas do documento chanceleresco”, mentres que son “documentos privados os redactados fóra da chancelería que non teñen ningún elemento específico de solemnidade”⁸.

Unha vez feitas estas consideracións previas, estudaremos xa na documentación galega do século XIII os aspectos paleográficos e diplomáticos, segundo reza o título desta conferencia. E quizais lle dedicaremos menos tempo ca o que investimos nas explicacións anteriores porque, salvo na parte da lingua dos documentos privados dende o punto de vista diplomático, no de-

8. Non estamos de acordo coa difusa definición que dá dos documentos semipúblicos.

mais reflectirán as características comúns, primeiro ao reino de León e despois ao de Castela-León.

A escritura, temos que considerala nas súas dúas modalidades, libraria e documental. Ambas están a cabalo da segunda metade do século XII e primeira do XIII, a primeira dentro do chamado ciclo carolino — como o demonstra, salvo unha excepción, unha serie de testemuños unidos fundamentalmente ao *scriptorium* compostelán, e menos ao lucense e auriense — e a segunda dentro da chamada con bo criterio minúscula diplomática, “denominación escorregadiza en ocasións, que pretende recoller os movementos da escritura carolina e o seu despazamento cara ás primeiras de fractura, que han caracterizar logo a gótica documental”⁹.

A escritura libraria podémola ver na primeira parte do *Tombo A* da catedral de Santiago, iniciado en 1129; na *Historia Compostelana*, quizais escrita contra 1140, perdida e só conservada copia do XIV; no *Tombo de Samos*, escrito en 1200 (Lucas Álvarez 1986); no *Tombo de Celanova*, da segunda metade do XII (Andrade Cernadas 1995); nos de Caaveiro, da mesma data (Fernández de Viana y Vieites / González Balasch 1999); en Xubia, de finais do XIII (Montero Díaz 1935); en Toxosoutos, posiblemente de 1289 (Pérez Rodríguez 2004); en Lourenzá, sobre 1266 (Rodríguez González / Rey Caña 1992: 11-324); no *Tumbo Viejo* de Lugo, contra 1231 (Fernández de Viana y Vieites 2003-2004: 593-604); no *Libro de Aniversarios de Lugo*, do XIII, sen poder afinar máis o cuarto (Jiménez Gómez 1987: 161-227); en varios folios do *Tombo A* da catedral de Santiago que conteñen documentos de Afonso IX, de arredor do ano 1219 (Lucas Álvarez 1998); en varios fragmentos de códices da catedral de Ourense (Duro Peña 1962: 185-212); no *Complutense* da Biblioteca Nacional de Madrid, ao redor de finais do XII, claramente compostelán, pero atribuído tamén a un escritorio asturiano (Rodríguez Díaz 1998: 21-50); no *Corpus Pelagianum* do mesmo fondo da citada biblioteca, de fins do XII (Sicart 1981: 89-95).

A documental pode estar en minúscula carolina pura: atopámola primeiro na escola compostelá, obra de Xelmírez; como exemplo temos o documento da fundación do mosteiro de Santa María de Sar, do día 1 de setembro de 1136, e volvémola ver nos últimos anos do pontificado de don Pedro Suárez de Deza na área compostelá en diversos documentos. Pero sobre todo, rexístrase a minúscula diplomática, que se utiliza dende a segunda metade do século XII ata a primeira do XIII. Lucas Álvarez (1991: 450) cualifica de

9. Lucas Álvarez (1991: 445-446). Este estudo é o más serio que existe sobre a escritura en Galicia, no que modifica en parte o que dixera en “Características de la escritura gótica gallega” (Lucas 1950).

letra esbelta de astiles y caídos largos y curvados; letra *d* con frecuencia de tipo uncial ligeramente recurvada; letras aisladas y exentas de nexos; hay una ligera tendencia a la movilidad de los astiles a medida que avanza el periodo; letra *g* muy generosa en la curvatura de su parte inferior; tendencia generalizada a incrementar la fractura interna de los cuerpos de las letras y abreviaturas muy frecuentes pero comunes en el período.

Xa aparece en Santiago en 1162 trazada por Lupus Arie, notario episcopal. E isto sirva xa de avance, porque onde predominará a escritura minúscula diplomática coas súas tres variedades, a caligráfica, a *currens* ou corrente, e a cursiva, ademais da primixenia, será na documentación notarial. Porque na documentación real haberá unha igualdade de caracteres, tanto no reino de León coma logo no de Castela-León.

A simple minúscula diplomática está moi próxima e case pode identificarse coa carolina, xa que en Galicia ainda convive coa visigótica, áinda que xa moi influída por aquela, ata 1150. A caligráfica, a *currens* e a cursiva, coexisten no tempo. A primeira distínguese polo seu trazado lento, con hastís altos e baixos bastante desenvoltos, co *d* uncial con tendencia a curvar o seu hastil con frecuencia, o *b*, *l* e *b* cos seus terminando coa mesma querencia, o *a* con ollo cerrado ou non, e os baixos do *b*, *f*, *p*, *q*, *r*, alongándose e curvándose cara á esquerda, o mesmo que o *s* cando supera a liña da escritura; o *g* a miúdo non chega a cerrar o ollo e ás veces o alongalo abarca a letra ou letras anteriores. A separación das palabras está feita con toda corrección e espazo suficiente. A *currens* normalmente tende á fragmentación. A cursiva distínguese por un maior descoido no seu trazado e unha acentuación a ceñirse a parte alta dos hastís do *b*, *b* e *l*. Ás veces a separación das palabras é menor ata ao punto de que se non nos fixamos lemos unidas dúas ou más.

O ciclo gótico inícioa na 2^a metade do XIII, incluso pode adiantarse en Galicia ao resto do reino e prolongarse ata mediados do XIV. A libraria xira fundamentalmente ao redor da escola compostelá, no contorno do arcebispo don Berenguel de Landoria; como exemplo, sirvan unhas páxinas dos feitos don Berenguel de Landoria (Díaz y Díaz 1983), escritos sobre o 1340-1350, ou entre ambos os anos, que aparecen unidos ao códice de Salamanca da *Historia Compostelana* (manuscrito 2658), elaborado alá polo ano 1250. Tamén debeu ser importante a escola ourensá entre o XIII e o XV, en Tui a fins do XIV.

A escritura documental vese dende mediados do XIII coas variantes de caligráfica ou de privilexios e cursiva ou de “albalás”, coa *currens* entre ambas e nalgúns casos prolongándose ata case 1350. Pero o que máis se verá é a man dos notarios, que utilizarán unha escritura variada. As súas formas gráficas van dende as minúsculas diplomáticas sobre todo *currens* e cursiva,

pero con apuntamento dos riscos, fractura interna de cada signo, e continuación do *d*uncial e ondulación de hastís altos e baixos e os baixos característicos do *g*, acentuando a fractura dos últimos exemplares da minúscula diplomática *currens*, ata a cursiva.

Diplomaticamente a documentación real carece de interese en Galicia, salvo polo seu contido. No resto é igual dende comezos do reinado de Afonso IX ata os cinco primeiros anos de Fernando IV, cando o reino de Galicia formaba parte do reino de León e o de Castela estaba unido a León. Só podemos destacar os chanceleres e o persoal de chancelería, que eran galegos. Así, na primeira época de Afonso IX (1188-1202), encontramos como chanceller relacionado coa nosa terra a Pedro Vela, que xa o fora con Fernando II, foi arcediago de Santiago e rematou como monxe e logo abade de Oseira¹⁰. Na segunda (1202-1213) figuran doux co mesmo cargo, Fernando, o deán de Santiago e, como vigairo seu entre 1202 e 1203, Pedro Suárez, probablemente sobriño do arcebispo compostelán do mesmo nome (dende febreiro de 1204 ata xuño de 1210 ocupa efectivamente a chancelería), que ó terminar a súa carreira administrativa se retira tamén ao mosteiro de Oseira; e tamén figura como chanceler o cóengo da mesma catedral Xoán Arias, e como notario de Fernando o seu compañoiro de cabido Pedro Pérez. Na terceira (1213-1230) figura con este título Pedro Pérez, arcediago de Salamanca, mestrescola de Ourense e cóengo compostelán; e o último Bernardo, deán do mesmo cabido e antes chantre, de 1222 ata quizais 1224, quen termina a súa carreira co seu nomeamento como arcebispo da mesma sede, ata 1237, en que renuncia ao bispado e se retira ao mosteiro de Santa María de Sar.

Con Fernando III van predominar os chanceleres casteláns e leoneses. Segue ocupando a chancelería leonesa dende xullo de 1238 o arcebispo Juan Arias prolongando a súa presenza no cargo ata despois da morte do monarca, pero cun carácter honorífico, sen ter unha gran influenza no monarca nin acompañalo con frecuencia. A castelá estivo varias veces vacante.

Os notarios, segundos oficiais da chancelería, apenas aparecen. Só atopamos o abade de Valladolid, Juan, en 1220 e en 1223, áinda en etapa castelá; xa na castelá-leonesa a Pedro Núñez en 1241, e o bispo de Segovia, Raimundo, entre 1250 e 1252. Dos escribas non coñecemos a súa orixe de nacemento, pois áinda que foron numerosos, parecen predominar con moi-to os sorianos e segovianos.

10. Tomamos esta referencia de Julio González (1944: 481). Porén, nos abadoloxios do devandito mosteiro así como nos seus documentos, non aparece tendo esa responsabilidade en ningún momento da súa vida; tampouco como simple monxe. Todos os autores posteriores reproducen esa información que non ten a súa xustificación correspondente. Sospeitamos que se dá o mesmo caso, pero simplemente como monxe, con Pedro Suárez.

É de destacar que Fernando III é o primeiro monarca que emprega o castelán para a redacción dos seus documentos (véxase Ostos Salcedo 2004), en xeral para os de inferior categoría, cartas abertas e sobre todo mandatos, e áinda así só para a parte do texto, non para o protocolo e escatocolo, que case sempre seguen en latín, e tamén para os foros e outras disposicións nas que interveñen os concellos. Na etapa castelá o primeiro orixinal conservado é de xullo de 1223; e na castelán-leonesa, de xaneiro de 1231¹¹. Con respecto a Galicia, o primeiro texto real en castelán é de marzo de 1247 e os outros cinco que se conservan, incluso o inicial, corresponden a copias.

Con Afonso X o Sabio asistimos a varias novedades pero tamén á consolidación dalgúns trazos xa ensaiados polo seu pai. En primeiro lugar hai que anotar que a finais do reinado de Fernando III non houbo chanceleres de León e Castela nas persoas dos arcebispos de Santiago e Toledo; o seu oficio só estaba en mans dos notarios, o que continúa ata 1255, en que se volve á vinculación inicial aos arcebispos, ánda que só con carácter honorífico, pero con concesión de rendas, sobre todo porque así os mantiña dentro da “maquinaria” estatal, toda vez que ocuparon ese cargo persoas de extrema confianza e incluso da familia real. Ademais enmárcase no ámbito do *oficio público*, no que concorren dúas circunstancias: a idea teocrática da monarquía e a mal chamada *recepCIÓN* do dereito romano, segundo vemos polos textos nas Partidas (2.1.5) e outros. Afonso X concibe a chancelería como un mecanismo de centralización e de intervencionismo rexio sen limitacións. Por tanto, a súa función era a de ser emisora de todos e cada un dos documentos que se escriben para a “gobernación del reino” e a de ser receptora daqueloutros que se enviaban ao rei ou aos órganos de administración do reino. Consecuentemente, a chancelería é a única oficina que posúe os selos reais e con eles valida os documentos, logo do exame do chanceler e rexistro nos *libros-rexistro* polos escribáns. Este centralismo obrigará a ter unha serie de *oficinas* anexas á chancelería e de tipo subsidiario, todas elas localizadas na corte itinerante, pero diferenciadas pola súa función, xermes das secretarías da coroa, dende mediados do XIV.

O núcleo central da chancelería está formado polo chanceler, os notarios, os escribáns, os *grossatores*, os *registratorios* e os seladores. Ao seu lado estarían as tres notarías (León, Castela e Andalucía), cun número indeterminado de escribáns, encargados da expedición de documentos, fundamentalmente de mercé, grazia e governo. A chancelería de xustiza, presidida polos alcaldes de corte cos seus correspondentes notarios e escribáns; e a de cá-

11. Publicados por González (1983), nº 182, 283, 746.

mara, de carácter económico, presidida polo camareiro do rei e servida por notarios e escribáns. Como anexa a esta última estaría a chamada chancellería da puridade, non ben documentada no reinado. Había outras chancelerías menores: a da raíña e a dos infantes. Á fronte da primeira había un chanceler, con notarios e escribáns. A dos infantes só tiña notarios e escribáns. ¿Poderían ambas derivar das respectivas cámaras reais, o mesmo que a da puridade?

Pero ademais a obra lexislativa de Afonso X vai ocuparse do oficio, obrigacións e calidades que ha de ter o chanceler real. Segundo a Partida 14.18.13 é o *magister sacri scrinii libellorum*, coa misión de custodiar os selos do rei, as arcas e escritos da chancellería, e está á fronte dos notarios e escribáns da corte. É o segundo oficial da casa do rei, despois do capelán, o que ten o oficio da *poridat*. Debe ser de boa liñaxe, para que sempre teña vergoña de facer algo que estea mal; debe ter *buen seso natural*, para que saiba gardar as *poridades* do rei, amén doutras calidades (Partida 2.9.4, P. 4, 18, 13). Ademais debe coñecer ben o latín e o romance (Partida 2.9.4). Pósué unha inmunidade e unha responsabilidade, esta non ben determinada.

A chancellería de León, que é a que máis nos interesa, por ocuparse, cando menos teoricamente, dos asuntos de Galicia, desempéñaa o arcebispo de Santiago Xoán Arias (1255/11/3-1266/5/4). Á súa morte queda vacante e só en 1283 Pelayo Pelaez uniría as dúas chancellerías, León e Castela, co que se reafirma a supremacía castelá.

Dos notarios do reino de León só atopamos un galego ou relacionado con Galicia, o mestre Xoán Afonso (1259-?1284?), sobrño do rei, posible colaborador na elaboración das *Partidas*, desde 1270 arcediago de Santiago, que máis tarde será chanceler con Sancho IV.

Dos outros cargos da chancellería non están de cámara, notarios de xustiza (sempr laicos), escribáns *grossatores* (uns dependían directamente do rei e do chanceler e outros dos alcaldes, adiantados e camareiro maior do rei)— non nos consta con seguridade que ningún procedera ou tivera algúnhha relación con Galicia, xa que a segunda parte do seu apelido se refire ao seu lugar de nacemento ou procedencia e non aparece ningún topónimo galego. Cos escribáns *registratores*, e cos seladores e *visadores* atopamos que interveñen na confección do documento— sucede o mesmo.

Sancho IV, durante a rebelión contra o seu pai (1282-1284), mantén a estrutura do seu proxenitor, aínda que non nomea os chanceleres maiores de Castela e León, pero si existe un chanceler maior de Castela e León, o infante don Pedro, seu irmán; tampouco hai notarios maiores, pero si unha persoa que como tal leva a cabo a revisión documental, o abade de Valladolid Gómez García, despois notario maior de León. Ordenan a redacción dos documentos a Pedro Sánchez, que logo será escribán de cámara dependente

directamente do rei; Roy Martínez, sancristán de Valladolid, e Juan Martínez (rexistración?). A súa prudencia fai que non emita privilexios rodados, pero si emprega o selo de chumbo para validar privilexios non rodados e cartas chumbadas, pero só despois da deposición do seu pai, en abril de 1282.

Xa rei de pleno dereito, impón unha política fiscal reformada xa iniciada con Afonso X e reorganiza o funcionamento da cámara real, á fronte da cal está un notario maior da cámara ata as Cortes de Haro de 1288, e dende aquela un camareiro maior, que actúa baixo a supervisión do mordomo maior. Non aparece o arcebispo de Santiago como chanceler de León, pero si o de Toledo, xa en 1286, Gonzalo García Gudiel, que dende finais de 1290 será de Castela, León e Andalucía; e máis tarde, ata finais de 1290, o bispo de Palencia don Juan Alfonso, co que segue a ausencia de próceres leoneses na corte, tanto máis galegos, como sucede na chancelería da "poridat". Notarios maiores de León son o abade de Valladolid, separado por traizón en xuño de 1286, e dende setembro o bispo de Astorga, antes notario de Andalucía. De Castela, Fernán Pérez de Maimón ata 1290, bispo de Sigüenza e deán de Sevilla. A finais de 1289 o bispo de Palencia Juan Alfonso. De Andalucía Martín, bispo de Calahorra (1286); Xoán, bispo de Tui (1286-1290); volvے Martín (1290). As tres unidas: Martín González, bispo de Astorga (1290-fin reinado). Da cámara do rei: Gil, bispo de Badaxoz (1285-1288). Outros subalternos mandan escribir o documento, quizais substituíndo ao chanceler e aos notarios maiores. Hai dúas fórmulas diversas: *La mandó fazer*, refírese á *actio*; *la hizo escribir*, á *conscriptio*. Tamén hai revisores e rexistradores. Coas Cortes de Haro (1288) prodúcese unha novedade na cámara real, a aparición do camareiro como responsable da administración do patrimonio real, rendas e dereitos reais, que ordena a expedición de documentos. ao seu lado están o mordomo e o despenseiro maior.

De Fernando IV, simplemente por cronomoxía (1295-1312), interésanos a minoría (6\1295-12\1301). O chanceler do rei é Roy Pérez de Atienza, o de León, o arcebispo de Santiago frei Rodrigo González, e o de Castela, o de Toledo. Os notarios: de León, o bispo de Astorga; de Castela, un leigo, un alcalde do rei; de Toledo, Fernán Gómez durante todo o reinado; de Andalucía varias persoas ao longo do período.

Pasemos agora ao documento privado (diplomaticamente), o más importante para nós tanto dende o punto de vista diplomático e xurídico coma do lingüístico. As súas orixes en época medieval hai que poñelas na aparición do *notarius publicus*, no que Bono Huerta chama "renacimiento legal del siglo xii" (1979: 165ss). En Galicia xa atopamos notarios que seguen a canonística do XII, unida a París, e a decretalística romana. Isto demóstrao o primeiro notario de Galicia que atopamos en Santiago en 1162, Lopus Arie, de nomeamento episcopal. ¿Por onde entrou o concepto do notario como

persoa pública que redacta o documento público? Atreveríamonos a dicir que polo Camiño de Santiago, onde chegan tanto a influencia francesa como a romana e conflúen na escola episcopal compostelá que se remonta ao século anterior e que se pon ao día. E non é de estrañar que precisamente sexa na outra cidade galega episcopal máis próxima ao camiño onde apareza o segundo, Lugo, co subdiácono e cóengo Pelagius Sebastiani, do bispo e curia, que segundo os datos actuais comeza a súa carreira en 1193. Xa case quince anos máis tarde, en 1207, achamos o primeiro de Ourense, Arias Mi-guez, tamén do bispo e curia. Xa con posterioridade atópanse notarios nos mosteiros galegos.

Pero ademais hai outras categorías de notarios, os reais, que desenvolve Afonso X sobre todo nas *Partidas*, que Bono (1979) considera “la más completa formulación en la materia [notariado] en Occidente”, pero que antes xa aparece no *Fuero Real* (1255) e o *Espéculo* (1260). A xuízo de Lucas (1989: 331-480), a institución do notariado atopámola en Galicia con posterioridade ao *Fuero Real*¹². Finalmente están os notarios do Concello, que “cabe suponer que ... consideraron parte de sus derechos el nombramiento de escribanos o notarios, como responsables de la administración de los documentos, por delegación del rey” (Lucas Álvarez 1989: 343-344)¹³.


Outros documentos que poderíamos considerar aquí serían os episcopais e os xudiciais, pero non imos tratar deles xa que falta un estudo serio de ambos os dous para este momento, a pesar de que varios autores xa os trajeron con anterioridade (Riesco Terrero 1995, Prieto Morera 1992, Sanz Fuentes / Calleja Puerta 2004: 113-136).

12. O primeiro que atopamos en Galicia, segundo Lucas (1989: 337), é o de Asma, Xoán Domínguez (1257-1300); en Santiago non asoman ata 1279, con Iohannes Martini (Lucas 1989: 441). Porén, xa atopamos con anterioridade un en 1240 na área de Pontedeume: vid. Fernández de Viana y Vieites / González Balasch (1999: 139-141).

13. No traballo no que nos fundamentamos deste autor dá como probables os primerios en Ribadavia, Martinus Alviti, “scriptor Burgi” (1223/12/19) e Iohannes Nunonis o Munonis, “notarius Burgi” (1233/3/00), 435, e xa sen dúbida en Monforte a Iohannes Martini, “notarius concilii Montis Fortis” (1243-1246) (Lucas 1989: 398).

[1200]

Carolina códices, Santiago, Arquivo Histórico Universitário de Santiago, fol. 10r.
Tumbo de Samos, escrito en 1200



1136. setiembre. 1.

Minúscula carolina documental. Santiago, Archivo Parroquial de Sar, nº 2.

21 anno dñi nři dñi xpi. Hora sre ueroitatis qđ dños gratias nři dñis de
gratias qđ exhortatio dñis nři dñis ueroitatis qđ dños gratias nři dñis plementa uelutina et
firmitate redidit. Nostro dñm dñs iusti et ueritatis qđ exhortatio dñis de
exhortatione per in fca et popt per et uox sua exhortatione popt uerba dñi uia
de uobis popt illi capitulo de exhortatione de belissimo popt. qđ in deuotissimis uocis
per uocem nři et exhortatione uocem magis. qđ popt ut et ab exhortatione dñi et
nři uocem. qđ exhortatione de exhortatione quia ipa mōr uocem nři exhortatione
et popt magis hinc qđ popt et. magis habeamus et proficie pſſimatis su
fusq; dñs dñs et dñs popt et. exhortatione uocem. fuit pſſimis tunc
neq; uocem ea qđ amio uocem uocem de ea exhortatione facient qđ uocem de popt
exhortatione qđ uocem popt et pſſimatis.

21 et qđ hinc uocem. nři dñi dñs exhortatione uocem dñs fuit pſſimis
et ut uocem uocem et popt et popt exhortatione duplata. capta pſſimatis uocem
magis in sua uocem pſſimatis fuit exhortatione. Et uocem qđ uocem exhortatione
hinc exhortatione magis uocem.


Exhortatione et exhortatione popt popt et exhortatione exhortatione. Et uocem exhortatione
popt exhortatione et popt et exhortatione exhortatione. Et uocem exhortatione
popt popt et exhortatione exhortatione. Et uocem exhortatione exhortatione.

Exhortatione et exhortatione exhortatione exhortatione exhortatione exhortatione exhortatione



[h. 1222-1223]

Gótica textual, Madrid, AHN, Coruña, Antealtares, 522/14.



1228 abril


Minúscula diplomática caligráfica. Madrid. AHN. Ourense. Oseira. 1516/13.

l'ada q pagina n' febunt: facile a monstra elabunt. La p[er]f[ect]a fide
m[er]ita est p[ro]fessio de ora de jure et[em]p[er]ia et[em]p[er]ia fructu seu efficiu factu
est. P[er]o uelatq[ue] la[re]ta et[em]p[er]ia de illa loco qui d[icitur] la[re]ta de r[ati]onate
de p[er]a. Tali q[uod]itatem us ibi planetis uirte et[em]p[er]ia de illa q[uod]itatem p[er]pet
uam sine de uis s[ecundu]m de omni fructu p[er] maiestatem sua et[em]p[er]ia habeat
illam iure h[ab]ituatio. Tali p[ro]posito q[uod]d[icitur] sup[er] nrauim? It[em] mox
in tua reuincies illam uis hoc quocunq[ue] uoluis et[em]p[er]ia det de illa e
ciam parte uis aut de uis, sine uis uero sp[irit]itu. Post morte
istius assignet iste alijs et[em]p[er]ia de illa medietate uis s[ecundu]m de uis
Si t[em]p[er]is noluis laborare aut ultimū fructu ubi h[ab]et noluit
remaneat in illa p[ro]fessione ubi ego fernandus m[er]itus mandauis
Id dico q[uod] si ultimum fructu uolueris uende ut obligari uende
et obligari in ut q[uod] remuere manu uoce si uolueris eme ut obligari
ultro p[re]cio et[em]p[er]i noluit eme nec obligari uenda ut obligari
tali loco un[us] ego ut manu uoce habeo hoc fructu q[uod] sup[er] no
minalium i p[ar]ce. Q[uod] haec p[ar]cum frigidi p[er]det alio p[ar]ce
et[em]p[er]i. et[em]p[er]i k[on]tra remaneat in sua statu Due flue fructu. In
et[em]p[er]i. cc. lx. iii. Begrance regre. d. Tenebre luna et[em]p[er]i
lunam. In aurora eccl[esi]a. In eccl[esi]a adde p[er]petuam. In rame
panet ora maria fructu. Et[em]p[er]i. M[er]ita qui non

<i>Lathyrus</i> pet.	<i>Lathyrus</i>	<i>Lathyrus</i>
<i>frumentorum</i>		
<i>monocarpus</i>		
<i>monocarpus</i>		
<i>monocarpus</i>		


1225.

Minúscula diplomática caligráfica, Madrid, AHN, Clero, Coruña, Antealtares, 519/15.



1241, abril, 8-25.

Minúscula diplomática caligráfica, Santiago, Arquivo de San Francisco, Santa Clara.



1257, diciembre, 26.

Minúscula diplomática currens > cursiva, Santiago, Arquivo de San Francisco, Santa Clara.

1299. noviembre.

Gótica currens documental. Madrid. AHN. Ourense. Oseira. 1538/12.

ENTRE O LATÍN E O ROMANCE

LATÍN E ROMANCE. ASPECTOS XERAIS

José Antonio Puentes Romay

Universidade de Santiago de Compostela

1. Quero comenzar por agradecer ao ILG a invitación que me fixo para intervir neste coloquio, aínda que o tema proposto non é doado de expoñer. Cando se fala das relacións entre romance e latín non é infrecuente partir deste último como dunha realidade estereotipada e baseada nos textos literarios “clásicos” tal e como se nos presentan nas modernas e pulcas edicións críticas. Por un lado, parece querer entenderse que ese é “todo” o latín, sen ter en conta que se trata da lingua literaria, froito dunha lenta e multidireccional elaboración e da que, supostamente, conservamos só os textos de máis alta calidade; por outro, pasando por alto que as edicións actuais que manexamos son o punto final a— ta agora— dun longo proceso de tradición manuscrita: os exemplares máis antigos con que contamos son, na súa maioría, de entre os séculos x e xii, cando non máis tardíos, cunhas escasísimas excepcións que se retrotraen non máis aló do s. iv da nosa era.

O proceso de copia non foi unha mera transposición literal e exacta: se se copian os textos é porque se len, non por curiosidade arqueolóxica, xa que a carestía dos materiais non permitía eses luxos. E se se len, procúrase hoxe e tamén— facilitar no posible tal traballo ao lector adaptándoo máis ou menos aos usos ortográficos e gramaticais do momento. Todo isto, ademais, vai acompañado dos posibles errores de interpretación, errores materiais de escritura, interpolacións, escolios, etc.

Polo demais, apenas contamos con algún testemuño de escritos non literarios sobre material brando ata finais da Antigüidade. Contamos, iso si, cunha boa cantidade de material epigráfico, pero a súa linguaxe é na maior parte dos casos moi estereotipada e relativamente afastada da fala espontánea e informal. Dito claramente: non temos unha idea coherente do que era a lingua falada, dos seus distintos rexistros, das súas variacións no espazo e no tempo. Só contamos cunha serie de datos dispersos que nos permiten concibir unhas ideas algo vagas e, por se fose pouco, sen que haxa sempre unanimidade na súa interpretación.

Nin sequera é moi afortunada a denominación s— upostamente xa canónica— desa realidade: o termo *latín vulgar* naceu cargado de connotacións negativas e asociouse axiña por moitos a unha etapa tardía da lingua. É certo que conforme nos aproximamos ao final da Antigüidade vai aumentando o número de textos non literarios ou menos literarios e, con eles, as mostras de trazos que se apartan do gramaticalmente correcto, pero desta evidencia infírese en non poucas ocasións a súa asociación automática co carácter tardío, perdendo de vista que o que temos é, en realidade, máis mostras deses fenómenos e non tanto de más fenómenos.

A cuestión, polo tanto, da relación entre latín e romance débese enfocar como un *continuum* histórico desde as mostras más remotas no tempo do latín e a floración do romance a partir do s. VIII, especialmente detectable no material documental. A lingua literaria debe, en consecuencia, entenderse como unha superestrutura, debaixo da cal se agacha unha realidade lingüística que só podemos observar a través de pequenos furados protexidos con cristais afumados. Algo podemos ver e ímolo intentar.

2. Desde a data da fundación de Roma (753 a.C.) ata o s. IV a.C. carecemos virtualmente de calquera información sobre o latín. Os primeiros textos literarios, en verso, responden a unha *imitatio* de temas e formas literarias gregos e, desde logo, parece estar ben claro que non responden a unha mera posta por escrito do que era a lingua de uso común: só en certas pasaxes de Plauto podemos percibir unha certa aproximación que non se debe confundir con reproducción fiel. A lingua destes textos responde más ben a un embrión de canon literario resultado da tradición, que non conservamos por escrito, das fórmulas relixiosas e xurídicas e ademais, aos efectos do que aquí nos interesa, non temos ningunha garantía ~~ni~~ áis ben todo o contrario— de que respondan en todo ao seu aspecto orixinario.

Contamos paralelamente con inscricións que, para sorpresa de moitos, subministran información segura sobre a verdadeira antigüidade de fenómenos atribuídos moitas veces a épocas más recentes. Vexamos algúns exemplos:

1. Q. K. *Cestio Q. f. Hercole dono [d]edero* (sec. III a.C.)
2. C. *Aurilius C. f. praitor iterum didit eisdīm consl probauit* (202 a.C.)
3. M. *Foluius M. f. Sr. n. Nobilior cos. Ambracia cepit* (189 a.C.)
4. Coronicei T. Terentius L. C. l. *donom mereto dedet.* (167 a.C.)
5. C. *Manlio Acidino cosol pro poplo Arimenesi.* (190 a.C.)

Sen ánimo de ser exhaustivo, observamos fenómenos como a vacilación entre os timbres vocálicos *e/i* e *o/u*, omisión de *-m* final en *dono*, ausencia de *-s* final en *Cestio*, ausencia de *-n-* ante *-s-*, síncopa en *poplo*, todos os ca-

les poden resultar moi familiares aos que estean afeitos a traballar con textos “protorromances” tardíos, áinda que a presenza de formas como *praitor* ou *Coronicei* delatan o seu arcaísmo.

Con estos exemplos pódese ver, como digo, que unha serie de fenómenos que moitas veces se atribúen a unha época tardía están testemuñados desde época moi temperá. É necesario sinalar aquí, polo menos, dúas cousas. A primeira é que, a pesar do devandito, estes textos non poderían pasar por tardíos, pois, á beira de tales fenómenos, aparecen outros que son testemuña incontrovertible da súa antigüidade: as formas *praitor* ou *Coronicei* móstrannos dous ditongos *-ai-* e *-ei-* que son necesariamente arcaicos. A segunda é que, pola época á que pertencen, áinda non está constituída unha norma da lingua literaria ou, polo menos, a norma que se chegou a impo co tempo. A partir deste postulado, convén pór de relevo a idea, xa mencionada más arriba, do *continuum* histórico da lingua de uso común, non literaria ou, cunha denominación moi equívoca, pero que se fixo moi coñecida, “vulgar”.

3. Isto lévanos a abordar unha cuestión crucial, coñecida e ata obvia para calquera latinista, pero, polo que se pode apreciar, non tan asimilada no ámbito da Romanística: o papel da lingua literaria na historia do latín ata o romance. E isto é, sinxelamente, que tal lingua literaria ou, noutras palabras o latín que estudamos, o latín dos textos literarios, non se pode considerar, sen máis, unha etapa da evolución do latín. É algo paralelo a ela, áinda que non illado dela: ás veces cáese tamén no erro contrario á postura que via mos, considerando a lingua literaria como un cúmulo de artificiosidades que, levando isto ás súas últimas consecuencias, sería incomprendible para a maioria dos contemporáneos. Convén, xa que logo, que nos deteñamos un pouco aquí.

Os primeiros textos literarios que coñecemos sitúannos entre os séculos III e II a.C., áinda que tanto a obra de Livio Andronico ou de Nevio chegou nos moi fragmentariamente e sempre mediante citas doutros autores, co que o primeiro autor que podemos coñecer ben é Plauto. Sobre este autor fixéronse algunha vez xeneralizacións precipitadas sobre a posición que ocupa a súa lingua, atribuíndolle unha total fidelidade ao latín coloquial da súa época, sen ter en conta que, en primeiro lugar, é unha adaptación da Comedia Nova grega; que, como tal, presenta unhas formas métricas adaptadas do grego, de gran complexidade en moitos momentos; que hai en moitas pasa xes unha boa dose de parodia da linguaxe oficial ou relixiosa; que o reflexo da fala coloquial non pasa de ser unha aproximación, sen que nos poidamos facer unha idea exacta do rexistro no que se sitúa. Por se todo isto fose pouco, os seus textos non correrón sorte distinta aos doutros autores na súa

transmisión: cando se copia un texto é porque hai interese en lelo; cando hai interese en lelo procúrase facilitar esa lectura e, para facilitar a lectura, consciente ou inconscientemente aproxímanse -non se igualan- os distintos compoñentes (grafía, morfoloxía, etc.) aos usos propios do momento da copia, evitando, en xeral, desvirtualo, máxime cando está composto en verso, aínda que isto último ten uns límites pouco precisos. Este proceso dura ata hoxe mesmo: non hai máis que ler o prólogo da edición de Lindsay (1959, Oxford) para ver como se regularizou a grafía e como esta se adaptou para evitar confusións prosódicas.

A este respecto convén recordar que as copias más antigas de textos literarios latinos de que dispomos non remontan na maioría dos casos a máis atrás dos séculos xi-xii, que as excepcións más antigas (moi poucas) non van más aló do século iv e que os escasos papiros antigos que conservamos son poucos e fragmentarios. Ademais, as modernas edicións críticas tenden a fixar os textos cuns criterios de estandarización que non sempre teñen en conta sequera testemuños explícitos da Antigüidade. Todo iso contribúe a que hoxe se teña unha idea moi estereotipada do latín literario.

Pero repasemos agora algúns aspectos da súa formación que nos poidan interesar aquí. Desde os primeiros séculos da existencia de Roma ata a aparición dos primeiros textos literarios vaise configurando unha tradición de lingua formal ligada á relixión e ao dereito. No primeiro caso trátase de fórmulas rituais e *carmina*, isto é, cánticos, como o dos Salios ou o dos Fratres Arvales; no segundo, de leis e fórmulas xurídicas, cuxo primeiro representante coñecido é a Lei das xii Táboas. A característica común é que se trata dunha lingua enormemente conservadora en léxico e morfoloxía e na que domina a construcción paratáctica, o asíndeto e a acumulación de termos nominais ou verbais que pretenden recoller todo matiz posible. En canto ao léxico, este responde ás características dunha lingua propia dunha comunidade basicamente formada por agricultores, cunha notable riqueza no campo semántico de tal actividade e cunha non menos notable pobreza en termos abstractos: esta última característica acompañará ao latín ao longo de toda a súa historia como lingua viva e non se superará totalmente ata a Baixa Idade Media. Debido a iso, hai unha tendencia moi marcada ao predominio das expresións de tipo concreto, por exemplo *ab urbe condita*, ou todas as formadas a base de sintagmas nos que se contén a palabra *res*.

Os primeiros textos literarios están claramente marcados por estas características. De entre elas, o predominio do conservadorismo e do arcaísmo (*a uetustas*) son quizais os alicerces básicos do estilo e, en boa medida, o patrón básico de norma, o que, en definitiva, en unión co ritmo, os afasta da lingua, mesmo culta, de uso normal do seu tempo. As características desta, como xa dixemos ao falar de Plauto, escápansenos na súa maior parte, pero

quizais sexa importante insistir no feito de que, salvo a *uetustas* e unha certa *auctoritas* da tradición formular non parece existir áinda un concepto claro de codificación da lingua e unha mínima normativa.

Xustamente a procura desta é un proceso que, en gran medida, culminará con Cicerón. Contemporáneo deste autor é Varrón e a el débese a primeira obra de reflexión sobre a lingua latina que coñecemos, áinda que só nos chegou un terzo dela. Aparecen alí dous conceptos tomados da tradición helenística: analoxía e anomalía. Neles sustentáronse os criterios para a edición e corrección dos textos da literatura grega e tamén Varrón se apoia neles para o estudo do incipiente corpus literario latino. Pero vai máis aló: fai ver que unha e outra tendencia, aparentemente antagónicas, están presentes na lingua en constante tensión e que, ademais poden constituir un criterio sólido no que sustentar a base da norma, moi especialmente no campo da morfoloxía. Cicerón, pola súa banda, achega o concepto da *urbanitas*, que vén ser o *usus* ou *consuetudo* lingüística das persoas cultas de Roma e móstrase contrario ao predominio da *uetustas*, todo o cal queda plasmado na práctica da súa extensa obra. Merece destacarse tamén a importante achega de César, renovador da prosa literaria en liñas moi semellantes ás de Cicerón e partidario fervente do predominio da analoxía, como parece plasmar na súa obra *De Analogia*, infelizmente perdida pero sen dúvida moi influínte: aquí poderíamos atopar a base da preferencia de formas como *nouisse* fronte a *nosse*, *noueram* fronte a *noram*, *amauisti* fronte a *amasti*, etc. Todo parece indicar que estas formas “plenas” eran más ben artificiosas e opúñanse ás formas “curtas”, más propias da lingua de uso común, tendendo a desprazalas paulatinamente da norma da lingua literaria.

No que se refire ao léxico, dáse un progresivo esforzo para adaptalo á comunicación das novas realidades da sociedade romana. Para iso, os procedementos son varios. En primeiro lugar, conferindo un sentido abstracto a expresións orixinariamente moi concretas referentes na súa maioria ao ámbito agrícola:, inicialmente “podar” ou “rozar” pasa a significar “pensar”; *legere* pasa de “coleitar” a “ler”; *liber* pasa de “cortiza” a “libro”. En segundo lugar están os préstamos gregos, uns introducidos desde moi antigo por vía popular, como *purpura*, outros por vía literaria como *philosophia*, *historia*, etc. Un caso especial, moi practicado por Cicerón, é o calco semántico de palabras gregas: á parte de termos como *rectangulus* ou *magnanimus* está algúns cuxa inexistencia en latín difícilmente poderíamos imaxinar hoxe, tal é o termo *qualitas*, que Cicerón crea, seguindo o modelo grego, do interrogativo *qualis*. Agora ben non todas estas creacións tiveron o mesmo éxito: a título de exemplo, como alternativas á adopción pura e simple do termo grego *etymologia*, que acabou impóndose, ensaiáronse *notatio* e *ueriloquium*, que pronto caeron en desuso.

Pero non só as posicións teóricas e a prosa foron motores da creación da norma. A poesía da época dos Neotéticos supón tamén unha renovación non só de temas, senón tamén da lingua. Limítase moito o arcaísmo, deixándoo como toque estilístico en doses moi medidas, dáse carta de natureza a moitas palabras gregas, adóptanse máis metros gregos e búscase a perfección formal. Estas características veranse potenciadas nos grandes poetas clásicos, cuxas obras pronto se considerarán modelos a imitar.

Isto último, referido tanto a prosistas como a poetas, que se converten en canónicos, dá lugar ao criterio da *auctoritas*, criterio que, unido equilibradamente aos xa mencionados (*uetustas*, analoxía ou *ratio*, e *consuetudo*), completa o balance das bases nas que se apoia a norma da lingua literaria (*o recte loqui*), e que, á súa vez, é a base imprescindible para a propia creación literaria e para o que é o seu punto de apoio fundamental: a oratoria, cuxa teoría e práctica se codifica na *ars bene dicendi*, isto é, a retórica.

Chegados a este punto, creo necesario facer dúas consideracións. A primeira é que, a pesar das apariencias, a normativa lingüística nunca chegou a ter o grao de rixidez ao que hoxe en día estamos afeitos, especialmente na nosa contorna máis próxima. E é que as apariencias ás que me refiro son as que nos veñen dadas por unha tradición gramatical que se fai especialmente selectiva a partir do Renacemento, tanto no terreo da ortografía, como da morfoloxía ou da sintaxe. Esta última baséase maioritariamente nos usos de Cicerón e as outras dúas quixérонse presentar como apoiadadas no mesmo criterio. Nada máis lonxe da realidade, pois a pouco que leamos textos gramaticais, comezando por algunha pasaxe do *Orator*¹ do propio Cicerón ou polo que nos di Quintiliano no libro I da *Institutio Oratoria*, convencerémonos de que iso non era así e que numerosas variantes ortográficas e morfolóxicas distaban moito de estar condenadas ao ostracismo. Vexamos algunas mos-tras:

¶.. et medius est quidam u et i litterae sonus (non enim sic *optimum* dicimus ut *optimum*), et [in] *here* neque e plane (1, 4, 9) neque i auditur; (QUINT. inst. 1, 4,9).

Sciat etiam Ciceroni placuisse *atio Maiiamque* geminata i scribere: quod si est, etiam iungetur ut consonans. (QUINT. inst. 1, 4,12).

Inhaerent tamen ei [sc. analogiae] quidam molestissima diligentiae peruersitate, ut ‘audaciter’ potius dicant quam ‘audacter’, licet omnes oratores aliud sequantur, et ‘emicauit’, non ‘emicuit’, et ‘conire’, non ‘coire’. His permittamus et ‘audiuisc-

1. Cic. Orat. 160-162.

se' et 'sciusse' et 'tribunale' et 'faciliter' dicere; 'frugalis' quoque sit apud illos, non 'frugi': nam quo alio modo fiet 'frugalitas'? Idem 'centum milia nummum' et 'fidem deum' ostendant duplices quoque soloecismos esse, quando et casum mutant et numerum: nesciebamus enim ac non consuetudini et decori seruiebamus, sicut in plurimis quae M. Tullius in Oratore diuine ut omnia exequitur. Sed Augustus quoque in epistulis ad C. Caesarem scriptis emendat quod is 'calidum' dicere quam 'caldum' malit, non quia id non sit Latinum, sed quia sit odiosum et, ut ipse Graeco uerbo significauit, περίεργον. QUINT. inst. 1, 6, 16-19).

A segunda consideración é o papel da escola. Todo o procedemento de aprendizaxe tiña como base os textos literarios considerados canónicos (sen esquecer o coñecemento do grego), polo que o mero feito de aprender a ler e escribir supuña xa de entrada unha toma de contacto inmediata coa lingua literaria e moi especialmente coa poesía. Así, os que chegaban a alcanzar e superar o nivel máximo (o da escola do rhetor) adquirían o seu dominio activo e pasivo; os que quedaban nun nivel intermedio alcanzaban como mínimo un dominio pasivo e tamén activo nun nivel más ou menos aceptable e, para rematar, quen nin sequera estivese escolarizado tiña polo menos a ocasión dun grao de asimilación más ou menos consciente oíndo aos oradores no foro ou assistindo a representacións no teatro.

Todo iso supón que, en distintos graos, a lingua literaria non fose algo alleo a ningunha capa da poboación romana. Non era, desde logo, alleo, pero, en paralelo, non é fácil crer que a lingua de uso normal e diario das persoas más formadas fose precisamente a lingua dos textos literarios: en todo momento as fontes fálannos do *sermo cotidianus*, cuxa variedade, está claro, alcanzaría polo menos os mesmos graos que podemos ver na nosa sociedade actual. En todo caso, e ata no seu nivel más elevado, podería manter vocábulos e formas excluídos da lingua literaria e tamén dar cabida a evolucións que difícilmente se poderían admitir nesta. Agora ben, resúltanos moi difícil facernos unha idea exacta do alcance de todo isto, pois as noticias que temos son moi escasas: por unha banda, os poucos textos -sempre moi curtos- que nos chegaron, ata os graffiti pompeianos, deben observarse con coñecido, pois o mero feito de escribir supón sempre un intento -con maior ou menor éxito- de aproximación ao ideal de norma que propugna a escola. Con todo, podemos observar algúns trazos que nos mostran que certos fenómenos que volveremos achar en textos de comezos da Idade Media xa se daban daquela. Por exemplo:

— Myrtle, *habias propitium Caesare*.

— Hec uenatio *pugnabet* V k. *septembres* et Felix ad ursos *pugnabet*.

Por outra banda, os textos gramaticais que nos chegaron son fundamentalmente normativos, polo que non abundan, nin moito menos, as noticias sobre realizacións “vulgares”.

Este termo que acabo de utilizar, isto é, o de *latín vulgar* é xustamente o que acabo de mencionar: a lingua de uso común e non literario, que debe entenderse como un amplio complexo de rexistros e carente de toda connoición cronolóxica. Abarca, xa que logo, o latín falado en todo momento da súa historia e do que, por razóns obvias, só podemos alcanzar unha visión moi borrosa e imprecisa, de acordo co que acabo de dicir. Ao seu lado, a lingua literaria, que si coñecemos, forma unha superestrutura que non se pode considerar como unha etapa da evolución que puidésemos chamar “natural” do latín, pero que ten as súas etapas propias, dúas das cales xa describín: a arcaica e a da normativa que culmina nas súas liñas xerais coincidindo co final da república, e que podemos estender ata ben entrado o século II d.C., á cal se denomina comunmente *latín clásico*, todo o máis facendo unha distinción especial do de Época Imperial e que en liñas xerais pode caracterizarse pola súa maior estilización e consecuente afastamento do *sermo cotidianus*.

Nese momento, con todo, irrompe unha corrente paralela de latín escrito, como é o latín cristián ou, quizais más exactamente, o *latín dos cristiáns*, no que podemos distinguir dúas vertentes: un primeiro momento, por unha banda, no que a lingua escrita ten pouco en conta os modelos literarios ao uso e, polo tanto, aproxímase á lingua de uso normal, sen que isto supoña a súa identificación con ela, aínda que pronto tenderá a volver a eles; en segundo lugar -e isto é válido para ambos os momentos- está a incorporación dunha serie de tecnicismos novos e propios do cristianismo, xa sexa por incorporación de préstamos hebreos, p. ex. *abba* ou, en maior medida, gregos, tipo *baptisma*, *ecclesia*, xa sexa por encher con novos significados distintos termos latinos preexistentes, tales como *anima* ou *gloria*, por pór só doux exemplos. En calquera caso e unha vez incorporada a lingua da literatura latina cristiá ás correntes literarias do momento, podemos falar de *latín tardío*, denominación que estendemos ata o momento en que a lingua falada deixa de ser latín para pasar a ser as distintas variedades romances.

4. O verdadeiramente difícil é decidir cando ocorre isto. Non parece moi verosímil, dada a extensión do Imperio e a diversidade de pobos romanizados, coas súas distintas linguas, que o latín falado fose uniforme en toda a súa extensión, aínda que iso non significa que non fose intercomprensible; é máis, a pervivencia das comunicacións fluídas, da administración imperial e da organización escolar contribuíron decisivamente ao mantemento dunha unidade lingüística. A norma e o ideal de perfección son únicos e uniformes,

polo que o latín escrito apenas coñece diferenzas locais; a realización oral de cada provincia ou zona era cousa distinta e diso temos, xa desde Cicerón, testemuños xenéricos, áinda que, por desgraza, carentes de detalles: todo o máis, algunha referencia léxica como a que nos dá Quintiliano² do uso hispánico da palabra *cantus* para o canto da roda (e nótense, de paso, a pervivencia do termo).

Sen entrar en diferenzas locais, os testemuños que nos dan os textos gramaticais sobre *uitia* que deben ser evitados distan bastante de ser moi explícitos. Pero hai algúns. Así, nun texto atribuído a Terencio Escauro (s. II d.C.)³ dánsenos indicacións sobre usos correctos das preposicións á beira dalgúns incorrectos. Outro texto, coñecido xeralmente como *de uerbis dubiis* e atribuído (dubidosamente) ao gramático Caper⁴ do mesmo século achéganos unha serie de formas ordenadas alfabeticamente con indicacións sobre o seu xénero gramatical, nuns casos, sobre a súa ortografía, en moitos, ou sobre a súa etimoloxía, nuns poucos, ou sobre a súa flexión: nalgunhas delas contrapón a forma correcta á incorrecta. Por exemplo:

a) No terreo del léxico:

- accipiter, non acceptor
- adventicia caena, non adventoria
- cucumis, non cucumer
- palmus in mensura, palma in manu
- sternuit, non sternutat

b) No terreo da morfoloxía:

- bracas, non braces
- elephantus, non elephans
- cardo hic, non haec
- dorsum, non dorsus

c) No terreo da sintaxe:

- aemulor illum, non illi
- mereor de te, mereo aera
- quatinus coniunctio causalis est, quatenus [adverbium] loci aut temporis.

2. QUINT. inst. 1,5,8.

3. GLK VII, 29-33.

4. GLK, VII, 92-112.

d) No terreo ortográfico:

adstringe, non astringe
ebur, non ebor.

Máis coñecido é, con todo, o texto tradicionalmente denominado Appendix Probi, transmitido ao final da *Ars de Probo*⁵ (s. iv d.C.), pero sen datación segura. Adoita considerarse como unha fonte preciosa de vulgarismos, pero isto, do mesmo xeito que no texto do pseudo-Caper, debe observarse con cautela, pois un e outro son recompilacións casuísticas do que no seu momento é ou, polo menos se considera como, formas ou construcións correctas, independentemente de que a forma rexitada sexa realmente un vulgarismo ou de que a forma preconizada sexa, en ocasións, a que en toda a tradición do latín pase por más correcta. Ocorre, en efecto, que certas formas rexitadas son simplemente ultracorrectas, caso entre os exemplos que acabo de pór, de *elephantus non elephans, bracas non braces*, ou ben froito de disquisicións teóricas como é o caso de certas formas en *-ur*, *xene*, *-oris*, como *ebur* ou *robur*, para as que algúns propugnaban nominativos tamén en *-or* (p. ex. *ebor*) ou, pola contra, a xeneralización do cambio vocalico incluíndo así unha forma *marmur* no canto de *marmor*, como se ve en *App-Pr. 1: porphyreticum marmor non purpureticum marmor*, onde, por certo, a forma *purpureticum* responde á más vella tradición latina. Noutras moitas ocasións, a cuestión exposta é puramente ortográfica: a título de exemplo mencionarei simplemente *uir* non *uyr* (120), preferida esta última por quien pretendía representar con maior exactitude o son da vogal, ou ben *labsus* non *lapsus* (205) e *plebs* non *pleps* (181) e outras similares, motivadas pola discusión sobre como debía representarse por escrito o grupo de labial + *s*; por certo que, neste caso, prima o criterio que poderíamos chamar etimológico, o da *ratio*, fronte á *consuetudo* que prefería *lapsus* (pero *plebs*).

5. Pero retomemos o fío do que viñamos dicindo. A partir do momento en que fallan os factores de cohesión xa mencionados, as diferenzas acentúanse. Claro está, os efectos disto non son repentinos nin a cohesión se debilita por igual en todas as zonas. Por iso non ten sentido falar de datas, mesmo sexan estas aproximadas, aínda que, convencionalmente, adoita dicirse que ata o ano 600 d.C. non hai maior dúvida sobre a unidade (insisto, non uniformidade) e que a partir do 800 produciuse a fragmentación, quedándonos no medio unha zona sombría e indeterminada.

A medida que nos aproximamos a esas datas críticas de finais da Antigüidade e comezos da Alta Idade Media imos contando cunha maior presenza

5. GLK IV, 197-199.

de textos escritos non propiamente literarios. A súa falta de corrección (moitas veces máis aparente que real) conforme á norma da lingua literaria fixo pensar tradicionalmente nun derrubamento precipitado do edificio da lingua latina acusado cunha serie de termos pexorativos como avulgaramento, corrupción ou descomposición, sen que se tivese en conta ata época bastante recente que de momentos anteriores só nos chegou o máis selecto e representativo. Se paulatinamente a masa de escritos que nos chega aumenta, aumentan tamén as posibilidades de que non nos chegue exclusivamente o mellor. Para sorpresa de moitos, ademais, este material tardío posúe unha serie de parecidos moi notables con algúns dos trazos que comentabamos ao principio desta exposición referidos a inscrícionés arcaicas. Tradicionalmente tendeuse a considerar estes trazos comúns como realidades diferentes: os arcaicos como mostras da lingua “en formación” e os tardíos como mostras da “lingua en descomposición”. Realmente non parece haber ningunha razón seria que avale estas afirmacións e si, en cambio, motivos de peso para consideralos como mostras dunha continuidade que nos queda enmascarada pola paréntese que supón a lingua literaria. Paréntese que é moito más aparente que real e que se debe, máis que a outra razón, á escaseza de mostras non literarias no período de florecemento dos grandes escritores ou, quizais mellor áñda, á interpretación, xa mencionada, do “latín clásico” como un período máis na evolución da lingua.

Unha afirmación tópica que podemos atopar en distintos manuais de historia da lingua latina ou de latín tardío e medieval é a de que en época tardía a ortografía pouco menos que deixa de existir, dando lugar a un auténtico caos. Creo ter demostrado en máis de unha ocasión a absoluta inexactitude de tal afirmación, pero como sei por experiencia que a crenza áñda perdura, vou recordar aquí os puntos fundamentais que deben terse en conta:

- 1º A pesar das apariencias baseadas no aspecto gráfico das nosas actuais edicións críticas, en latín nunca chegou a haber unha normativa ortográfica totalmente ríxida. Isto pode comprobarse: a) coa lectura de inscrícionés; b) cos testemuños dos textos gramaticais, especialmente os que se refiren ás cuestiós ortográficas; c) coa lectura de manuscritos e d) coa simple lectura dos prólogos de moitas edicións críticas, onde se indican os criterios de unificación gráfica escollidos polo editor.
- 2º En consonancia co que antecede, existiron ao longo de toda a historia do latín insecuridades, vacilacións e controversias ortográficas, á vez que determinadas convencións puramente visuais. É moi significativo, por exemplo, o conservadorismo da linguaxe xurídica e legal, polo

menos ata finais da República, que neste terreo se manifesta no manteamento de grafías como *ai*, *ei* e *oi* que, polo menos nos dous últimos casos, corresponden a ditongos que xa monotongaran en época histórica. Temos tamén testemuños suficientemente seguros, que abranguen toda a historia do latín, de vacilación entre o uso de signos vocálicos, por unha banda entre *e/i* e, por outro, entre *o/u*. Igualmente temos fortemente testemuñadas certas regras que nunca chegaron a callar, pero que algúns se empeñaban en manter custase o que custase, por exemplo a distinción puramente gráfica entre o xenitivo de singular e o nominativo de plural da segunda declinación, escritos respectivamente *pueri* e *puerei*, así como a distinción entre xenitivo de singular e nominativo de plural da primeira, tipo *rosai/roseae*, por non mencionar a opinión dalgúns sobre a necesidade de escribir *k* en lugar de *c* ante a vogal *a*.

3º No que se refire ao consonantismo, ademais do que acabo de mencionar, maniféstanse desde moi antigo vacilacións co uso de *b*, co uso de *-m* final (de articulación moi débil ou praticamente nula e omitida xa en moitas inscrípcións arcaicas), coa escritura asimilada ou non dos preverbios (*illustris / inlustris*), coa vacilación en consonantes finais *-t/-d* (por exemplo entre *sed/set*, *ad/at* e ata *atque/adque*), ou ben a presenza ou non de *-n-* ante *-s(-)*, tipo *amas/amans* ou *thesaurus/thensaurus* ou ben formas como *translatus*, *traslatus* ou *tralatus*. A iso podemos engadir a presenza de signos non etimolóxicos, concretamente *-p-*, para indicar a presenza dunha oclusión labial, como *eumpse*, *sumpsi* ou *sumptus*.

4º A estas vacilacións tradicionais veñen unirse as que se producen como consecuencia da evolución fonética da lingua a partir da Época Imperial: uso de *b/u*, por confluír */b/* e */w/*, uso de *c/g* ou de *d/t* en posición intervocálica ou ata inicial; coas vogais, debido á aparición de ditongos crecientes por evolución de antigos hiatos, como podemos ver en *habeas/habias*.

5º Sen que se poida precisar claramente unha data inicial, pero xa moi claramente a partir dos séculos III-IV, se non antes, a aparición de palatalizacions fai que, na práctica, pasen a ser meros dígrafos secuencias gráficas que anteriormente representaban secuencias fónicas: é o caso de *ti* + vogal, *ci* + vogal, os grupos *-gn-*, *-ng-*, *-in-*, *-ni-* + vogal ou *-ne* + vogal; a isto deben engadirse outras palatalizacions que se van producindo de forma sen dúbida máis tardía e de forma diverxente, como é o caso do que ocorre cos antigos grupos *pl*, *fl*, *cl*, *mn*, ou coas antigas xeminadas *-ll-* e *-nn-*, sen esquecer a palatalización da antiga */k/* ante vogais anteriores.

6º Só o mencionado neste último punto podería, en teoría, xustificar que se falase dun suposto caos ortográfico, pois o demais, quizais coa excepción parcial do que se cita no punto 4º, estivo sempre presente na escritura do latín. Pero é que nin sequera a posible avalancha de confusións que tales fenómenos puidesen desencadear existe en realidade: a súa incidencia é mínima e moi ocasional. A razón desta baixa incidencia ten moito que ver coa tradición escolar, pero isto debemos analizalo con certa atención, pois lévanos xa a un punto crucial, como é o de delimitar o status lingüístico dos textos, especialmente dos documentos que conservamos a partir de finais do século VIII ou comezos de IX, centrándonos xa no Noroeste peninsular.

6. O ensino escolar ata ben entrada a Idade Media seguiu as pautas tradicionais da gramática latina nos seus distintos apartados: letras e ortografía, as *partes orationis* declinables e non declinables, acento, métrica e as *uitutes* e *uitia*. No que atinxé ás letras e ortografía, as unidades básicas seguen sendo as *litterae*, independentemente de que, como acabamos de ver, a evolución natural da lingua dese lugar á coalescencia de determinados fonemas ou á aparición de novos sons como é especialmente o caso das palatalizacíons. Isto levaba a que se, por exemplo, unha palabra como *agnus* se lia como [añus] analizábase, con todo, en *a+g+n+u+s*. Agora ben, podía ocorrer que este mesmo novo son palatal se producira a partir doutras secuencias fónicas, como podía ser o caso de *uinea*, ou a súa variante gráfica *uinia*, pronunciado en ambos os casos como [biña]. E a consecuencia é que, á hora de escribir, se non se dominaba ben a ortografía, producíseñse grañas inversas tipo *anius* e *uigna*. Estas posibilidades danse na realidade, pero a súa incidencia é más ben baixa e, en calquera caso, as secuencias de letras non forman combinacións insólitas na grafía do latín.

É necesario insistir, ademais, na idea de que a aprendizaxe escolar está centrada exclusivamente no latín e que a única referencia é o latín e as súas categorías gramaticais. Canto maior sexa o dominio da gramática maior será a comprensión dos textos literarios e maior será tamén a calidade da lingua á hora de escribir. E agora podemos facernos unha pregunta: como se le o latín? A resposta non é sinxela e, sen ningunha dúbida, debemos facer unha primeira distinción: que o ambiente onde se ensina e le sexa de lingua latina evolucionada (= románico) ou estruído a esta, xa sexa céltico (caso de Irlanda) ou xermánico. Todo parece indicar que no primeiro destes dous últimos líase pronunciando *grosso modo* todas as letras e algo parecido podía ocorrer en ambiente xermánico, tendo especialmente en conta a orixe insular das fundacións monásticas; en ambos os casos está clara unha diferenciación entre latín (lingua culta e codificada) e lingua coloquial. En ambiente romá-

nico, en cambio, debemos supor, en primeiro lugar, que áinda que a partir de finais do século VIII a lingua falada en cada zona sexa obxectivamente romance se se contempla desde o noso punto de vista actual, isto non quere dicir necesariamente que existise unha conciencia de separación entre lingua culta e lingua coloquial como o que hoxe chamariamos dous sistemas distintos. Consecuentemente, e manexando os datos que podemos extraer do material documental existente, creo que é lícito supor que a forma de ler o latín foi evolucionando en harmonía coas innovacións fonéticas naturais da lingua, sen que isto signifique de ningún modo unha total identificación con estas, tal como trataréi de facer ver dentro dun momento.

A situación, xa que logo, en ambiente románico, seguiría sendo bastante parecida á tradicional no mundo romano: unha lingua literaria que é o único obxecto de estudo gramatical e único ideal de perfección fronte a un fala “vulgar” que non é obxecto de análise máis que, no mellor dos casos, como compendio de *uitia* fronte ao grammaticalmente correcto. Podería obxectarse agora que a distancia entre unha e outra é moito maior que a que había, digamos, a comezos da Época Imperial. É moi probable, sen dúbida, que moitos textos literarios, antigos ou contemporáneos, resultasen pouco menos que incomprensibles, pero moito me temo que isto xa podía ocorrer moito antes. Outros, en cambio, como son os textos relacionados coa liturxia, poderían moi ben resultar dunha maior transparencia, áinda que non fose máis que por ser reiteradamente oídos e, no seu caso, explicados en palabras más sinxelas. Ademais, non creo que se poida excluir categoricamente a posibilidade de que, ao non haber conciencia de dúas linguas distintas, un certo número de estruturas gramaticais latinas (polo menos casos como o xenitivo e formas verbais pasivas) fosen pasivamente comprensibles por persoas de escasa e ata nula formación escolar e, á súa vez, ocasionalmente utilizadas oralmente por persoas cun bo grao de formación.

En canto ao que se escribe, o abano de posibilidades é moi amplio e comprende desde os textos altamente elaborados nos que se pode dar un alto grao de artificiosidade e complicación conscientemente buscadas ata os textos puramente utilitarios, como é o material documental. Neste pode ser tamén moi variable o grao de corrección, pero, en calquera caso, no seu aramón atoparémonos sempre cunha serie de fórmulas xurídicas, acompañadas en ocasións de citas tomadas da Biblia, da liturxia ou doutros textos literarios, moi especialmente na documentación procedente de centros importantes, xa sexan monásticos, catedralicios ou da chancelería real. Vexamos un exemplo do comezo dun documento da Colección do Mosteiro de San Vicente de Oviedo (Floriano Llorente 1968, 19 de maio de 974, nº 18), que poderíamos cualificar de nivel medio-alto:

In nomine Domini. Non est dubium sed multis manet notum eo quod dum ce-
pit egrotare Bonellus, cognoscens extremum uite euenire sibi diem, dispositus fa-
cultatem suam inter fratres monasterii Sancti Vincenti leuite et suam uxorem nomi-
ne Arcagie in presentia multorum testium qui subter scripturi uel signa facturi
sunt...

En canto ás fórmulas, podemos achar unhas cantas que se repiten con
diversas variantes. Vexamos dous exemplos:

—*Plaguit nobis et uenit uolumtas, nullis quoque gentis imperio neque
suadentis artigulo, sed propria mici/nobis acce(n)sit uolumtas, ut uind-
dere / uindiuiimus / uendimus ego /nos... tibi / uobis iam dito(s)...* É o
tipo de fórmula, chamada xeralmente dispositiva, que nos indica o ti-
po de acto xurídico que se documenta, garantindo que se fai con ple-
na liberdade.

—*Si quis tamen aliquis omo inquietare uoluerit pro ipsa terra aut ego aut
quiliue ominem, inlicita assertoris uel subrogata mea persona que in
iuditio uindicare non ualuerio post parti uestre, tunc abeas potestatem
adprendere de me ipsa terra duplata uel meliorata.* É a fórmula que
garante a firmeza do acto, a súa irreversibilidade e as sanciós para
quen intentase facelo.

Pero o carácter formular non se reduce a isto. No medio dos elementos
particulares poden aparecer, por exemplo, enumeracións xenéricas tipo *pra-
ta pascua, montes, fontes, petras mobiles et immobiles, aquas aquarumque
ductus...*, o que non quere decir que todos os elementos citados teñan exis-
tencia real, senón que a transacción comprende a totalidade do que se acha
nos bens inmóbiles obxecto do contrato. É interesante ver como nalgúns do-
cumentos poden aparecer termos distintos segundo se trate de elementos
formulares ou non.

No que poderíamos chamar chanzo más baixo, aparecen os procedentes
de pequenos centros, como é, por exemplo, o caso da colección de fondo
de Otero de las Dueñas no norte da actual provincia de León. Vexamos al-
gún exemplo:

¶... et est illa terra cirka illo rego qui descende de Petraseta et per illa karare qui
discurre por ad kasa de Llila Martiniz et per termino de Furtunio et affige in rio
unde primos dixi. Daou uobis ipsa terra pro que *abuit ad iurare* et metere mano
ad kalda; et *rogauit* ad uos con omnes bonos et lesestes mihi de iuramento. (Fer-
nández Flórez / Herrero 123).

Neste, como ocorre nos redactados por persoas con menor grao de formación, pódese observar facilmente unha maior presenza de elementos moi más próximos á lingua coloquial, pero esta afirmación necesita ser matizada. En primeiro lugar, cando se fala de menor grao de formación, debe entenderse que isto non se reducía, nin moito menos, a “coñecer as letras”: existe un grao de formación nada despreciable no coñecemento da gramática e un grao, polo menos aceptable, de lecturas previas. Agora ben, á hora de redactar un documento poden coincidir unha serie de factores cuxo peso relativo non é fácil de avaliar: o interese na claridade e eficacia xurídica da redacción, que non é necesariamente sinónimo de calidade literaria e que afecta tanto ás partes interesadas como a terceiros, a propia habilidade de quen os redacta, o seu particular xeito de entender e reinterpretar as fórmulas e toda unha serie non sempre fácil de seguir de tradicións que poderíamos chamar locais. Tendo isto en conta, observemos o que podemos achar neste pequeno fragmento:

- a) Cuestións de grafía que nos poden estranhar a primeira vista, pero que están na más antiga tradición. É o caso de K- ante *a* que vemos en *cirka*, *karare*, *kasa*, *kalda*. É tamén o caso de ausencia de H- inicial en *abuit*, *omines*.
- b) Formas verbais de 3^a persoa sg. nas que se aprecia a perda de *-t* final, como *descende*, *discurre*, *aflige*; á beira delas aparecen outras de 1^a p. sg. nas que aparece como grafía inversa: *abuit*, *rogaui*.
- c) Unha forma verbal *-dauo-* (que pode aparecer tamén como *dabo*) que ten valor de presente, equivalente a *do*.
- d) Palabras que poden considerarse más ben do romance: *kasa*, *rio*, *le-
sestes* ¿“laxa[ui]stis”? , *por*, *con*. Agora ben, é distinto o caso de *kasa*, por ter adquirido o sentido de *domus*, que o das demais. En *rio* podemos falar dunha forma románica más que nada pola ausencia de *-s* final, pois a forma *rius* está testemuñada moito antes. En *lesestes* as apariencias poden enganarnos, pois más ben podería supor, sen máis, un reflexo da pronuncia con palatalización da forma *laxastis*, lexicamente latina, como xa vimos e onde o primeiro *-s-* representa, moi probablemente, [ʃ].
- e) Construccións e perífrases románicas: *illa terra* e *illo rego*, onde o demonstrativo ten xa valor de artigo; *abuit ad iurare*; *con omnes bonos*. Á beira delas, algunas que non poderían clasificarse decididamente como tales: *cirka illo rego*, pois a omisión de *-m* final e a vacilación entre vogal *-u-* e *-o-* están testemuñadas desde moi antigo; o mesmo en *per illa karare*. En *dauo uobis ipsa terra*, á parte da forma *dauo* (que, a primeira vista, non é necesariamente de romance, áinda que

quizais podería ser un compromiso gráfico que represente unha forma **dou*), a forma pronominal *ipsa* aparece xa con valor de demostrativo de segundo grao de proximidade e, respecto da ausencia de *-m*, procede o mesmo comentario que no caso anterior; o mesmo vale para *mano* e *ad kalda*.

Os exemplos de textos do tipo do que acabamos de ver son moi numerosos e a súa clasificación lingüística veu sendo obxecto de polémica, basicamente centrada en dilucidar se estes textos son más latinos ou más romances. Chegouse mesmo, de acordo cunha teoría difundida a partir de 1980 aproximadamente, a pensar que a lingua destes textos non é outra cousa que puro e simple romance escrito cunha ortografía arcaizante, chegándose ata a afirmar que unha forma como *tenetur* leríase como “é tido”. Como xa afirmei en varias ocasións, o feito de que a forma de ler o latín se acomodase á realidade fonética do momento leva necesariamente a que moitas formas latinas sexan foneticamente iguais ás da fala do momento, é dicir, ás do romance falado, en medida moito maior que o que pode ocorrer aínda hoxe ao ler o latín coa pronuncia “clásica” habitual: ninguén poderá negar que formas como *rosa*, *libros*, *libra*, *amo*, *amas* e moitas máis son “idénticas” en galego ou en castelán ás latinas. Agora ben, ninguén no seu san xuízo afirmaría que tales formas dentro dun texto latino son do galego ou viceversa. Evidentemente, a comparación non é de todo exacta, pois hoxe é innegable que unha e outra son e séntense como dúas linguas distintas, cousa que, insisto, aínda que para un observador actual puidese ocorrer obxectivamente entón, ese romance temperán non era percibido como un sistema distinto.

Á parte de que sexa ilusorio interpretar como romance secuencias como *nullius cogentis imperio* ou como o comezo do documento de San Vicente de Oviedo que xa citei, tamén o é no caso de formas en formas como *auidurum* ou *cingidur*, que si demostran, en cambio, como podía ser a súa pronuncia. Pero aínda hai máis: a mencionada teoría supón de facto, e creo que é moito supor, algo que é consubstancial á escritura alfabetica, por moi-to que o sistema sexa arcaizante, etimolóxico, etc. e que é unha análise máis ou menos explícita do sistema fonolóxico da lingua para crear despois un sistema de equivalencias gráficas máis ou menos coherente. Pero xa vimos que o ensino da escritura baseábase nas tradicionais *litterae* e só descoidados nas regras ortográficas podían dar lugar como vimos a variacións xa testemuñadas desde séculos antes. Con todo, pode xurdir o problema de como se han de escribir palabras que non forman parte da tradición latina escrita, moi especialmente nomes propios de orixe xermánica ou árabe e termos referentes a novas realidades. O mecanismo seguido consiste en empregar letras ou combinacións de letras co mesmo valor grafemático que tiñan nese

momento, de acordo coa evolución da forma de ler o latín. Cando os sons a transcribir respondían aos valores que poderíamos chamar “tradicionais” ou “alfabéticos” non se presentaba ningún problema: *ta* representaba [tal], *ba* ou *ua* representaban [bal], etc. Pero cando se trataba dun son palatal botábase man de calquera das combinacións que na práctica o representaba. Por exemplo, para [ñ] podíanse aproveitar as posibilidades que ofrecía *agnus* (<gn>), *uinea* ou *uinia* (<ne> ou <ni>) ou *sobrinus* (<in>); ademais, en zonas nas que, por exemplo, *annus* dese lugar a [año], tamén <nn>. Podía tratarse tamén de letras simples, como é o caso de *C* ou *G* ante vogal anterior. A primeira delas podía alternar con *Z* e a segunda con *I* ou, no medio de palabra e ante vogal *DE* ou *DI*. Tamén, por exemplo, *PL* ou *CL* para representar [tʃ] ou noutras zonas [ʎ]. Igualmente *SC*, *X* e *IS* ou *SI* (+ vogal) para [ʃ]. En ningún caso se usan dígrafos formados por letras que formen combinacións distintas das que se daban tradicionalmente en latín e os únicos signos modificados son *ç*, que pode alternar con *c* e *z*, e *ę* que alterna con *ae*.

Todo isto refírese, está claro, ao que se dá na Península Ibérica non suxeta a dominación árabe coa excepción da Marca Hispánica, ligada ao Imperio Carolinxio e cuns usos de escritura vinculados desde o século IX á reforma carolinxia. Pero aproximadamente a partir de 1080 e coa introdución da liturxia romana chegan novos hábitos de manexo do latín. A novedade maior é que se vai estendendo aos poucos unha nova forma de lelo pronunciando todas as letras e rompendo así coa tradición hispánica e coa proximidade entre romance e latín. Unha consecuencia disto é que cando se realiza unha copia dun documento anterior introducense modificacións gráficas (e tamén de léxico e morfoloxía). Indicios enormemente seguros de que estamos ante unha copia ou unha falsificación é que aparezan formas como *dampnatio* ou *calumpnia* (nas que a presenza de -p- indica que se debía ler nasal labial máis nasal dental) onde antes aparecían *damnatio* e *calumnia* e onde o grupo *mn* representaba ou ben simple [n] ou o seu correspondente palatalizado; ou ben esta última se seguía *i* + vogal; igualmente é indicio do mesmo a presenza de formas como *nichil* ou *michi*, indicadoras da súa lectura con [k] en lugar de, respectivamente, *nicil* ou *nizil* e *mici*, *mici*, *mizi* ou ata *micz*, formas estas, por certo, que nada teñen que ver co romance.

Disto dedúcese que se queremos achegarnos á realidade lingüística anterior a 1080 habemos de utilizar unicamente documentos orixinais, pois as copias pódennos desfigurar moito a imaxe. A partir dessa data, tanto ao efectuar copias como ao redactar documentos, vaise detectando un esforzo por mellorar o latín, pero sen que isto supoña, nin moito menos, o desterro de léxico romance, incluíndo, está claro, os préstamos xa mencionados do árabe ou de orixe xermánica. Pero a partir de agora estas formas na súa representación escrita van ser cada vez menos dependentes das regras do latín e

vanse a ir introducindo novos procedementos: entre eles o novo valor do dígrafo *CH*, xa con valor de [tʃ].

Esta emerxencia dun novo aspecto visual do léxico romance é un indicio de que este está empezando a sentirse como algo autónomo con respecto ao latín. Pero ata cando se empieza a producir a súa emancipación, sería, ao meu entender, un anacronismo o pensar que se sentía xa como galego, leonés, etc. Independentemente de que as isoglosas de entón coincidisen ou non coas actuais, as diferenzas diatópicas eran tan progresivas como áinda se pode ver. Ou quizais máis, debido á inexistencia dunhas superestruturas de linguas románicas codificadas e suxeitas a regras nun determinado territorio, pois ese papel, de existir como tal, correspondía áinda ao latín.

DOS USOS LATINOS AOS USOS ROMANCES: O TRATAMENTO DO LÉXICO

Xaime Varela Sieiro

IES Chano Piñeiro, Forcarei

De todos son coñecidos os cambios profundos nas falas da Gallaecia a partir de finais do século VIII ou comezos do IX ata que emerxen en forma de código conscientemente distinto nos albores do XIII. Porén, testemuña este proceso non parece unha empresa doadá. Dende hai algúns anos parte dos meus esforzos céntranse en buscar as pegadas de tales cambios nos documentos notariais da Alta Idade Media, prestando unha especial atención ás variacións do sistema léxico relativo ao campo semántico do cotián. É común a consideración de que as actas notariais son os textos máis valiosos para isto pois, como veremos, diversas razóns empuxan aos notarios ao emprego de novas formas ou significados acordes a novas formas de vida, á existencia de novos obxectos ou formas de relación que, como afirma o profesor Díaz y Díaz, «incrústanse, mellor que peor, nun sistema (*o latín*), sen que este necesariamente se modifique. De aí xustamente a dificultade da súa apreciación» (Varela Sieiro 2003: 12).

1. O CORPUS

Pois ben, antes de abordar a metodoloxía ta-1 como nós a concibimos—para o tratamento do léxico nas actas notariais, coidamos necesario describir e xustificar, aínda que sexa de xeito sucinto, o corpus documental sobre o que se asenta a nosa investigación. Está constituído por preto de 4.500 documentos pertencentes a 37 centros relixiosos do actual espazo administrativo de Galicia, datados entre finais do século VIII e o 1250. Agora ben, cómprenos facer as seguintes aclaracións ao respecto:

a) O actual espazo administrativo de Galicia non coincide necesariamente co medieval, alomenos dende o punto de vista lingüístico e cultural. A este respecto xa Piel falaba dun territorio noroccidental que denominaba *Gallaecia Magna ou Maior*, se ben un pouco menor que a *Gallaecia romana*

(Mariño 1998: 103). Dende o punto de vista político, as vicisitudes que sufriu este territorio foron tamén múltiples e diversas. Porén, a cantidade de documentos que posuímos de Galicia parécenos suficiente para examinar as relacións latín-romance nun territorio onde, ao final, acabará conformándose o galego. Agora ben, isto non implica que debamos esquecer a documentación astur-leonesa; todo o contrario, pois, tocante á redacción notarial, creo que podemos falar da existencia dunha tradición común partillada, agás certos particularismos, por todo o noroeste peninsular, por todo o antigo reino astur-leonés. E ademais, para valorala na súa xusta medida, sería pertinente comparala con outras tradicións documentais do ámbito románico.

b) En canto ao número de documentos que manexamos, temos que dicir que non están todos os que son, entre outras razóns, porque para a súa lectura seguimos as principais edicións ao uso áinda que en ocasións acudimos ás fuentes para verificar palabras de lectura difícilsoa. Porén, nos últimos tempos foron editadas novas coleccións documentais, que áinda non consideramos, e tamén está o traballo dos investigadores do CODOLGA (www.cirp.es/codolga) que xa colgaron na rede máis de 8.000 documentos latinos de Galicia cun límite *ad quem* que chega más alá do século XIII.

c) A elección dun período cronolóxico tan amplio ten por finalidade abranguer un maior número de documentos que nos permita trazar mellor a evolución deste sistema lingüístico. Con todo, o límite *ad quem* que establecemos de 1250 presenta de primeiras un problema metodolóxico, pois a maioria de diccionarios e estudos lexicográficos ao uso para estos temas fixan como data límite o 1200. A nosa decisión de prolongar o marco temporal ata o 1250 obedece a dúas razóns: primeiro, o 37% dos documentos do noso corpus data de 1200-1250; segundo, é a partir desta década que van aparecendo cada vez más documentos redactados en romance.

d) Se hai algo que caracteriza o conxunto documental galego é o seu grao de tradición. Manexamos tan só 1.188 documentos orixinais —deles un 83% da primeira metade do s. XIII- mentres que os restantes, un 72% serían copias realizadas en época bastante posterior á súa redacción e reunidas nos chamados Tombos, realizados ao longo do século XIII. Este feito terá, como veremos deseguido, importantes repercusións lingüísticas. O conxunto documental máis importante, en canto ao número de actas que contén, é o Tombo de Sobrado, seguido do de Celanova, Oseira, Samos e Caaveiro.

2. CONDICIONANTES PARA O ESTUDO LEXICOGRÁFICO

Unha vez delimitadas algunas das características do noso corpus, pasaremos a analizar aqueles factores ou condicionantes que consideramos relev-

vantes para o estudo do léxico dos documentos notariais, tendo en conta que nos centraremos no campo semántico do cotián en tanto que é o de maior ductilidade e, potencialmente o más “predisposto” á alteración.

2. 1. O grao de tradición do documento: orixinais / non orixinais

Esta diferenciación debe ser tida en conta en calquera estudio lingüístico e— engadimos, posto de manifesto en edicións críticas— xa que resulta que o proceso de copia pode estar suxeito a errores, interpolacións, reformulacións ou mesmo manipulacións. A fidelidade exacta ao orixinal é difícil e as diferenzas entre o orixinal e a copia achegan unha abundante e interesante información lingüística á que hai que prestar atención. Algúns destes cambios ofrecémos resaltados na lectura dun orixinal e da copia no Tombo dun documento de Samos do a. 1074, que na edición de M. Lucas Álvarez aparece con número 79 (TSamos). As diferenzas son moi diversas e afectan non só á ortografía senón tamén á morfosintaxe e ao léxico; ás veces, as alteracións quizais buscaban unha mellor comprensión, como sucede nun doc. de Samos do a. 1050, onde a forma *impendia* do orixinal foi trasladada ao Tombo pola más frecuente e sinónima *utensilia* (TSamos 131, 1050)¹. Pero outras veces, as propias alteracións da copia afectaban a elementos estruturais do propio documento como eran as fórmulas de pertinencia frecuentes na dispositio. Un orixinal de Samos do 1064 di así: *ipsa uilla cum omni sua prestantia, casas, kintanales, kasales, petras mouiles uel inmouiles, aruores fructuosas uel infructuosas, exitus montium uel accesum, pascuis, paudulibus earum et sesicas molinarum; et ipsa uilla cum sua populatione, boves V, pecora praemiscua, cabras, porcos...* mentres que a copia do Tombo di: *ipsa uilla cum omnibus suis praestantiis, casas, quintanales, casales, petras mobiles uel inmobiles, arbores, exitus et regressus, pascua, sesigas molinares et ipsa uilla cum sua populatione boves V, pecora promiscua, capras, porcos,...*

2. 2. O autor e o destinatario do documento

A figura do emisor neste tipo de textos é bastante complicada e pode ser causa dalgúns desaxustes, froito dun desdobramento ao tratárense duns textos pensados por unha persoa e escritos por outra. Por iso, para un estudo lingüístico é de maior importancia o notario ou *scriptor* có autor xurídico,

1. O sistema de abreviaturas utilizado para citar documentos desenvólvese na relación bibliográfica final; despois indicase o número do mesmo na edición manexada e a continuación a data. A presenza dun asterisco indica que é un documento orixinal.

pois en función do seu maior ou menor dominio da lingua aprendida, o latín, dependerá a presenza de formas romances. Porén, a documentación galega presenta aquí outro problema pois apenas coñecemos notarios cun volume importante de actas que permitan a súa análise. Por outra parte, cómpre preguntarse tamén ata que punto goza de liberdade o notario, pois o que el escribe podería estar non só condicionado polo autor xurídico do documento senón tamén polo destinatario para quen lle debían quedar claras certas partes do documentos: lindes, a propiedade que se merca ou vende, etc. Por outro lado, o feito de que escribisen, de xeito xeral, para unha sociedade descoñecedora do latín explicaría en gran medida a presenza de elementos romances inseridos nun texto redactado na lingua de prestixio que era o latín (Sabatini 1965: 972-998); e isto sen contar que en ocasións non lles quedaba outro remedio, pois a voz romance respondía a unha nova realidade, como logo veremos.

2. 3. A tipoloxía documental e a súa estrutura

A maior parte dos documentos dos que tiramos o léxico para o noso estudo son testamentos, vendas e doazóns. Así e todo, áinda carecemos de traballo que poñan en relación a tipoloxía documental e o nivel lingüístico.

Por outra banda, si é pertinente para o estudo do léxico distinguir en que parte do documento se encontra: sexa nas partes formulares (protocolo e escatocolo) que foran aprendidas duns modelos de longa tradición e repetidas —non sempre, como se adoitaba pensar— mecanicamente sexa na parte dispositiva onde o notario consignaba o que lle ditaba o autor xurídico e, por tanto, onde as relacións co romance son más evidentes; de aí que algúns autores consideren que as peculiaridades lingüísticas destas partes responden a unha representación do romance ou a unha adecuación á realidade oral co sistema ortográfico escolar e tradicional. En efecto, é nestas partes —en menor medida nas outras— onde a lingua do notario discorre con maior fluidez e daquela onde mellor se aprecia a tensión entre o romance falado e o latín, única lingua que se aprendera e se intentaba poñer en práctica en todo acto de escritura, se ben a súa pronuncia se puidese achegar en certa medida e en ocasións, non de xeito xeral, á do romance (Puentes 1994: 269-291). A maior proximidade á realidade oral que se percibe nas partes libres está en consonancia tamén coa natureza do léxico co que se describe a propia realidade do momento, o cotián, e que é a miúdo obxecto de transaccións. Por iso, os campos semánticos más frecuentes son, entre outros, os relativos á terminoloxía topónímica, necesaria para marcar os lindes das propiedades, o enxoaval, a agricultura e gandería, construcións, utensilios e vestimentas litúrxicas, e incluso, en ocasións, encon-

tramos enumeracións de libros. Agora ben, cómpre subliñar dous aspectos a propósito deste léxico:

a) Unha boa parte conecta directamente coa tradición clásica ou tardía, coa Vulgata, coa *Regula* benedictina e, sobre todo, coas *Etymologiae* de Isidoro (cf. *sulzegas* en TCelanova 4, 938, e *sulzeca* nun doc. de 947 en López Ferreiro (1898-1909) son exemplos únicos na latinidade medieval e remitirían a Isidoro en *Etymologiae* 20, 4, 12, *Salinum uas aptum salibus. Idem est sulzica, quasi salzica*).

b) As chamadas «partes libres» dos documentos non están exentas tam poco de elementos formulares. Ata finais do século XI é bastante usual que a descripción das propiedades vaia acompañada dunha longa enumeración dos seus posibles elementos constitutivos: estas enumeracións son as denominadas “fórmulas de pertinencia”². Velaquí un exemplo: TSobradoI 28, 920, *ipsa uilla iam dicta uobis dono terras cultas uel incultas aquas cursiles uel incursiles, montes, fontes, exitus, domos, edificia, aurum et argentum, uestitum, ferro, metallo, arbores fructuosas et infructuosas, parietes, accessus uel recessus, quicquid ad prestitum hominis est, equas, caualos, boues, uaccas, cabras, oves, porcos, gallinas, quicquid gamauerimus aut deinceps augmentare potuerimus.* Estas secuencias estereotipadas e memorizadas polos notarios malia responder a uns modelos que, en último termo, evocan a tradición formalista franca e, ante todo, visigótica, posuían certa flexibilidade pois podían incorporar nesas enumeracións elementos da realidade socio-económica do contorno; por exemplo, TSobradoII 70, 1176, *ipsa uilla de Rechaneda cum omnibus suis directuris, casas, casales, petras mobiles uel immobiles, montes, fontes, plantatus, uineas, exitus aquarum cum eductilibus earum, introitus et exitus, siue omnia bona que ad eandem hereditatem pertinent uel pertinere debent...* Nesta serie aparece a voz *casal*, unidade socio-económica fundamental a partir do s. XII en todo o reino astur-leonés. Do mesmo xeito, a presenza da secuencia *petras mobiles et immobiles*, coa que se alude a todas as pedras, sobre todo ás relevantes nunha propiedade, isto é, as dos marcos e as dos valados, redúcese ao ámbito hispánico con especial incidencia en todo o Noroeste peninsular (Varela Sieiro 2000: 211- 217). Con todo, o significado destas series formulares é de carácter global e non exactamente a suma dos significados de cada un dos compoñentes que a integran; detrás delas hai a vontade dunha descripción total, exhaustiva e adecuada á realidade, co fin de que todos os bens desa propiedade quedaran incluídos na transacción (Zimmermann 1989: 315).

2. O concepto tomámolo da expresión en francés “formules de pertinence” (Guyotjeannin / Picke / Tock 1993: 82).

3. A ANÁLISE TERMINOLÓXICA

3. 1. A lectura dos documentos

Aínda que poida parecer unha obviedade, un dos requisitos fundamentais para poder valorar o léxico tanto na súa forma coma no seu significado é ler os documentos. A asunción da lingua dos documentos, do seu vocabulario, das súas fórmulas e estruturas será imprescindible, pois a aprehensión dos contextos de ocorrencia conducirános ata un grao de predicibilidade que nos permitirá resolver problemas coma os seguintes:

- Lecturas erróneas ou difíciles: en CDMelónCOu 76, 1232 dáse unha lectura *pertia de casa* cando polo contexto e por contextos semellantes sabemos que se trata de *perfia*, voz exclusiva da documentación galega e da leonesa máis occidental (Varela Sieiro 1998: 251-260).
- Posibles errores do copista: en TCelanova 1, 977 encontramos a secuencia *cruces, capas, diptagos, calices et coronas* cando o esperable, o previsible, sería que no canto de *capas* estivese *capsas* como sucede en TCelanova 278, 1074 ou TSobradoI 115, 1009. De xeito idéntico en TCelanova 343, 995 o copista parece confundir *capas* por *cupas* na fórmula *in casas, capas, cupos, zerereas, lectos...* xa que o díptico *cupas, cupos* é de sobra coñecido na documentación hispánica.
- Imprecisións ou desconecemento do significado de certas voces: en TCelanova 1, 977 encontramos a seguinte enumeración, *ad ministerium refectionis mensas et andibula, sauana, aquamanilia et facitergia, discos et paripsidas, fialas,...* *Andibula* é un hápax e para saber o significado só nos queda a posibilidade de buscar secuencias semellantes. Daquela resulta que á beira de *mensas* soe situarse *cathedra*, que aquí nos falta; por tanto, o seu significado probablemente sexa próximo ao de ‘cadeira’.

3. 2. A análise cronolóxica

Da análise cronolóxica do léxico tamén se poden inferir datos significativos. O latín, vehículo de expresión escrita, durante boa parte da Idade Media non é un todo uniforme e homoxéneo senón que atopamos diferenzas, que tamén afectan ao léxico en tanto que nos encontramos con algunas palabras cunha situación cronolóxica perfectamente delimitada. Vexamos, a modo de exemplo, algúns resultados que se poden tirar da análise cronolóxica do vocabulario:

- Na documentación de todo o Noroeste son perceptibles dous niveis de latinidade: ata finais do século XI hai un maior distanciamento respecto á norma gramatical mentres que despois desta data as actas reflicten unha

melloría notable dos coñecementos do latín derivada da existencia dunha renovada aprendizaxe do mesmo, da man de Cluny e iniciada tras o proceso de substitución da liturxia visigótica pola romana, oficializado no a. 1080. Isto pode afectar ao léxico de diversas maneiras; por exemplo, *caballus* é unha voz ben coñecida na documentación galega dende comezos do s. ix (por exemplo, TCelanova 442, 826, *profiligare potuerimus terras, uineas, kauallos, uacas,...*) e é moi empregada ata finais do século xi. A partir desta data os seus usos redúcense de xeito moi significativo e, pola contra, encontramos que os notarios prefiren o antigo e xenérico *equus*; así dos 36 documentos nos que aparece *equus*, 32 deles teñen data posterior ao 1100. Outro tanto semella co par *carnarius-aries*, con *molinum-molendinum* ou cos adxectivos *agnina-cordaria*, entre outros. É dicir, á parte de evidenciar unha mellora dos coñecementos do latín parece que se produciu unha reacción culta de carácter latinizante no senso de darlle prioridade ás formas que non coincidiran co romance da época. O gusto por voces propias do latín clásico tamén se manifesta na introdución tardía na documentación de voces como *ceruical* ou *puluinar*, que non deixaron descendentes patrimoniais nos romances.

- Outras veces a cronoloxía dalgúnhas voces non obedece a outra cousa que aos cambios de vida na contorna da comunidade que as emprega. Por exemplo, *sobrado* (TAC Santiago 93, 1028) comeza a usarse a partir do s. xi para designar unha innovación arquitectónica consistente en botarlle un andar máis ás, ata entón, *casas terreneas*. A primeira vez que encontramos o termo *grangia*, establecemento agrícola modelo dos monxes brancos do Císter, é en TSobradoII. 13 no ano 1142, xusto no ano no que este mosteiro é entregado aos monxes de Claraval. E a partir de aquí a presenza desta palabra só a rexistramos en mosteiros da orde como Sobrado, Oseira e Melón. Do mesmo xeito *hospitale* (TSobradoI 434, 1172) parece ser unha voz introducida polos monxes cluniacenses para referirse aos albergues de peregrinos e residencias monásticas; pero ademais alude ás ordes militares do Temple e de San Xoán que penetraron na Península a partir do primeiro tercio do século xii. Máis aínda: a proliferación na documentación da voz *casal* en tanto que unidade de habitación e explotación agraria a partir do 1100 é froito das transformacións das estruturas da sociedade feudal ao convertérenos os mosteiros en novas formas de ocupación de onde obtiñan rendas en especie.

Pola contra, outras voces non tiveron continuidade nos séculos centrais da Idade Media. Así das 70 palabras de orixe árabe que rexistramos un 75% delas aparece durante os séculos x-xi, na fase de con-

- quista e expansión musulmá, e preto da metade son exemplos únicos no noso corpus e sen continuidade no romance. Sobre a falta de consolidación deste léxico, a crítica debátese entre unha temporal influencia das comunidades mozárabes emigradas ao Norte ou ben debido, simplemente, ao influxo comercial; isto é, serían unha especie de marca de denominación de orixe. Estoume a referir a voces como *addani* (TCelanova 4, 938) ‘brocado de seda de Adén (Ieme)’, *fazanzales** (DocLalín 3, 1019) ‘tecido bordado de la, cadarzo ou pelo de cabra propios de Fasa (Persia)’, *marayce* (TCelanova 2, 942) ‘tea rameada, de la de cabra’, *morgom* (TCelanova 4, 938) ‘tea de varias cores’, *atiuachis* (TLourenzá 1, 969) ‘brocado de seda iraní’, *exageg* (TCelanova 2, 942) ‘de seda vermella’ ou, entre outras, *kaskerxi* (TCelanova 4, 938) ‘de color mapoula’.
- Outra posibilidade é a de analizar a evolución semántica dun termo; por exemplo, ata o 1100 aproximadamente *plumacium* significaba normalmente ‘xergón’; a partir de entón, este significado pasa a ser expresado por *culcitra* e *plumacium* ve restrinxido o seu uso e significado a ‘almofada’; ou *sabanum* que como neutro ou masculino significa ‘servillete’ e a partir do s. XIII, significa exclusivamente ‘sabas’, agora ben, baixo a forma feminina, constituindo entón un dos moitos pares que presentan unha oposición morfolóxica *-o/-a* como marca de dimensiónalidade e están espallados por todo o noso corpus: *copos-copas*, *cestos-cestas*, *canado-canada*, *coopertoria* ‘tapadeira’- *coopertorium* ‘cobertor’.
 - A análise cronolóxica de cada voz tamén nos permite intuír certas alteracións do documento orixinal no proceso de copia ou, cando menos, poñer en tea de xuízo a veracidade da data do documento en cuestión. Velaquí un par de exemplos: *curral* só o recollemos en 8 documentos, todos da primeira metade do século XIII, agás CDCarboeiro 1, 788, *et inde per ipsos terminos super currales*; daquela é moi sospeitosa esa datación. Igualmente sospeitoso é o termo *pertinencias* (TCaaveiro 15, 714) posto que se rexistra fundamentalmente a partir do século XII.

3. 3. As variantes gráficas

Tras a lectura dos documentos resulta evidente a multiplicidade de formas gráficas diferentes para a mesma palabra. Un caso extremo é o de *galnapes* do que recollemos ata 17 variantes só no noso corpus para 27 mencións:

quenape (TSobradoI 123, 867); *galnapes* (TSamos 5, 872); *quenabes* (TCelanova 36, 889); *gacnape* (TSobradoI 59, 920); *kennabes* (TCelanova 179, 927); *gal-*

nabbes (TCelanova 4, 938); *ganabes* (TSamos 35, 944); *kenabe* (TCelanova 176, 951); *ganapes* (TCelanova 558, 952); *galnage* (TSobradoI 38, 985); *kenape* (TCelanova 181, 1005); *uenabes* (TSobradoI 137, c. 995); *uenapes* (TCelanova 276, 1011); *guenabe* (TSamos 74, 1031); *guenebe* (TSamos 8, 1052); *genabe* (TCelanova 348, 1075); *benape* (DocBóveda 3, 1168).

Por iso consideramos que a lematización é un dos procedementos necesarios para estudar as distintas variantes gráficas e a relación entre escrita e oralidade. Vexamos, a modo de botón de mostra, solucións gráficas posibles para representar algunas características da realidade fonética do momento. Agora ben, como levamos visto é necesario obrar con prudencia e ter en conta que, en certos ambientes e certas épocas, as formas latinas, polo menos, se puidesen ler de forma tradicional.

As palatais:

- a) En copias: **chomacio** (TSobradoI 18, 835); **chomazo** (TSobradoI 76, 860); **plumacium** (TSobradoI 123, 867); **plumatios** (TCelanova 2, 942); **plomazo** (TCelanova 204, 1005); **flomazo** (TCelanova 204, 1005); **plumacum** (TAC-Santiago 67, 1032). En orixinais: **plumacios** *(CDOseira 103, 1202); **plumatios** *(DocCOu 107, 1227); **plumazum** *(CDOseira 289, 1227). *Garnacobiam* *(DocCOu 44, 1208); *garnacobam* *(CDOseira 314, 1229). **Clusa** (TCelanova 391, 956); **clausa** (TCelanova 197, 1011); **chousa** (DocNaves 1, 1216).
- b) *casarelio* (TCelanova 202, 1009); *casarello* (TSamos 8, 1052). *Telias* (TSamos 58, c. 1009); *tellario* (TSobradoI 47, s. d.); *telario* (CDRamirás 26, 1238); *tegula* (TToxosoutos 39, 1220). *Carualieto* (TCelanova 380, 961); *carualeira* (TSamos 24, 990); *karualio* (TSamos 138, 1068); *caruallo* *(CDOseira 55, 1176); *carualliam* *(CDClodioRibeiro 31, 1222); *carualum* (TSobradoII 387, s. d.) pero *cancelllo* (TCelanova 497, 950); *cancelum* *(CDOseira 102, 1200).
- c) *ligna* (TSamos 33, 902); *lingnis* *(CDOseira 420, 1237); *cortina* (TCelanova 400, 962); *cortinna* (CDTrasancos 1, 1111); *cortinea* *(CDOseira 433, 1238); *cortiniaries* (TSobradoI 16, 950); *cortinales* (TSamos 138, 1068).

As oclusivas:

- a) *Apotecis* (TSamos 33, 902); *adegas* (CDXubia 1, 977); **bodega** (TCaaveiro 79, 1108); **abdega** (DocCOu 44, 1208).
- b) *Lagona* (TCelanova 497, 950); *lacunam* (CDCarboeiro 27, 1071). **Cabras** (TSobradoI 28, 920); *capras* (TCelanova 33, 936); *cabritos* *(CDOseira 119, 1207). *Ripa* (TCelanova 208, 842); *riba* *(DocCOu 1, 888) pero *rippa* (TCaaveiro 209, 1107) ou (TSobradoI 433, s. d.)

Os ditongos:

- a) *Auctario* (CDRibasSil 1, 921); *outario* (TCelanova 502, 940); **autario** (TCelanova 95, 950); **auteiros** (TSamos 24, 990); **autorio** (TCelanova 555, 1001);

- octario* (TCelanova 281, 1024); *aucterio* (TCelanova 32, 1026); *outario* (TCelanova 278, 1074); *outeiro* (TCelanova 278, 1074); *octeyro* (TLourenzá 206, 1110); *alterio* (TSobradoII 52, 1171); *auterinum* *(DocCOu 140, 1233). *Bouzas* (TSobradoI 74, 922); *bancas* (TCaaveiro 9, 925); *boza* (TSobradoII 27, 1173).
- b) *Fructus* (TCelanova 174, 964); *fructa* (TCaaveiro 74, 1216); *frutu* *(CDOseira 233, 1223); *fruyta* (CDOseira 346, 1231); *flutibus* *(CDRibasSil 33, 1232); *froita* *(CDOseira 465, 1240); *fruita* *(CDRamirás 50, 1247).

Variantes morfemáticas

Un exemplo acabámolo de ver co sufijo *-ariu* na palabra “outeiro”. Outro caso un tanto distinto é o do morfema *-alis* e a súa variante disimilada *-aris*, se ben esta xa estaba no latín. Porén, os dous alomorfos son moi rendibles na documentación medieval, véxase, *casare* (TCelanova 232, 923) ou *casales* (TCaaveiro 9, 925) que chegaron á nosa lingua ata a actualidade. Pois ben, a forma en *-are* desta voz é un hispanismo que aparece nun 15% dos documentos onde aparece esta palabra e resulta a forma preferida do escritorio de Celanova fronte a *casal* que o é de Sobrado. Aínda así podemos atopar as dúas nun mesmo documento, síntoma de que eran coñecidas e manexadas polo notario, a saber, TSobradoII 90, 1168, *sexta de uno casale et VI^a de alio et dedistis mihi precium pro illis casalibus X solidos quas tenet unum casarem.*

Como vemos, a forma de se presentaren as palabras nos documentos, a maneira que teñen os notarios de as grafaren, é múltiple e diversa de xeito que o normal é que unha mesma palabra presente varias posibilidades gráficas. Organizar dalgún xeito tal grao de variabilidade e facelo de maneira obxectiva é ben complicado. Creo que non me equivocarei demasiado se agrupo todas as formas ao redor de dous extremos:

- a) Formas que seguen a ortografía tradicional latina e que poden ser pronunciadas como tales ou ocultar unha pronuncia evolucionada: *canales* (TSamos 226, 947), *area* (CDPombeiro 1, 935).
- b) Formas romances plenas: *eiras* (DocLalín 2, 956); *kal* (TLourenzá 1, 969), *caal* (TSobradoII 182, 1209). A este respecto podemos constatar un bo grupo de voces das que só rexistramos a forma romance, véxase, *ortaleso, deirado, curro, curral, sacho, dorna, cestos, canados, coyrazas, relia, tinalia*

Entre unhas formas e outras quedan moitas que se explican, na maior parte dos casos, pola tentativa de afastarse ou achegarse a un destes dous extremos tendo en conta os múltiples factores que condicionan a escrita altomedieval, como levamos visto.

3. 4. A orixe e extensión das voces

En principio, debemos sinalar que a orixe da maior parte do léxico do cotián é latina malia se corresponder con distintas fases da latinidade. Unhas palabras pertenecen á tradición latina xeral (*domicilium, lectum, ianua, torcular...*); outras xurdiron na época tardía da latinidade (*capa, plumacium, cabana, casal, quintana...*) e outras entraron no latín procedentes doutras linguas (*camisa, scala, ou burgus*). Ademais non son poucas as que se crearon e difundiron no latín medieval deixando ou non descendentes nas linguas romances, por exemplo, *grangia, infirmaria, linolas, saia, bortal, uassamentus...* Por outra banda, unha pequena porcentaxe estaría constituída por palabras doutra orixe: xermanismos (*albergaria, lobio, banco, feltrum, luuas*), arabismos (*arrabalde, aldeia, zudas, azenias, azouge, zoramén...*) e outras palabras de proveniencia difícil de precisar (*andibula, calabaza, combarro, corrigo...*). Sobre a extensión do léxico encontramos que a maior parte é común a toda a Romania; non obstante hai voces só hispánicas (*conco, cupos, copos, colcha, aldea, lagar, sesigas, formale, perfia...*) e outras exclusivas do noso dominio (*cancella, cabanello, naseiro, quintanario, caneiro, cestos, dorna, canado, tulias, cisterna*)... .

3. 5. O significado

Polo que atinxe ao significado, o primeiro que temos que facer é determinalo pois non sempre é doado. Os contextos de ocorrencia e as relacións que establece unha palabra co mesmo vólvense imprescindibles para perfilar as distintas acepcións que pode ter un termo; é o material básico sobre o que se soporta a definición.

E derivado disto, deberanse diferenciar usos contextuais (usos libres, os máis rendibles significativamente / usos non libres ou formulares), significados novos que acadan determinadas palabras e, como vimos arriba, como evoluciona o seu significado. Por exemplo, cando definimos *batidica* como un constitúinte do leito, unha especie de xergón ou armazón do leito, chegamos a tal conclusión case exclusivamente porque se encontraba entre outras palabras do mesmo campo semántico. Outro recurso moi valioso para resolver certos problemas significacionais é acudir ao galego medieval. Ademais agora contamos con moitos textos medievais en galego na rede grazas ao proxecto denominado Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG) coordinado por X. Varela Barreiro. E por suposto, o galego actual, o portugués e outras linguas próximas poden ser tamén de gran axuda.

3. 6. A continuidade romance

E a última fase no tratamento do léxico documental sería a de observar o seu “salto” aos textos romances, a súa pervivencia ou non, con que formas, en que tipo de textos, con que acepcións, en que contextos, etc., de tal xeito que poidamos coñecer o percorrido de cada palabra. Un exemplo: *casal*, voz amplamente documentada na prosa notarial latina e romance de Galicia, no galego medieval literario só se documenta nunha única cantiga de escarnio, segundo os datos que uidemos tirar do TMILG.

En fin, a documentación latina medieval é unha fonte inesgotable de información; e tamén lingüística, sobre o latín e sobre as relacións neste período entre o romance, lingua natural, e o latín, lingua aprendida con maior ou menor éxito e que con maior ou menor éxito se intentaba poñer en práctica en cada acto de redacción porque, como afirma o profesor Díaz, “esta lingua por tradicional garante o presente e o futuro”. Sucedé que, non en poucas ocasións, os notarios, de xeito consciente ou inconsciente, fixéronnos chegar mostras e indicios do que sería o romance da época.

ANEXO

1. Lectura dun doc. de Samos: o orixinal, a copia e a lectura do editor

AHN, Clero, Samos, carpeta 1240, nº2, a. 1074

... (ui)delicet Spiritus Sancti.

AHU, Clero, 1173, f. 37 r/v (copia Tumbo, s. XIII)

In nomine sancte et individue Trinitatis Patris et Filii videlicet et Spiritus Sancti.

M. Lucas Álvarez, *El Tumbo de San Julián de Samos*, 1986, n° 79, a.1074

In nomine sancte et individue Trinitatis Patris et Filii videlicet et Spiritus Sancti.

Dominis invictissimis *bac* triumphatoribus et post Deum mihi fortissimis patronis sanctorum Iuliani et Basiliisse *virginis* et sancte *Eufemie virginis* et omnium sanctorum in quorum nomine fundatum (...) *exiguo* et inutilis Veremodus comes *prolix Ordontiz*, vos sancti Dei concedatur mihi in *celorum regna letabunda mansionem* amen. Ideo denique concedo et offero ad hunc locum sanctum et tibi *Fromaricus abba* et collegio monacorum (...) fuerint *do et concedo ad ipsum locum sanctum* villas meas prenomina-
tas in Gallecia tam de *parentorum* quam et de *ganancia*, id sunt in Sarria villa Fafilani, in *Frogani*, villa Stephani; alia villa in *sanceti Iuliani de Florenti*, alia villa (...), villa *sanceti Barvalin*, duas vi-
llas in *Agimeir*, villa in sancta *Eulalia de Traylani*; *iten* et in *Frogani* villa de Lamas, quos fuit de Pelagio Iustiz, et sunt ipsas villas *per suis terminis et locis antiquis* quomodo in nostras *kartulas* resonant per ubi (...) *etiam* et venderunt. Concedo et offero ipsas villas *cum omnia bona sua* que ad prestitum *ominis* est et de nostro ganato ibidem damus *una mula* e *duas tagaras* et *uno* troliono et *una* inferioria et *uno* salare e *Vº* culiares; et de (...) pelle *alfanegue* et alia *zingabe* et uno *cappifolle* et una strectura et unos pannellos et *uno* lecto *crecisco* et *Vº* parelios de mantles de polendo et *Vº* delitones et suas factergias V mutas obtimas de lino et *Iº pectene* de almafi, unas *babugas* vermiculas, III parelios de zapatas IIº parelios de sporas. Hec omnia suprataxata do et offero ad ipsum locum sanctum pro remedio anime mee.

Dominis invictissimis **ac** triumphatoribus et post Deum mihi fortissimis patronis sanctorum Iuliani et Basiliisse *virgine* et sancte *Eufemie virgine* et omnium sanctorum in quorum nomine fundatum extat monasterium ubi sit laus Deo per omnia secula. Ego *exiguo* et inutilis Veremodus comes *proles Ordoni*, *ut per* vos sancti Dei concedatur mihi in *celorum regna mansio letabunda* amen. Ideo denique concedo et offero ad hunc locum sanctum et tibi *Fromarico abbati* et collegio monacorum, Deo adiuvante, sancte regule colla submissi sunt vel fuerint do et concedo ad ipsum locum sanctum villas meas prenomina-
tas in Gallecia tam de *parentibus* quam et de *ganantia*, id sunt: in Sarria villa Fafilani, in *Froian*, villa Stephani; alia villa (...) sunt in Sumoza de Lemabus, villa in Barretanos, villa (...), villa in sancta *Eolalia de Trailan*; *item* et in *Froian* villa (...) Iustiz, et sunt ipsas villas *per suis terminis antiquis* quomodo in nostras *cartulas* resonant per ubi illas obtinuerunt qui nobis illas de-
derunt *vel* venderunt. Concedo et offero ipsas villas **cum omnibus bonis suis** que ad prestitum **hominis** est et de nostro ganato ibidem damus *unam mulam* et *IIº tagaras* et *Iº troliono* et *Iº inferioria* et *Iº salare* e *Vº* culiares; et de raupa *Iº* manto zinlavate et *Iº* pelle *alfanegue* et alia *zinlave* et *Iº capifol* et una strectura et unos pannellos et *Iº lecto grezisco* et *Vº* parelios de mantles de polendo et *Vº* delitones et suas factergias V mutas obtimas de lino et *Iº pectene* de almafi, unas *bulugas* vermiculas, III parelios de zapatas IIº parelios de sporas. Hec omnia suprataxata do et offero ad ipsum lo-

Dominis invictissimis *hac* triumphatoribus et post Deum mihi fortissimis patronis sanctorum Iuliani et Basiliisse *virgine* et sancte *Eufemie virgine* et omnium sanctorum in quorum nomine fundatum extat monasterium ubi sit laus Deo per omnia secula. Ego *exiguo* et inutilis Veremodus comes *proles Ordoni*, *ut per* vos sancti Dei concedatur mihi in *celorum regna mansio letabunda* amen. Ideo denique concedo et offero ad hunc locum sanctum et tibi *Fromarico abba* et collegio monacorum, Deo *aiuyante*, sancte regule colla *submissit* sunt vel fuerint do et concedo ad ipsum locum sanctum villas meas prenomina-
tas in Gallecia tam de *parentorum* quam et de *garantia*, id sunt: in Sarria villa Fafilani, in *Frogani*, villa Stephani; alia villa in sancti Iuliani de *Florente*, alia villa in Sumoza de Lemabus, villa in Barretanos, villa *Rualin*, duas villas in *Argimei*, villa in sancta *Eulalia de Tarilani*; *item* et in *Frogani* villa de Lamas, quos fuit de Pelagio Iustiz, et sunt ipsas villas *per suis terminis antiquis* quomodo in nostras *cartulas* resonant per ubi illas obtinuerunt qui nobis illas *decederunt vel* venderunt. Concedo et offero ipsas vi-
llas cum omnia bona sua que ad prestitum *ominis* est et de nostro ganato ibidem damus una mula et *IIº* tagaras et *Iº* troliono et *Iº* inferioria et *Iº* salare e *Vº* culiares; et de raupa *Iº* manto *zingave* et una pelle *alfanegue* et alia *zingave* et *Iº capifole* et una strectura et unos pannellos et *Iº lecto grezisco* e *Vº* parelios de mantles de polendo et *Vº* delitones et suas factergias V mutas obtimas de lino e *Iº pectone* de almafi, unas *bulugas* vermiculas, III parelios de zapatas *IIº*

cum sanctum pro remedio anime mee.

Si quis tamen, quod fieri non credo,
aliquis homo contra hunc **meum** factum ad **irrumpendum** venerit tam de propinquis quam de extraneis in primis (...) **sanguis** Domini nostri Ihesi Christi extraneus et cum Iuda Scarioth in eterna dampnatione dampnatus et post partem ipsius monasterii omnia de quo agitur in duplo et ad partem regis iudicandi auri talenta duo.

Facta series testamenti VIIIº kalendas *marcias* era Mº CºXIIº...Petrus presbiter qui notuit

parelios de sporas. Hec omnia suprataxata do et offero ad ipsum locum sanctum pro remedio anime mee.

Si quis tamen, quod fieri non credo, contra hunc factum **meum** ad **irrumpendum** venerit tam de propinquis quam de extraneis in primis sit excommunicatus et a corpore et **sanguine** Domini nostri Ihesu Christi extraneus et cum Iuda Scarioth in eterna dampnatione dampnatus et post partem ipsius monasterii omnia de quo agitur in duplo **exsolvat** et ad partem regis iudicandi auri talenta IIº.

Facta series testamenti VIIIº kalendas **marci** era Mº CºXIIº.

Si quis tamen, quod fieri non credo, aliquis homo contra hunc **meum** factum ad **irrumpendum** venerit tam de propinquis quam de extraneis in primis sit excommunicatus et a corpore et sanguis Domini nostri Ihesu Christi extraneus et cum Iuda **Scariot** in eterna dampnatione dampnatus et post partem ipsius monasterii omnia de quo agitur in duplo exsolvat et ad partem regis iudicandi auri talenta IIº.

Facta series testamenti VIIIº kalendas *marcias* era Mº CºXIIº... Petrus presbiter qui notuit.

PARÁMETROS PARA O ESTUDO DA INTRODUCIÓN DO ROMANCE NA DOCUMENTACIÓN NOTARIAL GALEGA

Ricardo Gutiérrez Pichel / Alexandra Cabana Outeiro

Instituto da Lingua Galega (USC)

1. INTRODUCIÓN. OBXECTO DO ESTUDO E DESCRICIÓN DO CORPUS

Conforme viñamos sumando experiencia no traballo con fontes documentais da Idade Media galega, tanto nas nosas investigacións particulares como no equipo de traballo do TMILG, foi xurdindo a idea de elaborar unha achega co fin de detectar pautas na introdución do vernáculo na escrita notarial, visibles tanto na documentación híbrida latino-romance como na integralmente redactada en romance, en función de diferentes parámetros: (a) a tipoloxía, (b) a estrutura interna documental, e (c) a análise das actitudes escriturarias e—anto ao rexistro lingüístico: alternancia ou permanencia— das mans que verteron nos coiros notariais a oralidade daqueles tempos. Cinquén donos á prosa notarial, quixemos aprehender, continuando o labor investigador levado a cabo nos últimos anos, cal foi a dinámica daquelas persoas e institucións á hora de formalizar por escrito os seus acordos. Nesta parte inicial do estudo faremos unha aproximación ás dúas primeiras cuestións: a tipoloxía e a estrutura interna documental.

Dante da imposibilidade de desenvolver un traballo baseado en todos os documentos da época, pola súa dispersión e o aínda limitado número de transcripcións definitivas, a maior parte da documentación utilizada foi no seu momento obxecto de edición (publicada ou inédita pero transcrita en teses de licenciatura ou de doutoramento, e mesmo en traballos aínda no prelo). Esta decisión condiciona a cantidade de unidades documentais, mais tamén a súa orixe, pois a documentación mellor conservada e que ten sido obxecto de edición é a monacal, xa que en xeral se atopa ordenada e con mellor acceso para o investigador, ao se conservar en arquivos públicos¹.

1. Neste labor queremos agradecer a axuda e colaboración dos profesores J. A. Souto Cabo, Ramón Lorenzo, Ana Boullón e Ramón Mariño, ás doutoras Mercedes Vázquez Bertomeu e Bea-

Á hora de elaborar un corpus documental serviuños de orientación inicial o abundante caudal textual do TMILG e a súa base de datos bibliográfica, así como estudos publicados desta índole, v.gr. “Emerxencia e decadencia do galego escrito (ss. XIII-XVI)”, de R. Lorenzo (2004b), ou o “Catálogo dos documentos éditos en galego anteriores a 1260”, de A. I. Boullón (2004). Con posterioridade á conferencia pronunciada no Simposio 2005 do ILG, puidemos actualizar o noso corpus grazas a achegas propias e a consulta de novos traballos, coma o “Inventário dos máis antigos documentos galego-portugueses”, de J. A. Souto Cabo (2006), e os *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*, antoloxía preparada polo mesmo autor² (no prelo).


1.1. Delimitación cronolóxica

Foi necesaria a elaboración dun corpus³, relativamente amplio, integrado por documentación híbrida e plenamente romance situada cronoloxicamente entre a segunda metade do séc. XII e o séc. XIV. Cando menos, estes son os límites temporais que cremos obrigatoriamente necesarios para o adecuado achegamento á cuestión. En primeiro lugar, o período de emerxencia do vernáculo levounos a estudar con profundidade os textos producidos entre o séc. XII e 1270, datas nas que debemos encaixar, na súa xusta medida, as consecuencias lingüísticas da lexislación de Afonso X a—s Sete Partidas— como o pulo definitivo cara á escrita dos instrumentos en romance (vid. § 5). Non obstante, especialmente para o estudo do terceiro parámetro, cumpliu observar, como mínimo ata principios do séc. XIV, a continuidade e preeminencia do código lingüístico romance na documentación notarial, coa finalidade de constatar a hexemonía do hábito escriturario romance a partir do último terzo do séc. XIII en relación ao período inicial.

triz Vaquero, a Sor M^a Mercedes Buján Rodríguez, arquiveira do Mosteiro de San Paio, a Isabel, bibliotecaria do Instituto Padre Sarmiento, e a Ángeles, do departamento de latín medieval do Centro Ramón Piñeiro. Mención especial facémoslla a Xavier Varela, director do noso traballo no TMILG e impulsor desta investigación que hoxe presentamos.

2. Ademais de incluir novas unidades documentais, incorporamos a corrección de certas datacóns erradas e/ou non afinadas ata o momento, e tivemos a oportunidade de acceder a novas e definitivas transcricións, moitas delas áinda inéditas. Neste sentido, agradecemos a valiosa axuda dos profesores Ramón Lorenzo e J. A. Souto Cabo.
3. De cada documento integrado no catálogo confeccionouse unha ficha completa. Rexistrouse a data, a lingua (romance, híbrido [galego/“galiciano-leonés”]), a tipoloxía, o notario, a adscrición xeográfica (derivada da demarcación do notario en primeiro termo, a institución que emite ou recibe, o lugar de redacción, as herdades obxecto de acordo, etc.), a transmisión documental (orixinal ou copia en tombo), as diferentes cláusulas latinas fosilizadas de ser o caso, as partes do documento en cada lingua no caso dos híbridos, a colección documental á que pertence e mais a referencia ás edicións dispoñibles.

Na gráfica porcentual que presentamos a continuación indicamos o número de documentos recollidos desde a segunda metade do séc. XII ata 1270. En total, analizamos 307 unidades documentais —— alegas—— para este período, das cales 243 son textos redactados integralmente en galego e 64 presentan un maior ou menor grao de hibridismo latino-romance⁴.



Na seguinte táboa pódese observar como no penúltimo decenio hai unha descompensación entre os dous códigos lingüísticos (romance e latino-romance) en relación á situación das dúas décadas anteriores (1231-1250), nas que máis do 50% da documentación é híbrida. Esta circunstancia repítese nos catro primeiros anos da década dos 50: a metade dos documentos labrados entre 1251 e 1254 presentan un rexistro híbrido. Constatamos unha vez máis, polo tanto, que a partir de 1255 se fai máis visible o despegue do romance con respecto ao modelo escriturario latino.

	1251-1254	1255	1256	1257	1258	1259	1260
ROMANCE	6	12	6	12	14	32	20
HÍBRIDO	6	3	0	0	1	5	6

4. Por outra banda, recollemos case un cento de documentos, a meirande parte deles expedidos en mosteiros estremeiros, cuxa *scripta* revela un alto grao de vinculación coa tradición escrituraria leonesa. Por este motivo, áinda que é pertinente para os obxectivos deste estudo, non ofrecemos aquí a análise tipolóxica destes diplomas. Noutro traballo deste volume faise un breve comentario lingüístico deste tipo de textos, dentro do período de emerxencia (vid. Rodríguez Parada, "Textos primitivos da franxa oriental").

1.2. Delimitación lingüística

Á hora de adxudicarmos unha ou outra adscrición lingüística, topamos cos problemas xa apuntados nos últimos anos por Emiliano (2003a/b/c), Lorenzo (2003, 2004b), Martins (2001a, 2004) e Souto Cabo (2003a/b, 2004a/b, 2006). En primeiro lugar, a delimitación entre latín e romance, pois hai moitos documentos nos que baixo unha apariencia latina se agocha unha forte pulsión vernácula, non só na sintaxe e no léxico, senón tamén — más significativo — no plano grafo-fonémico (§ 2). Neste sentido, fixemos un estudo da documentación híbrida recollida para o corpus, deténdonos fundamentalmente en tres cuestiós: (a) análise tipolóxica, (b) análise da estrutura interna do documento e (c) grao de hibridismo, desde o punto de vista cuantitativo (vid. supra) e cualitativo.

En segundo lugar, algúns dos mosteiros dos que temos a documentación editada son estremeiros: están situados en zonas limítrofes da Galiza medieval (Asturias, León, Zamora)⁵. A maior parte desta documentación reflicte un conxunto de trazos escripto-lingüísticos característicos do modelo de *scripta* do leonés occidental. Tal tradición escrituraria exerceu o seu influxo dentro do noso territorio, especialmente no leste do noso país. Dentro do período de emerxencia do galego, atopámonos con textos producidos e/ou depositados — de procedencia foránea — maioritariamente na área de Lugo e Ourense⁶, caracterizados por unha amalgama de trazos galegos e outros de clara procedencia leonesa, nos que se evidencia unha práctica escrituraria non homoxénea, fundamentalmente canto á lenición de /n/ e /l/ intervocálicos latinos e á ausencia da ditongación vocálica propia do leonés⁷. Do mesmo xeito

5. Santa María de Vilanova de Oscos, Santa María de Carracedo, San Andrés de Veiga de Espiñareda, San Pedro de Montes e San Martiño de Castañeira. Aínda podemos mencionar outras procedencias estudiadas no traballo de Rodríguez Parada publicado neste mesmo volume, como o Arquivo Diocesano de Astorga, o mosteiro de Carrizo e mesmo o de Santa María de Carbajal (os tres en León).
6. Ferreira de Pallares, Meira, Melón, Oseira (redactado en Zamora), Ourense, Samos. Algúns tamén se rexistran na faixa occidental (Toxosoutos).
7. Igual ca no galego-asturiano hoxe, a conservación da lateral intervocálica é xeral no galego exterior de León, excepto nalguns falares galegos do Bierzo, Ancares-Fornela, Cabreira Baixa; en territorio administrativo zamorano tamén se verifica a lenición de /-l/ nalgúnhas falas galegas de Sanabria (Seco 2001: 89). Pola súa banda, a desaparición da nasal intervocálica tamén se reflicte en certa falas de transición no galego-leonés: Bierzo, Ancares-Fornela; en Zamora esta situación aparece nalgún punto de Sanabria (Seco 2001: 89); no galego-asturiano a flutuación de /-n/ rexístrase nos concellos de Navia, Allande, Villallón e na maior parte de Ibias (Babarro 2004: 320-1). Por último, algúns falares galegos do Bierzo caracterízanse pola aditongación nas formas procedentes de ē, ā e õ latinos (Seco 2001: 84-85); o mesmo acontece no galego-asturiano, especialmente condicionado polo contexto fónico (ante consoante nasal), na parte oriental de Navia, central de Villallón e nas parroquias de Astierna e Trabado (Babarro 2004: 319).

que acontece cos documentos híbridos latino-romances (vid. § 3.2 e § 4), lembremos algúns exemplos⁸ destes documentos “galaico-leoneses” nos que se verifica unha situación de *difusividade* ou borrosidade (socio)lingüística á que se referían Le Page e Tabouret-Keller⁹: na área ourensá, a coñecida *Carta de foro de Vilaboa*, outorgada por dona Toda en 1244¹⁰; na área luguesa, dous documentos d^ea^z ón e foro—integrados nos fondos monacais de Samos e Meira, redactados en 1254 e 1256 polo mesmo escribán, Sancho Pérez, notario de Vilafranca do Bierzo¹¹.

Podemos observar en maior ou menor medida o influxo ou presenza de marcas leonesas nestes textos facturados en Galiza (textos “galaico-leoneses”), da mesma maneira que na documentación dos mosteiro estremeiros batemos a miúdo con trazos inequivocamente occidentais. Neste sentido, para o noso traballo tendemos a considerar de maneira flexible a documentación, pois en último termo a nosa preocupación é facer seguimento da aparición e consolidación do romance na Galiza medieval e non tanto a adscrición dese romance a un ou outro código lingüístico (exclusivamente galego-portugués ou hibrido—cuantitativa e cualitativamente en diferente grao—co leonés). En ambos os dous casos é necesaria e complementaria a análise. Por outra banda, estamos a desentrañar os primeiros retallos escritos do romance daquel tempo na zona máis oriental do noso territorio. Moitos dos fenómenos dialectais característicos desta área na actualidade¹² podémos los observar desde as etapas iniciais de xestación do romance na escrita e durante toda a Idade Media, en diferentes coleccións documentais relativas a Lugo e Ourense, como as de Samos, Meira (vid. supra), Sobrado de Trives ou Melón. Conscientes das dificultades que entraña esta cuestión, nun principio tívose en conta a documentación exhumada das coleccións monacais estremeiras antes mencionadas¹³, mais sempre coa reserva de que constitúen

8. Vid. Lorenzo (2004b: 39-40), Souto Cabo (2006: 41-45).

9. Le Page, R. / Tabouret Keller, A. (1985): *Acts of Identity*. Cambridge: Cambridge University Press; pp. 180-205. Recollido en Monteagudo 1999: 35.

10. AHPOU, Mosteiro de Santa Clara de Allariz, carpeta 6, nº 1. Editados por Ferro Couselo (1967: 13-14) e Souto Cabo (2004a: 597-599).

11. Editados por Sponer (1932-1934: 116-7). Un comentario pormenorizado do primeiro texto en Souto Cabo 2004a: 574-6.

12. Fundamentalmente: resultados de ē, ā, õ latinos (> aditongación / ditongación); l-, -ll- (> [-l-] / [-ll-]); -l- (> Ø / [-l-]); -nn- (> [-n-] / [-n-]); -n- (> Ø / [-n-]); grupo sj (> [ʃ] / [s]); formas verbais TÉNEO, -AM, VÉNIO, -AM (> ptes. etimolóxicos / analóxicos); vid. Seco (2004: 419-420).

13. Así como aquela documentación relacionada con institucións pertencentes ás fronteiras administrativas actuais do noso territorio (Allariz, Penamaior, Samos, Meira, Trives, Melón, etc.) na que se reflicte unha estreita conexión co modelo leonés. A visualización dos trazos “leoneses” (maioritarios) vs. trazos “occidentais” (ocasionais) en termos cuantitativos e cualitativos—nestes textos adoita ser complicada, e requiere dun espazo superior ao esixido, polo que decidimos non incluír os datos tirados desa documentación neste traballo.

exemplos dunha tradición escrituraria distinta, ánda que influínte no noso territorio.

1.3. *Transmisión textual*

Outros problemas que entraña traballar con esta documentación derivan da súa transmisión textual. Unha parte da documentación medieval notarial, sobre todo na plena Idade Media, chegou á actualidade a través da escolla documental dos mosteiros e a súa copia en tombos. ¿Ata que punto esta copia tivo unha intervención lingüística do escribán que a traslada? Neste sentido, a maior parte dos textos estudiados son orixinais; no entanto incluímos 13 documentos (un 4% do corpus) integrados nos tombos de Lourenzá¹⁴, Toxosoutos¹⁵ e Melón¹⁶. Os diplomas dos dous primeiros foron copiados no último terzo do séc. XIII (dentro dos nosos límites cronolóxicos), momento en que foron confeccionados os ditos tombos¹⁷.


O seguinte mapa mostra a localización de toda a documentación romance ata 1270, segundo a institución emanante e/ou outorgante, independente mente do lugar onde se custodia. A maior parte dos textos están relacionados coa instancia monástica e, en menor medida (un 5% do corpus), coa catedralicia (Lugo, Mondoñedo e Ourense). Tal e como vimos (§ 1.1), indicamos cronoloxicamente a presenza vernácula tendo en conta dous períodos desglosados: unha primeira fase de emerxencia iniciada no segundo terzo do séc. XIII (1231-1240 | 1241-1254), e unha segunda etapa de despegue e hexemonía romance a partir de 1255 (1255-1260 | 1261-1270).

14. AHN, Códice 1044B, fls. 54r, 68rv, 77v, 108rv, 110v-111r.

15. AHN, Códice 1002B, fls. 50v-51r, 64v-65r, 94v-95r, 103v, 170v, 181v (vid. infra).

16. Un só documento. AHPOU, Melón, libro 339, p. 340. Tombo feito por Lourenzo Pérez en 1611.

17. O Tombo de Lourenzá (eds. Rodríguez González e Rey Caña 1992) contén documentación desde o séc. X (a. 922) ata a segunda metade do séc. XIII (a. 1266). O Tombo de Toxosoutos (ed. Pérez Rodríguez 2004) foi realizado a finais do séc. XIII baixo o mandato do abade don Sancho Eanes (25 de febreiro de 1289); os últimos documentos copiados no tombo dátanse de 1284 e só un dos textos é posterior (a. 1334). O corpo orixinal do tombo chega ata o folio 192, na volta do cal comeza unha escritura diferente á do resto; esta primeira escritura é de tipo carolina de moi boa feitura. Os folios finais, pola contra, escribiríonse nunha letra gótica cursiva que debe corresponder xa ao séc. XIV.



2. A “PULSIÓN ROMANCE”: TEXTO HÍBRIDO VS. TEXTO ROMANCE

A progresiva difusión dunha *scripta* tendente á oralidade¹⁸ e o seu reflexo na documentación notarial lévanos a falar de diferentes códigos lingüísticos: romance (243 docs.) e híbrido latino-romance (64 docs.). Tal e como xa foi exposto en varias ocasións¹⁹, nun texto susceptible de ser considerado romance o conxunto de trazos característicos do seu código lingüístico, nos distintos niveis de análise (fonolóxico, morfosintáctico e léxico), debe cumplir unha serie de premisas, fundamentalmente: (a) que sexa suficiente e maioritario, (b) sen restricións de índole lingüística e (c) sen restricións de índole diplomática. O primeiro conxunto de textos está constituído por diplomas redactados por enteiro nese código lingüístico ou, en moitos casos,

18. Referímonos, naturalmente, á representación da oralidade fóra do ámbito onomástico (antroponimia e toponimia) e sintáctico (vid. infra).

19. Remitimos ós traballos de Emiliano 2003c: 5 e Souto Cabo 2003a: 337-9, a partir dos que discriminamos o grupo de textos híbridos presentados a continuación.

coa presenza de cláusulas máis ou menos estereotipadas— en latín. En segundo lugar, consideramos *híbridos* aqueles textos nos que se observa en maior ou menor grao a implantación do vernáculo na armazón notarial latina e a súa progresiva normalización ou habilitación por parte dos escribáns. Ambos os dous procesos pódense observar a través da tipoloxía e diplomática documental. A cantidade e calidade (morfoloxía vs. sintaxe; ámbito nominal vs. ámbito verbal) do elemento romance nestes documentos non é suficientemente significativa para podérmolos considerar textos romances (vid. § 3).

O corpus de documentación híbrida coa que traballamos consta de 64 unidades textuais cun diferente grao de hibridismo latino-romance, situados entre o séc. XII e 1270. Trátase de documentación procedente²⁰ das dioceses de Lugo (Vilanova de Lourenzá, Ferreira de Pallares, Cat. de Lugo, Sto. Estevo de Chouzán, Vilanova de Dozón), Ourense (Montederramo, Sta. Clara de Allariz, Oseira, Sta. Comba de Naves, S. Clodio do Ribeiro), Astorga (Sobrado de Trives), Tui (Melón) e Santiago (Monfero, Toxosoutos).

1. 1147. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 68C.
2. 1155. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1481, nº 11.
3. 1169, Xullo, 1. ACOu, Mosteiro de Oseira, nº 32.
4. s.d. (1130-1170). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fl. 54v.
5. s.d. (1150-1180). AHN, Mosteiro de Oseira (Vilanova de Dozón), carpeta 1511, nº 17.
6. 1183. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 51B.
7. 1184, Xaneiro, 5. AHN, Mosteiro de Oseira, carpeta 1510, nº 20.
8. 1187, Febreiro, 6. ACOu, Mosteiro de San Clodio do Ribeiro, nº 59.
9. 1188, Xuño, 21. ACOu, Mosteiro de San Clodio do Ribeiro, nº 61.
10. 1189. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 62.
11. 1191, Setembro, 20. AHN, Mosteiro de Oseira, carpeta 1537, nº 10.
12. 1195. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 83.
13. 1195. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 84.
14. s.d. (2ª metade do séc. XII). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fl. 54v.
15. s.d. (2ª metade do séc. XII). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fls. 110v-111r.
16. 1211. AHN, Mosteiro de Monfero, carpeta 498, nº 17.
17. s.d. (1188-1213). ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 6154.
18. 1215, Setembro. AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fl. 181v²¹.

20. Referímonos, de novo, á institución emanante e/ou outorgante relacionada co acto documental. Siglas dos arquivos: AA (Arquivo do Mosteiro de S. Paio de Antealtares), ACL (Arquivo da Catedral de Lugo), ACOu (Arquivo da Catedral de Ourense), AHN (Arquivo Histórico Nacional, Sección Clero), AHPOu (Arquivo Histórico Provincial de Ourense), AM (Arquivo do Mosteiro de Melón).

21. A letra deste documento é posterior á do tombo (ss. XIV-XV); vid. nota 18.

19. 1217, Maio, 30. AM, leg. 11, caixa 5, nº 7²².
20. 1218, Xuño. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1482, nº 6.
21. 1223, Marzo. AHN, Mosteiro de Melón, carpeta 1440, nº 2.
22. 1225, Febreiro. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 268.
23. 1226, Abril. AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 50v-51r.
24. 1226, Xullo. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1482, nº 12.
25. 1228, Outubro. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1482, nº 16.
26. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407A.
27. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407B.
28. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407C.
29. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407D.
30. 1233, Maio. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 407E.
31. s.d. (1213-1237). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fl. 103v.
32. 1238, Xuño. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 469.
33. 1243, Agosto, 17. AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 94v-95r.
34. 1243, Novembro, 18. AHN, Mosteiro de Antealtares (Chouzán), carpeta 520, nº 6.
35. 1246, Xullo, 14. AHN, Mosteiro de Samos, carp. 1242, nº 15.
36. 1250, Febreiro. AHPOu, Mosteiro de Montederramo, carpeta C-9, nº 2.
37. 1250, Xullo, 25. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1086, nº 12.
38. 1250, Novembro, 8. AHN, Mosteiro de Oseira, carpeta 1524, nº 11.
39. s.d. (1^a metade do s. XIII). ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 6147.
40. 1251, Xaneiro, 31. ACOu, Mosteiro de Santa Comba de Naves, nº 666.
41. 1251, Novembro, 27. AHPOu, Mosteiro de Santa Clara de Allariz, carpeta 6, nº 2.
42. 1252. AHPOu, Melón, libro 339, fol. 340.
43. 1252. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 680 | AHN, carpeta 1483, nº 18 (carta partida).
44. 1253, Xuño, 2. AHN, Mosteiro de Oseira, carpeta 1525, nº 20.
45. 1253. AHN, Mosteiro de Antealtares (Trives), carpeta 520, nº 18.
46. 1255, Xuño. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 1B.
47. 1255, Xuño. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 1C.
48. 1255. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 1A.
49. 1258. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 783.
50. 1259, Xaneiro, 29. AHN, Mosteiro de Melón, carp. 1449, nº 11.
51. 1259, Abril. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 7.
52. 1259, Abril. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 824.
53. 1259, Agosto, 24. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1088, nº 19.
54. 1259, Novembro, 6. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1088, nº 21.
55. 1259. ACOu, Mosteiro de Montederramo, nº 814.

22. Referencia tirada de Cambón (1957).

56. 1260, Xaneiro, 18. AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 64v-65r.
57. 1260, Xaneiro, 23. AHN, Mosteiro de Antealtares (Trives), carpeta 521, nº 10.
58. 1260, Marzo, 4. AHN, Mosteiro de Antealtares (Chouzán), carpeta 521, nº 11.
59. 1260, Xullo, 7. ACL, Fondo de pergamiños, nº 49²³.
60. 1260, Decembro, 24. AHN, Catedral de Lugo, carpeta 1329/H, nº 11.
61. 1261, Xuño, 5. AHN, Mosteiro de Antealtares (Chouzán), carpeta 521, nº 12.
62. 1262, Marzo, 20. AA, Mosteiro de Santo Estevo de Chouzán, caixa 3, mazo 1A, nº 6.
63. 1270, Abril, 30. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1091, nº 7.
64. s.d. (mediados do séc. XIII). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fl. 170v.

3. TIPOLOXÍA DOCUMENTAL

En primeiro lugar, lembremos rapidamente a xénese dos actos documentais²⁴. A *actio*, na que participan exclusivamente o autor e o destinatario, refírese á declaración de vontade acerca dunha acción ou efecto xurídico contido no documento (*negotium*) e da cal derivan os correspondentes dereitos e obrigas. A continuación, tras a solicitude (*rogatio*) das partes ao escribán (*rogatario*) de que se rexistre por escrito o acordo antes realizado, iníciase a fase de *conscriptio*, que supón a confección gráfica do documento. En primeiro lugar, o escribán recolle os elementos informativos necesarios para, posteriormente, proceder a encher o formulario habitual. Estas anotacións previas ao *instrumentum* notarial constitúen a minuta (*imbreviato*). Unha vez revisado e corrixido este escrito preparatorio, procedíase “in grossam litteram” á realización do *mundum* (ou *ingrosatio*), isto é, a posta en limpo da minuta e, polo tanto, a expedición ou *grossa* do acto escrito (feita polo *grossator*). A redacción en pública forma do contrato complétase coa validación notarial: o *instrumentum* reproduce o contido da minuta, pero engade a notificación, o desenvolvemento completo das renuncias e sancións pertinentes e a subscrición notarial, formalidades diplomáticas todas elas necesarias para que o documento teña valor executorio e probatorio.

Por outra parte, segundo a natureza xurídica diferénciase a *noticia* —identificada cos documentos de proba— da *carta* — plicada aos documentos dispositivos,— distinción operativa desde época romana (*notitia / charta*). Case a totalidade do noso corpus (o 95%) está conformado por textos *dipo-*

23. No ACL existen varias carpetas con documentación real e particular sen sinatura especial; aquí referímonos á que contén os diplomas particulares pequenos, sección 25.


24. Riesco (1987, vol. II: 164-170; 1999: 233-244), Guerra (1996: 221-22).

sitivos, isto é, instrumentos notariais cuxa formalidade diplomática é indispensable para que a acción/transacción que encerran (compra-venda, foro, arrendamento, doazón, permuta, avinza, etc.) poida ter consecuencias xurídicas. Quere dicir isto que o referendo característico destes textos, xeralmente situado no escatocolo ou, ás veces, tamén no protocolo (procedementos de validación e autenticación: testemuñas, subscricións, roboración, selos, etc.), é o que lle confire forma xurídica a— utenticidade e efectividade— ao documento.

Desde o punto de vista tipolóxico, a inauguración da progresiva habilitación do vernáculo na escrita destes primeiros tempos está vinculada na súa meirande parte cos actos particulares e, en menor medida (7%), coa documentación xudicial. Queda fóra desta realidade do primeiro galego notarial a documentación interna das propias institucións eclesiásticas (catedralicia, diocesana, monástica, parroquial), e a das institucións civís. Por outra parte, como xa adiantamos na introducción, arredor do 65% destes actos particulares e xudiciais presenta a instancia eclesiástica como unha das partes intervenientes. Primeiramente falaremos da documentación particular relacionada coa adquisición e xestión do patrimonio inmobiliario, coas operacións comerciais e pecuniarias, e co ámbito familiar. Pola súa banda, os tipos pertenecentes ao ámbito xudicial poden ser tamén textos de natureza probatoria (pesquisa, probanza, etc.) ou dispositiva (sentenza, apelación, mandato, etc.).

3.1. Documentación dispositiva

A seguinte gráfica mostra os principais tipos documentais integrados no corpus, desde o séc. XII ata 1270; é significativa a distinta proporción de documentación híbrida e romance en relación ás tipoloxías documentais.




A documentación particular contén a maior parte dos diplomas dispositivos redactados en romance neste período. Dentro desta categoría, os textos relacionados coa adquisición e xestión do patrimonio inmobiliario (compra-venda, foro, doazón e permuta) foron os más permeables á vernacularización (77%: 237 docs.), mais non de xeito abrupto, como veremos. O volume de documentación híbrida faise máis patente neste tipo de textos: unha proporción significativa (22%: 52 docs.) do total de documentación correspondente á xestión do patrimonio inmobiliario está conformada por textos latino-romances. Vexámolo máis polo miúdo no seguinte cadro, onde se indica a cantidade textual presente nos tipos que integran o ámbito documental ao que nos referimos:

	COMPRA-VENDA	FORO	DOAZÓN	PERMUTA
% total (nº docs.)	43% (133)	17% (52)	11% (34)	6% (18)
% híbrido	30%	44,4%	6,3%	20%
% romance	70%	55,6%	93,7%	80%

A gráfica revela que a tipoloxía máis susceptible de acoller o romance na súa confección, se ben non é o tipo máis documentado no período (52 foros fronte ás 133 vendas), é o aforamento (e análogos: arrendamento), xa que case a metade (44,4%) dos textos labrados ata 1270 presentan diverso grao de hibridismo. En segundo lugar, un terzo do total de compra-vendas expedidas non foron redactadas integralmente en romance. Podemos concluír, a partir da gráfica de abaxo, que no foro o hibridismo continúa a ser a situación dominante pasado o ecuador do século (no período do 1251-1260, 6 de 8 docs. son híbridos²⁵), mentres que o contrato de compra-venda, menos permeable, estende en moi pouca medida máis alá da metade do século a primitiva situación de autonomía do modelo tradicional (11 docs. híbridos de 48).

25. É significativo que áinda no último decenio estudiado se produzcan textos híbridos (1261, 1262 e 1270).



Compróbase, polo tanto, que é neste subconxunto temático dos actos particulares onde, en xeral, a tradición escrituraria latina non pode seguir impoñéndose na totalidade do documento: na *dispositio* o escribán comeza necesariamente a deitar a oralidade. Pero, ademais, se deixamos a un lado a documentación producida entre 1261 e 1270, período en que o emprego do romance se incrementa enormemente en detrimento do latín na maior parte das coleccións monacais que coñecemos, observamos como a proporción de textos híbridos é ainda más significativa e amosa, de novo, unha situación gradual na habilitación do romance: máis da metade (57%) dos diplomas redactados ata 1260 áinda reflecten unha falta de independencia con respecto ao modelo latino. Comprobaremos no seguinte apartado (§ 4), tal e como xa se manifestou noutras ocasións (Souto Cabo 2003a: 333), que o contraste que se observa nestes documentos híbridos entre os treitos dispositivos (*scripta romance*) e os formulísticos (*scripta latina*) demostra que a ausencia do romance non se debe a unha falta de habilidade escritural, senón á estruturación imposta polas regras do discurso diplomático. Onde si se pode reflectir unha escasa habilidade ou capacidade por parte do escribán é na realización da *ingrossatio* unha vez corrixida a minuta:

O *mundum*, mas não a minuta, era feito no local de trabalho, com posibilidade de consultar os formulários ou outros instrumentos auxiliares na tarefa de formalizar o diploma usando un registo tardo-latino profundamente distanciado da lingua oral. A maior ou menor proximidade entre a minuta e o *mundum* decorrería entón de factores como o grau de formación, experiencia ou capacidade de memoria do *notator*,

reflectíndose no grau de interiorización de fórmulas e formulários e de domínio (não-assistido) da língua escrita (Martins 2001a: 32).

Segundo dentro dos actos particulares, un segundo ámbito temático é o relacionado co capital e as operacións comerciais. Del rexistramos moi poucos exemplos, todos eles romances: os piñoramentos (2 docs.) e as cartas de renuncia ou *quitazón* (5 docs.).²⁶

En terceiro lugar, rexistramos un conxunto de documentos pertencentes, dentro dos actos particulares, ao ámbito familiar. Trátase de once testamentos (vid. nota 32), dos cales tres, redactados no séc. XIII e pertencentes ao Tombo de Toxosoutos, presentan distinto grao de hibridismo. Malia seren documentos, en principio, tipicamente dispositivos, as *mandas* aproxímanse en gran medida aos textos de carácter probatorio/preparatorio (vid. infra), debido á flexibilidade e variabilidade en contido e forma— da súa parte dispositiva, tendencialmente extensa. Consérvanse textos de factura portuguesa do período en cuestión²⁷ que demostran que a *actio*, no caso dos testamentos, podía dar orixe a dous tipos de diplomas: dispositivos ou probatorios. Estes últimos nunca chegarían, en canto actos xurídicos, á fase de *conscriptio* (consignación por escrito), xa que os que se conservan non posúen ningún sinal validatorio (subscrição notarial, testemuñas ou data)²⁸. Aínda que esta circunstancia non se rexistra en ningún caso nos textos galegos que coñecemos, non obstante, convén salientar a existencia deste tipo documental nunha data moi temperá e no occidente do noso territorio. Trátase da manda testamentaria disposta por Airas Ovequez, en 1237, por ocasión dunha viaxe a Santa María de Rocamador, pertencente ao fondo monacal de San Salvador de Lérez²⁹ (Pontevedra). Isto vén verificar a existencia dunha precoz operatividade da *scripta* innovadora na zona máis occidental do noso territorio³⁰, se ben asociada a un tipo documental en principio dispositivo, mais cun marcado valor testemuñal e de perpetuidade.

26. Outros tipos minoritarios vinculados ao capital ou xestión do patrimonio presentes no corpus son as seguintes: deslinde, traspasamento, carta de posesión, restitución, recebemento, exención, carta de veciñanza, etc.

27. Guerra (1996: 213-19), Martins (1999: 498, 2001a: 30-32).

28. “Talvez a validação destes diplomas decorrese da *actio* à qual estariam presentes, como testemuñas, autoridades religiosas, já que os mosteiros eram habitualmente os principais beneficiarios dos testamentos” (Martins 2001a: 32).

29. AHN, S. Salvador de Lérez, carpeta 1786, nº 18. Descuberto recentemente e transcrita en Souto (2006: 77).

30. Lembremos que é o documento conservado máis antigo da súa provincia. Por outra banda, ata 1260 as únicas pezas documentais de procedencia máis occidental (Oia e Moraime) son dous textos do último decenio (1253 e 1260) labrados por dous escribáns da área de Tordoño e Vimianzo, respectivamente.

Por último, dentro da documentación particular rexistramos un conxunto significativo de textos relacionados, moi frecuentemente, coas transaccións inmobiliarias ou monetarias. Falamos do acordo ou avinza, tipo documental a través do cal as partes resolven as súas discrepancias acerca de moi variados asuntos: propiedade de inmóbiles, reparticións de herdanxa, dereitos sobre rendas, etc. Dos 15 textos rexistrados, únicamente os dous máis antigos (1188 e 1250) presentan romanceamento; os demais foron producidos integralmente en romance a finais da década dos 50 e ao longo do decenio seguinte. Obsérvase, probablemente debido á maior presenza cuantitativa e cualitativa de treitos formulísticos, a escasa ocorrencia de trazos escripto-lingüísticos vernáculos nos textos latinos, así como a habilitación relativamente tardía do romance como rexistro único para este tipo documental.

En relación coa documentación de tipo xudicial, a situación lingüística é moi homoxénea, especialmente se a comparamos coa da documentación particular. Nesta, tendo en conta todos os subtipos textuais comentados, ata un 22% é híbrida; pola contra, na documentación xudicial integrada no corpus todos os diplomas a gás unha pesquisa da 1^a metade do séc. XIII—foron redactados integralmente en romance (maioritariamente sentenzas e preitos), mesmo aqueles de natureza probatoria (probanzas e relatos de contenda).

3.2. Documentación non dispositiva

No traballo que presentamos aquí exporemos sumariamente algunas das conclusións ás que chegamos no estudo realizado en Gutiérrez Pichel ([no prelo]), onde se incide nas especificidades deste tipo documental. Arredor do 5% da riqueza documental recollida no corpus representa un conxunto de textos de natureza probatoria. Os números 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 13 son híbridos, mentres que o resto foron redactados integralmente en romance.

1. s.d. (1130-1170). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fl. 54v. [“noticia de terras” de Vila Cesar, pertencentes ao mosteiro de Vilanova de Lourenzá].
2. s.d. (1150-1180). AHN, Mosteiro de Oseira (Vilanova de Dozón), carpeta 1511, nº 17 [“noticia de herdades” ofrecidas por un particular ao mosteiro de Vilanova de Dozón].
3. s.d. (2^a metade do séc. XII). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fl. 54r. [“noticia hominum uel casalium” do mosteiro de Vilanova de Lourenzá en Santa Eulalia].
4. s.d. (2^a metade do séc. XII). AHN, Tombo de Lourenzá, 1044B, fls. 110v-111r. [Inventario de propiedades do mosteiro de Vilanova de Lourenzá en Bivededo].

5. s.d. (ca. 1243). AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1082, nº 18 [Relato de contenda patrimonial entre particulares].
6. 1246, Xullo, 14. AHN, Mosteiro de Samos, carp. 1242, nº 15 [Deslinde das propiedades dun particular].
7. s.d. (1^a metade do séc. XIII)³¹. ACOU, Mosteiro de Montederramo, nº 6147 ["inquisitio uerissima" sobre as propiedades reguengas do mosteiro de San Salvador de Sobrado de Trives, na terra de Laioso (Maceda)].
8. 1255, Agosto, 23. AHN, Mosteiro de Melón, pasta 1448, nº 2 [Probanza aducida polo abade do mosteiro de Melón].
9. 1258, Setembro, 17. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1088, nº 7 [Relato de contenda do abade do mosteiro de Ferreira de Pallares].
10. s.d. (ca. 1261). ARG, Pergamiños, nº 111 ["nodiça" de gastos do mosteiro de Caaveiro].
11. s.d. (1261?). AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1096, nº 15 ["rreñébráza de herdades" conseguidas por Munio Fernández de Rodeiro].
12. s.d. (post. a 1260?). ARG, Pergamiños, nº 112 [Fragmentos de testemuños e probas sobre un preito, do mosteiro de Sobrado].
13. s.d. (mediados do séc. XIII). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fl. 170v. ["noticia de quinonibus" do mosteiro de Toxosoutos na igrexa de San Salvador de Taragoña].

Por unha banda, temos cinco documentos de carácter xudicial: dúas probanzas (docs. nº 8 e 12), dous relatos de contenda (docs. nº 5 e 9), redactados os catro integralmente en romance; e unha pesquisa latino-romance (doc. nº 7). Por outra banda, rexistramos un deslinde híbrido (doc. nº 6), sete inventarios de bens e/ou propiedades (5 híbridos: nº 1, 2, 3, 4 e 13; 1 romance: nº 11) e unha noticia de gastos, en romance (doc. nº 10). Os testamentos rexistrados no noso corpus³², malia presentaren un aspecto menos

31. Data proposta por Lorenzo / Pérez ([no prelo]), na súa edición inédita de Montederramo, tendo en conta a letra e os actuentes. Duro Peña (1967: 58-9, nº 2) datárao nos últimos tempos do rei Afonso IX (1188-1230), isto é, ca. 1225-1230. Souto Cabo ([no prelo]) aproxima a data da pesquisa a ca. 1230.

32. 1226, Abril (híbrido). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 50v-51r. | 1237, Abril, 17. AHN, Mosteiro de San Salvador de Lérez, carpeta 1786, nº 17 | 1243, Agosto, 17 (híbrido). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 94v-95r | 1255, Setembro, 22. AHN, Mosteiro de Montederramo, carpeta 1484, nº 4 | 1258, Abril, 8. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1088, nº 1 | 1259, Agosto, 20 (cumprimento). AHN, Tombo de Lourenzá, 1004B, fl. 77v | 1260, Xaneiro, 18 (híbrido). AHN, Tombo de Toxosoutos, 1002B, fls. 64v-65r | 1260, Detembro, 24. ACOU, Mosteiro de Oseira, nº 348 | 1261, Abril, 28. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1089, nº 18 | 1266, Febreiro, 4. AHN, Mosteiro de Ferreira de Pallares, carpeta 1090, nº 15 | 1269, Marzo, 20. ACOU, Mosteiro de Oseira, nº 1013.

formal, inclúen a formulística validatoria típica dos textos dispositivos. No entanto, xa foi dito que son tipos moi próximos aos textos de carácter probatorio.

É interessante notar que o primeiro dos rótulos [*notitia*], além de designar um espécimen pelo conteúdo, parece sinalar también o carácter menos formal do mesmo. De facto, a *Notícia de Vermudo Guterres (B1)* sería propriamente uma «manda» assim como a de Pedro Alvites (*B3*). Isto evidencia que se tinha consciéncia da possibilidade de as tipologías próximas dos testamentos poderem apresentar a configuração de documentos de prova (Souto Cabo 2003a: 335).

Segundo a súa natureza xurídica, trátase de trece textos ← endencialmente— non dispositivos. Referímonos aos documentos de proba, aqueles nos que non existe vínculo entre o contido do documento e as consecuencias do feito xurídico para o que potencialmente foron labrados. Son tipos textuais nos que fundamentalmente interesa, por unha banda, constatar e perpetuar a lembranza do feito xurídico e, por outra, servir, se for necesario, de testemuño sobre a dita acción xurídica (Riesco 1987, vol. II: 162-3; 1999: 208). Non precisan ser validados porque non se erixen en actos xurídicos e, como consecuencia, non teñen efectos legais directos.

A nivel diplomático esta circunstancia reflíctese na ausencia da subscripción do notario e das testemuñas; a maior parte das veces isto tamén acontece coa data (crónica e tópica), aínda que non sempre (docs. nº 6, 8 e 9). O contido deles, xa que logo, queda limitado á súa parte esencial (a *dispositiva*) e, polo tanto, o texto non excede o ámbito da *minuta* (vid. supra). Tal e como se expón no referido estudio, veríficase que as partes más formalizadas non son necesarias e, como consecuencia, ou non aparecen (doc. nº 4) ou quedan limitadas, en xeral, a unha breve identificación inicial do acto diplomático. Isto é o que acontece, v. gr., nos inventarios (vid. na listaxe anterior a información entre corchetes dos docs. 1, 2, 3, 10 e 12).

Centrándonos na documentación híbrida, nos textos de carácter probatorio e/ou preparatorio (*imbreviatum* vs. *ingrossatum*), debido a que se compoñen case exclusivamente da parte más esencial ← dispositiva— xa que son desprovistos da formalidade autenticatoria, obsérvase que o romance xorde en calquera parte do documento mesturándose de xeito heteroxéneo co elemento latino. A disposición do elemento vernáculo nestes textos é más xeral e difusa ca na documentación mencionada no apartado § 4, onde o romanceamento se concentra en masas compactas no seo, precisamente tamén, da parte más variable e permeable ← oralidade— do instrumento notarial. Parece evidente que este tipo textual (non dispositivo) e o acto diplomático que o fai posible (*minuta*), recolle as condicións idóneas para que

se desenvolva unha *scripta* innovadora ~~resp~~ ecto do seu modelo latino—que tendencialmente reflecta a oralidade manifestada previamente na *actio* documental.

Tanto nos inventarios de bens e/ou propiedades coma nos textos de natureza xudicial pódese advertir un progresivo e inminente “contaxio” da *scripta* romance nos moldes escriturarios tradicionais. No nivel grafo-fonémico, este proceso de xestación do código innovador reflíctese en primeiro termo no ámbito (pro)nominal³³, fundamentalmente substantivos i—nequivocamente reinterpretables como romances³⁴— referentes ao contido básico do documento (maioritariamente transacción/xestión da terra):

agro, casal/casar, comarum, cortina, devesa, dineiro, erdecros, lameiro, leyra, línar, mato, moesteyro, orto, pradeyro, renda, rio, seara, soutelo, souto, vilar, veyga, etc.

En segundo lugar, as estruturas oracionais artelladas en torno a un operador adverbial/preposicional, visible case sistematicamente nos treitos de estrita delimitación espacial, tenden a romancearse con relativa frecuencia alternando con construcións latinas en grande medida ritualizadas:

- “dilus corragos … u directo do monasterio” (doc. nº 1), “dis istu usque in lago mortu directo do moesteyro dela agra du cotu usque”… (nº 1), “jnna siara toto directo do moesteyro” (nº 1), “todo cabo devesa” (nº 4), “como comeza in molino et inde per rio. et inde al marco do lameiro”… (nº 7); en xeral coas preps./advs. romances: *a, cabo, des, como, so*, etc.
- construcións exclusivamente latinas: “iacet subtus”… (nº 4), “quomodo vadit ad”… (nº 4), “quomodo iacent… per quondam…” (nº 4); en xeral coas prep./adv. latinos: *ad, cum, in, inde, quomodo, sub, super, unde, usque*, etc.

Por último, más significativa para decidirmos o estatuto idiomático dun texto é a análise do que acontece no ámbito verbal. En efecto, o dato decisivo para interpretar estes textos como híbridos (e non como romances) é a

33. Deixamos á marxe a onomástica persoal, xa que este código posúe un notable grao de independencia en relación ao lingüístico (para Diéguez González 2000 [2002]: 37, é un “código semiótico non lingüístico”). Algo similar acontece coas ocorrencias topónimicas, áinda que neste caso interesan aquelas formas que, ó mesmo tempo, constitúen vocábulos comúns usuais.

34. Para a análise destes textos unha determinada forma neutra, isto é, que non posúe sinais específicos romances, considerarémola en principio ‘latina’ (vid. Souto Cabo 2003a: 338, Emiliano 2003c).

diferenza no índice de frecuencia de ocorrencias verbais con flexión romanece, aínda limitado fronte o conxunto de ocorrencias latinas³⁵. Algúns exemplos:

- *benfeitado, comeza, comparoc* ('comprou'), *departem, deron, ei, enquériron, exquisereren, leuo(les/los), ouueron a fazer, parti, quitou, raciongar, tomou, tiuu.*
- formas latinas: *addidit, audiuerunt, benefectauit, comparauit, debet, dederunt, dicere, dicitur, dixit, donauit, erat, esset, est, exquisierunt, fuerunt, fugiūt, fuit, ganauit, habere, habet, iacent, incipit, pectauit, prendidit, raciongauit, relinquit, tenet, uudit, uendiderunt, uidit*, etc.

4. ESTRUTURA INTERNA DO DOCUMENTO

A estrutura diplomática dun documento ofrécenos pautas de introdución do elemento vernáculo na armazón latina. Neste apartado, por unha banda, identificaremos o contido das secuencias vernáculas que, de xeito compacto, se insiren no corpo dispositivo do texto latino. Falamos da parte menos estereotipada e onde cada acto documental amosa a súa personalidade propia, debido á especificación do acto xurídico. En segundo lugar, observaremos como a progresiva introdución do romance é igualmente reconóecible nas partes tradicionalmente más formulísticas: desde os primeiros tempos obsérvanse cambios significativos nos treitos, en principio, menos permeables ao contaxio coa nova *scripta*.

Na maior parte das ocasións, o romance aflora nas indicacións relativas á localización e descripción espacial das propiedades obxecto da transacción, ou ás particularidades históricas da posesión de ditas heridades (ex. 8). Mesmo podemos visualizar esta tendencia ao romanceamento nas escasas fórmulas de introdución dos datos xeográficos ou pecuniarios (ex. 12), ou na propia *notificatio*³⁶ do documento (ex. 8). Nos seguintes exemplos³⁷ pode-

35. Remitimos ó noso traballo citado anteriormente para unha análise pormenorizada de todos estes aspectos.

36. Tamén chamada *promulgatio* ou *prescriptio*, trátase da parte que serve para anunciar o feito xurídico contido no documento mediante unha chamada de atención ás persoas a quen poída interesar positiva ou negativamente. Lémbrense as fórmulas latinas equivalentes: "Sciant omnes, noverint universi, notum sit omnibus tam presentibus quam futuris", etc.

37. A numeración a partir de aquí corresponde á do corpus total de documentación híbrida (vid. § 2). Todas as transcricóns fragmentarias incluídas neste traballo son propias. Debido ás particularidades escripto-lingüísticas deste tipo de documentos conservamos en gran medida a situación do texto orixinal. Unicamente intervimos no desenvolvemento das abreviaturas (en cursiva) e na unión e separación de palabras (segundo a norma actual) excepto nos casos onde a disposición orixinal tiña unha especial relevancia lingüística. Convencións gráficas empregadas:

mos observar a inclusión de construccíons vernáculas (no plano nominal, adverbial/preposicional e mesmo verbal) que van artellando o esclarecemento exacto das herdades en cuestión.

- 1155, Montederramo (nº 2): “Termjni autem de couis *silicet* per huius modi loca. In primjs. *per portum* de coujs. Deinde contra ousral. Et deinde *per spinarium* a enfestu. Et inde ao carril de aural [...] Et inde *per uiam* contra ujllarinum frigi<dum>. usque ad riuum de casar de bispo. Et inde a enfestu *per ipsum rfiujum usque* ad portum de coujs contra o[u]ral[!].”
- 1184, Oseira (nº 7): “ffacimus cartulam uendicionis [...] d' ipsa nostra propria una leyra de su a uila do castro τ ipsa leyra afunso fagundi. cumu de parte de erdade da uila e fe<r> en corneda. cuncurrente fluuio dezum”.
- 1211, Monfero (nº 16): “damus [...] nostras portiones [...] e iacent de la áqua de pigaroo deinde *per paos* del *conde* τ *per ambas irmáás* τ pelos uilares de maiores. deinde *per castro* podamo τ pela uelosa”.
- 1223, Melón (nº 21): “uendo meo quinione quanta ego ibi habeo *in* linare de gunda [...] des do porto <palacaneo> quomodo corri *per aqua* pe<c>deyra adsি quomodo uudit ad rio de lor. τ diparte. *per termino de sancta marta*. τ *per termino de cays*”.
- 1226, Montederramo (nº 24): “facio cartam [...] de uno casario τ est prenominato *in tamagelos* *in* cema de uila τ de una lera sub ela uereia *que fer* ina antigua”.
- 1251, Santa Comba de Naves (nº 40): “hereditatem de pena longa quomodo diuidit *per ipsa petra*. τ inde ad pena do muogo. τ inde ao outeiro da felgeira. τ inde a las lag<en>as de <..> τ inde a lo outeiro da pena lubosome. τ inde redditur *super* lo souto τ uudit a lo marco do ual do bezerro. Jn alia parte quomodo diuidit connos de caneto perla pena lobusome τ uudit ao cancelo. τ redditur sursum quomodo diuidit con .p. arie”.
- 1251, Santa Clara de Allariz (nº 41); “damus [...] quantam hereditatem habemus jn uilla *que dicitur* sendjn. quale. fuit de eluira gunzaluet. *que* le nos comparamus. damus tibi τ generatio tua usque *in perpetuum*. τ sachó inde. duos soares unum iacet cabo ianuarius paez et altero iacet cabo ó de *domnus petri*”.
- 1253, Oseira (nº 44): “**sabuda causa sega** qui eu [...] uendo totis montis \quaes/ uos britastis τ ficarun pur britar. τ os nouos qui inde leuastis \montis τ de/ de (*sic*) ipsis casali d' outeiru. qui fui di rudrigu poleg<..> qual eu τ ge\rl/mana mea tenemus de uos in uita nostra”.
- 1258, Montederramo (nº 49): “damus [...] totam hereditatem quam habemus in termjnu d' esquadro delas portas áásusu como uay áa pena do sengo τ damus

“<>”: lectura dubidosa, “[]”: reconstrucción de texto deteriorado ou desaparecido, “\ /”: texto escrito na marxe ou no interliniado, “<..>”: texto mutilado, “[..]”: omisión voluntaria do editor para abreviar o texto.

quanta hereditatem habemus iuxta grangiam de payoes sicut est diuja per homines bonos".

1259, Montederramo (nº 55): "ffatimus (*sic*) uerbum τ cartam de nostra hereditate de couela quomodo parte per capud de fogoo et per lagonam da traue quomodo uudit per uiam per quam descendunt uacce au ual do cornelo per rigarium quomodo descendit ad senaram domni stephani. a derecto au feal da cabreyra quomodo uudit ad serram áá cruz de ual de bezerros per malada de pay campisino au menzon do azeual per lonbo d' entre lo azeual τ u teyxedo quomodo uenit ad crucem da edreyra et parte perlas outras cruzes τ perlos deusios aas portas do canzelo".

1260, Trives (nº 57): "Quamta hereditate habemus alende o rio de cereysa. et dela careira que uay pora castro. [...] pollo agro do casar de nogueiras. [...] inde ha cortina de corraes que ten maria canelas cabo ó orto de *sancto laurenzo*. τ otros dos cortineiros que ten sancha petri in *sancto laurenzo*. τ quanta inde non ten o nosso casar de nogueiras cum sua fructa. τ mas uos damus. o orto de *sancto laurenzo*. τ la meadade da costa. τ do castro de *sancto laurenzo*. τ desta parte medietatem de dos nogueiras. τ de una castaneira. τ as meas das cerdeyras".

1260, Lugo (nº 59): "facio cartam venditionis. **Scilicet** lareas nominatas ubi uocatur outario sub signo *sancij Johannis Conuen a ssaber* duas en loco que uocatur ruuias \<ruuaes> / *inter* larea do espital τ de azenda perez τ alia ao barral. τ ubj uocatur curtinero áá lagea cerca o carualo de outario. τ alia nas cortinas *inter* larea de *san johan* \τ/ de eldonza odarij.. τ Alia supras dictas cortinas cerca leyla de *predicta eldonza odarij*. τ Alia que uocatur larea do triagal cerca larea de hospital. τ Alia da barcela comodo jacet con suis terminis".

1261, Chouzán (nº 61): "Do. atque concedo. montem illum τ locum qui dicitur barvectos. [...] in cauto de Lausada. *sicut diuiditur* de bustelo per cima do castilllon. τ inde *sicut* uenit áá carvala torta das paredes. τ inde ad marchum qui stat nos fontaos. τ inde per ipsam regariam a festo áá fonte d' espineiros. τ inde a derecto áó camino *quod uudit para uilar de mulieribus*".

1262, Chouzán (nº 62): "τ uudit per directoram áó marco que \e/sta *inter* petras. τ inde sicut uudit per alios marcos que stant super agrum de lamela. τ inde sicut uudit per marcos qui stant entre a estiuada noua τ uetera. τ inde sicut uudit firir áó marco do feal. τ inde sicut uudit per uiam que uudit de lamela *para sancta marina* de uiascós. *sicut diuiditur* de hereditate *sancti iohannis* da coua de ista supradicta. In super. do. τ concedo uos omnes supradicti o qui non que suía téér o casar do pereyro na uila de lamela".

Outro dos treitos variables do corpo ou *dispositio* más susceptibles á vernacularización é a referencia a elementos materiais concretos, especialmente, a indicación da contribución ou pagamento da do ou recibido— en

relación a unha venda, foro, arrendamento, cesión, manda testamentaria, etc.

1169, Oseira (nº 3): “per precio nominato .j. rocjn insilado τ infrinado sela era rasa circumdata de orla rubea de pano .C. τ .xx. solidos. τ magis dedit in pane τ in carne”.

1188, San Clodio do Ribeiro (nº 9): “et faciant uno molino in testa in auie. τ moer illa cibaria de monasterium sancti claudi. sine maquia. fora milio. τ faciant alios molinos [...] in ribulo Baraoni”.

1195, Montederramo (nº 12): “τ accipio de uobis unam tunicam τ unam capam et unos zapatos”.

1223, Melón (nº 21): “uendo mea hereditate quanta nos habemus in linare de gunda. pro .xii. solidos τ medio. τ in robore .i^a. cabácia de uino”.

1250, Oseira (nº 38): “tali pacto ut persoluas inde mibi uel uoci méé. iij^{es}. modios de pane. medio de millo. τ medio de zeuera. τ i^o. quarteyro de trítico. τ i^a. teyga in pane amasado. τ duos capones. τ una cabalaza (*sic*) de uino. τ vi. soldos. τ vi. afusaes de lino. τ i^a. teyga de fauas”.

1253, Trives (nº 45): “quod detis inde annuatim. quintam de pane. τ v^e solidos annuatim. [...] τ unum solidum de heyradigo. τ x. oua. τ unam gallinam. τ unam scalam de manteya. τ unum pedernal”.

1259, Melón (nº 50): “τ detis inde mibi uel uocj anuatjm medietatem pane in area τ medietatem uini in lagare τ tercia de orgio. τ vj. denarios pro lino. τ iij. solidos <..> anuatjm .i. pro coleyta [...] τ debetis dare mibi uocj méé .iiij. almudes de castaneas anuatjm”.

1260, Trives (nº 57): “τ de al nichil detis. Excepto inde nabal que facilitatis quam mano uolueritis. el nabal alzado. se meade totum terenum de serodas. τ pro ipso nabal. τ por orto. τ por fructa. detis annuatjm .vj. soldos. de renda. in die sancti iohannis bābtiste. τ .j. soldo. de heyradigo. τ detis annuatjm in die sancti micah[elis] [τ in diel] sancti martinj. iiij^{or}. dineiradas de pan. τ .j. gallinam bonam. τ do chando que ibj feceritis detis nobis, uel uocj nostre. iiij^a. partem ad obitum uestrum”.

1270, Ferreira de Pallares (nº 63): “τ debetis dare mibi anuatjm unum touzinum τ d\u00f3u/os capones”.

Ata agora vimos que a inclusión do romance no texto latino aparece con más facilidade na *dispositio*, onde se explicitan os límites territoriais e as especies de pagamento pertinentes. Non esquezamos que o 93% do noso corpus textual está vinculado a actos particulares referidos á xestión do patrimonio inmobiliario e a operacións comerciais ou pecuniarias. No entanto, dentro do propio corpo do documento, existen outros treitos diplomáticos que revelan aínda que con menos frecuencia— a presenza dunha práctica

romanceadora. Falamos da *sanctio* e *corrobatio*, localizada polo xeral inmediatamente antes do escatocolo. No primeiro caso, coa ‘sanción’ garántese o cumprimento da acción xurídica contida na *dispositio*; pola súa banda, na ‘corroboration’ certifícase que foi realizado de acordo coas formalidades necesarias para lle dar validez ao escrito. É, como veremos, na *sanctio* onde se rexistra con máis nitidez a introdución do elemento vernáculo, especialmente nas cláusulas obrigatorias, prohibitivas e penais. No seguinte exemplo vemos que na expedición dun *negotium* venda — pode ser pertinente a concreción dunha condición ou obriga derivada del:

1238, Montederramo (nº 32): “hec est precium nominatum. quod a uobis recepit cilicet (*sic*) .L. soldo\s/ monete legionis. τ se filius meus uel aliquis hanc cartam frangerit (*sic*) voluerit sit maledictus τ communicatus (*sic*) et pectet .c. solidos\s/ domino terrem. τ illam hereditatem tali loco ducplatam. Asi como eu le uendio ista mia. Asi le uendo o quinon de meu irmano iohan lopez. que ei comprado por <x>eix. soldus. e se meu irmaúú (*bai un <e> riscado*) ina terra uen. e \i/sta carta non quer otorgar. eu petro lopez amparar mia irmáá cum ista erdade”.

Especialmente nos documentos de natureza contractual, nos que se realiza unha cesión ou transacción comercial, é habitual a aparición de cláusulas *obrigatorias* (en menor medida as *preceptivas*) polas que as partes intervinientes se comprometen a cumplir co pactado na disposición. Deseguido reproducimos algúns exemplos nos que tales cláusulas son puntualizadas segundo as circunstancias concretas de cada transacción. Frecuentemente inclúense no documento coa finalidade de precisar as condicións do tributo ou pagamento, ou para cominar ao mantemento, restauración, rendemento e, en definitiva, ao bo coidado e rédito do ben adquirido:

1250, Montederramo (nº 36): “damus uobis áá tal foru. que dedes inde quarta de pan uobis (*sic*) τ generatio uestra usque in perpetuum. mibi uel cui uox mea habuerit. τ colerd[el]s meu maiordomo. τ leuardes o pan a meu celejro. ena fíjgrisia”.

1251, Santa Clara de Allariz (nº 41): “toda altera do *tibi que sis inde* mei uassalj. τ dares inde nos quarta de *quantum deus dederit ibj.* τ chamares *meum* maiordomo. τ dares de heratico .iiij. talegas de cebaria. τ anuatim. xvij. denarios por foro. τ sééren pacatos usque festum sancti martinj. τ de luctosa. unum morabidil. τ si uenerit *tibi paupertate que non* passas morare in *terra*. nen in istum forum. Ego dominus .ffernandus. ír e filare hereditate τ metela a prol. τ tu quando ueneris filares tua hereditate. de ianeiro. a ianero. (*sic*) τ non perderes tu ista herdade. nen eu a prol dela”.

1255, Montederramo (nº 46): “τ Ego Johanne moniz. outorgo per mea bona a enparar esta erdade a monte de ramo. Johannes publicus notarius qui scripsit”.

1259, Melón (nº 50): “τ quando colerdes pane τ uino τ orgio per meum maiordomum. τ si ego uobis non dederit maiordomum colerdes meum quinonem bene τ fideliter. [...] τ debetis e<s>e nostros uasalos. τ ego debeo uobis amparare a dereyto τ si uobis non potuerit amparare debetis filare senior que uobis anpare”.

A continuación exemplificamos o romanceamento na concreción de treitos formulísticos *prohibitivos*, nos que, en xeral, se veta todo o que poida ir en contra da acción xurídica:

1228, Montederramo (nº 25): “τ recipio inde precium. unum rocinum. unde bene suu pagado. τ uiuiān. filio de paiote. fiador de outorga. de toto ominem qui a demande”.

1250, Montederramo (nº 36): “τ si uolueritis istum forum uendere uel supinorare. ante nobis quam alios homines uel cuj uox nostra habuerit τ si nos noluerimus uendatis uel supinoretis aa talios homines que faciant nobis istum forum in pace. τ non sedeant cabaleros nem frades nem freires. se non homéés que faciant nobis istum forum in pace”.

1251, Santa Clara de Allariz (nº 41): “τ si uolueris istum forum uendere uel supinorare. ante mibi quan alteros homijnes. uel cuj habuerit uox mea. τ si non nolamus (sic) comparare. nem supinorare. uendas tu a talios homines que faciant nobis istum forum in pace. τ non sit miles nem frade nem dona nem ho\m/e (o <m> é corrección) d' ordin. mage sit talios homines que faciant nobis istum forum in pace”.

1255, Montederramo (nº 48): “τ Ego. Maria pelagij outorgo per mea bona si aliquis uenerit contra ista leyra. demandar”.

1259, Montederramo (nº 51): “Ego martin gunzaluj outorgo a martin ioanes per mij τ per mía bóa quanta onde ago que alonge todo ome τ muliere que lj ueer demandar esta erdade”.

As cláusulas *penais*, mediante as que se anunciaban penas e castigos de diferente índole (económica ou espiritual), son tamén obxecto de romanceamento temperán.

1233, Montederramo (nº 26 e 27): “pro precium nominatum c. τ xl^a. τ ii. solidorum. unde bene sumus pagados. habeatis illa firmiter pro senper. τ **quin ista karta uoluerit frangere**. pectet heredjatatem duplata. τ domino terre .c^m. morabetinos”; “pro precium nominatum .xi. solidorum. unde bene sumus pagados. habeatis illa firmiter pro senper. τ **quin ista karta quisier pasar** pectet hereditatem duplata. τ domino terre .c^m. morabetinos”.

Aínda dentro do corpo do documento, faremos mención agora das cláusulas *corroborationes*, que certifican que o diploma foi elaborado segundo os formalismos requeridos. No seguinte exemplo observamos o romanceamento do acto de subscripción do autor ou outorgante (*roboration*):

1259, Montederramo (nº 51): “Ego martin gunzaluj [...] outorgo esta carta τ en ela mias manus roboro”.

Por último, fóra do corpo documental, podemos atopar tamén o cambio de código lingüístico. Trátase dos espazos formulísticos menos porosos da confección diplomática do instrumento: o treito inicial (protocolo) e final (escatocolo) de todo documento dispositivo, onde se conteñen as fórmulas legais necesarias para lle outorgar ao texto perfección xurídica. A penetración do romance nestes espazos adoita ser más tardía: os escasos exemplos³⁸ localizados foron redactados a partir da década dos 60; de feito a súa consignación en latín en documentos romances constitúe unha práctica ritualizada durante toda a Idade Media. No protocolo o romanceamento pode xurdir na *invocatio* (ex. “In dei nomine” vs. “En nome de deus”) ou na data crónica (moitas veces situada na parte final do documento). É aquí, no escatocolo, onde é máis visible o contaxio romance, especialmente: na data, no anuncio da *rogatio* (ex. “Ego P. per mandado de J. scripsit”; vid. § 3), na *completio* ou indicación do acto de escritura do notario (ex. “scripsit/notuit” vs. “noteby”) e na *absolutio* ou autenticación mediante o signo notarial (ex. “[signum meum] pusuy” vs. “puge y/atal/asý”).

5. O PULO LEXISLATIVO

Para rematar, queremos apuntar moi brevemente diversas consideracións acerca dunha cuestión amplamente tratada nos estudos peninsulares. ¿Houbo algún aspecto lexislativo que incidira no cambio de lingua escrita? Dada a referencia que algúns autores fan a Afonso X o Sabio (1252-1284) como o rei que decreta a introdución do romance nas escrituras, consolidando unha tendencia que tería começado no reinado de seu pai, Fernando III o Santo (1217-1252), acudimos á súa obra lexislativa para ver de localizar a mención textual, pois nunca atopamos dela cita literal. Nin nas *Sete Partidas* nin no

38. Remitimos ó traballo de Lorenzo 2004b: 53-55, onde se citan algúns exemplos pertencentes ó último cuarto do s. XIII.

Espéculo aparece unha referencia explícita a esta cuestión³⁹, se ben moito do que nelas se di camiñe neste sentido. Antes de desenvolverse a obra lexislativa de Afonso X temos dúas mencións á tradución ao romance que merecen terse en conta (Santoyo 1997). Por unha banda, cando o rei Fernando III lle concedeu o *Forum Iudicum* á cidade de Córdoba en 1241 incluíu unha disposición especial na que mandaba traducilo ao vulgar:

Statuo et mando quod Liber Iudicium, quod ego misi Cordubam, traslatetur in vulgarem, et vocetur Forum de Corduba.

Por outra, o seu fillo Afonso X ordena en 1253 que se traduza un acordo en latín de 1210 entre os mosteiros de Sahagún e de San Pedro de las Dueñas, para que as monxas e outras persoas non se viran prexudicadas por non entendelo. Parece claro que as monxas tiñan certos problemas nese sentido, pois a tradución do acordo ao vulgar comeza como segue:

Connoscida cosa sea de todos los omnes que esta carta uieren como yo don Alfonso, por la gracia de Dios rey de Castiella, de Toledo [...], ui cartas de composicion, en latín, partidas por ABC, entrel abbad e el conuento de Sant Ffagund e el conuento de las Duennas de Sant Pedro, e confirmadas de mio uisauuelo el rey don Alfonso, e porque las duennas e tod omne las pudiesse entender mandelas tornar en romanz, en esta guisa...

A extensísima regulamentación vinculada ao rei Sabio non deixa sen establecer de maneira pormenorizada o labor dos escribáns. Tanto nas Partidas (1256-1260, na súa primeira fase) coma no Espéculo (1265) se lles dedica un título específico, con contidos parellos. Na Terceira Partida, o título XIX “*De los escribanos*”, inclúe dezaseis leis para estes profesionais. Na Lei II dise que deben ser

vecinos de aquellos lugares do fueren escribanos, porque conoscan mejor los homes entre quien ficieren las cartas⁴⁰.

Semellante contido temos no Espéculo, sendo o título dos escribáns o número doce do libro cuarto. Na lei XXXIII dise que os

39. Ata o século seguinte non coñecemos ningunha: na *Crónica de los Reyes de Castilla*, redactada entre 1340 e 1352.

40. Citado segundo o facsímile da edición feita pola Real Academia de la Historia en 1807, disponible na Biblioteca de Dereito da Universidade de Sevilla (<http://bib.us.es/bibderecho.asp>)

mensaieros del rey o otros omnes van algunas vezes a otras partes fuera de sus regnos et an meester cartas de como vayan guiados. Et estas deuen seer fechas en latin por que las entiendan los omnes de las otras tierras;

e na lei XXXV, ao aludir ás testemuñas dunha carta de venda dise que

al menos deuen seer a tales que entiendan la carta et la sepan leer.

O que puideran ser tres citas non relevantes adquieren importancia se pensamos que se está a facer fincapé en que os participantes do acto documental coñezan o seu teor, que o escribán non fique descontextualizado do contorno en que traballa e que non se faga referencia a que un documento teña que escribirse en latín agás neste caso, no que o documento ten que se escribir na koiné latina por razóns “operativas” específicas. Asemade, o feito de que se desenvolvan modelos de instrumentos notariais dentro desta lexislación, de maneira que as Partidas e o Espéculo poden funcionar como formularios notariais, e que estes modelos se facilitan en romance castelán e non na lingua latina, lévanos a afirmar que, áinda non se desenvolvendo unha norma clara e directa para o impulso do romance na escrita, a lexislación do rei Sabio serve de modelo claro e efectivo para o uso escrito do romance, aplicándoo os notarios á súa lingua propia.

Mais, ¿é independente este labor lexislativo dos comportamentos lingüísticos anteriores? Xa indicamos a presenza de textos híbridos e textos romances claros, con ou sen cláusulas, moito antes destas datas. A sospeita que nós temos, e que puidemos corroborar nos apartados anteriores, é que existe unha pulsión, unha realidade previa, á que a lexislación dá cobertura, como, por certo, ocorre a miúdo nas accións lexislativas ao longo de toda a historia. Poderíamos distinguir, logo, dúas maneiras de producirse o cambio á escrita romance. Por unha banda, a primeira, o rebento dunha lingua falada que se achega dunha maneira espontánea á escrita, sobre todo naqueles tipos documentais menos formulísticos que lle abren a porta e nos treitos diplomáticos de carácter dispositivo. Pola outra, a segunda no tempo, o reforzamento da lingua romance (por moito que dunha maneira indirecta) por un labor lexislativo concreto de man do Afonso X. As dúas camiñan xuntas desde 1255-1260, e é desde entón cando o proceso se volve máis dinámico, áxil e firme.

E isto acontece na documentación notarial e civil, mais as institucións compórtanse de maneira diversa. De feito, a institución real é a más madradora en reparar na necesidade de versión romance dos textos: o rei Fernando III xa se refería no foral de Córdoba (1241) á necesidade de traducir ao romance o *Fuerum Iudicium*. Hai que agardar máis de medio século a

que unha institución eclesiástica de primeira orde, a catedral de Compostela, decida algo semellante: en 1309 o arcebispo Rodrigo de Padrón preside un sínodo do cal emana unha constitución, a número *XLVII*, pola cal se establece que todos os arciprestes teñan unha copia en romance destas constitucións⁴¹. Pero isto refírese á documentación máis interna da institución, ás súas normas de funcionamento, e non á documentación de relación con outros sectores sociais, máis semellante á particular e dos mosteiros e na que xa había tempo que o latín lle cedera o paso ao romance.

6. CABO

Segundo a liña de investigación dos últimos anos, puidemos comprobar neste traballo que tipoloxía e diplomática constitúen dous parámetros relevantes para o estudo da introdución do romance na prosa notarial galega. Procuramos traballar cun volume significativo de documentación romance e híbrida na que se experimentou a definitiva desvinculación do modelo tradicional latino a partir de 1255. A redacción de diplomas notariais integramente en romance, no entanto, remóntase aos inicios do segundo terzo do século XIII e durante as dúas décadas seguintes (1231-1254), da man de institucións eclesiásticas localizadas principalmente na diocese de Lugo-Mondoñedo (Ferreira de Pallares, Lourenzá, Lugo, Meira, Penamaior, Samos), na de Ourense (Oseira) e na de Tui (Oia, Melón). Non obstante, a escasa presenza monolingüe nesta etapa (16 docs. ata 1254 fronte aos 227 do período 1255-1270) non estivo illada, e desde a segunda metade do séc. XII testemuñase unha práctica escrituraria innovadora — óra do código onomástico e da sintaxe — coexistente coa tradicional latina e supeditada a variables de índole tipolóxica e diplomática.

Desde o punto de vista tipolóxico, verificamos a ligazón dos actos particulares (e, en menor medida, da documentación de carácter xudicial) coa primitiva producción en romance, especialmente nos tipos textuais relacionados coa xestión do patrimonio inmobiliario e do capital. Deles, o aforamento revélase como o modelo máis permeable á transmisión e propagación da *scripta vernacula* no corpo do documento, seguido da compravenda a doazón e a permuta. Tal e como se indicou, nestes tipos textuais a *dispositio* adoita desenvolverse con maior escrupulosidade, debido a que ás partes lles interesa precisar o mellor posible a delimitación espacial do(s) obxec-

41. "Statuimus quod omnes archipresbiteri habeant copiam istarum constitutionum in romancio et publicent clericis in calendariis suis" (Monteagudo 1991: 13).

to de cesión/transacción. Canto máis no foro, onde o corpo do documento se amplía cunha matizada concreción da *sanctio* e da *corrobatio*, na que se puntualizan as condicións do canon ou renda establecidas para cada domínio útil.

Tendo en conta, por outra banda, a natureza xurídica do documento, só unha pequena parte do corpus ten carácter probatorio e/ou preparatorio (*imbreviatio* vs. *ingrossatio*). A metade destes textos presentan confección híbrida, e observamos que o elemento vernáculo agromá de xeito máis disperso e difuso ca nos documentos dispositivos, onde se identifican con maior nitidez treitos compactos romanceados. Precisamente, no apartado § 4 determinamos os espazos diplomáticos onde se introduce con maior naturalidade o romance: dentro do corpo do documento, na parte dispositiva e na sanción/corrobación do *negotium* (especialmente nas cláusulas obligatorias, prohibitivas e penais). Con moita menos frecuencia advertimos sinais de romanceamento no protocolo e escatocolo.

Un terceiro parámetro no que tamén traballamos pero que só foi anunciado na introdución deste traballo é o da actitude escrituraria dos notarios en canto á alternancia ou permanencia do código lingüístico empregado na *ingrossatio*. A limitación do espazo non nos permitiu expoñer aquí as nosas conclusións, mais polo de agora unicamente queremos adiantar que, a través da análise do volume textual producido nas coleccións documentais que posuimos e das mans implicadas nelas, foi posible a identificación de distintas circunstancias relacionadas co hábito escriturario. Puidemos verificar, por unha banda, que a inauguración da nova *scripta* nun determinado mosteiro puido estar motivada pola chegada de novos escribáns p- rocedentes doutrinos mosteiros, concellos...— os cales introducen paulatinamente radicalmente os usos vernáculos no instrumento notarial. Por outra, se pensamos nos notarios que desde o principio produciron documentación en latín e máis adiante modificaron de xeito definitivo —non— o seu código, xorde a seguinte cuestión: ¿talvez se deixarían influír pola redacción en romance dunha nova xeira de notarios, ou simplemente o cambio partiría deles mesmos, por esixencias internas do documento (v.gr. tipoloxía e diplomática) asumidas de maneira máis ou menos (in)consciente? A todas estas formulacións que agora só bosquexamos darémosllas cabida nun estudo á parte.

A ESCRITA DO ROMANCE NO ÁMBITO PENINSULAR

O PRIMEIRO SÉCULO DO PORTUGUÊS ESCRITO

Ana Maria Martins

Universidade de Lisboa

1. INTRODUÇÃO: FACTOS PRINCIPAIS E REFERÊNCIAS

O presente artigo é uma versão da comunicação que apresentei no colóquio *Na nosa lyngoaage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media* no final de Novembro de 2005, em Santiago de Compostela. Embora se ocupe das manifestações iniciais do português escrito, e não do galego escrito, enquadrá-se no tema do colóquio na medida em que a construção, peça a peça, de um cenário hispânico para a época em apreço permitirá compreender melhor as circunstâncias em que emergiram as produções escritas tanto do galego como de cada uma das restantes línguas ibéricas. Uma vez que o colóquio acolheu também comunicações tendo por foco as áreas catalã, aragonesa, leonesa e castelhana, uma parte das peças necessárias fica disponível (em forma actualizada) para futuras experiências de articulação.

Num artigo recente, Ivo Castro (2004b) faz o ponto da situação do conhecimento sobre “a primitiva produção escrita em português”, identificando os contributos recentes mas também os mais precoces (com destaque para Pedro de Azevedo, Leite de Vasconcelos, Lindley Cintra e Avelino de Jesus da Costa) nos quais se alicerça o actual saber sobre o assunto. A existência deste artigo de Ivo Castro oferece-me a possibilidade de não recontar uma história que eu contaria menos bem. Limitar-me-ei então a registar alguns factos essenciais e encaminharei depois o artigo num sentido mais reflexivo que descriptivo. O leitor desapontado não será deixado sem melhor opção.

O português escrito é observável a partir da segunda metade do século XII (Martins 1999, 2001a 2001b, 2004; Castro, Marquilhas e Albino 2001; Castro 2004a, 2004b; Souto Cabo 2003a, 2003b, 2004a, 2004b), sendo os mais antigos textos que o atestam a Notícia de Fiadores de Paio Soares Romeu, a anotação de despesas de Pedro Parada, e o Pacto entre Gomes Pais e Rami-

ro Pais, o primeiro datado de 1175, os dois últimos não datados mas presumivelmente próximos de 1175¹. Esta cronologia para a emergência do português escrito não é consensual, é a que eu própria tenho por boa. O pomo de discórdia está na atribuição, ou não, da qualidade de *escritos em português* a certos textos. António Emiliano (2003c; cf. Emiliano e Pedro 2004) rejeita a classificação como portugueses dos textos da segunda metade do século XII (vd. apêndice no final deste artigo), considerando a Notícia de Torto, de cerca de 1214, o texto mais antigo escrito em português. Ramón Lorenzo, por sua vez, considera a Notícia de Torto “un documento híbrido latino-portugués, con dominio de la lengua romance en un estado incipiente” (2003: 161). Por fim, José António Souto Cabo retém como marco cronológico para a emergência do português escrito a segunda metade do século XII, mas retira do conjunto de três textos que apontei a Notícia de Fiadores (Souto Cabo 2003a) e a anotação de despesas de Pedro Parada (cf. Souto Cabo 2004a: 588). Feitas as contas, apenas Ivo Castro parece não divergir do que anteriormente defendi e aqui mantendo, considerando textos afins a Notícia de

1. Souto Cabo (2003a) propõe para o Pacto a data provável de 1173. A hipótese apoia-se, primeiramente, no facto de o Pacto estar escrito do lado da carne de um pergaminho que acolhe, do lado do pelo, um contrato de compra e venda datado de 1175 (sem relação visível com o Pacto) e, secundariamente, na validade de dois anos estipulada para o Pacto no texto que o consigna. Como normalmente não se escreveria do lado do pelo tendo disponível o lado, melhor, da carne (cf. Guerra 2003), é legítima a dedução de que a feitura do Pacto precedeu a do documento datado de 1175, ao qual coube, por exclusão, o lado do pelo. Já o segundo passo do raciocínio que suporta a datação hipotética de 1173 me parece extremamente frágil por supor o recurso a um processo de reciclagem de pergaminhos para o qual não existe evidência no contexto relevante (o dos documentos notariais particulares). Note-se que o caso em discussão é diferente quer do da Notícia de Torto, que ocupa sozinha as duas faces do suporte de escrita, quer do da Notícia de Fiadores que revela o aproveitamento, na esfera familiar, das zonas livres de um pergaminho pertencente à família dos Paiva (cf. Martins 1999). Quanto ao Pacto, conforme notou Ivo Castro (2004b: 96), parece fundamental a observação de que, do lado da carne, o pergaminho foi preparado para receber duas cópias de um documento partido por ABC (pelo que o regramento, inverso, de cada uma das metades não ocupa o espaço central), não tendo sido, contudo, concluída a tarefa projectada. Na verdade, só uma das partes do pergaminho veio a ser ocupada pela cópia única do Pacto que hoje conhecemos. Isto sugere que o contrato entre Gomes Pais e Ramiro Pais foi suspenso antes mesmo de estar formalizado. Terá sido essa suspensão (inesperada e, com certeza, inconveniente) do trabalho que um notário começara a executar que terá levado o mesmo notário a re-utilizar o pergaminho para um outro fim. Neste cenário alternativo, a re-utilização do pergaminho terá sido imediata, do que decorre que o Pacto terá sido escrito no mesmo ano que o documento de compra e venda com o qual partilha o suporte, isto é, em 1175. A favor desta hipótese está o facto de o pergaminho apresentar sinais de um único processo de dobragem, executado no sentido de proteger o documento de compra e venda (cf. Souto Cabo 2003a: 352, Guerra 2003: 409). Visto que a dobragem era feita logo que concluída a fase de escrita (cf. Guerra 2003), se o Pacto tivesse existido solitariamente durante o suposto período de dois anos em que teria validade jurídica, esperar-se-ia que se observassem marcas de uma primitiva dobragem, executada por forma a proteger o lado da carne do pergaminho, ou seja, o Pacto.

Torto, a Notícia de Fiadores, o Pacto entre Ramiro Pais e Gomes Pais, e outros, que conjuntamente tenho por *textos escritos em português*.

Para o período que medeia entre 1175 e 1255 (data dos dois mais antigos documentos em português produzidos na chancelaria do rei Afonso III), estão identificados cerca de 30 textos escritos em português, conforme mostra o apêndice colocado no final do presente artigo. De novo, a constituição deste universo de três dezenas de documentos não é consensual por envolver dois factores susceptíveis de gerar dissonâncias: a avaliação do carácter português (ou ainda latino-português) da escrita dos textos relevantes e o estabelecimento de datações aproximadas para os documentos, em largo número, que não estão datados.

Embora o mais antigo documento régio escrito em português seja o testamento de D. Afonso II, de 1214, é o ano de 1255, em tempo de D. Afonso III, que assinala o re-aparecimento dos textos escritos em português no âmbito da chancelaria régia². Ivo Castro (1991, 2004a, 2004b) elege-a como marco cronológico para estabelecer o limite final da fase mais antiga da produção escrita em português: “antes de 1255 existiu também uma diminuta *produção primitiva em português*, constituída por documentos de carácter notarial escritos em português”.

Em 1279, ao iniciar o seu reinado, D. Dinis torna geral o uso da escrita portuguesa na chancelaria régia. Apesar desta oficialização do português como língua escrita, só na última década do século XIII a produção documental particular em português cresce significativamente, tornando-se dominante relativamente à latina já no século seguinte³.

2. O que significa apenas que os documentos régios escritos em português que, seguramente, foram produzidos entre 1214 e 1255 não sobreviveram, tal como aconteceu com os que terão existido antes de 1214, conforme salienta Ivo Castro (2004b: 81): “bastaria examinar os dados internos dos documentos datados de 1214 para se perceber que eles não tinham sido os únicos, nem certamente os primeiros, a usar o português como língua da escrita antes de 1255” (cf. Castro 1991: 183).

Hilty (1995) representa la actitud contraria. Convencido de que el dominio aragonés-navarro-riojano formaba una unidad, lleva a dicho ámbito la obra de Berceo, el *Libro de Alexandre* y el *Libro de Apolonio*, entre otros textos. No cuestiona por ello su castellanidad, pues reconoce en todos un "fondo castellano", dado que las influencias castellanas eran ya fuertes. Percibo, sin embargo, más acorde a la realidad lingüística del momento la conclusión de Franchini (2004): "la característica más destacada del sistema lingüístico que usaban nuestros poetas para crear sus obras es, pues, la pluralidad, la irregularidad y la fluctuación en todos los aspectos" (2004: 326). Atribuye esta *variatio* tanto a los subdialectos propios de cada autor como al dinamismo y a la acusada fuerza evolutiva de la lengua. Nada de ello impide en su opinión que el Mester de Clerecía ofrezca una lengua bastante uniforme, basada en el habla de la Castilla del norte o noroeste, pues ve probable que, al menos, Gonzalo de Berceo y el autor del *Libro de Alexandre*²⁴ hayan convivido en el Estudio General de Palencia²⁵ y hayan participado, en consecuen-

24. Uría (1981 y 2000) lo extiende a todos los poetas del Mester de Clerecía.

25. La primera universidad española, que se fundó en torno a 1208 bajo los auspicios del rey Alfonso VIII (1155-1214) y el obispo palentino Tello Téllez de Meneses.

cia, de la “misma formación intelectual, la misma forma versificatoria, la misma estilística y la misma intención literaria” (2004: 346). Claudio y Javier García Turza (1996) siguen una línea metodológica que, de poder extenderse a los restantes textos del Mester de Clerecía, ofrecería una visión mucho más cercana que cualquier otra a la realidad lingüística de la primera mitad del siglo XIII. Demuestran que la lengua de Gonzalo de Berceo estaba fuerte impregnada de los hábitos lingüísticos propios del Valle de San Millán, al igual que los documentos de la época y de la zona.

Condiciones de producción y de recepción más alejadas tanto de las anteriores como entre sí manifiestan los textos cronológicamente más cercanos a las primeras manifestaciones de la *scripta* castellana y, aún así, la presencia de elementos externos a la estructura de la lengua castellana, al menos tal como la conocemos hoy, es un hecho, que incluso se agudiza. La épica lo hace a través de la obra poética que probablemente ha merecido mayor atención por parte de los historiadores de la lengua: el *Cantar de Mio Cid*. Su fisonomía lingüístico-dialectal ha sido, sin embargo, mayoritariamente analizada al servicio de cuestiones como la génesis, la fecha y la localización geográfica del texto, casi nunca desde la perspectiva de un verdadero conocimiento de la variación del momento. Para Menéndez Pidal (1944-1946) y su escuela refleja el castellano de la Extremadura soriana de mediados del siglo XII, mientras que Ubieto Arteta (1957) y otros insisten en la presencia de aragonesismos. La adscripción del *Cantar de Roncesvalles* está también sometida a discusión. Nuevamente Menéndez Pidal (1976: 23) y Alvar (1969: 3) consideran que su original es castellano. Michael (1992) lo atribuye, por el contrario, a procedencia navarra. De hecho, esta tendencia a asignar a dominios lingüísticos dispares el corpus literario es una constante en los textos que se compusieron, grosso modo, durante los reinados de Alfonso VIII (1158-1214) y de Fernando III (1217-1252). Sea cual fuere la tradición discursiva o la obra que se traiga a colación surge la controversia sobre su localización geográfica y su determinación dialectal. Sigue con la primera y única pieza teatral de la alta Edad Media, el *Auto de los Reyes Magos*. Desechada la tesis de un fuerte impacto árabe en su fonología (Solá-Solé 1975-1976), siguen en pie las propuestas de Lapesa (1981: 155), para quien su autor fue probablemente un gascón, y la de Hilty, para quien la versión original “fue compuesta en uno de los monasterios de la Rioja, por ejemplo en San Millán” y, consecuentemente, sus rasgos se corresponden con los del dominio aragonés-navarro-riojano (1995: 521). Ocurre también con la literatura de debate, a la que pertenece *Razón de Amor con los denuestos del Agua y del Vino*, de la que ya presentamos las múltiples y dispares procedencias que se han sugerido. El mismo requisito se cumple con el primer testimonio de la narrativa romance, la *Fazienda de Ultramar*, que también se vincula a la zo-

na navarro-aragonesa (Moreno Hernández 2002), y, por supuesto, con las *Glosas*, por las que pugnan el navarro, el aragonés y el riojano.

El camino recorrido ha sido largo y, además, se ha hecho en las dos direcciones: desde orígenes a Alfonso X y desde éste a los primeros documentos y textos en lengua vulgar. Buscaba respuestas y éstas parecen resistirse. Las condiciones de producción y de recepción de las distintas tradiciones discursivas están tan alejadas entre sí que difícilmente se pueden recurrir a unas para comprender y explicar otras. La única, tal vez, que pudo haberse mantenido constante a lo largo de los siglos fue la que propició que la administración regia adoptase el romance castellano como expresión de los documentos cancellerescos. Los emitidos con destino a otros reinos seguían redactándose en latín incluso en la corte de Alfonso X. Sin descartar las razones de tipo práctico y político, el peso demográfico, territorial y económico de Castilla debieron de ser determinantes para adoptar esta práctica. Estos motivos son fácilmente asumibles tanto para el reinado de Alfonso X como para el de su antecesor Fernando III, pero ¿se pueden extrapolar y aplicar al *Tratado de Cabreros* (1206) y a *Noditia de kesos* (h. 980)? La respuesta debe ser taxativamente negativa en el primer caso, pues su historia sociolingüística no es en nada parangonable a la correspondiente a los escritos cancellerescos ni a la del *Tratado de Cabreros*. Es una simple lista de productos de consumo, en el que el despensero del Monasterio de San Justo y Pastor de Rozuela (León) intenta escribir en latín, pero “latiniza como puede -que es realmente poco- lo que él pensaba en romance” (Ariza 2004: 318). Las *Paces* o *Tratado de Cabreros* entre Alfonso VIII de Castilla y Alfonso IX de León estaría, por el contrario, más cerca que el anterior de los documentos oficiales, aunque habría que preguntarse si ello es razón suficiente para poder equipararlo con aquéllos. Según Cano Aguilar, sí, pues “manifiesta un claro dominio de la sintaxis castellana: en algunos pasajes, es un texto en casi nada diferente de lo que podremos hallar años más tarde en los prólogos alfonsíes” (2001: 137)²⁶. Su conclusión, aunque tajante, deja en la penumbra el problema de los dialectalismos, para los que buscamos una respuesta conjunta.

Los textos literarios ofrecen, por el contrario, una gran diversidad de tradiciones discursivas con unas condiciones de producción y de recepción muy variadas y, por lo tanto, muy difíciles de compaginar y de seguir en el tiempo. Los hay que responden a circunstancias culturales que, de repetirse, fue en momentos posteriores a los que nos ocupan, salvo que, como propon-

26. Extiende, dicho sea de paso, la misma observación a bastantes de los documentos de la serie de Fernando III (2001: 137).

ne Caso González, “la dicotomía mester de juglaría-clerescía es sólo y nada más una mera dicotomía de formas, no de actitudes literarias, ni de diferencias esenciales” (1978). Aún así, no faltan las tradiciones textuales compartidas por Alfonso X y Fernando III y, dentro de ellas, las que inició uno y concluyó otro, como la literatura sapiencial (*Libro de los doce sabios*), y las traducciones bíblicas y del árabe, ni las que Alfonso X plasmó en el lenguaje de Castilla y Fernando III en lengua latina (la historiografía). En este contexto de suma disparidad, llama poderosamente la atención que cualquier tradición discursiva que se tome como referencia reproduce una arquitectura de la lengua cuyas características se interpretan antes como reflejo del influjo de lenguas vecinas que como evidencia de la variación de la propia lengua. Resulta, en consecuencia, natural que la identificación de su lengua esté sometida a un debate recurrente del que ni siquiera se han librado las series textuales alfonsíes. En su caso, los esfuerzos se dirigen fundamentalmente a matizar afirmaciones y conclusiones asumidas como inamovibles dada la autoridad de quienes la habían propagado²⁷, y a reivindicar la figura de Fernando III y su papel en la codificación de la lengua. Hecho en falta, sin embargo, una mayor atención a las diferencias diatópicas de la lengua tanto en tiempos de Alfonso X como en los de Fernando III.

El debate sobre la lengua se centra en los textos y documentos anteriores a Fernando III. Su identificación con el castellano, con el leonés, con el riojano, con el navarro, con el aragonés, etc. está casi siempre en razón de la zona de procedencia y de rasgos lingüísticos, que proyectan sobre la totalidad de la obra para apoyar y demostrar la bondad de la nueva adscripción. Son en este sentido sumamente interesantes las revisiones a las que Hilty (1995), primero, García Arias (1995), después, y, más recientemente, Frago (2002) han sometido casi toda la producción de esta época. Consideran que lo más característico de las *Glosas* es navarro (Frago 2002: 193) o proponen para ellas un dominio aragonés-navarro-riojano, al que, según Hilty, pertenecen asimismo el *Auto de los Reyes Magos*, la *Fazienda de Ultramar*, los *Diez Mandamientos*, y del que también percibe huellas en Gonzalo de Berceo y en el *Libro de Alexandre*, así como en el *Libro de Apolonio*, *Libro de la infancia y muerte de Jesús* y *Vida de Santa María Egipciaca*, aunque en esta última serie hable de un fondo aragonés

Una actitud ciertamente contraria a la anterior es la de Koch, para quien “à l'époque, il n'existaît aucune langue romane standard” (1993: 40). Tal vez sea una medida extrema y, por supuesto, sólo aplicable a un grupo muy res-

27. Elaboración de una “norma lingüística” de inspiración regia, evolución de sus textos en la medida en que dicha norma se iba poniendo en práctica, etc.

tringido de textos, pero, aún así, es una opción que puede rastrearse en el ámbito hispánico, donde tiene tintes más de intuición que de formulación teórica. Rico recurre a ella ante la perplejidad que le causa la lengua de las *Glosas*, cuyas singularidad le lleva a decir “que nuestro escriba no andaba muy fuerte en riojano-navarroaragonés (o lo que fuere: el panorama lingüístico de la Península en los siglos x y xi estaba demasiado revuelto, las variantes locales eran demasiado graves, para pretender ahora excesivos matizes)” (1978)²⁸. En el fondo, se trata de tomar decisiones sobre una cuestión muy delicada, por no decir irresoluble. Resulta relativamente asequible precisar en qué medida un texto o un documento está más o menos próximo o alejado de la lengua latina y, en consecuencia, concluir si es o anuncia ya el romance. El paso siguiente implica atribuirlo a una lengua concreta. Se sabe dónde surgieron las lenguas y cuáles son sus rasgos diferenciales, por lo que la combinación de ambos factores debería ser suficiente para llegar a conclusiones similares. La realidad, sin embargo, está muy lejos de ni siquiera acercarse a dicha uniformidad. Las discrepancias tal vez estén manifestando que a lo mejor lo que hay que cambiar son las variables con las que se trabaja. La situación sociolingüística del momento de acceso a la escrituralidad es muy probable que responda a y refleje condiciones que no sean exactamente las que por inercia le hemos aplicado.

Intuyo una forma de pensar muy similar en las referencias ya clásicas a una koiné lingüística como caracterización de la lengua de los primeros textos. Bustos Tovar ha recurrido a ella para explicar la lengua de las *Glosas* (2004b: 304). El mismo razonamiento aplica Echenique Elizondo a los textos de la primera época, que, siendo castellanos, admiten elementos dialectales aragoneses (*Razón de Amor*, *Vida de Santa María Egipciaca*), abundantes riojanismos (Gonzalo de Berceo), vasquismos, etc., aunque se vea obligada a precisar que es “siempre conflictivo saber si el dialecto es fruto del autor o de la copia, extrayéndose consecuencias muy distintas según se adopte una u otra perspectiva” (2005: 315).

Esta manera de enfocar los hechos de lengua de los primeros textos resulta coherente con la perspectiva que he adoptado en el análisis de las emergentes *escritae* castellana y leonesa. Ofrece una situación que, aunque deja muchas puertas abiertas, invita a reflexionar sobre cómo pudieron ser las lenguas en esos momentos en que todavía no eran lo que serían y en los que probablemente no sea muy oportuno aplicar los parámetros que las de-

28. Moreno Fernández también recurre a ella. “Las circunstancias históricas quisieron que sus primera palabras escritas [la del vasco] aparecieran justamente en los mismos años que las de las lenguas románicas (o proto-romances)” (2005: 88).

finirán siglos más tarde. Propicia poner en relación estados de lengua y condiciones de producción y de recepción de tradiciones discursivas que, aunque muy alejados entre sí, muestran paralelismos que permiten intuir lo que pudo ser la lengua en el momento en que accedía a la escritura. Abre, por último, perspectivas de investigación que, en la medida en que intentan reproducir el entorno en que tuvieron lugar, esclarece la complejidad sociocultural y geográfica a la que estaban sometidas.

La búsqueda de certezas me llevó a la época de Alfonso X. Esperaba encontrar en ella un modelo lingüístico que sirviera de referencia para calibrar el grado de castellanidad de los documentos y textos anteriores a Fernando III y topé, sin embargo, con una lengua en la que norma era precisamente la variación. Podría atribuirse ésta a los distintos orígenes de redactores y traductores, a cambios en el curso de la composición de los textos, a... pero, aún así, la presencia de oscilaciones lingüísticas en una misma obra e incluso en las que se admite que fueron revisadas por el propio rey hablan de una situación de suma inestabilidad lingüística. Se puede adjudicar al número y heterogeneidad de los colaboradores en la obra alfonsí, en cuyo caso lo sorprendente sería la falta de reacción, la ausencia de actitudes contrarias a tales desviaciones. Parece como si estuvieran protegidas tanto por la propia diversidad interna de la lengua como por la variación general resultante de su desarrollo evolutivo e incluso por la falta de una conciencia idiomática clara sobre las diferencias entre romances muy próximos. De las tres opciones la más tangible es sin duda la que remite las fluctuaciones a la propia lengua y a su configuración diatópica. La falta de reacción ante soluciones aragonesas o de estirpe occitánica (*Libro de las cruzes* y *Libro complido*) o ante opciones propias del leonés oriental (*General estoria* y *Estoria de España*) sería en ese caso el reflejo de una lengua con modalidades muy diversas, en la que tendrían cabida no sólo las que tradicionalmente se han propuesto como modelos de la posible norma alfonsí, es decir, el habla de Burgos y la de Toledo, sino que habría que ampliarlas con una lengua castellana de tipo oriental y, cuando menos, otra de tipo occidental (cf. Fernández-Ordóñez 2004: 404-409). Sería, en último término, una consecuencia más de la propia historia externa de la lengua castellana, que, desde sus orígenes, se presentó como la historia de un mestizaje, con el vasco, en contacto con el cual nace, con el leonés, de cuyo reino se desgaja y a costa del cual se expande, con el navarro, cuya influencia se hace perceptibles desde que Sancho el Mayor anexiona los condados de Castilla (1028-1035), con el elemento y la cultura franca, a la que Alfonso VI (1040-1109) concedió preponderancia, con el mundo árabe, el mozárabe, el judío, etc.

La diversidad, lejos de ser un problema en la comparación que estamos diseñando, es un aliado en la comprensión de por qué lo primeros docu-

mentos y textos muestran características que parecen relacionarlos con lenguas y dialectos diferentes. Sin renunciar a los avatares de la tradición textual ni a la influencia de la propia lengua en quienes copiaron o redactaron tales escritos, la presencia simultánea de rasgos susceptibles de ser identificados con modalidades de habla diferentes propiciará siempre interpretaciones discordantes, que no siempre se han resuelto con arreglo a principios estrictamente lingüísticos. De entrada, nada se puede objetar a la necesidad de replantearse cuestiones que parecían inamovibles. Se está haciendo con la figura de Alfonso X y, con más motivos, se debe hacer con los documentos y textos en los que el romance emerge a la escritura. Parece, sin embargo, necesario moverse con cierta cautela en un terreno tan lábil como éste, tanto que Koch (1993) considera por ello improcedente hablar de lenguas romances para esos momentos y mucho más intentar buscar elementos individualizadores entre unas y otras. Es una postura que alerta de los peligros al tomar decisiones sobre las lenguas de entonces. Puede, por el contrario, interpretarse como demasiado conservador recurrir una vez más a la idea de una *koiné* y, sin embargo, cuanto más se profundiza en la lengua de los textos alfonsíes y prealfonsíes se percibe más y mejor que hay que medirlas y valorarlas con parámetros parcialmente distintos a los que se vienen utilizando.

La variación era un hecho, como lo es hoy, pero con la peculiaridad de que, por cualquiera de las razones aducidas anteriormente, acogía también soluciones que el tiempo ha interpretado como no castellanas. Claudio y Javier García Turza han demostrado precisamente que rasgos, en principio, riojanos, unos, y navarro-aragoneses, otros, no eran para Gonzalo de Berceo ni una cosa ni otra, sino simplemente la expresión de “un idiolecto totalmente impregnado por los hábitos lingüísticos propios del Valle de San Millán” (1996: 190), siendo, además, muy probable que incluso fuesen diferentes al de otros valles, según comunicación oral del propio Claudio. En ese contexto, se entiende la renuncia de Koch a aplicar etiquetas, también que los primeros textos y documentos sean objeto de continuas revisiones e incluso que la defensa de su castellanidad se base precisamente en el concepto de *koiné* o fusión de hablas locales. No hay muchas más opciones. Las habrá cuando estudios como los de Javier y Claudio García Turza cartografién la realidad física del castellano, destaque las características de cada zona y ofrezcan datos sobre la intensidad de su penetración y difusión en el habla e incluso sobre grados de aceptación. Con esas premisas, las decisiones serán menos ambiguas, pues sin duda mostrarán un castellano multiforme, con diferencias sustanciales entre las distintas áreas de difusión y con peculiaridades que, aunque históricamente correspondan a otros dominios, su grado de aceptación dirá si se percibían o no como tales.

Será entonces factible tender puentes con épocas y textos, cuya castellanidad ni se plantea a pesar de que sus manifestaciones escritas sean portadores de características tan marcadas como las de los primeros textos y documentos. Aún así, las dudas no se disiparán del todo. La variación no fue exclusiva de una lengua. Todas participaron de ella en la medida en que en esos primeros años convivieron en un espacio relativamente reducido, intervinieron en procesos de expansión similares y se influyeron mutuamente. Tal vez, la combinación de datos lingüísticos con las condiciones de producción y de recepción sea el camino que haya que transitar para despejar algunas de las dudas que no pueden resolverse sólo con el concurso de los primeros. Lo es en la comprensión de la muy temprana castellanización documental en todo el dominio leonés (García Arias 1995: 625). Lo es para entender que “de ningún texto *literario* (otra cosa son los *notariales*) hoy conservado puede decirse que esté escrito en la lengua medieval de Asturias y León” (García Arias 1995: 623). La tipología documental²⁹ y el destinatario³⁰ lo son en la explicación de la elección de la lengua vulgar por parte de la Cancillería alfonsí. Por qué entonces limitar la identificación de la lengua al momento y a la zona de procedencia de un texto en lugar de hacer intervenir también el entorno en el que surgió, la finalidad que perseguía, el receptor al que se dirigía, la tradición textual en la que se insertaba e incluso el peso político, demográfico, económico o administrativo de quienes propiciaron su elaboración.

29. “Los diplomas dirigidos a particulares y concejos se redactaron antes en romance que los destinados a iglesias y monasterios”, también los que establecían “definiciones legales, topográficas o jurisdiccionales” (Fernández-Ordóñez 2004: 383).

30. En la correspondencia que mantenía con otros reinos, el propio rey utilizaba el latín para dirigirse a ingleses y franceses, recurría al castellano, si lo hacía con el reino de Portugal, o alternaba ambas lenguas, cuando el destinatario era el de Aragón (Procter 1934: 106 y 1951: 4). La documentación diseñada para León presentaba significativamente abundantes leonesismos (Sánchez González de Herrero 2002). Cf. también Fernández-Ordóñez 2004.

AS POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS NO REINO DE LEÓN-CASTELA

Elena Rivas

Universidade de Santiago de Compostela

A temática desta exposición encóntrase necesariamente vinculada a unha serie de preguntas que atinxen ao momento da fragmentación dos dialectos das áreas central e occidental da Península¹; ao posible nivel de unidade, ou de diversidade, lingüística na franxa temporal que precedeu á etapa de eclosión das literaturas iberorromances, ou ás actitudes e propostas oficiais respecto á escritura máis alá da evidencia do emprego do latín como lingua de cultura. Cara á investigación histórica e historiográfica, as solucións a estas interrogantes terían desigual transcendencia, e a resposta máis relevante en relación con este traballo sería aquela que informase da *percepción*, por parte dos falantes en xeral e dos usuarios letrados en particular, das relacións chamadas *verticais* (conectadas co nivel de estratificación entre o latín e o romance) e *horizontais* (relacionadas coa natureza diatópica ou diastrática das variedades romances)², pois permitiría inferir as motivacións desencadeantes da solución de oficialidade do castelán nos albores da que Lodares denomina «fase preestatal» (1999: 132-33). Aínda que ten a vantage de marcar prioridades canto á elaboración de hipóteses, a escolma de interrogantes a partir da súa maior ou menor pertinencia non altera, porén, a realidade de que todas esas preguntas (e outras similares que se poderían presentar) teñan como características comúns o ser recorrentes nos estudos lingüísticos e o ficar sen resposta. Unha lóxica consecuencia desta situación é a escaseza de estudos monográficos arredor da filosofía lingüística medieval³.

1. É un feito sinalado polos romanistas que a fisura máis notable da Iberoromania é a que separa o catalán do castelán (cf. Entwistle 1969: 109 ss.). De aí que as meirandes dificultades do estudo da fragmentación das linguas iberorromances correspondan á zona centrooccidental da Península.
2. Segundo a Banniard (1992), López García afirma que máis importante que saber cómo se falaba é saber cómo se entendía (López García 2000 : 46-47).
3. «El estudio de la filosofía lingüística medieval es difícil, ya que faltan en gran parte monografías e investigaciones sobre la interdependencia de los problemas filosófico-lingüísticos. Las tradiciones no están claras, sobre todo en lo que se refiere a las diferentes doctrinas que se llaman medievales» (Coseriu 1968-69: 13.1. Apud Niederehe 1975: 24).

Sendo este o estado da cuestión, a nosa aproximación ás políticas lingüísticas no reino de León e Castela deberase asentar no marco posibilista dunha delimitación nocional entre as consideracións circunscritas ao terreo da hipótese e as empiricamente demostrables e demostradas. Con este punto de partida, as próximas páxinas recollerán unha visión teórico-descritiva que, tras unhas consideracións xerais (§ 1), atenderá á fase inmediatamente anterior á etapa de separación plena do latín e o romance (§ 2), ao período de emerxencia da escritura romance peninsular (§ 3) e á etapa de Afonso X (§ 4).

1. CONSIDERACIÓN XERAIS

Malia a imposibilidade de acceder ao *cando* cronolóxico das transformacións cruciais no paso do latín ao romance e na fragmentación dialectal, o estudo destes acontecementos á luz de novos paradigmas científicos permite perfilar o *como* da súa consumación. Nos últimos anos, esta materia está sendo analizada no marco das *teorías de catástrofes* ou *teorías do caos* dedicadas, en xeral, ao estudo da ruptura de procesos graduais; no eido específico das escisións e fragmentacións lingüísticas na Iberorromania, son de interese decisivo os traballos de López García (1992, 1996, 2000). Aínda que a descripción, mesmo sumaria, desta aplicación teórica excedería os límites e o propósito deste traballo, deterémonos brevemente a examinar o concepto capital de *ruptura de gradación* na súa aplicación ao punto final dos procesos de cambio lingüístico⁴.

Obviamente, os cambios fonolóxicos, morfolóxicos e sintácticos que desembocan na conformación dun sistema lingüístico non chegaron ao seu final ao mesmo tempo, nin polo mesmo camiño, nin do mesmo modo, pois estamos a falar de distintos fenómenos e, por conseguinte, de distintos obxectos de transformación; pero si existe un factor común á consumación de todos eles, que consistiu na *ruptura definitiva dunha gradación* mantida durante séculos. As formulacións de Alarcos (1950: 114) respecto dos cambios fonéticos e fonolóxicos non estaba lonxe destes presupostos (aínda que ese non fose o propósito do autor); de aí que esas consideracións poidan ser aplicadas aos cambios lingüísticos en xeral e á historia da formación e fragmentación das linguas en particular. Seguindo a este autor, os cambios foné-

4. Partindo da chamada teoría do *pregamento*, ou sucesión de catástrofes ata chegar ao final do proceso, López García (2000: 44-48) estuda os distintos ritmos e tempos no paso da fonoloxía, a morfoloxía e a sintaxe latinas ás romances.

ticos son lentos e graduais, comezan nun círculo restrinxido de individuos, pouco e pouco se van estendendo durante séculos e rematan por imponerse como norma; os cambios fonolóxicos, en cambio, son verdadeiras *revolucións momentáneas* que se producen cando un sistema particular se impón como xeral:

El sistema, pues, no evoluciona lentamente; se ve sustituido por otro de repente, cesa su vigencia. Entre dos sistemas fonológicos sucesivos en el tiempo no caben grados intermedios o de transición [...] Lo que ocurre frecuentemente es que los dos sistemas, el viejo y el nuevo, pueden convivir largo tiempo: el antiguo, perdiendo adeptos, el que se impone ganándolos hasta que alcanza validez y extensión general. Pero uno y otro son distintos: no ha pasado el uno a ser el otro. Lo lento no es la creación de un sistema, sino su generalización (1950: 114).

Parece evidente que esta maxistral explicación está feita en termos de *ruptura de gradación*, punto final dos cambios operados nos sistemas fonolóxicos, o cal, como xa indicamos, é aplicable a calquera outro ámbito (morphológico, sintáctico, etc.) e, *mutatis mutandis*, ás escisións e fragmentacións lingüísticas: tras separarse do latín as últimas falas romances, o *vello diasistema* constituído pola lingua nai queda restrinxido a ámbitos culturais moi específicos e acaba por desaparecer⁵, mentres que as variedades xa escindidas continúan vixentes no interior dun *novo diasistema* (neste caso o iberorromance) a partir do cal se produciron, con distintos tempos e ritmos, as escisións que deron lugar aos distintos diasistemas peninsulares⁶. A distinta natureza das repercusións de cada un destes dous grandes acontecementos corresponde co distinto tipo de relación filoxenética mantida entre o latín e o romance, por unha parte, e entre os distintos romances, por outra. Pero o que aquí cómpre salientar e que tanto o punto final da separación latín-romance como o punto final de cada unha das escisións que desembocaron na fragmentación peninsular se poden cualificar de *revolucións momentáneas*.

5. Tal e como afirma Díaz y Díaz, o latín do século x «se comporta como una lengua viva, susceptible de crecimiento y cambio; pero no vive más que de una manera parcial, en el ámbito personal de algunos individuos en los que funciona de modo estrictamente singular» (Díaz y Díaz 1981: 71).

6. Tendo en conta que o termo *diasistema* non ten unha aplicación única, cómpre sinalar que aquí se emprega en relación co concepto de *língua histórica*, que Coseriu (1973) define en dúas direccións: dende a perspectiva da súa diversidade, a lingua histórica presenta diferenzas diatópicas, diastráticas e diafásicas e, dende a óptica da súa homoxeneidade, comprende tres tipos de unidades: sintópicas, sinstráticas e sínfásicas: «En este sentido se puede decir que una lengua histórica no es nunca un solo sistema lingüístico, sino un diasistema» (cf. Coseriu 1973: 302-307. A cita atópase na páx. 306).

2. A ETAPA PRELIMINAR

A liña de investigación tradicional verbo do estado lingüístico peninsular anterior ao século XI está trazada pola obra magna de Menéndez Pidal (1926), inescusable lugar de referencia para toda aproximación ás orixes do iberorromance⁷. De interese fundamental en relación co tema deste traballo son as páxinas que o libro dedica á rexión de León e ao estudo dos documentos primitivos desta área xeográfica (1926: §§ 94-95)⁸, nos que o autor distingue tres tipos de lingua: o *baixo latín ou latín escolástico*, escrito polos cronistas, os lexisladores e a xente erudita en xeral; o *romance de uso común e cotián*; e un *latín vulgar, popular ou arromanzado*⁹, que empregaba unha parte dos notarios do reino e que xa non se acostumaba a escribir noutras partes. Os dous primeiros tipos de lingua son, polo tanto, comúns a todas as zonas lingüísticas peninsulares; pero o terceiro constitúe unha particularidade leonesa: «Lo especial del reino de León es continuar escribiendo este latín bajo o popular en los siglos X y XI, y con más abundancia de formas que en ninguna parte se habían usado» (1926: § 95.2). Será cara a finais do século XI, e como froito da chegada da reforma gregoriana á Península, cando os documentos deixen de se escribir no latín arromanzado e se escriban xa soamente en romance ou en latín escolástico.

O principal valor que Menéndez Pidal parece conceder ás documentacións de latín arromanzado é a proxección retrospectiva destas. Polo menos iso é o que se desprende dos termos empregados por este autor:

Este latín leonés es, por lo tanto, una preciosa supervivencia del latín hablado en la más alta Edad Media, allá en los siglos V o VI, cuando empezaban a formarse los romances [...] propio de la época antiquísima cuando el habla popular aún no había olvidado del todo las formas y los giros latinos clásicos (pasiva, declinación, etc.), para limitarse a los usos lingüísticos que después se perpetuaron en los romances (1926: § 95.2).

7. A acoutación cronolóxica que o autor presenta no título do libro (*Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*) é tan restrinxida como modesta porque, en realidade, a obra proporciona abondosa documentación e puntuais descripcións da lingua dos séculos posteriores á que o autor denomina «época de orígenes».

8. *Vid.* tamén Menéndez Pidal 1962 e 2005: 319-23.

9. Wright (1983) refirese a este latín nos seguintes termos: «“latín vulgar leonés” de Menéndez Pidal, recién bautizado por Lapesa [*Historia de la lengua española*: § 40] como “latín popular arromanzado”» (1983: 111). En realidade, Menéndez Pidal xa se refería a este latín como «latín vulgar» «latín popular» e «latín arromanzado» (cf. Menéndez Pidal 1926: § 95.1 e 95.3).

O latín arromanzado escribíase tamén na zona máis occidental do reino de León, como mostra a abondosa documentación pertencente a área xeográfica de Galicia e analizada por Ramón Lorenzo (2003). Son de grande interese, por outra parte, as palabras do Padre Sarmiento que este autor recolle ao final do seu traballo, porque constitúen un claro antecedente das formulacóns de Menéndez Pidal:

Los literatos usaban, ó afectaban un Latin figurado, y muy distante del idioma vulgar. Los Notarios, algunos Eclesiásticos, y los semidoctos, no sabian mas Latin, que un Latin Romanceado, ó un Romance Latinizado; y además de esto todos hablaban naturalmente el vulgar Romance (Sarmiento 1775: 105. Apud Lorenzo 2003: 188-89).

Nos últimos anos, a teoría tradicional foi fortemente cuestionada a partir das teses de Wright (1983, 1989, 1991, 2000 e 2004 entre outros), autor que defende a existencia, nos escritos de Castela e León anteriores á segunda metade do século XII dunha única lingua: o romance de uso común que se representaba na escrita por medio dunha ortografía logográfica:

Los escribas O.. habían aprendido la forma escrita integral de cada palabra como una entidad en sí, sin preocuparse de la relación entre cada letra y su pronunciación. Así ocurre hoy en día en los países de habla inglesa y francesa, en los que los alumnos aprenden la forma escrita de cada palabra (Wright 2000: 10-11).

Afirma este autor que a corrección na representación desta escritura dependería do nivel de instrución do escriba, o cal non discorda co xa afirmado por Menéndez Pidal sobre o latín usado pola xente erudita en xeral e o empregado por unha parte dos notarios do reino (cf. supra), aínda que Wright si presente os seus argumentos como unha discordancia cos de Menéndez Pidal¹⁰:

10. Non son inusuais nos traballos de Wright as discrepancias respecto de afirmacións que non están no texto obxecto do seu comentario (neste caso, §§ 95 e 109 de *Orígenes* (cf. Wright 1983: 7). Na cita reproducida arriba, este autor rebate que os documentos en ortografía semilatina fosen «representación exacta do uso fonético del escritor» cando, en realidade, Menéndez Pidal fala de «dos clases de gentes latinadas» e indica que o emprego do latín arromanzado se produce «no por inconsciente ignorancia del latín escolástico, sino por voluntario abandono a un lenguaje llano y corriente» (1926 § 95.2), o cal non se parece ao que Wright rebate. Tampouco as afirmacións recollidas na cita de abaixo teñen relación ningunha coas formulacóns de Menéndez Pidal, quen fala de «tres tipos de lengua» e en absoluto de «sistemas lingüísticos» nin de situación de «casi trilingüismo». Por último, nin afirma nin súxire Menéndez Pidal que o latín arromanzado fose «propiedad de individuos sumamente expertos en escritura fonética». «Menéndez Pidal construyó todo un sistema lingüístico, distinto tanto del romance como del latín, propiedad de una serie de individuos sumamente expertos en la escritura fonética; pero

Para Menéndez Pidal la ortografía correcta indicaba un escritor latinoahablante, y la ortografía semilatina, un escritor semiculto; pero más vale sugerir que la ortografía correcta delata a escritor (sic) bien instruido y la semilatina a escritor (sic) de poca habilidad, sin que ésta ni aquella se pueda interpretar como representación exacta del uso fonético del escritor. De modo que intentaban escribir como se les había enseñado, y algunos lo lograban mejor que otros (1983, 2).

Sempre segundo Wright, esta «ortografía romance no fragmentada» compartiría todas as variantes ou dialectos iberorromances agás a zona máis oriental: o catalán xa iniciara o proceso de reforma ortográfica, pois a distinción entre o latín e o romance foi moi temperá en relación co resto da Iberomania (2000: 119-120)¹¹; en cambio, en Galicia a técnica de lectura e de escritura era a mesma que nas áreas de Castela e León (Wright 1983).

No interior da teoría que resumimos, nin sequera os morfemas flexivos constitúen atranco algúns; e áinda admitindo que quizais algúns nomínativos presentaban dificultades de lectura, Wright defende que unha forma como VOLUNTAS (lido *voluntade*) «es más cercana a la escrita de lo que son muchas palabras del francés moderno, por ejemplo» (1983: 5). Manexando só exemplos do autor, as correspondencias escritura (aquí en versal) – lectura (aquí en cursiva¹²) serían as seguintes: LOCO – *luego*, PLACUIT – *plogo*, IUDICARE – [zugare], TOTIS – *todos*; SUIS – *sus*, MEDIATATEM – *mitad*, MOBILE – *mueble*, HABEO – *be*, etc. (cf. Wright 1983: 4 e 2004: 277-80). Dende esta perspectiva, o latín arromanizado de Menéndez Pidal non é unha mestura de latín e romance, e acerca da presenza de formas como ALIQUID e sobrar nun documento datado en 1150 Wright conclúe que ese contraste

es más bien la representación del vocabulario y de la morfosintaxis del iberoromance de dos maneras gráficas distintas, una tradicional y la otra conjeturada; lo que pasa es sencillamente esto, que al escribirlo Dominguez se acuerda de la for-

basta con verlos simplemente como escritores de mediana habilidad, que hablaban el romance de su época. En el León del siglo ix se hablaba el leonés del siglo ix; éste no era homogéneo, y desde luego abarcaba variaciones estilísticas y sociolingüísticas, pero era un solo idioma. Esta idea no es en sí revolucionaria. En cualquier manual preliminar de sociolingüística se verá que esta situación es la normal, y que el casi trilingüismo de Menéndez Pidal de haber existido—sería poco menos que milagroso” (Wright 1983: 6).

11. Bustos Tovar indica (moi atinadamente, na miña opinión) que sorprende que esta pronta reforma non tivese como resultado unha maior antigüidade dos textos escritos en catalán, e unha evolución deste, como lingua de cultura, significativamente distinta da do castelán (Bustos Tovar 2004a: 274).

12. Agás o caso de IUDICARE, cuxa lectura transcribimos foneticamente para mellor comprensión da pronuncia proposta.

ma normativa escrita (ALIQUID) de una de las palabras ([ál-gol] [escrita *aliquid*] y se olvida de la forma normativa escrita de la otra ([so-brá-re] [escrita *sobrar*]) (2004: 279-80).

Este sistema de representación ortográfica remata, segundo Wright, pouco despois de que chegase á Península a reforma gregoriana e con ela un latín próximo á antiga normativa, o cal motivou a adopción dunha ortografía «nueva y más bien fonográfica» na que cada palabra non se identificaría xa no seu conxunto (Wright 2004: 274 e 283). Esta nova modalidade ortográfica servirá como modelo para a formación das ortografías das linguas romances: «La fragmentación fue una consecuencia directa de la naturaleza del latín medieval reformado» (Wright 2000: 120).

A principal conclusión que extraemos da teoría exposta e do seu cotexo coa de Menéndez Pidal é que non nos achamos ante unha discrepancia baseada nunha reinterpretación dos datos empíricos, senón que nos atopamos ante unha redefinición do obxecto de estudo. De feito, os documentos do reino de León son o *punto de partida* da análise de Menéndez Pidal; pero na teoría de Wright son o *punto de chegada* da súa tese ortográfica, defendida con formulacións sen valor demostrativo, cando non confusas ou contraditorias. Sen valor demostrativo, porque os argumentos esgrimidos polo autor acerca da relación escrita – pronuncia do francés ou do inglés actuais non proban que esa relación fose a que existía no iberorromance dos séculos x-xii¹³, e porque os razoamentos sobre os distintos niveis de aprendizaxe dos escribas non demostran que a instrución consistise en aprender «la forma escrita integral de cada palabra como una entidad en sí, sin preocuparse de la relación entre cada letra y su pronunciación» (cit. supra). Confusas, porque a análise mestura constatacóns de feitos morfosintácticos e conjecturas sobre cuestións ortográficas situando unhas e outras no mesmo chanzo de valoración¹⁴, cando é evidente que a estrutura dunha construcción non presúpon nada respecto da súa ortografía; en concreto, o feito de que a sintaxe da frase *si de ista medietate sexa romance* non significa que a súa lectura sexa *desta*

13. Nesta mesma liña se manifesta Ramón Lorenzo (2003: 162), quen cualifica de «peregrina» e de «supino disparate» a teoría de Wright (*Ibid.*).

14. Sobre a construcción *et si morir ego et illo episcopo*, Wright afirma o seguinte: «una frase que se habría podido escribir *et si mortui erimus ego et episcopus* en latín reformado, o *et si murieremos yo e el obispo* si las reformas ortográficas hubieran sucedido ya en León, pero que aquí presenta la morfosintaxis romance con disfraz gráfico tradicional» (2004: 279); e respecto da frase *si de ista medietate quam mando pro anima mea sobrar aliquid*, o autor fala de «morfosintaxis del iberorromance de dos maneras gráficas distintas, una tradicional y la otra conjeturada» (*Ibid.* 279-280. Cit supra).

mitad (cf. infra). E contraditorias, porque, áinda asumindo sen discusión que o sistema de lectura oral dos textos arromanzados sexa o que propón o autor, isto é:

Et si morir ego et illo episcopo
 (leído como : *e si morir yo e el obispo*)
 si de ista medietate quam mando pro anima mea sobrar aliquid,
 (leído: *si desta mitade que mando por alma mia sobrare algo*), Wright 2004: 279¹⁵

concluiríase que a proposta entraña unha forte contradición interna. En efecto, áinda admitindo que a relación escrita-pronuncia das formas «tradicionais» (EGO, ALIQUID lidas [jó], [ál-gol]) e das formas arromanzadas (*episcopo* lida [obís-pol]) se correspondese cunha ortografía logográfica, non se podería manter o mesmo para aquellas formas coa mesma escrita en latín e romance (*mando, quando* lidas [mán-dol], [kwán-dol]) e para as formas romances (*dona-das, manto* lidas [do-ná-das], [mán-to])¹⁶ porque a relación escrita-pronuncia proposta para elas é tan fonográfica como a actual. Estaríamos, polo tanto, ante unha ortografía híbrida: logográfica para as formas tradicionais e arromanzadas, fonográfica para as formas romances e empregada nunha fase cronolóxica na que, segundo Wright indica (2004: 279), a nova ortografía romance (isto é, a ortografía logográfica) aínda non chegara ao reino de León. Parece evidente que as teses aquí comentadas non cumplen o requisito inescusable de toda teoría, isto é, estar libres de contradición (cf. Hjelmslev 1943: 23).

3. EMERXENCIA ESCRITA DAS LINGUAS PENINSULARES E POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS

3.0. A etapa comprendida entre a segunda metade do século XII e o primeiro terzo do XIII é crucial no desencadeamento dos acontecementos políticos e normativos que determinarían a sorte dos romances centromeridionais. A situación do latín cambia en relación coa fase cronolóxica anterior, pois pouco e pouco desaparece na escrita a modalidade de latín vulgarizado como consecuencia da chegada á Península da reforma gregoriana, e só permanece a modalidade latina más apegada á norma (cf. supra § 2). En relación coa situación dos romances nesta fase cronolóxica, pódese manexar a

15. O texto ao que pertencen estas dúas secuencias está datado en 1150.

16. Todas as palabras están tomadas do texto ao que pertencen os exemplos enriba reproducidos, que está recollido ao final do traballo que comentamos (Wright 2004: 292-293).

hipótese más verosímil, por ser a máis acorde coa comunmente recoñecida lentitude dos cambios lingüísticos (cf. supra § 1), e admitir en consecuencia que os dialectos peninsulares estarían xa conformados e individualizados. En palabras de Bustos Tovar:

La eclosión de los diferentes dialectos en la escritura, documentada por escrito desde finales del siglo XI, la existencia de una literatura oral perdida muy anterior al *Cantar de Mio Cid* y el desarrollo de las literaturas dialectales, como se ha dicho antes, exigen la lenta formación de dominios lingüísticos diferenciados desde una época muy primitiva (Bustos Tovar 2004: 276).

Ao comezo da etapa que agora consideramos, xa se producira a ruptura política con Portugal e a conseguinte desaparición das expectativas dunha norma lingüística conxunta para os territorios do norte e do sur do Doiro. Mais na fase cronolóxica que abrangue de 1157 a 1230, existían, segundo Mariño Paz, as circunstancias lingüísticas propicias para que as falas galegas e leonesas conformasen e propagasen unha norma lingüística común. Estas condicións favorables déronse nos reinados de Fernando II e Afonso IX, dous monarcas estreitamente vinculados a Galicia e que outorgaron abundantes foros neste territorio (Mariño Paz 1998: 160-61); pero esta situación non se prolongou máis alá de 1230 (ano da morte de Afonso IX e da unión das coroas de León e Castela por Fernando III o Santo), e mesmo nesa data xa se decantaran en prol do castelán as políticas lingüísticas que, en realidade, arrincan dos primeiros anos do século XIII, nos que se inaugura un novo estado de cousas.

Desta nova etapa importa considerar a situación da escrita oficial castelá e leonesa dende as perspectivas interna e externa. A tal obxecto, tomaremos como punto de referencia un traballo monográfico de Wright (2000) sobre as versións leonesa e castelá do *Tratado de Cabreros* (tamén chamado *Paces de Cabreros*). É este o primeiro documento saído da oficina real que está escrito en romance hispánico¹⁷; a súa data é de 1206 e nel recóllese un acordo entre Afonso VIII de Castela e Afonso IX de León para evitar disensíons entre os cristiáns nesta época, situada entre as batallas de Alarcos e Navas de Tolosa. Unha análise ortográfica comparativa das dúas versións do *Tratado* constitúe, neste traballo, a base dun estudio *sociofilolóxico* (así denominado

17. Cf. Wright, 2003: 13 e 116. O autor sinala que xa Menéndez Pidal (1966) recollera este documento, áinda que non completo (*Ibid.* 14); tamén indica que «podemos estar seguros de que se escribió en forma romance, porque la versión original de la cancillería leonesa que sobrevive en la catedral de León, lleva todavía el sello real leonés» (*Ibid.* 12).

polo autor) que ten en conta os contextos sociais e políticos inmediatamente anterior e posterior á sinatura do documento. Tendo presente o interese dunha e doutra cuestión, dedicaremos os próximos parágrafos á consideración de cada unha delas.

3.1. O cotexo dos dous manuscritos do *Tratado* vese, sen dúbida, favorecido pola súa presentación paralela (2000: 54-66), e da análise comparativa levada a efecto polo autor conclúese claramente que as variacións de representación gráfica aparecen nos dous textos e en relación cos mesmos fenómenos xerais¹⁸, polo que a confrontación das dúas versións non proporciona indicios que permitan falar de dúas *scriptae* distintas. De aí que a principal conclusión á análise gráfica sexa a seguinte: «Una de las conclusiones que se pueden sacar de la comparación detallada de los dos manuscritos es que incluso para los escribas más profesionales de los dos reinos, decidir claramente qué formas escritas deben pertenecer a la ortografía nueva no debe haber resultado nada fácil» (*Ibid.* 87).

Respecto desta conclusión cabería facer dúas observacións. En primeiro lugar, o feito de que o *Tratado* sexa o primeiro documento oficial totalmente escrito en romance é unha cuestión relacionada con factores de natureza política (aos que atendemos no próximo apartado); pero esta circunstancia non supón que nos achemos ante unha «ortografía nova», pois a escrita romance atópase xa espallada nos textos vulgarizados da terra de León (cf. supra: § 2), en documentos completos como a *Nodizia de kesos*, e nas *Glosas Silenses* e *Emilianenses*. En segundo lugar, das vacilacións gráficas conclúese, certamente, que os escribas terían dificultades para representar as formas romances¹⁹; pero a esta mesma conclusión se chegaría tras a análise de do-

18. Coincidem os dous textos nas alternancias das representacións *o / ue*, *e / ie* nas formas con vogal tónica procedente de ē e õ (Wright 2000: 79-80); na presenza e ausencia de vogal final nas formas de futuro de subxuntivo (*Ibid.* 82-83) e do H- procedente do latín (*Ibid.* 83); nas alternancias entre os sufixos *-za / -cia*, *e -ez / -iz* dos apelidos (*Ibid.* 83-84); na presenza e ausencia do *-r* das desinencias verbais de terceira persoa (*Ibid.* 85), etc. As excepcionais contraposicións entre os dous manuscritos son pouco significativas e, agás un caso de representación de ditongo decrecente só no texto leonés (*-eiro*: *Ibid.* 84), non apuntan a fenómenos xerais, senón a diferenças de escritura dunha mesma palabra nun texto e noutro, como as correspondentes á convención disxuntiva *bo / o* e á forma verbal *ba / a* na versión leonesa e castelá, respectivamente (*Ibid.* 82-83), ou ás distintas representacións da sílaba inicial das formas procedentes do paradigma de COMPLÉR in the versión leonesa fronte á forma única que, segundo Wright, presenta o texto castelán (*loc. cit.*). Sobre este último punto volveremos máis adiante.

19. Menéndez Pidal xa se referira ás dificultades de representación dos ditongos romances é xa indicara que o problema continuou ata o século xii: «La inhabilidad en escribir estos diptongos no es sólo propia de los escribas de letra visigoda en los siglos x y xi, sino que se manifiesta todavía en los de letra francesa del siglo xii o principios del xiii» (1926: § 2.2).

Fose como for, no devandito ano de 1241 verificouse un paso transcendental cara á definitiva oficialización do uso do romance na chancelaría real, pois no texto do amentado foral de Córdoba Fernando dispuxo a tradución ao vernáculo do *Forum Iudicum*, un código legal de referencia (Rubió 1981: 12-13): “statuo et mando quod *Liber Iudicum*, quod ego misi Cordubam, translatetur in vulgarem”. Na versión vulgar deste foral, a mesma previsión soa: “Otorgo et mando que el *Libro Iudgo* que le do yo, que ge lo mandare trasadar en romanz et que sea lamado fuero de Cordoua”. O cumprimento da disposición de Fernando III demoraría un cantes anos (abondos para que este monarca non chegase a velo), pois só se produciu após 1252, cando o seu fillo Afonso, tras ser coroado rei, lle outorga a Alacante o foro de Córdoba, ao tempo que dispón: “Mando et estableço que el *Libro Judgo* que io di en Alicant que sea trasladado en iuylgar [= ‘xogral, vulgar’] et plano lenguage”.

En definitiva, durante a década de 1940 culmina o proceso de ascensión do romance a idioma oficial da chancelaría de León-Castela. De 1245 en diante toda a documentación foral de calquera tipo, incluíndo as cartas de foro, orixinais ou copias, están en romance. Ás portas da metade do século, o castelán impuxérase de xeito praticamente completo e irreversible na documentación oficial da monarquía castelán-leonesa. Esta é a situación que herdou o sucesor de Fernando III, Afonso X o Sabio. A compilación lexislativa coñecida baixo o título de *Fuero Real*, disposta polo segundo, redactada en 1255 e promulgada en 1256, “parece ser la confirmación oficial del romance como forma escrita” (Wright 2000: 116).

1217-1233	todos en latín
1233-1245	6 castelán / ca. 50 latín uso esporádico do romance
1246-1252	12 castelán / 4 en latín predominio do romance
1252	todos en romance

Táboa 3. Lingua dos privilexios rodados da chancelaría de Fernando III.

Elaboración propia. Fonte: MacDonald 1997.

2. ÁREA ASTUR-LEONESA

A xulgar pola documentación que chegou a nós, os forais de Oviedo (ca. 1145) e Avilés (ca. 1155) constitúen os primeiros textos romances (alternando co latín, como de contado indicaremos) dunha certa extensión exarados

na Península ibérica². Precisamente por causa da redacción tan temperá en romance, a súa autenticidade foi moi disputada, ata que Menéndez Pidal e R. Lapesa dirimiron a cuestión: "No es ya posible mantener hoy sombra de duda respecto a la autenticidad de ambos documentos" (Lapesa 1948: 8). Tanto o un coma o outro presentan o protocolo e o escatocolo en latín e a parte dispositiva nun romance híbrido occitano-asturiano (o que suxire un redactor de orixe occitana), máis hispanizado no caso do texto de Oviedo e máis occitanizado no de Avilés (pero debe terse en conta a eventual influencia dos copistas, sobre todo no primeiro texto, transmitido mediante copia de finais do século XIII). Verbo das redaccións sancionadas por Afonso VII en 1145 e 1155, Lapesa apunta dúas hipóteses: ou que estaban orixinalmente en latín e foron obxecto dun arromanzamento posterior, ou ben que a chancelaría real se limitou a autorizar as ordenanzas previamente compostas en idioma vulgar (Lapesa 1948: 103).

Na colleita de textos leoneses que deu ao prelo, E. Staaff (1907 [1992], doravante abreviaremos EADL) incluíu cinco cartas procedentes do cartorio de Sahagún anteriores a 1200 (EADL nº 1-5, de 1171 a 1199), e catro máis anteriores a 1230 (EADL nº 6-9), pero debe terse en conta que a comarca onde se sitúa este mosteiro politicamente pertencia ao reino de Castela, e lingüisticamente resultaba estremeira co romance central. De todos os xeitos, o uso do astur-leonés na documentación privada espreita durante o reinado de Afonso IX (García Arias 1995). De tan cedo como 1213 data o primeiro documento vernáculo do cartorio do mosteiro asturiano de Belmonte, unha escritura plenamente dispositiva que o seu editor, erroneamente, consideraba redactada en galego (Floriano Cumbreño 1960: 241-43; ten razón García Arias 1995: 44 ao reivindicar que se trata de asturiano). Resulta moi chocante a clara definición idiomática deste documento tan temperán, plasmada nunha *scripta* notablemente coherente e estable, pero o seu editor, un experto paleógrafo, asegura "no hay la menor duda de que se trata de un original".

Xa na década seguinte, o primeiro documento romance da colección diplomática do mosteiro de Villanueva de San Mancio é de 1222, e duns anos

2. Textos e discusión en Fernández-Guerra y Orbe 1865, que ofrece reproducción facsímile do diploma de Avilés. O foral de Oviedo chegou a nós mediante a inserción nunha confirmación de Fernando IV en 1295 (facsímile en Torrente / Cano 1995); o texto do foro de Avilés conservase nun diploma coetáneo ou pouco posterior (Menéndez Pidal supón que se trata dunha copia realizada ca. 1160) e tamén mediante inserción nunha confirmación de Fernando IV. Roger Wright pon repetidamente en dúbida a autenticidade do diploma do foro de Avilés, sen achegar argumentos que contradigan as conclusiones de Lapesa e Menéndez Pidal (Wright 1989: 352, n. 12, e 2000: 113). Pfister (1991), que trata dos provenzalismos no asturiano medieval, non pon en dúbida a antigüidade das redaccións en romance.

despois, 1227, o primeiro no cartorio do mosteiro de Vega; en 1230 aparece o primeiro documento vernáculo na colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Oviedo. O denominado 'Tombo das viñas de Ribadavia', incluído na colección documental do mosteiro galego de Melón, é datado por algúns estudosos en 1228, aínda que esta datación está en discussión (véxase o traballo de Luz Méndez neste mesmo volume). Porén, un uso minimamente consistente e continuado do vulgar astur-leonés só se rexistra baixo o reinado de Fernando III. Así, na colleita documental estampada por E. Staff, rexístrase un número notable documentos en romance da década dos trinta ata un total de 11, case todos procedentes de Sahagún (EADL nº 10-19, senón o nº 85, que é de Santa María de Sandoval de Mansilla)— e sobre todo da década dos corenta ata un total de 21, de procedencia moito más variada: Sahagún, San Pedro de Eslonza, Santa María de Otero de las Dueñas, San Esteban de Nogales.

Vindo más cara ao occidente, na colección diplomática do mosteiro de San Pedro de Montes (Quintana Prieto 1971, nº 291-345), situado no Bercio, rexístrase un documento alternante latín / romance en 1230 (nº 291); o uso do romance reaparece ocasionalmente na década dos trinta (dous documentos de 1235 e 1238, nº 293 e nº 294), intensifícase na década seguinte (seis documentos de 1241 a 1247, nº 297-302), e regularízase na década dos cincuenta (trinta e cinco documentos). Tamén madrugadores no emprego do romance (aínda que non tanto coma o anterior) foron os escribáns que traballaron para os conventos de San Martín de Castañeira (Rodríguez González 1973) e Carracedo (Martínez Martínez 1997), así mesmo na área estremeira do galego. No cartorio do primeiro rexístrase un documento romance de 1241, na década dos cincuenta aparecen catro más; no do segundo temos dous documentos vernáculos de 1245, e dezaseis da década dos cincuenta. Xa en Asturias, a partir de 1244 comeza a se redactar en romance a documentación no cartorio do mosteiro de Corniana, e en 1245 a do mosteiro de San Pelayo.

Canto á documentación foral, as cartas más antigas que demos localizado na área leonesa son as seguintes:

- 1238. Leonés. O abade Esteban de Moreruela aos moradores de Nuez (Rodríguez Fernández 1990, nº 56).
- 1241. Galego-leonés. O abade Juan Fernandez de San Pedro de Montes aos poboadores de Valsiello (Rodríguez Fernández 1990, nº 77).
- 1242. Leonés. O abade Esteban de Moreruela aos homes de Ataulfo (Rodríguez Fernández 1990, nº 58).
- 1250. Leonés. Pacto foral entre o mosteiro de San Isidoro de León e os seus vasalos de Pinos (Rodríguez Fernández 1981, II, nº 79).

- 1251, xuño, 10. Zamora. Concerto do bispo de Zamora e o concello de Fuentesáuco sobre novos décimos (Rodríguez Fernández 1990, nº 60).

Por parte, queremos chamar aquí a atención sobre a situación especial da diocese de Astorga como intermedia entre as áreas centrais do leonés e as propiamente galegas. Non debe esquecerse o feito de que esta diocese abranxía non soamente as bisbarras lingüisticamente galegas das actuais provincias de León e Zamora (onde se encraván os mosteiros de San Pedro de Montes, Castañeira e Carracedo, que acabamos de citar), mais tamén a terra de Quiroga (no recanto suroriental de Lugo) e as comarcas nordorientais da actual provincia de Ourense, incluíndo a terra de Trives e parte da de Caldelas, co Burgo e o Castro de Caldelas. Da relativa antigüidade da asunción do romance na escrita instrumental nos territorios da diocese de Astorga, ademais dos testemuños xa aducidos, pode dar idea o feito de que tan cedo como 1251 o propio bispo tivo a ben empregar o vulgar nunha escritura de avinza cos seus vasalos de Val de San Román (Quintana Prieto 2001: 737-738).

Á luz disto, non é casual o feito de que entre os más antigos centros da emerxencia da escrita en galego figuren os mosteiros xa citados do Bercio e a comarca zamorana de Porto (Boullón Agrelo 2004: 18-23), mais tamén, xa na segunda metade da década dos cincuenta, os ourensáns de Sobrado de Trives (Martínez Sáez 1988, 2, nº 29-31) e Montederramo, e neste último o notario Pedro Gonzálvez da vila de Caldelas, un dos primeiros de quen nos consta un uso continuado do galego, tal como queda de manifesto no contributo de Ramón Lorenzo neste mesmo volume (véxase tamén Lorenzo / Pérez no prelo; para o conxunto, Boullón Agrelo 2004: 24-41). Debido tanto á situación fronteiriza destes mosteiros coma á falta de tradicións de escrita estable que contribuísen á definición precisa dos distintos idiomas vernáculos, o romance empregado na documentación procedente daqueles áchase nun estadio marcadamente borroso, ofrecendo combinacións volátiles e ás veces caprichosas de variantes ora galegas, ora leonesas ou asturianas, ora castelás (sobre todo isto, véxase Lorenzo 2004b: 39-40, Boullón Agrelo 2005, e o traballo de Raquel Rodríguez neste mesmo volume).

Significativamente, nas coleccións diplomáticas correspondentes a mosteiros galegos aparecen varios exemplos temperáns da escrita do astur-leonés: ademais do sinalado ‘Tombo das viñas de Ribadavia’ (dubidoso canto á data), pódense citar tres documentos de Toxos Outes que R. Lorenzo (2004b: 40) considera híbridos latín-leonés (1241, 1243, 1250) e un plenamente leonés (1243); outro de Melón (1246); e xa na década dos cincuenta, algúns máis en distintos mosteiros (Oseira 1251, Ferreira de Pallares 1253, Samos 1256...). Igualmente, por esas datas aparecen documentos en

astur-leonés producidos en territorio politicamente portugués: más adiante aduciremos o caso dun documento de 1236, pola súa banda, Souto (2004: 364) refírese a oito escrituras procedentes da Orde do Templo oriúndas da rexión de Mogadouro-Celorico, entre 1253 e 1260; a outra redactada de Zamora (1259) e unha máis procedente da rexión de Sabugal (1261). Semella que a escrita romance castelá, en parte coa mediación leonesa, foi tomada como un dos modelos de que partiu a escrita instrumental do galego, como poñen de vulto en varios documentos primitivos e galego, coma tal o de Lugo de 1240/41, o foro de dona Toda de 1244 (Vilaboa-Allariz) ou o máis antigo en galego de Oseira (1251) —véxase táboa nº 4.

En definitiva, podemos resumir dicindo que, áinda que xa se rexistran exemplos illados da segunda e terceira décadas do século, o emprego do astur-leonés na documentación particular toma pulo na década 1240-50, e comeza a xeneralizarse na década seguinte, unhas datas lixeiramente posteriores ao castelán.

3. ÁREA GALEGO-PORTUGUESA

3.1. *Emerxencia da escrita romance en Portugal*

O coñecemento do proceso de ‘emerxencia’ da escrita en romance no ámbito galego-portugués progresou extraordinariamente nos últimos anos grazas sobre todo ao labor realizado por A. M. Martins e A. Emiliano no dominio luso e por R. Lorenzo e A. I. Boullón no dominio galaico, e aos contributos de J. A. Souto Cabo para un e outro dominio. Ata finais da década dos noventa do século pasado a nosa visión do asunto dependía praticamente do balanzo panorámico sobre o portugués que L. F. Lindley Cintra realizara en 1963, nun traballo que continúa a ser de referencia obrigada. Ademais de producírense novas descubertas documentais, os presupostos sobre os que se esteaba este traballo áchanse en discusión desde hai unha década, o que deu azo a unha revisión do problema, non exenta de puntos polémicos. Por mor de non adiantármonos a esas discusións, imos comezar por expoñer o panorama que ofrecía Lindley Cintra corenta e cinco anos atrás.

No seu contributo, o filólogo lusitano clasificaba os instrumentos vertentes nos seguintes tipos: (a) diplomas reais, (b) documentos privados, (c) ordenamentos municipais, distinguindo as cartas forais breves e os foros ou ordenamentos municipais extensos, (d) compilacións lexislativas, (e) outros, como inquirições, inventarios e libros de contas, etc. Referirémonos aos catro primeiros tipos.

(a) Canto aos diplomas orixinados na chancelaría real portuguesa, o primeiro testemuño vernáculo, totalmente illado (nunha situación que lembra o ‘Tratado de Cabreros’ de 1206), procede de comezos do século XIII. Trátase do Testamento de Afonso II (1214), que chegou a nós en dúas versións coetáneas, e sobre o que voltaremos. Haberá que agardar ata 1255 para volver achar o idioma vulgar na documentación real, no *Libro Iº de doazóns* de Afonso III (rei 1248-1279). Durante o mandato deste monarca o emprego do romance revélase moi escaso antes de 1270, e mantense esporádico deica o seu pasamento. Será o seu sucesor Don Denís (rei 1279-1325) o que, xa nas dúas últimas décadas do século XIII, estableza o emprego regular do portugués como lingua da súa chancelaría.

(b) No tocante á documentación privada, a cronoloxía non é moi diferente da que acabamos de esbozar. Fóra dun testemuño illado de comezos do século XIII (a célebre ‘Noticia de Torto’, datable ca. 1212), Cintra non podía aducir testemuños romances anteriores a 1250, e áinda a partir dessa data eran moi escasos ata a década 1270-1280. O noso investigador tiña que remontarse ás pescudas do fundador da paleografía portuguesa, João Pedro Ribeiro — publicadas a comezos do século XIX,— para citar unha magra lista de testemuños documentais en romance occidental anteriores a 1275: 1255 (convento de Arnoia), 1262 (Ave Maria do Porto), 1267 (Pendorada), 1268 (Refoios de Basto), 1272 (Pendorada), 1275 (Refoios de Basto). As pesquisas dos historiadores Pedro de Azevedo e de M. Rui de Azevedo non permitirán localizar pezas anteriores a 1255, áinda que si engrosar a lista de cartas posteriores a 1260; Cintra cita por exemplo instrumentos de Chelas de 1263, 1266 e 1269.

(c) Verbo dos forais e foros municipais, o noso estudoso sinalaba que en territorio portugués os segundos son más ben escasos, o que contrasta coa abundancia dos primeiros: no total, A. Herculano rexistrara nada menos que 261 anteriores a 1279. Os forais foran redactados na súa maioría orixinalmente en latín, e as versións arromanzadas datan por vía da regra do século XIV. Porén, salienta o interese os *Foros de Garvão*, integrados por dúas partes, a primeira copiada en 1267 e a segunda máis tarde, e onde se recollen os costumes das localidades de Garvão, Évora, Lisboa e Alcácer. Anteriores ao século XIV son tamén os *Foros de Guarda* (1273-1282) e tres compilacións de *Costumes*, do estilo de *Costumes de Santarem comunicados a Oriola* (1294). Son de salientar os foros extensos da rexión de Cima-Coa (Castelo Rodrigo, Castelo Bom, Castelo Melhor, Alfaiates) nunha área que pertenceu ao reino de León (despois León-Castela) ata 1296, e que despois desta data pasou a dominio da coroa portuguesa,— todos eles redactados nunha mestura máis ou menos borrosa, segundo o texto, entre o latín notarial, o galego e o leonés.

(d) As más antigas compilacións lexislativas en portugués que chegaron a nós son de finais do século xiv e primeiros do século xv. Os textos xurídico-legais anteriores son traducións de orixinais casteláns, como é o caso das versións das *Flores de las Leyes* de Xacobe das Leis e do *Fuero Real* afonsino, moi temperáns, pois foron realizadas c. 1273-1282. Tamén abundan as traducións, probablemente parciais, das *Siete Partidas*, case todas chegadas a nós en estado fragmentario.

Varias décadas máis tarde, tentando ofrecer unha revisión xeral, Ivo Castro, despois de recoller as conclusións do traballo de Cintra, voltaba o seu ollar sobre a ‘producción primitiva portuguesa’ (isto é, anterior a 1255). O estudososo constataba a exigüidade desta producción, da que únicamente constaban o ‘Testamento de Afonso II’ e a ‘Noticia de Torto’, aos que, despois de tantos anos, só era posible engadir á lista dous documentos de Mogadouro, de 1250 e 1253, recentemente exhumados polo propio Cintra. A seguir, alertaba: “Se se perguntar se essa lista é completa, a resposta mais prudente será negativa. A lista inclui apenas os documentos que hoje são conhecidos enquanto não forem localizados novos documentos” (Castro 1991: 183).

A súa observación resultou profética, pois, efectivamente, na última década rexistráronse importantes progresos (Castro 2006: 108-111; véxase tamén Castro 2004b). Estes progresos atinxen únicamente á categoría (b), isto é, á documentación privada. As vías de avanco, simultáneas e complementarias, son dúas: (1) novos achados documentais, e tamén (2) reavaliación dos criterios empregados para definir un texto como latino ou romance (portugués). As novas pescudas abocaron a un requintamento da anterior tipología, abrindo paso a distincións más finas de subtipos dentro desta grande categoría de ‘documentos privados’, como axiña constataremos.

3.2. A producción primitiva en galego-portugués. Discusión das descubertas recentes

Independentemente do grao de adhesión que susciten os presupostos en que repousan, os contributos de Ana María Martins marcan un auténtico fito, tanto polo seu carácter pioneiro na exploración e decrúa do terreo coma polas notvidosas interpretacións, as aguilloantes suxestións e as desafiantes preguntas que suscitan. As súas demoradas pescudas de arquivo e unha relectura dos testemuños textuais realizada desde uns presupostos orixinais levárona a postular un límite notablemente inferior á escrita vernácula en Portugal, recuando ata ca. 1170, e a poboar con preciosos achados o escuro período de xestación daquela.

Así, nunha primeira achega, A. María Martins e C. Albino (1997) daban a coñecer unha ‘Noticia de auer’, un documento en escrita romance ‘borrosa’

(volveremos sobre este termo), para o que postulaban unha datación anterior aos finais do século XII. Pero a achega máis importante veu a lume dous anos máis tarde, cando a nosa investigadora, co gallo dunha posta ao día do devandito traballo de Cintra, estampa dezanove instrumentos, case todos inéditos, dezasete dos cales se reputan como vernáculos — incluíndo a devandita ‘Noticia de auer’ (Martins 1999; véxase tamén Martins 2001a, 2001b). Seis destes documentos son presumiblemente datables no último terzo do século XII (Martins 1999, nº 2-7), un está datado en 1210 (ídem, nº 12; o nº 13 é versión latina do mesmo), outro máis pódese situar entre fins do século XII e comezos do seguinte (ídem, nº 8), áinda dous máis na primeira metade do século XIII (ídem, nº 9-11), e finalmente os últimos seis están datados entre 1234 e 1255 (ídem, nº 14-19).

Salvo unha carta de 1236 que rexistra un contrato de compra-venda, todos os devanditos textos teñen carácter probatorio. O que parece más definidamente romance de todos é este contrato que acabamos de citar, que significativamente está redactado en leonés (Martins 1999, nº 16; incluímola na nosa táboa). Outros textos presentan un menor grao de definición idiomática pero en xeral aproxímanse estreitamente ao romance polo menos nalgúns treitos, nomeadamente a propria ‘noticia de auer’ de San Salvador de Moreira da segunda metade do século XII (ídem, nº 5), a noticia de manda de Margarida Garcia da primeira metade do século XIII (ídem, nº 9) e o testamento de Dona Aldora Afonso de 1243 (ídem, nº 17; incluímolo na táboa). Canto á tipoloxía documental correspondente, segundo as certeiras palabras de A. M. Martins,

os documentos escritos em português até à segunda metade do século XIII constituem um universo restrito, pertencendo no seu conjunto aos géneros ↗ arrendados ou circunstancialmente aproximáveis — notícia, finto, anotação / relação de dívidas ou pagamentos, testamento. Estes tipos documentais têm em comum a sua ténue submissão a modelos textuais pré-definidos (Martins 2001a: 36).

Polo vieso aberto pola investigadora lisboeta internouse posteriormente o estudosor galego J. A. Souto Cabo, ao emprender unha serie de pesquisas sistemáticas na procura de documentación vernácula da segunda metade do século XII (Souto 2003a) e da primeira metade do século XIII (Souto 2003b). No primeiro traballo, ao referirse ao problema da identificación idiomática dos textos borrosos, propón establecer a seguinte tipoloxía: “a) textos latinos com segmentos compactos em vernáculo, b) textos latinos, ou de adscrição idiomática imprecisa, caracterizados por uma presenza geral, mais difusa, de elementos vernáculos, c) textos romances, contendo em maior ou menor grau resultados exclusivamente latinos” (2003a: 332) Esta tipoloxía, como de

contado veremos, apunta cara aos fenómenos resultantes do contacto de linguas que en sociolingüística se denominan *code switching* ou ‘alternancia de códigos’ (tipo a) e *code mixing* ou ‘mestura de códigos’ (tipos b e c)³; porén, sorprendentemente, non volveu ser aplicada polo autor en traballos posteriores.

No mesmo artigo ultimamente citado, o dito investigador edita dez pezas documentais: (a) tres escrituras da primeira categoría, datadas en 1139, 1184 e 1188 (un cambio e dúas vendas); (b) outras tres da segunda categoría, das cales unha de 1188 e dúas sen data, mais datables a finais do século XII (unha noticia, un finto e unha manda testamentaria); e (c) catro da terceira, das cales unha de 1184 e tres sen data, pero próximas a esta (trátase dun escrito, unha nómina, unha carta de foro e un pacto). A maioría dos documentos dos tipos (b) e (c) son de carácter probatorio, e por tanto non teñen nin fórmula de datación nin subscrición, o cal introduce un compoñente de imprecisión, e ata de incerteza, nas súas datacóns; por parte, a súa clasificación dos catro últimos na terceira categoría (isto é, a súa consideración como textos escritos en romance) é cando menos discutible. Dado que carecen de data e pola súa definición problemática non incluímos ningún destes textos na nosa táboa final.

Nun contributo posterior (Souto 2003b), onde aborda as “dinâmicas de escrita romance da primeira metade do século XIII”, o profesor compostelán retoma a tipoloxía documental de Martins, que aplica aos oito documentos que presenta en edición, un procedente do territorio galego e o resto do portugués. Deles, cinco carecen de data, pero son atribuídos á primeira metade do século XIII: trátase de dúas noticias, dúas mandas testamentarias e unha partición. Dous documentos máis están datados en 1257 e 1259, e consisten nunha partición e un prazo. Finalmente, publícase un documento galego de 1231 que non pertence a ningunha das devanditas categorías. Pola nosa banda, estimamos que, fóra do texto galego de 1231, soamente poden considerarse da categoría (c) tres deses textos (e algún deles con dúbihadas), datables aproximadamente no segundo cuartel do século XIII, que son os que incluímos na táboa.

Na liña antes apuntada, todos os documentos que levamos considerado nos parágrafos precedentes se caracterizan por conteren unha mestura “de elementos formais e estruturais latinos com elementos mais innovadores vul-

3. Canto ao *code-switching*, a título de ilustración, véxase Myers-Scotton 1997 ou Álvarez Cáccamo 1998; con todo, téñase en conta que os estudos sobre este fenómeno versan exclusivamente (ou case) sobre a interacción oral. Sobre interferencia lingüística e mestura de códigos (que por vía da regra tamén se estudan en relación co discurso oral en contextos de contacto lingüístico), pode verse Lehiste 1988 e Odlin 1989.

garizantes, que co-existiam em variação na mesma sincronia scripto-lingüística” (A. Emiliano, *apud* Martins 1999: 499). É por iso que a identificación do idioma en que están redactados atópase aberta á discusión: trátase de decidir se o estadio scripto-lingüístico que manifestan se atopa ben dun lado ou ben do outro da dubidosa fronteira entre o que consideraríamos unha escrita tardío-latina fortemente interferida de elementos vulgares e o que xulgariamos unha escrita paleo-romance en incipiente proceso de destaque do latín, e por tanto masivamente latinizada. O problema é que os criterios para delimitar esa fronteira son discutibles, e aínda o é máis a súa aplicación a textos, formas e estruturas concretos (unha discusión detallada de puntos individuais pode verse en Emiliano 2003c e Martins 2004).

Ao noso parecer, resulta crucial lembrar a situación sociolingüística en que estes textos aparecen, exemplo típico de diglosia clásica, caracterizada por unha especialización funcional ríxida entre un código elevado, o latín, que monopoliza unha serie de ámbitos de uso, xéneros de discurso e estilos ‘altos’ en particular os relacionados coa escrita,— e un código baixo, o romance, confinado á oralidade⁴. Dito así, pode parecer que a situación de referencia é sinxela, pero esta é unha impresión engañosa: trátase dun escenario extraordinariamente complexo, caracterizado por un alto grao de fluidez e unha extrema borrosidade. O esribente (preferimos usar este termo e non o de ‘falante’, pois a cuestión céntrase coa escrita) manexaba un repertorio lingüístico difuso, nun extremo do cal se situaba unha norma escrita ‘latina’ razoablemente focalizada e más ou menos estable (cos matices a que logo nos referiremos), e no outro un conxunto de variedades romances faladas en incipiente proceso de decantación e de recoñecemento, moito menos focalizadas e dabondo inestables. Simplificando, podemos imaxinar ese repertorio como constituído por un abano de variedades ordenadas nunha escala implicacional, gradualmente dispostas desde un polo ‘máis latín’ a outro ‘máis romance’.

Endebén, se nunha primeira aproximación a imaxe da escala implicacional resulta ilustrativa, non convén deixarse enganar polo seu esquematismo (Monteagudo 2004a: 394-99). Un modelo que representa máis fielmente a situación en aprecio é o dun espazo multidimensional caracterizado por unha diversidade interna considerablemente ampla (en termos de distancia inter-lingüística entre as variedades correspondentes aos ‘extremos’ do *continuum*), abondo confusa (polas razóns que a seguir exporemos), e con regras complexas de selección e combinación de variantes de distinto tipo

4. Retomo no que vén a seguir as observacións que desenvolvín en Monteagudo 1999: 81-89, 105-113, 117-21.

reas que eran activadas en función dunha serie de factores tales coma as tradicións discursivas e as normas de uso vixentes, a identidade social e a competencia lingüística do produtor do texto, o contexto do acto de comunicación, o xénero do discurso e o tipo de texto aquecente, ou as intencións expresivas do esribente (i.e., o produtor do texto escrito). Xa que logo, o repertorio lingüístico correspondente a este escenario diglósico non se achaba estruturado (como ás veces se tende a supoñer de xeito máis ou menos inconsciente) en termos de oposición tallante entre dous idiomas nidiamente focalizados e por tanto obviamente distinguibles, afastados por fronteiras ben delimitadas e doadas de recoñecer.

Doutra banda, nos escenarios sociolingüísticos deste tipo os (sub)sistemas lingüísticos en contacto conviven simbioticamente, de maneira que a variación intrasistemática (no interior de cada subsistema lingüístico) e a intersistemática (resultado do entrecruzamento dos subsystemas en contacto) están inextricablemente interconectadas, e de aí resulta unha constelación magnética de fenómenos de hibridación. Propomos denominar este aspecto da situación como *interglosia*. Interesa subliñar que os fenómenos relacionados con esta (en particular a mestura e a alternancia de códigos) deveñen plenamente funcionais á hora de organizar o rango de ‘estilos’ da comunidade correspondente —sto é, de estruturar o repertorio das variedades que corresponden a cadanxeu contexto de comunicación e xénero de discurso/tipo de texto. Para sermos más exactos, nas condicións devanditas a armazón do repertorio de estilos de comunicación disponibles repousa en boa parte sobre os fenómenos de *interglosia*, ata o punto de que é imposible caracterizar as diferentes variedades diatípicas (‘estilos’ de discurso) facendo abstracción daqueles. Destarte, neste tipo de escenarios sociolingüísticos é habitual que remanezan variedades interlectais, isto é, modalidades de compromiso ou de transición dunha a outra ‘lingua’ que poden alcanzar unha relativa estabilidade e que adoitan presentar unha adscrición idiomática dubidosa.

Dito isto, ao tratarmos do escenario sociolingüístico do occidente da península no período en foco (ca. 1150-ca. 1250) — mesmo que cando nos referimos a outras áreas da Romanía nos respectivos períodos de emergencia da escrita romance,— non podemos deixar de subliñar as seguintes particularidades:

- a) o latín carecía de falantes nativos e o seu uso estaba restrinxido á escrita, o cal ten consecuencias importantes canto á competencia lingüística dos produtores de textos en latín e ao tempo canto á definición da norma lingüística *cultivada* (enténdase: do conxunto das subnormas que correspondían a cadansúa modalidade de ‘latín’). Cada usuario do latín escrito operaba cun repertorio lingüístico nesa lin-

gua más ou menos amplio e más ou menos próximo a cada unha das subnormas de referencia, un repertorio que, salvo para os escasos individuos intensivamente instruídos, consistía en modalidades diferentemente graduadas de ‘interlectos (semi-)fossilizados’ latino-romances (véxase abaixo, c)

- b) dada a carencia de modalidades exemplares dotadas dunha razoable definición, estabilidade e fixeza (carencia vencellada á inexistencia dunha modalidade escrita establecida), ás variedades romances correspondía cadansúa (sub)norma que podemos caracterizar por tres trazos: (1) borrosa verbo do eixo de variación diatópica (isto, é, na dimensión horizontal, dunhas a outras variedades), (2) inestable verbo do eixo de variación diacrónica (coexistencia profusa de variantes conservadoras e innovadoras), e (3) fluída verbo do eixo de variación diatípica ou estilística (como xa vimos)
- c) nas devanditas condicións, a interferencia no latín escrito da fala romance desembocou na constitución de variedades intermedias medianamente estabilizadas, que se poden caracterizar en termos de maior ou menor conformidade á norma latina culta e maior ou menor permeabilidade en relación á oralidade vulgar
- d) xa que nos referimos á escrita, non pode esquecerse a grande proximidade lingüística entre o latín (especialmente as modalidades escritas medievais) e o romance, nin o feito de que os sistemas grafémicos romances emerxeron a partir do sistema latino, nun lento proceso ‘de destaque’ e mediante unha adaptación progresiva

Xa que logo, latín ou ‘gramática’ dunha banda e ‘vulgar’, ‘linguaxe’ ou ‘romance’ doutra non eran conceptualizadas como linguas distintas, mais como códigos comunicativos complementarios e compatibles, nebulosamente definidos e confusamente contrastados, de maneira que resultaba natural e case inevitable combinar formas dun ou doutro no discurso escrito (doutra maneira tamén no oral, pero isto non nos aquece a restora). Tal combinación non se realizaba de xeito aleatorio, nin tampouco seguindo unhas regras ríxidas; mais aténdose a unhas pautas flexibles que variaban en función do tipo de texto e da situación comunicativa dentro dunha marxe de discrecionalidade que podía ser más ou menos ampla en función do grao de formalidade do estilo / tipo de texto correspondente. O nivel de dominio sobre o latín culto que o escribán posuía resultaba ser un factor moi importante, dado que as lagoas na súa competencia neste eran preenchidas mediante interferencia (i.e., transferencia de recursos) do seu falar vernáculo.

O devandito é especialmente aplicable ao caso en foco, pois non estamos a tratar dunha situación de contacto entre dúas linguas previamente constituídas, mais entre dúas variedades (ou subsistemas de variedades) do

mesmo diasisistema, unha das cales se atopaba en pleno proceso de obsolescencia por esclerosamento (o ‘latín’), mentres que a outra estaba en incipiente proceso de emerxencia mediante elaboración (o ‘romance’). Nese contexto, a cuestión sobre a identidade idiomática (latín ou romance) dun texto pode revelarse indecidible, visto que a resposta depende exclusivamente (ou case) dos termos en que o problema é formulado, así que poden darse dúas (ou máis) respostas alternativas non mutuamente excluíntes.

Porén, se admitimos que no proceso de focalización (i.e., estabilización e definición) da modalidade emerxente xogou un papel decisivo a constitución dun sistema scriptolingüístico autónomo, de base claramente fonográfica (en contraste coa base morfo/logográfica do sistema previamente operativo), o pertinente diante dun texto escrito é preguntarse verbo de que estadio revela a súa escrita en relación ao proceso de constitución daquel sistema. Neste senso, concordamos con A. Emiliano cando sostén:

a questão dos mais antigos textos em português é de ordem scripto-lingüística, e toda a discussão acerca dos mesmos deve en primeiro lugar centrar-se en factos de escrita e na sua organización enquanto sistema. A atribuição do rótulo ‘português’ ou ‘latino’ (i.e. latino-português) a um texto medieval produzido en Portugal até meados do século XIII deve depender, não das características da oralidade subjacente ao texto, mas sim das características da escrituralidade que o texto evidencia (Emiliano 2003c: 269).

Por ilustrar cun exemplo que discute Martins (2004: 504-510): sen dúbida, a forma gráfica latina <fecit> podía estar suxeita a reinterpretación fonolóxica e consecuentemente ser lida ‘á romance’ como /fe/, /fe e/ ou similar, pero aquela maneira de representar graficamente esta forma da fala ou de interpretar oralmente a tal forma escrita non corresponde a unha *scripta* (ou sistema scripto-lingüístico) romance autónoma, mais a unha *scripta* de base mixta, cun componente morfográfico e outro logográfico, e isto é precisamente o característico da fase de escrita latino-romance. A unha *scripta* romance autónoma correspondería unha representación do tipo fonográfico —todo o laxamente que se quixer,— como <fez>, <feze>, <feç>, <fec>, <fet>, <fets> etc., e non outra. Velaí o punto.

Esta observación é especialmente relevante toda vez que constatamos que unha boa porción dos textos exhumados por A. M. Martins e J. A. Souto son extremadamente curtos e/ou consisten pouco más que en espidas listas de vocábulos precariamente ganduxadas nunha armazón sintáctica elemental. De máis a máis, hai que salientar que moitos deses vocábulos son nomes propios (antropónimos e topónimos), sendo que desde os comezos da tradipción escrita latino-notarial do medioevo os nomes propios (e en menor

medida tamén os neoloxismos) constitúran precisamente o campo de experimentación das solucións gráficas de tipo fonémico que virían a se xeneralizar cando a constitución dos sistemas gráficos romances autónomos (véase por caso Boullón Agrelo neste mesmo volume). Por outras palabras: na escrita dos nomes propios ensaiáronse as representacións gráficas específicas para os fonemas romances que non existían en latín (coma as series de consoantes palatais e africadas), para os cales o sistema gráfico herdado non ofrecía solucións de primeira man. Neses condicións ¿non será problemático clasificar sen matices como romance un texto que consiste en pouco máis que unha lista de nomes propios?

De calquera maneira, a pregunta sobre o carácter autónomo ou heterónomo do sistema de escrita subxacente a un texto déixase responder dun xeito menos equívoco cá pregunta sobre a lingua en que está redactado. Ao noso parecer, a resposta a aquela pregunta é más ben negativa para a maioria dos textos a que viñemos referíndonos. Sen dúbida, a maior parte deles están redactados nunha variedade de escrita maximamente vulgarizante (i.e., extremadamente informal), unha variedade estilística que se acharía na franxa ínfima do abano de estilos de escrita (lusó-)latina disponível naquel período, e que anuncia a inminente eclosión da escrita romance. Pero non deixa de ser unha variedade que se sitúa *no interior* daquel rango de estilos, un rango no cal na práctica non existía (aínda) a opción de escribir en romance (i.e., mediante un sistema grafemático ou scripto-lingüístico autónomo). Só nuns poucos textos podemos albiscar o emprego dun rexistro minimamente estabilizado que presenta un grao suficientemente elevado de saturación de variantes romanceadas (isto é, que responden ao principio grafo-fonémico), un rexistro que lexitimamente podemos considerar transicional ou quasi-romance.

En conclusión, salvo os casos que fomos sinalando, os testemuños en foco poderán considerarse todo o máis precursores da escrita romance, pero non textos plenamente romances no senso que se adoita empregar a este termo *textos escritos en galego-portugués*. Desde logo, non poden considerarse romances no mesmo senso en que dicimos que a Noticia de torto ou o Testamento de Afonso II o son. Se tivésemos que ampliar a noción de texto escrito ‘en romance’ para dar cabida nela a este tipo de textos, daquela teríamos primeiro que revisar os alicerces mesmos sobre os que se funda a distinción entre o ‘latín’ e ‘romance’ no ámbito e no tempo aquecentes, e a seguir teríamos que revisar e reclasificar unha morea de testemuños. Como estimamos que non hai motivo suficiente para isto que no fondo pouco máis sería que unha mudanza de nomenclatura coa correspondente reorganización de etiquetas,— coidamos que sen unha rigorosa peneira previa non se pode aceptar a significación histórico-lingüística que os seus editores

outorgan a título xeral a estes documentos: ‘os máis antigos textos escritos en portugués’. En todo caso, unha porción destes textos manifestan a vixencia dunha modalidade scriptolingüística de transición que podemos considerar quasi-romance e que preludia a *scripta* conservadora plenamente romance, da qua falaremos a seguir. Naturalmente, o dito non mingua en absoluto o extraordinario interese dos testemuños exhumados como elos da cadea que conduciu á emerxencia da escrita en (galego-)portugués.

3.3. Dúas tradicións de *scripta*: acrografía / basografía

Entre as valiosas suxestións contidas nos traballos Ana María Martins, aínda hai dous puntos máis sobre os que nos interesa virar a atención:

- A distinción entre dúas correntes no proceso de emerxencia da *scripta* luso-romance, unha innovadora e outra conservadora
- As relacións históricas entre os procesos de emerxencia da escrita instrumental e da escrita literaria en romance

A consideración do primeiro destes puntos condúcenos a retornar aos dous documentos más importantes (ou polo menos máis indiscutibles) da producción primitiva portuguesa, a chamada ‘Noticia de torto’ (ca. 1212) e o ‘Testamento de Afonso II’ (1214)⁵. Nunha primeira aproximación a estes textos, un fenómeno que salta inmediatamente á vista é a diferenza entre eles canto ao grao de elaboración e fixación dos respectivos sistemas grafemáticos. En palabras de Cintra,

aquilo que chama inmediatamente a nossa atención quando empreendemos a análise lingüística da Notícia de Torto é o carácter arcaico e hesitante da sua maneira de representar os sons do galego-português antigo. Deste ponto de vista, afasta-se radicalmente do outro mais antigo documento redigido em português – Testamento de Afonso II, também ele escrito em 1214, mas cuja grafia se apresenta como muito mais regular e coerente (1990: 42).

Ou, en palabras de A. M. Martins:

A Notícia de Torto e o Testamento de Afonso II, de 1214, sendo dois documentos produzidos na mesma época, apresentam-se fortemente diferenciados no que respeita às suas *scriptae*. A *scripta* do Testamento de Afonso II é surpreen-

5. Véxase Leite de Vasconcellos (1959: 63-93), Costa (1977) e Cintra (1990). Edición e comentarios dos dous textos, coa remisión á bibliografía máis relevante, en Castro (2006: 96-143). Para a Noticia, pode verse ademais Emiliano / Pedro 2004.

dente pela regularidade que evidencia; a *scripta* da Notícia de Torto surpreende pela acentuada variação (Martins 1999: 499).

Co gallo dese acentuado contraste entre dous textos praticamente coevos e— referíndose tamén ao conxunto da producción portuguesa primitiva que antes discutimos e que ela mesma exhumou— Martins distingue dúas tradicións de *scripta* (1999: 499-504): unha elaborada e innovadora pero estable, emancipada do modelo escriturario latino-notarial, e outra ventureira, conservadora e inestable, presa ao dito modelo. A primeira correspondería á chancelaría rexia, unha oficina de producción centralizada e con poder de irradiación; a segunda aparecería como epifenómeno do carácter disperso e periférico do resto da producción, e a súa consolidación veríase bloqueada pola imposición da outra tradición, más poderosa. Trazos salientes da segunda serían, por caso, a non estabilización da distinción gráfica entre consoantes xordas e sonoras (relacionada co peso do modelo latino), a inestabilidade na representación da africada palatal xorda / / (<ci, ti, cti, chi, pl>) e da fricativa prepalatal /ʃ/ (*pesotas, riselus, leisu*), a acentuada variabilidade da representación dos ditongos decrecientes e o aparecemento de variantes extravagantes (*pezena, pecheno* ‘pequeno’). Na nosa opinión, esta tradición de *scripta* conservadora é a directa herdeira das tentativas quasi-romances ás que fixemos referencia anteriormente.

Conforme Martins, o testamento de Afonso II non manifesta esas características:

Das versões que dele conhecemos, está praticamente ausente e a variação entre formas latinas e romances e a indistinção gráfica entre consoantes surdas e sonoras (relativizado o caso das sibilantes que constitui um domínio de estabilización tardia) (1999: 502).

Esta distinción entre dúas tradicións de *scripta*, unha innovadora e máis elaborada, outra conservadora e máis inestable, parécenos de todo punto pertinente. Ademais de caracterizá-las do punto de vista formal, mediante as etiquetas que acabamos de utilizar, a nosa colega apunta outros aspectos relevantes: a *scripta* elaborada xéstase a chancelaría rexia, as *scriptae* conservadoras xorden da man de humildes escribáns provinciais, e son empregadas en tipos documentais de inferior categoría. Na nosa opinión, aínda podemos chegar máis lonxe no tocante á caracterización sociolingüística e á determinación das condicións históricas do xurdimento e desenvolvemento de cada unha das ditas tradicións. Isto é o que nos propoñemos nas seguintes liñas.

No proceso de constitución das *scriptae* romances detéctanse, efectivamente, dúas correntes distintas. Dunha banda está a deriva espontánea, len-

ta e sinuosa, das *scriptae* latino-notariais que se deixan ir permeando das variedades faladas baixo a influencia dunha serie de factores, algúns xa evocados nestas páxinas: a maior ou menor instrución dos escribáns, a crecente infiltración de elementos léxicos dificilmente 'convertibles' ás grafías latinas (topónimos, neoloxismos...), a presión a prol dunha maior comprensibilidade de dos escritos, a configuración de estilos de lingua vulgarizados que se asocian a certos tipos de texto... Doutra banda, xorde a intervención deliberada de determinados centros dotados por un lado do saber suficiente para elaborar un produto cultural e tecnicamente tan sofisticado como é un novo sistema scriptolingüístico e por outro lado de poder bastante para difundilo e imponélo nun territorio e/ou un ámbito político-cultural determinado. Nótese que no segundo caso, falamos de competencia técnica, que implica unha acumulación de coñecemento e experiencia e un persoal altamente especializado e cualificado, con dedicación profesional á produción de textos escritos; e tamén falamos de capacidade para tornarse nun punto de irradiación de normas e modelos. Naturalmente, tamén temos que falar de vontade de realizar o proxecto, que presupón motivacións concretas, ocasións desencaendeantes e contextos facilitadores.

Xa que logo, é enganoso concibir a evolución dos sistemas de escrita só ou fundamentalmente en termos de deriva diacrónica espontánea e puramente gradual, análoga á dos sistemas lingüísticos (nin sequera neste caso tal modelo é, en rigor, aplicable). En realidade, aquela evolución está marcada por cesuras, momentos críticos que se traducen en bruscas aceleracións do ritmo evolutivo ou viraxes inopinadas na súa orientación. Estes saltos cualitativos de importancia decisiva, que difficilmente teñen explicación nunha perspectiva puramente evolutiva (dunha deriva gradual e espontánea, queremos dicir), adoitan ser efecto da intervención efectiva dun daqueles centros. Máis aínda, sen a intervención dun deses centros, pode acontecer que a as *scriptae* locais por si mesmas se manteñan indefinidamente en estado de variación indecisa e non dean converxido nunha tradición unificada. Naturalmente, unha vez constituída, a *scripta* elaborada entra en relación dinámica coas *scriptae* rudimentarias, e, se se dan as condicións sociolingüísticas necesarias, será a primeira a que marque a pauta dominante.

De más a máis, non se debe esquecer que, como antes apuntamos, a emerxencia da escrita en romance (i.e., mediante unha *scripta* autónoma) no fondo constituyó unha innovación cultural, e como tal non foi resultado de sucesivas invencións *ex nihilo* en cada un dos ámbitos en que se produciu, mais, pola contra, foi propagada dun ao outro ámbito mediante préstamo. Xa que logo, cada unha das variedades romances (cando menos da Hispania central e occidental) non se dotou desde o comezo dun sistema grafemático de seu, completamente formado e inventado exclusivamente

para as súas necesidades. Ben pola contra, máis que de invencións individuais, resulta acaído falar dunha serie de préstamos sucesivos e adaptacións parciais, adaptacións que no primeiro momento adoitan ser más ben superficiais, e que só nalgúns casos e só a longo prazo conduciron, mediante unha cadea de reformas acumuladas, á constitución de sistemas grafemáticos plenamente autónomos non só en sentido vertical (con respecto ao latín) como tamén en senso horizontal (i.e., con respecto ás variedades romances veciñas).

Á vista disto, unha intervención puntual dun determinado centro de decisión pode producir textos a primeira vista anómalos polo alto grao de elaboración do sistema scriptolingüístico subacente, cando comparados co conxunto da producción escrita coeva. Esta apariencia de anomalía aínda pode ser maior se, polas razóns que foren (falta de continuidade, perda de testemuños), a iniciativa se nos presenta más ou menos illada. Á luz do devandito, convirá matizar unha afirmación (no fundamental atinada) coma a que reproducimos a seguir, formulada co gallo do testamento de Afonso II:

Não seria possível obter uma escrita portuguesa tão regular ao primeiro ensaio. A inferéncia é a seguinte: embora na chancelaria geral portuguesa continuasse durante mais de meio século a ser observado o costume de escrever em latim os documentos formais, destinados a perdurar no tempo e a assumir carácter oficial, já era uso, no inicio do século XIII, escrever em português os textos de carácter efémero, tal como apontamentos, mensagens pessoais, rascunhos, minutias... os quais, pela sua própria natureza, muito poucas possibilidades teriam de chegar até nós" (Castro 1991: 184; a afirmación aparece lxeiramente reformulada en edicións posteriores do texto).

Tornando agora á teoría das dúas tradicións de *scripta* arborada por Ana M. Martins, parécenos oportuno sinalar que, falando máis en xeral, na producción escrita do medioevo — esmo a producida xa en época de pleno desenvolvemento da escrita en romance — é dado constatar unha correlación estreita entre estas tres variables: (a) o tipo de texto escrito segundo unha escala sociolingüística alto/ baixo, (b) a modalidade de escrita empregada, nun rango que vai da más caligráfica á más cursiva, e (c) o grao de elaboración da *scripta*, nun abano de modalidades desde a más ortográfica á más alográfica. Estamos a traballar desde esta perspectiva, e esperamos poder ofrecer resultados relevantes no futuro. Á luz disto, propomos reformular os termos da dicotomía establecida pola devandita estudosa: no canto de *scripta conservadora* — *scripta innovadora*, falariamos de *acrografía* (*scripta acrográfica*) — *basigrafía* (*scripta basográfica*), definidas non soamente polas respectivas características formais a que remite a terminoloxía proposta pola

nosa colega, mais tamén en termos funcionais e socio-culturais, seguindo polo camiño que Castro⁶ e a propia Martins emprenderon.

3.4. O cultivo do galego-portugués na lírica no período primitivo. Atando cabos verbo da conexión galega

Outro aspecto apuntado por Martins e que está pendente dunha exploración máis en profundidade é as presumibles relacións entre os procesos de emerxencia da escrita romance en dous xéneros de discurso distintos, como son o da producción literaria i— sto é, no que nos atinxo, da lírica trobadoresca,— e o da prosa instrumental. Aínda que estamos certos de que os ensaios primeirizos no primeiro dominio son anteriores aos finais do século XII, de momento as conexións concretas que podemos establecer entre as orixes do cultivo do galego(-portugués) na lírica e na prosa documental son más ben velaiñas (Martins 2001a: 41-44). Endebén, está fóra de dúbida que nas primeiras décadas do século XIII se escribían textos poéticos en romance, e semella razoable supor que para iso se utilizaba un sistema de escrita de base fonográfica, que podemos figurarnos constituído a partir a imitación e a adaptación, directas ou mediatizadas, das solucións gráficas ensaiadas na lírica francesa e occitana tanto — o cal resulta moi difícil de determinar, por causa da carencia de testemuños primitivos. Canto a isto non estará de máis que lembremos aquí tres fenómenos histórico-literarios relevantes⁷:

- o protagonismo da corte real galego-leonesa de Afonso IX como centro de recepción do trobadorismo occitano no occidente da Península e como alcouve onde xermolou a tradición lírica do noroeste
- a presenza sobranceira de compositores galegos, maiormente do sur de Galicia, nas dúas primeiras promocións trobadorescas
- e en relación co anterior, o papel fulcral das cortes rurais da pequena nobreza de Galicia e o norte de Portugal na acollida e impulso do fenómeno trobadoresco

6. Véxase, a título de exemplo, a seguinte observación: “Não há, na escrita da Notícia [de torto], qualquer vislumbre de regularidade gráfica (ou paleográfica): o seu escriba não era profissional, tinha hesitações frecuentes quanto à representación dos sons, cometeu errores que não emendou, transitava constantemente do português para o latim. Tais defeitos não surpreendem: ele não trabalhava para o rei de Portugal, mas para um fidalgo arruinado do Minho, que não possuía chancelaría nem escriba permanente” (1991: 236; fixeiramente reformulado máis tarde: Castro 2006: 107).
7. Estes aspectos foron brillantemente pescados polos investigadores portugueses A. Resende de Oliveira e J. C. Miranda (Oliveira 1994, Oliveira / Miranda 1995, Miranda 2004a), e neles afondamos no traballo no prelo a que fixemos referencia no comezo do presente contributo, en que se desenvolven varios dos puntos que a seguir esbozaremos.

Sobre os tres puntos, seguimos o vieiro aberto por A. Resende de Oliveira e J. C. Miranda, conforme pistas que nos viñeron suxeridas polo estudo do foral de Caldelas, e que noutro lugar serán desenvolvidas con maior extensión (Monteagudo no prelo). Como se sabe, este foral foi dado por Afonso IX en 1228, contra finais do seu reinado (Monteagudo 2005), e entre os seus confirmantes figurán na primeira columna ‘Rodericus Gomez de Trastamar’ e ‘Fernan Iohanis, filius de Johan Batissela’, e na terceira un ‘Fernan Pelagii Varella’, que teño identificado con razoable seguranza como o trobador Fernan Paez de Tamallancos, naqueles anos tenente da terra de Búbal, veciña á de Caldelas. Máis adiante veremos a onde nos conducen as relacións que podemos establecer entre estos tres personaxes e as primeiras xeracións trobadorescas.

Nas magras ringleiras da xeración inicial da lírica cortesá a— dos autores que trobaron no primeiro cuartel do século XIII— parecen ser de proxenie galega Ayras Moniz d'Asme, Diego Moniz, Pero Paez Bazaco, Ayras Soarez e Osyo Eanes. Os presumibles irmáns Ayras e Diego Moniz pertencían a unha xinea enraizada na terra de Asma, no suroeste da actual provincia de Lugo, contigua á de Búbal (no noroeste da actual provincia de Ourense), conexión sobre a que de contado voltaremos (Oliveira 1994: 316-317; Miranda 2004: 81-90 e 91-96). Pedro Paez Bazaco ou Bazoco, a xulgar polo testamento do seu presumible pai, Pelagio Bazaco, pertencía a unha liñaxe da pequena nobreza afincada nas proximidades da cidade de Ourense e con propiedades nas terras estremeiras de Aguiar e Búbal, entre outras (Oliveira 1994: 423)⁸.

Por parte, outro integrante da promoción inicial, o nobre luso Garcia Mendiz d'Eixo, cabezaleiro da liñaxe aristocrática dos Sousa, compuxo a súa única cantiga coñecida (significativamente, en occitano) por volta de 1215, coincidindo co seu exilio temporal no reino de León. Ora, no verso inicial dese cantar (*B* 454, “Ala u nazq la Torona”, véxase Miranda 2004a: 69-77) transparece o vencellamento do autor coa terra de Toroño e— uxos límites coincidían cos da diocese de Tui—, onde precisamente tomou como espousa a Elvira Gonçalez de Toroño (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 327; Oliveira 1993). Polo seu carácter fronteirizo, naqueles tempos a terra de Toroño mantívose intensamente permeable en relación co reino de Portugal, como testemuñan as conexións familiares non só de Garcia Mendiz e^antre outras moitas do lado portugués (véxase a seguinte nota a rodapé)— mais tamén

8. Para Pelagio Bazaco, suposto pai do trobador, véxase Duro 1996, nº 84, datado en 1193, e nº 238, s.d., datable na primeira metade do século XIII (manda testamentaria deste, onde cita *Petrus Pelagi, filius meus*); para Pedro Bazaco, o propio trobador, véxase Duro 1996, nº 238, datado en 1223. Un “Rodericus Petri, connomento Bazaco”, que aparece nun documento de 1234 (Fernández de Viana / González Balasch 1999, nº 216) pode ser fillo do trobador.

dunha das liñaxes galegas máis sobranceiras que alí fundían as súas raigás, os Arias, *Batissela ou Limia*⁹.

Esta xinea, xurdida do enlace entre Fernando Arias Batissela e Teresa Vermúdez de Traba¹⁰, estivo encabezada nos finais do século XII e comezos do XIII sucesivamente polo fillo primoxénito desta parella, Johan Fernandez Batissela, que casou en primeiras nupcias con Berenguela Gil Alonso [de Baiam]¹¹, e polo primoxénito deste casal, Fernan Eanes Batisela. Este, pola súa volta, foi casar con outra doncela portuguesa, Teresa Eanes, filla do matrimonio formado por Guiomar Mendiz (irmá de Garcia Mendiz d'Eixo) e Johan Perez da Maia. Fernan Eanes Batissela mantivo un vencellamento comprobable co ambiente trobadoresco das primeiras décadas do século, como axiña veremos.

Nas ringleiras da segunda xeración trobadoresca, que abranxe os autores que se exercitaron (ou comenzaron a exercitarse) entre 1220 e 1240, queremos salientar media ducia de nomes, uns pola orixe galega e outros polas conexións con Galicia: Fernando Paez de Tamallancos, Pay Soarez e Pedro Vello de Taveirós dunha banda, e Roy Gomez de Briteiros, Martin Soarez e o conde Gonzalo Garcia de Sousa da outra. O trobador Fernando Paez de Tamallancos está inequivocamente identificado cun *Fernando Pelagii* cabaleiro (*armiger*) documentado entre 1216 e ca. 1242 como tenente do castelo de Alba e a terra de Búbal, onde aquel estaba situado (Oliveira 1994: 343)¹². Ati-

9. Véxase Mattoso 1985, 187. O mesmo historiador ten afirmado, falando do século XII e a primeira década do XIII: "As relações familiares entre os nobres dos dois lados da fronteira, e as fáceis oscilações dos senhores entre os dois reinos, mostram uma perfeita ósmose entre as nobrezas galega e portuguesa, senão uma verdadeira identidade" (Mattoso 1985: 180-81; véxase tamén pp. 182-84, onde fai referencia concreta á familia Limia). Sobre os Arias Batissela (ou *Baticela*) véxase García Álvarez 1966, López Sangil 2005 tamén se refire a esta familia, na medida en que portiña cos Traba. Sobre a terra de Toroño nos séculos XI a XV, véxase Fernández Rodríguez 2004.

10. Teresa Vermúdez era neta do célebre Pedro Froilaz de Traba por parte do seu pai (o conde Vermudo Perez), e por parte da nai, Urraca, era sobriña do primeiro rei de Portugal Afonso I Henriquez. Por outra banda, Rodrigo Gomez de Trastámarra, de quen falaremos a seguir, era bisneto por parte do pai (o conde de Trastámarra Gomez González) de Fernando Perez de Traba, o fillo de don Pedro Froilaz que tivo amores con dona Tereixa de Portugal, a nai de Afonso Henriquez.

11. Posteriormente, Johan Eanes Batissela casaría coa famosa María Paez Ribeira, a *Ribeiriña*, tamén filla dunha liñaxe de Toroño, e célebre porque fora amante de Sancho I de Portugal, de quen tivo o futuro trobador Gil Sanchez (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II, 318-19 e 527-29). Gil Sanchez estivo unido a dona María, filla de Garcia Mendiz d'Eixo. Outro froito dos amores de Sancho I e María Paez foi Teresa Sanchez, que estivo casada con Afonso Tellez de Meneses, o sogro de Rodrigo Gomez de Trastámarra (véxase máis abaixo). Unha filla da *Ribeiriña* e Johan Fernandez Batissela, de nome Teresa Anes, foi casar cun fillo de Garcia Mendiz d'Eixo, Mem Garcia de Sousa (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II, 330).

12. Este trobador aparece como confirmante do foral do burgo de Caldelas de 1228 ("Fernando Pelagii Varela"). Adiantando datos que detallarei no traballo no prelo, deixo constancia de que te-

nadamente, o investigador José Carlos Miranda sinalou que “não deixa de ser sintomático que os poucos nomes que compõem o novo grupo sejam essencialmente oriundos do Sul da Galiza” (2004a: 62). Endebén, a observación é susceptible de maior precisión, pois as devanditas referencias nos envían a unha área moito más acoutada, situada ao norte da cidade da Ourense, e constituída polas terras de Aguiar, Búbal, Orcellón e Asma (véxase sobre isto o noso traballo no prelo reiteradamente citado).

Vaímos agora ás conexións con Galicia do grupo de trobadores portugueses que antes citamos. Está documentada a estadía de Roy Gomez de Briteiros, infanzón portugués dunha liñaxe da pequena nobreza do Miño, na corte de Afonso IX, pois en 1226 aparece como mordomo do rei de man do infante portugués Pedro Sanchez, fillo de Sancho I, e un dos personaxes más sobranceiros da corte galego-leonesa naquela década (Oliveira 1994: 431-32; véxase González 1944, II, nº 473). Deste trobador sobreviviu un exiguo legado textual, dúas breves cantigas de escarnio, unha das fragmentaria (*B* 1543-1544, Lapa 1970, nº 408-409), pero en troca alcanzounos de cheo o eco chocalleiro dun escandaloso episodio que protagonizou (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 324-33 e 336-41). Por volta de 1227, o infanzón deu en raptar, para forzar o matrimonio, unha doncela de xinea ben máis elevada cá súa, dona Elvira Eanes, filla de Johan Perez da Maia. Como acabamos de sinalar, a irmá desta doncela, Teresa Eanes, viña sendo a dona do ricome da Galicia meridional Fernan Eanes Batissela.

O vergoñento incidente foi escarnecido polo trobador Martin Soarez (*B* 172, Lapa 1970, nº 285; véxase Bertolucci 1992: 112-14), un autor orixinario de Riba de Lima en Portugal, quen pola súa volta trabou relación con Pay Soarez de Taveirós, como queda patente na tenzón que entre os dous teceron, transmitida polo Cancioneiro da Biblioteca Nacional (*B* 144, Lapa 1970 nº 301; Bertolucci 1992: 49-50). Ora, Pay Soarez é dunha banda autor da singular ‘cantiga da guarvaya’ (*A* 38), frechada a unha ‘filla de don Paay Moniz’, que Carolina Michælis estaba convencida de que se trataba de Maria Paez a Ribeiriña, quen primeiro foi amante de Sancho I de Portugal, e despois, esposa de Johan Fernandez Batissela, e— por tanto, madrasta de Fernando Eanes Batissela¹³. Por parte, Pay Soarez é coautor doutra tenzón co seu irmán Pero Vello de Taveirós (*B* 142; Vallín 1996: 95-97), que, segundo a rúbrica que a precede, ía frechada a “duas donzelas muy fremosas e filhas d’algo

ñó identificado este Fernando Paez de Tamalancos como fillo de Pelagius Muniz Varela (quen foi tenente do castelo de Pedraio na terra de Aguiar), tal como se consigna en varios documentos de finais do século XII.

13. Discute esta identificación de María Paez o investigador Oliveira 1994, 402. Véxase tamén sobre isto Vallín 1996: 232-34.

assaz, que andavan en cas dona Mayor, molher de dom Rodrigo Gomez de Trastamar" (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 314-17; Oliveira 1994: 401-402 e 424-25). Tendo en conta esta referencia a dona Mayor [Tellez de Meneses], parece que a cantiga non debe ser anterior a 1226-28, pois no segundo ano rexistramos por primeira vez don Rodrigo e dona Mayor como marido e espoza (Vieira 1999: 53, López Sangil 2005: 168).

Sen dúbida, a actividade lírica dos portugueses Roy Gomez de Briteiros e Martin Soarez e mais dos galegos Pero Vello e Pay Soarez de Taveirós desenvolveuse no segundo cuartel do século XIII, pero non dispoñemos de ningunha proba concreta que permita datar algún dos seus textos con maior precisión. O certo é que dos que podemos conjecturar unha datación aproximada, algúns apuntan máis ou menos vagamente cara á década dos 30 e outros cara á dos 40.

Fillo do antes amentado Garcia Mendiz d'Eixo e da nobre galega Elvira Gonzalez de Toroño, o conde Gonzalo Garcia de Sousa tamén gustou de trobar. A única composición del que chegou a nós (*B* 455, *V* 346; Lapa 1970 nº 176) satiriza un acontecemento semellante ao protagonizado por Roy Gomez de Briteiros: o rapto de Maria Rodriguez Codorniz da casa do seu parente Rodrigo Gomez de Trastámar por parte dun tal Johan Bezerra, tamén con vistas a forzar un matrimonio vantaxoso (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 330, n. 2; Oliveira 1994: 354-56)¹⁴. Esta Maria Rodriguez Codorniz era curmá directa de Fernan Eanes Batissela, como filla do tío paterno deste, Rodrigo Fernandez Codorniz¹⁵.

Recapitulando sobre a información que acabamos de ofrecer, resulta que as tres mulleres escarnecidás nalgunhas das máis antigas cantigas satíricas recollidas dos nosos cancioneiros trobadorescos viñan portendo con Fernan Eanes Battissela: a súa madrasta María Paez a Ribeiriña (a identificación está agora en dúbida), a súa cuñada Elvira Eanes (irmá da súa dona), e a súa curmá María Rodriguez Codorniz. Neste último caso, é de sinalar tamén o vencellamento coa casa de Rodrigo Gomez de Trastámar, á que doutra banda se refire (con mención expresa da esposa deste), outra composición máis. O menos que se pode dicir desta trama de relacóns é que resulta dabondo suxestiva do papel de certas familias nobres de Galicia no acollemento da lírica trobadoresca.

14. O pai de Rodrigo Gomez de Trastámar, o conde Gomez González, ao parecer estivera casado cunha tía paterna de Fernando Eanes Batisela, chamada María Fernández, aínda que non está claro se esta foi a nai de don Rodrigo (López Sangil 2005: 153, n.). En todo caso, esta relación reforzaría o parentesco entre Fernando Eanes Batisela e Rodrigo Gómez de Trastámar.

15. María Rodriguez Codorniz acabaría aparentada coa liñaxe dos Mariño. Pola súa banda, Johan Bezerra figura a carón de Rodrigo Gomez de Trastámar en documentos labrados na década dos 50.

Para rematar, fixaremos por un intre a nosa atención en Rodrigo Gomez de Trastámarra: tratábase do cabezaleiro da liñaxe más poderosa de Galicia durante o século XII (López Sangil 2005), portiña con algunas das principais familias aristocráticas de Castela, León e Portugal, varias delas implicadas na recepción da lírica cortesá occitana no centro-occidente da Península —os Cameros, os Haro, os Telles de Menseses, os Mendez de Sousa (Michaëlis de Vasconcelos 1904, II: 317)— e el mesmo foi o principal magnate do reino ata o seu pasamento ca. 1261. En definitiva, existen indicios moi reveladores que apuntan ao papel clave da corte de Rodrigo Gomez na acollida, aclimatación lingüístico-cultural e difusión da lírica trovadoresca no noroeste da península (Vieira 1999)¹⁶.

Tornando agora ao comezo da nosa digresión, coidamos ben fundada a conjectura de que na corte de Afonso IX a experiencia da escrita literaria en romance, e máis particularmente en galego, non só non debía ser desconecida, senón que foi intensamente promovida, cando menos a partir de ca. 1220, e o mesmo podemos dicir da corte de Rodrigo Gomez de Trastámarra e dalgúndhas pequenas cortes señoriais do centro e sur de Galicia, cun papel aparentemente sobranceiro da área inmediatamente ao norte da cidade de Ourense, nas terras de Aguiar, Búbal, Orcellón e Asma. Secomasí, non disponemos de datos precisos que permitan concretar a relación entre o cultivo do galego en composicións literarias e a súa emerxencia na escrita instrumental.

Sabemos que probablemente por efecto do marco diglósico latín/vulgar, no imaginario (socio)lingüístico medieval estaba vixente unha ríxida distinción de estilos de discurso, á que se asociaba o emprego de modalidades idiomáticas distintas, e de aí a tendencia a adscribir determinados xéneros literarios a certas linguas (Monteagudo 1999: 89-93). Quizais a rixidez dessa asociación foi suficiente para bloquear durante un tempo a transferencia desde o ámbito da poesía lírica ao da prosa instrumental ben do uso do idioma romance ben das solucións gráficas adoptadas. O que resulta difícil de admitir, mesmo que carezamos de evidencias palpables, é a presuposición de que ese bloqueo se mantivo incólume ata a segunda metade do século XIII, de xeito que en ningún momento se tería producido ningún tipo de transferencia ou contaminación dun ámbito ao outro. Xa que logo, paréce-

16. De resto, tamén é posible establecer cun grao razonable de confianza a conexión doutros trovadores co magnate galego Rodrigo Gomez Trastámarra, tales como Pero Garcia de Ambroa, Nuno Fernandez de Mirapeixe ou Joan Lopez de Ulloa (Vieira 1999: 148); pero estes nomes remíntennos a un ámbito xeográfico distinto ao sur de Galicia (o centro-norte do país), e os contactos producironse probablemente a finais da terceira ou durante a cuarta e quinta décadash do século.

nos altamente cuestionable o suposto de que a emerxencia do cultivo do romance na prosa instrumental se efectuou de xeito absolutamente independente da consolidación e extensión do cultivo do mesmo na poesía.

Velaí unha razón máis para mirar con outros ollos os tenteos primeiros do uso do romance en prosa que manifestan unha *scripta* en avanzado estado de elaboración: non só existía a posibilidade de que un medio cultivado e con recursos (como unha oficina real) tomase emprestadas solucións de variedades romances coas que estaba en contacto e que se atopaban nun estadio máis avanzado do proceso de elaboración da correspondente *scripta*, mais tamén se podía experimentar transvasando cara á prosa instrumental solucións probadas na escrita poética.

3.5. Cabo. Sobre a emerxencia da escrita romance en Galicia

Á luz do que levamos dito consideramos escasamente convincentes liñas de argumentación como a seguinte, referida á hipótese de que o foral do Burgo de Caldelas fose redactado en romance (galego) nunha data tan temprá como 1228, e co nivel de elaboración de *scripta* que salta á vista á primeira ollada:

é anacrónico pensar que nessa altura umha parte da comunidade (discursiva) galega pudesse demandar umha versom vernacularizada para ese foral. Relembre-se que em 1228 no reino galaico-leonés vigorava sem excepcions conhecidas o código de *scripta* latino(-románico), de feito até 1231 nom foi localizado qualquer documento no novo sistema gráfico galego-português. Existe, portanto, umha importante antinomia na hipótese lanzada: como é que os ‘veciños’ de Castro Caldelas poderiam ter interesse por umha práctica escritural (romance) que em 1228 (ainda) nom existia? (Souto Cabo 2006: 30).

Estamos perante unrazoamento circular. Se o foral do Burgo de Caldelas foi redactado en romance na data sinalada —*quod erat demonstrandi*— daquela xa non é certo que na altura vigorase sen excepcions o código de *scripta* latino(-románico); mentres que a única maneira que temos de determinar ata cando vigorou *sen excepcions* ese código de *scripta* é xustamente verificando cando aparecen as primeiras excepcions. Se o foro se escribiu en romance na data en discussión, isto é un indicio razoable de que algúns veciños (entre as elites locais, obviamente) tiñan interese por unha práctica escritural que dalgunha maneira coñecían, e que por tanto dunha ou outra maneira esta debía existir. Endebén, a práctica escritural que eles puideron coñecer non tiña por que existir previamente *en galego* (esta presuposición si que podería resultar anacrónica) *e/ou naquel tipo concreto de texto*: de fei-

to, se así fose, xa non estariamos perante a primeira tentativa. Con ese tipo de razoamento, simplemente nunca poderíamos admitir unha primeira tentativa, dado que cando esta presuntamente se produciu, non existía a novedade de que supón esa nova tentativa... e así seguiríamos en bucle *ad infinitum*.

En realidade, non é posible determinar *a priori* cando deixa de ser anacrónica a hipótese de que unha parte dunha comunidade discursiva mostra-se interese nunha versión vernacularizada dun texto ou nunha determinada práctica escritural: un xuízo deste tipo só posible fundalo nos datos de que dispoñemos previamente. Pretender o contrario é pedirlle á realidade que se conforme coa teoría (ou co preconcepto), no canto de adaptar a teoría ao noso coñecemento da realidade.

No caso aquecente, os axentes da innovación —o grupo de veciños de Caldelas que solicitan o foro, escribán que o redacta, responsables da chancelaría que validan, e no seu caso, o propio monarca— puideron tomar exemplo dunha experiencia coñecida que fose verificada nunha variedade romance próxima (por caso, o leonés ou o castelán) e nun tipo de texto semellante (un texto foral da mesma familia, coma o de Avilés). Doutra banda, tamén podían coñecer textos escritos en vulgar galego, pero adscritos a un subtípo xenérico diferente (acaso, cantigas trobadorescas). Estamos a discutir a hipótese dunha innovación, xa que logo, por definición estamos a tratar de algo que (ata onde sabemos) non se fixo antes; pero debemos de ter en conta que a innovación non é absoluta, non se trata dunha invención *ex nihilo*. A orixinalidade puido consistir en combinar o coñecemento dun fenómeno dun ámbito (a chancelaría leonesa custodiaba o Tratado de Cabreros, diploma real en romance; os veciños de Caldelas podían saber dun texto foral en romance, como acabamos de sinalar) coa noticia doutro fenómeno nun ámbito distinto pero relacionado (a escrita en romance galego noutro xénero de discurso), para producir algo (relativamente) inédito.

Non pretendemos que a devandita argumentación sexa probatoria e menos aínda concluínte, só queremos pór de vulto a inanidade de obxeccións do estilo da exposta, ao tempo que suxerimos unha posible explicación para un fenómeno que, de certo, polo seu carácter extraordinario esixe unha explicación particular ben convincente.

Como antes apuntamos, o noso coñecemento do proceso de emerxencia do romance galego incrementouse notablemente nos últimos anos. Cando nós mesmo realizamos, hai máis de vinte anos, un estudo sobre o uso escrito do galego, castelán e latín na Idade Media (Monteagudo 1985) careciamos de calquera pescuda sistemática en que estearnos, o cal nos desaconsellou daquela emprender unha abordaxe específica desta cuestión. Na actualida-

de, para realizar o presente estudo puidemos contar cos importantísimos contributos de R. Lorenzo (2004b), que considera de forma global a documentación galega do século XIII, e de A. Boullón Agrelo (2004 e 2005), que se concentra nos documentos do período propiamente primitivo, isto, anteriores a 1260¹⁷. Tamén se ten aproximado á cuestión J. A. Souto Cabo, cunha achega realizada a partir do citado traballo de A. Boullón, que aparece ampliada con referencia á documentación inédita e corrixido en determinados pormenores (Souto Cabo 2006)¹⁸.

Manexando os datos sobre o galego-portugués destes estudiosos e doutros que fomos citando, aos que engadimos os referentes ao astur-leonés que tamén deixamos consignados no lugar correspondente, elaboramos a táboa que aparece ao final destas liñas (táboa nº 4). Incluímos nela a producción primitiva galega, isto é, anterior a 1255, e os documentos luso-romances e astur-leoneses anteriores a 1250. Deixamos fóra, salvo excepción, os documentos alternantes latino/galegos en que a sección en galego é diminuta, e tampouco incluímos os latino-romances ‘borrosos’, pois veñen tratados na contribución de R. Gutiérrez e A. Cabana neste mesmo volume.

Con todo, para colocarmos esta información na debida perspectiva histórica, non pode esquecerse que o grosor p– or non decir a totalidade— da documentación anterior a 1250 que chegou a nós procede de fondos eclesiásticos, pois da Galicia anterior á metade do século XIV só sobreviviron arquivos catedralicios e monásticos; os (comparativamente) escasos documentos de orixe municipal, señorial ou en xeral laica que nos chegaron, foron praticamente sempre transmitidos a través dalgúnha institución relixiosa. Esta observación resulta especialmente relevante se se ten en conta que parece razonable conjecturar que, a falla do apoio dunha chancelaría rexia propia (galego-leonesa) a partir de 1230, o emprego do galego na escrita sería mellor, e probablemente antes, acollido polos señores e os burgueses ca polo clero.

Apoiándonos do conxunto de informacións que achegan os devanditos especialistas, propomos considerar o ano 1255 como o fito que marca unha nídia mudanza de rumbo na emerxencia da escrita en romance galego. A razón é moi sinxela, pois nese ano rexistramos non menos dunha ducia de do-

17. Aproveitamos para deixar constancia do noso agradecemento pola xentileza e xenerosidade de R. Lorenzo e A. Boullón, ao permitírenos manexar os seus traballos áinda inéditos, dárenos acceso aos seus materiais de base e resolvérenos máis dunha dificultade. O presente contributo é fondamente debedor do traballo destes dous colegas e amigos.

18. Achega de valor innegable, vén deslizada por un estilo de crítica impropio dun traballo académico. Non será posible sinalar eivas do traballo dun colega e discutir os seus puntos de vista, sen caer en descualificacións, esaxeros e obxeccións fóra de lugar?

cumentos plenamente romances, que aparecen redactados en dez lugares distintos, o que dá a medida da difusión que estaba atinxindo a innovación (Boullón 2004: 24-25; Souto Cabo 2006: 65): Santa Clara de Allariz, Santa Comba de Naves, Sobrado de Trives, Monforte, Ferreira de Pallares, Vilanova de Lourenzá, Lugo, Melón, Montederramo... A partir dese ano e ata 1260, rexístranse un mínimo de cinco documentos por ano (1256) e un máximo de trinta e dous (1259), nunha tendencia de incremento progresivo que se consolidará e acentuará na década seguinte.

Na táboa nº 4 bótase de ver a presenza de centros da Galicia estremeira (San Pedro de Montes, San Martín de Castañeira, Carracedo), oriental (Penamaior, Sobrado de Trives, Meira) e central (Allariz, Melón, Montederramo, Monforte, Lugo e Ferreira de Pallares) e a escaseza de testemuños da Galicia más occidental (San Salvador de Lérez, San Miguel de Oia). A isto pode contribuír a relativa maior cantidade de fontes documentais conservadas (e/ ou editadas) daqueles territorios, pero alén diso hai que ter en conta dous factores: (a) a procedencia centro-peninsular da innovación, que se veu internando en Galicia desde o oriente, (b) boa parte das áreas más poboadas da Galicia occidental situábanse baixo o señorío o a directa influencia da catedral de Santiago, que, polo que se ve, actuou como elemento claramente retardatario na recepción desa innovación.

En todo caso, antes daquel ano que acabamos de sinalar, 1255, a escrita en romance galego é episódica, mentres que de alí en diante tórnase moi más frecuente: unha, dúas ou como moito tres pezas por ano no lustro 1250-54, fronte ao total de aproximadamente setenta e cinco documentos no período 1255-59. Por tanto, nunha primeira ollada comparativa entre os datos de Galicia e os de Portugal, salta á vista que o punto de arranque do uso dunha escrita plenamente vernáculo ('autónoma' desde o punto de vista scriptolingüístico), aínda que modesto en frecuencia, é considerablemente anterior no territorio de aquén-Miño (*ca.* 1255) do que no de alén-Miño (*ca.* 1270).

Viremos agora a nosa atención cara á produción 'primitiva', isto é, anterior a 1255. Incluímos unicamente textos en galego plenamente romances (aínda que moitos deles presentan distintos graos de mestura ou alternancia de código co latín, leonés ou castelán), ata un total de vinte e un, coa seguinte distribución cronolóxica e espacial: Allariz (1228, 1244 e 1251; o de 1250 é basicamente latino cun pequeno treito en galego), Melón (1231 e 1233), Vilanova de Lourenzá (1232?), San Salvador de Lérez (1237), Lugo? (1239?), Penamaior (1241), Sobrado (1242-52 ca.), Ferreira de Pallares (1243 ca., 1247 e 1251), Oseira (1251), Castañeira-Zamora (1251-52), Meira (1251 e 1254), Oia (1253), Lugo (1253). Novamente, salienta a localización oriental (Castañeira, Lourenzá, Penamaior, Meira) e central (Allariz, Sobrado, Ferreira

de Pallares, Oseira, Melón, Lugo) dunha boa parte dos testemuños, áinda que neste período non falta representación do occidente de Galicia (Oia, Lérez). Salienta tamén o carácter marcadamente rural das comunidades en que se xeraron, coa excepción de Allariz e Lugo. A diocese compostelá, especialmente a cidade de Santiago e o señorío do arcebispo, parecen constituír baixuantes de resistencia fronte ao pulo do romance escrito.

Parece sensato relacionar a localización máis ben oriental dos primitivos centros de producción de galego escrito con outros elementos que apuntan no mesmo sentido, nomeadamente o emprego temperán do astur-leonés en mosteiros fronteirizos co dominio galego, e sobre todo o surto da escrita romance en tres centros monásticos ‘estremeiros’ xa sinalados, Carracedo, Castañeda e, particularmente, San Pedro de Montes. Queremos volver chamar a atención para o feito de que estes tres mosteiros pertencían á diocese de Astorga, da que tamén formaban as bisbarras norteorientais da actual provincia de Ourense (A Rúa, A Pobra de Trives e Viana do Bolo), veciñas deses mosteiros.

A emerxencia da escrita vernácula en Galicia tamén pode relacionarse coa aparición de escritos en astur-leonés ou *inter-romances* (galego-astur-leonés) nalgúns dos seus centros primitivos de producción. A isto parece apuntar, na nosa opinión dun xeito moi claro, a cronoloxía dos documentos en romance dos cartorios do mosteiro de Melón (un documento bilingüe leonés galego *ca.* 1228, os primeiros documentos en galego de 1231 e 1233), e Oseira (un documento en galego interferido de castelán ou leonés de 1251). Aconteceu algo semellante en Portugal? A información de que dispoñemos é insuficientemente precisa como para podermos aseguralo. No que atinxe a Galicia, parece razoable deducir do devandito que as tentativas primitivas de escrita instrumental en galego puideron verse aguilloadas (cando menos nalgúns lugares) polo exemplo de ensaios previos en astur-leonés, nunha onda expansiva que chegaría a Galicia polo levante e avanzaría pasenxamente cara ao solpor. Nesta liña, deixando á parte o feito de que figure como confirmante en numerosos diplomas reais en castelán, é interesante advertir que Rodrigo Gomez de Trastámara aparece como outorgante dunha carta en leonés datada en 1247 (AHN, Clero, c. 1738, nº 2; véxase Vieira 1999: 50), antes de xurdir como tal en calquera escritura en galego e— isto, a pesar de que sabemos que posuía notario propio (López Sangil 2005: 169-70).

Doutra banda, debe salientarse a relación que semella existir entre o emprego do romance nalgúns deses textos e varios aristócratas dos más empoleirados da Galicia coetánea. Isto sería máis visible se considerássemos tamén os textos do período 1255-1260. Por caso, destaca a asociación de Munio Fernandez de Rodeiro, que foi meiriño do rei Fernando III en Galicia, coa escritura en galego de 1247 (Ferreira de Pallares), e posteriormente con va-

rias do período 1255-60 (véxase por exemplo, Maia 1986, nº 19-22, datadas entre 1255 e 1258). Tamén chama a atención que o outorgante da carta en galego de 1253, a primeira nesta lingua da colección de Oia, sexa Fernando Anes (o antes amentado Fernando Eanes Batisela que confirma o foral de Caldelas), un dos magnates da Galicia meridional, do que xa sinalamos conexións con medios trovadorescos. Igualmente, non se pode deixar de traer a conto dous textos forais: o pacto de Alvaro Gonzalviz cos homes de Piñeiro trasladado no Tombo de Lourenzá (datado en 1243, Rodríguez González / Rey Caiña 1992: 126-27, en 1232, con bos argumentos, por Souto 2006: 37-38), e o foro outorgado por dona Toda aos habitantes de Vila Boa (Allariz), en 1244.

Noutro sentido, e ao fío destes documentos, hai que constatar que a distinción tipolóxica entre documentos probatorios e documentos dispositivos, que tan rendible parece resultar para o territorio portugués (onde a práctica totalidade da producción primitiva é de tipo probatorio) se revela de escasa utilidade para os textos producidos no territorio galego, pois aquí aparecen desde o inicio documentos en romance de tipo dispositivo.

Pero se o dito vale para o período primitivo, cando reparamos no momento da emerxencia (1255), non podemos deixar de pensar no probable influxo do comportamento da corte real castelá-leonesa, co impulso que estaba a dar ao romance castelán a través da chancelaría. Segundo agora a Lorenzo (2004b), comprobamos que a Galicia chegaron escrituras en vernáculo castelán (ao comezo con protocolo e escatocolo en latín, despois plenamente castelás) emanadas da chancelaría de Fernando III polo menos a partir de 1247: dese mesmo ano a Santiago (González 1983, vol. III, nº 746), de 1248 a todos os concellos de Galicia (*ibidem*, nº 765), de 1250 outra vez a Compostela (cinco documentos: *ibidem* nº 795, 796, 799, 800, 801), a Ferrol e mais a Tui (*ibidem*, nº 794), en 1252 de novo a Santiago.

A novedade tornouse rutineira baixo o reinado de Afonso X, cuxa chancelaría anegou Galicia de diplomas en castelán: o investigador que seguimos rexistra ata un total de vintecatro escrituras emanadas da Corte con destinatarios en Galicia entre o primeiro ano do seu reinado (1252) e o noso ano de referencia de 1255: en 1252 á catedral de Ourense e aos mosteiros de Carballeiro e Celanova, nese mesmo ano e 1254 a Sobrado, en 1255 á Coruña, Carboeiro, Celanova (catro documentos, Melón, Montederramo, Moraime, Santa Comba de Naves, Oseira (dous documentos), catedral de Ourense, Pedroso, Ribas de Sil, San Clodio do Ribeiro, Sobrado, Toxos Outes, san Mariño dos Piñeiros. Nese curto período, o Rei Sabio dirixiu non menos de dezaseis privilexios a Santiago, coa seguinte distribución cronolóxica 1252 (2), 1253 (4), 1254 (3), 1255 (7). O exemplo da chancelaría real tivo forzosamente que influír no pulo da escrita do romance galego neses anos, e marcar a pauta nas seguintes décadas.

En relación con isto, nun traballo que proximamente daremos a lume focalizamos a nosa atención no contributo dos notarios de concello e os notarios de designación real no surto da escrita vernácula na Galicia da segunda metade do século XIII. Pero eses son xa outros tempos, que levantan cuestións distintas ás tocadas na presente achega.

1212-1216	Bastuço	Portugal	(galego-)portugués	Noticia de Torto
1213	Belmonte	Asturias	astur-leonés	Floriano
1214	Coimbra	Portugal	(galego-)portugués	Test. Afonso II
1222	Villanueva de S. Mancio	Asturias	astur-leonés	García Arias
1227	Vega	Asturias	astur-leonés	García Arias
[1228]	Ribadavia (Tombo das Viñas)	Ourense	astur-leonés	Boullón 2004
[1228-1250]	Allariz	Ourense	galego(-portugués)	Foro de Caldelas
[1220-1230]	Santa María de Tarouquela	Portugal	(galego-)portugués	Souto 2003b
1230 ca.	Cáceres	Cáceres	leonés	Foro extenso
1230	S. Salvador de Oviedo	Asturias	astur-leonés	García Arias
1230	S. Pedro de Montes	Berzo	galego-leonés	
1231	Melón	Ourense	galego(-portugués)	Boullón 2004
[1232]	Vilanova de Lourenzá	Lugo	galego(-portugués)	Souto 2006
1233	Melón	Ourense	galego(-portugués)	Boullón 2004
1234	S. Salvador de Vairão	Portugal	(latino-)portugués	Martins nº 14
[1234-36]	Sobrado / Almerez (Ponteceso)	A Coruña	(latino-)galego	M. Salazar 1911
[1235]	Castelo Rodrigo	Portugal	leonés(-galego)	Foro extenso
1235	S. Pedro de Montes	Berzo	galego-leonés	Boullón 2004
1236	Sta. Eufemia de Ferreira de A.	Portugal	leonés	Martins nº 16
1237	San Salvador de Lérez	Pontevedra	(latino-)galego	Souto 2006
1238	S. Pedro de Montes	Berzo	galego-leonés	Boullón 2004
1238	Moreruela	Zamora	leonés	Rodríguez 1990
[1240]	Castelo Melhor	Portuga	leonés	Foro extenso
[1240]	Vilar de Donas	Lugo	castelán/galego	Boullón 2004
1241	Penamaior	Lugo	galego(-portugués)	Souto 2006
1241	S. Martín de Castañeira	Berzo	galego-leonés	Souto 2006
1241	[2] Toxos Outos	A Coruña	leonés	Lorenzo 2004b
[1241-47] [6]	S. Pedro de Montes	Berzo	galego-leonés	Boullón 2004
1242	Moreruela	Zamora	leonés	Rodríguez 1990
[1242-52]	Sobrado	A Coruña	galego(-portugués)	Boullón 2004
1243	San Pedro de Pedroso	Portugal	(galego-)portugués	Martins nº 17
1243	Toxos Outos	A Coruña	leonés	Lorenzo
[1243]	Ferreira de Pallares	Lugo	galego(-portugués)	Souto 2006
[1235-1244]	Arouca Portugal	(galego-)portugués		Souto 2003b
1244	Corniana	Asturias	astur-leonés	García Arias
1244	Allariz / Vilaboa (A Veiga)	Ourense	galego(-portugués)	Boullón 2004
1245	San Pelayo	Asturias	astur-leonés	García Arias
1245 [2]	Carracedo	Berzo	galego-leonés	Boullón 2004
1246	Melón	Ourense	leonés	Lorenzo
1247	Ferreira de Pallares	Lugo	galego(-portugués)	Boullón 2004
[1230-1250]	Viseu	Portugal	(galego-)portugués	Souto 2003b

Táboa nº 4. Cartas en romance nas áreas galego-portuguesa e astur-leonesa anteriores a 1250
(non incluímos a documentación editada por Staaff). Elaboración propia.

Nº	Data	Lugar	Arquivo
1	[1228-1250]	Allariz	Archivo Duques de Alba
2	1231, agosto, 25	Melón	AHN 1441 / nº 4
3	[1232]	Vilanova de Lourenzá	AHN, Clero, Tumbo 1044B
4	1233, febreiro, 4	Melón	AHN 1441 / nº 11
5	[1234-36]	Sobrado / Almerez (Ponteceso)	ARG nº 312
6	1237, abril, 17	S. Salvador de Lérez	AHN 1786 / nº 18
7	[-1240], decembro	Vilar de Donas	AHN, Ord. Mil. 390 / nº 199
8	1241, setembro	Penamaior	AHN 1216 / nº 9
9	[1242-52]	Sobrado	ARG nº 112
10	[1243]	Ferreira de Pallares	AHN 1216 / nº 9
11	1244, xaneiro	Allariz / Vilaboa	AHPOu Allariz C-6 / nº 1
12	1247, abril, 6	Ferreira de Pallares	AHN 1086 / nº 3
13	1251, abril, 14	Ferreira de Pallares	Muñoz y Rivero 1917, nº 29
14	1251, agosto, 2	Oseira	ACOu Oseira nº 675
15	1251, novembro, 27	Allariz / Sendín	AHPOu Allariz C-6 / nº 2
16	1251	Meira	Sponer 1932-34, nº 1
17	1251	S. M. de Castañeira	AHN 3566 / nº 13
18	1252	S. M. de Castañeira	AHN 3566 / nº 14
19	1253, abril	Lugo	AHN 1328 G / nº 5
20	1253, xullo, 8	Oia	AHN 1801 / nº 9
21	1254, setembro	Meira / Vilafranca	AHN 1134 / nº 20

Táboa nº 5. Producción 'primitiva' en galego(-portugués).

Elaboración propia. Fontes: Boullón 2004 e Souto 2006.

Notas e observacións sobre a táboa nº 5:

Unha discusión máis detallada dos criterios de clasificación e os problemas que presentan os textos incluídos na táboa aparecerá en Boullón / Monteagudo, no prelo. No entanto, téñase en conta:

- Nº 1. A data é insegura, quizais 1250ca. (Monteagudo, no prelo).
- Nº 3. Documento coñecido a través do seu traslado ao tombo de Lourenzá (ca. 1265), aceptamos a datación proposta por Souto 2006: 37-38.
- Nº 5. Souto 2006: 36-37, sospeita de que se trate dunha falsificación forxada no século xvii, pero a súa argumentación é escasamente convincente. Concretamente, no plano lingüístico, o rexistro é moi similar á do nº 6, editado polo mesmo autor, e que correspondería ao tipo de transición ou quasi-romance de que falamos no texto.
- Nº 7. Souto (2006: 24-26) desenvolve un razonamento plausible sobre a data do documento galego. Non aceptamos, en troques, a súa caracterización da lingua destre: "configuraçom linguística... castelhana com alguns elementos occidentais" (ídem, 26). Desde logo, non é apreciablemente máis castelá ca algún outro documento dos que o mesmo Souto inclúe no seu elenco, como os nº 11 (1251- Ferreira de Pallares) ou nº 12 (1251-Oseira).
- Nº 9. Documento trascurrido por Souto 2006, probablemente amalgamado co seu veciño na edición de Martínez Salazar (1911, nº III e IV).

- Nº 10. Aceptamos a datación proposta por Souto 2006: 38.
- Nº 13. Perdido o orixinal, só coñecemos o texto mediante a reproducción (manipulada) que ofrece Muñoz y Rivero.
- Nº 14. Este documento ofrece un caso claro de ‘alternancia de códigos’ castelán / galego.
- Nº 15. O rexistro lingüístico con mestura e alternancia latín / galego, lembra o dos documentos nº 5 e 6.
- Nº 16. Aceptamos a precisión cronolóxica de Souto 2006: 35. O orixinal está extraviado.
- Nº 17, 18. A diferenza da xeneralidade dos documentos destes anos procedentes dos conventos da área estremeira (Montes, Carracedo, Castañeira), estes dous están redactados nun galego notablemente focalizado.
- Nº 21. Sorprendentemente non incluído por Souto no seu inventario, a pesar de referirse a el no texto (2006: 48).

OS NOTARIOS E A LINGUA NOS COMEZOS DA ESCRITA DOCUMENTAL EN GALEGO

Ramón Lorenzo

Instituto da Lingua Galega (USC)

1. Como contribución a este Simposio decidín facer unha edición e un comentario lingüístico de dezaseis documentos de Montederramo¹, que van de 1257 a 1264 e que rematan todos con fórmulas diferentes, mais sempre co mesmo notario: “Pedro Gunçáuez, que a fez” 1.18, “P. G., notario, que a escriuío” 2.17, “P. G., notario, la iscriuío” 6.16, “Eu, P. G., que la iscriúj et meu sinal y faço” 7.14-15, “P. G. qui notuit” 3.15, 4.21, 5.16, “Eu, P. Gunçáuez, notariu de Caldelas, que a fige et meu sinno hi pugi” 8.22-23, 9.22, “Eu, P. Guncáuez, notariu público / ppúblicu de Caldelas / Caldelas, que esta carta fige e meu sinal hi fige” 15.13-14, 16.15-17 e outros cinco que o notario manda escribir a “Johán Eanes” 10.10-11, 11.11-12, 12.12-13, 13.13-14, 14.15-17. De todos eles levan un sinal, máis ou menos idéntico, os números 7, 8, 9, 14, 15 e 16 e no número 4 aparece ó final unha man e o antebrazo. Nun principio podemos pensar que se trata do mesmo notario, mais unha análise da letra dos diferentes textos fai ver que os documentos foron escritos por diversas mans. Alén dos que pudo escribir el directamente, hai outros que mandou escribir e por iso, áinda que sempre resulta problemático tratar de facer unha distinción entre os textos pola maneira como foron escritos, aventureime a facer a seguinte distribución. Parece que unha man escribiu tres documentos de 1257 (números 1-3), dúas mans diferentes escribiron dous de 1258 (números 4, 5), unha cuarta man escribiu dous de 1259 (números 6, 7), unha quinta escribiu unha carta partida por abc de 1260 (números 8, 9), unha sexta escribiu catro documentos de 1259 e un de 1263 (números 10-14) e, finalmente, unha séptima man escribiu dous documentos de 1264 (números 15, 16). Sexa certa ou non esta distribución, estes textos sérvenos para ver como se ía desenvolvendo a lingua a mediados do século XIII.

1. Todos eles pertencen á *Colección de documentos do mosteiro de Montederramo*, de próxima publicación (Lorenzo/Pérez [no prelo]).

2. As características destes documentos corresponden ás que se dan nouros textos galegos da mesma época. Estamos ante textos dos inicios da escrita sistemática en romance e por iso os escribáns e notarios ainda non están totalmente familiarizados coa nova situación e utilizan unha lingua con frecuentes latinismos, inclusive con frases nesta lingua, e con numerosas palabras que presentan un vocalismo ou grupos consonánticos non correspondentes ó romance. No presente comentario analizarei primeiramente as principais características gráficas, fonéticas e morfossintácticas dos documentos, despois referireime ós antropónimos e topónimos que conteñen e rematarei coa indicación das expresións latinas e latinizantes que inclúen.

3. GRAFÍA

A grafía destes documentos é idéntica á doutros textos galegos da mesma época.

3.1. Grafía de /i/. O normal é a grafía con *i*, como en *Agiín* 8.21, *auo-
encia* 6.4, *bispo* 3.10, *britar* 10.6, *Cima de Uila* 15.3-4, *Diagu* 15.13, *escriuir* 14.16, *filla* 5.2, *fillo* 4.18, *fillos* 3.2, *iscriuío* 2.17, 6.16, 10.10, 11.11, 12.13, 13.13, *iuíz* 5.13, *juíz* 8.20, 9.20, *Martín* 6.13, 10.8,10, 13.10,12, *mía* 2.2,5, 4.2,8, 7.6, 8.4, 9.4, 16.3, *notario* 2.17, *notariu* 8.22, 9.22, 15.13, 16.16, *perte-
ncias* 12.6, *recio* 1.9(2), 3.6, 4.7(2), 5.6(2), 6.6, *recio* 7.5, *prior* 4.15, *Rrauioso* 4.5, *Ualderriquia* 5.14, *uirem* 6.1, *virem* 7.1, *uiron* 1.17, *uirom* 2.16, etc. Pero hai bastantes casos de *j* e *y*. A grafía *j* podémola ver en *abrlj* 14.9, *Agiín* 5.14, 9.21, 16.15, *Aguijm* 3.2,4, *Aguijn* 7.5,13, 13.12, 14.14, *Domjngā* 3.3, 15.1, *Domjngez* 10.10, 11.10, 12.12, 13.13, 15.11, *Domjngo* 3.13, 8.20, 9.20, *Fijz* 6.15, *iscriuj* 7.15, *jno* 2.9, *Martjn* 4.17, 11.8,10, 12.10,12, 15.12(2), *mja* 16.9, *mjas* 16.10, *mijsmo* 1.8, *mjn* 2.5, 8.9,15(2), 9.9,14,15, *recio* 6.5, *Rjuu* 1.7, *Samartjno* 4.17, *Sancij* 15.13(2), *ujrem* 4.1, *ujron* 3.15 e inclusive en *fuj* 14.16 e *mujtos* 1.17, 3.15, 4.20, 6.15.

3.1.1. A grafía *y* é moi frecuente como segundo elemento dun ditongo, como en *Pay* 2.14(2), 10.9, 11.9, 12.11, *uay* 1.6, *vay* 1.7, *a pateyro* 2.14, *Ca-
rreyra* 3.13, *carreyra* 11.5, *caualeyro* 1.15, 5.15, *celareyro* 4.16, *comparey* 4.5, *dereyto* 16.6, *dereyturas* 9.10, *ferreyro* 2.14, *feuereyro* 5.9, 8.2, *feyta* 15.7, *ffrey* 4.3, 6.3, 7.3, 10.3, 11.3, 12.3, 13.3, *leyra* 4.5, *mandey* 14.16, *meyrino* 1.13, 8.18, *moesteyro* 2.4, *peyte* 5.8, *queyra* 1.10, 2.8, 3.8, 4.10, 5.8, 6.7, 7.8, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6, 14.8, *Queyroga* 4.19, *rey* 2.10, 3.8,10, 5.8, 6.10, 7.10, 8.16, 9.16, 13.8, 14.10, 15.8, 16.10, *rrey* 1.11, 2.9, 4.11,13, 5.10, 12.10, 15.6,10, 16.11, *rreynando* 2.10, *rreynaua* 15.8, 16.10, *reynos* 5.10, 7.10, 14.10, *rigeyro* 1.6, *Ueyga* 4.20, *Uiuéyz* 5.13, 6.13, *Uiuéy[z]* 8.21, *Boys* 12.7, 14.6, *foy* 1.4, 8.5,

14.2, *Rrogidoyro* 12.8, 14.5, *muytos* 2.16 e *Rruy* 4.19. Con todo, hai que indicar que nalgúns casos aparece *i* como segundo elemento, como en *Carpen-teiro* 8.6, 9.6, *Correicas* 8.22, 9.21, *dereituras* 8.10, *feuereiro* 9.2, *meirino* 2.12, 3.11, 4.14, 5.12, 6.11, 7.12, 9.18, 13.9, *moesteiro* 8.3.5,11,12,14, 9.3.5,11,14, *Moreira* 16.13, *mosteiro* 16.4,6, *pedreiro* 8.7, 9.7, *peite* 8.13, 9.13, 15.6, *preito* 2.4, 4.8, 8.13, 9.13, *queira* 15.6, *rreinaua* 8.16, 9.16, *Sueiro* 16.12, *Bois* 14.3, *foi* 9.5 e *fui* 5.5. Por outra banda, a grafía y aparece na forma medieval *y* 7.15 ou *by* 14.17, xunto a *hi* 8.23, 9.22, 15.14, 16.17, chega a casos de vogais en hiato, como en *oýrom* 2.17, 4.20 ou *oýron* 1.18, 3.15, 5.16, 6.16, e ocasionalmente tamén en *byspo* 1.12, 2.11. Ademais, é a grafía normal para a primitiva semiconsoante intervocálica en *alfayat* 14.15, *mayor* 1.13, 2.12, 3.11, 4.14, 5.12 e *juyo* 4.12, que alterna con *judio* 15.8. Desenvolvín con *y* a palabra *moyos* 16.7,8.

3.2. Para a representación do /λ/ alternan *ll* e *l*. Aparece *ll* en *Abbelom* 6.13, *Allariz* 14.13, *Anillo* 10.9, 11.9, 12.11, *Caruallos* 12.5, *filla* 5.2, 14.2, *fi-las* 13.2, *fillo* 4.18, 14.3, *fillos* 3.2, 4.3, 5.5, 13.2, *Jullão* 10.2, *muller* 7.6, 10.2, 11.2, 12.2, 14.2. Aparece *l* en *aléa* 3.7, *alena* 2.8, *melor* 15.7 e *muler* 2.2,5, 4.2, 5.5, 8.6, 9.6, 16.3.

3.3. Tamén alternan *l* e *ll* para representar /l/, se ben é moito más usual *l*, como vemos en *alo* 1.7, 2.3,6(2), 4.9, 6.3, 10.3, 11.3, 12.4, 13.3, 14.4, *alos* 12.5, *aqueles* 2.5, *Bertólez* 3.14, *Caldelas* 1.12, 2.11, 3.11, 4.14, 5.11, 6.11,12, 7.11, 8.3,17,20,22, 9.3,17,20,22, 13.9, 14.11,16, 16.16, *Capelo* 1.16, *capelán* 1.16, 2.15-16, *Castela* 14.10, *Castrelo* 2.3, *caualeyro* 1.15, 5.15, *Cela* 14.13, *celareyro* 4.16, *dámosuola* 5.6, *daquel* 4.4, *daquela* 5.7, *dárenlos* 16.7-8, *de-fendérnmola* 1.10, *del* 2.9, 3.8, 4.11, 5.8, 12.10, 15.6,10, 16.11, *dela* 4.9, 11.4, *delo* 16.8, *ela* 6.8, 13.7, *eles* 8.9, 9.9, *Galiza* 1.13, 2.12, 3.11, 4.15, 5.12, 6.11, 7.12, 13.10, 14.12, *mil* 14.9, *pela* 11.5, *pelo* 1.5,6, *pilitero* 14.15, *prelado* 1.14,15, 6.14, *quales* 7.5, *sóbrela* 5.3, *ssóbrela* 14.5, *tódoslos* 8.2, 9.2, *Ual do Nero* 16.12, *Ualderriquia* 5.14, *vila* 2.4, 4.6, 7.4, *Uila* 12.5, 15.4 e *uola* 7.8, 12.8, 14.8. Casos de *ll* en posición intervocálica aparecen en *Castella* 8.16, 9.16, 15.9, 16.10-11, *Caldellas* 15.13-14, *Galliza* 8.18, 9.18, 15.10, 16.12 e *uo-lla* 15.6; en posición final de palabra en *mill* 6.9, 13.14; en posición implosiva interna en *Calldelas* 15.9 e en posición inicial en *lla* 4.8 e *llo* 4.20.

3.4. Para a representación do /ɲ/ alternan, como é normal nos textos galegos, *n* e *ñ*. Temos *n* en *conoçuda* 1.1, 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 13.1, 14.1, *co-nuçada* 8.2, 9.2, 15.1, 16.1, *dineros* 1.17, *Johanino* 15.11, *Marina* 1.3, 3.3, 5.2,4, 6.2, 7.7, 14.2, *Martino* 2.13, *meirino* 2.12, 3.11, 4.14, 5.12, 6.11, 7.12, 9.18, 13.9, *meyrino* 1.13, 8.18, *Muozino* 10.8, 11.9, 12.11, *Samartino* 1.15, 8.19, 9.19, *Samartjno* 4.17, *tena* 8.10, 9.10 e *Uinas* 15.12. Temos *ñ* en *Caño-to* 13.12, *coñoçencia* 2.7, *Mariña* 8.6, 9.6, 15.2, *Martiño* 12.3, *teña* 4.8, *teñamo-s* 2.4, *uiña* 13.4 e *Viñas* 11.2.

3.5. Consoante nasal *n*. En posición final de palabra aparece unha consoante nasal plena que se pode representar graficamente por *n*, *m* ou por un trazo sobre a vogal anterior, o que levou a moitos investigadores a afirmar arbitrariamente que non existe a pronuncia /n/ e que só temos unha vogal nasal. A grafía con *n* está en *Agiín* 8.21, *Agijn* 9.21, 16.15, *ben* 1.9, 3.6, 4.7, 5.7, 6.6, 7.5, 10.5, 11.6, 12.7, 13.5, *dárenlos* 16.7-8, *don* 1.8, 11, 2.10, 3.10, 4.13, 5.10, 14, 6.10, 7.6, 10, 13.8, 14.10, *en* 1.11, 12, 13, 2.3, 4, 6, 7, 10(2), 11, 12, 3.4, 8, 9, 10(2), 11, 4.4, 5, 6, 8, 11(2), 12, 13(2), 14, 5.8, 9(2), 10, 11, 12, 6.4, 10(2), 11, 7.8, 10, 12, 8.4, 9, 10, 11, 13, 16(3), 17, 18, 9.4, 9, 10, 11, 13, 16(4), 18, 10.4, 6, 7, 12.5, 7, 9, 13.4, 8(2), 9, 14, 14.6, 8, 10(3), 11, 12, 15.3, 4, 6, 7, 8(2), 9, 10, 16.4, 10(2), 11(2), *fiquen* 2.5, *Martín* 1.14, 6.13, 10.8, *oyrón* 1.18, *San* 16.15, *un* 2.2, 14.9 e *ueſn̩k ón* 1.4. Con *m* aparecen *Abbellom* 6.13, *Aguijm* 3.2, 4, *atêm* 16.8, *diam* 16.6, *dom* 16.7, *fiquem* 9.10, *oyrom* 2.17, 4.20, *quem* 8.13, 9.13, *quitaqm* 14.3, *tem* 8.7, 9.7, *uenciom* 10.2, *virem* 3.1 e *uirom* 4.20. Tendo en conta a alternancia da grafía, nos casos en que aparece un trazo sobre a vogal, unhas veces transcribín a consoante nasal como *n* e outras como *m*. Puxen *n* en *Agijón* 5.14, *Aguijón* 7.5, 13, 13.12, 14.14, *algún* 1.10, 2.7, 3.7, 4.10, 5.7, 6.7, 7.7, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6, 14.7, 15.5, 16.8, *ben* 15.5, *capelán* 1.16, 2.15-16, *con* 3.2, 6.2, 8, 7.2, 6, 10.2, 11.2, 12.2, 5, 13.2(2), 7, 14.2, 3, *cun* 8.9, 14, 15, 9.9, 14, 15, 16.3, 5, *don* 1.12, 13(2), 2.11(2), 12, 13(2), 3.5, 10, 11, 12, 4.3, 13, 14, 15(2), 5.11(2), 12, 6.3, 10, 11(2), 7.3, 11(2), 12, 8.16, 17(2), 18, 9.16, 17, 18, 10.2, 3, 8, 11.3, 12.3, 13.3, 9(2), 10(2), 14.4, 11(2), 12, 15.8, 9, 10, *dun* 13.4, *foron* 1.14, 2.13, 3.12, 5.12, 6.12, 7.12, 8.18, 9.18, 10.8, 11.8, 12.10, 13.10, 14.12, 16.12, *forun* 15.11, *in* 4.8, 9, 12.5, *Joábn* 15.2, *Leborón* 11.4, *León* 8.16, 9.16, 14.10, 15.8, 16.10, *Martín* 10.10, 13.10, 12, *Martjn* 4.17, 11.8, 10, 12.10, 12, 15.12(2), *Meén* 5.15, *mjn* 2.5, 8.9, 15(2), 9.9, 14, 15, *oyrón* 3.15, 5.16, 6.16, *pan* 2.7, *San* 13.11, *uençón* 3.4, 4.3, 5.2, 7.2, *vençón* 6.2-3, *uiron* 1.17, 5.16, 6.15, *ujron* 3.15 e tamén en *do[n]* 9.17, 15.9. Puxen *m* en *agam* 8.8, 9.8, *comuem* 16.6, *dizem* 12.8, *dom* 16.2, 10, 11, 12, *uenciom* 11.3, 12.3, *uenq m* 13.3, *uirem* 1.2, 2.1, 6.1, 8.3, 9.3, 13.1, *virem* 7.1, 14.1, 15.1, 16.2, *ujrem* 4.1, *uirom* 2.16 e en *fi-quel[m]* 8.11.

3.5.1. En posición interna volve darse a alternancia na representación do /n/, mesmo ante *p* ou *b*, pois temos *n* en *anbos* 2.5, *anparados* 16.10, *anparar* 8.14, 9.14 e *senpre* 1.10, 6.8, 11.7, 13.7; *m* en *dezembro* 16.1, *ensembla* 16.2-3, *sempre* 3.9, 8.8, 14, 9.8, 14, 16.3-4, 9, así como en *cemteo* 16.7, *comuem* 16.6, *damme* 9.9 e *demamdar* 16.9. Abundan tamén outras palabras que teñen *n*, como *Affonso* 7.12, 16.10, *Afonso* 1.11, 13, 2.12, 3.11, 4.14, 6.10, 8.18, 13.9, 15.10, *Alfonso* 13.8, 15.8, *Alfonsu* 8.16, 9.16, 18, *andados* 8.2, 9.1-2, 16.1, *Andreu* 14.12, 14, 15.10, 16.12, 15, *defender* 8.12, 9.12, *defendérmola* 1.10, *ende[a]ntado* 15.10, 16.11, *Gong luó* 1.14, *presentes* 2.12-13, 3.12, 4.15, 6.12, 7.12, 8.19, 9.19, 10.8, 11.8, 12.10, 13.10, 14.12, 15.10, 16.12, *Sanchío*

16.13, *Sancij* 15.13(2), *Senra* 8.4, 9.4, *Senrra* 6.4, 10.4, *teendo* 9.17, *vendemos* 15.2 e *uendemos* 15.4. Por iso transcribín con *n* casos como *Affonso* 14.10,11, *Afonso* 2.10, 3.10, 4.13, 5.10,11, 6.11, *Alfonso* 7.10, *Andreu* 3.14, 4.18, 5.2,14, 7.2,6, *Anllo* 10.9, 11.9, 12.11, *conuento* 3.5, 4.4, 6.3, *Domjngo* 8.20, 9.20, *mandado* 12.13, *Méndez* 16.12, *Monte* 1.8, 2.3,6,13, 3.5, 8.4, 9.3, 16.4,6, *Ponte* 16.8, *Sancho* 4.15,16, 5.15, etc. e tamén *anpararuos* 6.8, 11.7, 13.7, *Canba* 4.19, 6.15, 10.10, 11.10, 12.12, 13.13, *Canbade* 8.19, 9.19, *Canpelou* 1.16, *conpla* 6.4-5, 10.4, *compramos* 7.7 e *Lanpaç* 4.2. Transcribín con *m* as palabras *damme* 8.9, *nouembrio* 7.9 e *setembro* 2.10.

3.6. Graña *qua-*. É moi frecuente que os textos medievais utilicen a graña latinizante *qua-*, que nalgúnhas zonas de Galicia se pronunciaba [kwa] e na maior parte do territorio [kal]. No textos medievais pode aparecer a graña con *c*, mais é minoritaria. Temos *qu-* en *quaes* 15.5, *quales* 7.5, *quanta* 3.4, 4.6, 6.4, 7.4,7, 10.4, 11.4, 12.4,7, 15.2, *quanto* 8.12, 9.12, *quantos* 1.2, 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 13.1, 14.1, 15.1, 16.2 e *quarta* 4.9. Tamén chega a aparecer en casos de [kol], como en *Quoto* 1.5,16 ‘Coto’.

3.7. Graña con *b*. Como en latín o *b* deixara de pronunciarse, o más frecuente é que as palabras que a levaban nesta lingua aparezan sen ela en romance, áinda que hai casos de conservación. Nos nosos documentos falta na palabra *ome* 1.10,17, 2.7,15, 3.7, 4.10, 5.7, 6.7, 7.8, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6,11, 14.7, 15.6, 16.9, *omes* 8.2, 9.2 e alterna en *herdade* 1.4, 2.3, 3.4, 4.6,11, 5.2,7,9, 6.4, 7.4,7,8, 10.4, 11.4, 12.4,7,9, 13.6, 14.5,8, 15.2-3,7 ou *erdade* 8.4,8(2),14, 9.4,8(2),14, 11.6. Tamén pode aparecer en palabras que non tiñan *b* en latín, como en *bi* 8.23, 9.22, 15.14, 16.17 e *hy* 14.17, xunto a *y* 7.15.

3.8. Cf. as grafías para /b/ e /β/ (§ 6.1, 6.1.1), /ʒ/ (§ 6.2.1), /ts/ (§ 6.2.2), /z/ e /s/ (§ 6.2.3).

3.9. Trazos superfluos por graña latinizante. Algo moi usual en determinadas palabras é que, por graña latinizante, leven frecuentemente un trazo sobreposto sen ningún valor fonético. Ocorre isto en *áño* 14.9, *áños* 6.9, 13.14, 16.1, *dóna* 16.3, *mill* 6.9, 13.14, *ome* 2.7,15, 3.7, 4.10, 5.7, 6.7, 7.8, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6,11, 14.7, 15.6, 16.9 ou *Sanchio* 16.13, formas que alternan con outras que non levan ningún trazo, como *ano* 2.7, 16.7, *como* 1.6(2),7, 11.5, *dona* 2.2, *mil* 14.9, *ome* 1.10,17 e *omes* 8.2, 9.2.

4. ABREVIATURAS

4.1. Nos textos podemos achar abreviaturas latinizantes, como ocorre en *Santisso* (escrito *scisso*) 1.5, *Santa* (escrito *sca*) 5.4 ou *Santiago* (escrito *sciago*) 7.14. Polo contrario, en contra do que ocorre na maior parte dos textos medievais, que utilizan con enorme frecuencia a abreviatura *dco*, *dca* para *dito*,

dita, cos plurais correspondentes, nos nosos textos aparecen as formas plenas, ben coa forma latina, como en *dicto* 8.5, 12.8, *dictos* 2.5, *dicta* 7.6, ben coa forma galega *dito* 9.5, 12, ben cunha forma medio romance *ditu* 8.11, 12, 9.11, 15.3 ou cunha forma que utiliza a abreviatura⁹, que en latín equivale a *us* e que en romance se tomou para representar *os*, que foi a lectura que adoptei en *ditos* 8.11, 9.11, se ben neste caso, tendo en conta a alternancia *dito / ditu* do notario, tamén se podería interpretar como *ditus*.

4.2. Outras abreviaturas dignas de mención son a utilización da abreviatura correspondente a *per* co valor de *pre* en *sempre* 8.8, 14, 9.8, 14, 16.3-4, 9, a abreviatura que corresponde a *que* co valor de *qu* en *qe = que* 16.6 e as formas *ān = ante* 6.9 e *vñ = vnde* 11.5. A abreviatura parecida a un 9 transcribina como *con* en 1.2, 2.2, 4.2(2), 5.2, 12.2, *comparey* 4.5, *compramos* 7.7 e *conuento* 1.8, 7.3.

4.3. Alén de todo isto, tamén é moi importante o uso de abreviaturas desaxustadas, particularidade que se dá con relativa frecuencia nos apelidos. Cando estes aparecen desenvolvidos, presentan, en xeral, a forma romance, mais cando están abreviados, adoptan moitas veces unha grafía latinizante que debe desenvolverse pola forma romance correspondente. Temos isto en *iobs = Eanes* 1.15, 2.14, 15, 3.13, 14, 4.18, 6.2, 14, 15, 7.13, 10.9, 10, 11.9, 11, 12.11, 12, 13.12, 13, 14.14, 16, *ioabs = Eanes* 16.15(2) ou *joabs = Eanes* 8.6, 21, 9.6, 21; *ūlsqz = Uaásquez* 10.9, 11.9-10, 12.11 ou *ūlqz = Uaásquez* 14.12, 14 e *płz = Páez* 10.2, 14.15. As formas plenas romances podémolas ver en *Eanes* 1.12, 16, 4.2, 8, 16, 5.15, 8.19, 9.19, *Páez* 4.5, 6.13, *Uaásquez* 1.3, 5, 5.13 e *Vaásquez* 4.2, 8.20-21, 9.20. Respectei as formas *Johane* 3.5, 6.3, 7.3, 12.2-3, *Jobane* 13.3, *Johanino* 15.11 e *Joábn* 15.2.

4.4. Unha dúbida preséntanola o adxectivo *público*, que aparece escrito de varias maneiras: *pblícu*, transcrito como *públicu* 15.13, *ppublū*, transcrito como *ppúblicu* 16.16, e *pplíco*, que podería considerarse grafía desaxustada e lerse *público*, pero que, tendo en conta que en textos latino-medievais aparece *puplicus*, resolvín como *púplico* en 14.15.

5. PARTICULARIDADES FONÉTICAS NO VOCALISMO

Empezarei por referirme ás alternancias que se dan entre determinadas vogais.

5.1. En primeiro lugar atopámo-la alternancia entre *e/i* en casos en que lles corresponde normalmente *e*, particularidade que se dá con bastante frecuencia nos primeiros textos. O normal é que aparezca a vogal *e*, que podemos ver, por exemplo, en *derecto* 4.10, 6.8, 11.7, *dereituras* 8.10, *dereytos*

16.6, *dereyturnas* 9.10, *desto* 3.6, *Eanes* (véxase § 4.3), *en* (véxase § 3.5), *endeantado* 14.11-12, 15.10, 16.11, *eno* 5.9, 8.5,7, 9.5,7, *esto* 1.7, 8.7, 9.7, *fige* 8.22, 9.22, 15.14(2), 16.16,17, *Guná luez* 1.18, 2.17, 3.15, 4.19,21, 5.3,16 6.16, 7.13,14, 10.11, 11.11, 12.13, 13.14, 14.7,15, *Guncáluez* 8.22, 9.22, 15.13, 16.16, *nomeado* 1.5,9, 3.6, 4.7, 5.6, 7.5, 15.5, *noméando* 6.6, 10.5, 11.5, 12.6, 13.5, 14.5, *parte* 1.6, *Rrodrígez* 5.15, 13.2,11, 14.13, *se* 1.10, 2.7, 3.7, 4.10, 6.7, 7.7, 10.6, 11.6, 12.8, 13.6, 14.7, 15.5, *Triues* 8.9,17, 9.9,17, *uener* 1.10, 2.7, 3.7, 4.10, 5.8, 6.7, 7.8, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6, 14.7, *vêer* 15.6. Tendo en conta isto transcribín con *e* *Domínguez* 15.11 e *Rodríguez* 14.14. Inclusive chega a aparecer *e* por *i* en *Carpenteiro* 8.6, 9.6.

5.1.1. Xunto a estes casos, hai outros nos que por latinismo ou por imprecisión se escribe *i* en lugar de *e*, como en *in* 4.8,9, 12.5, *inno* 4.12, *jno* 2.9, *iscriuñ* 7.15, *iscriuño* 2.17, 6.16, 10.10, 11.11, 12.13, 13.13, *pilitero* 14.15, *rigeyro* 1.6, *Rodrígiz* 8.21, 9.21, 15.11, 16.3, *si* 5.7. Algunhas outras formas con *i* poden deberse a esta mesma circunstancia, pero posiblemente se deban ó feito de que no galego medieval é frecuente a alternancia entre as dúas vogais nalgúnhas palabras. Isto pode valernos para *arcidiágõo* 1.12, *díam* 16.6, *mijsmo* 1.8, *pugi* 8.23, 9.22 e, especialmente, para *escriuir* 14.16 e *recibimos* 15.4, que son as formas que se impuxeron no galego.

5.2. En segundo lugar témo-la alternancia *o/u* en posición final. O normal neste caso é que aparezca *-o*, que é a terminación normal en romance, e por iso atopamos nos nosos textos as formas *Affonso* 7.12, 14.10,11, 16.10, *Afonso* 1.11,13, 2.10,12, 3.10,11, 4.13,14, 5.10,11, 6.10,11, 8.18, 13.9, 15.10, *ago* 9.4, *aio* 4.6, 7.4, *Alfonso* 7.10, 13.8, 15.8, *alo* 1.7, 2.3,6(2), 4.9, 6.3, 10.3, 11.3, 12.4, 13.3, 14.4, *Anllo* 10.9, 11.9, 12.11, *ano* 2.7, 14.9, 16.7, *ao* 1.8, 3.5, 8.3, 9.3, 16.6, *arcidiágõo* 1.12, *auoo* 5.4, *bispo* 3.10, 4.13, 5.11, 6.10, 7.11, 13.8, 14.11, *byspo* 1.12, 2.11, *Burgo* 1.15, 2.14,16(2), 6.13, 13.12, *Candaendo* 6.14(2), *Campelo* 1.16, *Cañoto* 13.12, *q pateyro* 2.14, *capto* 5.8, *Carpenteiro* 8.6, 9.6, *Castrelo* 2.3, *caualeyro* 1.15, 5.15, *celareyro* 4.16, *cemteo* 16.7, *clérigo* 1.16, 6.15, 10.9(2),10, 11.9,10(2), 12.11(2), *como* 1.6(2),7, 11.5, *conuento* 1.8, 3.5, 4.4, 6.3, 7.3, 10.3, 11.3, 12.4, 13.3, 14.4, *copto* 3.8, 10.6, 12.9, 14.8, *couto* 8.13, 9.13, 15.6, *deло* 16.8, *derecto* 4.10, 6.8, 11.7, *desto* 3.6, *deuo* 8.12,14, 9.11,13, *dezembro* 16.1, *dicto* 8.5, 12.8, *dito* 9.5,12, *do* 1.6,17, 2.15, 5.2, 8.2, 9.2, 13.11, 16.5,12, *Domjngo* 3.13, 8.20, 9.20, *dublo* 5.9, *endeantado* 14.11-12, 15.10, 16.11, *eno* 5.9, 8.5,7, 9.5,7, *esto* 1.7, 8.7, 9.7, *Exertedo* 1.6, *faço* 7.15, *ferreyro* 2.14, *feuereiro* 9.2, *feuereyro* 5.9, 8.2, *fezo* 14.17, *fillo* 4.18, 14.3, *Gonçaluo* 1.14, *inno* 4.12, *jno* 2.9, *Johanino* 15.11, *juio* 15.8, *Jullão* 10.2, *juyo* 4.12, *lo* 6.15, *llo* 4.20, *Lourenç* 13.11, *malldito* 2.8, *mandado* 10.11, 11.11, 12.13, 13.13, *marcio* 10.7, 11.8, 13.8, *marido* 7.2, *Martino* 2.13, *Martiño* 12.3, *meirino* 2.12, 3.11, 4.14, 5.12, 6.11, 7.12, 9.18, 13.9, *meyrino*

1.13, 8.18, *meo* 1.9, *mijsmo* 1.8, *moesteiro* 8.3,5,11,12,14, 9.3,5,11,12,14, *moestero* 2.3,6,7, 4.9, *moesteyro* 2.4, *mosteiro* 16.4,6, *Mouro* 2.15, 15.12, *moro* 4.4, *Muoçino* 10.8, 11.9, 12.11, *Nero* 16.12, *no* 10.7, 11.8, *nomçado* 6.6, 10.5, 11.5, 12.6, 13.5, 14.5, *nomeado* 1.5,9, 3.6, 4.7, 5.6, 7.5, 15.5, *nosso* 16.4, *notario* 2.17, 6.16, 10.11, 11.12, 12.13, 13.14, 14.7,15, *nouembrio* 7.9, *outro* 2.4, 4.11, *pago* 1.17, *pasamento* 2.4-5, 8.10, 9.10, *patrimonio* 7.4, *pedreiro* 8.7, 9.7, *pelo* 1.5,6, *pilitero* 14.15, *porto* 1.7, *precio* 7.5, 10.5, 11.5, *recio* 1.9(2), 3.6, 4.7(2), 5.6(2), 6.6, 12.6(2),8, 13.5(2), *recio* 6.5, *preq* 10.5, *preco* 15.4, *preito* 2.4, 4.8, 8.13, 9.13, *prelado* 1.14,15, 6.14, *púplico* 14.15, *quanto* 8.12, 9.12, *quito* 8.6, 9.6, *Quoto* 1.5,16, *Ramo* 8.4, 9.4, 16.4, *Rramo* 1.8, 2.3,6,13, 3.5, 4.4, 6.3, 7.3,6, 10.3, 11.3, 12.4, 13.3, 14.4, *Rrauioso* 4.5, *rregnando* 1.11, 3.10, 4.13, 6.10, 7.10, 13.8, 14.10, *rrenando* 5.10, *rreymando* 2.10, *rigeyro* 1.6, *Samartino* 1.15, 8.19, 9.19, *Samartjno* 4.17, *Sanchio* 16.13, *Sancho* 4.15,16, 5.15, *Santiago* 7.14, *Santisso* 1.5, *setembro* 2.10, *signo* 5.4, 6.5, *sinno* 8.23, 9.22, 16.5, *sino* 15.3, *Sismiro* 13.4, *ssobrelo* 14.5, *sogro* 5.4, *Souto* 5.2, *souto* 13.4, *Sueiro* 16.12, *teendo* 8.17, 9.17, 15.9, *tenendo* 1.12, 2.11, 3.11, 4.14, 5.11, 6.11, 7.11, 13.9, 14.11, *todo* 1.7, 8.7,18, 9.7,18, *Vaasco* 3.12, 4.16, 5.14, 8.21, 9.21, 13.11, 14.13, 16.13, *viso* 1.5. Tamén seguido do pronome en *quítoa* 8.4, 9.4 e *renúncoa* 8.4, 9.4.

5.2.1. Por outra banda, cando temos -os en posición final hai moitos casos coa terminación propia romance, como vemos en *alos* 12.5, *andados* 8.2, 9.1-2, 16.1, *anos* 6.9, 13.14, 16.1, *anparados* 16.10, *anpararuos* 6.8, 11.7, 13.7, *auemos* 10.4, 11.4, 13.4, *Caruallos* 12.5, *dárenlos* 16.7-8, *dictos* 2.5, *dos* 1.17, *fillos* 3.2, 5.5, 13.2, *muytos* 1.17, 3.15, 4.20, 6.15, *muytos* 2.16, *os* 8.10, 9.10, *outros* 1.17, 2.16, 3.14, 4.20, 5.15, 6.15, *pagados* 1.9, 3.6, 5.7, 15.5, *quantos* 1.2, 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 13.1, 14.1, 15.1, 16.2, *quitos* 5.7, *regnos* 1.11, 2.11, *reynos* 14.10, *todos* 1.11, 2.11, 4.13, 5.10, 6.10, *tódoslos* 8.2, 9.2, *uos* 14.5,6,7. Por esta razón, cando nos manuscritos se usa a abreviatura ⁹, decidín transcribila por os en *anbos* 2.5, *auemos* 1.4, 2.3, 3.4, 5.3, 6.4, 12.5,7, 13.4, 15.3, *auiamos* 16.4, *compramos* 7.7, *damos* 2.2, 7.6, 16.3, *dámosuola* 5.6, *darmos* 2.6, *demandauamos* 14.5, *dereytos* 16.6, *dineros* 1.17, *ditos* 8.11, 9.11, *fazemos* 3.3, 4.3, 5.2, 10.2, *ffazemos* 1.3-4, 6.2, 7.2, 11.2, 12.3, 13.2, 14.3, *fillos* 4.3, *mandamos* 14.6, *outorgamos* 16.3, *pagados* 4.7, 6.6, 7.5-6, 10.5-6, 11.6, 12.7, 13.6, *Pedrouços* 7.14, *recibimos* 15.4, *regnos* 3.10, 4.13, 6.10, 13.8, *reynos* 5.10, 7.10, *somos* 1.9, 3.6, 5.7, 15.5, *sumos* 6.6, 7.5, 10.5, 11.6, 12.7, 13.5, *teñiamos* 2.4, *todos* 7.10, 13.8, 14.10, *uendemos* 12.8, 15.4 e *vendemos* 1.7, 15.2.

5.2.2. Agora ben, igual que ocorre noutros moitos textos dos primeiros tempos, é bastante frecuente que aparezca a grafía con -u en posición final, o que mostra a inseguridade gráfica dos escribas e a tendencia a seguir escribindo coa terminación propia do latín, mesmo cando en latín remataba en -o

a palabra. Son os seguintes casos: *agu* 8.4, *Alfonsu* 8.16, 9.16, 18, *asusu* 11.4, 5, *bispu* 15.9, *Burgu* 4.17, 16.8, *clérigu* 15.12, 16.13, 14, 15, *desusu* 8.5, 9.5, 12.8, *dessusu* 8.12, 9.12, *Diagu* 15.13, *ditu* 8.11, 12, 9.11, 15.3, *du* 1.15, 2.14, 16(2), 4.17, 6.13, *Múogu* 4.16-17, *nossu* 1.4, 14.3, *nosu* 2.6, *notariu* 8.22, 9.22, 15.13, 16.16, *píublicu* 15.13, *ppíublicu* 16.16, *Rjuu* 1.7, *Rodrigu* 15.9-10 e *San Gurgu* 16.15. Esta tendencia latinizante tamén se dá en *sumus* 4.7, *cun* 8.9, 14, 15, 9.9, 14, 15, 16.3, 5 e *forun* 15.11. Malia aparece-la palabra *sumus*, transcribín a forma abreviada como *sumos* (cf. § 5.2.1) e tamén puxen *foron* en 1.14, 2.13, 3.12, 5.12, 6.12, 7.12, 8.18, 9.18, 10.8, 11.8, 12.10, 13.10, 14.12, 16.12 e *forom* 4.15.

5.2.3. En posición interior de palabra é normal que aparezca *o*, se ben debemos facer algunhas observacións. Unha delas é que atopamos palabras que utilizan *u* en posición tónica, normalmente por tendencia latinizante, como poden ser *dublo* 5.9, 7.8, *Múogu* 4.16-17, *sumus* 4.7, *sumos* 6.6, 7.5, 10.5, 11.6, 12.7, 13.5, *vnde* 11.5. Outra é que en posición átona aparece *u* por latinismo en *dublada* 4.11, 14.8, 15.7 e que, fronte a *Gonçalo* 1.14, atopamos *Gunçáluez* 1.18, 2.17, 3.15, 4.19, 21, 5.3, 16, 6.16, 7.13, 14, 10.11, 11.11, 12.13, 13.14, 14.7, 15 e *Guncáluez* 8.22, 9.22, 15.13, 16.16. Unha terceira é que noutros casos a alternancia *o/u* en posición átona interna é algo connatural á toda época medieval e por iso atopamos *conocuda* 1.1, 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 13.1, 14.1 e *conuça* *da* 8.2, 9.2, 15.1, 16.1. Alén deste caso, noutras formas que presentan alternancia na Idade Media entre as dúas vogais, os nosos textos teñen, por unha banda, só *muler* 2.2, 5, 4.2, 5.5, 8.6, 9.6, 16.3 ou *muller* 7.6, 10.2, 11.2, 12.2, 14.2, e, por outra, alternancia entre *logar* 1.5, 15.3, 7 e *lugar* 1.8, 3.6, 4.4, 12, 6.4, 7.4, 10.3, 11.4, 12.4, 13.4, 14.4, 5.

5.2.4. Fronte á tendencia a escribir *u* cando lle corresponde *o*, como contrapartida tamén podemos atopar palabras que levan un *o* cando lles corresponde *u*, ben en posición final, como *tscriuío* 2.17, 6.16, 10.10, 11.11, 12.13, 13.13, ben en posición interna, como *scomongado* 2.9 e *Uermóez* 3.13. Como caso contrario a *tscriuío*, mantén o ditongo o antropónimo *Andreu* en 3.14, 4.18, 5.2, 14, 7.2, 6, 14.12, 14, 15.10, 16.12, 15.

5.3. Non son estas as únicas alternancias vocálicas que nos aparecen nos textos, pois aínda podemos citar algunhas máis. Así, hai alternancia entre *o/e* en *seu* 13.11, *seus* 6.10, 7.10, 13.8, 14.10, 16.6 e *sou* 1.16, 17, 6.12, *sous* 1.11, 2.11, 3.10, 4.13, 5.10. Tamén alternan as preposicíóns *per* < PER e *por* < PRO, como vemos en *per* 1.11(2), 2.3, 6.7(2), 8.15(2), 9.14, 15, 10.11, 11.7(2), 11, 12.13, 13.6, 7, 13, 16.10 e *por* 1.8, 3.6, 4.6, 5.6, 6.5, 7.5, 7, 8.8(3), 9.8(3), 10.5, 11.5, 12.6, 8; sen embargo, na combinación co artigo só temos *pela* 11.5 e *pe-lo* 1.5, 6. Para os meses achamos formas con *o* final en *nouembrio* 7.9, *setembro* 2.10 e *dezembro* 16.1 e unha forma medio latinizada *outuber* 3.9. Como antropónimo aparece *Lope* 1.5.

5.3.1. Dentro da posible alternancia entre *a/e* aparecen, por un lado, as formas *Aras* 8.3,11,13, 9.3,11,13 e *Diagu* 15.13 e, por outro, *pera* 16.3 e *Secar de Boys* 12.7, 14.6 ou *Secar de Bois* 14.2-3. En hiato con *e* tónico permanecen as formas primitivas con *a* en *Candaendo* 6.14(2) e *taega* 2.7. Ademais, en lugar dunha forma con *u* na primeira sílaba, atopamos *Lemeares* 1.14, 15.3,11,12 e na posible alternancia *ei/i* para o topónimo rexístrase a forma con ditongo en *Queyroga* 4.19. Cf. *moesteiro / mosteiro* no § 5.7. Digna de mención é tamén a forma *Nauéoa* 16.8,14 para o actual *Navea*.

5.4. Ditongo *ou*. O ditongo *ou*, que procede sobre todo das combinacións -au-, -alt-, -oct-, está correctamente representado na maior parte dos casos, como podemos ver en *cousa* 1.1, 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 8.2, 9.2, 13.1, 14.1, 15.1, 16.2, *dou* 8.3,8,9,14, 9.3,7,9,14, *Lourenç* 13.11, *Mouca* 13.5, *Mouro* 2.15, 15.12, *Ourense* 1.12, 2.11, 3.10, 4.13, 5.11, 6.10, 7.11, 8.17, 9.17, 13.8, 14.11, 15.9, 16.11, *Outer Rrauioso* 4.5, *outorgamos* 16.3, *outro* 2.4, 4.11, *ou-tros* 1.17, 2.16, 3.14, 4.20, 5.15, 6.15, *outrosí* 8.6,15, 9.6,15, *outuber* 3.9, *Pedrouços* 7.14, *Pousada* 5.3, *Souto* 5.2 e *souto* 13.4. Xunto a estas formas debemos lembrá-lo caso de *couto* 8.13, 9.13, 15.6 < CAUTUM, que nalgúns documentos aparece coas formas supostamente latinizantes *copto* 3.8, 4.11, 10.6, 12.9, 14.8 e *capto* 5.8. No verbo *audire*, que deu primeiramente como resultado *outr*, os documentos galegos optaron maioritariamente pola redución a *oir*. Por iso temos nos textos *oyrom* 2.17, 4.20 e *oyron* 1.18, 3.15, 5.16, 6.16.

5.5. O ditongo *ei*. O ditongo romance *ei* ten diversas orixes, pois chégase a el por evolución do grupo latino -ct-, dos sufíxos -ariu, -eriu e doutros casos de “vogal + r + iode”, por perda de consoante intervocálica ou por analoxía. O normal desde os primeiros tempos é que o ditongo estea ben representado, coas grafías *ey* ou *ei*, como en *g pateyro* 2.14, *Carpenteiro* 8.6, 9.6, *Carreyra* 3.13, *carreyra* 11.5, *caualeyro* 1.15, 5.15, *celareyro* 4.16, *con-parey* 4.5, *Correicas* 8.22, 9.21, *dereituras* 8.10, *dereytos* 16.6, *dereyturas* 9.10, *ferreyro* 2.14, *feuereiro* 9.2, *feuereyro* 5.9, 8.2, *feyta* 15.7, *ffrey* 4.3, 6.3, 7.3, 10.3, 11.3, 12.3, 13.3, *leyra* 4.5, *mandey* 14.16, *meirino* 2.12, 3.11, 4.14, 5.12, 6.11, 7.12, 9.18, 13.9, *meyrino* 1.13, 8.18, *moesteiro* 8.3,5,11,12,14, 9.3,5,11,14, *moesteyro* 2.4, *Moreira* 16.13, *mosteiro* 16.4,6, *pedreiro* 8.7, 9.7, *peite* 8.13, 9.13, 15.6, *peyte* 5.8, *preito* 2.4, 4.8, 8.13, 9.13, *queira* 15.6, *queyra* 1.10, 2.8, 3.8, 4.10, 5.8, 6.7, 7.8, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6, 14.8, *Queyroga* 4.19, *rreinaua* 8.16, 9.16, *rey* 2.10, 3.8,10, 5.8, 6.10, 7.10, 8.16, 9.16, 13.8, 14.10, 15.8, 16.10, *rrey* 1.11, 2.9, 4.11,13, 5.10, 12.10, 15.6,10, 16.11, *rreynando* 2.10, *rreynaua* 15.8, 16.10, *reynos* 5.10, 7.10, 14.10, *rigeyro* 1.6, *Sueiro* 16.12, *Ueyga* 4.20, *Uiuéyz* 5.13, 6.13 e *Uiuéy/zl* 8.21. Xunto a estes casos maioritarios, atopamos unha serie de formas con outra solución gráfica, o que parece indicar que os escribas actuaban cunha tendencia latinizante ou tiñan cer-

tas dificultades na representación do novo ditongo. Isto indícano, por un lado, formas con -ec-, como *derecta* 4.10, 6.8, 11.7, *fecta* 3.9, *ffecta* 2.9, 4.12, 5.9, 6.8, 7.9, 10.7, 11.8, 13.7, 14.9, *pecte* 2.9, 3.8, 4.11, 7.8, 10.6, 12.9, 14.8, e, por outro, formas que teñen únicamente -e-, como *dineros* 1.17, *moestero* 2.3, 6.7, 4.9, *Outer Rrauioso* 4.5, *pilitero* 14.15 e *Uiuez* 2.16, 9.21.

5.6. Alternancia entre os ditongos *oi/ui*. No textos medievais é moi frecuente a alternancia entre os ditongos *oi/ui*, pero nos nosos textos esta circunstancia non se produce, posto que nuns casos optouse por *ui*, como en *mujtos* 1.17, 3.15, 4.20, 6.15, *muytos* 2.16 ou *Rruy* 4.19, e noutros por *oi*, como en *Rrogidoyro* 12.8, 14.5. É normal que non haxa alternancia en *Bois* 14.3 ou *Boys* 12.7, 14.6 e tampouco se dá nas formas da 1^a e 3^a persoas do perfecto do verbo *ser*. Para a 1^a temos *fuj* 14.16 e, posiblemente, *fui* 5.5. Para a 3^a aparece *foi* 9.5 ou *foy* 1.4, 8.5, 14.2. Por outro lado témo-la forma latinizante *octaua* 4.4. Cando as vogais están en hiato e non forman ditongo os textos distinguen entre *Roínda* 16.14 e *iúz* 5.13, 6.12 ou *juíz* 8.20, 9.20.

5.7. Vogais nasais. A desaparición do -n- intervocálico latino trouxo como consecuencia a aparición en romance dunha serie de vogais nasais e nos primeiros documentos en romance os notarios teñen certas dificultades para a representación do novo son. Isto vémolo reflectido nos nosos textos, onde podemos atopar ata catro posibilidades de presentación. Hai palabras que conservan o *n* intervocálico latino e isto pode deberse a latinismo ou a que se escribe *n* para indica-la nasalidade da vogal. Témolo en *alena* 2.8, *irmansas* 1.2, 3, *Maçaneda* 2.2, *Menéndez* 1.14, *tenendo* 1.12, 2.11, 3.11, 7.11, 14.11, *una* 2.7 e *uener* 1.10, 2.7, 3.7, 4.10, 5.8, 6.7, 7.8, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6, 14.7. A forma abreviada *tēndo* tamén a transcribín como *tenendo* en 4.14, 5.11, 6.11, 13.9. A segunda posibilidade é que apareza a vogal cun trazo sobreposto, que é o que se impuxo, como en *alēa* 3.7, *arcidiágōo* 1.12, *bā* 1.11, *bōas* 6.8, 8.15, 9.15, 11.7, 13.7, 16.10, *dúa* 4.5, 5.2, 3, 13.4, *Jullão* 10.2, *Migēez* 12.2, *nomēado* 6.6, 10.5, 11.5, 12.6, 13.5, 14.5 e *vēer* 15.6. A terceira posibilidade é a aparición da vogal sen ningún trazo, como en *cemteo* 16.7, *Meén* 5.15, *Meend'Eanes* 1.16 (escrito *meē deanes*), *Meéndez* 15.12, 16.2, 7, 13(2), *moesteiro* 8.3, 5, 11, 12, 14, 9.3, 5, 11, 12, 14, *moestero* 2.3, 6, 7, 4.9, *moesteyro* 2.4, *Múogu* 4.16-17, *nomeado* 1.5, 9, 3.6, 4.7, 5.6, 7.5, 15.5, *perteenças* 12.6 e *teendo* 8.17, 9.17, 15.9. Unha cuarta posibilidade pode estar na forma *Candaendo* 6.14 (2), actualmente *Candedo*, na que podemos interpretar que se representa a nasalidade da vogal co *n* desprazado. Con todo, hai que dicir que xa desde os primeiros tempos parece que pode haber formas totalmente evoluídas, como indican *Méndez* 16.12, *mosteiro* 16.6 e posiblemente *molsteiro* 16.4. Transcribín *Marfúiz* en 7.7.

5.7.1. No resultado do latín MĒA aparece únicamente a forma sen trazo de nasalidade: *mía* 2.2, 5, 4.2, 8, 5.2, 7.6, 8.4, 9.4, 10.2, 11.2, 12.2, 14.2, 16.3, *mja*

16.9, *mías* 1.2, 8.15, 9.15 e *mjas* 16.10. Pola contra, temos nasalización e consonantización en *MIHÍ* > *MÍ* > *mjn* 2.5, 8.9, 15(2), 9.9, 14, 15.

5.8. Encontro de dúas vogais iguais en hiato. Como era de esperar en textos da metade do século XIII, é moi frecuente o encontro e conservación de dúas vogais en hiato, debido á perda dunha consoante intervocálica, como ocorre en *aa* 1.6, 2.9, 3.8, 4.11, 5.8, 12.9, *Moaas* 5.5, *Saas* 16.5, *Vasco* 3.12, 4.16, 5.14, 8.21, 9.21, 13.11, 14.13, 16.13, *Uaásquez* 1.3, 5, 5.13, *Vaásquez* 4.2, 8.20-21, 9.20, *Meén* 5.15, *Meend'Eanes* 1.16, *Meéndez* 15.12, 16.2, 7, 13(2), *Migéez* 12.2, *perteenç as* 12.6, *seerdes* 16.9, *teendo* 8.17, 9.17, 15.9, *vēer* 15.6, *Agiín* 8.21, *Agiýn* 5.14, 9.21, 16.15, *Aguijm* 3.2, 4, *Aguijñ* 7.5, 13, 13.12, 14.14, *Fijz* 6.15, *mijsmo* 1.8, *Sancij* 15.13(2), *arcidiágôo* 1.12 e *auoo* 5.4. En lugar de *oo* temos *uo* en *Múogu* 4.16-17 e *Muozino* 10.8, 11.9, 12.11. Con todo, ocasionalmente pode haber xa crase vocálica, como en *á* 15.6, *Méndez* 16.12, *Páez* 4.5, 6.13 e *Pay* 2.14(2), 10.9, 11.9, 12.11. Tendo en conta as distintas soluciones para *Vaásquez* e *Páez*, transcribín as grafías desaxustadas como *Uaásquez* 10.9, 11.9-10, 12.11, 14.12, 14, fronte a *Páez* 10.2, 14.15. Como non tiña ningún outro caso para comparar, puxen *Martíz* en 7.7 e *morauidís* en 2.9, 3.8, 4.11, 5.9, 7.9, 8.13, 9.13, 10.7, 12.10, 15.7. Cf. a conservación do -*n*- en *irmanas*, *Menéndez*, *tenendo* e *uener* no § 5.7.

5.9. Contracción da preposición *a* co artigo. Como acabamos de ver, o normal nos primeiros tempos é que non se produza a asimilación da preposición *a* á forma *a* do artigo (cf. *aa* no § 5.8) e tampouco á forma *o* e por iso temos *ao* 1.8, 3.5, 8.3, 9.3, 16.6. Con todo, ocasionalmente, podemos atopar xa as formas contraídas en *á* 15.6 e *ó* 16.4. Como particularidade debo indicar a presenza da fórmula *a conuento* 7.3, que corrixín para *alo* *conuento*, ainda que se documenta noutros textos medievais. Como arcaísmo aparece a forma *alo* (cf. § 6.7.1).

5.10. Elisión de vogal. É moi frecuente a elisión da vogal *e*, tanto en formas nas que hoxe se segue practicando na lingua escrita coma noutras nas que actualmente se evita na lingua literaria e segue sendo usual na fala, como en *da* 2.8(2), 3.7(2), 14, 4.4, 7.13, 8.6, 9.6, 14.4, 13, 14, 16.9, *das* 11.2, 15.11, *do* 1.6, 17, 2.15, 5.2, 8.2, 9.2, 13.11, 16.1, 5, 12, *du* 1.15, 2.14, 16(2), 4.17, 6.13, *dos* 1.17, *del rrey / rey* 2.9, 3.8, 4.11, 5.8, 12.10, 15.6, 10, 16.11, *dela* 4.9, *deste* 1.9, 2.6, 4.7, 5.6, 6.6, 10.5, 12.6, 13.5, *desto* 3.6, *desse* 1.8, 3.5, 4.4, 6.4, 7.3, 10.3, 11.4, 12.4, 13.4, 14.4, *daquel* 4.4, *daquela* 5.7, *dúa* 4.5, 5.2, 3, 13.4, *dun* 13.4 ou en *d'abril* 14.9, *d'Agiín* 8.21, *d'Agiýn* 9.21, 16.15, *d'Aguijm* 3.2, *d'Aguijñ* 7.5, 13, 13.12, 14.14, *d'Anillo* 10.9, 11.9, 12.11, *d'auoenq* 10.4 e *d'auoencia* 6.4. Cf. a redución dos nomes de persoa seguidos do apellido no § 7.13.1.1-3.

5.11. Falta o *e* final en *alfayat* 14.15 e o *e* inicial en *scomongado* 2.9 < EX-COMMUNICATU, así como en *sta* 5.4 < STAT.

6. PARTICULARIDADES FONÉTICAS NO CONSONANTISMO

Para o consonantismo indicarei as principais características dos textos.

6.1. Oposición /b/ - /β/. Nos primeiros tempos temos unha oposición fonolóxica entre /b/ - /β/, que se mantén sistematicamente nos textos estudiados e o único destacable é a representación de cada un dos fonemas. Para /b/ temos, en xeral, a grafía *b*, como en *abade* 1.7, 17, 2.15, 3.5, 4.3, 7.3, 10.3, 11.3, 12.4, 13.3, *abrjl* 14.9, *anbos* 2.5, *ben* 1.9, 3.6, 4.7, 5.7, 6.6, 7.5, 10.5, 11.6, 12.7, 13.5, 15.5, *Bertólez* 3.14, *bispo* 3.10, 4.13, 5.11, 6.10, 7.11, 13.8, 14.11, *bispu* 15.9, *bôda* 1.11, *bâ* s 6.8, 8.15, 9.15, 11.7, 13.7, 16.10, *Bois* 14.3, *Bolmente* 10.9, 11.10, 12.12, *Boys* 12.7, 14.6, *britar* 1.10, 2.8, 3.8, 4.10, 5.8, 6.7, 8.13, 9.13, 10.6, *Burgo* 1.15, 2.14, 16(2), 6.13, 13.12, *Burgu* 4.17, 16.8, *byspo* 1.12, 2.11, *Cabras* 1.7, *Canba* 4.19, 6.15, 10.10, 11.10, 12.12, 13.13, *Canbade* 8.19, 9.19, *dezembro* 16.1, *dublada* 4.11, 14.8, 15.7, *dublo* 5.9, 7.8, *Leborín* 11.4, *nouembrio* 7.9, *recibimos* 15.4, *saber* 16.6, *sóbrela* 5.3 e *ssóbrello* 14.5. Tamén en *públicu* 15.13 e *ppúblicu* 16.16, xunto ó falso latinismo *púplico* 14.15. Con dobre consoante temos por latinismo *abbade* 6.3, 14.4 e por falsa latinización *Abbellom* 6.13.

6.1.1. Para /β/ domina totalmente a grafía *u* en calquera posición: *anpararuos* 6.8, 11.7, 13.7, *auemos* 1.4, 2.3, 3.4, 5.3, 6.4, 10.4, 11.4, 12.5, 7, 13.4(2), 15.3, *auiamos* 16.4, *auoenga* 10.4, *auoenç a* 6.4, *auoo* 5.4, *Caruallos* 12.5, *caualeyro* 1.15, 5.15, *comuem* 16.6, *conuento* 1.8, 3.5, 4.4, 6.3, 7.3, 10.3, 11.3, 12.4, 13.3, 14.4, *Coua* 7.13, *dámosuola* 5.6, *demandauamos* 14.5, *deuo* 8.12, 14, 9.11, 13, *Eluira* 2.2, 12.2, 16.3, *escriuir* 14.16, *feuereiro* 9.2, *feuereyro* 5.9, 8.2, *Gonçaluo* 1.14, *Guná luez* 1.18, 2.17, 3.15, 4.19, 21, 5.3, 16, 6.16, 7.13, 14, 10.11, 11.11, 12.13, 13.14, 14.7, 15, *Guncáluez* 8.22, 9.22, 15.13, 16.16, *iscriuío* 2.17, 6.16, 10.10, 11.11, 12.13, 13.13, *iscriuј* 7.15, *Nauéoa* 16.8, 14, *Noua* 14.14, *nouembrio* 7.9, *octaua* 4.4, *Rrauioso* 4.5, *rreinaua* 8.16, 9.16, *rreynaua* 15.8, 16.10, *Rjuu* 1.7, *Saluador* 4.19, 5.14, 15.3, *Triues* 8.9, 17, 9.9, 17, *Uaásquez* 1.3, 5, 5.13, 10.9, 11.9-10, 12.11, 14.12, 14, *Ual* 16.12, *Ualde-riquia* 5.14, *uay* 1.6, *uenciom* 10.2, 11.3, 12.3, *uenç m* 13.3, *uenç n* 1.4, 3.4, 4.3, 5.2, 7.2, *uendemos* 12.8, 15.4, *uener* 1.10, 2.7, 3.7, 4.10, 5.8, 6.7, 7.8, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6, 14.7, *Uermíez* 3.13, *Ueyga* 4.20, *Uila* 12.5, 15.4, *Uinas* 15.12, *uiña* 13.4, *uirem* 1.2, 2.1, 6.1, 8.3, 9.3, 13.1, *ujrem* 4.1, *uirom* 2.16, 4.20, *uiron* 1.17, 5.16, 6.15, *ujron* 3.15, *Uiuéyz* 5.13, 6.13, 8.21, *Uiuez* 2.16, 9.21, *uola* 7.8, 12.8, 14.8, *uolla* 15.6, *uós* 1.7, 3.5, 4.3, 5.4, 6.3, 7.3, 8.16, 9.15, 10.2, 11.3, 12.3, 13.3, 14.3, 15.2, 4(2), *uos* 8.14, 9.14, 14.5, 6, 7 e *uoz* 2.9, 3.8, 12.9, 15.6. En moitos menos casos os escribas usan a grafía *v*, que só está en *vay* 1.7, *Vaasco* 3.12, 4.16, 5.14, 8.21, 9.21, 13.11, 14.13, 16.13, *Vaásquez* 4.2, 8.20-21, 9.20, *vēer* 15.6, *venç* n 6.2-3, *vendemos* 1.7, 15.2, *vila* 2.4, 4.6, 7.4,

Viñas 11.2, *virem* 3.1, 7.1, 14.1, 15.1, 16.2, *viso* 1.5, *vós* 8.15, 9.15, 15.7, 16.9, *vos* 16.9 e *voz* 4.11, 5.8.

6.2. As sibilantes. Nas sibilantes, en xeral, mantense o sistema primitivo de xordas e sonoras, como é normal en textos do século XIII.

6.2.1. Este é caso da parella /ʃ/ - /ʒ/. Para a xorda /ʃ/ só temos *Exertedo* 1.6 e *Pixota* 5.15. Para a sonora /ʒ/ alternan as grafías *i* e *j* ante *a*, *o*, *u*, como en *aio* 4.6, 7.4, *ia* 2.5(2), 4.9, 5.7, 7.6, *iaz* 4.5, *Iobane* 4.3, 13.3, *iuíz* 5.13, 6.12, *seia* 1.2, 2.1.8, 3.1.8, 6.1, 7.1.9, 13.1, 14.1.6; *ja* 8.11(2), 9.11(2), *Joáhn* 15.2, *Johán* 1.8, 12.15(2), 16(2), 2.11, 15(2), 3.10-11, 12, 14, 4.14, 16, 17, 18, 5.1, 3.5, 11, 13, 6.11, 15, 7.11, 8.17, 19(2), 9.17, 19(2), 10.3, 9, 10, 11.2, 3, 10, 11, 12.3, 12(2), 13.9, 13, 14.3, 4.11, 13, 14, 16, 15.9, 16.11, 14, 15, *Jobane* 3.5, 6.3, 7.3, 12.2-3, *Johanino* 15.11, *juío* 15.8, *juíz* 8.20, 9.20, *Jullão* 10.2 e *juyo* 4.12. Rompen esta norma unhas cantas formas típicas da época dos inicios da escrita en romance que presentan a grafía *g* ante estas vogais, como son *agam* 8.8, 9.8, *ago* 9.4, *agu* 8.4, *San Gurgu* 16.15 e *sega* 8.2, 9.2, 15.1, 16.2. Ante *e*, *i* é normal a grafía con *g*, que vemos en *fíge* 8.22, 9.22, 15.14(2), 16.16, 17, *monge* 2.13, 13-14, 5.15, *pugi* 8.23, 9.22 e *Rrogidoyro* 12.8, 14.5. A única forma que presenta unha evolución diferente é *sea* 4.1.

6.2.2. Igual ocorre na parella /dz/ - /ts/. A sonora /dz/ aparece sempre representada por *z*: *dezembro* 16.1, *dizem* 12.8, *fazemos* 3.3, 4.3, 5.2, 10.2, *ffazemos* 1.3-4, 6.2, 7.2, 11.2, 12.3, 13.2, 14.3, *fazía* 8.5.7, 9.5.7, *fezo* 14.17, *Galiza* 1.13, 2.12, 3.11, 4.15, 5.12, 6.11, 7.12, 13.10, 14.12, *Galliza* 8.18, 9.18, 15.10, 16.12, *Muozino* 10.8, 11.9, 12.11. A xorda /ts/ represéntase de diversas maneiras segundo a vogal á que se une e a posición dentro da palabra. Ante *a*, *o*, *u* é normal a grafía *ç*: *auoença* 10.4, *a pateyro* 2.14, *conoça da* 1.1, 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 13.1, 14.1, *conuça da* 8.2, 9.2, 15.1, 16.1, *faç* 14.7, *faç* 7.15, *Gonçaluo* 1.14, *Gunçáluez* 1.18, 2.17, 3.15, 4.19, 21, 5.3, 16, 6.16, 7.13, 14, 10.11, 11.11, 12.13, 13.14, 14.7, 15, *Lanpaç* 4.2, *Lourenç* 13.11, *Maçaneda* 2.2, *Pedrouços* 7.14, *preço* 10.5, *quitaçom* 14.3, *Roç* 2.15, *uençom* 13.3, *ueñçlón* 1.4, *uenç* n 3.4, 4.3, 5.2, 7.2 e *venç* n 6.2-3. Pero tamén pode haber casos da grafía *c* ante estas vogais, como en *Correicas* 8.22, 9.21, *Guncáluez* 8.22, 9.22, 15.13, 16.16, *renúncioa* 8.4, 9.4 e *preco* 15.4. Ante *e*, *i* alternan as grafías *ç* e *c*, se ben é más frecuente a segunda: *auoenç a* 6.4, *coñocencia* 2.7, *perteenças* 12.6, *preç o* 7.5, 10.5, 11.5, *arcidiágoo* 1.12, *Cela* 14.13, *celareyro* 4.16, *cemteo* 16.7, *Cide* 8.19, 9.19, *Cima* 12.5, 15.3, *García* 1.13, 2.12, 3.12, 4.15, 17, 20, 5.12, 6.12, 7.12, 8.18, 13.10, 14.2.3, *marcias* 6.9, *marcio* 10.7, 11.8, 13.8, *precio* 1.9(2), 3.6, 4.7(2), 5.6(2), 6.6, 12.6(2), 8, 13.5(2), *recio* 6.5, *recibimos* 15.4, *Sancij* 15.13(2) e *uenciom* 10.2, 11.3, 12.3. Por iso transcribín *García* en 16.13(2). Un caso especial é *ch* en *Garchía* 9.18. En posición final de palabra é normal a grafía *z* para a xorda: *Allariz* 14.13, *Bertólez* 3.14, *Díaz* 3.11, 4.14, 5.11, 6.11, 7.11, 8.17, 20, 9.17, 20,

10.10, 11.11, 12.12, 13.9, 14.2,13, 15.9, 16.11, *Domjngez* 10.10, 11.10, 12.12, 13.13, 15.11, *Fernández* 2.14, 3.2,3(3), 4.18, 5.5,6, 7.13,14, *Ferrnández* 15.1-2, 16.14, *fez* 1.17,18, 5.3, *Fijz* 6.15, *iaz* 4.5, *tuíz* 5.13, 6.12, *juíz* 8.20, 9.20, *López* 1.2,3(2),15, *Martiíz* 7.7, *Meéndez* 15.12, 16.2,7,13(2), *Méndez* 16.12, *Menéndez* 1.14, *Migéez* 12.2, *Páez* 4.5, 6.13, 10.2, 14.15, *paz* 2.6, 4.8, 8.11, 9.11, *Pérez* 2.2, 3.14, 4.16, 5.5,13,14(2), 6.12,14, 7.2,4, 8.3,7,12,13-14,20, 9.3,7,11,13,20, 11.2, 13.11,12, 14.2, 15.2(2),12, *Rodríguez* 5.15, 11.2, 13.2,11, 14.13,14, *Rodrígiz* 8.21, 9.21, 15.11, 16.3, *Sánchez* 12.2, *Uaásquez* 1.3,5, 5.13, 10.9, 11.9-10, 12.11, 14.12,14, *Vaásquez* 4.2, 8.20-21, 9.20, *Uermóez* 3.13, *Uiuéyz* 5.13, 6.13, *Uitez* 2.16, 9.21, *uoz* 2.9, 3.8, 12.10, 15.6 e *voz* 4.11, 5.8.

6.2.2.1. De todos estes casos citados para /ts/ en posición interna destacañ unhas cantas palabras polo seu carácter arcaico. O normal é que os grupos latinos “-c + iode-” e “-t + iode-”, de non evoluíren á sonora /dz/ como no citado *Galiza*, *Galliza*, teñan como resultado a xorda /ts/, coa absorción do iode pola consoante ao producirse a palatalización. Por iso temos como formas propias *auoença*, *faq* , *faço*, *Lampaq* , *Lourenq* , *Maq neda*, *preq* , *preco*, *quitaçom*, *renúncoa*, *Roça*, *uenom* , *ueñk ón*, *uenón* e *venón* , citadas no parágrafo anterior. O que pasa é que, ao lado destas formas, aparecen outras nas que se conserva a vogal *i* por arcaísmo e proximidade ó latín, como son *auoençia* 6.4, *coñocencia* 2.7, *marcias* 6.9, *marcio* 10.7, 11.8, 13.8, *perteñencias* 12.6, *preç o* 7.5, 10.5, 11.5, *precio* 1.9(2), 3.6, 4.7(2), 5.6(2), 6.6, 12.6(2),8, 13.5(2), *recio* 6.5 e *uenciom* 10.2, 11.3, 12.3.

6.2.3. Algo diferente ás outras dúas oposicíons anteriores ocorre na oposición /s/ - /z/, que só se produce en posición intervocálica, pois neste caso é frecuente que se rompa a norma escrita, cousa común a outros textos. Para a sonora /z/ temos normalmente a grafía *s*, como en *asusu* 11.4,5, *casa* 5.3, *casar* 2.2,6, 4.4, 8.5,7, 9.5,7, 16.9, *casares* 2.5, 8.9,11,15, 9.9,11,15, *cousa* 1.1, 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 8.2, 9.2, 13.1, 14.1, 15.1, 16.2, *dessusu* 8.12, 9.12, *desusu* 8.5, 9.5, 12.8, *Pousada* 5.3, *presente* 14.16, *presentes* 1.14, 2.12-13, 3.12, 4.15, 5.12, 6.12, 7.12, 8.19, 9.19, 10.8, 11.8, 12.10, 13.10, 14.12, 15.10, 16.12, *quierer* 16.9, *Rrasa* 3.14, *Rrauioso* 4.5, *viso* 1.5 e *Teresa* 13.2. Esta norma só se rompe unha vez na forma *cassar* 16.4. Máis variedade térmola para a xorda /s/, pois algúns escribas usan indistintamente *ss* ou *s*. Esta alternancia vémola en *assí* 11.5, *desse* 1.8, 3.5, 4.4, 6.4, 7.3, 10.3, 11.4, 12.4, 13.4, 14.4, *dessusu* 8.12, 9.12, *essa* 2.4, 4.6, *esse* 8.5,11,12,14, *nossa* 3.7, *nossas* 6.8, 7.7, 11.7, 13.7, *noso* 16.4, *nossu* 1.4, 14.3, *Santisso* 1.5 e *asusu* 11.4,5, *desusu* 8.5, 9.5, 12.8, *ese* 9.4,11,12,14, *nosa* 1.11, 2.8, *nosu* 2.6, *outrosí* 8.6,15, 9.6,15, *pasamento* 2.4-5, 8.10, 9.10.

6.3. Evolución de -n- intervocálico. Xa indiquei ó falar das vogais nasais (§ 5.7; cf. § 3.5) que o -n- desaparece no paso do latín ó romance deixando nasalizada a vogal anterior, pero esta norma rómpese cando ó -n- segue en

posición final un *-e*, posto que neste caso cae o *e* final moi cedo e permanece a consoante nasal. Por iso nos nosos textos temos *Abbellom* 6.13, *ben* 1.9, 3.6, 4.7, 5.7, 6.6, 7.5, 10.5, 11.6, 12.7, 13.5, 15.5, *comuem* 16.6, *León* 8.16, 9.16, 14.10, 15.8, 16.10, *pán* 2.7, *quitaqm* 14.3, *tem* 8.7, 9.7, *uenciom* 10.2, 11.3, 12.3, *uençom* 13.3, *ue[nç]ón* 1.4, *uenq* n 3.4, 4.3, 5.2, 7.2 e *venq* n 6.2-3. Tamén desaparece a vogal e mantense a consoante en palabras que en latín eran proparoxítonas, como en *Domjnga* 3.3, 15.1, *Domjngó* 3.13, 8.20, 9.20, etc., *monge* 2.13, 13-14, 5.15, *Senra* 8.4, 9.4 e *Senrra* 6.4, 10.4, ou en palabras que tiñan varias vogais átonas antes da tónica, como en *scomongado* 2.9. Ademais, queda en posición final un *n* cando desaparece o *o* final nos nomes que van seguidos do apellido, como en *Martín* 1.14, 6.13, 10.8, 10, 13.10, 12 ou *Martjn* 4.17, 11.8, 10, 12.10, 12, 15.12(2), no posible occitanismo *capelán* 1.16, 2.15-16 e en formas reducidas que preceden a un substantivo, como *Meén* 5.15 e *San* 13.11, 16.15. Tamén desaparece a vogal final *-o* no derivado de *unu*, especialmente cando é numeral, como en *dun* 13.4, *un* 2.2, 14.9 e no composto *algún* 1.10, 2.7, 3.7, 4.10, 5.7, 6.7, 7.7, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6, 14.7, 15.5, 16.8, que aparece en lugar de *algūu* cando vai seguido dun substantivo.

6.4. O grupo latino *-nn-* simplifica e por iso temos *ano* 2.7, 14.9, 16.7 e *anos* 6.9, 13.14, 16.1, igual có grupo secundario *-mn-*, que deu o resultado *n* en *dona* 2.2, 16.3. Na forma masculina este grupo perde a vogal final cando é forma de tratamento que precede ó substantivo, como vemos en *dom* 16.7, *don* 1.8, 11, 12, 13(2), 2.10, 11(2), 12, 13(2), 3.5, 10(2), 11, 12, 4.3, 13(2), 14, 15(2), 5.10, 11(2), 12, 14, 6.3, 10(2), 11(2), 7.3, 6, 10, 11(2), 12, 8.16, 17(2), 18, 9.16, 17, 18, 10.2, 3, 8, 11.3, 12.3, 13.3, 8, 9(2), 10(2), 14.4, 10, 11(2), 12, 15.8, 9, 10 e *do[n]* 9.17, 15.9. No derivado de *JOHANNES* temos *Johane* 4.3, 13.3, *Jobane* 3.5, 6.3, 7.3, 12.2-3 e *Johanino* 15.11, xunto a *Joábn* 15.2 e a forma abreviada que interpretei como *Johán* en 1.8, 12, 15(2), 16(2), 2.11, 15(2), 3.10-11, 12, 14, 4.14, 16, 17, 18, 5.1, 3, 5, 11, 13, 6.11, 15, 7.11, 8.17, 19(2), 9.17, 19(2), 10.3, 9, 10, 11.2, 3, 10, 11, 12.3, 12(2), 13.9, 13, 14.3, 4, 11, 13, 14, 16, 15.9, 16.11, 14, 15, na que desapareceu o *-e* final, igual ca nos casos da terminación *-ne* latina. Tamén temos como resultado *n* no apellido *Eanes* 1.12, 16, 4.2, 8, 16, 5.15, 8.19, 9.19.

6.5. O *-l-* intervocálico latino ou doutra procedencia desapareceu no galego, como vemos en *auoenq* 10.4, *auoenq a* 6.4, *auoo* 5.4, *endeantado* 14.11-12, 15.10, 16.11, *San Fijz* 6.15, *Mámola* 1.6, *Migéez* 12.2, *Páez* 4.5, 6.13, *Pay* 2.14(2), 10.9, 11.9, 12.11, *Saas* 16.5, *taega* 2.7, *Vaasco* 3.12, 4.16, 5.14, 8.21, 9.21, 13.11, 14.13, 16.13, *Uaásquez* 1.3, 5, 5.13 e *Vaásquez* 4.2, 8.20-21, 9.20. O *-l-* consérvase cando se produciu a perda dunha vogal, como en *algún* 1.10, 2.7, 3.7, 4.10, 5.7, 6.7, 7.7, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6, 14.7, 15.5, 16.8, *Eluira* 2.2, 12.2, 16.3, *maldito* 2.8, *sinal* 7.15, 14.16, 15.14, 16.16 e na forma mediolatina *Michel* 16.14. Hai disimilación *l > r* e conservación da

consoante en LOCALE > *logar* 1.5, 15.3,7 e *lugar* 1.8, 3.6, 4.4,12, 6.4, 7.4, 10.3, 11.4, 12.4, 13.4, 14.4,5. Un caso particular é a conservación por latinismo en *quales* 7.5, fronte ó normal *quaes* 15.5. Tamén se conserva na palabra eclesiástica *prelado* 1.14,15, 6.14 e no apellido *Bertólez* 3.14.

6.6. En palabras que teñen grupos consonánticos con *l* mantense o gru-po nos cultismos *clérigo* 1.16, 6.15, 10.9(2),10, 11.9,10(2), 12.11(2), *clérigu* 15.12, 16.13,14,15, *dublada* 4.11, 14.8, 15.7, *dublo* 5.9, 7.8, *públicu* 15.13 e *ppúblicu* 16.16, así como no galicismo *ensembla* 16.2-3. Prodúcese rotacismo en *preito* 2.4, 4.8, 8.13, 9.13 e *Tegra* 5.4. O caso contrario de mudanza *r* > *l* está en *compla* (subst. ‘compra’) 6.4-5, 10.4.

6.7. A xeminada -ll- deu como resultado *l* en romance, como podemos ver en *aqueles* 2.5, *Caldelas* 1.12, 2.11, 3.11, 4.14, 5.11, 6.11,12, 7.11, 8.3,17,20,22, 9.3,17,20,22, 13.9, 14.11,16, 16.16, *Canpelo* 1.16, *capelán* 1.16, 2.15-16, *Castela* 14.10, *Castrelo* 2.3, *caualeyro* 1.15, 5.15, *Cela* 14.13, *celarey-ro* 4.16, *daquela* 5.7, *dela* 4.9, *ela* 6.8, 13.7, *eles* 8.9, 9.9, *Galiza* 1.13, 2.12, 3.11, 4.15, 5.12, 6.11, 7.12, 13.10, 14.12, *piltiero* 14.15, *vila* 2.4, 4.6, 7.4 e *Ui-la* 12.5, 15.4. Por tradición latina pode haber algúun caso coa grafía -ll-, como en *Castella* 8.16, 9.16, 15.9, 16.10-11, *Caldellas* 15.13-14 e *Galliza* 8.18, 9.18, 15.10, 16.12. O resultado *l* pode, ademais, aparecer en posición final debido á perda da vogal *e* final, como en *daquel* 4.4, *del* 2.9, 3.8, 4.11, 5.8, 12.10, 15.6,10, 16.11, *Ual do Nero* 16.12, *Ualderriquia* 5.14 e en *mil* 14.9, que alterna con *mill* 6.9, 13.14.

6.7.1. As formas latinas *ILLA*, *ILLU* do artigo e do pronome deron como resultado primeiramente *ela*, *elo*, despois pasaron a *la*, *lo* e finalmente simplificaron en *a*, *o*. Por iso temos para o artigo as formas *a* en 2.9, 3.8,9, 4.11,12, 5.9(2), 6.8, 7.8,9, 8.5, 9.5, 10.7, 11.8, 13.7, 14.8,9, 15.7, 16.8 e *o* en 8.7, 9.7, 16.4; para o pronome *a* en 1.18, 2.17, 8.22, 9.22, 14.16, *quítoa* 8.4, 9.4, *rení coa* 8.4, 9.4, *o* en 1.17(2), 2.16(2), 3.15, 5.15, 8.8, 9.8, 15.4 e os 8.10, 9.10. Os artigos *a*, *o* únense á preposición *a* nas combinacións *aa* 1.6, 2.9, 3.8, 4.11, 5.8, 12.9 e *ao* 1.8, 3.5, 8.3, 9.3, 16.6 e nas formas contraídas *á* 15.6 e ó 16.4. Particularidade importante é que por arcaísmo se produce a combinación da preposición *a* coa forma *lo* do artigo en *alo* + subst. 1.7, 2.3,6(2), 4.9, 6.3, 10.3, 11.3, 12.4, 13.3, 14.4 e *alos* 12.5 e que tamén aparece a forma *el* para o artigo en *el moesteyro* 2.4, *a el conuento* 4.4. Ademais, para o pronome pode aparecer-la forma primitiva con *l*-, como en *que lo uiron* 6.15, *la iscriúj* 7.15, *la iscriúño* 6.16, 10.10, 11.11, 12.13, 13.13, e mesmo con *ll*-, como en *que lla teña* 4.8 e *que llo uirom* 4.20. Para o obxecto indirecto atopámolo-a forma primitiva *les* ‘lles’ en 8.8,9, 9.7,8. Cf. a conservación das formas *lo*, *la* en asimilacións no § 6.11.

6.8. Grupo -d + iodé-. O resultado normal en romance é > /ʒ/, como vemos en *seial* 1.2, *seia* 2.1,8, 3.1,8, 6.1, 7.1,9, 13.1, 14.1,6, que aparece coa

graña *g* en *sega* 8.2, 9.2, 15.1, 16.2. Outra posibilidade de evolución é o paso á semiconsoante *y* e a desaparición, como en *sea* 4.1 e *meo* 1.9 < MEDIU. Para o derivado de MODIU desenvolvín a abreviatura como *moyos* en 16.7,8.

6.9. Grupo -n + iode-. O resultado máis normal en romance do grupo -n + iode- é a palatal /j/, como en *tena* 8.10, 9.10, *teña* 4.8, *teñamos* 2.4, *uiña* 13.4, *Uinas* 15.12 e *Viñas* 11.2. Pero no derivado de JUNIU, en lugar da forma *juno*, chegouse a un resultado coa semiconsoante -y-, moi típico dalgunhas palabras do galego medieval, e isto vémolo en *juyo* 4.12 e *juio* 15.8, se ben debemos chama-la atención sobre esta forma, posto que a este mesmo resultado se pode chegar desde o latín JULIU e na maior parte dos casos o texto non nos indica de cal dos meses se trata. Como cultismo aparece *patrimonio* 7.4.

6.10. Grupo -gn-. O grupo -gn- latino ten varias posibilidades de evolución. A más propia é o resultado /j/, que aparece en *coñocencia* 2.7, *coñoçuda* 1.1, 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 13.1, 14.1 e *conuña da* 8.2, 9.2, 15.1, 16.1. Por latinismo poden aparecer formas co grupo conservado, como *rregnando* 1.11, 3.10, 4.13, 6.10, 7.10, 13.8, 14.10, *regnos* 1.11, 2.11, 3.10, 4.13, 6.10, 13.8 e *signo* 5.4, 6.5. Unha segunda posibilidade é a asimilación *gn* > *nn*, como en *sinno* 8.23, 9.22, 16.5, e a redución a *n*, como en *rrenando* 5.10, *sinal* 7.15, 14.16, 15.14, 16.16 e *sino* 15.3. Finalmente, por influencia de *rei*, aparecen analoxicamente formas co ditongo *ei* seguido de *n* en *rreinaua* 8.16, 9.16, *rreyaua* 15.8, 16.10, *rreymando* 2.10 e *reynos* 5.10, 7.10, 14.10.

6.11. Asimilacións. As asimilacións que achamos son de varias clases. Unha delas é a de *r + l > ll > l*, que se dá en *pela* 11.5, *pelo* 1.5,6, *sobrelo* 5.3 e *ssobrelo* 14.5. Outra é a de *s + l > ll > l*, para a que atopamos nos textos as tres posibilidades: a solución final en *dámosuola* 5.6, *uola* 7.8, 12.8, 14.8, *defendérmola* 1.10, *dela* 11.4 e *de lo* 16.8; a intermedia, coa consoante xeminalda, en *uolla* 15.6 e a primitiva, aínda sen asimilación, en *tódoslos omes* 8.2, 9.2. Tamén no caso da asimilación de *n + l > nn > n* podemos atoparla forma xa simplificada en *eno* 5.9, 8.5,7, 9.5,7 e *jno* 2.9, xunto á xeminada en *inno* 4.12 e a solución primitiva sen asimilación en *dárenlos* 16.7-8, alén da redución *eno > no* en 10.7, 11.8. Outra asimilación diferente prodúcense no grupo *nm > m*, como vemos en *Samartino* 1.15, 8.19, 9.19 e *Samartño* 4.17. Frente a estes casos citados debemos lembrar que non se produce asimilación nas combinacións *en essa vila* 2.4, 4.6 e *en outro tal lugar* 4.11-12.

6.12. Grafía e fonética na carta partida por abc. Como acabamos de ver, a variedade gráfica e fonética nestes textos é frecuente e o mesmo escriba pode decantarse por diversas solucións. Como unha boa mostra desta situación porei a continuación as variantes que atopamos nunha carta escrita dúas veces pola mesma man, posto que se trata dunha carta das chamadas “partidas por abc”. Son as seguintes.

<i>feuereyro</i> 8.2	<i>feuereiro</i> 9.2
<i>agu</i> 8.4	<i>ago</i> 9.4
<i>esse</i> 8.5	<i>ese</i> 9.4
<i>dicto</i> 8.5	<i>dito</i> 9.5
<i>foy</i> 8.5	<i>foi</i> 9.5
<i>damme</i> 8.9	<i>damme</i> 9.9
<i>dereituras</i> 8.10	<i>dereyturas</i> 9.10
<i>fique</i> 8.11	<i>fiquem</i> 9.10
<i>a esse moesteiro</i> 8.12	<i>ase moestio</i> 9.12
<i>ditu</i> 8.12	<i>dito</i> 9.12
<i>esse</i> 8.14	<i>ese</i> 9.14
<i>Afonso</i> 8.18	<i>Alfonsu</i> 9.18
<i>meyrino</i> 8.18	<i>meirino</i> 9.18
<i>García</i> 8.18	<i>Garchía</i> 9.18
<i>Uiuey</i> 8.21	<i>Uiuez</i> 8.21
<i>d'Agián</i> 8.21	<i>d'Agijón</i> 8.21

7. PARTICULARIDADES MORFOSINTÁCTICAS

7.1. Demostrativos. Nos primeiros tempos non estaban totalmente delimitadas as funcións das distintas formas do demostrativo e do artigo. De aí que poidamos atopar fórmulas como “fazemos carta de uençón a uós ... da octaua *daquel* casar en que eu moro” 4.3,4, “damos un casar ... alo moestero ... per tal preito que teñamos nós outro que á el moesteyro en *essa* vila; e a pasamento de mjn et de mía muler ia dita fiquen *aqueles* casares ambos ia dictos alo moestero de M. de R. en paz; et darmos *deste* nosu casar alo moestero una taega de pan” 2.2-7, “fazemos carta de uençón *dúa* herdade que auemos ... et deste precio somos ben pagados et nós quitos *daquela* herda-de ia dita” 5.2-3,6-7.

7.2. O artigo e a expresión da posesividade. Na época medieval para a expresión da posesividade hai tres opcións: o uso do artigo con valor posesivo, o uso do posesivo sen artigo e o uso do posesivo precedido do artigo. Por iso nos nosos documentos hai moitos casos do uso do posesivo sen artigo. Isto é normal cos nomes de parentesco, como en “que foy de nossu padre” 1.4, “con meu marido don Andreu” 7.2, “eu, Sancha López, con mías irmáns” 1.2, “con mía filla Marina” 5.2, “con nossu fillo” 14.3, “con meus fillos” 3.2, “con meus fillos e con mías fillas” 13.2, “ego, don Jullão, con mía muller María Páez” 10.1-2 e noutrous en que está “con mía muller” 7.6, 11.2, 14.2, “cun mía muler” 16.3 ou “con mía muler / muller ... et con meus fillos” 4.2-3, 12.2 e tamén “et de súa muler” 8.6, 9.6 ou “a pasamento de mjn et de

mía muler” 2.4-5. Outra expresión en que falta o artigo é “et meu sinno hi pugi” 8.22-23, 9.22, “et meu sinal y faço” 7.15, “et meu sinal hy fezo” 14.16-17, “e / et meu sinal hi fige” 15.14, 16.16-17. Un caso especial típico medieval é o uso do posesivo seguido dun xiro analítico coa preposición *de*, como en “Meend'Eanes, sou ome *do* abade” 1.16-17, que alterna con “Johán Mouro, ome *do* abade” 2.15 ou “Domingo Pérez, seu ome” 13.11.

7.2.1. Tamén falta o artigo noutros casos. Un deles é cando o posesivo vai precedido de preposición (xa citei algúns casos no parágrafo anterior), como “por nossas almas” 7.7, “per nosa bôa” 1.11, “per nossas bôas” 6.7-8, 11.7, 13.7, “per mjas bôas” 16.10, “en meus días” 4.8, 8.10, 9.10, “in meus días” 4.9, “a mía morte” 4.8 ou “a meu pasamento” 8.10, 9.10. Outro caso é cando o posesivo vai precedido do cuantificador *todo*, estea ou non precedido de preposición, como en “dou ... toda mía erdade que agu / ago en Senra” 8.3,4, 9.3,4, “cun todas súas dereituras / dereyturnas” 8.9-10, 9.9-10, “cun todos seus dereytos” 16.5-6, “con todas súas pertenencias” 12.5-6, “rregnando rey don Afonso en todos sous regnos” 1.11-12; fórmula idéntica en 2.10-11, 3.10, 4.13, 5.10, 6.10, 7.10, 13.8 e 14.10.

7.2.2. Os casos en que aparece o artigo acompañando ó posesivo son únicamente “se algún ome uener, quer *da nosa* parte quer da alena” 2.7-8, “quer *da nossa* parte quer da aléa” 3.7, “se algún ome *da mja* parte” 16.8-9 e “damos ... o nosso cassar” 16.3,4.

7.2.3. Outra construcción medieval é o uso dun pronomo persoal precedido da preposición *de* en lugar do posesivo, como en “e a pasamento *de mjn* et *de mía* muler ia dita fiquen aqueles casares ambos ia dictos alo moestero de M. de R. en paz” 2.4-6. Esta construcción alterna co uso do posesivo, como en “e a meu pasamento” 8.10, 9.10 e outros exemplos.

7.2.4. O artigo pode faltar noutros casos nos que non hai referencia á posesividade, como en “en era M^a...” 2.10, 3.9, 4.12, 5.9-10, 10.7; “en era de mill...” 13.14, “a uós ... e *a fillos* de Johán Fernández” 5.4,5-6, “por precio nomeado, LX ssoldos, *de quales* nós sumus ben pagados” 7.5-6; “XXXX^{ta} V ssoldos, *de quae*s nós somos ben pagados” 15.5, “ffazemos carta de ue[nç]ón *de* herdade que auemos” 1.4, “rregnando rey / rey don Afonso / Alfonso / Affonso” 1.11, 3.10, 4.13, 6.10, 7.10, 13.8, 14.10, “rrenando rey don Afonso” 5.10, “rreynando rey don Afonso” 2.10, “rreinaua rey don Alfonsu” 8.16, 9.16 ou “rreynaua rey don Alfonso / dom Affonso” 15.8, 16.10.

7.3. O pronomo persoal.

7.3.1. Colocación dos clíticos: Nas oracións subordinadas precede ó verbo, como en “que *a* fige” 8.22, 9.22, “que *a* fez” 1.18, “que *a* iscriuío” 2.17, “que presente fui e *a* mandey escriuir” 14.16, “que *la* iscriuj” 7.14-15, “que *la* iscriuío” 10.10, 11.11, 12.12-13, 13.13, “que *lla* teña eu” 4.8, “que o agam” 8.8, 9.8, “que o uiron e o oyron” 1.17-18, tamén 2.16-17, “que o ujron e oyron”

3.15, 5.15-16, “que os tena” 8.10, 9.10, “que *llo* uirom e oýrom” 4.20, “que *lo* uiron e oýron” 6.15-16, “estes IJ casares que *me* uós dades” 8.15, 9.15, “por esta erdade que *les* eu dou” 8.8-9, 9.8-9, “esta erdade que *uos* eu dou” 8.14, 9.14, “que *uolla* queira demandar” 15.6, “da herdade que *uos* nós demandauamos” 14.4-5, “que nunca *uos* seja demandada” 14.6, “que *uos* faça ende esta carta” 14.7, “como *se* uay aa Mámola” 1.6 e “se algún ome da mja parte *vos* quiser demamdar este casar” 16.8-9. Tamén precede ó verbo cando se apoia nun cuantificador ou nun adverbio, como en “toda *uola* uendemos” 12.8, “todo esto *les* eu dou” 8.7-8, 9.7 e “outrosí *me* quito da demanda” 8.6-7, 9.6. Fóra destes casos a posición normal é a de enclítico ó verbo, como en “que díam … IJ moyos de cemteo … et *dárenlos* estes IJ moyos” 16.6,7-8, “nós … *anpararjuos* sempre a derecto” 11.7, “nós … *anpararuos* sempre con ela” 6.7,8, 13.6,7, “*dámosuola*” 5.6, “nós sempre *defendérmola*” 1.10, “et *quítoa* et *renúncoa* a esse / ese moesteiro” 8.4-5, 9.4-5 e “*damme* eles a mjn IJ casares” 8.9, 9.9. Esta norma rómpese en “e o uendemos a uós a monte e a fonte” 15.4 e en “Pedro Gunçáluez, notario, *la* iscriuíó” 6.16, este último exemplo porque precede o suxeito e se equipara ós casos en que leva o relativo *que*, como en “Johán Eanes, que la iscriuíó” 10.10, 11.11, 12.12-13 e 13.13.

7.3.1.1. Intercalación de palabras. Nas subordinadas, como o pronome se apoia no elemento que provoca a anteposición e non no verbo, é posible que se intercale algunha palabra entre o pronome e o verbo, como vemos en “estes IJ casares que *me* uós dades” 8.15-16, 9.15, “por esta erdade que *les* eu dou” 8.8-9, 9.8-9, “esta erdade que *uos* eu dou” 8.14, 9.14, “da herdade que *uos* nós demandauamos” 14.4-5 e “todo esto *les* eu dou” 8.7-8, 9.7, fronte a “se algún ome da mja parte *vos* quiser demamdar este casar” 16.8-9.

7.3.2. Uso da forma tónica con preposición. Unha particularidade importante nos pronomes na época medieval é o uso da forma tónica precedida da preposición *a* en lugar da forma átona correspondente, especialmente en fórmulas paraleísticas, como en “fazemos carta de uençón … *a* uós … e ao conuento” 3.3-4,5, “fazemos carta de uençón … *a* uós … e a fillos de Johán Fernández” 5.2,4,5-6, “eu, P. E. de Lanpaça, con mía muler … fazemos carta de uençón *a* uós … e a el conuento” 4.2,3,4, parecido en 10.2, 11.2-3, 12.3, 13.2-3; “eu, María Pérez, con meu marido don Andreu, ffazemos carta de uençón *a* uós” 7.2-3, “ego, don Jullão, con mía muller María Páez, fazemos carta de uenciom *a* uós...” 10.1-2 e parecido en 11.1-3, “ffazemos carta de vençón *a* uós … e alo conuento desse lugar de quanta herdade nós auemos” 6.2-4, “ffazemos carta de quitaçom *a* uós ...” 14.3, “todo esto vendemos *a* uós, abade” 1.7-8, “peite en couto á uoz del rey L morauidís e *a* vós a herdade dublada” 15.6-7, etc. Hai un único caso en que aparece a forma átona acompañando á forma tónica con preposición, que é “por esta erdade que les eu dou, *damme* eles *a* mjn IJ casares” 8.8-9, 9.8-9.

7.3.3. Uso do pronomé suxeito. Nalgúns dos exemplos citados no parágrafo anterior podemos ver outra circunstancia que me interesa destacar, que é o uso relativamente frecuente do pronomé suxeito. Isto prodúcese especialmente en contraposición con outros suxeitos ou con outros pronomes que non teñen función de suxeito. Vexamos máis casos: “que *eu*, Domjnga F., [et] *eu*, Mariña P., vendemos a *uós*, J. P., quanta herdade *nós* auemos en Lemeares ... e o uendemos a *uós* a monte e a fonte; et recibimos de *uós* en preco ... ssoldos, de quaes *nós* somos ben pagados” 15.1-3,4-5, “*ego* ... con mía muller ... ffazemos carta de uenciom a *uós* ... de quanta herdade *nós* auemos en Forcas ... et deste precio *nós* sumos ben pagados, et quanta herdade *nós* auemos en Secar de Boys” 12.1-2,3,4-5,6-7, “quanta herdade outra *eu* aio en essa vila ... deste precio *nós* sumus ben pagados; e a tal preito que lla teña *eu*, Pedro Eanes, en meus días” 4.6,7-8; “*eu*, María Pérez, con meu marido don Andreu, ffazemos carta de uençón a *uós* ... de quanta herdade *eu*, M. P. aio ... Et *eu*, don Andreu, con mía muller ia dicta, damos a Monte de Rramo” 7.2-3,4,6, “que *eu*, dom Pedro Meéndez, ensembla cun mía muler dona Eluira R., damos e outorgamos ... o nosso cassar que *nós* auíamos ... se algúñ ome da mía parte vos quiser demandar este casar, *vós* seerdes sempre anparados per mías bōas” 16.2-3,4,8-10, “se algúñ ome uener que esta carta queyra britar, *nós* ... anpararuos sempre con ela” 6.7-8. Máis exemplos pódense ver en 1.10-11, 2.2-4, 10.1-2,3-4,5-6, etc.

7.3.3.1. O uso da forma de suxeito non é, con todo, sistemática, e hai casos de alternancia no uso. Véxanse como mostra “como *eu*, Aras Pérez de Caldelas, *dou* ao moesteiro ... toda mía erdade que *agu* / *ago* en Senra, et *quítioa* et *renúncoa* ... e a demanda que *fazía* ... Outrosí *me quite* da demanda que *fazía* ... Todo esto les *eu* *dou* que o agam... et por esta erdade que les *eu* *dou*, damme *eles* a mjn IJ casares ... que os *tena* tanto en meus días ... *Eu*, Aras Pérez, deuo a amar e a defender a esse / ese moesteiro ... quanto *eu* poder ... *Eu*, A. P., deuo sempre a anparar a esse / ese moesteiro cun esta erdade que uos *eu* *dou* ... et *vós* a mjn otrosí cun estes IJ casares que me *uós* dades” 8.3,4,5,6-7,7-8,8-9,10,11-13,13-16, 9.3,4,5,6-7,7-8,8-9,10,11-12,13-16, “*ego*, Johán Pérez das Viñas, con mía muller María Rodríguez, ffazemos carta de uenciom a *uós* ... de quanta herdade *nós auemos* ... vnde *sumos* ben pagados. Et se algúñ ome uener que esta erdade queyra demandar, *nós* ... anpar[ar]luos sempre a derecto” 11.1-3,4,5-7, “*eu*, Teresa R., con meus fillos et con mías fillas, ffazemos carta de uençón a *uós* ... dúa uiña que *auemos* en S. et dun souto que *auemos* sobre Mouca ... et deste precio *nós sumos* ben pagados. Et se algúñ ome uener que esta herdade queyra demandar, *nós* ... anpararuos sempre con ela” 13.2-3,4-5,5-7, “*eu*, Pedro García, con mía muller Marina Pérez ... ffazemos carta de quitaçom a *uós* ... da herdade que uos *nós* demandauamos ... Et que nunca uos seia demanda

dada, *mandamos* a P. G., notario, que uos faça ende esta carta” 14.1-2,3,4-5,6-7, “deste precio somos ben pagados et *nós* quitos daquela herdade ia dita” 5.6-7, etc. En moitos destes exemplos o pronome suxeito aparece porque está en aposición cun antropónimo, como é o caso tamén de “*eu*, Pedro Guncáluez, que la iscriuý” 7.14-15, “*eu*, Pedro Guncáluez, notariu de Caldelas, que a fige” 8.22, 9.22, “*eu*, Pedro Guncáluez, notariu...” 15.13, 16.15-16.

7.4. Indefinidos. Nos indefinidos destaca a fórmula *algún ome* co valor de ‘alguén’, moi utilizada, pois está en 1.10, 2.7, 3.7, 4.10, 5.7, 6.7, 7.7-8, 10.6, 11.6, 12.9, 13.6, 14.7, 15.5-6, 16.8-9, e tamén a forma *mijsmo* 1.8.

7.5. Relativos. Entre os relativos debemos resalta-lo uso de *vnde* co valor de ‘de que’ en “por preçio noméado, XX ssoldos, *vnde* sumos ben pagados” 11.5-6 e o de *quanto* co valor de ‘todo o que’ en “*eu*, A. P., deuo a amar e a defender a esse / ese moesteiro dessusu ditu / dito *quanto* eu poder” 8.11-13, 9.11-12.

7.6. O verbo.

7.6.1. Formas verbais. Entre as formas verbais podemos salientar *britar* ‘romper, ir en contra’ 1.10, 2.8, 3.8, 4.10, 5.8, 6.7, 8.13, 9.13, 10.6, *comparey* por ‘comprei’ 4.5, a variante *díam* 16.6, as formas arcaicas *faça* 14.7 e *fao* 7.15, a alternancia entre *fez* 1.17,18, 5.3 e *fezo* 14.17, as formas palatalizadas *fige* 8.22, 9.22, 15.14(2), 16.16,17 e *pugi* 8.23, 9.22, as variantes *iscriuý* 7.15, *iscriuío* 2.17, 6.16, 10.10, 11.11, 12.13, 13.13 e *escriuuir* 14.16, así como *oýrom* 2.17, 4.20, *oýron* 1.18, 3.15, 5.16, 6.16 e *recibimos* 15.4, algunas delas correspondentes ás formas que triunfaron en galego; tamén o valor típico medieval de *iazer* ‘estar situado’ en “*dúa* leyra que *iaz* en Outer Rrauios” 4.5. Outras formas verbais dignas de mención son “que *fez pago* dos dineros” en 1.17, co valor de ‘pagou’, e a alternancia entre *ir* e *irse* en “como se *uay* aa Mámoo[a] ... et como *vay* alo porto” 1.6-7.

7.6.2. Uso do futuro de subxuntivo e outros tempos verbais. Nas condicionais é importante o uso do futuro de subxuntivo na prótase, seguido dunha subordinada relativa co verbo no presente de subxuntivo, e a apódose co verbo en infinitivo, ás veces co infinitivo conxugado, como en “se algún ome *uener* que esta carta *queyra* britar, nós sempre *defendérmola* per nós” 1.10-11, “se algún ome *uener* que esta carta *queyra* britar, nós ... *anpararuos* sempre con ela” 6.7-8, “se algún ome *uener* que esta erdade *queyra* demandar, nós ... *anpararuos* sempre a derecto” 11.6-7 e “se algún ome *uener* que esta erdade *queyra* demandar, nós ... *anpararuos* sempre con ela” 13.6-7. A fórmula pode tamén aparecer sen a oración de relativo, como en “se algún ome da mía parte vos *quierer* demamdar este casar, vós *seerdes* sempre anparados per mías bôas” 16.8-10. Outras veces a apódose leva o verbo en imperativo, como en “se algún ome *uener* ... que esta carta *queyra* britar, *seia*

maldito” 2.7-9, “se algún ome *uener* ... que esta carta *queyra* britar, *pecte...*” 3.7-8, 4.10-11, igual en 5.7-8, 10.6, ou en “se algún ome *uener* que uola *queyra* demandar, *pecte...*” 7.7-8, 14.7-8, igual en 15.5-6 e parecido en 12.8-9. O futuro de subxuntivo aparece, por outra banda, nas construcións “*Conoçuda* cousa seia / sea a quantos esta carta *virem* / *virem* / *ujrem* que...” 1.1-2, 2.1, 3.1-2, 4.1, 6.1, 7.1, 13.1, 14.1, “*Conuçuda* cousa sega a quantos esta carta *virem* que...” 15.1, 16.1-2 ou 8.2-3, 9.2-3 e en “quanto eu *poder*. Et quem este preito *britar*, peite...” 8.12-13, 9.12-13. O infinitivo conxugado pódese ver, ademais, en “et *darmos* deste nosu casar alo moestero una taega de pan” 2.6-7 e “que díam ... IIJ moyos de cemteo ... et *dárenlos* estes IIJ moyos delo Burgu atem a Ponte de Nauéoa” 16.6-8. En dous casos non hai diferencia de forma entre o infinitivo conxugado ou o non conxugado. Son “e a tal preito que lla teña eu, P. E., en meus días, e a mía morte *ficar* in paz alo moestero ia dito, et in meus días *dar* dela quarta de pan” 4.7-9.

7.6.3. Uso dos verbos *aver* e *teer*. En relación a estes dous verbos, debo indicar que os dous se usan co parecido valor de ‘ter’ que tiñan en latín. As formas do verbo *ter* que se documentan son *tem* 8.7, 9.7, *tena* 8.10, 9.10, *teña* 4.8, *teñamos* 2.4, *teendo* 8.17, 9.17, 15.9 e *tenendo* 1.12, 2.11, 3.11, 4.14, 5.11, 6.11, 7.11, 13.9, 14.11. As formas de *aver* co valor de ‘ter, posuír’ son *ago* 9.4, *agu* 8.4, *aio* 4.6, 7.4, *á* 2.4, *auemos* 1.4, 2.3, 3.4, 5.3, 6.4, 10.4, 11.4, 12.5, 7, 13.4(2), 15.3, *auiamos* 16.4 e *agam* 8.8, 9.8. O pequeno valor diferencial que presentan *aver* e *ter* co significado de ‘ter’ pode verse en “damos un casar de herdade que *auemos* en Castrelo alo moestero de M. de R., per tal preito que *teñamos* nós outro que *á* el moesteyro en essa vila” 2.2-4.

7.6.4. Uso dos verbos *ser* e *estar*. Canto ós verbos *ser* e *estar*, cómpre dicir que o segundo só aparece coa forma *sta* na frase “dúa casa ... et *sta* sub signo de Santa Tegra” 5.4. O verbo *ser* ten varias funcións. Unha delas, moi frecuente, é a da formación da pasiva, como en “*Conoç da* cousa *seia*” 1.1-2, 2.1, 3.1, 6.1, 7.1, 13.1, 14.1, “*Conoç da* cousa *seir*” 4.1, “conuçuda *cousa* *sega*” 8.2, 9.2, 15.1, 16.1-2, “et que nunca uos *seia demandada*” 14.6 e “vós *seerdes sempre anparados* per mijas bôas” 16.9-10. Outras veces o verbo vai seguido dun predicativo como en “*seia maldito* et *scomongado*” 2.8-9, “e a carta *seia sempre firme*” 3.8-9, “e a carta *seia firme*” 7.9, “deste precio *somos ben pagados*” 1.9, “desto *somos ben pagados*” 3.6, “deste precio *somos ben pagados* et nós *quitos* daquela herdade” 5.6-7, “deste precio nós *sumos ben pagados*” 4.7 e tamén 6.6, 10.5-6, 12.6-7, 13.5-6, “de quales nós *sumos ben pagados*” 7.5-6, “de quaes nós *somos ben pagados*” 15.5 e “por prelio noméado, XX ssoldos, vnde *sumos ben pagados*” 11.5-6. Noutras ocasións ten o valor normal de ‘ser’, como en “herdade ... que *foy* de nossu padre” 1.4, “eno casar que *foy / foi* de Pedro Carpenteiro” 8.5-6, 9.5-6, “Marina Pérez, filla que *foy* de Pedro Díaz” 14.2 e tamén en “fazemos carta de uençon

dúa herdade ... a uós, Eldora Pérez, muler que *fui* de Pedro Fernández” 5.2.4-5, na que se rompe o esquema, pois debería decir *fostes*, e onde podemos interpretar como 1^a ou como 3^a persoa de singular. Como última posibilidade témo-lo valor de ‘estar’ na expresión “que presentes *foron / forom / forun*” 1.13-14, 2.12-13, 3.12, 4.15, 5.12, 6.12, 7.12, 8.18-19, 9.18-19, 10.7-8, 11.8, 12.10, 13.10, 14.12, 15.10-11, 16.12 e en “que presente *fuf*” 14.16.

7.7. Adverbios. Entre os adverbios son dignos de mención *asusu* ‘arriba’ e *desusu / dessusu* ‘abaixo’, que temos en “dela fonte de Leborín a *asusu*, así como parte pela carreyra *asusu*” 11.4-5, “a esse moesteiro *desusu dicto*” 8.5, “a ese moesteiro *desusu dito*” 9.4-5, “a esse moesteiro *dessusu dito*” 8.12 e tamén 9.12, “por este precio *desusu dicto*” 12.8. A forma *demais* ‘ademais’ aparece en “pecte a herdade en dublo et *demais* C morauidís” 7.8-9. O arcaico *u* ‘onde’, ainda vivo na forma *ulo? / ula?*, aparece na frase “en Secar de Boys, *u* dizem Rrogidoyro” 12.7-8 e o tamén arcaico *ensembla* ‘conxuntamente’ en “que *eu* ..., *ensembla* cun mía muler” 16.2-3. Ademais, *tanto* ten o valor de ‘unicamente’ en “que os tena *tanto* en meus días” 8.10, 9.10. Como adverbios pronominais aparecen as formas *ende* ‘diso’ e *y* (*hy, bi*) ‘nela’, a primeira en “et que nunca uos seja demandada, mandamos a P. G., notario, que uos faça *ende* esta carta” 14.6-7 e a segunda en “et meu sinal *y* faço” 7.15, “et meu sinno *bi* pugi” 8.22-23, 9.22, “et meu sinal *hy* fezo” 14.16-17, “que esta carta fige e / et meu sinal *bi* fige” 15.14, 16.16-17.

7.8. Preposiciones. A preposición *a* xa vimos que se usa moito acompañando a unha forma tónica do pronom (§ 7.3.2), pero hai outros usos que debemos destacar, como o uso de *dever a* + infinitivo en “eu, Aras Pérez, *deuo a* amar e *a* defender a ese / ese moesteiro *dessusu dito / dito quanto eu poder*” 8.11-13, 9.11-12, “eu, Aras Pérez, *deuo sempre a* anparar a ese / ese moesteiro cun esta erdade” 8.13-14, 9.13-14 ou a fórmula xa medieval “*comuem a saber*” 16.6. Típica medieval é a combinación coa preposición *sobre* en “dúa herdade que auemos *a sóbrela* fonte” 5.2-3, “lugar noméado *a ssobrelo* Rrogidoyro” 14.5-6. Alterna con *en* en “de quanta herdade nós auemos en Forcas, *alos* Caruallos et *in* Cima de Uila” 12.4-5. Tamén é moi coñecida a expresión “*des* ‘desde’ ... *a*”, que vemos en “*dela* fonte de Leborín *a asusu*” 11.4. Ademais, *a* forma parte da locución conxuntiva *a tal preito que*, que alterna con *per tal preito que*, como vemos en “e *a tal preito que* lla teña eu” 4.7-8, “damos un casar ... *per tal preito que* teñamos nós outro” 2.2,3-4. A forma *des* tamén está en “todo esto les eu dou que o agam *des* aquí por sempre por erdade” 8.7-8, 9.7-8 e en “et dárenlos estes IIJ moyos *delo* Burgu *atem* a Ponte de Nauéoa” 16.7-8, frase na que, por outra banda, achamos a forma *atem* ‘ata’, pouco usada nos textos galegos. Outras formas dignas de destacar son *sobre* en “et dun souto que auemos *sobre* Mouca” 13.4-5; *en*, que aparece na expresión *en meus días* ‘durante a miña vida’, como se ve en

“que lla teña eu, P. E., *en meus días*, e a mía morte ficar in paz alo moestero ia ditu, et *in meus días* dar dela quarta de pan” 4.8-9 e “que os tena tanto *en meus días* ... que me uós dades *en meus días*” 8.10,15-16, 9.10,15-16. Como particularidade témo-la falta da preposición *en* na expresión “da herdade que uos nós demandauamos *lugar* noméado a ssobrelo Rrogidoyro” 14.4-6 e “quanta herdade nós auemos en Lemeares..., *logar* ditu Cima de Uila” 15.2-3. Finalmente debemos lembra-lo uso de *per* en “eu, Aras Pérez, deuo sempre a anparar a esse / ese moestiero cun esta erdade que uos eu dou *per* mjn et *per* mías boñas” 8.13-15, 9.13-15, o uso da forma primitiva *pera* en “damos e outorgamos *pera* sempre ó m[o]steiro de M. de R. o nosso cassar” ” 16.3-4 e o uso de *por* co valor de ‘para’ en “que o agam des aquí *por* sempre por erdade” 8.8, 9.8.

7.9. Conxuncións. Entre as conxuncións destaca o uso de *que* co valor de ‘para que’ en “et *que* nunca uos seja demandada, mandamos a P. G., notario, que uos faça ende esta carta” 14.6-7 e o da disxuntiva *quer* en “se al-gún ome uener, *quer* da nosa / nossa parte *quer* da alena / aléa, que esta carta queyra britar” 2.7-8, 3.7-8.

7.10. Colocación das palabras. Cando o substantivo vai acompañado de dous determinantes é posible que un vaia anteposto e outro posposto, como en “fiquen *aqueles* casares *ambos* ia dictos” 2.5, “*quanta* herdade *outra* eu aio” 4.6, fronte a “en *outro tal lugar*” 4.11-12. Cando van xuntos *outros* e *moitos*, sempre aparece a mesma colocación: “et *outro[s] mujtos* que o uiron” 1.17, “et *outros muitos* que o uirom” 2.16, “et *outros mujtos* que o uiron” 3.14-15, “et *outros mujtos* que llo uirom” 4.20, “et *outros mujtos* que lo uiron” 6.15.

7.11. Concordancia. Cando a data do documento remata en *un* é bastante frecuente que o substantivo seguinte concorde con ese último número en singular, como en “sub era de mil et CCC et *un ano*” 14.9, fronte a “sub era de mill et CC et nonaginta et *VII anos*” 6.9 ou “en era de mill et CC et nonaginta et *VII anos*” 13.14. Por outra banda, na concordancia do suxeito co verbo pode haber unha disociación singular - plural porque o suxeito *eu* vai seguido dunha coordinación introducida por *con* ou *e* que contén unha referencia ás persoas actuantes. Ocorre isto en “*eu*, Pedro Pérez de Maçaneda, con mía muler dona Eluira, *damos* un casar” 2.2, “*eu*, Ffernán Fernández d’Aguijm, con meus fillos ... *fazemos* carta de uençón” 3.2,3-4, “*eu*, P. E. de Lanpaça, con mía muler E. V. et con meus fillos, *fazemos* carta de uençón” 4.2-3 e fórmulas semellantes en 5.1-2, 6.2-3, 7.2, 10.1-2, 11.1-2, 12.1-3, 13.2-3, 14.1-3. En lugar de *nós* ... *vendemos*, aparece como fórmula diverxente “que *eu*, Domjnga Fferrández, [et] *eu*, Mariña Pérez, *vendemos* a uós...” 15.1-2. Noutro caso, aínda que o substantivo *mosteiro* está en singular, o verbo vai en plural porque inclúe a toda a comunidade, como vemos en “comuem a

saber: ao *mosteiro* de M. de R., que *diam* cada ano a dom Pedro M. IIJ moyos de cemteo” 16.6-7. Máis cambio témolo noutro contexto, pois comeza “que *eu*, dom Pedro Meéndez, ensembla cun mía muler dona Eluira R., *damos* e *outorgamos* pera sempre ó m[o]steiro de M. de R. o nosso cassar que nós *auíamos*” e despois muda para “ao mosteiro de Monte de Ramo, que *díam* cada ano a dom Pedro Meéndez III moyos de cemteo ... et *dárenlos*” 16.2-4, 6-8, de maneira que o que era suxeito se converte en obxecto indirecto. Con nomes xeográficos femininos o indefinido *todo* pode concordar ou non e nos nosos textos aparece coa forma masculina en “en *todo* Galiza” 4.14-15, 13.9-10, “en *todo* Galliza” 8.18, 9.18.

7.12. Léxico. Nos parágrafos anteriores xa citei numerosas palabras e a eles me remito, polo que neste apartado só quero facer unha referencia especial ós cultismos *notario* 2.17, 6.16, 10.11, 11.12, 12.13, 13.14, 14.7, 15, *notariu* 8.22, 9.22, 15.13, 16.16, *patrimonio* 7.4, *públicu* 15.13, *ppúblicu* 16.16, ás formas *juyu* 4.12, *juio* 15.8 e *compla* ‘compra’ 6.4-5, 10.4, á medida de capacidade *taega* 2.7, ao arabismo *alfayat* 14.15, ás moedas *morauidís* 2.9, 3.8, 4.11, 5.9, 7.9, 8.13, 9.13, 10.7, 12.10, 15.7, tamén de orixe árabe, e ssoldos 1.9, 3.6, 4.7.9, 5.6, 6.6, 7.5, 10.5, 11.5, 12.6, 13.5, 14.8, 15.5, 16.7, á fórmula *carta de quitaqm* 14.3 e ó derivado do neutro plural *BONA*, adaptado como substantivo feminino co valor de ‘bens’, que vemos no singular *bôa* 1.11 e no plural *bôas*” 6.8, 8.15, 9.15, 11.7, 13.7, 16.10.

7.13. Antropónimos.

7.13.1. Nomes de persoa. Destaca o uso das formas *Vasco* 3.12, 4.16, 5.14, 8.21, 9.21, 13.11, 14.13, 16.13 e *Sanchio* 16.13, xunto a *Sancho* 4.15, 16, 5.15. Dentro das diversas posibilidades medievais para este nome atopámosla forma *Aras* 8.3, 11.13, 9.3, 11.13 e outros nomes dignos de mención son *Eldora* 4.2, 5.4, *Teresa* 13.2 e *Jullão* 10.2.

7.13.1.1. Cando o nome vai seguido do apelido é normal que apareza cunha forma reducida, sempre que o permite o nome, e por iso temos casos coma “Martín + apelido” 1.14, 6.13, 10.8, 10, 13.10, 12-13, “Martjn + apelido” 4.17, 11.8-9, 10, 12.10, 12, 15.12(2), “Pay + apelido” 2.14(2), 10.9, 11.9-10, 12.11, “Rruy + apelido” 4.19. O mesmo ocorre con “Meén Rodríguez” 5.15, fronte a “Meend'Eanes” 1.16, neste caso porque o apelido comeza por vogal. Por esta razón para o nome *Fernando*, cando vai seguido do apelido, adoptei a lectura *Fernán*, pois nos manuscritos está sempre abreviado (*f* ou *ff*), e así temos “Ffernán ou Fernán + apelido” en 3.2, 4.5, 18, 6.14, 8.19, 21-22, 9.19, 21. Tamén lin así “Ffernán da Cela d'Allariz” 14.13.

7.13.1.2. Noutros casos aparece a forma plena, como en “Sueiro Méndez” 16.12 e “Gonçaluo López” 1.14-15, ou a abreviatura correspondente á forma plena e non á reducida, como en “Gong luo Migéez” 12.2 ou “García Moreira” 16.13. Tamén para *Pedro*, en lugar da forma *Per*, temos sempre a abre-

viatura *P'*, correspondente a “Pedro”, seguida do apelido, en 1.12, 18, 2.2, 15, 16, 17, 3.2, 13(2), 15, 4.2, 8, 20, 21, 5.5, 12-13, 13, 14-15, 16, 6.12, 13(2), 13-14, 16, 7.13, 14(3), 8.6, 7, 19, 20, 21, 22, 9.5-6, 7, 19, 20, 21, 22, 10.8, 9, 11, 11.9(2), 11, 12.11(2), 13, 13.12(2), 13-14, 15.11, 12, 13(2), 16.2, 7, 14, 15-16. Por iso, cando só presenta a abreviatura *P*, tamén lin “Pedro + apelido” en 12.13 e 14.1-2, 2, 6, 7, 14, 15.

7.13.1.3. Caso importante é o de *Rodrigo*, que aparece nunha ocasión coa “*Rruy Gunçáluez*” 4.19, pero que nos outros casos está coa abreviatura *R'*, correspondente a *Rodrigo*, e así lin “*Rrodrigo García*” en 1.13 e 7.12. Igual fixen cando só está escrito *R* cun trazo que atravesa a consoante, como en “*Rrodrigo García*” 2.12, 3.12, 4.15, 5.12, 6.12, 8.18, 13.10 e “*Rrodrigo Garchía*” 9.18. Máis interesante é o caso de *Rodrigo Afonso*, pois o apelido comeza por vogal e, con todo, aparece a forma plena en “*Rodrigu Afonso*” 15.9-10 e a abreviatura *R'* ou *R* cun trazo, interpretadas como “*Rrodrigo Afonso*” 1.13, “*Rrodrigo Affonso*” 7.11-12, 14.11, “*Rrodrigo Afonso*” 2.12, 3.11, 4.14, 5.11, 6.11, 8.17-18, 13.9 ou “*Rrodrigo Alfonsu*” 9.17-18.

7.13.2. Uso de antropónimos como nomes ou apelidos. O nome *Afonso* aparece aplicado ó rei Afonso X coa alternancia das formas galega e castelá, como vemos en “don Afonso” 1.11, 2.10, 3.10, 4.13, 5.10, 6.10, “don Affonso” 14.10, 16.10 e “don Alfonso” 7.10, 13.8, 15.8, “don Alfonsu” 8.16, 9.16. Por outra banda, aparece como apelido no citado “don Rrodrigo Afonso” 1.13, 2.12, 3.11, 4.14, 5.11, 6.11, 8.17-18, 13.9, “don Rrodrigo Affonso” 7.11-12, 14.11, “do[n] Rodrigu Afonso” 15.9-10 e “don Rrodrigo Alfonsu” 9.17-18, personaxe que ten ó seu mando Caldelas. Outro antropónimo que aparece como nome e apelido é *Andreu*, pois, por un lado, temos ó Adiantado do rei en Galicia “don Andreu”, 14.12, 15.10, 16.12, así como “don Andreu” 4.18, 7.26, “don Andreu d’Agijón” 5.14 e “Andreu Eanes” 3.14, ou “Andreu Eanes d’Agijón / d’Agiún” 8.21, 9.21, 14.14, 16.15, e, por outro, “Johán Andreu” 5.1-2.

7.13.3. Personaxes co tratamento de *don*. Alén do rei e dos citados don Rodrigo Afonso e don Andreu, que é Adiantado do rei en Galicia e presenta alternancia, hai outros personaxes que levan o tratamento de *don*, como o Meiriño Maior “don Rrodrigo García” 1.13, 2.12, 3.12, 4.15, 5.12, 6.11-12, 7.12, 8.18, 13.10, “don Rrodrigo Garchía” 9.18; o bispo de Ourense “don Johán” 1.12, 2.11 ou “don Johán Díaz” 3.10-11, 4.13-14, 5.11, 6.10-11, 7.11, 8.17, 9.17, 13.9, 15.9, 16.11; o abade de Montederramo “don Jobán” 1.8, 14.4 ou “don Johane” 3.5 ou “don ffrey Iohane” 4.3, 13.3 ou “don ffrey Johane” 6.3, 7.3 ou “don ffrey Johán” 10.3, 11.3, 12.3. O comendador de San Lourenzo aparece como “don Martín Fernández” 10.8, 13.10 e “Martjn Fernández” 11.8-9, 12.10. Sen este tratamento están o xuíz de Caldelas “Pedro Pérez” 5.12-13, 6.12, 8.20, 9.20 e os cabaleiros “Gonçaluo López” 1.14-15, “Rruy Gonçáluez” 4.19 e “Meén Rodríguez” 5.15. Frente ó prior “don Sancho” 4.15,

non leva o tratamento o *subprior* “Vaasco Pérez” 4.16 e entre os monxes aparecen “don Pedro” e “don Martino” 2.13, pero “Sancho Eanes” 5.15. Tam-pouco o levan o arcediago “Pedro Eanes” 1.12 e os cregos, prelados ou capeláns que figuran coma testemuñas, como en 1.14,15,16, 2.15, 6.14,15, 10.9(2), 11.9,10(2), 12.11(2), 15.12, 16.13,14.

7.13.3.1. Entre os personaxes importantes, cando actúan o home e maila muller, hai varias posibilidades, pois poden aparece-los dous co tratamento, como “dom Pedro Méendez” 16.2,7 e a súa muller “dona Eluira Rodrígiz” 16.3; pode aparece-lo home e non a muller, como en “ego, don Jullão, con mía muller María Páez” 10.1-2 ou “eu, María Pérez, con meu marido don Andreu ... eu, María Pérez ... eu, don Andreu” 7.2,4,6, e pode aparece-la muller e non o marido, como en “eu, Pedro Pérez de Maçaneda, con mía muler doña Eluira” 2.2.

7.13.4. Apelidos. Entre eles resaltarei o uso das formas *Uaásquez* 1.3,5, 5.13 e *Vaásquez* 4.2, 8.20-21, 9.20, fronte a *Páez* 4.5, 6.13, a forma impropia *Múogu* 4.16-17 e a forma *Michel* (*michl*) 16.14, que podería ser unha grafía desaxustada por *Migéez*.

7.13.4.1. Normalmente as testemuñas levan o apellido e, de todos eles, cómpre destacar “Pedro Abbellom” 6.13, “Fernán Canbade” 8.19, 9.19, “Johán Campelo” 1.16, “Domingo Cañoto” 13.12, “Pedro Carpenteiro” 8.6, 9.5-6, “Pedro Carreyra” 3.13, “Pedro Cide” 8.19, 9.19, “Fernán Correicas” 8.21-22, 9.21, “García Moreira” 16.13, “Johán Mouro” 2.15, “Pedro Mouro” 15.12, o citado “Johán Múogu” 4.16-17, “Pedro Muozino” 10.8, 11.9, 12.11, “Pedro Pixota” 5.14-15, “Domingo Roça” 2.14-15, “Pedro Santiago” 7.14 e tamén “Johán Eanes Correa” 8.19-20, 9.19-20, que alterna con “Johán Correa” 5.13, 14.13.

7.13.4.2. Estes apelidos, ás veces, van acompañados da indicación do lugar, como en “Lope Uaásquez de Santisso” 1.5, “Pedro Pérez de Maçaneda” 2.2, “Pedro Uíuez du Burgo” 2.16, “Johán Pérez da Rrasa” 3.14, “Pedro Eanes de Lanpaça” 4.2, “Ffernán Eanes de Canba” 4.18-19, “Pedro García de Ueyga” 4.20, “Johán Andreu do Souto” 5.1-2, “Pedro Fernández de Moas” 5.5, “Vaasco Pérez de Ualderriquia” 5.14, “Martín Páez du Burgo” 6.13, “Pedro Eanes de Candaendo” 6.13-14, “Domingo Pérez de San Fijz” 6.14-15, “Domingo Gunçáuez da Coua” 7.13, “Pedro Fernández de Pedrouços” 7.14, “Andreu Eanes d’Agíjn / d’Agijón” 8.21, 9.21, 14.14, 16.15, “Johán Pérez das Viñas” 11.2, “Vaasco Rodríguez do Burgo” 13.11-12, “Pedro Eanes d’Aguijn” 13.12, “Martín Domjngez de Canba” 13.12-13, “Pedro Díaz de Secar de Bois” 14.2-3, “Fernán da Cela d’Allariz” 14.13, “Pedro Uaásquez da Rrúa Noua” 14.14, “Pedro Domjngez das Uinas” 15.11-12, “Sueiro Méndez de Ual do Nero” 16.12 e “Johán Fferrández de Mones” 16.14. Hai alternancia entre “Aras Pérez de Caldelas” 8.3, 9.3 e “Aras Pérez” 8.11-12,13-14, 9.11,13 e nalgúns casos o apellido só indica o lugar de procedencia, como “Johán de Samartino” 1.15,

8.19, 9.19, “Johán de Samartjno” 4.17, “Saluador de Queyroga” 4.19, “Johani-no de Lemeares” 15.11 ou “García de Roínda” 16.13-14. Aparece sen o apeli-do “Jobán, clérigo de Quoto” 1.16, pois non parece probable que *clérigo* se-xa neste caso apellido.

7.13.4.3. Como nos documentos temos moitas veces a presenza do pai e mais dos fillos, podemos ver como, en xeral, os fillos levan como apellido a forma correspondente ó nome do pai, como en “eu, *Ffernán Fernández d’A-guijm*, con meus fillos Pedro *Fernández* et Marina *Fernández* et María *Fernández* et Domjnga *Fernández*” 3.2-3, “Johán *Fernández*, fillo de *Ffernán Eanes*” 4.18, “Pedro *Pérez*, iuáz de Caldelas; sou padre *Pedro Uiuéyz*” 6.12-13 ou “Marina *Pérez*, filla que foy de *Pedro Díaz*” 14.2. Pero tamén pode oco-rrer que o fillo leve o mesmo apellido có pai, como en “eu, *Pedro García*, con mía muller Marina *Pérez* ... et con nossu fillo Johán *García*” 14.1-3, ou que varios fillos leven o apellido correspondente ó nome do pai e que un de-les tome o mesmo apellido que ten o pai, como en “eu, Sancha *López*, con mías irmanas Marina *López* et Sancha (*sic*) *López* et María *Uaásquez*, todas ir-manas” 1.2-3, que son fillas de “*Lope Uaásquez de Santisso*” 1.5. Nuns cantos casos só aparece o nome do fillo ou da filla sen apellido: “Marina” 5.2,4, “Gonçaluo Migéez, con mía muller Eluira Sánchez et con meus fillos Johane et Pedro et Martiño” 12.2-3.

7.14. Topónimos. Entre os topónimos debemos lembrar-las formas *Aguijm* 3.2,4, *Aguijn* 7.5,13, 13.12, 14.14, *Agijn* 5.14, 9.21, 16.15 ou *Agiún* 8.21 ‘Aguil’, *Candaendo* 6.14 (2) ‘Candedo’, *Lampaça* 4.2,6 ‘Lampaza’, *Lemeares* 1.14, 15.3,11,12 ‘Lumeares’, *Maçaneda* 2.2 ‘Manzaneda’, *Moaas* 5.5 ‘Moás’; *Nauéoa* 16.8,14 ‘Navea’, *Outer Rrauioso* 4.5 por ‘Outeiro’, *Queyroga* 4.19 ‘Quiroga’, *Quoto* 1.5,16 ‘Coto’, *Rjuu de Cabras* 1.7 (hoxe será ‘Río de Cabras’), *Rrogidoy-ro* 12.8, 14.5 (hoxe será ‘Ruxidoiro’), *Saas do Monte* 16.5 ‘Sas do Monte’, *San Fiz* 6.15 ‘San Fiz’, *San Gurgu* 16.15 ‘San Xurxo ou Santiruxo?’, *Santisso* 1.5 ‘Santisso’, *Secar de Boys* 12.7, 14.6 e *Secar de Bois* 14.2-3 ‘Sacardebois’, *Ualde-rrquia* 5.14 ‘Valderrique’ e *Ual do Nero* 16.12 ‘Valdonedo?’, así como *Pena Petada de Triues* 8.9, 9.9 e *Santa Tegra* 5.4 ‘Santa Tegra de Abeleda’.

7.15. Fórmulas latinas. En textos tan antigos é moi corrente a aparición de fórmulas latinas ou de carácter latinizante, ás veces, falsamente latinizan-tes. Estas fórmulas poden atoparse en calquera posición dentro do texto. Así, hai moitos documentos que comezan cunha frase en latín e despois continú-an en romance, como “Jn Dei nomine amen” 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 13.1, “Jn Dei nomine amen. Notum sit presentibus et futuris quod ego, Johán Andreu...” 5.1-2, “Jn Dei nomine amen. Notum sit tam / tan presentibus quam futuris quod ego...” 10.1, 11.1, 12.1, “Jn Dej nomine amen. Sub era M^a C^aC^a...” 8.1, 9.1, “Sub era M^a CC^a LXXXX^a V^a, jn mense september” 1.1 e “Era M^a C^aC^a IJ anos” 16.1.

7.15.1. En posición interna podemos citar adaptacións ou fórmulas que mesturan romance e latín como “Regnando rrey / rey don A.” 1.11, 3.10, 4.13, 6.10, 7.10, 13.8, 14.10; “reynando rey don A.” 2.10, “rrenando rrey don A.” 5.10, ou noutros co cambio para a forma “reinaua / reynaue rey don / dom A.” 8.16, 9.16, 15.8, 16.10; “tenendo Caldelas don...” 1.12-13, 2.11, 3.11, 4.14, 5.11, 6.11, 7.11, 13.9, 14.11, “teendo Triues et Caldelas don...” 8.17, 9.17, “teendo Caldelas do[n]...” 15.9; “que presentes foron” 1.13-14, 2.12-13, 3.12, 4.15, 5.12, 6.12, 7.12, 10.7-8, 11.8, 12.10, 13.10, 14.12; “qui foron presentes” 8.18-19, 9.18-19, “qui presentes foron” 15.10-11 e “qui presentes foron” 16.12; “Johán de Samartjno, presbiter, testis” 4.17; “sub signo de...” 5.4, 6.5, “sub sino / sinno de...” 15.3, 16.5; “ffecta a carta jno mes de setembro, en era M^a CC^a LXXXX^a V^a” 2.9-10, “fecta a carta en era M^a CC^a LXXXX^a V^a, jn mense outuber” 3.9, “ffecta a carta inno mes de xuyo, en era M^a CC^a LXL^a VJ^a” 4.12, “anpararuos ... a derecto. Ffecta a carta VIJ días ante *kalendas* marciás, sub era de mill et CC et nonaginta et VIJ anos” 6.8-9, “ffecta a carta VIJ días de nouembrio, sub era M^a CC^a XC^a VIJ^a” 7.9-10, “ffecta a carta ... en era M^a CC^a LXXXX^a VJ^a” 5.9-10; “ffecta a carta ... en era M^a CC^a XC^a VIJ^a” 10.7, “a derecto. Ffecta a carta no mes de marcio” 11.7-8, “ffecta a carta no mes de marcio” 13.7-8, “ffecta a carta X días andados d'abril, sub era de mil...” 14.9, xunto a “feyta a carta XV días de juio, era M^a C^aC^aC^a IJ” 15.7-8.

7.15.2. En posición final podemos citar “en era de mill et CC et nonaginta et VII anos” 13.14; “Pedro Gunçáluez qui notuit” 3.15, 4.21, 5.16. Noutros adáptase esta fórmula ó galego: “Pedro Gunçáluez, que a fez” 1.18 ou “Pedro Gunçáluez, notario, que a iscriúo” 2.17, etc.

7.15.3. Tamén é unha adaptación do latín a coñecida fórmula “conocuda cousa seja / sea a quantos...” 1.1-2, 2.1, 3.1, 4.1, 6.1, 7.1, 13.1, 14.1, “conuvida cousa sega a...” 8.2, 9.2, 15.1, 16.1-2, así como “quanta herdade nós auemos en Lemeares..., logar ditu Cima de Uila” 15.2-4, “da herdade que uos nós demandauamos lugar noméado a ssóbrelo Rrogidoyro” 14.4-5. Véxanse ademais palabras ou fórmulas estrañas ao galego como “testis” 3.12, 13(3), 14(3), 4.15, 16(2), 17(2), 18(2), 19(2), 20(2); “pecte” 2.9, “pecte en copto” 3.8, 4.11, 10.6, 12.9, 14.8, “peyte en capto” 5.8, “octaua” 4.4, “conparey” 4.5, “sumus” 4.7, “in paz” 4.8, “in meus días” 4.9, “derecto” 4.10, “subprior” 4.16, “episcopo” 8.17, 9.16, o apelido “Pedro Sancij, Diagu Sancij” 15.13, etc.

EDICIÓN

1

1257, Setembro.

Sancha López e as súas irmás vendendo á monxería de Montederramo á sua heralda do Coto.

A.C. Ourense, Fondo de Pergaminos Monacais, nº 766.

Sub era M^o CC^a LXXXV^a V^a, in mense september, Conocida noua
 se[n]t[ia]¹ / a quantos esta carta uirem que eu, Sancha López, con misas irmansas
 Marina / López et Sancha López et María Uaásquez, todas irmansas, fizemos
 misa carta de / ue[n]d[e]ón² de heralda que atemos, que foy de missu padre
 5 Lope Uaásquez de Soutiso, / [.....]³ logo nomeado pelo vizo de Quoto et
 como se uay sa Mañó[a]....⁴ et como parte pelo rígeyro do Exertedo et
 como uay alio porto : d[e]c⁵ Riu de Cahras. Todo esto vendemos a nós, abade
 don Iohán de Monte de Rama, / e ao conuento desse mesmo lugar, por
 precio nomeado, L et U ssoldos et meo, / et deste precio somos ben pagados.
 10 Se algúar este uener que esta carta qneyra / brutar⁶, nós sempre defendémosla
 per mis et per nosa hña. Rregnando rey / don Afonso en todos seus regnos,
 bispou en Ourense don Iohán arcidiáq[ue] Pedro Enses, tenendo Caldelas
 don Roudrigo Alonso, meyrino mayor en Galiza don Roudrigo / Garcia. Que
 presentes⁷ fomos: Martín Menéndez, prelado de Leneares; Gonçaluo
 15 López, caualeyro; Iohán de Santmartino, prelado du Burgo; Iohán Eanes⁸,
 seu capelán; Iohán Campelo, Iohán / clevago de Quoto; Meend'Eanes, seu
 tene do abade, que lex pago dos dineros, et outro(s)⁹ milates qu' o altro e o
 oyron. Pedro González, que a fez.

¹ Ques. cal. inspider.

² Despois esta mesura d'a.

³ Tello o n.

⁴ Taxacion d'ell.

⁵ Falso o r.

2

1257, Setembro.

*Pedro Pérez de Manzanal e a súa muller dñelle ó mosteiro de Montederramo
 un casar en Castrelo e o mosteiro dñelles coira en usufruir na mesma vila.*

A.H.N., Clero, Carpeta 1484, doc. nº 6.

In Dei nomine amen. Conoçuda cosa seña a quantos está carta viram que eu, Pedro Pérez de Maçaneda, com mia muler dona Elvira, damos un casar de herdade que auemos en Castrelo aló / moestoso de Monde de Rame, por tal preito que tellamos nós outro que á el moesteyro en essa vila; e a pagamento de min e de mia muler la dita liquen aqueles casares ambas la dictas / alo mosteiro de Monde de Rame en paz; et darmos deste nosa casar aló moestoso una / taega de par en coñocencia cada ano. Et se algúm omel acuer, quer da nossa parte quer da aléa, / que esta carta quere britar, seu maldito et scotomongado et peche na uoz del rey C monumel. Fecta a carta jno mes 10 de setembro, en cta M^o CC^o LXXXV^o V^o. Regnando rey don Afonso / en todos sus regnos, bispo en Ourense don Johair, tenendo Caldelas don Rodrigo Alfonso, / mestrino mayor en Galiza don Rodrigo Garcíu. Que presentes foron: don Pedro, monge de Monte / de Reumo, et don Merlinio, monge. Puy Fernández, letrero du Burgo, et Pay Eanes², capatey/noc Domingo Roça; Johán Mouam, omel³ do abade, et Pedro Fernández; Johán Eanes², capelar du Burgo; Pedro Uizelz / du Burgo et outros maytos que o sagram e o pýram. Pedro Guinchiluz, notario, que a scribiu.⁴

¹No me, un trago embarrado.

²Era comun dizer.

³Su dianal / Tom de Guimaraes.

3

1257, Outubro.

Fernando Fernández de Aguij e os seus filhos vendenlle o mosteiro de Mon-
tederramo as herdades que teñen en Aguij.

A. C. Ourense, Fondo de Pergaminhos Musacos, n° 768.

In Dei nomine amen. Conoçuda cosa seña a quantos está carta viram / que eu, Fernán Fernández d'Aguij, con meus fillos Pedro Fernández et Marina Fernández et María Fernández et Dominguo Fernández, fizemos carta de uençõe / de quanto herdade auemos en Aguij, a toda parte, a montes e / a fontes, / a uns, don Johane, abade de Monte de Rame, e ao concerto desse lugár, por preciu nomeado, XXXX ssoldos, et desas somas heas pagados. / Et se algúm omel acuer, quer da nossa parte quer da aléa, que estu / comiquera britar, peche en copia na uoz del rey C monumel. / e a carta seña sempre firme. Feciu a carta en era M^o CC^o / LXXXV^o V^o, jn usorve ouñider. 10 Regnando rey don Afonso en todos sous / regnos, bispo en Ourense don Johair Diaz, tenendo Caldelas don Rodrigo Alfonso, mestrino mayor en Galiza don Rodrigo Garcíu. Que presentes foron: Vaas du Fernández, testis; Johán Fernández, testis; Pedro Eanes², testis; Pedro Carreyu, testis; Dominguo

Bertólez, testis; Juhán Pérez da Rasa, testis; Androu Eanes³, testis, e outros
15 mujtos / que o uxean e oyeron Pedro González qui nunciou.

¹ Na mi, na mi sabes que.
² Eu entendo oulo.
³ Eu escribo oulo.

4

1258, Xuño,

Pedro Eanes de Lampacá e a súa muller vendeñlle á monxería de Monforte derrama a súa casa donde moran, anha leira en Outeiro Rabiao e todo o que el ten na vila de Lampacá.

Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Carpeta C-9, nº 3.

In Des nomine amien. Conocida cousa sea a quantos esta carta uixeron que eu, / Pedro Eanes de Lampacá, con mia muller Eldona Vásquez et com meus fillos, fazemos carta / de nonçón a vós, don ffrey Iohanne, abade de Monic de Branno, e a el consentio desse la/gar¹ da octaua dasquel casar en que eu morro,
5 et dala leýra que saz en / Outer Rrauioso, que compares de Flerida Pérez, et quorum herlade outra en siú en essa vila / de Lampaca, a toda parte, por preceio nomendo. L ssoldas, et deste precio nós sumus / ben pagudas; e a tal preceio que illa teña eu, Pedro Eanes, en menu días, e a miu morre / ficar in prezalo moestera in dito, et in meus días dar dela quarta² de par ei III ssoldas de
10 / derocto cada ano. Et se algúia ueme³ uener que estu carta queyra brilar, / pecie en copia na voz del rey C morauindis e a herlade diablaida en outro sul lugar. / Ffecta a carta iano mes de xunu, en era M⁴ CC⁵ LXI⁶ VJ⁷. Regnando rey / don Alonso en todos seus regnos, inspe en Ourense don Iohán Díaz, tenendo Caldelas / don Rrodrigo Afonso, mestizo mayor en todo
15 Galiza don Rrodrigo García. Que presentes / foron: don Sancha, prior, testis; Vuaesco Pérez, subprior, testis; Sancha Eanes, celareym, testis; Iohán Muñoz, testis, du Bangu; Iohán de Samartino, presbiter, testis; Marija García, testis; don Androu, testis; Iohán Fernández, fillo de Flerida Eanes⁸ de Cariba, testis; Salvador de Queyroga, testis; Rruy González, / casualeym,
20 testis; Pedro García de Ueyga, testis, e outros mujtos que illi nuncion e oyeron / Pedro González qui nunciou⁹.

¹ Despois de oito mesos dousas.
² Una a decimona de que en valer de ouro.
³ So me, da mi sabes que.
⁴ Esta escrito oulo.
⁵ Na dousas. / Come de Lugo.
⁶ Na dousas. / Come de Lugo.
⁷ Na dousas. / Come de Lugo.
⁸ Na dousas. / Come de Lugo.
⁹ Na dousas. / Come de Lugo.

5

1258. Febreiro.

Aoán Andreu do Souto e a súa filla vendeñalle a Eldora Pérez e os fillos de Xodar Fernández unha herdade sobre a fane de Pouzada e unha casa, na freguesía de Santa Tegra.

A. C. Ourense, Fondo de Pergamíños Monacais, nº 784.

In Dei nomine amen. Noium sit presentibus et futuris quid egi. Iohann⁹ Andreu do Souto, con mia filla Martina, fizemos carta / de uençón dúa herdade que auemos a sôbreira fonte de Pouzada e dúa crisa que fez Iohán Grancaluez, meu sogro, suou / de Murmu, et sta sub signo de Santa Tegra, a iás, Eldora Pérez, muler que fui de Pedro Fernández de Moans, / e a fillos de Iohán Fernández. Dámosuela por precio nomeado, L. ssoldos, et desle precio somos⁹ ben pagados e nos quites / daquela herdade la dita. Si algúns omis-
tuer que esta carta quereya brutar, peye en capio na voz del rey. / C
moriandis e a herdade en duthin. Flecia a carta eno mes de fevereiro, en era
10 M⁹ CC⁹ LXXXIº Vº. Rennando rey / don Alfonso en todos sous reynos.
bispo en Ourense don Iohán Diaz, tenendo Caldelas domi Rrodrigo Afonso,
metrino mayor en Galiza don Rrodrigo García. Que presentes fueron: Pedro
Pérez, ruiz de Caldelas; Pedro Uñueyz, Domingo Uassiquez, Iohán Correa, /
don Andreu d'Agüja, Salvador Pérez, Vascos Pérez de Uaderriquia, Pedro
15 Pictor; Meen Rodríguez, camaleyr; Sancho¹ Eanes, monge, e outros que o
uimose e oyeron. Pedris Grancaluez qui notari /MAN/.

¹Degos sonz pernado an.

²No p. das crónicas obisporum:

O hunc agnoscitur;

³No dano do "Censo de Pouzada e Santa Tegra".

6

1259. Febreiro, 23.

*Martina Janes e o seu marido vendelle o mosteiro de Montederramo as
herdades que teñen en Seira, na freguesía de San Mamede de Faras.*

A. C. Ourense, Fondo de Pergamíños Monacais, nº 820.

In Dei nomine amen. Conoçuda cousa será a quantos está carta uirrei que
eu Martina / Eanes¹, con meu muriado² Pedro ...x², fizemos carta de ven-
çón a iás, don Ifrey Ioháne, abba de / Monte de Rians, e ala comunidade
desse lugar de quanta herdade nos auemos en Seira, / d'auengla et de cor-
3 pia, a nubes e a fontes, sub signo de San Mamede de Faras, / por precejo
nomendo, CCC³ et LXVI ssoldos, et dese precio nos sumos ben pagados.

- Ér se algúm / om[e]² uener³ que esta carta queyra britar, nos, per nós et per nossas fóas, alparauos / sempre con elá a decretó. Efecta a curia VII dias
 ante colonias marchas, sub era / de mill⁴ et CC et nonaginta et VII annos⁵.
- (i) Rregnando rey don Afonso en todos seus regnos, / bispo en Ourense don
 Johán Diaz, tenendo Caldelas don Rodríguez Alonso, mestizo en Galiza don /
 Rodríguez García. Que presentes foron: Pedro Pérez, miz de Caldelas, seu
 padre Pedro Ilueye; Martín Pérez / dñ Barro, Pedro Abellón, Pedro Fa-
 nesel de Caudaendo, Fernan Eanes⁶, prelado de Caudaendo, Domingo Pérez
 de San Fiz; Johán Eanes⁷, clérigo de Carballeira, e outros amigos que lu uiron e
 oyeron. Pedro Giaciluez, notario, la iscribió.

Fui iscrita hoxe:

Despues de terminada y corregida.

No me dan traza amarrada.

* Atéis miu postado en:

7

1259. Novembre, 6.

Maria Pérez e o seu marido veredelle á monxerie de Montederramo as her-
 didas que tivo elá de seu patrimonio na vila de Aguij e dulle as heruidas
 que compraron de Marílio Martíz.

A. C. Ourense, Fondo de Pergamíños Moncais, flº 844.

- In Dei nomine amen. Conoguda causa seja a quantos esta carta virou que
 eu, María Pérez, / con meu marido don Andreu, fizemos carta de uençón a
 sñs. don Ifrey Johane, / abade de Monte de Rramo, e a[no]⁸ Monterio desse
 lugar de quanta heruidade eu, María Pérez, air de meu patrimonio na vila
 d'Aguij, por preço nomeado, / LX ssoldos, de quales nós sunhos ben pagá-
 dos. El eu, don Andreu, coi mia muller / fa dicta, dunque a Monte de Rramo
 quanta bordade compramus de Marílio / Martíz por nossas almas. El se algúm
 om[e]² uener que uola queyra demandar, / pecte a heruidade en díbulo et demais.
 E moraidis, e a carta seja firme. Efecta / a carta VI dias de novembrio, sub
 (i) era Mº CCº XCº VIIº. Rregnando rey / don Afonso en todos seus regnos,
 bispo an⁷ Ourense don Johán Diaz, tenendo / Caldelas don Rodríguez
 Afonso, mestizo en Galiza don Rodríguez García. Que presentes foron:
 d'Aguijir Pedro Eanes⁶, Domingo Fernández; Domingo Giaciluez da Costa,
 Pedro Santiago, Pedro Fernández de Pedrouços. Eu, Pedro Giaciluez, que-
 (j) li iscribi ó meu sinal y feijo SIGNO.

Esa sinton a continuación

No me dan traza amarrada.

Despues de terminada

13ta pagina adic.

8

1260, Febreiro, 24.

Aras Pérez de Caldelas cumbia en mosteiro de Monteferramo a herdaide que sen en Senra por douz casares en Pena Peuña, en Trives, e renuncia-as demandas que lle fai ha o mosteiro sobre nus casares.

A. C. Ourense, Fondo de Pergaminhos Monacais, nº 852. Este documento foi carta partida co seguinte:

In Dej nomine atque Sub era [M]C¹ C² L³ XXXX[VII]I⁴, [XXI]II⁵ dias andados do mes / de fevereiro. Comincada cosa sega a todoslos omes que esta carta nñrem como⁶ / eu, Aras Pérez de Caldelas, dou au mosteiro de Monte de Raimo toda min erdaide / que agu en Senra, et quítou et renuncia a esse mosteiro dessusa dicio e a demanda / que fazia eno casar que foy de Pedro Carpentero et de sua muler Martha Eanes⁷. / Quisosi me quis da demanda que fazin eno casar que tem Pedro Pérez, o pedreiro. Todo / esto les eu dou que o aguu des aquí por sempre⁸ por erdaide, et por esta erdaide que les / eu dou, damente eles a min 12 casares en Pena Peuña de Trives, cun todas suas dereitunas, que os tena tanto en meus dias, e a meu pasamento fique[mi]⁹ estes 12 casares ja ditos / a esse mosteiro ja ditu en paz. Eu, Aras Pérez, deua a amar e a defender a esse mosteiro dessusa dito quanto eu poder. Et quem este povo brilar, peite en couto C monachis. / Eu, Aras Pérez, deuo sempre¹⁰ auxiar a esse mosteiro cuo esá erdaide que vos no dou / par myr et per misas hoias, et vós a myr amansi con estos 12 casares que me uos dades en / meus dias. Reimana rey don Alfonso en Leon, en Castella; episcopo en Ourense don Iñaki Diaz, et seendo Trives a Caldelas don Rodrigo Alonso, meyrino en todo Galiza don Rodrigo Garea. / Qui foran presentes: Pedro Cide, Fernán Carballe, Iohán de Santarimo, Iohán Eanes Correa, Domingo Díaz¹¹; Pedro Pérez, joiz de Caldelas, Domingo Vaísquez, Pedro Uiuéy[?] An[drea]¹² Eanes¹³ d'Agin, / Vasco Rodríguez, Fernán Correicas. Eu, Pedro González, notariu de Caldelas, que a Rge / et meu simeo hñ¹⁴ peig /SIGNO/

¹ Desconozco a data exacta año.

² O é final da semana.

³ Data escrito: 24.

⁴ Esta escrito con alter casula de pe-

⁵ Falso nro.

⁶ Q. es el nombre verdadero de los

⁷ Falso nro.

⁸ Esta barata consta da fala / et transcriu se lo baroncico ilustrado q. manda q. se traiga premisa.

⁹ O é una solamente.

1260, Febreiro, 24.

Aras Pérez de Caldelas cambia co mestreiro de Montederryano a herdade que ten en Serra por dous casares en Pena Petada en Trives, e renuncia ás demandas que lle facía o mosteiro sobre uns casares.

A. C. Ourense, Fondo de Pergaminos Monacais, nº 856. Este documento fai carta partida co anterior.

dela. Do dito non se debe desprender que *taleiga* se circunscribise só ao territorio que nos deseñan os datos achegados, pois está ben aboada en portugués ata a época contemporánea e Sarmiento constata a súa presenza en textos pontevedreses antigos (cf. nota 10)¹²; a localización galega na conca do Miño convida a comprobar ata que punto a vía fluvial puido xogar un papel na penetración e implantación desta variante. En galego *taleiga* desapareceu como denominación da medida, aínda que se mantivo co significado inicial de ‘saco’, segundo consta indirectamente en Sarmiento (*taleigueiro*) e de forma expresa nos lexicógrafos posteriores¹³.

Se observamos tamén o mapa que recolle as outras variantes (mapa nº 4: *tega*), vemos indicios dun proceso de cambio que habería que confirmar con maior número de fontes: (a) na área «*taleiga*» as primeiras documentacóns (primeira metade do século XIII) son de *taleiga* e fóra dese dominio son de *teega*, *taega* e *teiga*, e en menor medida de *talega* (variante ou non de *taleiga*); (b) na segunda metade do séc. XIII, xa con maior abundancia de rexistros, observamos na área «*taleiga*» a forte concorrencia de *teega* e, en segundo lugar, de *tega* e *talega*; (c) a situación é similar na primeira metade do séc. XIV, coa particularidade de que *taleiga* reduce o seu dominio ante *teega*, *tega* e *teiga*; (d) finalmente, na segunda metade do séc. XIV só atopamos *taleiga* en Oseira. ¿Que pasou a partir dese momento?: na mesma base de datos comprobamos que *taleiga* ~ *taleiga* desaparece dos seus documentos durante o séc. XIV (o último rexistro é de *taleiga* en 1373 Oseira), e que as

12. En portugués moderno, *taleiga* defínese como antiga medida para áridos sen adscrición rexional (“antiga medida para aceite [dois cántaros] e cereais [quatro alqueires]”, en tanto que *teiga* se trata como rexionalismo miñoto (“três alqueires acogulados de sal”) (Houaiss: ss.vv.); además, só a primeira ten unha familia de palabras derivadas ao seu arredor: *taleiga*, *taleigada* ~ *talagada*, *taleigo* / *teiga*. João Saramago, coa xenerosidade habitual nel, infórmame de que o equipo do atlas lingüístico de Portugal non recolleu a voz *teiga* como medida en ningún lugar, aínda que hai testemuños fiables de que en Caminha é unha medida de sal equivalente a 50 litros; o mesmo equipo recolleu *taleigo* en diversos puntos como ‘saco para transportar o cereal ou a fariña, entre a casa e o muíño’, coa variante *taleiga* en dúas localidades dos Acores.

13. «*Taleigueiro*, *toleiron*, *manteigueiro*, *lareiro*, *lampantin*, *lavérco*, *laranxo*, *maloután*, etc., son nomes despectivos de hombres toscos, grandes, rústicos, mal hechos, etc.» (CVPG: 319). Cf. DD: s.v. TALEIGA, ‘saco pequeno, e en particular bulsa para o diñeiro’, ‘bulsa en que comen as cabalerías’, ‘saco que levan os mariñeiros coas súas cousas ao mar’ e, figuradamente, ‘mil pesos en prata’; s.v. TALEIGO, ‘saco más estreito e longo cá taleiga, especialmente para o diñeiro’; s.v. TALEGA, ‘especie de bitillo que impide comer ao gando’, ‘zurrón’. Os datos do ALGA (questión 879: ‘medidas para gran’) mostran que todas estas variantes medievais concorron en *tega*, que é tipicamente ourensá, se exceptuamos a franxa más occidental da provincia, e penetra no sur de Lugo e nas terras de Dozón e Camba pontevedresas; ademais, o masc. *tego* é nome de medida nun territorio en parte license en parte mindoniense, onde debuxa unha área oriental compacta. Falamos de descendentes da voz estudiada, sen entrarmos no significado e equivalencia de medida. No resto do territorio impúxose a forma *ferrado*, que na Galicia occidental substituí por completo estoutras variantes medievais.

variantes *teega* e *tega* se acaban impoñendo sobre as cada vez más minoritarias *teyga* ~ *teiga* e *taega* (últimos rexistros *teyga* en 1422-Pontevedra e *taega* 1449-Pantón), á vez que amplían o seu dominio oriental.

Á vista de *agusto*, como nome do mes (1228-Allariz, 1233-Melón/Covelo), e das «caendas agustas» (1255-Portomarín), podemos pensar nunha grafía latinizante que lembra a forma latina AUGUSTU. En efecto, os textos romances medievais mostran con frecuencia grafías e solucións latinas, que se explican ou ben porque a lingua de cultura serve de substrato gráfico ou ben porque hai un propósito latinizante; ora ben, non todas as variantes que coinciden coa forma latina son solucións gráficas ou morfolóxicas explicables por esa vía. Consultando a base *TMILG* atopamos outros rexistros na mesma área xeográfica, nun tempo algo alargado (1262 e 1266 Oseira, 1279 Asma, 1391 Ferreira de Pantón); se se trata en efecto dunha grafía seguidora da latina, sorprende que non xurdise en ningún momento dese grande arco temporal noutros lugares. A mesma persistencia no tempo indica que non se trata dun trazo atribuíble nin a un escritorio nin a unha moda circunstancial. Aínda que son moi poucos datos para tirarmos conclusións diatópicas, non sobra lembrar que Melón forma parte dunha área suroccidental que se caracteriza por *magusto* fronte ao xeral *magosto*¹⁴.

6. Dificulta a tarefa a existencia de distintas solucións gráficas, mais ou menos artelladas en modelos de certa continuidade, e mesmo de distintas tradicións escriptolóxicas. Non habendo unha norma única, é preciso un fino traballo de filólogo para descubrir ata que punto as diverxencias se deben a distintas opcións ortográficas para representar a mesma secuencia fónica ou, por contra, a homografía agocha unha variación real. Vexamos só estes dous fragmentos tomados de Friol (c1242), no primeiro salientamos con trazo grosso as vogais da serie anterior e no segundo as da serie posterior:

Pidru Gil iurado **is** prigótado dici **qui** viu **tijr** ad Pi- |² dru Fernādit **et** partír a **vi-**
 lla di Giay **et** **tijr** ad uos |³ di Ffernā Diat sou padre **i** isa villa. Is pregótado quan-
 ta **tif-** |⁴ na **i** isa villa di Giay, dici **qui** ad VIIIJ^a disa villa di |⁵ Giay **et** tina Pidru
 Fernādit **i** iur **et** **i** mau aquila **qui** |⁶ partírā **et** mays nō. Is prigótado do **tepo**,
 respôdui **qui** nō sabe. |⁷ Is prigótado de hora, dici **qui** nō sabe. Is prigótado
qui **erā** presen- |⁸ tes, dici **qui** nō sabe.

14. A similitude non semella casual. Corominas (s.v. AGOSTO) aventura unha relación etimolóxica entre ambas as voces .

[Io]han Pirit iscudeyro de Felgoso, filio di **Pidru** F[e]rná |² Uermuit Reuoliō **iurou**, et is **prigōtado**, dici qui **viu** tijr ad Pi- |³ **dru** Fernādit et ad **sou** filio ī iur et ī mau ad VIIIJ^a da |⁴ [vlila **tuda** de Giay pur si et **pur** **sous** **tudures** et leuar |⁵ [in]de a renda et inde padrō.

Da análise destes dous fragmentos dedúcese que o grafema <i>, en función vocálica, representa un abano fónico que recobre o arco /i - e/, en posición tónica ou átona; en cambio, o grafema <e> representa normalmente /ɛ/, tónico ou átono (sublinhados no texto), e só minoritariamente /e/ átono. Destacamos, con todo, a forma *quin*: se se trata do relativo *quen*, sorprende a opción con vogal pechada en lugar de /ɛ/, polo que habería que estudala con máis rigor xunto coas restantes vogais trabadas por nasal (cf. *quin* nos *Foros de Castelo Rodrigo* [1280-1290, cfr. Cintra 1959] e en 1315 Orcellón [cfr. Maia 1986: 694-695]); de todos os xeitos, cremos más probable que se trate da elisión da vogal inicial do pronome *en* e que haxa que ler *qui'(e)n*. Canto á serie posterior, atopamos /o/ grafado como <u, o>, en ambas as posicóns, e /u/ como <u>, aga no contexto de núcleo con coda nasal, <ō> (*prigōtado*, coma *padrō*). Así pois, testemuños como *li(s)*, *respondiu* ou *aquistoo*, dentro deste sistema gráfico, non deben ser tomados como rexistro de dativos en *-i*, de P3 do Indicativo Pretérito de verbos da CII en /iu/ ou de demostrativos autónomos con /i/ nas terras de Sobrado en época temperá, senón como grafías equivalentes a *le(s)*, *respondeu* e *aquesto*, as formas esperables neste territorio¹⁵; pola mesma, non podemos afirmar se en *tijr* temos ou non o primeiro testemuño dun *tir* que sabemos existe hoxe non lonxe deste lugar, nin se baixo a forma <dy> do SPte de *dar* hai unha lectura /d/ ou /di/, como en «e traslado de ueruo a ueruo que non tollý nen a dy per mandado de don Afonso Rodrigues» (1294, CDVilarDonas: 271). Este tipo de soluciones gráficas —que expón no capítulo correspondente Ana María Martins, como características do que ela chama “escrita primitiva portuguesa conservadora”— repítense noutros textos deste período emerxente, coma o de 1247-Páramo, próximo xeograficamente do anterior:

15. As tres formas teñen distribución dialectal no galego medieval: as formas do dativo en *-i* son típicas do galego suroccidental, as formas de Indicativo Pretérito da CII do occidente coruñés e os demostrativos autónomos con /i/ de dúas áreas, unha tudense e outra mindoniense occidental. Noutro tempo e lugar (Álvarez / Xove 1998: 44), interpretamos testemuños de *isto* e *aquistoo* en Sobrado 1300 como antigo límite meridional da área mindoniense de /i/ nos demostrativos neutros; esta posibilidade dun sistema gráfico diferente obríganos a volver sobre os textos para confirmalo ou corrixilo.

quanta | uoz a_mj̄ pertijze por mea cabiza ī Uilar Moystero. Et eu outrusi, Adā Martiz īsimbla | cū meos irmaos, Valasco Martiz e Guillelmj Martiz, outorgamos a uós, dō Monio Fermādj, | e a_uossa uoz quanto irdamento quanta uoz a_nós pertijze ī Uilar Moystero.

O traballo con concordancias, sen referir os rexistros individuais ás coordenadas en que se estea cada texto, pode inducir a erros deste tipo¹⁶.

Hai dificultades que son circunstanciais e que, por tanto, deberían ou poderían desaparecer en canto mudasen as condicións. Referímonos, nomeadamente, aos tipos de edición existentes e mais á dubidosa fiabilidade de moitas delas. Obsérvese que situamos o problema nunha dobre vertente: dunha banda, obras rigorosas desde un punto de vista metodolóxico poden responder a un tipo de edición que prescinde de marcar de maneira diferenciada trazos grafemáticos ou de disposición en páxina que son interesantes para a investigación lingüística; doutra, atopamos con maior frecuencia da debida edicións descoidadas ou feitas por persoas inexpertas que ofrecen lecturas pouco fiables.

7. En calquera momento histórico conviven variantes lingüísticas con distribución xeográfica, social ou estilística, ademais de evidentes arcaísmos. Separar unhas e outras non é doado, nin sequera respecto da lingua actual, sobre a que existe un coñecemento, unha proximidade e unha posibilidade de consulta que non temos para a Idade Media. Formas que son características dunha zona poden ser variantes doutro tipo noutra. É traballo tamén do filólogo tentar distinguilas sen caer na trampa de pensar que todas as variantes son (só) diatópicas.

O estudo diacrónico do pronome autónomo *elo* (Álvarez 2003-2006) permitiu-nos concluír que esta é unha forma autóctona que se documenta desde os primeiros tempos da tradición tabeliónica en galego, pero a mediados do séc. XIV iniciou un ascenso que se fixo máis evidente durante o séc. XV, e só neste momento de máximo apoxeo logrou romper ocasionalmente a restricción sintáctica que lle impedía funcionar como suxeito; comprobamos, ademais, que os demostrativos autónomos con <i>e</i> e *elo* pertencen a variedades distintas e non adoitan concorrer no mesmo texto (nin son habituais na

16. Son moitos os exemplos que se poderían poñer nesta secuencia argumental. Valla estoutro testemuño da área de Ribadavia (Tato 2004:771): «E mandu a mí uina de su a eclesia de Francelu e a do Rigeiru a meu tiu [...]. E mando a Goncaluu Iohanes e a seus quirmauuns hu foru que hec cun ilis, e o qui me fat Iohán Arias, zapateiru» (1260, Testamento de Estevo Pérez), onde o uso reiterado de <i>e</i> por /o/ e <i>e</i> por /e/ non permite, por exemplo, considerar testemuñado o pronome *il*, que se revelará más adiante como variante tipicamente auriense.

mesma área). A cronoloxía das formas e esta incompatibilidade invalida, na nosa opinión, as hipóteses xeralmente asumidas para explicar por que *elo* non evolucionou a *ilo* (consonte *isto*, *iso*, *aquilo*); a nosa análise dos datos levounos a concluír que se conxugaron diversos factores, entre os que destacamos de maneira fundamental a analoxía, sobre todo con *aqueло ~ aquello*. Pero, sobre todo e para o que neste momento nos interesa, levounos a concluir que a tipoloxía dos textos, a súa estrutura interna e o carácter formulario que caracteriza algúns estilos foron determinantes para o ascenso dunhas formas sobre outras.

8. Ata agora fomos enunciando os problemas máis importantes que non todos— con que nos enfrentamos ao facermos aproximacións dialectais á lingua medieval. Ser conscientes da magnitude e complexidade das dificultades é a mellor maneira de prepararse para facer a travesía con algunas garantías de éxito. A pesar de todas as pexas, cremos firmemente na posibilidade de estudio e sistematización da variación diatópica da lingua galega medieval, como xa tentamos mostrar con feitos noutras ocasións.

Animamos unha dialectoloxía histórica e diacrónica que, neste nivel de desenvolvemento dos estudos, ten máis viabilidade enfocada á análise e descripción de fenómenos e formas particulares ca ao establecemento de dialectos diferenciados. A análise de distintos trazos na lingua medieval lévanos a concluir que a distribución espacial e a evolución cronolóxica debe ser establecida mapa a mapa, sen moitas posibilidades de extrapolación. A modo de exemplo, e para non nos estendermos na advertencia, remitimos de novo a un noso traballo recente a propósito da alternancia vocálica en verbos da CIII (Álvarez / Xove 2005): o mapa de *sigues-sigue-siguen/segues-segue-seguen* ofrece importante información sobre a cronoloxía da evolución diatópica da morfoloxía deste verbo en particular, pero como se mostra naquel lugar estas conclusións non atanguen por igual aos outros verbos que comparten hoxe este modelo conxugacional de tripla alternancia.

Para poder elaborar esa descripción dialectal cómpre considerar moitos datos apoiándose mutuamente en estilos similares, con distintos autores, continuándose no tempo, nun mesmo territorio. Se os rexistros galegos do dativo *lli* se concentran en número significativo durante a segunda metade do século XIII en documentos producidos na parte suroccidental da provincia de Pontevedra, temos que concluir que é un trazo dialectal, o que explica a presenza na tradución da *Crónica Geral*, tudense (Álvarez 1994, Álvarez / Xove 1998). Se todos os rexistros do pronome *outré ~ outre ~ outrí* ‘outra persoa’ (port. *outrem*) se concentran nunha área meridional (cando menos, desde a conca do Sil á costa tudense), reiterándose da man de distintos esribentes entre a segunda metade do séc. XIII e o segundo terzo do XIV, te-

mos que concluír igualmente que este era daquela un trazo dialectal desta zona (Álvarez / Xove 1998); o mesmo ocorre cos testemuños de *autro/autra*, que, outrora coma hoxe, caracterizan textos orixinados no territorio lucuau-riense e non se rexistran en ningún outro lugar.

Por iso, o escaso número de textos e, xa que logo, de rexistros engade maior dificultade á misión encomendada polos organizadores do simposio *Na nosa lyngoaage galega* e deste volume. De todos os xeitos, cremos que este achegamento permite tirar conclusións interesantes e suxerir liñas de traballo moi atractivas, como tentaremos mostrar no capítulo seguinte.

2. OS TRAZOS DIALECTAIS DOS TEXTOS DO PERÍODO DE EMERXENCIA

A análise dos primeiros textos desde o punto de vista da variación lingüística non é dodata porque se incumpren os principios antes mencionados: carecemos dos tales moitos datos apoíándose mutuamente en estilos similares, con distintos autores, continuándose no tempo e nun mesmo territorio sobre os que establecermos un deseño minimamente aceptable da arquitectura do idioma nesa altura. Ora ben, iso non impide facer algunas aproximacións e mesmo, coas debidas cautelas, tirar conclusións de interese.

Do que se di a seguir non debe inferirse que postulamos unha estrita continuidade histórica entre variantes nos mesmos territorios. Todo o contrario: como xa indicamos nouros lugares, coidamos que a historia foi moito menos lineal do que se pode crer a primeira vista e que con frecuencia as distintas variantes pasaron por épocas de auxe e decadencia, con abalos e devalos sobre o territorio. Ora ben, esta aproximación dialectal aos primeiros textos pon de relevo, de forma moi evidente, a antigüidade dun bo monólito de trazos que seguen tendo distribución dialectal na actualidade, pois hai que remontalos a unha época anterior á emerxencia da lingua escrita.

Son varias as conclusións que queremos remarcar con exemplos tirados dos textos anteriores a 1260, que organizaremos en tres liñas expositivas. Algunxs fenómenos foron xa comentados ao longo da exposición anterior, polo que agora engadiremos algunxs outros exemplos significativos.

1. O primeiro feito salientable é que, naqueles casos en que xa posuímos información contrastada sobre a variación medieval, estes textos cumplen as nosas expectativas:

- (a) En certos contextos sintagmáticos atopamos a variante do identificador *autr-* en 1255-Montederramo («et non autre») e en 1255-Portomarín («ante ca autro home ne ca outra moler»), e non fóra da área lucuau-riense.

- (b) Nalgúns casos o nivel de coñecemento só permite facermos conxecturas. Por exemplo, no foro de Castro Caldelas atopamos a palabra *cóóma ~ cóómia* (variantes de *coima*, ‘multa, paga compensatoria’) e unha busca en *TMILG* permítenos documentar esta variante, con pequenas diverxencias formais, nunha área SW, entre a liña Oseira-Terra de Aguiar-Allariz e a costa tudense¹⁷.
- (c) A partir de lat. DEBITA espérase en galego *débeda*, que é efectivamente a forma maioritaria nos textos. Ora ben, a cartografía mostra que as formas en *-ida* (*dévida* ou *dívida*, con variantes gráficas), con non ser moitas, están concentradas nunha área xeográfica suroccidental (tudense en sentido amplo), diferenciada con frecuencia na cartografía dos fenómenos medievais; neste caso advírtese, ademais, que con estes datos as formas distribúense en dúas áreas contiguas complementarias. Baixo a forma *deuida* atopámola na tradución da *Crónica Geral* (ms. 8817, tudense), en tanto que o manuscrito A₁, más tardío e doutra área xeográfica, mostra *déueda*. Consonte o exposto, nos textos alborais analizados para esta ocasión atopamos *deueda* en 1228-Allariz (5v) e 1255-Maceda.
- (d) No Subxuntivo Presente do verbo *dar*, Maia salienta o predominio de *de-* en todo o territorio e en todo o período que estuda, mais tamén que as formas con tema *dia-* ou *dea-* só se dan en documentos galegos, nomeadamente lugueses e ourensáns, de onde infire que na Galicia oriental convivían as dúas flexións do subxuntivo, *de-* e {*dia-*, *dea-*}; indica ademais que esta área prolonga a área lingüística asturiana e leonesa, onde tamén conviven estas opcións (1986: 778-779).

Os datos de *TMILG* permiten facer unha aproximación máis matizada. Sen cuestionar o predominio xeral de *de-*, pódese afirmar que *dia-* ten un amplio territorio oriental onde é moi característica desde os primeiros tempos, e de feito Maia non dá exemplos doutra opción para a rexión de Lemos-Caldelas-Montederramo. En cambio *dea-*, que tamén conta con rexistros esporádicos desde o inicio no centro-oriente, vai gañando espazo pasenxadamente e ten un grande auxe no séc. xv, disputando o terreo tanto a *dia-* coma a *de-*. O mapa actual mostra como *dia-* reduciu o seu espazo primitivo, pois xa non se re-

17. Os rexistros son poucos e case todos do séc. XIII. Ademais dos do foro de Caldelas, *cooma* en 1283-Nogueiroá (Terra de Aguiar) e 1332-Oseira, *cóóma* en 1289-Tui e 1296-Baiona, *tooma* en 1283-Tui (lectura defectuosa por *coomá*). Houaiss (s.v.: COIMA) dá como variantes documentadas en port. antigo 1255 *coomia*, 1262 *cóógma*, 1262 *cooyma*, séc. XIII *choomba*, séc. XIII *combaa*, 1331 *cooimba*.

olle nesa gran rexión lucuauriense vertebrada polo Sil e o curso medio do Miño, onde tiña unha gran presenza antigamente; mostra tamén como nesta área e en todo o occidente triunfou *dea-*, sen deixar vestixios da forma *de-*, outrora maioritaria (*ALGa*: I 230).

Os nosos textos testemuñan a variación descrita xa desde os inicios. Atopamos *dia* (e *dy*) en 1228-Allariz e *diales* en 1255-Trives, no cerne da área de *dia-*, xunto a un uso xeneralizado de *de-*, que inclúe textos da veciñanza: *dé* (c1253-Ombre), *dés* (1233-Melón/Covelo), *dedes* (1231 e 1233-Melón, 1244-Veiga, 1250-Montederramo), *dé ~ dem* (1244-Veiga, c1253-Ombre).

- (e) Como xa se dixo, as formas con /i/ tónico nos demostrativos autónomos teñen carácter dialectal na época medieval, cun territorio pouco más amplio có que ocupan actualmente (Álvarez / Xove 1998: 43-45). Na Galicia medieval, as formas con /i/ son características dunha rexión situada no centro-sur da actual provincia de Pontevedra (coas terras ourensás veciñas), que comprende o territorio tudense; con menor frecuencia, tamén se atopan nunha rexión no extremo norte, no mindoniense occidental. En ambas as dúas áreas sempre se documentan, asemade, as formas con /e/, constantes no resto do territorio galego. En concordancia con isto, os textos analizados ofrecen os seguintes datos de /e/: *esto* (1228-Allariz, 1252-Veiga, 1254-Vilafranca, 1255-Melón/Mondariz, 1255-Maceda, 1255-Portomarín, 1257-Monfero, 1260-Pruzos), *a_esto* (1255-Portomarín, c1253-Ombre), *desto* (1255-Maceda), *aqesto* (1228-Allariz, 1257-Monfero). Dous dos rexistros de /i/ corresponden a *isto* na área tudense, confirmando a descripción anterior (1233-Melón/Covelo e 1255-Sobroso); o terceiro (1240-Corgo) non se pode tomar en consideración a estes efectos, porque procede dun texto híbrido en que <i> representa adoito /e/ (v.g., *ista* 'esta', *inla* 'na').

2. Permiten a datación moi temperá de trazos diatópicos e nalgúns casos axudan a fixar unha cronoloxía diferente segundo os territorios.

Está xa presente a variación entre *sou* (< SUU) e a forma analóxica *seu*, pero en cambio áinda é xeral a presenza de *meo ~ meu* (< MEU); o paradigma máis achegado á base latina, *meu-tou-sou*, rexístrase en textos galegos de mediados do séc. XIII e contrasta cos do noroeste portugués no mesmo período (Maia 1986: 676n). Os textos analizados mostran claramente esta diferenza entre *meu / sou* (c1253-Ombre e c1260-Caaveiro, 1251-Veiga, 1253-Ramallosa, 1254-Vilafranca, 1257-Casoio), e a eles poden sumarse os rexistros de *sou* en 1241-Castañeira, 1257-Pallares e 1260-Cereixo, sen ocorrencias da forma de 1P; en cambio, noutros atopamos xa nestas datas o testemuño da

forza analóxica, en *meu / seu* (1228-Allariz, 1243-Lourenzá, 1255-Portomarín, 1259-Montederramo), *meo / seu* (1255-Sobroso), *teu e seu* (1255-Trives), *seu* (1247-Maceda, 1255-Portomarín, 1256-Trives, 1257-Monfero, 1258-Monterroso, 1259-Guntín). Na consulta de *TMILG* obsérvase como a presenza de *sou* vai diminuíndo ao longo do período medieval, de forma que no século XV apenas ten rexistros na escrita, todos na Galicia meridional, lonxe das áreas de maior presenza actual de *tou-sou* e mais da analóxica *mou* (*ALGa*: II 237-240). Por contra, a innovación *mou* apenas tivo traslado á escrita na lingua antiga, pero nos escasos rexistros percíbese unha liña ascendente no tempo (cos datos de *TMILG*, 1 rexistro de 1270, 8 no séc. xiv, 10 no séc. xv).

Está tamén xa desde os inicios a variación entre *deu* e *dou* no Indicativo Pretérito de *dar*, curiosamente con maior presenza da forma que se supón analóxica: *deo* (c1260-Caaveiro), *deu* (1240-Corgo, c1253-Ombre, 1257-Monfero [3v]) / *dou* (c1242-Friol [3v], 1260-Cereixo). Hoxe *dou* ocupa un territorio compacto no NW, constituído pola diocese compostelá e os territorios contiguos, e mais outro máis pequeno no límite oriental; ambos teñen unha expansión, en dirección leste e oeste respectivamente, na forma *diu* (*ALGa*: I 225). Os datos dos primeiros textos non desmenten esa distribución territorial, pois Pontedeume, A Capela, Monfero e Friol sitúanse nos límites da área occidental descrita, O Corgo no corazón da de *deu* e Vimianzo na de *dou*. O mesmo ocorre na 1P deste tempo: xunto á forma maioritaria *dei*, a lingua medieval coñece unha forma *di*, que Maia localiza na banda oriental (Lourenzá, Lugo, Quiroga, Caldelas, Allariz); os nosos textos ofrecen xa o testemuño de *dey* en Friol (c1242) e Caaveiro (c1260) fronte ao de *dj* en Maceda (1255).

Na 3P dos pretéritos fortes, o galego medieval presenta solucións en *-e* (~*-i*), que se continúan en territorio portugués, e solucións en *-o*, tipicamente galegas; segundo a descripción de Maia (1986: 780) as formas *disse* e variantes son esporádicas e conviven con *disso*, pero a abundante información achegada por Carlos Cordeiro (2003: 245-247) permite establecer que, para este verbo, as formas en *-e* son esporádicas no occidente coruñés e concentradas no territorio tudense (Baiona, Sobroso, Salvaterra, Tebra), e que só andando o séc. xiv comezan a aparecer neste testemuños da forma innovadora en *-o*. Esta variación temperá está tamén presente nos textos que estudamos: *disse* (1255-Melón/Mondariz, 4v), *dise ~ disse* (1260-Cereixo, 3v) / *disso* (c1253-Ombre, 3v; 1257-Monfero, 2v).

Na 1P do Indicativo Presente de *haber*, ademais de *hei* e variantes gráficas, os textos galegos presentan unha forma primitiva *aio* (coas variantes *agyo*, *agio*, *ayo*, *ajo*...). Maia explica a primeira como forma reducida, orixinada en posición proclítica no seu uso como verbo auxiliar, en tanto que a segunda sería a forma plena (Maia 1986: 770). Os datos que achega a autora non

son concluíntes, pois faltan formas en amplos dominios territoriais, pero en todo caso si podemos afirmar que todos os rexistros de *aio* se localizan nas dioceses de Mondoñedo e Lugo ou na súa inmediatez (Monfero, Viveiro, Lourenzá, Lugo, Portomarín, Deza, Caldelas), onde é minoritaria *ei*; en cambio, a forma *ei* aparece salferida, aparentemente sen competencia, en occidente. Nos primeiros textos atopamos *aio* (1243-Lourenzá, 1252-Veiga [5v]), *ayo* (1254-Vilafranca, 1255-Portomarín), *agbo* (1259-Montederramo), *agyo* (1255-Maceda) e *agio* (1260-Pruzos), que confirman e amplían a localización nororiental; en todos eles *haber* ten carácter predicativo (v. gr., «quanta heridade eu agyo en Gijzo»). Na mesma área tamén ocorre *ey*, como predicativo (1240-Corgo, 1251-Veiga [3v], 1257-Casoio, 1260-Pruzos) ou como auxiliar («hey a_auer», 1243-Lourenzá).

Está tamén desde os inicios a variación entre *sea* e *seja*, poñendo en entredito a suposta influencia castelá para a primeira (Maia 1986: 828-829). Nos textos hai unha permanencia considerable das formas latinas *sis-sit-sitis*, do Subxuntivo Presente de SUM, que non permiten saber que forma romance encobren¹⁸; en menor medida rexístrase *sedeant*, do Subxuntivo Presente de SEDEO, que probablemente testemuña *seja* (1250-Montederramo). As solucións gráficas con <i, j, y, g, gi>, que trasladan a palatal procedente de -d-, son as maioritarias (61%), pero en menor medida do que se desprende dos textos analizados por Maia. Todos estes nosos rexistros de *sea-*, coma a maior parte dos aducidos pola ilustre colega coimbrá, sitúanse nun espazo suroriental, limitado por Melón, Lugo e Vilafranca: *sea* (1231-Melón/Borbén [2v], 1240-Corgo, 1254-Vilafranca, 1255-Portomarín [6v], 1255-Trives [2v], 1257-Casoio, 1258-Monterroso), *seea* (1259-Montederramo), *seā* (1254-Vilafranca), *seam* (1258-Monterroso); con frecuencia son as más temperás nos respectivos lugares, polo que, na nosa opinión, confirman un continuum antigo coas variantes leonesas e coas que se habían converter en normais no espazo castelán¹⁹.

18. Os datos son os seguintes: *sis* en 1251-Monterrei; *sit* en 1233 Melón/Covelo, 1243-Lourenzá, 1244-Veiga, 1250-Montederramo, 1251-Monterrei (3v), 1251-Veiga, 1257-Pallares, 1257-Meira, 1259-Guntín; *sitis* en c1253-Ombre (2v).

19. Os datos da outra variante son os seguintes: *segā* (1243-Lourenzá, 1247-Páramo, 1258-Friol [2v]), *sigā* (1247-Páramo), *segia* (1260-Pruzos [2v.]), *seia* (1233-Melón/Covelo, 1241-Castañeira, 1243-Lourenzá, 1251-Veiga [3v], 1252-Veiga [2v], 1253-Ramalloso, 1256-Trives, 1257-Monfero, 1257-Meira [2v]), *seiamos* (1233 Melón), *seiā* (1255-Trives), *seyā* (257-Castañeira, 1257-Casoio), *seyā* (1255-Maceda). En contra do que afirma Maia (1986), *sexā* non é o paradigma xeneralizado no galego moderno, pois, ainda que as *Normas morfolóxicas* vixentes consagran *sexā* (para os criterios, vid. RAG/ILG 2003: 163), esta variante apenas se rexistra nos traballos de campo (*ALGa*: I 366). Houbo, por tanto, unha recuperación e unha expansión de *sea-*, axudada ou non pola coincidencia formal co castelán.

Non fixemos unha busca sistemática dalgúns trazos que sabemos que hoxe se dan con variación diatópica, polo que xa nos están anunciando que teñen interese para nós. Por exemplo, sen presumir nada sobre a distribución xeográfica en tempos tan recuados, o certo é que atopamos *fumo* (1228-Allariz) nunha área que hoxe ten ese trazo; e, máis sorprendente, *mostiro* (1259-Guntín), que a priori ten o aspecto de lapsus ou curiosidade gráfica, amósase xustamente en Ferreira de Pallares, nunha pequena área que hoxe se caracteriza, fronte a todas as outras variedades de galego, polas variantes *castiro* e *macira* ('castiñeiro, maceira', *ALGa*: II 112).

3. Finalmente, confirman que o cambio lingüístico non sempre prograsa de forma lineal, pois o triunfo dunha forma vai acompañado de avances e retrocesos sobre o territorio. Nesta liña argumental, os primeiros testemuños de variación mostran con frecuencia a existencia dunha historia previa, oculta pola falta de textos en romanzo (cf., máis arriba, como exemplos, os comentarios a propósito de *setembro/setembro* ou de *deu/dou*); dito doutro xeito, nalgúns casos as formas que dominan nestas décadas iniciais da escrita en galego non son as más próximas do étimo, como se esperaría nun esquema ideal, áinda que estas poden rexurdir con forza máis adiante. Por tanto, confírmase que a evolución non prograsa en liña recta, polo que cómpre ter moi en conta as coordenadas espaciais e temporais en que se comproban os testemuños probatorios.

APÉNDICE

A maior parte dos textos fóronnos facilitados por Henrique Monteagudo [M], Ana I. Boullón [B] e Boullón / Monteagudo [B/M], que preparan a edición dunha escolma que axiña verá a luz. Os restantes fóronnos facilitados por Raquel Rodríguez Parada [R] e por Ramón Lorenzo [L]. A todos eles, o noso agradecemento.

ED.	MES/DÍA	REDACTOR	FORMA DE CITA
M	Abril, 29	Nuno, not. concilij de Allariz	1228-Allariz
M/B	Agosto, 25	Pedro Rodriguez Manteyga	1231-Melón/Borbén
M/B	Febreiro, 4	Petrus Petri	1233-Melón/Covel
M/B	Decembro, 3	Petrum Alfonsi	1240-Corgo
R		Fernando el escriuan	1241-Castañeira
M/B		Ruy Pirit	c1242-Friol
M/B	Outubro, 15	Petrus Johannis	1243-Lourenzá
M/B	Xaneiro	Johanes	1244-Veiga
M/B	Abril, 6	Bartholomeus de Ulloa	1247-Páramo
L	Novembro	Pedro Caro	1247-Maceda
M/B	Montederramo	Petrus Martini	1250-Montederramo
M/B	Novembro, 27	Petrus Martini das Maus	1251-Monterrei
R		Migael Fernandez	1251-Veiga
R		Frater Fernandus	1252-Veiga
M/B	Xullo, 8	Rodrigo Sanchiz	1253-Ramallosa [Baiona/Nigrán]
M/B	Setembro, 14	Lourenço Eanes	c1253-Ombre [Pontedeume]
M/B	Setembro	Sancho Perez	1254-Vilafranca [do Bierzo]
M/B	Xaneiro, 22	Pelagiou Iohanni	1255-Trives
M/B	Xullo, 10	Pelagius Iohannis	1255-Trives
M/B	Xullo, 15	Johan de Santiago	1255-Portomarín
M/B	Xullo, 25	Joham de Santiago	1255-Portomarín
M/B	Agosto, 23	[Pedro Moogol]	1255-Melón/Mondariz
M/B	Setembro, 22	Gonçalu Martiiz	1255-Maceda
M/B	Decembro	Johan Fernandiz	1255-Sobroso [Pontearas/Mondariz...]
M/B	Marzo, 1	Pelagius Iohannis	1256-Trives
R	Abril		1257-Casoio [Carballeda de Valdeorras]
M/B	Abril, 26		1257-Monfero
R	Agosto		1257-Castañeira [prov. Zamora]
M/B	Novembro, 8	Pedro Iohannis	1257-Pallares [Guntín]
M/B	Decembro, 25	Pedro Calvo	1257-Meira
M/B	Xuño, 5	Johannes de Leiro	1258-Friol
M/B	Setembro, 17	Sancius Moniz ?	1258-Monterroso
M/B	Marzo, 31	Petrus Martini	1259-Montederramo
M/B	Xuño, 22	Ffernandus	1259-Guntín
M/B	Xaneiro, 11		1260-Cereixo [Vimianzo]
B	Outubro, 15	Pedro Perez de Jenrozio	1260-Pruzos
B	Marzo, 26	Pedro Perez de Jenrozio	1260-Pruzos [Irixoa/Monfero...]
M/B		[Nodiça do celareyro]	c1260-Caaveiro [A Capela]

TEXTOS PRIMITIVOS DA FRANXA ORIENTAL¹

Raquel Rodríguez Parada

Instituto da Lingua Galega (USC)

...no sólo alcanzaba el idioma gallego hasta Lamego, por lo que hoy son tierras portuguesas, sino que en Asturias, León y Zamora era tan usual, que aún hoy se conserva en algunas comarcas de aquellas provincias, y los actuales dialectos leoneses guardan el sello de la pasada influencia. El bable de occidente conserva muchísimas voces gallegas... También en la Puebla de Sanabria persisten gran número de voces...

Leandro Carré Alvarellos, *El idioma gallego en la Edad Media* (1973)

O traballo que presentamos ten como finalidade ofrecer unha visión xeral dos textos galegos da franxa oriental. Para comezarmos temos que establecer unha distinción entre textos literarios e textos históricos e centrarémos exclusivamente nestes últimos, pois presentan máis heteroxeneidade ca os literarios.

Por cuestiós metodolóxicas e dado a época que estudamos, falaremos de astur-leonés para referímonos ao dominio lingüístico que se estendía polas actuais provincias de Asturias e León, seguindo así a denominación empregada por García Arias (1995: 619).


O *corpus* do que partimos está formado por versiós a— lgunhas delas incompletas— de catro obras en prosa histórica, polos foros de Castelo Rodrigo e mais por 49 documentos notariais, aos que accedemos a través de lecturas feitas por historiadores². Cómpre advertir disto, pois somos cons-

1. O noso agradecemento a Ana Boullón, polas súas susxestións, e a Luz Méndez, por darnos a coñecer textos da franxa dos que non tiñamos constancia.
2. A revisión da lectura, o contexto co documento orixinal a— s veces, copias— e as pertinentes emendas serán recollidas na miña tese de doutoramento, *Documentos notariais en galego do século xiii. Edición e estudio lingüístico*, hoxe en curso de realización. Tamén daremos conta, máis polo miúdo, do estado do romance na área fronteiriza astur-leonesa.

cientes de que o grao de fiabilidade que nos dan estas lecturas non é o suficientemente alto, ben debido á heteroxeneidade de criterios empregados polos diversos editores, ben debido ao pouco rigor e interese co que se fan, en moitos casos, as transcripcións ~~en~~ itindo o desenvolvemento das abreviaturas, etc.

O marco cronolóxico ao que pertencen os documentos xurídicos abrange dende finais dos anos vinte do século XIII ata o ano 1260 —inclusive,— por ser a data en que se incrementa o uso do romance nas escrituras; é a partir de aquí cando a producción documental en lingua galega se xeneraliza ao poñerse por escrito a lingua que falaba a poboación. O gráfico que segue ilustra este incremento da producción textual no noso *corpus*:

NÚMERO DE DOCUMENTOS NOTARIAIS EN GALEGO DA FRANXA POR DÉCADAS



Dende a actualidade, intentar adscribir lingüisticamente moitos dos textos do corpus á área galega ou astur-leonesa non é unha tarefa fácil e, como consecuencia, calquera tentativa para o estudo deste tipo de documentos da franxa vai ser tratada con moita cautela.

1. A CONFORMACIÓN DA SOCIEDADE GALEGA NO SÉCULO XIII

Para estudar o galego nos textos primitivos da franxa oriental debemos ter presente que as fronteiras actuais non coinciden coas existentes no proceso de conformación do idioma e están condicionadas polos acontecementos histórico-políticos.

Coa chegada dos árabes á Península Ibérica prodúcese a fragmentación da Hispania entre os territorios cristiáns do norte e os que estaban baixo o dominio musulmán no centro e sur. A ocupación islámica dos territorios do sur reforzou a unidade entre os principados cristiáns situados no centro e

norte peninsular e, como consecuencia, Galicia, cunha feble invasión árabe, estivo vencellada á coroa galego-astur-leonesa dende finais do século xi ata mediados do xii, momento en que esa unidade comeza a desfragmentarse: por un lado o reino de Portugal (a. 1140), por outro o conxunto galego-astur-leonés e, finalmente, o castelán.

Durante os séculos en que se mantivo unida a coroa houbo unha serie de feitos que trazaron a historia política galega e peninsular. A sociedade galega no século xii presenciou o nacemento da poboación urbana e o aumento de poder e consolidación da nobreza. É o momento en que a cidade compostelá experimentou un gran cambio social marcado polo aumento das peregrinacións e pola promoción cultural levada a cabo polo bispo Xelmírez. Na península, o reino astur-leonés vai perdendo autonomía, destacan as relacións entre a España cristiá e Galicia e a inversión do equilibrio de forzas e poder entre o sur islámico e o norte cristián, a favor deste último.

A independencia do reino galego-leonés rematou en 1230 co reinado de Fernando iii o Santo, que uniu as coroas de Galicia, León e Castela e estendeu os seus dominios cara ao sur peninsular. Neste período o monarca comenzou a introducir o castelán no ámbito xurídico-administrativo, medida que se viu referendada durante o reinado de Afonso x (1252-1284) e os seus sucesores, que ante a heteroxeneidade lingüística dos dominios da coroa —vasco, astur-leonés, galego, castelán e árabe— estableceron o uso do romance castelán na chancelaría real.

No século xii Galicia aínda posúe unha grande autonomía, malia non ser un reino independente, grazas ao proceso de urbanización e ao nacemento da nobreza como nova clase social (Pallares 1987). A separación política entre Galicia e o país veciño a finais do século xi, coa conseguinte creación do reino de Portugal na primeira metade do xii, aínda non ten repercusión lingüística e a unidade entre Galicia e norte de Portugal segue existindo; o galego séguese falando, pero a separación entre o Miño e a zona entre o Douro e o Miño e o centro e o sur de Portugal é cada vez maior. Galicia, por unha banda, e Portugal, pola outra, van fixando unha variedade escrita e como proba está a rica lírica trovadoresca³ e— un corpus de 1.679 cantigas (Tavani 1991: 191)— á que lle podemos engadir, aínda que con moito menor cultivo, a prosa de carácter literario, histórico ou xurídico (Monteagudo 1994b: 175-6). Os acontecementos políticos que se produciron entre a metade do século xiv e o remate do xv foron decisivos para a introdución do castelán en Galicia.

3. Esa rica producción é analizada por Tavani (1991³) e pode lerse unha síntese (2004[2005]) no discurso lido na sé da Real Academia Galega no acto da súa recepción como académico de honra, o 22 de maio de 2004.

Polo tanto, no século XIII, que ocupa a nosa atención, o binomio fronteiras lingüísticas-fronteiras políticas non existía, tratábase dunha serie de falas neolatinas percibidas como modalidade dunha única lingua que variaba dunha terra a outra. Existía un contexto plurilingüe en que convivía o latín, a lingua da escrita, e as falas de transición que se agrupaban atendendo a criterios más xeográficos ou étnicos ca lingüísticos. A chegada do século XIII supón, aínda que cun trazo moi difuminado, o comezo no espreitar da consciencia dos distintos romances (Monteagudo 2004b: 52-60) e é o momento en que o galego comeza a agromar, timidamente, na escrita⁴.

Esta época, caracterizada pola difusividade lingüística e por ser o momento en que o romance escrito se está xestando lentamente, temos documentos notariais e traducións de prosa histórica en que conviven trazos galegos e astur-leoneses, que constitúen unha extraordinaria fonte para o estudo da lingua. A esta hibridación nos textos galegos facía referencia Maia (1986: 932):

Na Galiza, onde os documentos parecem reflectir mais intensamente particularidades da linguagem falada, destacaram-se também alguns elementos comprovativos de uma sensível diversificação regional já durante o período abrangido pelo presente estudo [do séc. XIII ao XVI]. É evidente que não se pretende delimitar claramente determinadas sub-regiões galegas, mas apenas chamar a atención para a singularidade de algumas zonas que, de acordo con o estudo realizado, tinhama una tonalidade dialectal característica e distinta da de outras zonas galegas.

2. DESCRICIÓN DOS TEXTOS GALEGOS DA FRANXA: *¿ANTE QUEM?*

A continuación daremos conta dalgúns textos galegos da fronteira caracterizados por presentar un conxunto de características lingüísticas a camiño entre romance galego e astur-leonés. Somos conscientes de que nesta selección terían cabida moitos más textos que presentan menos características lingüísticas ca os recollidos aquí, onde damos conta daqueles que, baixo a nosa óptica, son os más significativos.

No que respecta ao uso do galego no ámbito da xustiza, consérvanse fragmentos traducidos de catro tratados xurídicos da época: o *Forum Iudicium*


4. Nos cancioneiros galego-portugueses rexistramos composicións en galego dende comezos do século XIII (Tavani 1991: 11), pero nos documentos notariais a forte eclosión do galego data da segunda metade do século XIII.

cum, as *Flores de Dereito*, as *Partidas* e o *Foro Real*, os dous últimos de Afonso x. Non menos coñecidos son os foros de Castelo Rodrigo, editados por Lindley Cintra (1959) baixo o subtítulo de *Contribuição para o estudo do leonés e do galego português do século XIII*.

Como complemento da relación anterior, no noso *corpus* documental recollemos textos notariais que tamén presentan trazos lingüísticos propios da franxa oriental. O primeiro deles, pertencente á documentación do mosteiro de Melón, é coñecido como tombo das viñas de Ribadavia, que se adscribe hipoteticamente ao ano 1228 (Ferro Couselo 1957: 8), pois non ten data⁵ e está parte en leonés e parte en galego (Lorenzo 2004b: 38). Ademais, en Galicia contamos cun texto de 1244 pertencente á documentación do convento de Santa Clara de Allariz (Ferro Couselo 1967: 13-14). Menos problemas na datación teñen os documentos transcritos no tombo de San Pedro de Montes Vilafranca do Bierzo— (Quintana Prieto 1971: 402, 403-4, 404-5, 407, 408-9, 412, 412-3, 414-5, 415-6, 418, 418-9, 422-3, 427-8, 430-1, 431-2, 433, 433-4, 434-5, 435-6, 436-7, 439-40, 440, 443-5, 445-6, 446-7, 447-8), no cartulario de Santa María de Carracedo Penferrada— (Martínez Martínez 1997) e no tombo de San Martín de Castañeda⁶ S— anabria— (Rodríguez González 1970: 246, 252-3, 253-4, 255-6, 256-7), dos que dá conta Boullón (2004: 5-46). Amais, na busca de documentación para crear o que será o *corpus* de estudio da miña tese de doutoramento, incluímos 8 textos máis que presentan trazos lingüísticos orientais. Trátase de documentos recollidos en coleccións documentais de mosteiros e catedrais: do mosteiro de Carrizo (Casado Lobato 1983), do Arquivo da Catedral de Zamora (Martín 1982), do mosteiro de San Andrés de Vega de Espinareda León— (Gómez Bajo 1993) e do Arquivo Diocesano de Astorga (Cavero Domínguez *et alii* 2001). Hoxe os documentos que se recollen nestas edicións custodianse en diferentes arquivos da Península, dato que ofrecemos no anexo xunto con outro tipo de información catalográfica.

A seguir presentamos un mapa coa localización xeográfica dos centros monacais e catedralicios citados:

5. Para un estudo deste texto remitimos ao artigo de Luz Méndez, “Un texto da franxa oriental no *Tombo das viñas de Ribadavia*”, publicado neste mesmo volume.
6. Na documentación recollida neste cartulario aparece o topónimo *Castañeira*, que empregaremos sempre, salvo cando nos refiramos ao título da obra, en que reproduciremos *Castañeda*.



Cómpre destacar que a meirande parte dos documentos deste *corpus* foron localizados en coleccións documentais de fóra de Galicia, excepto o coñecido como *tombo das viñas de Ribadavia*, pertencente aos fondos do mosteiro de Melón, hoxe custodiado no arquivo da Catedral de Ourense, e o documento de 1244, pertencente aos fondos do convento de Santa Clara de Allariz e custodiado no Arquivo Provincial de Ourense.

2.1. Traducións de tratados xurídicos

Entre a primeira metade do século XIII e os tres primeiros terzos do século XIV fixéronse en Galicia versións galegas de textos latinos e casteláns. Algunha, como xa apuntamos presentan trazos astur-leoneses. Verbo desta actividade, son ben significativas as palabras de Lorenzo (1998: 125-6):

[...] os textos galegos son de grande utilidade e moi dignos de ter en conta, pois ofrécenos casos de tradición directa e indirecta e permítennos falar da transmisión e da circulación dos textos pola Península e da intercomunicación entre Castela, Galicia e Portugal.

2.1.1 Contamos cun fragmento de seis folios do *Forum Iudicum*⁷, que data do primeiro terzo do século XIII, publicado por López Ferreiro (1895[1975]: 695-710) nunha edición en que ofrecía o texto latino e o románico. O editor xa indicaba a dubidosa pertenza dese romance á literatura galega: «traducción que en el lenguaje difiere bastante de la oficial y corriente, y es dudoso si más bien debe inventariarse entre los monumentos de la literatura gallega, que entre los de la castellana». Efectivamente, polos trazos que presenta o texto, está escrito en leonés (Lorenzo 2000: 400) e contén unha copia do *Fuero Juzgo* leonés. Monteagudo (1994b: 177) fai fincapé nas deficiencias que presenta a edición de López Ferreiro, hoxe imposible de emendar dado que o manuscrito está ilocalizable.

A obra no seu conxunto é un código de validez territorial que fai unha síntese entre o derecho romano e o consuetudinario propio do pobo godo; o rei Recesvinto promulgou este texto no ano 654, para promover a unificación xurídica do reino. En concreto, os fragmentos que conservamos tratan sobre o matrimonio e o divorcio, a sucesión e herdanza e o derecho penal.

2.1.2 As *Flores de Dereito* son unha tradución da obra castelá *Flores de Derecho* (1235-1252) de Xacobe das Leis, que Pensado (1974-1975: 121), atendendo ás características paleográficas e lingüísticas, datou arredor do deirradeiro decenio do século XIII ou comezos do seguinte. Só se conserva unha parte pertencente ao libro I⁸ que presenta as características lingüísticas do galego exterior: do galego-leonés (Lorenzo 2000: 396).

A obra, dirixida ao futuro Afonso X, recolle as leis máis importantes do derecho romano coa finalidade de que o príncipe pudera solucionar os preitos seguindo as pautas marcadas polos expertos na materia; no fragmento que se conserva en galego-leonés, recóllese a actuación dos avogados e procuradores, o curso dos preitos e dos emprazamentos que se deben facer, os xuízos entre pais e fillos e as acusacións entre irmáns.

7. Do Libro III, os títulos 5º e 6º, do Libro IV, o título 1º e do Libro VII, os títulos 1º, 2º e 5º (López Ferreiro 1895[1975]: 698).
8. Do Libro I: as leis III está incompleta— e IV do título II, os títulos III, IV e V completos, e das leis I e II do título VI (Pensado 1974-5: 123-8).

2.1.3 Do *Fuero Real* (1252-1255) de Afonso x tamén temos unha versión, *Foro Real*, que para Pensado (1974-5: 104-5) está escrita en galego-portugués:

El texto base está teñido de leonesismos, quizás, piensan los editores, por haber sido escrito en la región zamorana. Esas mismas características pueden observarse en la traducción del fragmento, bien por influjo del texto traducido, cosa posible, bien por la naturaleza bilingüe del traductor y de la zona en donde ésta se habrá hecho: el Bierzo. Lo único que no parece muy viable es suponer lo escrito para una comunidad lingüística que entremezcle ambos ingredientes (gallego y leonés) en la proporción que aquí se presentan. Nos inclinamos a creer que lo único que refleja el fragmento II es una continua fluctuación entre dos sistemas fruto de un traductor bilingüe para el que ambos son igualmente familiares y aunque su propósito es el de traducir un texto al gallegoportugués, con frecuencia se olvida de ello...

Con todo, logo da lectura deste texto comprobamos que a lingua en que foi redactado é o galego-leonés, como recolle Lorenzo (2000: 396):

Este texto está escrito coas características lingüísticas do galego exterior, en galego-leonés, e non se pode cualificar de “galaico-portugués”, nin ver impericia no traductor, nin pensar que os leonesismos xa estaban no texto castelán que se traduce como suxire Pensado.

Só se conserva un folio⁹ procedente do Bierzo e custodiado no Archivo Provincial de León. Esta versión forma parte do manuscrito en que se recolle a versión das *Flores de Dereito*, polo tanto a datación é a mesma.

O rei Sabio mandou unificar no *Fuero Real* as leis existentes no seu tempo; esta obra, outorgada inicialmente para a cidade de Valladolid, consta de catro libros divididos en títulos, e cada título está estruturado en leis, nos cales se recolle o dereito tradicional e consuetudinario: o libro I, ao que pertence o folio conservado en galego-leonés, trata da santa Trindade e da fe católica, do rei, dos que non obedecen o mandato real, da garda das cousas da santa Igrexa, das leis, do oficio dos alcaldes, escribáns públicos, voceiros, procuradores e dos preitos.

9. Libro I, títulos x (dende a metade da lei xi ata a última) e xi (dende a lei I ás dúas terceiras partes da IV) (Pensado 1974-5: 122-3).

2.1.4 Despois da obra anterior, o rei Afonso fixo a primeira versión das *Partidas* (1256-1265). Consérvanse fragmentos traducidos ao galego da *Primeira, Terceira, Cuarta, Quinta, Sexta e Sétima Partida*¹⁰. Da *Primeira* consérvanse dous fragmentos, e a identidade lingüística do segundo deles de mediados do século XIV— ten sido discutida. Transcribimos os dous primeiros parágrafos:

Ley .xlviij. Como el predicador pode a las veces aspera-/mente, pero cō me-
sura e nō con vanagloria, a los que sermonar?. / Castigar pode el predicador a las
vezes asperamête en su predica-/ciō; pero devlo fazer cō mesura, ca por el casti-
go desmesurado nō / sse enmenda tābē la vida de los omes como por el outro, nē
fazē a / seus mayorales: ante fincā como querelosos dellos, tenendo que lles / dan
mayor pēna que non deviā aaver... (Askins *et alii* 1997: 28).

O primeiro estudososo que o tirou á luz, Oviedo y Arce (1916: 75), opinaba que as formas discordantes das galegas se debían á tradución feita por un monxe con dificultades ao emanciparse do orixinal:

[...] en el fragmento que hoy publicamos de *Las Partidas*, no hay rastro de leonesismo. [...] nuestro texto está formado por la simple yuxtaposición de voces y giros gallegos y castellanos, y de que todas sus formas se pueden reducir a estos tres grupos: formas gallegas, abundantes; formas exclusivamente castellanas, escasas; y formas comunes, muy numerosas, según conviene al primer período de formación de ambos romances [...] un monje de un monasterio gallego, del último tercio del siglo XIII, que no acertó siempre a emanciparse de la influencia del original» (Oviedo y Arce 1916: 75).

Máis tarde, Askins *et alii* (1997: 24-25) cualificárono como unha versión galega con erros:

10. Da *Primeira Partida*, dous fragmentos: o primeiro contén a lei 10 do título xix e as leis 1 á 5 do título xx; o segundo, contén as leis 48 á 53 do título v. Da *Terceira Partida*, dous fragmentos: o primeiro, da lei 18 ata, aproximadamente, a 40 do título ii a— Igunhas ilexibles; o segundo, da lei 19 á 26 tamén do título ii. Da *Cuarta Partida*, dous fragmentos: o primeiro, de dous folios, contén as leis 9 á 19 do título xviii e a lei 1 do xix; o outro, as leis 1 á 6 do título xxvii. Da *Quinta Partida*, un fragmento con varios folios: lexibles as leis 48 á 52 e 59 á 67 do título v, as leis 3 á 5 do título vi e as leis 4 á 7 do título vii. Da *Sexta Partida*, nun fragmento dun folio, as leis 12 á 17 do título vii e o epígrafe e diárias liñas do viii, as leis 3 e 4 do título xiv, as leis 1 e 2 do xv, a 26 do xvi, as catro primeiras do xvii e a primeira do xviii. Da *Sétima Partida*, nun fragmento con dous folios, as leis 7 á 15 do título ix (Dias 2001: 275-276, Lorenzo 2000: 397-9).

O responsable desta versión, extremadamente descuidado, tenta trasladar ó galego un texto que estaba á súa disposición en castelán. Utiliza formas galegas nas que as vocais medias tónicas latinas non mostran ditongación (*morde, morte, torto, pode, corpo, cegos, flossen, medo...*), pero ó seu lado figuran formas ditongadas que deixan ve-la orixe castelá do texto (*rruegue, viene, cielo...*); mesmo aparecen a pouca distancia *mola* e *muola*. Móstrase algo más coidadoso con respecto ó tratamiento dos ditongos decrecientes, que adoita conservar ó xeito galego (*outro, ou, leygos, dereyo, maneyra, queyra...*), coa presencia de vocais nasalizadas (*bôa, algúia...*) ou coas formas do posesivo (*seu(s), sua(s)*, áinda que tamén aparece *su*), pero non é quen de evitar castelanismos evidentes como *yo, mio* ou *Dios*, e mesmo chega a alterna-la voz *cuello* con *pescop*. Tampouco pode evita-la aparición abondosísima das formas do artigo *lo(s), la(s)* e *el* ou a forma verbal *sarie*. Observamos tamén algún caso de confusión entre os grafemas que corresponden ás sibilantes africadas (*justiza, justiç*).

No entanto, para Lorenzo (2000: 397) está escrito nunha «versión galego-leonesa».

As *Partidas* presenta unha división en sete partes, en que se tratan as sete parcelas fundamentais do derecho: o eclesiástico, o político e administrativo, o procesual e xudicial, o derecho da familia, o de obrigacións e contratos, o de sucesión e o penal. O fragmento que nos ocupa trata dos prelados e das súas tarefas.

2.1.5 No ano 1959 Cintra recollía nun volume unha serie de foros pertencentes a catro vilas *Gastelo* —Rodrigo, Castelo Melhor, Alfaiates e Castelo Bom— da rexión de Riba-Coa, con dous denominadores comúns: seren do século XIII e pertenceren ao reino de León ata a súa incorporación a Portugal. A lingua en que están escritos é unha combinación entre galego e leonés; di Cintra (1959: 502, *apud* Mariño Paz 1998: 161-169):

[...] os sistemas lingüísticos entre os quais oscila a linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo são o galego-português e um tipo de leonês a que não são estranhos certos traços originariamente castelhanos, normais na linguagem de textos redigidos nos fins do séc. XIII.

Os foros que se recollen neste volume forman parte das compilacións medievais de derecho consuetudinario. Foron concedidos polo rei Afonso IX e son foros locais para estas catro vilas, que conformaron un territorio que pertenceu ao reino de León ata que foi unido a Portugal logo do tratado de Alcañices. Inscríbense no período galego-leonés e están divididos en oito libros, en que se recollen leis administrativas, civís, procesuais, etc. entre ou-


tras¹¹, pero todas destinadas a establecer unhas normas lexislativas que serviran para regular a vida dos habitantes desta localidade.

Estes textos xurídicos, sobre todo o *Foro Real* e as *Partidas*, constitúen unha fonte de información valiosísima para o exercicio do notariado, e este feito é o que explica a necesidade de facer traducións a outros romances; era preciso que as leis procedentes de Castela se aplicasen, para un maior cumprimento, na lingua da comunidade. Nelas recóllese información sobre a maneira de facer unha carta, de redactar o documento, o número de notarios que teñen que intervir, o prezo que o notariado ten que cobrar por cada carta, o valor das minutias, a autenticidade das copias, o número de copias que se poden sacar dun documento, etc. Polo tanto, trátase dun *ars notariae* para os profesionais da escrita.

2.2. Documentos notariais

Outra fonte de interese para o estudo da sociedade, da historia e, por suposto, da lingua durante a Idade Media está formada polos textos notariais, de carácter público ou privado, que se conservan en moitos arquivos da nosa comunidade e, como indicamos, tamén fóra dela. Entre a nosa tipoloxía textual destacan os preitos, cartas de venda, doazóns, etc.

No tocante ao conxunto de 49 documentos pertencentes a diversas coleccións documentais, recollemos nesta gráfica o número de textos rexistrados en cada unha delas:



11. Citamos a seguir algúns títulos: «Qui uir porcos ena defesa. viii», «Corral de uberns. xxxxix», «De-las aguas das goteyras. xxxvi», «Que non pongan barco en río. xxviii», «Mercadores de traperia. xxxi», «Qui de noyte andare. lxx»...

A marxe cronolóxica en que se encadran os documentos pertencentes a cada colección recollémola na seguinte táboa, na cal indicamos o máis antigo e o máis recente do estudo:

	nº de textos	máis antigo	último ata 1260
Mosteiro de Melón	1	[1228]	
Convento de Santa Clara de Allariz	1	1244	
Mosteiro de Carrizo	6	1258	1260
San Martín de Castañeira	5	1241	1257
Catedral de Zamora	2	1255	1258
San Pedro de Montes	27	1243	1260
Archivo de Astorga	2	1250	1254
Santa María de Carracedo	4	1245	1251
San Andrés de Vega de Espinareda	1	1256	

Entre [1228] e 1260 — inclusive — nunhas coleccións existen máis textos con trazos orientais ca noutras. Quizais poderíamos xustificar isto pola presenza dalgún escribán ou notario nado ou afincado na zona fronteiriza que plasmase nos escritos a lingua que lle era próxima; estoume referindo a esa lingua híbrida da que vimos falando. Neste sentido, traballar unicamente con edicións feitas por historiadores limítanos, e moito, a nosa perspectiva de estudo; se consultássemos o orixinal quizais a similitude dos trazos da escrita, algunha corrección do texto, o tipo de letra, o sinal notarial, etc., podería orientarnos neste intento de establecer conexións entre textos dentro da mesma diocese, dun mesmo centro *scriptorio* e, incluso, cos centros *scriptorios* próximos.

Tamén debemos ter en conta que no noso *corpus* recollemos cartularios e tombos, é dicir, compilacións de documentos feitas *a posteriori* do momento da escrita; cómpre termos isto en consideración á hora de focar o noso interese nos trazos lingüísticos, pois é moi posible que un documento presente características diferentes cando está feito a partir dunha copia ou, pola contra, dun orixinal. A isto xa se referiu Pensado (1983: 44) cando dicía que o abade Marcos Pérez, encargado da copia do Becerro de San Pedro de Montes, non merecía moitos aplausos polo seu traballo de copista¹².

Polo de agora, e cinguíndonos aos datos que nos transmiten os propios textos, sabemos que o *Tumbo Viejo de San Pedro de Montes* foi confecciona-

12. O propio editor deste tombo destacaba: «la transmisión de los textos se nos presenta defectuosa. A la destacada decadencia del latín, se unieron aquí la ignorancia y la impericia del copista, resultando de todo ello unos textos lamentablemente defectuosos y deficientes. Hay que tenerlo en cuenta al hacer la lectura y estudio de los documentos» (Quintana Prieto 1971: 78).

do entre os séculos XIII-XIV, probablemente polo citado abade Marcos Pérez que se encargou da copia tras a ocupación do seu cargo en 1286 (Quintana Prieto 1971: 17). Dos 27 textos que se rexistran, só en 10 aparece o nome do escribán¹³. A conclusión máis fiable que tomamos destes datos é que o antropónimo *Johannes* que aparece en tres documentos, dous de 1251 e un de 1252?, para referirse á persoa que executou a escrita, pode corresponder ao mesmo escribán.

Dos documentos do *Cartulario de Santa María de Carracedo* fixo unha copia manuscrita en 1792 o fraude Fernando Juárez (Martínez Martínez 1997: ix, vol. I); polo tanto, non debemos deixar de pensar na man do copista tamén nestes textos. Dos catro seleccionados, un ten indicación do escribán *Ruy Martiniz* e dous do notario¹⁴; son de xuño de 1251 e van asinados por *Johan Rodriguez*, que a xulgar polo que se recolle no documento, exerceu a notaría no concello de León.

No resto das coleccións coas que traballamos os documentos son orixinais, polo tanto non hai que pensar nas posibles influencias da man dun copista. Do *Cartulario de San Martín de Castañeda* (Rodríguez González 1973: 2) recollemos cinco textos no noso *corpus*, e só temos noticia de tres escribáns diferentes¹⁵: *Fernando, Fernandus e Migael Fernandez*.

Nos catro documentos da colección diplomática do mosteiro de Carrizo (Casado Lobato 1983) aparece o nome das persoas que os escribiron¹⁶: *Fernan Perez, Iohan Thomas e Iohan Perez* este último é o autor de seis textos diferentes; tres deles forman parte dun documento de marzo de 1260 e os outros tres forman parte doutro de abril~~maio~~ aio de 1260.

Na colección de Astorga (Cavero *et alii* 2001) temos noticia dos escribáns *Dominicus Petrus e Fernan Iohanis*¹⁷, mentres que no único texto que

13. «esta carta fu fecha per manu de *Fernan Perez*» (1243-marzo), «*Petrus Roderici* scripsit» (1245), *Johannes García*, presbiter, qui notuit» (1251-maio), *Johannes* notuit» (1251-maio), «*Fernandus Pelagii*, qui notuit» (1251-outubro), «*Johannes* presbiter notuit» (1252?-novembro), «*Martinus me fecit*» (1255-novembro), «*Fernandus Dominici* monachus hanc cartam notuit» (1257-setembro), «*Petrus Petri*, scripsit» (1258-agosto), «*Petrus* notuit» (1259-febreiro), «*Roy Perez* scripsit» (1260-xullo) e «*Johan Johannes*, scripsit» (1260-novembro).

14. «*Ruy Martiniz* escriví» (1250), «*Johan Rodriguez*, notario e jurado del conceylo de León qui notuit» (1251-xuño-18) e «Qui presentes los mismos y el mismo notario de la antecedente -sic- (1251-xuño-18).

15. «*Fernando* el escriuan» (1241), «*Migael Fernandez* clérigo que escriuío ela outorgacion» (1251), e «*Frater Fernandus* notauit» (1252).

16. «*Fernan Perez* notuit» (1258-novembro), «don *Iohan Thomas* notuit» (1259-xaneiro), «*Johan Perez* qui notuit» (1260-marzo; doc. 2), «*Iohan Perez* notuit» (1260-marzo-26; doc. 3), «*Iohan Perez* notuit» (1260-marzo; doc. 4), «*Iohan Perez* notuit» (1260-abril-23 e maio-8; doc. 1), «*Iohan Perez* notuit» (1260-abril-23 e maio-8; doc. 2), «*Iohan Perez* notuit» (1260-abril-23 e maio-8; doc. 3).

17. «*Fernan Iohanis* la screuío» (1250-decembro-27) e «*Dominicus Petrus* notuit» (1254-agosto-10).

recollemos da documentación do mosteiro de San Andrés de Vega de Espinareda (Gómez Bajo 1993) é o notario *Martinus*, quen estampa o seu sinal¹⁸.

Os dous documentos procedentes de Zamora (Martín 1982) non dan noticia do autor.

Desta análise concluímos que os notarios non coinciden entre os repertorios documentais do noso *corpus* e neste caso, sen o coñecemento do sinal, non podemos afirmar a relación, no caso de existir, entre *Fernan Iohannis* e o notario de Santiago Fernando Iohannis (exerceu de 1226 a 1292), do que nos fala Bouza Álvarez (1960: 618-9). No noso intento por sabermos máis destes homes que escribiron nunha lingua en que conviven trazos galegos e astur-leoneses, consultamos a base de datos da Sección de Onomástica¹⁹ do Instituto da Lingua Galega (ILG) e comprobamos que cadrán nos mesmos anos algúns nomes de notarios que nos aparecen a nós con notarios localizados no tombo de Lourenzá (Rodríguez González / Rey Caña 1992: 11-324); *Petrus Roderici* aparece nun documento de San Pedro de Montes de 1245 e nun de Lourenzá de 1246. De todos modos, cómpre destacar que as cadeas onomásticas dos notarios que temos son tan frecuentes ao longo da Idade Media que podemos falar de homonimia entre os individuos portadores e, como consecuencia, non nos aclaran moito esta investigación.

Da procedencia xeográfica destes personaxes tampouco sabemos nada, pois o único caso algo esclarecedor é o de «Johan Rodriguez, notario e jurado del conceylo de León», pois indícase o lugar onde desempeñaba o traballo este profesional. De seguro que todos eles escribían un romance que lles viña imposto pola súa propia fala e polo esquecemento paulatino dos modelos latinos.

3. ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS DOS TEXTOS

Como contrapunto da uniformización lingüística que presentan as composicións trobadorescas galego-portuguesas²⁰, os textos notariais ofrecen maior riqueza para o estudo lingüístico, pois a— meirande parte— teñen data e indican o lugar da redacción. A pesar disto, debemos afrontar este estu-

18. «(signo) *Martinus*» (1256-xuño-15).

19. Proxecto que se desenvolve no ILG e que segue as liñas do programa Patrom (Kremer 1997 / Cano González 2004).

20. A propósito disto, recordemos o dito por Tavani no seu discurso de ingreso na Academia Galega (2004: 13) «non creo na existencia de linguas híbridas na literatura medieval; a hibridación lingüística nos textos medievais [literarios] resulta ser en todo caso o resultado dun disfraz efectuado por copistas ou executores de orixe diferente da dos autores».

do con cautela por mor da existencia dunha *scripta* determinada, aprendida por moitos escribáns e notarios nas escolas monásticas ou baixo as directrices dun ensinante (Díaz e Díaz 1975).

Recollemos deseguido unhas liñas dun dos textos manexados, que excluímos do noso estudo por considerar que as características lingüísticas que presenta non o adscriben dentro do hibridismo lingüístico ao que nos vimos referindo:

[...] Saban todos ommes que eu, Don Fernando abba de Sant Pedro de Montes, con consello del convento desse mismo monesterio, facemos cambia con vosco Ruy Garcia, cavallero en Oreyam. Damus vos una nossa terra que jaz en Baetadieillo, so carrera, e outra sobre carrera, e determina e la de so carrera con vosco Ruy García per todas partes, ye e la sobre carreyra determina con sancta Maria de una parte e de la outra parte per lo diviso de la villa (1256-maio; *TSPedroMontes*, doc. nº 332, p. 432-3).

Porén, este parágrafo que segue é parte doutro documento, no cal se observan unha serie de trazos na lingua que son de interese para a nosa análise:

[...] Sabian elos que son agora como los que an de seer, que eu Pedro Martínez et mea moler Maria Fernandez hazemos tal preito al abade don Uuiuan de San Martin de Castaneira et a todol conuento de esse logar, del casal que foi de Fernando Arias el freire que auia en Ponte el que dizen del Mato, quita el abade el de cabe la eglesia por ele a Pedro Martiniz et sua moler, per tal preito que laian elos et depois sous filos et sous netos et todeme que deles uener, pero se tal tempo uener que aquela herdade queiran uender uenda ermano a ermano & non a outre se non al monasterio de San Martin et non seia posto preito a la herdade qual se les quisieren mais dos omes bonos desse monesteiro uenan a esse logar et filen dous da uezindade et apreenna et asi seia uenduda [...].» (1241; *TCastañeda*, doc. nº 191, p. 246).

A continuación, sen deternos moito, e seguindo a Cintra (1959), a Rafael Lapesa (1998) e a García Arias (1995) faremos unha aproximación ~~unha~~ ~~cam~~amente nos textos notariais, entre os que excluímos o texto de [1228] por ser estudiado noutro artigo deste volume—a dous trazos lingüísticos que suscitaron o noso interese e que, logo da selección e estudo do corpus, son os que se repiten con maior frecuencia na documentación.

3.1.2 Un dos fenómenos é a evolución dos grupos *-ct-* e *-ult-* latinos e, para o seu estudo, escollemos as formas «dictu,-a» «factu,-a», para o primeiro e «multu,-a», para o segundo grupo. Fixemos unha busca destas formas nos nosos textos e o resultado foi o seguinte:

- a) a vocalización en *-it*: *dito-a, feito-a* é a solución maioritaria nos documentos de Castañeira, Carracedo e Espinareda, con 19, 3 e 4 ocorrências, respectivamente. O grupo *-ult-* con vocalización do *l* implosivo só o localizamos en dez casos: oito nos documentos de San Pedro de Montes e en dous en Castañeira.
- b) a palatalización en *-ch*: *dicho-a, fecho-a* é menos frecuente e o maior número de ocorrências rexístrase nos textos de Carrizo (7 ocorrencias) e San Pedro de Montes (10). As formas *mucho-a* só as rexistramos en dez casos nos documentos de San Pedro de Montes.

Estas dúas evolucións alternan nas formas *feycho, feicho*, presentes no tombo de San Pedro de Montes, que podemos encadrar nunha etapa de evolución espontánea *eit->ch*. Con todo, cómpre destacar (Lapesa 1998: 50) que só se conservan na parte occidental de fala asturiana. Observamos a aparición tamén das grafías latinas —*dicto-a, facto-a*—, que son as maioritarias de maneira rechamante nos documentos de San Pedro de Montes.


García Arias (1995: 632) fala do avance que presentan as formas palatalizadas dende o século XIII no astur-leonés; esta mesma idea apúntaa Lapesa (1998: 50) cando indica que esta palatalización é de influencia castelá, autóctona de León.

Polo tanto, as formas galegas con ditongación do grupo *-ct-* son as más frecuentes.

É cando menos curioso que nos documentos de San Pedro de Montes estas evolucións non sexan parellas nestes dous grupos, cousa que nos fai pensar na posible intervención do copista, o abade Marcos Pérez.

	grupo latino <i>-ct-/ult-</i>			> <i>-it-</i>			> <i>-ch-</i>		
	<i>dicto-a</i>	<i>facto-a</i>	<i>multo-a</i>	<i>dito-a</i>	<i>feito-a/</i>	<i>muito-a/</i>	<i>dicho-a</i>	<i>fecho-a</i>	<i>mucho-a</i>
					<i>feyto-a</i>	<i>muyto-a</i>			
Carrizo (4)	-	1	-	2	-	-	-	7	-
Castañeira (5)	-	4	-	14	5	2	-	-	-
Zamora (2)	2	-	-	1	1	-	1	1	-
Montes (27)	41	10	-	6	5	8	-	10	10
Astorga (1)	-	-	-	2	-	-	-	1	-
Carracedo (4)	-	2	-	1	2	-	-	-	-
Espinareda (1)	1	1	-	-	4	-	-	-	-

A seguir presentamos unhas gráficas que sintetizan a información do cadro precedente:




3.2.2 No pronomé persoal é de destacar a 1P singular, pois hai alternancia entre a forma galega *eu* — s veces con *b*— non etimolóxico—, a do castelán e astur-leonés occidental *yo* e a do ditongo analóxico, dominante no occidente leonés, *you*; desta alternancia xa falou Boullón (2005: 59-60); nos outros documentos, temos sempre *eu*:

[...] pouco e mucho quanto yo hy ey, ata la menor piedra que hy a. Et you Johan Migaellez outrasi dou al monesterio de Sant Pedro de Montes quanta herdad tivey de mia hermana Maria Migaellez, que la mandó meter por la sua anima. Esta herdad que eu dou al monesterio teniala you [...].

A forma que presenta máis ocorrencias é a galega *eu*, seguida de *yo*, de *you* e, finalmente, da latina *ego*. Esta alternancia, xunto coa numerosa presenza de *eu* en textos de San Pedro de Montes fainos pensar, novamente, na intervención do copista Marcos Pérez.

forma latina <i>ego</i>	eu/heu		<i>yo</i>	you/iou	
	<i>eu</i>	<i>heu</i>		<i>you</i>	<i>iou</i>
Carrizo (4)	-	4	6	-	-
Castañeira (5)	-	12	1	-	-
Zamora (2)	-	4	-	1	-
Montes (27)	1	59	1	9	4
Astorga (1)	-	-	-	-	-
Carracedo (4)	-	6	5	-	-
Espinareda (1)	-	-	-	1	-



Observamos como no léxico van aparecendo formas romances que pertencen, dado o tipo de documentos, ao campo da cotidianeidade: «casas, vinnas, terras, montes arotos, por aromper, arbores, pesqueyras, molineyras». Normalmente, sobre todo nos documentos más antigos do *corpus*, é na *expositio* onde temos más formas en romance fronte ao *protocolo* e ao *escatocolo*, as partes do texto que os escribáns e os notarios tiñan más aprendidas ao reproducirse, semellantes ou con pequenas variantes, na meirande parte dos documentos.

No que respecta á onomástica, conviven formas latinas de topónimos «Galecia», «Legione» e antropónimos «Pelagius», «Martinus» con formas romances «Castela», «Castiella», «Pai», «Pelaiz», «Paes», «Martino», «Martín», «Yuannes», etc.

5 CABO

A nosa intención foi facer unha achega a algúns dos textos primitivos da franxa que hoxe en día coñecemos; evidentemente, non están todos os que son e é probable que cunha análise detida dos fondos dos mosteiros da zona fronteiriza e do Archivo Histórico Nacional (AHN) poidamos sumar moitos máis e facermos un estudo detallado da lingua que durante esta época usaron os notarios e escribáns nas súas tarefas cotiás.

A partir do ano 1260, ata o que chega o noso estudo, observamos como nas coleccións documentais manexadas este hibridismo que presentan os textos notariais diminúe e vaise trazando unha escrita más unificada, onde é menor a abundancia de trazos propriamente galegos ao tempo que se van incrementando os trazos do castelán. Polo tanto, esta situación difusa entre variedades lingüísticas non deixa de ser un estadio da lingua nunha época en que o romance, xa existente na fala, estaba agromando na escrita. Na nosa comunidade, esa uniformización lingüística quedará consolidada coa chegada do século XIV, en que aumenta considerablemente o uso da lingua galega na documentación xurídico-administrativa de Galicia.

A *Historia compostelana* considera que entrar ou saír de Galicia significa pasar *per fauces montium*, atravesar a zona montañosa do Cebreiro, e foi isto o que pretendemos facer neste artigo: ver como era o romance durante o século XIII máis alá do Cebreiro.

ANEXO

REXESTO E INFORMACIÓN CATALOGRÁFICA DE DOCUMENTOS NOTARIAIS ÉDITOS PRIMITIVOS DA FRANXA ORIENTAL

A continuación recollemos o rexesto que adaptamos á ortografía actual do galego e regularizamos os topónimos e antropónimos—e algunas indicacións catalográficas dos documentos de carácter xurídico-administrativo da franxa oriental: a referencia do arquivo en que se encontran sem pre que nos foi posible,— e a edición en que localizamos os textos.

Para a escolha dos textos da franxa cos que traballamos, tivemos en conta unicamente unha serie de trazos diferenciais, prescindindo das solucións comúns entre o galego e o astur-leonés, así como de solucións diverxentes explicables polos diferentes estadios evolutivos. Aínda así, atopámonos cunha grande falta de precisión á hora de determinarmos os trazos que permiten diferenciar unha e outra fronteira lingüística.

O trazo máis salientable do leonés que tivemos en conta para foi a ditongación ē, ð e ae latinos e do galego, a conservación do -n- e -l- intervocálicos, os presentes etimolóxicos/analóxicos de TENEÓ, -AM, VENIO, -AM e a solución dos pronomes persoais de primeira persoa.

Mosteiro de Melón: tombo das viñas de Ribadavia

[1228]: “Investigación dos xuíces dos bens de varias ordes en Ribadavia e San Estevo por orde do rei don Afonso ix”.

Arq.: ACOU, Arquivo de Melón, leg. 22, caixa 9, nº 1.

Ref.: Cambón 1957, vol. iv, nº 224 —dátao entre 1188 e 1230; Gallego 1986: 160 —dátao nos anos de reinado de Afonso ix.

Obs.: Ferro Couselo (1957:8) fai referencia a un texto e, polas indicacións que dá, parece tratarse do tombo das viñas «Entre los pergaminos procedentes del antiguo monasterio de Melón, tan ligado a la historia de esta villa existe un apeo, hecho alrededor de 1228, por mandato de Alfonso ix de León, en el cual se nos ofrece una relación de los dueños de las casas y heredades que había en la villa...».

Tombo de San Pedro de Montes (Vilafranca do Bierzo-Ponferrada)

1243-marzo: “Elvira González vénelle a don Xoán, abade de San Pedro de Montes, propiedades en Vilacedeira e Fabeiro”.

Arq.: ADA, TVM, nº 304, fol. 74r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 298, p. 402.

1245: “Don Crímente dóalle a San Pedro de Montes as súas herdades en Valtuille”.

Arq.: ADA, TVM, nº 375, fol. 93.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 300, p. 403-4.

1247-marzo-8: “Don Xoán, abade de San Pedro de Montes, afóralles un terreo en Vilar a Pai Estévez e á súa muller Mariña Pérez”.

Arq.: ADA, TVM, nº 28, fol. 11.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 301, p. 404-5.

1251-maio: “Don Pedro, abade de San Andrés de Espinareda, afóralles un terreo en Rubiana a Martín Fernández e á súa muller Mariña Rodríguez”.

Arq.: ADA, TVM, nº 68, fol. 20.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 304, p. 407.

1251-maio: “Don Pedro, abade de San Andrés de Espinareda, afóralles varias posesións en Rubiana a Xoán Martíns e á súa muller María Marcos”.

Arq.: ADA, TVM, nº 69, fol. 20.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 305, p. 408-9.

1252-abril: “Don Gonsalvo, abade de San Pedro de Montes, afóralles varias posesións en Viobra a Fernán Pérez e á súa muller Mariña Sánchez”.

Arq.: ADA, TVM, nº 65, fol. 19r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 310, p. 412.

1252-maio: “Don Gonsalvo, abade de San Pedro de Montes, afóralles varias posesións en Saguaza a Pedro Fernández e á súa muller María Eans”.

Arq.: ADA, TVM, nº 56, fol. 12.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 311, p. 412-3.

1252-novembro: “Don Gonzalo, abade de San Pedro de Montes, vénelles unha herda en Saguaza a María Pérez e aos seus fillos Gonzalo Muniz e Maior Muniz”.

Arq.: ADA, TVM, nº 55, fol. 12.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 313, p. 414-5.

Obs.: O editor propón esta data por ser o último ano en que foi abade do mosteiro de San Pedro de Montes don Gonzalo (Quintana Prieto 1971: 514).

1252?-novembro: “Dona Xusta doa propiedades a San Pedro de Montes en Vilar de Xudeus”.

Arq.: ADA, TVM, nº 27, fol. 15r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 314, p. 415-6.

Obs.: O editor indica que este texto está mal datado ao non ter en conta o valor da x con vírgula (Quintana Prieto 1971: 416).

1253-xullo-13: “Dona Mariña e o seu marido don Afonso vénndelle a don Gonsalo, o abade de San Pedro de Montes, as súas herdades en San Pedro de Trones”.

Arq.: ADA, TVM, nº 90, fol. 15r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 316, p. 418.

1253-novembro: “Don Xoán Johanis, arcipreste, dálle ao mosteiro de San Pedro de Montes as propiedades que posúe en Vale e en Castrelo”.

Arq.: ADA, TVM, nº 312, fol. 77.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 317, p. 418-9.

1255-xaneiro: “Rodrigo Rodríguez vénndelle ao mosteiro de San Pedro de Montes as posesións de Pumares”.

Arq.: ADA, TVM, nº 21, fol. 9r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 322, p. 422-3.

1255-novembro: “Don Fernando, abade de San Pedro de Montes, afóralles a Gonzalo Núñez e á súa muller, María Sánchez, unha heridade en Saguaza”.

Arq.: ADA, TVM, nº 54, fol. 16r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 327, p. 427-8.

1256-maio: “O abade don Fernando dálle foros aos seus vasallos en Torienzo”.

Arq.: ADA, TVM, nº 183, fol. 49r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 330, p. 430-1.

1256-maio: “Tereixa Fernández e Maior Fernández, co seu pai Fernán Pérez, vénndelle a don Fernando, abade de San Pedro de Montes, as súas propiedades alén do río Sil, en Vilacideira e no Fabeiro”.

Arq.: ADA, TVM, nº 303, fol. 74r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 331, p. 431-2.

1256-xuño: “Pero Moniz, xuíz de Valdeorras, restitúelle ao convento de San Pedro de Montes propiedades en Bobaños, San Cristovo e Quereño”.

Arq.: ADA, TVM, nº 29, fol. 11.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 333, p. 433.

1256-xullo: “Ruí Fernández Pico fai un preito e avinza con don Fernando, abade de San Pedro de Montes, sobre unhas propiedades en Turienzo a cambio doutras en Borrenes”.

Arq.: ADA, TVM, nº 182, fol. 49.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 334, p. 433-4.

1257-febreiro: “Ruí Moniz véndelles ao abade don Fernando e ao convento de San Pedro de Montes todas as herdades que ten en Quereño”.

Arq.: ADA, TVM, nº 25, fol. 10.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 335, p. 434-5.

1257-maio: “Maior Pedres, que foi muller de Alvar Núñez de Turienzo, véndelle a don Fernando, abade de San Pedro de Montes, as súas propiedades de Sancha Fernández en Turienzo”.

Arq.: ADA, TVM, nº 186, fol. 50r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 336, p. 435-6.

1257-maio: “Guter Fernández Piquelos e outros véndenlle as súas propiedades en Turienzo a don Fernando, abade de San Pedro de Montes”.

Arq.: ADA, TVM, nº 184, fol. 50.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 337, p. 436-7.

1257-setembro: “García Eans de Benavente dóalle a don Fernando, abade de San Pedro de Montes, a súa cabana en Morales de Rei”.

Arq.: ADA, TVM, nº 166(bis), fol. 45.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 339, p. 439-40.

1258-abril: “María Johannis e o seu marido véndenlle ao mosteiro de San Pedro de Montes os bens que posúen en Quintanilla”.

Arq.: ADA, TVM, nº 358, fol. 88r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 340, p. 440.

1258-novembro: “Guter Pérez véndelle a don Fernando, abade de San Pedro de Montes, propiedades en Turienzo”.

Arq.: ADA, TVM, nº 188, fol. 50r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 343, p. 443.

1259-xaneiro: “Ruí Peláiz e a súa muller vénndelle ao mosteiro de San Pedro de Montes as súas propiedades de Borrenes”.

Arq.: ADA, TVM, nº 337, fol. 83.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 344, p. 443-5.

1259-febreiro: “Pedro Peláez, monxe de San Pedro de Montes, dálle ao mosteiro as súas posesións en Cesterna, Valdescayos e Manzanedo”.

Arq.: ADA, TVM, nº 211, fol. 53r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 345, p. 445-6.

1260-xullo: “Ruí Pérez vénndelle ao mosteiro de San Pedro de Montes todos os seus bens en Arantigua”.

Arq.: ADA, TVM, nº 220, fol. 56.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 346, p. 446-7.

1260-novembro: “Don Fernando, abade do mosteiro de San Pedro de Montes, dá-lles a García Martíns e á súa muller, Orraca Peláiz, a casaría de Sobradelo”.

Arq.: ADA, TVM, nº 30, fol. 11.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 347, p. 447-8.

Allariz

1244-xaneiro: “Carta de foro de dona Toda aos homes de Vilaboa (Sanamede de Castromarigo, Veiga do Bolo)”.

Arq.: AHPOu, Santa Clara de Allariz. Carp. C-6/ perg. nº1 (15x23 cm).

Ref.: DocDevOurense, vol. 1, nº 1, p. 13-14 e on foto nas pp. 18 e 19.

Obs.: Boullón (2004: 18) indica que neste texto “están en latín as cláusulas penais e o escatocolo” pero non indica que se trata dun texto con trazos leoneses; esta característica tampouco a apunta Souto Cabo (2003: 439), que indica que o texto “pode sugerir algum tipo de influxo do ámbito castelhano-leonés, inclusive perceptible a nivel lingüístico”; en cambio, Lorenzo (2004b: 39) di “que se trata dun texto híbrido, con partes en latín e outras en romance, e as súas características lingüísticas son propias do galego-leonés, non do castelán-leonés.”

Carrizo

1258-novembro: “Marcos e a súa muller, Marina Pérez, vénndelle a Pedro Díaz dúas terras na vila de Fresno”.

Arq.: AMC. Perg. nº 324 (170x95 mm).

Ref.: CDCarrizo, doc. nº 328, p. 353.

1259-xaneiro: "Domingo Guereyro e o seu irmán Gómez véndenlle a don Bartolomé e á súa muller, Marina Guilelmez, seis terras na Bañeza e Pereje".

Arq.: AMC. Perg. nº 330 (140x280 mm).

Ref.: CDCarrizo, doc. nº 333, p. 358-9.

1260-marzo:

"2) Pedro Pérez e a súa muller, María Yuanes, véndenlle a Pedro Gil e á súa muller, María Crementez, dúas viñas no bago da Mata, baixo a campá de San Andrés (no termo de Matalobos do Páramo)".

Arq.: AMC. Perg. nº 351 (575x230 mm).

Ref.: CDCarrizo, doc. nº 356, p. 388-91.

1260-marzo-26:

"3) Pedro Gabriel e a súa muller, María Yuanes, véndenlle a Pedro Gil e á súa muller, María Crementez, unha viña no bago da Mata, baixo a campá de San Andrés (no termo de Matalobos do Páramo)".

1260-marzo:

"4) Mioro Fernández, co consello do seu marido, Pedro Paez, véndelles a Pedro Gil e á súa muller, María Crementez, dúas viñas no bago da Mata, baixo a campá de San Andrés (no termo de Matalobos do Páramo)".

1260-abril-23/maio-8:

"1) Don Iuanes de Ribas véndelles a Pedro Gil e á súa muller, María Crementez, dúas viñas no bago da Mata, baixo a campá de San Andrés e don Miguel, coa súa muller, dona María, véndelles tamén aos mesmos compradores unha viña no dito lugar".

Arq.: AMC. Perg. nº 370 (500x170 mm).

Ref.: CDCarrizo, doc. nº 371, p. 407-9.

"2) Domingo Andrés e a súa muller, Marina Yuanes, véndenlle a Pedro Gil e á súa muller, María Crementez, unha viña no bago de La Mata, baixo a campá de San Andrés".

"3) Doña Iusta, cos seus fillos e co consello do seu marido, don Aparicio, vende-lles a Pedro Gil e á súa muller, María Crementez, unha viña no bago de La Mata, baixo a campá de San Andrés".

Tombo de San Martín de Castañera (Sanabria)

1241: “Pedro Martíns e a súa muller, María Fernández, fan un pacto co mosteiro de San Martín de Castañera e co seu abade Viviano sobre un casal situado en Ponte del Mato”.

Arq.: AHN. Clero. San Martín de Castañeda. Leg. 2338, perg. nº 43 (150x140 mm).

Ref.: TCastañeda, doc. nº 191, p. 246.

1251: “Elvira de Prada dóalle ao mosteiro de San Martín de Castañera varias herdades: dous casais en San Lourenzo, o que lle correspondía no igrexario e na igrexa de Iares, Paradela e Vilar de Eguas”.

Arq.: AHN. Clero. San Martín de Castañeda. Leg. 3566, perg. nº 13.

Ref.: TCastañeda, doc. nº 197, p. 252-253.

1252: “Elvira Pérez dóalle ao mosteiro de San Martiño de Castañera varios casais e cabanas en Ime, Paradela, San Lourenzo e Vilar de Eguas”.

Arq.: AHN. Clero. San Martín de Castañeda. Leg. 3566, perg. nº 14.

Ref.: TCastañeda, doc. nº 198, p. 253-4.

1257: “O abade Viviano, de San Martín de Castañera, dálle ao cabaleiro Vivian Díaz e á súa esposa o usufruto do casal que foi de Xoán Pérez de Vascóns, preto da igrexa de San Vicente”.

Arq.: AHN. Clero. San Martín de Castañeda. Leg. 3566, perg. nº 17 (200x170 mm); partido por *abc*.

Ref.: TCastañeda, doc. nº 200, p. 255-6.

1257-abril: “Pedro Álvarez dóalle ao mosteiro de San Martín de Castañera todas as súas herdades en Casoio, coa condición de que o mosteiro o ampare”.

Arq.: AHN. Clero. San Martín de Castañeda. Leg. 2339, perg. nº 51.

Ref.: TCastañeda, doc. nº 201, p. 256-7.

Zamora

1255-setembro-20 -Mayorga: “Rodrigo González declara que recibiu de F. e de Sancho de Toro tres mil marabedís que lle foron asignados polo rei na *martiñega* dese lugar”.

Arq.: ACZ, leg. 15, 2^a parte, doc. 16.

Ref.: CDACZamora, doc. nº 152, p. 125.

1258: “Rodrigo Peláez e a súa muller, Elvira Rodríguez, renuncian ao século; Rodrigo renuncia ao dereito a vivir coa súa muller así como a calquer outro que

puidera ter sobre a súa persoa, comprométese a entrar na Orde de Santiago e autoriza a Elvira a que faga o mesmo nesta e noutra orde”.

Arq.: ACZ, leg. 16, 2^a parte, doc. 37 (incluído na sentenza do preito promovido polo marido para obrigar a convivir á súa muller; a sentenza é do 7 de maio de 1259).

Ref.: CDACZamora, doc. nº 164, p. 135-6.

Archivo Diocesano de Astorga

1250-decembro-27-Astorga: “Concordia entre o bispo de Astorga, Pedro, e os seus vasalos da colación de San Román de Val de San Lorenzo”

Arq.: ADA, *Cámara episcopal*. Carp. III, doc. 71. Perg. orix. (195x280 mm).

Ref.: CDADAstorga, doc. nº 58, p. 110-2.

1254-agosto-10-Piedras Albas: “Don Pedro, bispo de Astorga, entrégalle ao clérigo Juan Miguelez a casa de Santa María de Filiel por 60 soldos de renda anual. Cando a deixe, en vida ou morte, a metade será para o bispo e da outra metade poderá dispoñer libremente”

Arq.: ADA, *Cámara episcopal*. Carp. III, doc. 65. Perg. orix. (125x190 mm).

Ref.: CDADAstorga, doc. nº 76, p. 119-120.

Cartulario de Carracedo (Ponferrada)

1245-febreiro: “Elvira Rodríguez dóalle ao seu marido unha terra en Valtuille”.

Arq.: ADA, ms. do xviii, fol. 342, nº 5.

Ref.: CDCarracedo, doc. nº 429, p. 299.

1250-marzo: “Elvira Fernández vénndelle ao mosteiro unhas casas en Astorga”.

Arq.: ADA, ms. do xviii, fol. 229v, nº 29.

Ref.: CDCarracedo, doc. nº 452, p. 316.

1251-xuño-18: “García González empeña a súa herdade de Cela e Fombasallá”.

Arq.: ADA, ms. do xviii, fol. 435, nº 3.

Ref.: CDCarracedo, doc. nº 465, p. 324.

1251-xuño-18: “García González dóalle ao mosteiro todas as súas herdades de Fombasallá, Cela, Parada e outros lugares, estando prisioneiro nas Torres de León”.

Arq.: ADA, ms. do xviii, fol. 436, nº 4.

Ref.: CDCarracedo, doc. nº 466, p. 325.

San Andrés de Vega de Espinareda (León)

1256-xuño-15: “O abade do mosteiro de Espinareda concédelles foros aos poboadores de Otero de Lange”.

Arq.: AHNS. Clero, perg. MSAV. Espinareda, Carp. 835, doc. II. (190x185 mm).

Ref.: CDVegaEspinareda, doc. nº 11, p. 24-5.

Ademais destes documentos atopamos entre as coleccións manexadas e na *Colección documental del monasterio de Santa María de Carbalal (1093-1461)* (Domínguez Sánchez 2000) un conxunto de documentos que presenta as características propias dos textos astur-leoneses, pero teñen como trazo galego máis destacado o uso do pronome de primeira persoa *eu*; e áinda que esta única peculiaridade non nos pareceu abonda para incluílos na nosa escolla, cremos que pode ser de interese indicar as referencias destes textos.

Tombo de San Pedro de Montes (Vilafranca do Bierzo-Ponferrada)

1247: “Avinza en Orellán entre o mosteiro e Pedro García”.

Arq.: ADA, TVM, nº 351, fol. 87.

Ref.: TSPedroMontes, doc. doc. nº 302, p. 405-6.

1252-outubro: “Pai Pérez e a súa muller Sancha Gómez vénndenlle a herdade de Valdeca-nada a don Gonsalvo, abade de San Pedro de Montes”.

Arq.: ADA, TVM, nº 299, fol. 73r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 312, p. 413-4.

1253?: “Don Martín Fernández e a súa muller, dona Azenda, dóanlle os seus bens en Vi-lar de Judeos, San Pedro de Trones, Quereño e outros lugares ao mosteiro de San Pedro de Montes”.

Arq.: ADA, TVM, nº 31, fol. 11r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 315, p. 416-7.

Obs.: O editor indica que esta hipotética data foi deducida pola mención que se fai ao abade Gonzalo e a dona Azenda, ambos os dous presentes en documentos durante este ano (Quintana Prieto 1971: 417).

1255-xaneiro: “O abade don Fernando dálle a Diego Johannes unha muñeira que posuía no mosteiro en Saguaza”.

Arq.: ADA, TVM, nº 43, fol. 14.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 321, p. 421-2.

1256-marzo: "O abade don Fernando dálles a casaría de Ycedo a Diego Martíns e á súa muller María Pérez".

Arq.: ADA, TVM, nº 32, fol. 11.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 329, p. 429-30.

1256-maio: "Don Fernando, abade de San Pedro de Montes, permútalle uns bens a Ruí García, cabaleiro en Orellán".

Arq.: ADA, TVM, nº 353, fol. 87r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 332, p. 432-3.

1258-agosto-16: "Johan Fernández vénndelle ao mosteiro de San Pedro de Montes todo o que ten en Torienzo".

Arq.: ADA, TVM, nº 187, fol. 50r.

Ref.: TSPedroMontes, doc. nº 342, p. 442.

Santa María de Carbajal (León)

1244-maio: "Dona Loba e os seus fillos vénndelle ao mosteiro de Santa María de Carbajal un solar sito en Grisuela del Páramo, por dous marabedís".

Arq.: ASMC, doc. 70. Perg. orix. (150x165 mm).

Ref.: Colección documental de Santa María de Carbajal, doc. nº 162, p. 248-9.

Carrizo

1250-xuño: "Xoán Nariz e a súa muller María Pérez, xunto con Xoán Iohannis e a súa muller, Marina Iohannis, vénndelles a don Pedro Março e a súa muller, María Pelayz, unha terra no Hospital".

Arq.: AMC. Perg. nº 260 (165x155 mm).

Ref.: CDCarrizo, doc. nº 263, p. 284-5.

1251-agosto: "A abadesa de Carrizo, dona Sancha Moniz, co consello e consentimento da comunidade, dálle ao cóengo de Astorga, Diego Gil, unha «praza» na vila de Astorga, dentro dos seus muros, para que constrúa tres casas".

Arq.: AMC. Perg. nº 277 (145x205 mm).

Ref.: CDCarrizo, doc. nº 281, p. 303-4.

1252-maio: "Testamento de dona Elvira Arias".

Arq.: AMC. Perg. nº 281 (165x230 mm).

Ref.: CDCarrizo, doc. nº 285, p. 307-8.

1260-febreiro:

“1) Don Migahel e a súa irmá Mioro vénndenlle a Pedro Gil e á súa muller, María Crementez, unha viña en Mata de Lobos (Matalobos do Páramo)”.

Arq.: AMC. Perg. nº 345 (270x95 mm).

Ref.: CDCarrizo, doc. nº 352, p. 380-2.

“2) Don Salvador e a súa cuñada dona Marina vénndenlle a Pedro Gil e á súa muller, María Crementez, unha viña en Mata de lobos”.

1260-febreiro-20: “Bartolomé e a súa muller, dona Estefanía, vénndenlle a Pedro Gil e á súa muller, María Crementez dúas viñas en Matalobos”.

Arq.: AMC. Perg. nº 348 (130x225 mm).

Ref.: CDCarrizo, doc. nº 353, p. 382-3.

Zamora

1242-novembro-11 -Día de san Martín-: “Don Xoán, capelán da raíña e abade do mosteiro de Santa María de Arvás, vénndelle a Domingo Pérez unhas casas xunto ao mosteiro e recibe por elas herdades valoradas en corenta marabedís”.

Arq.: ACZ, leg. 31, 3^a parte, doc. 12.

Ref.: CDACZamora, doc. nº 125, p. 103.

1256-xullo: “O deán e o cabido de Zamora cámbianlle a Pedro Pérez, leigo de Cubillos, unhas casas neste lugar por outras en Moreruela de Miro e por dous quiñóns de viña”.

Arq.: ACZ, leg. 31, 3^a parte, doc. 13.

Ref.: CDACZamora, doc. nº 159, p. 131-2.

Archivo Diocesano de Astorga

1243-abril: “Pedro Fernández e a súa muller, Teresa, vénndelle ao bispo de Astorga, Pedro Fernández, unha casa en Curillas, unha viña e dezaseis terras, por corenta marabedís”

Arq.: ADA, Câmara episcopal. Carp. II, doc. 49. Perg. (255x270 mm).

Ref.: CDADAstorga, doc. nº 58, p. 96-7.

Cartulario de Carracedo (Ponferrada)

1253-maio: “Martín Domínguez vénndelle ao mosteiro viñas en Cacabelos”.

Arq.: ADA, ms. do xviii, fol. 381v, nº 36.

Ref.: CDCarracedo, doc. nº 481, p. 334-5.

1253-xuño: "Miguel Domínguez vénelle a Pedro Moniz tres sortes de viñas en Robledo".

Arq.: ADA, ms. do xviii, fol. 381v, nº 37.

Ref.: CDCarracedo, doc. nº 482, p. 335.

1253-decembro: "Arias Méndez de Naraia e seu irmán, Pedro Méndez, dóanlle ao mosteiro de Carracedo a súa herdade de Cumbrasos".

Arq.: ADA, ms. do xviii, fol. 263v, nº 7.

Ref.: CDCarracedo, doc. nº 485, p. 337.

UN TEXTO DA FRANXA ORIENTAL NO TOMBO DAS VIÑAS DE RIBADAVIA

Luz Méndez

Asociación Galega de Onomástica

1. O *TOMBO DAS VIÑAS DE RIBADAVIA*

O texto do que vou falar forma parte do coñecido co nome de *Tombo das viñas de Ribadavia*, un pergamiño en romance que pertence aos documentos do Arquivo da catedral de Ourense e procede do mosteiro de Melón¹. Está ben documentado: cítase, por exemplo, no Tombo de 1611 dese mosteiro que está no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, no apartado de “Clero de Melón”. Dise textualmente:

Ay un apeo o aberiguación de todas las casas uiñas y heredades que este Monasterio, el de Osera, Sant Clodio, Cela Noua y otros monasterios y señores tenían al tiempo en Riuadauia; echo por mandado del Rey don Alonso y es muy antiguo, sin fecha ni autoridad, escrito por una parte y otra en un pergamo largo por donde consta que este monasterio tenía en Riuadauia dos haceñas y que hauía casas en el lugar de Orjaas y otras muchas casas y uiñas que se le han perdido en Riuadauia y su término. Está ansimismo apeo de las casas, uiñas y heredades que este monasterio tenía entonces en Santisteuán de Nóboa que bien mirado eran más de la mitad de las casas del dicho lugar y las heredades y uiñas eran muchas. Están en el cajón de Riuadauia, legajo 14, númº 1 (f. 78 v).

Tamén está recollido noutro tombo deste mosteiro a onde o texto se traslada en 1800. É o pergamiño 6174 do Catálogo de Leirós (1951: 544-545)². Cambón Suárez (1957) recólleo na súa tese inédita sobre o mosteiro de Santa María de Melón e Olga Gallego (1986: 157-176) fai unha transcripción do texto cun breve comentario histórico. Ademais, este parece ser o documento

1. Ao longo do texto vaise subliñando o nome do mosteiro, posiblemente para unha fácil localización de cales eran as súas pertenzas e dereitos na vila de Ribadavia.
2. O autor dáo como documento de orixe desconocida.

Fig. 1. Recto do Tombo das Viñas de Ribadavia



mencionado por Ferro Couselo (1957) nun artigo publicado en *Vida Gallega* en 1957. Hai que facer constar, non obstante, que tanto Leirós coma Olga Gallego, que transcribe parcialmente o pergamiño, ou Ferro Couselo, que comenta algúns datos do documento, só fan mención ao contido do recto, non sei se porque o verso o consideran unha continuación ou se porque para eles carece de interese. Só Olga Gallego fai mención á particularidade da lingua en que está escrito.

O *Tombo das viñas* é un pergamiño enrolado, formado por catro anacos cosidos (nun caso con cordel e en dous con coiro). O pergamiño mide en total 2 metros, 18 cm de longo e uns 16 cm de ancho nas partes de máis dimensión. O primeiro anaco é o más pequeno (20,5 por 16 cm. na parte de maior medida), engadiuse posteriormente e é o que está cosido con cordel. Non hai pegadas que dean certeza de que houbese máis anacos engadidos ánda que, polo fondo do recto, o texto está incompleto. Tampouco se pode asegurar que nalgún momento o cortasen porque, aínda que o fondo é irregular, non hai restos de tinta na parte máis longa e si parece haber espace para que, se houbese outra liña escrita a seguir, se notase. É posible que continuase polo verso pero a observación do coiro con luz negra non deixa ver restos de escritura borrada.

No pergamiño débense considerar tres textos independentes que corresponden a distintas épocas. O primeiro, o escrito polo lado da carne, é o más antigo, o que lle dá nome ao documento e no que nos imos centrar polas súas características lingüísticas excepcionais

(texto A). O segundo é o escrito no verso do coiro e consiste nun texto pouco coherente, ás veces repetitivo e escrito por varias mans (texto B). Finalmente, o terceiro texto, correspondente ao recto do anaco más pequeno de pergamiño; está borrado e só se pode ler coas técnicas adecuadas (texto C). O verso deste anaco estea cosido ao resto con cordel e o tipo de letra visible polo verso, máis moderna, evidencian que a operación de lle poñer título ao chamado *Tombo das viñas* se fixo moi posteriormente á escritura do recto ou do verso e, como non, do texto borrado.

O contido do texto borrado fai referencia ao aforamento dunha viña do mosteiro de Santa María de Melón.




Fig. 2. Detalle do anaco inicial do recto pergamiño, cosido con cordel.

O texto que continúa está borrado.

No recto do documento utilizase tinta ocre, a letra é minúscula diplomática e non se manteñen marxes. A lectura é dodata pero o pergamiño está roto en dous lugares polo lado esquerdo, o que afecta á lectura do principio de dous pares de liñas. A tinta está esvaída nalgúns lugares. O verso está escrito en gótica cursiva. Tampouco se manteñen as marxes e hai varias mans.

En canto ao contido, o texto A (que é o que imos comentar) é un rascuño, un borrador que recolle, basicamente, unha relación das posesións que teñen as ordes relixiosas en Ribadavia.

O texto B, o do verso do pergamiño, recolle as viñas, casas, soutos, foros e herdades do mosteiro de Santa María de Melón en Santo Estevo de Nóvoa (hoxe parroquia de Carballeda de Avia).




Fig. 3. Anaco inicial do pergamiño polo verso.

2. PROBLEMAS DE DATACIÓN

Aínda que Ferro Couselo, Cambón e Olga Gallego o datan en época de Afonso IX (Ferro Couselo propón 1228), de entrada, non parece doado determinar a data de ningunha das partes do documento. Fóra do texto borrado no palimpsesto, que aínda non analizamos en profundidade, nin no recto nin no verso hai cláusulas de datación, polo que teremos que basearnos noutrous elementos.

En relación ao verso do pergamiño (texto B), polo tipo de letra, gótica cursiva, e pola mención á “morteidade” (que xeralmente se refire á peste negra de 1348), podemos asegurar que non é anterior á segunda metade do século XIV.

Pero no texto que queremos comentar (texto A), non se menciona ningunha persoa nin hai algún dato que, en principio, nos permita situar o texto nun período temporal concreto: non hai nomes de bispos nin de abades e o nome do rei, *Alfonso*, non aparece con ningunha outra indicación.

Desde o punto de vista paleográfico, o tipo de letra, minúscula diplomática como dixemos, non parece solucionar gran cousa. Este tipo de escritura empeza a transformarse a mediados do século XIII e esa transformación vai levar á aparición da gótica cursiva, que se desenvolve plenamente na segunda metade desta centuria. Así e todo, a minúscula diplomática continúa usándose na documentación expedida polas chancelerías de Afonso X, Sancho IV, Fernando IV e Afonso IX, isto é, ata a metade do século seguinte (Millares Carlo 1975: 35-36). Outros trazos, coma a ausencia de *ç*, que empeza a xurdir a principios do s. XIII ou o uso de *v* en vez de *u*, cando equivale a consoante, que se inicia a mediados deste mesmo século XIII (García Villalada 1974: 293-295), tampouco axudan a aclarar as cousas.

A opción que nos queda, polo tanto, é intentar datar o texto en función do seu contido e dalgunhas personaxes ás que fai referencia, isto é, por un lado ver cá é a Ribadavia que se nos describe e tratar situar a vila nun momento da súa historia e, por outro, intentar identificar as persoas noutros documentos da zona e os seus arredores, para conseguir ter unha aproximación temporal.

A historia medieval do *Coto do Burgo*, como tamén se denomina a vila no texto, é fecunda e está bastante ben documentada. Ribadavia estivo desde principios da baixa Idade Media ligada á realeza e foi foco de interese de nobres e eclesiásticos por ser centro económico dunha zona áfunda hoxe en día rica grazas á viticultura: o Ribeiro.

Fernando II concédelle o Foro a Ribadavia en 1164, pero o nacemento da vila pódese remontar a uns anos antes. Ferro Couselo (1957), no artigo mencionado, e, segundo cremos, seguindo os datos que nos proporciona o texto que imos comentar, establece que a vila naceu por *presuria*³ en tempos de Afonso VII e lígaa tamén á época de nacemento do mosteiro de Oseira, fundado por este rei en 1137.

Ribadavia pertenceu á diocese de Oviedo ata 1150. Pasou logo á de Ourense e posteriormente, desde 1213, quedou baixo a xurisdición eclesiástica de Tui.

3. Reivindicación ou reconquista polas armas.

Os conflitos sobre a xurisdición eclesiástica e a cobranza dos décimos en Ribadavia foron frecuentes durante os últimos anos do século XII e os primeiros do XIII e foron parellos á aparición de mosteiros, catedrais e igrexas con intereses na vila (Romaní Martínez 1988: 107-127).

No documento menciónanse seis igrexas ligadas á vila: a de Castrelo, a de Santa María, a de Santiago do Burgo, a de Santo Estevo, a de San Xes e o Espital de San Xoán.

A igrexa de Castrelo ha de ser a igrexa da parroquia de Castrelo de Miño, no concello do mesmo nome. Esta parroquia linda coa de Ribadavia. A igrexa está xa documentada en 1167 (Eiján Lorenzo 1981: 64).

A igrexa de Santa María (Santa María da Oliveira ou do Burgo, noutros documentos) aparece xa mencionada en 1170.

A igrexa de Santo Estevo (*Santo Esteuan* no texto) debe facer referencia á da parroquia de Santo Estevo de Nóvoa, hoxe no concello veciño de Carballeda de Avia, pero que nun tempo foi de Ribadavia (Cf. Madoz). Xa está documentada no século XII (Eiján Lorenzo 1981: 126).

A igrexa de *San Genés*, así se denomina no texto (hoxe Santa María Magdalena), tamén está considerada como unha das más antigas da vila. Xa está mencionada nos preitos monacais de finais do século XII e en xaneiro de 1213 o bispado de Tui consegue os décimos sobre ela nun acto de concordia con Oseira (Romaní Martínez 1988: 107-127). No noso documento xa pertence a Tui, polo que podemos afirmar que o documento é posterior a 1213.

A data de nacemento da igrexa de Santiago (tamén *Santiago del Burgo* no texto) é difícil de determinar, segundo os historiadores. Samuel Eiján Lorenzo (1981: 133 e ss.), estudoso da historia de Ribadavia, concorda con Murguía en que se debe establecer no primeiro terzo do século XIII, posteriormente a 1213, segundo Eiján, pois non aparece citada no acto de concordia entre Oseira e Tui dese ano.

A orde dos Hospitalarios de San Xoán (o *Espital*, no noso texto) estaba xa establecida na vila antes de 1213 (Eiján Lorenzo 1981: 118, Romaní 1988: 113).

Se damos por bo estes datos, podemos levar a datación deste documento a unha época posterior a 1213.

Non se menciona no texto, non obstante, a igrexa de Valparaíso (hoxe do Portal), asociada ao nacemento do convento de San Domingos. Sábese que o documento de acta de colocación da primeira pedra da igrexa deste mosteiro, por parte do bispo de Tui Egidius (1250-1273)⁴, está datado en 1271. Parece difícil imaxinar que se a igrexa ou o mosteiro xa existisen na época de redacción do documento non estivesen citadas.

4. <http://www.diocesetuiivigo.org/Nosadiocese/episco.htm> (última consulta: 2-5-2006)

Temos así pois un período amplio de 58 anos para datar o documento, entre 1213 e 1271.

Das persoas mencionadas neste texto A pouca información se pudo obter. En primeiro lugar cítase o *rei don Alfonso*. Este rei pode ser Afonso IX de León (VIII de Galicia) ou Afonso X. No caso de ser o primeiro, o texto estaría datado entre os anos 1213 e 1230 e sería outro dos exemplos de uso do romance durante o reinado deste rei. Se o mencionado é Afonso X, o uso do romance xa é esperado e daquela a datación pódese delimitar entre 1252 e 1271. Cítanse tamén o arcebispo de Santiago e o bispo e Ourense pero non se di o seu nome.

Olga Gallego (1986: 160-161) quere identificar varias das persoas que aparecen mencionadas, a partir da documentación relativa a Afonso IX recollida por Julio González (1944): dona Teresa, «que pudiera ser la amante del rey, Teresa Gil»; dona Steuaína «pudiera hacer referencia a D.^a Estefanía Pérez, amante también del rey; don Rrichardo «podría ser el que compró a Pedro Midiz una viña en Ribadavia» en 1228; don Galter «es quizás el maestro que hizo los puentes de Gradeles y de Carrión... según consta en documento... del año 1202»; Pedro Dente «pudiera ser el padre de un Bartolomé que falsificó moneda...»; Mayor Pérez «es quizás la señora del mismo nombre que con su esposo Alfonso Pérez donan al monasterio de Osera en 1206 ciertos bienes».

Á parte das hipóteses de Olga Gallego, que non cremos suficientemente avaladas, escollemos uns cantos nomes que nos pareceron significativos e buscámoslos na documentación da época máis próxima no espazo. Encontrámoslos mencionados en varios textos das coleccións documentais do mosteiro de Oseira (CDOseira), a catedral de Ourense (DocCOu) e o mosteiro de San Domingos de Ribadavia (CDRibadavia):

1. *Pedro Tacón* [Petro Tacón, DocCOu, n49, ano 1212, p. 63].
2. *Pay Ranado* [Pelagii dictus Raniadus, CDOseira, n210, ano 1220, p. 208] Funciona xa “o Souto de Pay Ranado” como topónimo. Vid. TMILG.
3. *Pedro Martiz Paan* [Petrus Martini dictus Paian en CDOseira, n245, ano 1224, p.243 e Petri Martini Payán CDOseira, n383, ano 1234, p. 368 e n384, 1235, p. 368].
4. *Fernandino* [Fernandino», CDOseira, n341, 1231, p.330-331].
5. *Domingo Caluo* [«Dominico Calvo», CdOseira, n341, 1231, p.330-331].
6. *Don Galter* [domno Galter», CDOseira, n350, ano 1232].
7. *Jobán Gibelas* [Iohanne Gibelas», CDOseira, n371, ano 1233, p. 356].
8. *Jobán Pérez de Castrelo* [Iohannes Petri de Castrello», CDOseira, n401, ano 1235, p.382].

9. *Martín Saluadores* [«Martinus Salvadoriz», DocCOu, n 145 e 185, 1233 e 1235, p.139 e 147].
10. *Johán Gardelas* [«Gardelas», CDOseira, n399, 1235, p. 382; ou «Iohanis Petri Gardelas» tamén en CDOseira, n469, 1240, p.439].
11. *Pay Marauilla* [«Petro Pelagii Maravilla», CDOseira, n469, ano 1240, p. 439 ou «Pelagio Maravilla», CDOseira, n489, ano 1241, p.460].
12. *Lourentio Páez* [«Laurencio Pelagii», CDOseira, n469, ano 1240, p. 439].
13. *Pedro Dente* [«Petri Dentis», CDOseira, n541, ano 1244, p. 507 ou «Petrus Fernandi, laycus de Burgo Ripe Avie dictus Dente», CDOseira, 249, ano 1224, p. 246].
14. *Joán Páez Santiagués* [«Pelagii dictus Santiagues», CDOseira, n689, ano 1252, p. 649 ou «Johannes Pelagij Jacobitanus», CDRibadavia, n1, ano 1271, p.63].
15. *Jobán Pérez Gibarro* [«Joannes predictus Gibarrus», CDRibadavia, n1, ano 1271, p. 63].
16. *Rruy Pérez* [«Rodricus Petri, mils. de Burgo», CDRibadavia, n1, ano 1271, p. 63].
17. *Rruy Suárez* [«Rodricus Sugerij», CDRibadavia, n1, ano 1271, p. 63].
18. *Jobán Martiz* [«Joannes Martinij», CDRibadavia, n1, ano 1271, p. 63].
19. *Martín Monago* [«Martinus Moogo», CDRibadavia, n1, ano 1271 p. 63].
20. *Fernán Núñez* [«Fernandus Nuni», CDRibadavia, n1, ano 1271 p. 63].
21. *Fernán Pérez* [«Fernandus Petri de Campo», CDRibadavia, n1, ano 1271, p. 63].
22. *Martín Monago* [«Martinus Moogo», CDRibadavia, n1, ano 1271, p.63].
23. *Martín de las oueyas* [«Petrus Martini Ovella», CDOseira, n1056, 1274, p. 1005].

Se estas persoas son as mesmas que se citan no documento, seguímonos movendo nun período de arredor de 50 anos que non nos axuda moito. Así e todo, temos que destacar o caso do documento da fundación da igrexa do mosteiro de San Domingos de Ribadavia. Nel hai 9 persoas con nomes coincidentes coas do noso texto, aínda que algúns sexan nomes bastante frecuentes (vid. núms. 15 a 23). Tamén poderíamos aínda considerar que o bispo de Tui, dominus Egidius, fose o don Eio que se menciona no recto do *Tombo das viñas*. Iso aclararía moito as cousas pero, basearnos na simple aparición do nome *Eio* sen outra referencia, parécenos tan arriscado como admitir as hipóteses de Olga Gallego. Primeiro porque *Eio* (<EGILO) é nome feminino (Boullón Agrelo 1999: 193), aínda que aquí se acompaña de *don*. Segundo porque o nome EGILIUS só aparece documentado coas formas *Egidius* ou *Egidio* (Boullón Agrelo 1999: 193). E terceiro porque, aínda que deixamos por feito que o autor do texto confundiu os nomes, nunca poderemos asegurar que a persoa referida sexa o bispo de Tui.

En resumo, dos datos onomásticos resumidos atrás podemos establecer o seguinte cadro cronolóxico

Década	10	20	30	40	50	60	70
N.º Pessoas	1	3	8	5	1		11

Habería ainda que analizar más pormenorizadamente no texto aquelas persoas das que se di que *fóreron* algunas propiedades e aquellas persoas que *terñen* ainda propiedades, ou o que é o mesmo, as probables persoas vivas no momento da redacción do texto e aquellas que tamén é probable que estean mortas. Tal vez se podería así delimitar un pouco máis a época en que se escribiu.

Ferro Couselo considera como suposta data do documento que cremos este 1228 pero non deixa dito qué feito o leva a facer iso. É posible que se guíase para establecer a data por algunha das visitas de Afonso IX a Ribadavia ou arredores, todas bastante ben documentadas (J. González: 1944)

Con todo e vistos estes datos, non podemos deixar de ter en conta a hipótese de que o texto corresponda á segunda metade do século XIII e ao reinado de Afonso X.

A análise lingüística do recto deste documento quizais nos poida achegar algún dato máis no proceso de datación e, a seguir, sinalamos algunas das características máis significativas.

E é, com se verá, un novo exemplo de galego oriental (ou leonés occidental segundo outros autores) na nosa primeira documentación romance.

3. CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS DO TEXTO

3.1. *Grafemas*

Utilízanse 23 grafemas para representar os sons vocálicos e consonánticos do texto.

Para o fonema vocalico /i/ altérnase o uso dos grafemas <i>, <j> e <y> (este último sempre como segunda parte dun ditongo: *cónjgos*; *Menendj;* *Nunj* / *Osseyra*; *máys*; *rrey*; *Pay*; *ye*; *yeran*). Para representar o fonema /u/ tamén se usa en ocasións *v* pero só en posición inicial (*Vclés*; *Vcrés*; *vna*).

O grafema <c> utilízase tanto para a oclusiva, velar, xorda /k/+*a,o,u*: *ca-sa*; coma para a sibilante, predorsodental, xorda /ts/: *cerca*, *Cellanoua*.

O dígrafo <ch> representa xeralmente o fonema africado postalveolar /tʃ/, pero nun caso aparece representando o oclusivo, velar, xordo /k/.

Só hai un caso de consoante xeminada e non é etimolóxico: *Ffernán*.

A grafía <g> utilizase tanto para a oclusiva velar sonora /g/ ante as vocais *a*, *o*, *u* (áinda que tamén hai algún caso con *e*: Domínguez) coma para a fricativa, postalvolar, sonora /ʒ/ ante *e*, *i* (*Genés*) e ante *a* nun caso (*Orgaes*).

A alveolar lateral está representada polos grafemas <l> e <ll>: *Castrello*, *Celanoua*, *uilla*, *uila*.

O grafema <n> representa tanto o fonema nasal alveolar coma o palatal, áinda que este último tamén aparece, en ocasións, representado por <ni>: *azenias*, *quiniones*. O <n> aparece frecuentemente abreviado cun trazo sobre a palabra.

As grafías <s> e <ss> representan respectivamente a fricativa alveolar sonora e a xorda áinda que hai algunha confusión.: *casa*, *ese*, *esse*, *odissen*, *Osseyra*.

A grafía <u> representa a bilabial, fricativa sonora e a labiodental: *caualeiros*, *Caruonero*, *uina*, *Steuan*. A grafía <v>, menos frecuente, só a bilabial: *vina*.

O <x> utilizase para a fricativa, postalveolar, xorda: *dixo*, *exido*, e nun exemplo aparece como grafía latinizante: *sex*.

O <y> parece ser a única grafía para a lateral palatal (se esa era a pronunciación⁵): *fiyo*, *Oueyas*, a non ser que se puidese chegar a determinar algún caso de <l> e <ll> con ese valor: *villa*, áinda que tamén *Castrello*, *Cellanoua*, *Compostellano*.

O grafema <z> utilizase para representar a sibilante predorsodental sonora e, nalgún caso tamén a xorda: *deziamos*, *faziamos* / *plaza*. En tres casos da mesma palabra (*iaz*) obsérvase a transformación nunha especie de <>, frecuente xa nos documentos galegos do século xiv.

3.2. Vocalismo

As vocais breves tónicas latinas vacilan entre a ditongación e a forma monotongada.

3.2.1. Ě latino.

Vacílase entre o resultado <e> e a ditongación <ie> (<ia>):

Ě > e	Ě > ie	Ě > ia
<i>ten</i> ; <i>ten</i> ; <i>tenen</i> ; <i>tenla</i> ; <i>tenna</i> ; <i>tendas</i> ; <i>Serra</i> ; <i>Ferro</i> ; <i>Dente</i> ; <i>comenzamento</i> ; <i>finamento</i>	<i>pusieron</i> ; <i>dieron</i> ; <i>tien</i> ; <i>tiene</i> ; <i>tienna</i> ; <i>fizieron</i> ; <i>nyetos</i> ; <i>Miguiel</i> ; <i>mugier</i> ; <i>ye</i> ; <i>yeran</i>	<i>diaz</i> (dez)

5. García Arias (1995: 631)

3.2.2. Õ latino.

Vacilase entre o resultado <o> e a ditongación <ue> (<oe>):

õ > o	õ > ue	õ > oe
<i>bona; bonas; foron; furon; morte; ortas; ponte; ponte; porto; soldos; soldu; ssoldo; ssoldos; ssoldos</i>	<i>buenos; muerte; ueocho (oito); fueron</i>	<i>boenas</i>




Fig. 4. Detalle da palabra *diaz e ueocho* (dezaoito) cos resultados de ē e õ.

3.2.3. Nos ditongos decrecientes primarios ou secundarios tamén se vacila entre o mantemento ou a monotongación:

3.2.4. Al primario > -ei / -e: *Mantega* < MANTAICA; *Uega, Ueyga* < *IBAIKA

3.2.5. ai secundario > -e: *queso* < CASEUM

3.2.6. No sufijo -ARIUM tamén se dá a vacilación entre -eiro / -ero. O mesmo sucede no feminino.

-EIRO: *caualeiros; Ceboleiro; Criueiro; díneiros; Ferreiro; oleyro; Oteiro; pelteiro.*

-ERO: *reguero; carpentero; Caruonero; Castenero; Cebolero; correro; foreros; Palumbero; pelitero; primero.*

-EIRA: *carreira; leira; leiras; Oliueira; Pedreira; pescadeiras; leyra; leyras; Osseyra.*

-ERA: *carrera; fazendera; Lauandera; lera; leras; Noguera; Ossera; pereras.*

3.2.7. Noutros casos de ditongo -ei- secundario (*derecho; directuras; exido; lexauan*) só aparecen casos de monotongación, áinda que no segundo exemplo podemos dubidar entre entender que hai unha grafía latinizante ou unha nova opción gráfica á hora de representa-lo ditongo.

3.2.8. Unha situación similar dáse no caso do ditongo latino -AU. No ditongo primario temos un exemplo de mantemento co resultado *ou*: *couto*; pero tamén varios caos de monotongación: *odissen*; *odiran*; *odiron*; *otorgó*. No caso do ditongo secundario únicamente temos exemplos de monotongación: *Oteiro*; *otra*; *otras*; *otro*; *otros*; *soto*; *sotos*.

3.3. Consonantismo

3.3.1 Consoante *n*

Interpretei sempre o trazo sobre a palabra como abreviatura dun *n* e nunca como trazo de nasalidade. Non hai ningún caso de -n- que se represente con til. O *n* só aparece abreviado en posición final de sílaba ou palabra.

O -n- intervocálico adoita manterse: *boenas*; *bona*; *bonas*; *buenos*; *conóligos*; *Esteuan*; *Genés*; *Menéndiz*; *Menendj*; *Monago*; *monasterio*; *monesterio*; *Órdenes*; *padrones*; *Quinzana*; *senara*; *Steuan*; *tener*; *Yano*. Aparecen non obstante algúns exemplos de perda, xeralmente en nomes propios: *cónigos*; *Martiz*; *Moogo*; *Steuaína*.

O resultado de -NJ- e do sufijo -INUS sempre se representa coa grafía <n>. ao ser esa a grafía para a nasal palatal -como demostran as palabras que coinciden nos seus resultados en galego, castelán e leonés, p. ex. *viña*-, difíltase a interpretación da fonética doutras palabras: *ano*, *dona*.

3.3.2. Consoante *l*

Coma no caso do -N-, o -L- intervocálico adoita manterse: *molinos*; *Palumbal*; *Palumbero*; *Pelález*; *rengalengas*; *rrengalengos*; *rregalengas*; *solares*; *quales*. Hai, non obstante, casos de perda, nesta ocasión, sempre en nomes propios: *Páez*; *Orgaes*; *Pay*; *Saa*.

O -LL- xeminado represéntase indistintamente con un *l* simple ou un xeminado. Con todo, cremos que se debe interpretar a xeminada como unha grafía latinizante: *uila*; *caualeiros*; *Ceboleiro*, *Cebolero* // *uilla*; *villa*; *Castrelo*; *Cellanoua*; *Uasallo*.

No grupo -IJ- observamos varios resultados. Para a evolución dese grupo latino utilízase maioritariamente a grafía <y>: *fiyo*; *muyer*; *Oueyas*; *yes* < ÍLLES, pero tamén aparece <gi>, <l> e a latinizante : *mugier* / *Marauila* / *Mergulión*. O grupo tamén se perde en ocasións, en concreto, no caso da palabra «fillo»: *fío*; *fíos*; *fíos*.

3.3.3. Grupos consonánticos (-K'L-, PL-, CL-, -CT-, C+e,i, -TJ-, -cons.+TJ- e -RC+e,i)

Do grupo intervocálico -K'L- só temos un exemplo que, coma no caso anterior, tamén aparece grafado co <y>: *Oueyas*.

O grupo **PL-**, áinda que só temos un exemplo, presenta unha grafía semellante á dos grupos anteriores: *Yano*.

Pola contra, para o grupo **CL-**, tamén cun único exemplo, utilízase a grafía <x>: *xaman*.

Os grupos latinos **-CT-** e **-CTJ-** aparecen desenvolvidos na grafía <ch>: *sobredichas*; *Sancha*; *Salnchia*; *Sánchez*; pero hai tamén un exemplo en que o grupo **-CT-** se mantén (*directuras*). Isto pódese interpretar como un latinismo ou como a dificultade da representación do ditongo <ei>, dificultade reflectida frecuentemente nos primeiros documentos en romance.

O grupo **C+e.i-** inicial aparece sempre representado por <c>: *cerca*; o mesmo grupo en posición intervocálica, cando queda en posición final por perda da vocal, gráfase sempre con <z>.

O grupo **-TJ-** ofrece o resultado gráfico <z>: *plaza*. O grupo **-CONS.+TJ-** alterna nos seus resultados varias grafías: <z>: *comenzamento*, *Lorenzo*, *Lorenzo*, *Quinzana*; o latinismo <ti>: *Lourentio*; e <ci>: *renembrancia*, *pitancia*. Esta última solución, <ci>, é tamén a utilizada para o grupo **-RC+e.i-**: *tercia*

3.4. Morfoloxía

3.4.1. Artigo definido

No masculino vacilase no uso entre (*e*)*lo* [12 casos: *elo* (1); *lo* (1); *elos* (4); *pelos* (2); *pelo* (1); *delos* (1); *delos* (2)] e *el*, áinda que *el* (22 casos + 43 de contracción coa preposición *de*) é bastante máis frecuente. Hai dous únicos casos de artigo masculino *o* (2) e un do feminino plural *as* (1), formas que tamén contraen coa preposición *de*: *do*⁶ (2), *da* (7), *dos* (1) e *das* (2). A forma máis frecuente no feminino singular é *ela* (83 casos entre singular e plural), áinda que tamén abunda *la* (25 casos).

No cadro a seguir deseñamos o paradigma e sublinhámos a forma máis frecuente no texto:

	Singular	Plural
Masculino	<i>elo</i> / <i>el</i> / <i>o</i>	<i>elos</i> / <i>los</i>
Feminino	<i>ela</i> / <i>la</i> / <i>'a</i>	<i>elas</i> / <i>as</i> / <i>las</i>

O artigo contrae coas preposiciones *de*, *en* e *per*. Non temos ningún exemplo de contracción coa preposición *con* pero tampouco casos en que non contraia.

6. Nos dous casos forma parte dun apellido: *María do Rrío* e *Joam do Olio*.

Na contracción coa preposición *en*, o resultado unánime é *enno* (6) / *enna(s)* (12), con casos de simplificación da consoante, *ena* (3). Na contracción coa preposición *a*, os resultados son *ala* (2), *a la* (3) *alas* (1), *a lo* (1), *al* (20), *alos* (1) *a los* (3).

No cadro a seguir deseñamos o paradigma e sublíñamoss as formas máis frecuentes. Débese facer notar que as formas xuntas ou separadas corresponden á literalidade do texto.

	EN		A		DE		PER		CON
	sing.	pl.	sing.	pl.	sing.	pl.	sing.	pl.	
Masculino	<i>enno, enno</i>	Ø	<i>al, a lo</i>	<i>a los, alos</i>	<i>del / do</i>	<i>delos/dos</i>	<i>pelo</i>	<i>pelos</i>	Ø
Feminino	<i>ena, enna,</i>	<i>ennas</i>	<i>ala, a la</i>	<i>alas</i>	<i>dela / da</i>	<i>delas/das</i>	<i>pela</i>	Ø	Ø

3.4.2 Demostrativos

A partir do texto, e como se observa no cadro, non se pode completar o paradigma dos demostrativos. Destaca a ausencia de formas neutras e a forma plural de *estos*, sen regularizar co masculino. Cando hai variantes, sublíñanse as formas máis frecuentes.

	singular		singular		singular	
	singular	plural	singular	plural	singular	plural
Masculino	<i>este</i>	<i>estos</i>	<i>esse, ese</i>	Ø	<i>aquel</i>	Ø
Feminino	<i>esta, aquesta</i>	<i>estas</i>	Ø	Ø	Ø	Ø
Neutro	Ø	Ø	Ø	Ø	Ø	Ø

3.4.3. Posesivos

No texto só hai exemplos do paradigma da terceira persoa. O posesivo vai sempre anteposto ao substantivo e nunca o precede o artigo. Cando hai variantes, sublíñanse as formas máis frecuentes.

	Masculino	Feminino
Singular	<i>so, su</i>	<i>súa, su</i>
Plural	<i>sos</i>	<i>súas</i>

3.4.4. Pronomes persoais tónicos e átonos

Polo carácter descriptivo do texto, só temos exemplos do paradigma de terceira persoa singular e plural.

Serie tónica

	Masculino	Feminino
1 ^a persoa		Ø
2 ^a persoa		Ø
3 ^a persoa	<i>el</i>	<i>ela</i>
4 ^a persoa		<i>nós</i>
5 ^a persoa		Ø
6 ^a persoa	<i>eles</i>	<i>consigo</i>
		<i>elas</i>

Serie átona

	refl	non reflex.	
		Acusativo	Dativo
1 ^a persoa	Ø	Ø	Ø
2 ^a persoa	Ø	Ø	Ø
3 ^a persoa	<i>se</i>	<i>lo, la, na</i>	Ø
4 ^a persoa	Ø	Ø	Ø
5 ^a persoa	Ø	Ø	Ø
6 ^a persoa	Ø	Ø	<i>yes</i>

Os alomorfos do pronomé átono de acusativo de terceira persoa, aparecen, enclíticos e unidos ao verbo, segundo as seguintes regras:

-*lo*: despois de -r (*dixelo jám*). Hai tamén un caso de combinación co pronomé reflexivo *se* (*non se lo sabían*)

-*la*: despois de vocal (*ála a tener María Rodríguez por en sos días*) ou de -*n* (*tenla Fernán Eanes*).

-*na*: despois de -*n* (*tenna Arias Núñez; tienna Jobán Núñez*). Nótese que o -*n* final do verbo vai nos dous casos abreviado.

3.4.4. Verbo

Entre as formas verbais que aparecen no texto merecen atención especialmente as formas con vocal ē ditongada: *ye, yeran tien, tienen, dieron, fueron, pusieron*, que alternan coas formas que non ditongan que son minoritarias. Tamén queremos chamar a atención sobre a perda do -e final na 3^a persoa do presente dalgúns verbos da segunda conxugación: *iaz, iatz, tien* e na monotangación do ditongo nalgúns casos da 3^a persoa do perfecto dos verbos da primeira conxugación: *otorgó, sacó* (fronte a *morou*) ou a da forma *fu*.

INDICATIVO								
PRESENTE			COPRETÉRITO			PRETÉRITO		
1 ^a	2 ^a	3 ^a	1 ^a	2 ^a	3 ^a	1 ^a	2 ^a	3 ^a
—	—		—	—	—	—	—	—
—	—		—	—	—	—	—	—
dá, mora	á/ay/ba, é, yé, faz, iatz/ iaz, ten/tien/tiene		auía, era faziamos —	—	dió, morou, ouo, fu, teuo	dixo		
—	—		dauan, auyán, lexauan	dezían, yeran, sabían	— (yán).	—	foron/fueron/furon,	dixerón,
—	—				dieron,		fizieron, pusieron,	odiron.
dan/dant/dam, leuan, xaman, renden.	an, son/sunt, fazen, iazen/jazen, saben, tenen/tienen				compraron			
ANTEPRETÉRITO			FUTURO			FUTURO PRETÉRITO		
		— — — — —						— — — — —
		dixeran						dixelo yán
SUBXUNTIVO								
PRESENTE			PRETÉRITO			FUTURO		
			— — — — — acordassen, uisen.	— — — — — odissen				
IMPERATIVO			FORMAS NOMINAIS					
			INFINITIVO		dar, ficar, monidar	auer, tener —	dezar/(dixer)	—
			PARTICIPIO		jurado, preguntado.	— —	—	—

4. CONCLUSIÓNS

A vacilación entre a monotongación e a ditongación de ē e õ; a vacilación nos resultados de -AU e -AI primarios e no sufijo -ARIUM; a perda ou non de -N- e -L- son, entre outras, características que encadran o texto do recto do *Tombo das Viñas de Ribadavia* nunha serie de documentos da franxa oriental do galego, coma os *Foros de Castelo Rodrigo* ou algúns dos cartularios de Carracedo, Castañeda ou San Pedro de Montes (Lorenzo 2004b: 39-40), por exemplo. É nese contexto en que debemos estudar a lingua do texto.

5. CODA

Quero finalizar con dúas apreciacións sobre a lingua do texto en relación coas dificultades sobre a súa datación.

Entre os documentos do mosteiro de Melón transcritos por Cambón Suárez (1957) na súa tese de doutoramento hai outros dous documentos de características lingüísticas similares: un datado en Mayorga (na provincia de Valladolid en 1246) e outro en Palacios (posiblemente Palacios de Campos, Medina del Campo, Valladolid), en 1256 e signados respectivamente por don Yanes, notario do concello, e Johan Johannis, *jurado* do concello de León, probablemente a mesma persoa. ¿Puido ser tamén el quen redactase o noso texto?

Na documentación en leonés que consultei ata o momento encontrei varios documentos cunha fórmula de inicio semellante a do texto que estamos a comentar: (*Esta ye la) renembrancia...* Catro pertencen ao mosteiro de Carrizo (docs. 598, 599, 602 e 603) e non teñen data. Casado Lobato (1983), a editora, dátaos no século XIII. Os outros tres documentos están na colección documental da catedral de León, un datado entre setembro do ano 1271 e o 29 de marzo de 1972 (doc. 2317) e dous en xaneiro do ano 1272 (docs. 2312-2313). Estes sete documentos son rascuños, anotacións feitas sen gran coidado, posiblemente para logo volver ser redactados con fórmulas más solemnes. Iso pode explicar no caso de Carrizo, coma no noso, a falta de data.

Outra vez, estas dúas últimas consideracións parecen levarnos máis cara á segunda metade do século XIII que cara á primeira a pesar da opinión que ata agora se veu tendo sobre a datación do *Tombo das viñas*.

APARICIÓN E FLORECIMENTO DA PROSA MEDIEVAL GALEGA

Santiago López Martínez-Morás

Universidade de Santiago de Compostela

Normalmente, os investigadores, tanto no caso de medievalistas como no caso dos estudiosos da literatura galega en xeral, consideran de xeito marxinal as obras en prosa vernácula da Galicia medieval, e isto, fundamentalmente, por dúas razóns: a escaseza de textos conservados, e o feito de tratarse, case na súa totalidade, de traducións a partir de obras ou textos creados fóra do noso territorio, o que resta orixinalidade á producción galega (Lorenzo 2000: 366-67; cf. porén, Gracia 1996: 12-13 para as versións castelás; vid. outras razóns en Gutiérrez García 2005: 37-40). Engádese a isto o feito de que a prosa galega forma parte do mesmo período histórico, o medieval, que asiste ao nacemento, apoxeo e desaparición da lírica galego-portuguesa, o xénero máis importante deste período, e un dos máis frutíferos da literatura galega ata o día de hoxe, o que acentúa inevitablemente o seu carácter secundario a ollos da crítica. Esta visión, máis froito da análise moderna que de consideracións propiamente medievalas, afecta tamén a movementos líricos máis tardíos, como a denominada escola galego-castelá, que non imos tratar aquí, e que, en contraposición á anterior, é considerada claramente de decadencia pola investigación dos últimos tempos (Gómez Sánchez / Queixas Zas 2001: 63, Vilavedra 1999: 62, Polín 1997; cf. porén, Monteagudo 1999: 124 e Pena 2002: 298; vid. tamén, para unha acertada análise destas posturas, Gutiérrez García 2005: 32 e ss.); esta mesma crítica, non obstante, en liñas xerais, valora positivamente as escasas referencias prosísticas da literatura galega.

Pero é indispensable ter en conta que, polas súas características, a prosa é distinta da producción lírica, e está máis suxeita a un proceso de copia, difusión e tradución de manuscritos que require necesariamente a existencia de copistas e amanuenses, indispensábeis para o seu coñecemento e difusión. Este proceso podería denominarse fase 1, e é o que impide que, nun primeiro momento, poidan existir elementos de orixinalidade literaria (fase 2), que, nunha evolución lóxica, só podería xurdir despois de que este primeiro paso acadase unha certa complexidade.

Esta segunda posibilidade, no caso galego, vese limitada polo importante desenvolvemento do sistema literario en castelán, moitísimo más efectivo, o que trae consigo a consolidación da literatura castelá como sistema de referencia cultural no territorio galego; este sería o principal factor da inexistencia dunha literatura galega en prosa con xéneros propios desenvolvidos. Pero este fenómeno limitase ao ámbito da prosa, porque o xénero lírico constitúe unha cuestión distinta: a escola galego-castelá de finais da Idade Media proba que a pervivencia do galego como lingua de creación literaria mantíña o seu vigor en ámbitos moi definidos, ao tempo que conservaba vínculos evidentísimos coa antiga producción lírica da que esta escola sería, en realidade, epígonos.

De todas maneiras, compre interpretar este primeiro proceso de traducións e adaptacións como parte dun fenómeno xeral de difusión e de continuidade común ao espazo europeo, non só hispánico. De feito, áinda que mantén a súa orixinalidade nalgúns puntos, a propia lírica galego-portuguesa é, en gran medida, debedora á súa vez dun proceso de producción occitano que foi quen de influír na xeración doutros movementos líricos. Á súa vez, a lírica galego-portuguesa difundiuse no territorio peninsular como escola literaria, propagando o uso da lingua; isto proba que os grupos culturais pechados son impensables na época medieval e, polo tanto, non é correcto supoñer que a producción prosística galega, polo feito de traducir directamente as obras procedentes do exterior, constitúe un proceso literario menor, senón que é, en realidade, parte dun fenómeno global no que, simplemente, a iniciativa partía agora doutros centros, hispánicos e europeos.

Por outra banda, tamén é necesario ter en conta, pola súa importancia nun sistema que conserva de xeito fragmentario gran parte da súa producción, que os textos conservados son só unha parte do que realmente existiu; así, de moitas obras temos algunha referencia puntual: por exemplo, as homilías en galego das que se teñen noticia en 1229 (Monteagudo 1985: 117) fan que poidamos supoñer unha producción de *exempla ad usum praedicandi*, de difusión oral, sen dúbida, pero que poderían ter existido por escrito nalgún momento. Polo mesmo motivo é preciso concederelles un certo papel na literatura galega deste período a aquellas obras que se mencionan, áinda que sexa de xeito indirecto, nos textos en prosa conservados; foron lidas por autores galegos e cítanse a propósito dun lector potencial galego, que probablemente os coñecía; isto implica que o proceso de difusión de obras noutras linguas, ou en versións galegas, foi maior do que nos deixan percibir os textos que hoxe lemos. Como se verá, parte do que segue se basea nesta premisa.

Como consecuencia, o presente traballo, que integra os achados de investigadores anteriores, e en particular, de Lorenzo (ed. 1975-77, ed. 1985,

1993abc, 2000 e 2002), pretende ofrecer unha visión xeral da literatura galega en prosa destes séculos atendendo a una tripla orixe da producción (suxerida xa por outros investigadores, como Pena 2002: 296 e ss.):

- a) unha dimensión europea, ou, máis propiamente, románica, onde xorden moitas das correntes e obras que teñen correspondente na literatura galega desta etapa, e que constitúen, segundo Vilavedra (1999: 67), o “rico substrato temático” da prosa medieval galega.
- b) unha dimensión hispánica, produtora de obras derivadas dos discursos historiográfico e xurídico, e que constitúe, ao mesmo tempo, a principal rede de circulación de manuscritos na que se integra a producción galega.
- c) unha dimensión propiamente galega, na que o número de obras é moi reducido, e cunha difusión claramente minoritaria, pero algunas delas con base en textos, probablemente tamén moi vinculados a Galicia, de proxección universal¹.

1. A DIMENSIÓN EUROPEA

A materia troiana, igual que a materia artúrica, que tamén deixou testemuños na literatura galega, ten a súa orixe en Francia. Concretamente, o *Roman de Troie*, a obra fundamental deste xénero e, con moito, a de maior éxito en Europa, foi escrita cara a metade do século XII, entre 1155-60, por Benoît-de-Sainte-Maure, por orde de Henrique II, rei de Inglaterra. Herdeiro de Dares e Dictis, autores de versiós supostamente fidedignas dos feitos, pero escritas xa nos séculos IV e VI da nosa era, o *Roman de Troie*, de 30.000 versos, inaugura unha tradición que afecta a case toda a Romania, onde se combina con outros elementos e chega a condicionar parte da producción castelá nesta materia e, naturalmente, a producción galega. Ao longo deste século XII, e xa entrado o século XIII, será considerado como un texto que reproduce fielmente a historia troiana, pero sufrirá grandes transformacións, cheas de modificacións ideolóxicas e formais, como a redacción de varias versiós en prosa.

1. A adscrición a unha destas categorías non implica a imposibilidade de pertencer a calquera das outras, porque, por exemplo, a materia troiana galega é de orixe europea, pero as obras conservadas nesta lingua dependen da producción castelá; porén, a clasificación establecida atende, fundamentalmente, ao lugar do xurdimento da materia dun texto. A orde que seguirán os relatos dos que falaremos, e o seu proceso de transmisión, obedecen a esta lóxica. Por tal motivo, serán frecuentes neste traballo as referencias a procesos de creación e difusión de obras estrañas ao sistema galego, pero estreitamente relacionadas con el.

Esta segunda vía de producción da materia troiana non debe entenderse como substitutiva da primeira, en verso, senón como complemento da mesma, de tal xeito que, nun momento dado, a obra de Sainte-Maure coñeceu dúas vías de propagación: a da fórmula orixinaria e a propiciada polas prosificacións. Pero é preciso falar de prosificacións en plural, porque en realidade existen cinco versións distintas deste proceso, tal e como indican os investigadores. Estas versións son coñecidas dende hai tempo, pero foron analizadas en profundidade nos últimos anos sobre todo por Jung (1996). Estas prosificacións, designadas numericamente de 1 a 5, foron case todas elas redactadas no século XIII, na centuria seguinte ao traballo de Benoît, e teñen orixes distintas: con excepción de Prose 5, todas elas son de producción non francesa: Prose 1 provén de Morea, Prose 2 (chamada impropriamente “versión meridional”) da Italia setentrional; Prose 3 foi redactada en Italia central e Prose 4 (que inclúe a historia de Troia nun relato sobre o Graal (versión Bodmer), no reino anxevino de Nápoles. Prose 5 é fundamentalmente coñecida pola súa inserción na segunda redacción da *Histoire ancienne jusqu'à César*, onde substitúe á historia de Dares da primeira redacción desta obra (Jung 1996: 440-563).

Pero a “versión meridional” coñeceu unha reformulación latina, a *Historia destructionis Troiae*, efectuada por Guido delle Colonne cara a 1287, que viría complicar en gran medida a difusión da materia troiana. Este relato constituíu pronto unha terceira vía de difusión da lenda troiana entre as xeradas a partir da obra versificada de Benoît, ata o punto de que, en certo momento, chega a substituír ao propio autor francés como fonte principal da historia, sobre todo en datas tardías (Lorenzo 2002: 110). Na Península Ibérica, sen ter en conta as pasaxes de Guido integradas na *Polimétrica* de castelán do que falaremos de seguido— as primeiras traducións están documentadas fundamentalmente a partir de 1375, data na que Jaume Conesa traduce esta obra ao catalán, quizais a partir dun texto francés intermedio; pola súa banda, as traducións aragonesa (Juan Fernández de Heredia, finais do XIV), e castelá (Pedro de Chinchilla, *Ystoria troyana*, 1443) son aínda mais tardías.

Non temos probas dunha tradución galega desta última versión sobre Troia, pero si podemos establecer hipóteses sobre redaccións en galego do *Roman de Troie* anteriores aos textos conservados e, en particular, en relación a un dos primeiros textos da producción troiana en castelán: a *Historia troyana polimétrica*. Esta obra consérvase en dous manuscritos fragmentarios: o códice M (ms. 10146 da BNM) contén, no seu núcleo orixinario, unha tradución dos versos 5703 a 15567 do *Roman de Troie*. O outro testemuño, de finais do XIV, é o manuscrito M' ou E (L-jj-16 de El Escorial), que traduce os versos 13822 a 15567 de Benoît. Ambos os dous están completados, tar-

diamante e en diferentes niveis, por fragmentos procedentes da versión do *Roman de Troie* de Afonso XI, áinda que, máis puntualmente, o manuscrito E contén tamén elementos tomados de Guido delle Colonne (García Solalinde 1916: 124-6), o que implica a unión, certamente accidental, das dúas versións da materia troiana en Castela. A datación tradicional da *Polimétrica*, situada cara a 1270, segundo Menéndez Pidal, non foi sempre aceptada de xeito unánime (p. ex. García Solalinde 1916: 127, recentemente Casas Rigall 1999: 215-6), de tal xeito que podería chegar a situarse a súa orixe xa no século xiv, quizais en datas próximas á da versión da *Historia Troyana* de Afonso XI, o outro gran testemuño da materia troiana no reino castelán (fundamental, pero non único na difusión da materia: ademais dos manuscritos que completan esta tradición, sábese que houbo en Castela un manuscrito de Prose 5, de ca. 1345, ofrecido por Henrique II de Castela a Charles V de Francia. Cfr. Jung 1996: 505). Con todo, a modificación da data non é a única novedade de importancia: Juan Casas (1999: 235) atopa problemas de tradución na *Polimétrica*, na que Ménendez Pidal xa vira leonesismos (Menéndez Pidal ed. 1934: xxii, e n.1), que poderían supoñer a existencia dunha fonte galega ou portuguesa. Isto implica que a *Polimétrica* compartiría a fonte do testemuño fundamental hoxe conservado da versión da *Historia Troyana* de Afonso XI, o H. j. 6 de El Escorial, acabado de copiar en 31 de decembro de 1350 (García Solalinde 1916: 129), no que Ramón Lorenzo (ed. 1985: 191-202) xa atopara problemas semellantes que evidenciaban tamén unha fonte galega ou portuguesa, froito da tradución, no Occidente peninsular, dun manuscrito francés quizais traído por Afonso III o Boloñés (Lorenzo 2000: 401).

Á vista destas hipóteses, dadas as circunstancias e as análises lingüísticas da *Polimétrica* e— os leonesismos tamén atopados por Menéndez Pidal,— se ambos textos, a *Polimétrica* e a *Historia Troyana*, tiveron unha orixe común, como propón Juan Casas, o máis plausible sería quizais supoñer que esta actividad de tradución no Occidente peninsular, da que fala Lorenzo, podería ser, en realidade, a que se desenvolveu na zona de León no século xiv e que, ademais de afectar ao proceso de difusión dalgúns relatos artúricos, como veremos despois, tamén propiciou a creación e circulación de textos xurídicos en galego-leonés (Mariño 1998: 157-76); nestas condicións, non é imposible supoñer que foi nesta rexión leonesa onde se redactou este modelo troiano con leonesismos común a ambos textos casteláns, como suxire Casas: “la combinación de elementos leoneses y galaico-portugueses que se advierte en la *Polimétrica* incluso podría figurar ya en el modelo ibérico perdido” (Casas 1999: 236). Esta hipótese vincula de xeito inequívoco a producción en prosa galega coas actividades culturais do reino de Castela e León, algo que se reproducirá tamén noutros xéneros.

De feito, a implicación da creación galega nun fenómeno máis xeral se percibe máis claramente nos manuscritos conservados. Á parte da hipótese que acabamos de propoñer acerca da fonte galega sobre a materia de Troia e os seus posibles alcances, coñecemos unha tradución galega da *Historia Troyana* de Afonso XI, efectuada a partir dun manuscrito diferente do referido arriba, e hoxe perdido (Lorenzo ed. 1985: 169 e ss.): trátase da *Cronica Troiana*, traducida do castelán por Ferran Martíns e outros copistas por orde de Fernán Pérez de Andrade e rematada en 1373, resultado logo dun labor de mecenado que proba, dende a nosa perspectiva, a diversificación dos ámbitos culturais da producción galega, a existencia de pequenos centros de producción —oi asimilables, na súa función, a outros centros señoriais, non rexios, de Occidente— e a súa progresiva integración en varios niveis do sistema literario hispánico.

A materia troiana en galego ten aínda outro testemuño máis, esta vez de carácter menor: trátase do ms. M.558 da Biblioteca Menéndez y Pelayo de Santander, do século XIV, que presenta dous aspectos fundamentais: a) combina o uso do galego co castelán, pero de xeito independente, de tal forma que o texto en galego serve para completar as lagoas que presenta o texto en castelán, lingua inicialmente utilizada para a redacción desta copia (Lorenzo 2000: 402). Isto, en principio, limita a importancia da achega galega na redacción, porque foi simplemente a lingua dun amanuense puntual a que determinou en último termo a integración deste texto no sistema literario galego, e b) en canto ao contido, o manuscrito introduce elementos sobre materia antiga tomados da *General Estoria* (Parker ed. 1975: ix) sobre todo no principio do texto, que combina cos datos básicos da materia troiana tal e como a coñecemos polo testemuño da producción de Afonso XI, a cuxa tradición manuscrita pertence. En consecuencia, o manuscrito de Santander completa unha traxectoria en tres niveis da producción galega sobre a materia de Troia: en primeiro lugar, a posible versión, quizais vinculada a León, directamente dependente das achegas de Afonso III —a súa vez debedor da producción francesa— e orixe de textos casteláns capitais como a *Polimétrica* e a *Historia Troyana* de Afonso XI; en segundo lugar, unha tradución galega deste último texto, que constitúe, xunto coas traducións de crónicas, a proba máis importante da existencia dunha actividade cultural nas cortes señoriais galegas; e, en terceiro lugar, un testemuño puntual da tradición manuscrita da *Historia* de Afonso XI, que demostra a interrelación dos usos lingüísticos, áinda que accidentais, do galego e o castelán (o que demostra, por outro lado, o amplio grao de intelixibilidade da escrita das distintas variantes ibero-romances por parte dun certo público). Os pasos referidos consolidan a idea dunha circulación indistinta de manuscritos en varios romances peninsulares como partes dunha mesma tradición sobre a materia, ademais dos

manuscritos sobre Troia que, sen dúbida, circulaban en francés nun primeirísimo momento, chegados tamén con certeza por vías distintas á portuguesa, e dos que a penas temos noticia.

Un proceso case idéntico, que ten como gran protagonista a Portugal, é o representado polas materias artúrica e tristaniana, de pouco posterior, no escenario europeo, á materia antiga. A literatura artúrica en lingua vulgar aparece neste contexto global no século XII, e ten o seu principal expoñente en Chrétien de Troyes, que foi autor, na segunda metade dese século, das obras máis salientables do xénero. Só despois de 1210 empeza a fraguarse a elaboración de ciclos en prosa, os más importantes dos cales, coñecidos como *Vulgata* e *Post-Vulgata*, van ter un gran éxito como transmisores da literatura artúrica en Europa.

Estes ciclos tiveron unha complicada xénese, e unha más complicada difusión: o da *Vulgata*, conformado entre 1215 e 1235 (Frappier 1978: 538), comezou a consolidarse a partir da principal das súas obras: o *Lancelot du Lac*, á que se engadiron a *Queste du Saint Graal* e a *Mort Artu*. Con posterioridade a estas obras foron creadas a *Estoire du Graal* e o *Merlin*, que pechan o conxunto; a *Post-Vulgata*, que é completada cara 1240, elabora unha visión nova da historia artúrica a partir do esquema da *Vulgata*, pero non presenta outra versión do *Lancelot du Lac*, a obra central do ciclo. Neste segundo grupo, a conservación de testemuños franceses é tan escasa que o contido das traducións ibéricas ← astelá e portuguesa → é indispensable para a reconstrucción do conxunto. Por outra banda, a estes ciclos engádese unha obra dunha fortuna inmensa na literatura medieval, o *Tristan en prose*, que, na súa orixe cara a 1240 nas versións más divulgadas, foi concibida como unha continuación necesaria dos outros ciclos, que non falaban das aventuras do personaxe de Tristán. De todas formas, as súas aventuras, aínda que dun xeito totalmente diferente, foran xa tratadas por Béroul e Thomas d'Angleterre no século anterior en sendas obras versificadas.

Os únicos testemuños conservados na Península Ibérica desta producción artúrica, son, precisamente, as traducións de diversos textos pertencentes aos ciclos referidos, que vinculan, a través de certas referencias puntuais, a Portugal e a Castela. Galicia, que non ten traducións conservadas de ningún dos dous ciclos artúricos, e só dispón dun fragmento dunha tradución do *Tristan en prose*, parece claramente excluída deste proceso. Pero, como xa dixemos na introdución deste traballo, neste campo ten un peso importante a opción da literatura perdida: parece claro que Galicia tivo, alomenos, coñecemento indirecto destes ciclos e, en xeral, da producción artúrica de Occidente, como proban algunas referencias da lírica galego-portuguesa (Alvar 1993, Sharer 1988, Gutiérrez García / Lorenzo Gradín 2001: 56-109). É fácil imaxinar, pois, que ambas materias, artúrica e tristaniana, tiveron plena circulación no Occi-

dente peninsular, incluíndo Galicia e, posiblemente, compartiran nalgúns casos (sobre todo na *Vulgata*, a *Post-Vulgata* e o *Tristan en prose*), algúñ elo común que explique a chegada dos textos a estes territorios ibéricos.

Á marxe das vías secundarias de penetración, normalmente considérase fundamental para o coñecemento de certos textos artúricos o papel desenvolvido por Afonso III o Boloñés, irmán de Sancho II, ao que sucedeu no trono de Portugal en 1248. Ata pouco antes, o Boloñés permaneceu en Francia, casado con Matilde de Boulogne, e mantivo un contacto moi estreito cos ámbitos literarios e de cultura do país de acollida. As datas da súa estadía en Francia permiten supoñer que tamén coñecería os ciclos en prosa dos que antes falábamos, a *Vulgata* e a *Post-Vulgata*, áinda que algúns investigadores sosteñen que tamén é posible que coñecese unha primeira versión do *Tristan en prose* (Gutiérrez García / Lorenzo Gradín 2001: 43), datada cara 1235, anterior ás que hoxe coñecemos. Non obstante, as referencias que conservamos hoxe só demostran vínculos deste rei coa *Post-Vulgata*, e isto a través dun personaxe histórico mencionado no *José de Arimateia* portugués (Carter ed. 1967: 379) e na *Demandia del Santo Grial* castelá: João Vivas (ou Juan Vivas), relacionado con Joan Sánchez, mestre escola da diocese de Astorga e responsable dunha certa labor de tradución de textos artúricos cara a 1314, personaxe mencionado a súa vez no colofón do texto portugués. A nacionalidade de Vivas foi obxecto de controversia ata que Ivo Castro (1983) probou a existencia dun João Vivas, crego da orde de Santiago, que viviu en Lisboa nos tempos do Boloñés; en consecuencia, a tradución inicial dos textos da *Post-Vulgata* sería feita por este crego, case con seguridade, do francés ao portugués. Con todo, as versiós portuguesas conservadas non provirían deste primeiro proceso, porque este colofón do *José de Arimatea*, onde se menciona a Joan Sánchez, obrigan a pensar nunha nova actividade de tradución e copia desenvolvida na localidade de Astorga cara a principios do século xiv, como sostén o propio Castro (1983: 98), que constituiría a orixe dos actuais testemuños manuscritos.

Neste sentido, é salientable un caso que áinda non está esclarecido totalmente a falta dunha edición crítica do texto. Trátase do problema representado polo manuscrito 9611 da Biblioteca Nacional de Madrid, recentemente publicado, que reproduce un texto en castelán do *Lancelot du Lac* da *Vulgata*, o outro gran ciclo artúrico. Este manuscrito, datado no século xvi, que é copia, segundo se indica explicitamente nel, doutro de 1414, presenta arcaísmos que poderían retrotraelo ás datas que manexamos, de 1314, na que se situaba a actividade tradutora de Astorga (Viña ed. 1993: 38-47). De feito, H. Sharrer (1994) percibe trazos lingüísticos que suxiren unha orixe noroccidental da fonte, sen que sexa posible determinar, polo de agora, a procedencia exacta, leonesa, galega ou portuguesa; isto suxire a Castro (1998:

139) a posibilidade de que o Boloñés fora tamén o responsable da chegada de, alomenos, unha parte do ciclo da *Vulgata* á Península, onde seguiría, lóxicamente, o mesmo proceso que os textos da *Post-Vulgata* e, como vimos polas propostas xa citadas de Lorenzo e Casas, tamén do *Roman de Troie*.

Por fin, o *Tristan en prose* galego constitúe un caso inverso aos que acabamos de tratar: se o ciclo da *Post-Vulgata* presentaba varios textos portugueses e ningún galego, o *Tristan* presenta xustamente o problema contrario, porque o fragmento galego non ten correlatos portugueses conservados. Non obstante, parece ser que houbo un manuscrito do *Tristan* na biblioteca de Don Duarte (Lorenzo 2002: 111). O fragmento pertence á chamada versión VII (segundo a terminoloxía que utiliza, entre outros, Baumgartner 1975: 61-62), a mais difundida en Europa, e formada cara a 1240, pero á que non pertenecen os testemuños casteláns, o que suxire unha orixe e unha difusión independentes do noso fragmento con respecto a este grupo (Cuesta Torre 1994: 240). De todos os xeitos, a complexidade das versións é tan grande, igual que o número de manuscritos de VII, que resulta moi difícil establecer a fonte precisa da cal procede o texto galego, áinda que investigacións recentes parecen achegar dunha certa maneira esta última versión ao ms. 2542 de Viena (López Martínez-Morás 1999: 852, López Martínez-Morás / Pérez Barcala 2001: 123, Lorenzo Gradín / Díaz 2004: 395), sobre o que Philippe Ménard estableceu a partir de 1987 a súa edición do roman de *Tristan en prose*, áinda que non sexa posible aceitalo como manuscrito fonte. De feito, algúns investigadores perciben unha gran semellanza con outros testemuños (p. ex. Michon 1991: 266, Soriano 1998: 674).

Esta particularidade do texto galego evidencia a multiplicidade das vías de difusión das materias artúrica e tristaniana pola Península. Pero iso é lícito pensar que, con alta probabilidade, tamén un manuscrito do *Tristan en prose* formaría parte do conxunto de obras traídas polo Boloñés a Península. Cronoloxicamente é posible: áínda que a creación do *Tristan en prose* primitivo se sitúa arredor dos anos 1225-35, hai ata catro versións posteriores a esta data que chegan ata mediados do século xiv. A data *a quo* da versión VII, fonte do texto galego é, como xa dixemos, 1240 (Baumgartner 1975: 62), polo tanto algúns anos anterior á volta do Boloñés a Lisboa. Por outra banda, o texto tristaniano galego, que data das últimas décadas do século xiv (Pensado ed. 1962: 12, Rossi 1993: 414 fala, concretamente, do “terceiro quarto do século xiv”) é claramente copia doutro anterior (Michon 1991: 268, Castro 1998: 148, López Martínez-Morás 1999: 850; cf. porén, Pensado ed. 1962: 12), o que nos permite aproximarnos cronoloxicamente a todo o proceso de tradución e difusión dos tempos de Afonso III e dos anos seguintes en Astorga. É moi posible pois que, nestas condicións, a achega do Boloñés ás literaturas peninsulares sexa maior do que pensamos, áínda que non poidamos es-

quecer o papel esencial e obvio neste proceso doutras vías de penetración como o Camiño de Santiago, segundo propón, entre outros, Lorenzo (2002: 107, tamén Gutiérrez García 1998).

Neste proceso de producción a partir de textos foráneos existe un texto que non ten as repercuśóns dos anteriores, pero que tamén forma parte dunha tradición europea, áinda que menor que as outras, e de carácter esencialmente utilitario, e incluso claramente técnico: o chamado *Libro de albeiteraria*. Este é un tratado práctico de veterinaria datado, como moi tarde, cara a 1420; comparte cos que nós chamamos textos da “dimensión galega” (vid. *infra*) a data tardía e o alcance reducido, pero, paradoxalmente, este texto marxinal é moi próximo no tempo do que quizais sexa o documento historiográfico galego máis importante, a *Crónica de 1404*. Como moitos outros textos romances, o tratado aparece integrado nun manuscrito, hoxe desaparecido (Lorenzo 1993c: 635), que contiña outros elementos non relacionados co texto en cuestión, e que incluía documentos do notario de Baiona Álvaro Eanes da Seira, autor de varias actas notariais presentes no manuscrito e datadas entre 1409 e 1420 (Lorenzo 1993c: 635 e 2000: 427). A súa fonte exacta sería un tratado de veterinaria, o *De medicina equorum*, escrito en Nápoles por Giordano Rufo, mariscal do emperador Federico II, morto en 1250. Esta obra inicial estaría escrita arredor dessa data ou, en todo caso, antes de 1256, dado que nese momento a familia Rufus, caída en desgraza co novo soberano Manfredo, perde a súas pertenzas e a súa influencia.

O texto galego forma parte dunha complexa rede europea de traducións da obra, porque o *De medicina equorum*, que recibe influencia incluso de obras clásicas como a *Mulomedicina Chironis*, coñece versións nas lingua máis importantes da Romania, ademais de ser recollida en múltiples manuscritos en latín, dos que se conservan áinda hoxe uns 26. Sen embargo, parece que non todas as áreas da Romania coñeceron por igual a obra de Rufus: Prévot (1991: 7) establece una lista das versións romances existentes, pero non fai referencia a ningún caso ibérico, con excepción dos textos cataláns, repartidos entre os séculos XIV e o XV. No Occidente peninsular, á parte da versión galega, existe unha tradución en portugués, a versión de Mestre Giraldo, elaborada por encargo de D. Dinis cara a 1318, e que constitúe unha das primeiras traducións da obra de Rufus en Europa. Esta versión, que Pena (2002: 339) parece dalgún xeito equiparar á galega, ten, porén, fontes máis complejas, porque presenta tamén unha marcada influencia da *Mulomedicina* de Fr. Theodorico Borgognoni (Vasconcelos 1910: 156 e ss., Pensado ed. 2004: 18), que a separa claramente da versión galega (Lorenzo 1993b: 405). Por outra banda, en castelán é coñecido, sobre todo, un *Libro de los caballos*, tradución da obra de Theodorico Borgognoni, que, segundo os investigadores, dataría dos tempos de Afonso XI, e estaba dirixido á nobreza (Rodríguez Velasco

1996: 391-92); pola contra, o texto galego parece estar concibido claramente para un uso práctico de clases baixas (Pensado ed. 2004: 18)².

De todos os xeitos, a versión de Mestre Giraldo engade unha valiosa referencia á circulación de ambas obras, a de Rufus e a de Borgognoni, en Portugal (Lorenzo 1993b: 405), o que permite imaxinar o contexto cultural ibérico e— polo tanto, galego— no que o notario baionés tería accedido á obra de Rufus para elaborar a súa versión. Aínda así, non se pode definir con exactitude a natureza, as características ou a lingua da fonte da versión galega: é posible aceptar, con Ramón Lorenzo (2000: 428) e Pensado (ed. 2004: 18) que se trata dunha copia dun texto algo máis antigo, aspecto ratificado, en traballos de investigación ainda inéditos, por Pérez Barcala; pero a súa fonte exacta, un orixinal latino, próximo á obra de Rufus, ou unha tradución romance, non está ainda clara. Non obstante, segundo afirma o investigador Pérez Barcala nun traballo en prensa³, moi probablemente a fonte do texto galego sería unha versión latina e non unha fonte vulgar, a xulgar polos latinismos léxicos e sintácticos que presenta o tratado. Esta fonte latina, de difícil determinación, sería quizais próxima á que lemos no manuscrito da Biblioteca Marziana de Venezia, Lat. VII. 24 (3677), do século XIII, publicado en 1818 por Girolamo Molin.

2. A DIMENSIÓN HISPÁNICA

A dimensión europea é fundamental na materia de ficción (e, puntualmente, no tratado de veterinaria que precede a este apartado), pero esta ten, esencialmente, un sistema de transmisión netamente hispánico, como acabamos de ver. Tamén ten unha dimensión esencialmente hispánica, esta vez na súa producción, a maior parte do discurso historiográfico galego deste período, na medida en que depende, nos seus textos más importantes, da producción afonsí⁴. As obras desta parte son tres: a) unha tradución conxunta, de principios do século XIV, da *Crónica General* (coñecida sobre todo como *Estoria de España*) e da *Crónica de Castilla* (un manuscrito menor, A', inclúe

2. “Estamos ante una copia de un texto muy curioso, de naturaleza pragmática, carente de preocupación literaria, y probablemente para uso, no de un distinguido caballero amante de los caballos, sino más bien para el de un albéitar o de un caballerizo que los cuida”.

3. O traballo será publicado na *Revue critique de Philologie Romane*. Este investigador, que continua o seu labor sobre o *Libro de Albeitaria*, prepara unha nova edición do texto e un estudo complementario como base da súa tese de doutoramento.

4. A *Crónica de Santa María de Iria* é tamén un texto historiográfico pero, como ten unha dimensión exclusivamente galega, trataremos del na última parte deste traballo.

só a tradución do primeiro destes textos; vid. *infra* a descripción correspondente); b) a chamada *Crónica de 1404*, que inclúe a anterior entre as súas fontes, e c) unha tradución parcial do século xiv da *General Estoria* afonsí, que só chega a cubrir unha parte pequena da producción desta crónica universal do Rei Sabio, o cal deixou sen concluir este gran proxecto.

O primeiro texto, tradución conxunta da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla* (orixinariamente independentes entre si en castelán), consérvase só nun manuscrito: o 8817 da BNM (elaborado entre 1295 e 1312, sendo rei de Castela Fernando IV; vid. Catalán 1962: 354, Lorenzo ed. 1975: xlvi). Este manuscrito, denominado A, entre outros, por Diego Catalán (1962), traduce, na súa primeira parte (A1) a chamada *versión amplificada de 1289* da *Estoria de España* de Afonso X, pero non na súa totalidade: en concreto, só presenta unha versión galega da parte comprendida entre os reinados de Ramiro I (842-850) e Vermudo III (1028-1037), reis de León, que constituía, no orixinal castelán, o texto inicial de *E2c*, documento historiográfico independente que foi despois integrado no manuscrito rexio *E2*, esencial na configuración da *Estoria de España* (Lorenzo ed. 1975: xxxviii, Catalán 1962: 50-52). Non obstante, esta versión castelá *E2c* continúa coa narración de reinados posteriores ata ben entrado o de Afonso VI (Fernández Ordóñez 2000: 243); a tradución galega é, polo tanto, parcial. Pola súa banda, a segunda parte de A (A2) traduce, como xa sabemos, a *Crónica de Castilla*, texto creado entre 1290 e 1300 (Armistead 2000: 160) a partir de elementos tomados da *Estoria de España* (Fernández Ordóñez 2000: 223). Esta crónica, na súa versión orixinal, cubre os reinados de Fernando I a Afonso IX (Bautista Crespo 2002: 285, Catalán 1962: 345), reis posteriores aos citados en A1. Porén, á versión galega deste texto que lemos en A2 se lle engadiron certos elementos independentes, e, a maiores, a *Crónica Particular de San Fernando*.

A presenza de textos tan dispares nun só manuscrito —émbrese que estamos a falar en todo momento do manuscrito A— fai pensar que o proceso de elaboración do mesmo, desentrañado, entre outros, polo seu editor, R. Lorenzo (ed. 1975-77) e por Diego Catalán (1962, 1992, 1997), foi dunha extraordinaria complexidade. En efecto, a primeira complicación empeza, de feito, na orde de tradución dos documentos: foi A2, e non A1, a parte redactada en primeiro lugar. Isto se sabe porque A2 presenta unha introdución, tomada do *Liber Regum* navarro, que reproduce un esquema xenealóxico dos reis anteriores (Lorenzo ed. 1975-77: xxxviii, xli-xlii), algo inútil nunha hipotética configuración unitaria do manuscrito A, porque repite parcialmente o que se mostra en A1 (Catalán 1962: 315-16). Antes incluso da unión con esta parte, e co fin de actualizar o discurso histórico, engadiuse a A2 unha sucinta historia dos últimos anos de Fernando III e dos reinados de Afonso X e Sancho IV, para rematar no período do reinado de Fernando IV, ao que

chama rei (Catalán 1962: 352, Lorenzo ed. 1975-77, xlvi, e 2000: 368), o que permite datar a tradución, que sería composta, como moi tarde, en 1312, ano en que remata o reinado de Fernando IV (Lorenzo ed. 1975-77: xlvi). Esta parte sufriu serias modificacións que veremos nun momento.

Neste estado de cousas, foi engadida a continuación unha tradución da versión *E2c*, que xa coñecemos como A1, e que serviu para cubrir o período anterior a Fernando I, no que comezaba a tradución da *Crónica de Castilla*. Este documento castelán, ánda que chega máis lonxe no tempo que a tradución galega, só contiña os reinados a partir de Ramiro I de León (Catalán 1962: 53), de tal xeito que a parte anterior a esta, cos primeiros reis astur-leoneses, incorporada despois, non formaba parte de texto orixinal traducido ao galego (Catalán 1962: 52, Lorenzo ed. 1975-77: xliv); polo tanto, tampouco existe na versión editada por Lorenzo, o que impide falar dun problema de transmisión manuscrita a partir dun hipotético orixinal completo (fronte a opinión de Monteagudo (1994a: 34 e ss.) e Vilavedra (1999: 78)).

Cando este proceso estaba concluído, unha man distinta ás anteriores eliminou as referencias que contiña A2 sobre os reinados posteriores a Afonso IX, para establecer modificacións de gran calado: foi introducida unha interpolación da *Crónica de San Fernando* (A2cont, segundo a terminoloxía de Catalán) relativa á vida de Fernando III, para o cal foi eliminada unha parte do capítulo actualizador do que falamos, entre os folios 229 e 230, que seguía a A2. A eliminación, non obstante, non foi total, porque o capítulo foi introducido de novo despois desta interpolación, de tal xeito que a conclusión do texto, situada no reinado de Fernando IV, é a mesma (Lorenzo ed. 1975-77: xlvi). Naturalmente, este longo proceso fai que o manuscrito A galego sexa o primeiro testemuño conxunto destas dúas obras, que, loxicamente, circularían por separado —fundamentalmente en castelán— antes da integración nun único manuscrito.

A pesar da complexidade na súa composición, é posible trazar unha certa influencia desta versión galega, que estaría presente, con variantes, na *Crónica de 1344* do conde de Barcelos, texto historiográfico portugués, e na chamada *Crónica de 1404* (Lorenzo 2000: 372). A crónica portuguesa, ánda que debedora da versión galega, posiblemente coñecería outros manuscritos distintos de A1, porque inclúe textos omitidos por este e que se atopan no orixinal da *Estoria de España* (Catalán 1992: 189-192 reproduce pasaxes do texto do conde de Barcelos omitidos en A1 e A'). Por esta razón, Diego Catalán considera que houbo dúas versións manuscritas, consultadas polo conde de Barcelos, próximas a A1 e A2, que o investigador denomina *α1 e *α2 (Catalán 1992: 189-91), hoxe perdidas. Estas versións terían circulado por separado pero, sempre segundo este investigador, tampouco elas constituirían a fonte da *Crónica de 1404*, o outro gran texto influído pola versión galega.

editada por Lorenzo: esta *Crónica de 1404* reproduce claramente A2 para a parte relativa a *Crónica de Castela*, aínda que, para o texto da *Crónica Xeral*, utiliza unha versión de A1 distinta da que coñecemos, denominada *Ax, más próxima do contido de A', que derivaría dela (Catalán 1992: 193-95, 1997: 239-40). É posible que, en todo este proceso, existira unha circulación por separado das traducións galegas da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla*, cousa que non é en absoluto descartable pero é máis fácil pensar que ambos os dous textos puideron estar unidos en data relativamente temprá (Lorenzo 2000: 367 fala de “época indeterminada” na que foron unidos os dous textos), ou que, alomenos, como suxire Catalán (1992: 195-6), se difundise a “noción de que esas dos traducciones independientes constituían dos partes de una misma obra”. Isto fai pensar que, dalgún xeito, existiu unha tradición manuscrita conxunta dos dous documentos en galego, dun certo grao de consolidación, que, como mínimo, divulgou a idea de que ambos relatos formaban parte dun único texto historiográfico, algo que foi esencial na xénese da constitución de varias crónicas distintas, pertencentes a reinos distintos, e vinculadas á *Estoria de España* afonsí.

Na mesma liña explícase a influencia do testemuño galego menor da *Crónica Xeral*: como xa dixemos, o manuscrito A' (2497 de Salamanca, antes 910 da Biblioteca do Palacio Real, século xv), texto menor desta tradición manuscrita galega, só contén a tradución da *Estoria de España* da versión amplificada traducida en A1. En principio pensouse que este testemuño non tivera influencia algúna posterior, pero novamente Catalán (1992: 188 e ss., tamén Fernández Ordóñez 2000: 240) determinou a dependencia do ms. castelán 643 de Madrid (*Ae*; finais do século xv) con respecto a esta versión, á que segue fielmente. Ao mesmo tempo, o investigador dá por seguro un vínculo de ambos os dous textos con Mondoñedo, deducido a partir dunhas referencias do texto de A' a esta localidade (texto en Catalán 1992: 188-89), que ambos reproducen, e que, en realidade, se desenvolven a partir dunha nota marxinal presente xa no ms. A1 (fol. 14b, Catalán 1992: 189). Isto implica, segundo Catalán (1992: 196), que todos estes manuscritos, incluíndo os que inflúen na crónica de 1404, tiñan algún tipo de relación con esta localidade galega, o que situaría, alomenos xeograficamente, a orixe desta incipiente tradición manuscrita en galego da que antes falábamos, e que, como vemos, reforza progresivamente o papel de determinados centros de poder na creación da prosa.

Pola súa banda, a *Crónica de 1404* tamén participa, como xa quedou dito, nesta evolución dos feitos. Esta crónica, como xa sabemos, ten unha forte influencia da *Crónica Xeral* e da *Crónica de Castela*, que reproduce de xeito íntegro nunha das súas partes (Lorenzo 2000: 387) —quizais a partir dun manuscrito galego hoxe perdido no que se refire á *Crónica Xeral* (vid. supra)—,

pero que non están incluídas na edición que fixo do texto Pérez Pascual (1990). Os testemuños desta crónica mostran unha maior complexidade que os textos historiográficos anteriores, non só no que se refire á composición, senón tamén á cuestión lingüística: o ms. S, da Biblioteca Menéndez y Pelayo de Santander (m-62), escrito, segundo Pérez Pascual, en galego-portugués (2002: 326, 1994: 249 n. 2), é de principios do século xv; os seus 162 folios só abranguen dende a historia de Fernán González ata a ocupación de Valencia polo Cid (Lorenzo 2000: 384). Pola súa banda, o manuscrito E (X-i-8 do Escorial), de mediados do século xv, tamén é fragmentario: ten 331 folios, presenta notas marxinais de diversas mans e épocas, e interrómpese no reinado de Afonso VI e a historia do Cid. Contén unha tradución castelá, ainda que con moitos erros e galeguismos (Lorenzo 2000: 384). Finalmente, o principal testemuño, e o único completo, é o códice V (ms. Vindel, propiedade da *Hispanic Society* de Nova York), que data de finais do século xv e ten 363 folios, ainda que presenta unha versión castelá con galeguismos ata o folio 58v, momento en que abandona esta lingua para utilizar unicamente o galego, que é a lingua da crónica orixinal. Moi probablemente, o que se pretendía neste manuscrito era unha tradución ao castelán, pero as dificultades coas que se atopou o copista, sen dúbida galego, fixéronlle renunciar a este proxecto para continuar na súa lingua (Pérez Pascual 1991a: 219). As filiations entre todos os testemuños son moi simples, e xa foron establecidas polo seu maior coñecedor, Pérez Pascual (2002: 327), segundo o cal E e V derivarían de S. Ademais destes manuscritos, tense noticia de, alomenos, dous códices perdidos: o que figuraba na biblioteca imperial de San Petersburgo e o manuscrito do que dá noticia Maldonado y Pardo en 1677 (Pérez Pascual 2002: 325-6).

Poden establecerse no seu contido catro partes diferenciadas (Pérez Pascual 1994: 248-9, Lorenzo 2000: 384-89):

- 1) a parte relativa á Antigüidade ata o inicio do dominio godo na Península, na que se complementan varias fontes distintas, e que comparte contidos coa refundición da *Crónica de 1344* (Fernández-Ordoñez 2000: 230-1); entre esas fontes estaría o *Corpus Pelagianum*, de Pelayo de Oviedo, cronista morto a mediados do século xii, que transcribe a Isidoro de Sevilla, quizais nun texto próximo ao conservado no ms. da BNM 1513 (Pérez Pascual 1994: 256). Pero tamén é aquí onde se introducen as referencias aos textos de ficción, dunha importancia extraordinaria para o coñecemento da súa difusión na Idade Media hispánica (e, polo tanto, tamén galega): o *Libro de la Conquista de Troya*, o *Libro del Sancto Grayal*, o *livro del Valadro del Sabio Merlín* entre outros (vid., a este respecto, Gutiérrez García / Lorenzo Gradín 2001: 53);

- 2) dende a chegada dos godos, nos que segue un códice da versión crítica da *Estoria de España* (Fernández Ordóñez 2000: 260) ata o segundo ano do reinado de Afonso I, momento no que introduce unha xeografía universal, probablemente tomada das *Etimoloxías* de San Isidoro a través dunha xeografía medieval (Lorenzo 2000: 386);
- 3) os reinados de Ramiro I a Fernando III, parte na que reproduce de xeito fiel o que aparece na *Crónica Xeral* galega, nun texto hoxe non conservado, *Ax, que, como se indicou, Diego Catalán (1992: 193-195) considera máis próximo a A' que a A1 (e que non reproduce a tese de Pérez Pascual, como xa dixemos); tamén reproduce fielmente a *Crónica de Castela*, pero introduce nela interpolacións da *Historia* de Guillermo de Tiro, seguramente a través dunha versión romance dalgún modo vinculada á *Gran Conquista de Ultramar* (Pérez Pascual ed. 1990: 123-31, 1991b: 389-92); e
- 4) achegas independentes, propias do compilador, bastante torpe no relativo á conciliación das súas fontes. Estas achegas, que buscan actualizar o discurso histórico a partir dos datos proporcionados polas crónicas galegas incorporadas no texto, introducen elementos que completan o resumo final da crónica galega segundo A2 cont, que falaba, nun pequeno apéndice, dos reis de Castela ata Sancho IV e Fernando IV; o cronista de 1404, que conserva íntegro este resumo (Lorenzo 2000: 388) engade referencias, de fontes descoñecidas, dos reinados dos diferentes monarcas casteláns dende Fernando IV a Henrique III ata o ano 1404 (Catalán 1992: 193, 1997: 236), en que pecha a narración, segundo as súas propias indicacións (Lorenzo 1993a: 185), nun esforzo de natureza semellante ao que se levou a cabo para rematar A2 ca. 1312.

En case todos os casos, as referencias desta parte final son breves, con excepción dalgún episodio relativo a Fernando IV, e dos episodios do reinado de Afonso XI entre a perda de Xibraltar (1333) e a batalla de Salado (1340); entre estes eventos, faise referencia á morte do fillo do conquistador mouro de Xibraltar durante una incursión ata Sevilla, nun texto moi próximo ao narrado na *Crónica de Alfonso XI* de Fernán Sánchez de Valladolid, que dataría de 1344 (Catalán 1997: 237). Pero hai un aspecto da *Crónica de 1404* que non aparece referido noutras fontes, e son dous discursos que pronuncian o bispo de Mondoñedo e un cabaleiro chamado Johan García de Ferreira, que mata ao fillo do rei mouro. En concreto, a intervención de don Alvaro de Biedma, bispo de Mondoñedo, cun discurso sobre o pendón da igrexa de Mondoñedo, vitorioso entre o exército mouro ~~ep~~ isodio totalmente ficticio,— fai pensar que o autor da *Crónica de 1404* era desta localidade, ou

que o feito narrado estaba referido nalgunha historia mindoniense consultada polo autor (Catalán 1997: 239). Esta coincidencia relacionaría a *Crónica de 1404* cunha cuestión que xa mencionamos: a posible procedencia mindoniense dos manuscritos galegos *Ax e A', relacionados coa *Estoria de España*, que reproducían *in extenso* unha referencia marxinal sobre a cidade contida en A1, constitutivo, á súa vez, de A, manuscrito, polo demais, propiedade da diocese de Mondoñedo na Idade Media (Fernández Ordóñez 2000: 239). Esta circunstancia establecería claramente unha estreita relación de dependencia global entre todos estes testemuños (Catalán 1997: 240) e fai deste centro de Mondoñedo o punto máis importante en Galicia da reprodución do discurso historiográfico en lingua vulgar.

No que se refire á tradución galega da *General Estoria*, integrada absolutamente no proxecto historiográfico universalista afonsí, a complexidade do proceso é semellante á que presenta no ámbito castelán. Este segundo proxecto de Afonso X o Sabio ten, en principio, unha dimensión máis ambiciosa que a primeira parte, a da *Estoria de España*, pero sen os seus problemas de copia e difusión; comezaríase arredor de 1270, de xeito semellante á outra gran compilación cronística, pero quedou incompleta en 1284, ano da morte do monarca; como consecuencia, chega só ao inicio da sexta parte, relativa a cuestións relacionadas coa Historia Sagrada. Hai indicios de que, de feito, ambos proxectos compartiron fontes (Fernández Ordóñez 1992: 159-202), pero a *Estoria de España* foi abandonada, chegando un certo momento, en beneficio desta nova compilación de carácter universal. Na súa composición utilizáronse fontes bíblicas e dos seus eséxetas, combinadas con elementos doutros tipos (Lorenzo 2000: 380), e cunha distribución dos tempos en función dos pobos *et alii* dos reis — que protagonizaron as diferentes etapas da historia (Fernández Ordóñez 1992: 27-28). En parte a causa das dificultades na redacción da obra, existe un número de testemuños manuscritos moi desigual das diferentes seccións, reducíndose drasticamente o número de testemuños a partir da terceira parte. Como moitos outros manuscritos, o texto galego é de carácter fragmentario, porque só reproduce ata a metade do séptimo libro do *Xénese* (Lorenzo 2000: 381), dos dez que ten o *Génesis* orixinal castelán, que constitúe, á súa vez, o texto inicial da primeira parte das seis que ten a *General Estoria* afonsí (Gómez Redondo 1998: 686-796), o que dá unha idea do escasísimo contido do texto galego en relación coa obra orixinal. O noso manuscrito (ms. O.I.i da Biblioteca do Escorial), data do primeiro terzo do século xiv, aínda que a súa orixe castelá exacta é descoñecida; probablemente foi composto por un tal Nuno Freire, mencionado no ms. (Lorenzo 2000: 380), que Mariño Paz (1998: 154) identifica cun membro da familia dos Andrade con vínculos coa casa de Trastámera. De todas formas, sabemos con certeza que, ao igual que a familia de ma-

nuscritos galegos A da *Estoria de España*, tamén a copia galega foi quen de ter unha certa influencia na tradición manuscrita castelá desta primeira parte; agora ben, a influencia, neste caso, ten un alcance moito mais puntual, limitado ao manuscrito castelán Y-III-12 de El Escorial, do século xv, que reproduce, sen alteracións de importancia, o mesmo texto que o seu orixinal galego (García Solalinde ed. 1930: xxxii-xxxiii e lx, Martínez López ed. 1963: xviii-xix, Fernández Ordóñez 2002: 46 e 51).

Por outra banda, o discurso xurídico (o que dedicaremos unha atención moito menor en razón da escaseza de textos e do seu carácter fragmentario) ten unha orixe semellante ao discurso historiográfico; é dicir, que as leis das que conservamos manuscritos teñen, todas elas, a súa orixe en Castela, e son traducións, na súa maior parte, de orixinais da época de Afonso X o Sabio. Os textos conservados son, entre outros, os seguintes: o *Foro Real* (finais do século xiii ou principios do xiv), fragmentos dalgúns das *Partidas* (en concreto da Primeira, Terceira, Cuarta, Quinta, Sexta e Sétima *Partidas*; cf. Lorenzo 2000: 397-98) as *Flores de Dereito* e o *Ordenamento de Alcalá* de 1348, aos que habería que sumar outros textos menos importantes de localización problemática nalgúns casos (Lorenzo 2000: 393-401; nestas páxinas do investigador galego poderanse ler os pormenores do contido legal dos diferentes documentos). Nalgúns deles atopamos certas particularidades de interese: a versión galega do *Fuero Real*, datada entre finais do século xiii ou principios do xiv, está escrita en galego-leonés (Lorenzo 2000: 396), igual que outros textos xurídicos, como as versións que se conservan da *Primeira Partida* e das *Flores de Dereito*. A redacción dos textos nesta lingua mixta responde, en primeiro lugar, á vontade de establecer un criterio unificador de todas as particularidades lingüísticas de todo o territorio noroeste da Península (Mariño 1998: 174, a propósito das traducións do *Fuero Real* e as *Flores de Dereito*) pero, neste caso particular, úñese a circunstancia da necesidade da difusión en todo o reino de Castela duns mesmos textos que organizaban o entramado xurídico polo que se rexían todos os súbditos do reino (Lorenzo 2000: 397). Isto xustifica, naturalmente, as demais traducións ao galego e, ata certo punto, a inexistencia dun código xurídico propio en Galicia (tamén un baleiro na literatura xurídica propia xustificaría a tradución en portugués, como comenta Ferreira 1993: 511 a propósito das *Partidas*)⁵. Por último, a existencia mesma destas traducións ao portugués dalgúns destes documentos, como as *Flores de Dereito*, moitas das *Partidas* (o texto de maior difusión)

5. “D. Dinis sentia uma enorme admiração pela obra literária, científica e legislativa do seu avô Daí, nada mais natural que empreendesse a tarefa de mandar traduzir obras do castelhano (...) embora a verdadeira razão devesses ser a não existencia de um autêntico corpo legal disponível para a aplicación do derecho”.

ou o *Fuero Real*, demostra que todo o Occidente peninsular, por razóns de diversa índole, asumiou os discursos xurídico e historiográfico procedentes de Castela, que se erixe en produtor e difusor dos mesmos a través da circulación e tradución de manuscritos.

3. A DIMENSIÓN GALEGA

Unha última fase da producción prosística, que, en termos xerais, se desenvolve moi tardíamente, ten unha dimensión unicamente galega, na súa producción e/ou no seu alcance. O texto dos *Milagres de Santiago* é o primeiro desta serie de obras de circulación limitada á nosa terra e de fontes puntuais tamén relacionadas con Galicia, áñda que, nalgúns casos, ditas fontes sexan obras de alcance universal. O *Codex Calixtinus*, compilación de textos xacobeos moi vinculada a Galicia, aloméno no seu contido, foi a base deste documento no que, ademais de incluírse extensas pasaxes do texto compostelanista, son integrados outros, procedentes de relatos menores, e algúns deles sen vínculos de ningún tipo coa cuestión xacobea. De tal xeito que os relatos que hoxe lemos no manuscrito son: milagres de Santiago o Maior e Santiago Alfeo, Vida e Paixón de Santiago Alfeo, Destrucción de Xerusalén, Historia de Pilatos, Translación da cabeza de Santiago Alfeo, *Pseudo Turpín*, *Guía de peregrinos*, Epifanía e Asunción, reproducidos todos eles nunhas condicións moi particulares que de seguido veremos. Esta é a principal orixinalidade do texto galego, porque a tradución a linguas vernáculas do *Codex Calixtinus* é un feito que conta con moitos testemuños, non só en Europa, senón tamén, máis concretamente, na Península Ibérica (Fidalgo / Brea 2004). Lembrese, por outra banda, que a data do texto conservado (finais do século XIV ou principios do XV) é, ata certo punto, enganosa, na medida en que o data avanzada do manuscrito non proba o atraso da tradución vernácula galega, senón unicamente o carácter tardío da copia conservada, o ms. 7455 da BN de Madrid; dado ademais que, con total seguridad, este manuscrito procede dunha copia anterior (Lorenzo 2000: 416), —o que se deduce, entre outros feitos, da increíble desorde interna, froito en parte da mala reorganización do contido da fonte— podemos afirmar que a adaptación do texto calixtino á lingua vernácula galega seguiu, probablemente, un proceso cronolóxico que non foi en exceso diferente doutras copias do mesmo texto noutras partes de Europa ou da Península Ibérica. Si pode que fose distinta, en cambio, a finalidade da compilación, quizais elaborada unicamente para a súa utilización no contorno de Santiago de Compostela.

Por outra banda, a xulgar pola heteroxeneidade de textos integrados no manuscrito (ademais do propio texto calixtino, cuxa estrutura, dun modo ou

outro, tivo que ser claramente a base do conxunto), e a diversidade e dispersión das fontes (das que Pensado, ed. 1958: xxxi-clx, ofrece unha pormenorizada análise), esta compilación, deixando á parte a función dos relatos da Epifanía e a Asunción, estaría concibida, en gran medida, como un texto no que se constrúan dous relatos paralelos arredor dos dous Santiagos, Santiago o Maior e Santiago Alfeo, equiparación, por outra banda, non infrecuente.

Así, os milagres teñen unha natureza dobre: dunha banda, os catro primeiros, que son “anómalos” na medida en que non pertencen ao libro de milagres calixtino tradicional, pero que tampouco son atribuíbles con certeza a Santiago Alfeo, agás, quizais, o primeiro deles (Gómez Clemente ed. 2001: 28); doutra banda, o grupo de 22 milagres calixtinios, reproducidos a partir do texto do *Liber Sancti Iacobi*, pero copiados en parte de xeito fragmentario, en desorde, integrados nunha posición más avanzada dentro do propio texto, e en parte intercalados co relato da Asunción, do que falaremos despois; é dicir, non hai unha copia coherente da serie de milagres, nin unha fonte única dos mesmos, áinda que a disposición dos textos seguintes ofrece, probablemente, a razón de semellante esquema organizativo.

En efecto, os textos que se len a continuación dos primeiros catro milagres, e inseridos despois dunha estraña referencia á *Paixón* de Santiago Zebedeo (ausente do manuscrito) e ao *Pseudo Turpín* (narración que se le más adiante)⁶ refirense, en maior ou menor medida, ao menor dos Santiagos, segundo sostén con gran lóxica, Gómez Clemente (ed. 2001: 30-31). A orde é a seguinte: paixón de Santiago Alfeo, destrucción de Xerusalén, vida e morte de Pilatos, e translación da cabeza de Santiago Alfeo a Compostela (Pensado ed. 1958: 31-67). Todos estes textos parecen moi relacionados entre si, incluso na historia literaria e, de feito, gardan no texto unha gran coherencia interna (Pensado ed. 1958: xix-xxii). Evidentemente, algúns deles ten un estranxo encaixe nesta dinámica, como a presenza da historia de Pilatos, pero todos constitúen elementos indispensábeis na *estoria* citada no manuscrito que, segundo Gómez Clemente (ed. 2001: 30-31), sería a propia traxectoria da vida e paixón de Santiago Alfeo, de protagonismo, como vemos, crecente.

Neste punto engádense no manuscrito as versións do *Pseudo Turpín* e da *Guía de peregrinos* — olo tanto, despois dos elementos máis innovadores

6. “Ata aquí vos cótamos da paixón et trasladaçō de Santiago Zebedeu et das batallas que fezo Calrros en España, et ora vos cótaremos de Santiago Alffeu” (Pensado ed. 1958: 19). Isto demostra a copia dun orixinal que gardaba a mesma orde de textos que o *Calixtinus* — lomenos nesta parte— e que foi alterado de forma moi descoidada.

res, relativos ao segundo Santiago— que carecen tamén dalgunhas follas; dende un certo punto de vista, o máis importante sería o *Pseudo-Turpín* (tradución do relato homónimo latino que constitúe o libro IV do *Codex*— onde se narra a liberación do Camiño de Santiago polo emperador Carol-magno), conservado case completo no texto; pero a súa importancia como relato épico ten que matizarse un tanto, porque esta crónica, en realidade, só atopa o seu sentido no seo desta compilación miraculística, non como texto épico propiamente dito (algo que non sucedía necesariamente no orixinal latino, conservado en moitos manuscritos independentes, e de autoría difícil de establecer. Vid. López Martínez-Morás 2002). Sen embargo, si que podemos supoñer que o texto galego se inscribía nun contexto máis global de difusión de textos épicos en Galicia — osiblemente a través de vías orais,— dos que non se atoparon textos conservados. Naturalmente, como moitos dos demais textos do manuscrito, tamén o *Pseudo Turpín* presenta certas lagoas.

No que se refire á *Guía*, só podemos ler unha parte do capítulo 9 e o 11 completo, o que non permite saber ata onde chegou o esforzo real de tradución (Lorenzo 2000: 423-24); de feito, o epígrafe do texto (Pensado ed: 1958: 151) remite exclusivamente a descripcións propias de Compostela segundo o libro V do *Codex*, de enorme interese para o público vinculado directamente á cidade, o que pode suxerir que só foi traducida esta parte, pero non sabemos se esta selección tamén se produciu no orixinal.

Por fin, no texto do manuscrito aparecen, despois do texto da *Guía* e do primeiro grupo de milagres propiamente calixtinos, a Epifanía e a Asunción, textos de orientación relixiosa que non forman parte de compilación calixtina ningunha (Pensado ed. 1958: cxvii), integrados a partir de fontes independentes, e que son incorporados sen moitos elementos que sirvan de introdución, o que, en parte, está determinado polo estado fragmentario do manuscrito; no segundo caso, o relato da Asunción, como xa dixemos, está ademais interrompido por un grupo de milagres calixtinos. Unha vez rematados no folio 60v, estes milagres deixan paso á última parte da Asunción (Lorenzo 2000: 418).

A incomprendible presenza destes textos da Epifanía e a Asunción nunha compilación de relatos sobre os dous Santiagos, e a alteración que supoñen na unidade dos milagres calixtinos, fan imposible atopar unha lóxica coherente na organización deste manuscrito, onde non se pode establecer con certeza o grao de responsabilidade do tradutor e o do copista na súa elaboración; de feito, nin sequera é posible afirmar que estes últimos textos figurassen no orixinal copiado nos séculos XIV-XV. É posible determinar, a pesar de todo, que, á hora da formación da compilación, prevalecese a vontade de construír un texto que vencellase a ambos os Santiagos, pero o Calixtino tivo

que ser, dalgún xeito, a base fundamental de todos os relatos, o que é comprensible por tratarse da obra máis célebre; os textos da Epifanía e a Asunción, calquera que fose o momento da súa integración, só atoparían a súa razón de ser na necesidade de introducir diversos elementos haxiográficos e edificantes nun só manuscrito, como parece propoñer Pensado (ed. 1958: cxvii). Pero tamén é posible pensar, dende un punto de vista codicolóxico, que en datas tardías se tomase a decisión de unificar códices distintos sen vínculos reais entre eles (como afirma Gómez Clemente ed. 2001: 35, segundo a López Aydillo ed. 1918: 213, que propón a integración destes relatos nun só manuscrito cara ao século XVIII), por razóns meramente utilitarias, o que equivale a admitir que o caos organizativo se prolongou moito mais alá da Idade Media e que a unidade temática do texto foi, por regra xeral, claramente desprezada.

Como se pode comprobar, os problemas ecdóticos deste texto son sumamente complexos, e teñen difícil solución; como consecuencia, os distintos editores adoptaron criterios dispares, sobre todo no relativo a posición dos milagres: así, a edición de López Aydillo (ed. 1918) reproduce unha orde nos textos moi próxima á estrutura primitiva do *Codex Calixtinus*: 1) Milagres do Libro II, seguidos dos milagres independentes do Calixtino, e que se atopan ao principio do manuscrito; 2) textos vinculados á Paixón de Santiago Alfeo; 3) *Pseudo Turpín*; 4) Texto conservado da *Guía de Peregrinos*; 5) Epifanía e Asunción. Pensado (ed. 1958), pola súa banda, conserva os dous grupos de milagres do manuscrito, pero presenta os calixtinos como un bloque, sen ter en conta as interpolacións do texto (tamén Gómez Clemente ed. 2001: 133-58), e reproduce despois os relatos da Epifanía e a Asunción, e, ainda que reconece non ter criterios suficientes para establecer un modelo de estrutura, a disposición dos textos e a supresión do libro I suxiren, segundo el, unha ordenación do tipo *Libellus*, cun número de textos más reducido que no *Codex* (Pensado ed. 1958: xxxii, Gómez Clemente ed. 2001: 9, Fidalgo / Brea 2004: 193), contra a hipótese de Aydillo, que segue claramente a estrutura do *Codex*, o que cambia por completo a estrutura e, en certa medida, o espírito e a finalidade do texto.

Tamén cunha perspectiva compostelanista, pero moito más restrinxida no seu alcance, a *Crónica de Santa María de Iria* é un dos textos más tardíos da literatura en galego da Idade Media, e aparece cando esta lingua case non era xa utilizada no ámbito literario, pero nun momento en que áinda non apareceran obras en castelán escritas en Galicia (Mariño 1998: 184). A obra presenta certos problemas na tradición manuscrita propiciados polas dúas versións existentes, recoñecidas pola práctica totalidade dos críticos. Así, como indica Ramón Lorenzo (2000: 391), habería unha versión representada polo códice do século XV do Arquivo da Catedral de Santiago, que

leva o nome de Ruy Vazquez, quen remata o proceso de escritura en 1468. Esta versión inclúe elementos relativos a II guerra irmandiña (Monteagudo 1995: 365, Lorenzo 2000: 392, Souto ed. 2001: 33) ← que converte o texto nunha valiosa fonte de información sobre estes feitos históricos— e da que provirían dúas copias: o ms. 1228 da BNM (s. xvi), e o manuscrito 1924 da Biblioteca Universitaria de Salamanca (s. xvii); ningún destes dous testemuños sería, polo tanto, medieval. A outra versión está conservada nun manuscrito do século xvii no Vaticano (Barb. Lat. 3578), destinado a Tamayo de Vargas, moi vinculado á cuestión do padroado de Santiago no século xvii (Márquez Villanueva 2004: 345); esta última circunstancia xustificaría, a ollos dunha parte da crítica (sobre todo Souto ed. 2001), a hipótese dunha creación tardía e independente deste último testemuño, que constituiría, por tanto, unha falsificación (Souto ed. 2001: 22 e n. 24). Segundo este punto de vista, o autor real do texto do século xv sería Ruy Vásquez, *clerigo de Santa Vaya de Chaçin* (Carro García ed. 1951: 94), o asinante do manuscrito de Compostela, ánda que Fernán Rodríguez de Leira, cóengo compostelán, sería, cando menos, o promotor da súa elaboración (Souto ed. 2001: 18, 26 e ss.).

Pero é posible sostener tamén que a copia do século xvii destinada a Tamayo de Vargas é un herdeiro directo doutro manuscrito, hoxe desaparecido, do século xv, atribuído, coma aquel, a Juan Rodríguez del Padrón, que supostamente escribiría a obra *ca. 1444* (Lorenzo 2000: 391, Monteagudo 1995: 361 e 376 n. 8 establece incluso denominacións distintas para ambas as dúas versións: a de 1444, perdida no seu manuscrito orixinario, recibiría a denominación de *Historia Iriense* e a de 1468, atribuída a Ruy Vazquez, sería a *Crónica de Santa María de Iria*; este investigador, como a maior parte da crítica, fai depender a segunda versión da primeira). Esta autoría atribuída a Rodríguez del Padrón, aparentementeinxustificada, e destinada fundamentalmente a dotar de prestixio á obra, é en parte tomada en consideración por Mackenzie (1988: 422), ánda que con moitas reservas.

A pesar das diverxencias da crítica sobre estas cuestións, parece claro que a influencia do texto, cun obxectivo claramente compostelanista, non pasou no seu tempo das fronteiras de Galicia, o que se manifesta, paradojalmente, no feito de que é o único texto prosístico galego cuxo manuscrito más importante non saíu do lugar no que foi elaborado e para o que foi creado.

Como tal documento compostelanista, o texto presenta a historia do bispoado de Iria Flavia ata a transferencia da sé a Santiago, utilizando, profusa e fundamentalmente, o *Cronicon Iriense* (s. xi) e a *Historia Compostelana* (s. xii), redactada baixo influencia de Xelmírez. Esta integración prodúcese de xeito desigual, porque mentres o *Cronicon* é traducido e integrado sen especiais dificultades (Monteagudo 1995: 365), o recurso á *Historia Compostela-*

na interrómpese na narración dos feitos do ano 1108; nese momento decae na *Historia* o protagonismo de arcebispo, principal motivo de interese na adaptación desta crónica compostelá no texto de mediados do século xv (segundo afirma Souto ed: 2001: 141, áinda que parece ser que outras pasaxes da *Historia* foron integradas noutras partes do texto romance). A finalidade e o público do texto, destinado en principio a reforzar a autoridade de primeira sede de Iria (Carro García ed. 1951: 9, Lorenzo 2000: 391), parecen xustificar sobradamente a súa creación e difusión: a crónica estaba deliberadamente limitada a un público formado por individuos pertencentes á clase eclesiástica compostelá e polas “novas” autoridades laicas” (Souto ed: 2001: 34) no contexto dos convulsos sucesos de mediados do século xv, que, alomenos, xustifican a versión de 1468 e as reivindicacións de carácter económico que aparecen no documento.

4. CONCLUSIÓNS

O panorama presentado nas páxinas precedentes permiten amosar un claro desenvolvemento da prosa medieval galega no que poderíamos denominar fase 1, definida fundamentalmente pola recepción e reproducción de textos producidos fora de Galicia. Esta tendencia, que se prolonga ata datas moi tardías, non se ve continuada por unha fase 2, de creación de obras orixinais vernáculas a partir dos modelos foráneos, e isto principalmente pola influencia cada vez maior do modelo cultural castelán, que substituíu o galego como lingua de creación literaria. As evidencias determinan, porén, que foi o castelán o que lle proporcionou ao sistema literario galego, como produtor e transmisor, moitas das obras que serviron de modelo para as traducións que completan a devandita fase 1, como a *Cronica troiana* ou moitos dos textos historiográficos ou xurídicos.

Nestas condicións, parece claro que o galego non quedou reducido, nesta fase 1, a unha posición de marxinalidade; as noticias que temos permiten, máis ben, falar dunha certa implicación de importancia desta producción nun ámbito cultural progresivamente dominado polo castelán. Así, as versións galegas influíron decisivamente na configuración da tradición manuscrita de diferentes obras historiográficas; posiblemente están na orixe da versión da *Polimétrica* e da *Historia Troyana* de Afonso XI, que, á súa vez, é orixe dunha historia troiana en galego datada en 1373; un manuscrito de Salamanca, que intercala o galego e o castelán, é un testemuño importante desta mesma tradición clásica na Península Ibérica; a versión galega do *Tristan en prose* é importantísima como proba da circulación na Península da versión VII do *roman* francés; quizais un antecedente galego está na base do ma-

nuscriso 9611 da BN de Madrid, que reproduce o *roman* central da *Vulgata*; todas estas cuestiós fanno concluir que a fase 1 da literatura galega en prosa nunca se mantivo como un sistema pechado; a prosa galega funcionou máis ben como a producción lírica, que en ningún momento quedou limitada a unha cuestión interna, nin na época dos grandes trobadores nin na chamada escola da “decadencia” galego-castelá.

Porén, a presión do modelo cultural castelán, e a riqueza da súa producción nos xéneros non líricos, levou á adopción desta última lingua como elemento vehicular da producción prosística posterior, o que, en certa forma, é a consecuencia natural da implicación da producción galega de fase 1 no sistema literario en castelán, con máis posibilidades de difusión e máis prestixio (como demostra a súa implantación, a partir dun certo momento, tamén en Portugal *segundo* vemos na historiografía deste tempo e nalgúns casos posteriores, como o de Gil Vicente,— Navarra e Aragón). Este prestixio é, a fin de contas, a razón pola que algúnn manuscrito da *Crónica de Iria* atribúe a autoría da obra a Juan Rodríguez del Padrón, autor galego célebre neste século pola súa producción na lingua de Castela.

É curioso observar, ademais, que os textos cunha maior problemática dende o punto de vista da composición, da estrutura e da tradición manuscrita, son, por regra xeral, aqueles que foron concibidos para un ámbito de recepción pechado: os *Milagres de Santiago* e a *Crónica de Santa María de Iria*, o segundo dos cales foi incluso destinado a un público pertencente a un entorno clerical sen preocupacións de carácter específicamente literario.

De todas formas, a situación suxerida polos textos conservados hoxe ten certamente un valor relativo, porque, como é sabido e nós xa apuntamos neste mesmo traballo, unha gran parte dos textos en galego foi destruída por razóns de distinta natureza, entre as cales non se pode excluír a falta de interese pola cultura e pola propia producción, como xa apunta, entre outros, Ramón Lorenzo (2000: 367; este fenómeno, con todo, non é exclusivo da literatura galega: cf. Deyermond 1995: 20-28). Esta desaparición xeneralizada de manuscritos explica parcialmente a posición actual da crítica, porque o escaso número de textos conservados fai que se lle conceda unha importancia desmedida a textos como o *Libro de Albeitaria*, que, en condicións normais, sería claramente considerado marxinal dentro da producción galega. Estas causas, polo tanto, obrigan tamén a pensar que o labor de tradución foi necesariamente maior e más importante do que sabemos hoxe, como podería suxerir, indirectamente, a producción documental en galego destes séculos, a máis numerosa de España despois da de Cataluña (Monteagudo 1999: 125). De feito, as continuas referencias nas obras conservadas a outras das que non temos versións en galego amosan, alomenos, a evidencia da circulación regular de manuscritos en galego ou en castelán coñecidos (e enten-

didos) por un público galego. Esta situación, por último, suxire tamén que, áinda que a literatura galega en prosa non foi tan forte como para desenvolver xéneros propios, non é imposible supoñer que se escribiran algunas obras orixinais a partir dos modelos que xa coñecemos, como algúns *roman* autóctono ou algunha crónica señorial ou biográfica, esperable nun escenario cultural non totalmente empobrecido onde o mecenado da nobreza é responsable absoluta dos textos da fase 1. Aínda que isto permanece, como é natural, no estado de mera hipótese.

AS GRAFÍAS NO *CANCIONEIRO DA AJUDA*^{*}

Alexandre Rodríguez Guerra
Xavier Varela Barreiro

Universidade de Vigo
Instituto da Lingua Galega - USC

A Pepi e a Rosa

1. LIMIAR

Non descubrimos nada novo se sinalamos que o levantamento, análise e estudo metódico e completo do sistema gráfico do *Cancioneiro da Ajuda* (dende agora *A*) están por facer. A vía pola que camiñamos hoxe é herdeira directa do traballo de Mariño / Varela (2005), pois coidamos que ese é un bo modelo para describir na súa integridade as grafías de *A*. Somos conscientes de que un vieiro semellante precisa dunhas dimensións más propias dunha densa monografía ou talvez dun dicionario—cás dunha contribución destas características. Conformámonos, xa que logo, con realizar unha descripción global da engrenaxe gráfica do noso cancioneiro, o suficientemente xeñérica para podela apreixar na súa funcionalidade mais, salvo casos esporádicos, sen descender á casuística concreta e miúda dos centos de aspectos específicos que se agochan detrás das distintas opcións gráficas. Partimos da edición inédita de Mariña Arbor¹ e mais da edición facsimilar de *A* publicada en Lisboa en 1994; complementámolas, sempre que o consideramos oportuno, coa edición diplomática de Carter (1941) e coa edición crítica de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1904).

Por razóns de espazo e de vontade de seguranza no tratamento dun corpus homoxéneo na súa manuscrita, deixamos fóra deste estudo o texto das anotacións marxinais, mesmo das que son contemporáneas á composi-

* O presente traballo callou dentro do proxecto *Estudo lingüístico e paleográfico do Cancioneiro da Ajuda* que, con financiamento da Xunta de Galicia, dirixe Xavier Varela Barreiro no Instituto da Lingua Galega. Queremoslle agradecer a Mariña Arbor a xenerosidade de poñer ó noso dispor a súa edición semipaleográfica, ainda inédita, do *Cancioneiro da Ajuda* (*A*); a Bieito Arias, Xosé Luis Couceiro, Ricardo Gutiérrez, Ramón Mariño, Paulo Martínez e Leticia Ramírez agradecémosllas a axuda de distinto tipo que nos proporcionaron durante os meses de realización do traballo.

1. Evidentemente, na súa versión de novembro de 2005.

ción do cancionero, así como unha corrección feita directamente sobre o texto (*traþ* [126b]), esta por non estarmos seguros do seu estatus autorial dentro do ámbito codicolóxico. Ocasionalmente teremos en conta datos e formas desa instancia que son relevantes para a comprensión do texto central.

A pesar de que «a calidade escrituraria e o tamaño da letra permiten o recoñecemento inequívoco das características caligráficas [de *A*]» (Mariño / Varela 2005: 319), os distintos autores interesados nesta faceta remiten a estudos previos pero moi frecuentemente vense na necesidade de facer comprobacións propias para verificar este diagnóstico inicial. Concordamos, obviamente, coa opinión segundo a cal a percepción caligráfica xeral dos dous/tres) últimos cadernos², a pesar de compartir cos anteriores unha identidade de trazos-base (que permiten falar, por exemplo, dun mesmo tipo de letra), permite atribuírlles entidade propia fronte ó resto de *A*. Así a todo, as diverxencias de morfoloxía paleográfica, existindo, non son marcadas dabondo e non deixan de ser lixeiras variantes dun modelo caligráfico único. Aspectos como o cambio na materia instrumental (sobre todo a muda de pena, coa conseguinte posibilidade de cambio nos cortes efectuados no bico da pena, consonte o propio tipo de escrita que desexase realizar o escriba, cf. Azevedo Santos 1994: 32-37) ou a elaboración en distintas fases, sempre poderían explicar algunas das diverxencias. Este é, sen dúbida, outro dos aspectos que xustifica a realización dun estudio sistemático e completo do sistema gráfico de *A* para confirmar, desbotar ou lanzar novas hipóteses, sempre dende a coherencia e coa mínima concesión posible á marxe de erro. Porén, este nin é un estudio paleográfico³, nin sobre a autoría material singular ou plural— dos traballos de manuscritura, nin sobre a identificación do escritorio no que se compilou o noso vetusto cancionero. Estes serán interrogantes ós que haberá que irse confrontando en traballos posteriores e da man dos especialistas. Para iso precisaremos de moita más información; de aí que comecemos cunha presentación xeral da realidade gráfica de *A*.

O noso obxectivo é, pois, esfarelar as liñas mestras que subxacen á construción escriptolóxica de *A*, sen esquecermos a súa relación subsidiaria coas

2. A clasificación en cadernos que manexamos conta, alén de cos catorce cadernos clásicos *os* de dona Carolina,— con outros tres constituídos exclusivamente por cadanseu folio: VII^a, XI^a e XIV^a (cf. M.^a Ana Ramos 2004: 28 e ss.).
3. A este respecto lembremos que o tipo de letra presente en *A* é, segundo M.^a Ana Ramos, a «minúscula gótica de proveniencia francesa» (1994: 38) e tamén que «a letra, com excepción da última parte, mais goticizante, corresponde à forma caligráfica solene da carolina final *ou* de “transição”, ou “românica” — executada num estilo semelhante aos códices castelhano-leoneses do reinado de D. Afonso X» (1994: 38-39).

vertentes fonolóxica e paleográfica: pretendemos amosar o funcionamento dun sistema grafemático que destaca por estar perfectamente artellado, un sistema para o que sempre se recoñeceu un uso sistemático, regular, colmado e redondo, pero sendo conscientes de que, en calquera caso, falamos de ‘lingua literaria’ e, consecuentemente, de que por tras hai unha dose importante de convención / uniformización gráfica (cf. Clarinda de Azevedo Maia 1986: 3 e n. 1). M.^a Ana Ramos (1993: 116) lembra que *A* presenta, fronte a outros textos antigos, «particularidades de escrita uniformes e regulares, encontrando-se a alografía bastante simplificada». E é que para a autora portuguesa neste tipo de textos «a preparação era sujeita a preceitos unitários que revelam um modelo conservador e coercivo» (M.^a Ana Ramos 1993: 116). A propósito das «regras tradicionais da escrita gótica» presentes en *A* di M.^a Ana Ramos (1993: 116) que «são normalmente respeitadas, não se verificando muitas excepcións, nem quanto ao uso das letras, nem quanto ao uso das abreviaturas» (cf. tamén con M.^a Ana Ramos 1994: 38 e Mariña Arbor 2005: 73). A busca deste funcionamento é especialmente relevante porque para nós *A* é, sen ningún xénero de dúbidas, o mellor monumento conservado que teñen as letras galegas e portuguesas no período medieval: é o gran códice que, situado no abrete da fixación gráfica do romance, constitúe aí sí o agardamos amosar/demostrar— un magnífico modelo que, como todos os modelos, é asemade espello e imaxe.

Por razóns de espazo eludimos abordar a presentación do modelo escriptolóxico teóric o— empregado. Deixámolo para unha publicación ulterior. O traballo de Mariño / Varela (2005) é unha mostra da súa aplicación a un aspecto concreto das grafías de *A*. En varios apartados faremos algunas precisións deste teor. Con todo, cremos imprescindible ofrecer unhas mínimas indicacións sobre os conceptos básicos correspondentes ás unidades de descripción, grafema e alógrafo, co obxecto de delimitar adecuadamente o punto de partida interpretativo. Por grafema entendemos, con Nina Catach, la plus petite unité distinctive et/ou significative de la chaîne écrite, composée d'une lettre, d'un groupe de lettres (digramme, trigramme...), d'une lettre accentuée ou pourvue d'un signe auxiliaire, ayant une référence phonique et/ou sémiique dans la chaîne parlée» (1990: 52). A mesma autora enumera os criterios consonte os cales unha unidade gráfica é interpretable como unidade grafémica funcional: (i) a frecuencia, (ii) o grao de cohesión, estabilidade e autonomía, (iii) o grao de relación directa co fonema, (iv) o grao de rendibilidade ou de creatividade lingüísticas (1990: 52-53). A aplicación destes criterios permite non só distinguir os grafemas (primarios, secundarios ou mesmo “subgrafemas”), senón que tamén posibilita a obtención do que Nina Catach denomina “arquigrafema”. Este, en paralelo co arquifonema ou o arquilexema, interesa non tanto polo concepto de neutralización como polo

de «représentant d'une classe qui les réunit» (1990: 53)⁴. Agora ben, para evitarmos a confusión que pode derivararse da representación dos arquigrafemas a través de grafías maiúsculas (e para anosar á tradición escriptográfica galega a presente contribución) empregaremos o termo *grafema* como sinónimo de arquigrafema e utilizaremos *alógrafo* co valor de grafema secundario.

Para o estudo gráfico de *A* é importante disponer de datos numéricos e estatísticos sobre os que levantar as xeneralizacións. Polo seu interese, distinguimos entre cómputos referidos a *formas* (número de formas gráficas distintas sen ter en conta as repeticións [*types*]) e referidos a *ocorrencias* (número de formas gráficas distintas contando as repeticións [*tokens*]). Con esta premisa construímos unha base de datos que enchemos con case quince mil seiscentas fichas que recompilan todas as grafías presentes nas unidades gráficas distintas (*formas*). De contabilizarmos todas as *ocorrencias*, os exemplos cos que traballamos convértense en cento corenta e seis mil douscientos trinta e seis. Das grafías analizadas nas, exactamente, 15584 fichas da nosa base cómpre extraer o 2,4% delas por seren variantes que só podemos recuperar dun xeito tácito (esencialmente, ou elisión de vogais en posición final de palabra por fonética sintáctica → inclúense as sinalefas,— ou non representación de capitais). É, pois, o 97,6% das formas gráficas o que posúe unha representación expresa; con todo, hai unha pequena cantidade (2,5%) que o é por medio dun recurso abreviado. As grafías expresas dun xeito directo en *A* ↗ que abordamos aquí— supoñen, en consecuencia, o 95,1% (con máis de cento corenta mil seiscentas corenta formas documentadas).

2. O ALFABETO (MINÚSCULO) DE *A*

Ó contar xa cun traballo específico sobre as maiúsculas (Varela Barreiro 2005), o estudo das unidades que conforman o alfabeto minúsculo de *A* convértese no obxectivo esencial da nosa descripción. Sen que medien máis preámbulos, pódese dicir que a aplicación ás grafías de *A* do parámetro do tamaño proporciona os resultados tipolóxicos que reflicte o cadro seguinte⁵:

4. Para unha aproximación más completa ós distintos valores de 'grafema' e da terminoloxía a el asociada cómpre consultar a excelente monografía de Xulián Maure Rivas (2006).
5. Os casos de letras sobrescritas inclúense coas abreviaturas (cf. § 4). Obviamos todos aqueles casos de grafías non representadas.

—*Cadro 1*—⁶


MINÚSCULAS	MAIÚSCULAS			
	DE SINTAGMA		DE PALABRA	
	Capitais	Poscapitais	<i>R</i> inicial	<i>R</i> final
97,8% {99,4%}	1,4% {0,4%}	0,7% {0,1%}	0% ⁷ {0% ⁸ }	0,1%

Ó longo das páxinas seguintes tentaremos, xa que logo, ofrecer un balance estatístico, fixar os contextos e enxergar as causas das distintas documentacións gráficas. Este é o único camiño de superación do bretemoso estado actual dos coñecementos acerca das grafías de *A*. Só ó seu remate é posible conxugar o imprescindible traballo extractivo de datos nos pozos da mina, cheo de penalidades pero garante de exhaustividade, coa elaboración esexética dunhas conclusións finais que, hai que dicilo, xa tiñamos ó noso dispor grazas á sabedoría de investigadores que, como M^a Ana Ramos, souberon chegar á cerna e, anticipándose ó traballo de extracción sistemática, descubrir que *A* amosa «particularidades gráficas, uniformes e regulares, encontrando-se a alografía bastante simplificada» (1994: 41).

2.1. *Grafemas e alógrafos minúsculos*

Consonte o exposto no limiar acerca das unidades gráficas e as súas variedades, recoñecemos, ademais de <h>⁹, representante prototípico de /Ø/, vinte grafemas minúsculos simples en *A*: <a, b, c, ç, d, e, f, g, i, l, m, n, o, p, r, , t, u, x, z>:


6. Neste cadro, e en todos os que repitan idéntica distribución, a primeira porcentaxe ten en conta as grafías que se localizan en palabras distintas (*formas*); a segunda, entre chaves, recolle a totalidade das *ocorrencias* (inclúe as repeticións).
7. Realmente hai dous exemplos.
8. En realidade supoñen un 0,01%.
9. O <h> é realmente unha «lettre historique» que, como tal e a carón das «lettres étymologiques», se identifica como unha unidade non funcional, sen utilidade no sistema (cf. Nina Catach 1990: 57).

—*Cadro 2*—

e nove grafemas minúsculos complexos, que, pola súa banda, podemos dividir en homorgánicos (dígrafos puros), compostos por dúas letras distintas <ch> ou por xeminación <ll, nn, rr>,

—*Cadro 3*—

e heterorgánicos, compostos por unha letra e un signo auxiliar (cf. *supra*) til— (dígrafos mixtos) <ã, ê, ï, õ, û>;


—*Cadro 4*—

Ós anteriores engádese unha serie de alógrafo¹⁰, quer simples <j, y, q, s>,


—*Cadro 5*—

quer complexos homorgánicos, compostos por dúas letras distintas, <gu, qu, c, ç>, por xeminación <cc, ff, , tt, uu> ou por tres letras (con xeminación interna) < ç>,


10. Non repetimos entre os alógrafoas aquelas grafías que, rendibles xa como grafemas, tamén vehiculan outros valores alógráficos (cf. *infra*).

—*Cadro 6*—

quer complexos heterorgánicos, compostos por unha letra e un signo auxiliar **til**— **<~n, ~ñ, ~y>**¹¹:

—*Cadro 7*—

En total obtemos unha cifra de trinta grafemas (vinte e un simples e nove complexos) e dezasete alógrafos (catro simples e trece complexos). Sen entrarmos polo de agora noutras consideracións, no gráfico número 1 reflectímos o peso específico que lle corresponde a cada unha destas unidades:

Gráfico 1—¹²

11. Non estamos seguros de que **<y>** sexa alógrafo de **/n/**, polo que a súa presenza aquí considerámola provisional (cf. § 2.1.1).

12. Só a efectos de simplificación na representación dos datos nesta gráfica, agrupamos os grafemas vocálicos sen distinguir a presenza/ausencia de tilriba deles. Excluímos tamén aqueles alógrafos que posúen menos de dez formas (**<h, uu, tt, ç, ñ, cc, c, ~ç, (~y)>**).

Fronte a realidades gráficas enormemente produtivas, tanto en formas coma en ocorrencias (<e/é, a/ã, o/ô, u/û, r> con máis de 1000 formas e de 10000 ocorrencias), outras moi produtivas como <d, n, i/í, t, > (que non baixan das cincocentas formas), e outras cunha rendibilidade media <m, p, c, s, l, g, f, , qu, ç, b> (entre cen e catrocentas formas), algunas teñen unha rendibilidade limitada <ll, gu, z, rr, nn> (entre as cincuenta e as noventa formas), escasa <x, ch, ~n, ff> (entre dezanove e corenta) ou ínfima <h, uu, tt, ç, ñ, cc, c, ç, (^y)> (con menos de dez formas).

O número de grafemas, vinte e nove¹³, non se amosa desproporcionado de o compararmos co dos fonemas por eles representados (trinta e catro): doce vocálicos /a, ε, e, i, ɔ, o, u, ã, ê, ˜i, ô, û/ e vinte e dous consonánticos /p, b, t, d, k, g, (β-v), f, s, z, ʃ, ʒ, ts, dz, tf, m, n, ɲ, r, ɿ, l, ʎ/. No cadro número oito adoptamos agora unha perspectiva xeral tendo en conta as interrelacións que se establecen entre os tres tipos de unidades consideradas, fonemas, grafemas e alógrafos (deixamos para máis adiante a proporción con que cada un contribúe no global de cada exemplo):

—*Cadro 8*—

FONEMAS	GRAFEMAS	ALÓGRAFOS	FONEMAS	GRAFEMAS	ALÓGRAFOS
/a/	<a>		/k/	<c>	<qu, q, cc>
/ε/	<e>		/g/	<g>	<gu>
/e/	<e>		/f/	<ɸ>	<ff>
/i/	<i>	<y, j>	/s/	<>	<, s>
/ɔ/	<o>		/z/	<>	<, s>
/o/	<o>		/ʃ/	<x>	
/u/	<u>		/ʒ/	<ɸ>	<g, x>
/ã/	<ã>		/ts/	<ç>	<c, z, c, ç, ç>
/ê/	<ê>		/dz/	<z>	<ç, s>
/˜i/	<˜i>		/ʃ/	<ch>	<x>
/ô/	<ô>	<n>	/m/	<m>	
/û/	<û>	<n>	/n/	<n>	<, ~n, m, nn> ¹⁴
/p/	<p>		/ɲ/	<nn>	<n, ñ, n, (^y)>
/b/			/t/	<r>	
/β-v/	<v>	<uu, ɿ>	/r/	<rr>	<r>
/t/	<t>	<tt>	/l/	<l>	<ll>
/d/	<d>		/ʎ/	<ll>	<l>

Nunha primeira lectura destes datos constátase que o 70% dos grafemas están constituídos por grañas simples. Fronte a eles, as realizacións alográfi-

13. Sen <h>.

14. Salvo indicación contraria, entenderase que o símbolo “<>” remite a un contexto no que aparece sobreposto a vogal.

cas praticamente contan co mesmo número de formas simples ca complexas. De establecermos unha comparación atendendo á natureza vocálica ou consonántica do fonema representado, son catorce as grafías de *A* (dez grafemas <a, e, i, o, u, ã, ê, ï, õ, û> máis catro alógrafos <j, y, n, ~n>, todos simples agás o último, complexo heterorgánico) para doce fonemas vocálicos; mentres, a vinte e dous fonemas consonánticos correspóndenles trinta e oito grafías: vinte e un grafemas (dezasete simples <b, c, ç, d, f, g, i, l, m, n, p, r, , t, u, x, z> e catro complexos <ch, ll, nn, rr>) e mais dezaseis alógrafos (dous simples <q, s> e catorce complexos <cc, ff, gu, qu, , c, ç, tt, uu; ~, ~n, ñ, (~y)>)¹⁵.

De sermos estritos, no cadro anterior aínda podería aparecer un novo membro que habería que identificar fonoloxicamente como /Ø/, isto é, exemplos de grafías con valor cero, sen realización fonética¹⁶. De maneira prototípica ilústra o <h>: *ha* (170a, 227b, 228b), *he* (212a, 229b), *herdades* (217b), *heu* (226a, 226b, 226b, 227a), *hey* (229a), *húa* (80b, 149b, 162b, 211b, 228a), *hy* (170a, 170a¹⁷), *iohan* (150a), e, de maneira condicionada, <c> en restos de latinización gráfica (*cuncto* [217b], *ancta* [93a, 107a, 149a, 159a], *ancta* [93a, 144a, 145b], *anctaren* [233b, 234a])¹⁸. Non nos deteremos apenas no emprego de <h> porque M.^a Ana Ramos (2005) xa ofrece unha explicación moi detallada. Limitámonos a consignar que o seu emprego, sempre anteposto a vogal, ás veces carece en *A* de xustificación etimográfica, como nos casos de *he*, *heu*, *húa* e *hy*. Para outras formas si é válida esa explicación: *ha*, *herdades*, *hey* ou *iohan*. Compróbase tamén (i) a preferencia pola posición inicial θɪ— to das nove formas consideradas (sinala Morrealle, 1974: 44, que o <h> «también marca, cuando es inicial, el contorno de las palabras»)—¹⁹ e (ii) diante de <u>, como lembra X. Maure (2006: 195), a súa función é «reforzar a condición de autografo [vogal] do grafema <u>, —dando que este tiña a dobre natureza de singrafo [consoante] e autografo—, de aí que sexa especialmente rendible co artigo indefinido feminino (no que a natureza só vocálica ou convintamente vocálica e consonántica representada por <u> podería non estar clara). O uso de <h> coas formas verbais *be* e

15. Quedan fóra <h> e as realizacións alográficas dos grafemas.
16. Obviamente, deixamos de lado o caso de <u> (ou mesmo <V> poscapital) cando pertence ós dígrafos <qu> ou <gu> seguidos das vogais <i> e <e>.
17. Poderíase engadir un terceiro caso de *hy* que aparece riscado no preantepenúltimo verso de 170a (na mesma cantiga dos outros dous casos).
18. Noutros exemplos o <c> xa non está presente: *citar* (216a), *ant'* (107a), *anta* (107b, 241a) e *antaren* (233a, 234a, 234a). Idéntica explicación hai que lles dar ós exemplos da conxunción *et* (cf. § 2.1.2.A).
19. A propósito do uso de <h> en galego medieval P. Vilalboi (1991: 171) comenta que «na evolución diacrónica a representación ou non deste grafema vacilou sobre todo na época medieval, (...) A vacilación dáse case sempre en posición inicial».

*ba*²⁰ explícase pola súa función diacrítica (cf. X. Maure 2006: 197-199) e, en xeral, para o uso cos monosílabos o propio X. Maure (2006: 199-201) fala de «función de ampliación da materia gráfica». É de suma relevancia a concentración de moitos dos casos de <h> en tres ciclos (Anónimo III, Pai Gomez Charinho e Johan Perez d' Aboim), por canto pode ser indicio de cambio de man ou de emprego de fontes diversas no proceso de copia de *A.* M.^a Ana Ramos (2005: 392-393) maniféstase neste sentido referíndose concretamente ó ciclo do Anónimo III:

Se não há, concretamente, mudança efectiva de mão, esta tendéncia muito localizada do fenómeno [o emprego de <h>] faz, evidentemente, pensar num hábito de escrita presente no modelo e respeitado pelo copista. Suposición que se revela ainda mais sólida quando recordamos que este ciclo de dimensões significativas –dez composições– não se encontra transcrito nos cancioneiros posteriores. Não só o carácter anónimo do trovador, não apenas a especificidade de textos únicos, mas también este indicio de natureza gráfica vem determinar que este ciclo de cantigas é originario posivelmente de um outro tipo de fonte, ou pelo menos de uma procedencia com tradição gráfica diferenciada dos outros ciclos incluídos no *Cancioneiro*.

Para podermos enxergar a consistencia dos grafemas seleccionados en *A* como representantes prototípicos dos fonemas respectivos, recompilamos as súas frecuencias e ofrecémolas no cadro nove:

—*Cadro 9*—

Fonema	Grafema %	Fonema	Grafema %	Fonema	Grafema %
/a/	<a> 100	/p/	<p> 100	/ts/	<ç> 73,2
/e/	<e> 100	/b/	 100	/dz/	<> 95,3
/e/	<e> 100	/v/	<v> 99,1	/tʃ/	<ch> 94,3
/i/	<i> 79,7	/d/	<d> 100	/m/	<m> 100
/ɔ/	<o> 100	/k/	<c> 65,5	/ŋ/	<n> 79,1
/o/	<o> 100	/g/	<g> 80,6	/N/	<nn> 58,1
/u/	<u> 100	/β-v/	<u> 97,7	/r/	<r> 100
/á/	<á> 100	/f/	<f> 88,6	/r/	<rr> 68,4
/é/	<é> 100	/s/	<s> 49,9	/l/	<l> 96,9
/í/	<í> 100	/z/	<z> 90,5	/k/	<ll> 93,1
/ó/	<ó> 92,3	/l/	<x> 100		
/ú/	<ú> 87,5	/ʒ/	<i> 69,3		


Na lectura dos datos precedentes podemos observar que apenas hai puntos febles no sistema grafemático de *A*. O único destacable é o da repre-

20. De feito, esta segunda forma «recupera o grafema mudo non por razóns etimolóxicas senón por razón de distinción funcional» (X. Maure 2006: 201).

sentación de /s/ (cf. *infra* con iii). Como puntos fuertes están (i) a propia presenza de porcentaxes moi elevadas na frecuencia da representatividade dos grafemas (prácticamente todos os vocálicos e case un terzo dos consonánticos alcanzan o 100%); (ii) algo máis da cuarta parte das consoantes exceden o 90%; (iii) nos restantes casos, todos os grafemas son claramente maioritarios excepto un, <> (como /s/), ó que só lle falta unha décima para representar exactamente a metade das formas; (iv) hai cinco grafemas que se empregan maioritariamente para representar cadansúa parella de fonemas (<e> para /ε/, e/, <o> para /ɔ/, o/, <u> para /u/, β-v/, <i> para /i/, ʒ/ e <> para /s, z/): os dous primeiros só no eido vocálico, o último só no eido consonántico e os dous intermedios nos dous conxuntos. Volveremos sobre todos eles ó desenvolvermos máis polo miúdo os grandes grupos.

Antes de iniciarmos o estudo específico dos distintos (sub)conxuntos gráficos considerados e partindo basicamente do criterio fonolóxico, ofrecemos no cadro 10 un esquema que recolle os eixes das interrelacións que se poden constatar no sistema gráfico de *A*. Na interpretación dos datos, as liñas continuas de trazo grosso representan as asociacións grafemáticas (os grafemas tamén aparecen destacados en negra), as liñas continuas de trazo fino representan as asociacións alográficas non esporádicas e as liñas descontinuas representan as esporádicas²¹:

—Cadro 10—²²



21. Nas relacións esporádicas a media aritmética entre as formas e as ocorrencias non chega ó 5%. Inclúese <‐y‐> entre parénteses e cunha liña de trazo curto e puntos para marcar a posibilidade de que represente o fonema nasal palatal.
22. Neste cadro só atendemos á representación gráfica de unidades fonémáticas, áinda que estamos convencidos de que na fixación da nosa *scripta* medieval foron pertinentes algunas unidades subfonémáticas. Pensamos concretamente nos trazos [+ nasal] no vocalismo e [+ palatal]

Aínda que a densidade da gráfica poida facer pensar nunha estrutura moi complexa, realmente non o é se temos en conta que (i) a práctica totalidade das asignacións grafema/fonema están moi consolidadas no sistema de A; (ii) hai relativamente poucos casos de grafemas duplos, un nas consoantes (<>) e catro nas vogais (<e, i, o, u>), que supoñen o 14,7% do total de grafemas (33,3% e 4,5% para vogais e consoantes, respectivamente); (iii) estes grafemas duplos non posúen ningún outro valor no sistema (nin secundario, nin ocasional); (iv) non son poucos os casos (20,6%) nos que un grafema se asocia a só un fonema <a, d, f, t, p, ch, rr>; (v) só hai dous exemplos no sistema nos que un grafema se relaciona con máis de dous fonemas: <n> (cf. *infra* § 2.1.1) e mais <x>, que se relacionan con tres; (vi) hai grafemas que presentan ademais ou un valor alográfico secundario <ã, è, ì, õ, û, g, c, m, r> ou unha asociación alográfica esporádica <b, ç, z, l, ll> (26,5% e 14,7%, respectivamente, do total de grafemas); (vii) a meirande parte das formas exclusivamente alográficas (82,4% delas, 30,4% do total de grañas) só se corresponden cun valor fonémico <j, y, cc, tt, uu, ff, gu, q, qu, ç, ç, c, ñ, (^y)>; (viii) finalmente, hai un alógrafo <> con dous valores alográficos e mesmo hai dous, <s, ~n>, que se asocian con tres. Non se detecta unha asignación biunívoca perfecta entre grañas vocálicas específicas para fonemas vocálicos e grañas consonánticas específicas para fonemas consonánticos: hai interrelacións sobre todo na primeira das direccións en que dous grafemas vocálicos (<i, u>) tamén o son de cadanxeu fonema consonántico e o til pode representar tamén alograficamente, en posición implosiva, o fonema consonántico /n/²³. Só se rexistran dous casos excepcionais de graña consonántica, <~n> e <n>, que serven para representar o trazo nasal dun fonema vocálico nasal: /û/ (*ûna* 107b) e /õ/ (*bona* 121b).

no consonantismo, as grandes innovacións romances, e na súa expresión diacrítica mediante o til. Non abrimos aquí esta dimensión por non recargar excesivamente un cadro xa complejo de seu. Porén, non é difícil reinterpretar as relacións I—iñas no cadro— afectadas pola consideración desta perspectiva. Para o trazo [+ nasal] distinguirse entre nasalidade vocálica (o til representa un trazo) e consonántica (o til representa un fonema). Como expresión da nasalidade vocálica haberá que reinterpretar as cinco liñas que unen as vogais con til sobreposto e os fonemas correspondentes (<vocal seguida de vocal + til sobreposto> ↔ vocal oral + [nasalidade vocálica]). Como expresión da nasalidade consonántica haberá que reinterpretar a liña que une o rectángulo que engloba as cinco vogais con til sobreposto e o fonema /n/ (<vocal non seguida de vocal + til sobreposto> ↔ vocal + consoante nasal implosiva /n/). En relación co trazo palatal deixando fóra grañas moi excepcionais— haberá que reinterpretar a liña que une <n> e /j/ (<n> + til sobreanteposto ↔ /n/ + [palatalidade consonántica]), a liña que une <n> e /j/ (<n> + til sobreposto ↔ /n/ + [palatalidade consonántica]) e a liña que une [^y] e /j/ (<y> + til sobreanteposto ↔ /n/ + [palatalidade consonántica]).

23. A propósito do carácter velar desta nasal non podemos esquecer, por vir ó caso, que R. Mariño considera moi verosímil a «suposición de que foi antigo o desenvolvemento de consoante nasal velar implosiva nas terminacións galegas procedentes das latinas -ONU(M), -ÓNU(M) e -ÜNU(M)» (2002: 109).

É significativo comprobar tamén como se poden interpretar as relacións que amosa o esquema anterior dende a óptica dos (trinta e catro) fonemas que se inclúen nel. Case a metade deles (44,1%) contan só cun grafema que os represente: /a, ε, e, ɔ, o, u, à, ê, ì, b, d, p, f, m, r/. O resto de fonemas, ademais dun grafema, presentan tamén un alógrafo (/f, g, r/), un alógrafo ocasional (/õ, û, t, tf, l, k/), dous alógrafos (/i, s/), un alógrafo non ocasional e outro ocasional (/ʒ, z/), dous alógrafos non occasioais (/β-v, dz/), dous alógrafos non occasioais e un ocasional (/k, j/)²⁴ ou un alógrafo non ocasional e tres occasioais (/n, ts/).

A aparente complexidade da representación anterior (debida en boa parte a que en bastantes casos o único que hai son asociacións occasioais, que mesmo poderían desaparecer nunha representación só un pouco máis selectiva²⁵), obríganos a salientar a importancia capital do contexto: para interpretarmos adecuadamente a realidade gráfica de *A* necesitamos atender non só ás unidades de xeito illado, cuantitativa ou cualitativamente, senón á súa posición relativa dentro da cadea gráfica. Así, faise perceptible que hai ‘regras’ de distribución complementaria relativamente doadas e de execución pouco complexa. Certamente, noutras oportunidades a explicación dos feitos amósase más toldada e complexa ó agochar fenómenos de distinto tipo e/ou natureza. Nos epígrafes seguintes iremos desenvolvendo progresivamente os aspectos esenciais destas relacións cruzadas.

2.1.1. Os grafemas e alógrafos vocálicos²⁶

Xa se adiantou que a interrelación grafías ↔ fonemas vocálicos de *A* é realmente proporcionada: os sete fonemas vocálicos orais están representados por cinco grafemas (<a, e, i, o, u>) e por dous alógrafos (<j, y>); os cinco fonemas vocálicos nasais están representados por cinco grafemas complexos heterorgánicos <ã, ê, ì, õ, û> e, de xeito excepcional, polos alógrafos <xñ, xn> (sendo ‘x’ un grafema vocálico). Certamente, a distribución entre eles non se fai de xeito completamente proporcional e homoxéneo. Os seguintes parágrafos tentan desenvolver o novo de relacións grafofonolóxicas a nivel vocálico.

24. De contarmos tamén <^y> entre as grafías da nasal palatal, /j/ contará a maiores cun alógrafo ocasional.
25. Pensemos que, como se comproba no cadro 10, son vinte (vinte e unha se incluímos <^y>) as relacións alógráficas occasioais que, como xa se sinalou, non alcanzan en ningún caso o 5% de representatividade.
26. Para todo o relativo ás maiúsculas, tanto no vocalismo coma no consonantismo, cf. § 3. Excluímos sistematicamente das porcentaxes todas as grafías non representadas.

En primeiro lugar convén sinalar que estamos a falar de 6639 formas gráficas vocálicas (con praticamente 64400 ocorrencias). O cadro seguinte reproduce a distribución porcentual entre as distintas series vocálicas:

€ adro 11—

Unidade	%
/a, á/	28,2 {22,4}
/e, e, ê/ ²⁷	32 {35,3}
/i, í/	14,7 {12,8}
/ɔ, o, õ/	18,2 {21,4}
/u, ù/	6,9 {8,1}

Advírtese decontado que o conxunto gráfico vocálico máis rendible en *A* é o palatal da serie media, en segundo lugar, a non moita distancia, o da vogal de máxima abertura, en terceiro e cuarto lugar sitúanse, respectivamente, o velar da serie media e o palatal da pechada, e, finalmente, en último termo atópase o velar pechado. De nos fixarmos nas ocorrencias, aínda que se detecten algunhas flutuacións (a máis acusada é a diminución no caso de /a, á/), estas non provocan ningunha modificación significativa na ordenación relativa dos grupos considerados.

Convén examinarmos a casuística concreta da asignación gráfica, grafemas e alógrafos, dos fonemas vocálicos. No cadro doce ofrecemos unha aproximación xeral á situación de *A*:

€ adro 12—

Fonema	Grafema	Alógrafo(s)
/a/	<a>; 100	
/e/	<e>; 100	
/e/	<e>; 100	
/i/	<i>; 79,7 {86,8}	<y>; 19,4 {12,9}; <j>; 0,9 {0,3}
/ɔ/	<o>; 100	
/o/	<o>; 100	
/u/	<u>; 100	
/á/	<á>; 100	
/é/	<é>; 100	
/í/	<í>; 100	
/õ/	<õ>; 92,3 {98,9}	<on>; 7,7 {1,1}
/ù/	<ù>; 87,5 {98,8}	<ün>; 12,5 {1,2}

27. Consonte o sinalado por, entre outros, R. Mariño (2002: 72), non distinguimos xa en posición tónica entre sete fonemas vocálicos nasais porque «a resonancia nasal elevou desde antigo as vocais medias abertas».

Seis das sete vogais orais só posúen en *A* unha opción de representación gráfica. A excepción é /i/, que conta con tres posibles recursos gráficos para a súa representación, aínda que só dous son produtivos e o grafema éo cunha porcentaxe superior ás catro quintas partes. Algo semellante ocorre coas vogais nasais, pois son maioría as que só posúen unha opción gráfica; así a todo os alógrafos das vogais nasais son realmente excepcionais porque estamos a falar de cadansúa forma que, de contarnos con todas as ocorrencias, alcanzan unhas porcentaxes de uso moi cativas (pouco máis do un por cento). Cómpre salientar tamén que o sincretismo escriptolóxico vocálico é acusado, pois nas vogais da serie media, tanto palatal coma velar, coincide o grafema. Así mesmo coincide tamén na representación das vogais nasais, pois estas botan man dos grafemas vocálicos máis o til (que, non o esquezamos, vehicula tamén outros valores, cf. máis adiante § 2.1.2). A propósito do grafema <u> cómpre subliñar que o valor vocálico supón un 45,7%, o consonántico alcanza o 37,6% e o valor /Ø/ sitúase no 16,7%.

(A) As vogais orais

Fornecemos nos parágrafos que seguen unha escolma ~~nec~~ esariamente moi reducida— con exemplos dos fonemas vocálicos orais nas distintas posiciones²⁸:

/a/ <a>

- (i) Tónica: *alg'* 1, *cabo* 2, *coitar* 2, *cou ira* 2, *cuidad'* 2, *delgado* 1, *ficar* 3, *grad'* 7, *guarde* 4, *loado* 3...
- (ii) Átona inicial: *acordo* 1, *agui ou* 2, *apo to* 2, *aquel* 17, *atende* 1, *caber* 1, *falir* 2, *abed'* 1, *uale e* 2...
- (iii) Pretónica interna: *de eiador* 1, *loarei* 1, *morador* 1, *negarei* 1, *ou arei* 5, *uerdadeir'* 1...
- (iv) Átona final: *coida* 1, *cordura* 1, *elas* 5, *loucura* 1, *ou a* 1, *prenda* 3, *roga* 4, *emella* 6, *temeria* 1...

/ɛ/ <e>

- (i) Tónica: *conuen* 4, *era* 7, *leuo* 5, *mentes* 1, *queren* 11, *Senpre* 1, *ten 80...*
- (ii) Pretónica interna: *conuerra* 1, *man edume* 2, *podero o* 1...
- (iii) Átona: *e* 1188.

/e/ <e>

- (i) Tónica: *acon ell'* 1, *caber* 1, *creo* 4, *doer* 10, *e ta* 53, *fiquey* 1, *primeiro* 3, *tenn'* 15, *uiue* 1...

28. As proporcións dos distintos contextos sinálanse no cadro número trece.

- (ii) Átona inicial: *creerey* 2, *deuia* 10, *e forç* 2, *e taua* 3, *ferida* 2, *neun* 5, *peor* 24, *perdon* 24, *enon* 4, *eruidor* 1...
- (iii) Pretónica interna: *adeuñar* 1, *alegrar* 2, *aueran* 1, *en andeør* 1, *gradeçi* 1, *prazeria* 4, *reçeou* 1, *ofredor* 1...
- (iv) Átona final: *cabe* 1, *di e*²⁹, *grande* 7, *guarde* 4, *loe* 1, *mate* 2, *oge* 19, *porque* 3, *obre* 11, *tri te* 4...

/i/ <i, y, j>

- (i) Tónica: *catiu'* 6, *folia* 3, *mentiu* 1, *morria* 6, *perdi* 25, *quite* 3, *entir* 2, *eruido* 1, *uida* 4, *uj* 11, *uiuja* 1...
- (ii) Átona inicial: *diran* 2, *dized'* 3, *gui ada* 2, *uiueu* 1, *djrei* 1...
- (iii) Pretónica interna: *cou idor* 1, *deuinnar* 1, *maraullar* 5, *obridado* 1...
- (iv) Átona final: *dixi* 6, *pudi* 2...
- (v) Glide: *coi&ta&do*³⁰, *coidan* 1, *coitou* 1, *cuidar* 15, *demais* 1, *moiro* 36, *queixou* 1, *tolleito* 1, *trobei* 1, *leyxou* 1, *coytad'* 6, *mays* 59, *coyt'* 7...

/ɔ/ <o>

- (i) Tónica: *acorde* 1, *corpo* 3, *dormen* 1, *fol* 1, *forte* 6, *pode* 27, *prol* 17, *rrog'* 1, *uo a* 5...
- (ii) Átona inicial: *mortal* 2, *oir* 3, *oyrdes* 1, *oyren* 2...

/o/ <o>

- (i) Tónica: *Senor* 2, *agui ou* 2, *chegou* 2, *cou a* 26, *de pois* 2, *eruidor* 1, *obre* 11, *todas* 6, *uergonna* 1...
- (ii) Átona inicial: *chorauam* 1, *coitad'* 9, *comeqy* 1, *doer* 10, *gouernar* 1, *morreria* 2, *ou ei* 11, *prouarei* 1, *tolled'* 1...
- (iii) Pretónica interna: *acomend'* 1, *acordei* 1, *alogad'* 1, *amo trar* 2, *aprouguer* 1, *de cobrir* 1, *e forç r* 2...
- (iv) Átona final: *ando* 16, *catiuo* 11, *de pagado* 1, *mudo* 1, *negando* 1, *preto* 1, *pero* 96, *recado* 2, *temo* 1...

29. A variación na vogal átona final da P3 do pretérito do verbo *dizer* coñece as formas seguintes: *di e* 7, (*D*)*i o* 3, *di o* 3 (sempre van seguidas de consoante excepto nun caso de *di e* que vai seguido de vogal e noutro que vai en posición de rima). É moi interesante constatar que mentres as formas en <-e> se localizan en dous cadernos (III 2, V 5) as formas en <-o> só aparecen noutros tres diferentes (VI, VII, XI 4). A P1 do pretérito do verbo *dizer* coñece catro formas (*dix'* 11, *dixe* 27, (*D*)*ixe* 1, *dixi* 6) con dúas variantes desinenciais: en <-e> ou en <-i>. Alén da preferencia obvia pola primeira das opcións, chama poderosamente a atención que a segunda, concentrada na forma *dixi*, só se rexistra no caderno VII, no que, ademais, fronte á variante en <-e>, supón o 54,5%.

30. Usamos '&' para representar a unión de formas que aparecen separadas no manuscrito.

/u/ <u>

- (i) Tónica: *algun* 13, *bu can* 1, *loucura* 1, *lume* 10, *me ura* 18, *mund'* 16, *perduto* 1, *pregunta* 2, *annudo* 1, *egundo* 2...
- (ii) Átona inicial: *bu caua* 1, *cu tar* 2, *durar* 1, *iuntar* 1, *iurar* 7, *punnando* 1, (*P*)*unnei* 1...
- (iii) Pretónica interna: (*A*)*uenturey* 1, *preguntador* 1, *preguntou* 1...
- (iv) Glide: *aprendeu* 1, *guardo* 1, *louco* 1, *matou* 1, *meus* 68, *ou ei* 11, *quāt'* 10, *oubera* 2...

A continuación presentamos a distribución das vogais tendo en conta os seguintes parámetros: o carácter oral ou nasal da vogal e que haxa ou non trabazón por nasal implosiva. Neste segundo caso indicamos cal é a representación gráfica elixida (cf. § 2.1.2.):

— adro 13 —

UNIDADE	ORAL				NASAL	
	Non trabada por nasal	Trabada por nasal				
		<-m> A/P/T/O/F S ³¹	<-n> A/P/T/O/F	<- ~> A/P/T/O/F		
<a, à> /a, à/	86,3 27/8/36/-/29	1,3 17/33/17/-/33	10 12/8/60/-/20	2,3 12/7/62/-/19	0,1 100/-/-/-	
<e> /e/	64,6 -/3/96/-/1	6,7 -/-/100/-/-	20,5 -/-/100/-/-	8,2 -/-/100/-/-		
<e, > /e/	85,2 26/11/38/-/25	0,4 12 12//38/-/50	1,8 40/17/26/-/17	0,6 32/21/18/-/29	62/-/38/-/-	
<i, ï> /i, ï/	97,2 15/5/45/-/1 34	0,1 -/-/100/-/-	2 25/-/69/-/6	0,4 33/-/67/-/-	0,3 100/-/-/-	
<y> ³² /i/	98,9 1/1/16/-/1 81		1,1 -/-/100/-/-			
<ɔ> /i/	100 11/-/89/-/-					
<o> /ɔ/	100 15/-/85/-/-					
<ø, ð> /o, ð/	87,2 29/4/27/-/40		8,9 31/9/48/-/12	2,8 16/19/36/-/29	1,1 31/31/38/-/-	
<u, ù> /u, ù/	89,1 7/5/22/-/ 66	0,4 -/-/100/-/-	6 4/25/71/-/-	2,8 8/23/61/-/8	1,7 -/-/100/-/-	

[A: Átona inicial; P: Pretónica; T: Tónica; O: Postónica; F: Final; S: Semivogal]

31. Ofrecemos os datos relativos á posición silábica cun redondeo sen decimais.

32. Os alógrafos <y, ï> non levan til nasal enriba (cf. *infra* co que se sinala de <-y>). O primeiro adoita levar, mais non sempre, un punto diacrítico. Como a edición de *A* de Mariña Arbor non inclúe este sinal diacrítico non o temos en conta de xeito sistemático no presente estudo. Si o

A marxinalidade das vogais nasais (en ningún caso chegan a alcanzar o 2% das formas) fronte ás orais é unha das primeiras lecturas claras dos datos anteriores; tamén o é que as vogais orais maioritariamente non están trabadas por nasal (único contexto para <j> /i/ e para <o> /ɔ/); a única excepción relativa constitúea <e> (/ɛ/), que sendo maioritaria non chega ó 65%; existe unanimidade entre todas as opcións gráficas para facer de <-n> representante destacado da nasal implosiva (con <y> é a única presente); a opción <-m> é a minoritaria (non se localiza con <y, j, o>) a moita distancia das outras dúas; nun lugar sempre secundario está a opción do til <- ~>, que só chega a ser proporcionalmente significativa con <e> (/ɛ/) e mais con <o> (/o/); polo que se refire ás preferencias silábicas, estas son evidentes no caso de <y> (basicamente semivogal), <j> (esencialmente tónica). Na combinación con <e> (/ɛ/) <-m> comparece máis ben na átona final fronte a <-n> e <- ~>, que figuran preferentemente na átona inicial; na súa combinación con <a>, <-m> singularízase nas sílabas átonas fronte a <-n> e <- ~>, que o fan en sílaba tónica.

Fóra do eido da nasalidade, a única flutuación alográfica rendible no ámbito vocálico é a que se sitúa na serie palatal pechada. Acabamos de comprobar cal é a rendibilidade dende unha perspectiva silábico-nasal e acentual. A seguir sinalamos só as tendencias xerais más significativas na distribución que en *A* teñen <i, y, j>³³. En primeiro lugar, convén non esquecer a desproporción no reparto do valor /i/ (cf. *supra* co cadro número 12) e, en segundo termo, cómpre sinalar o peso específico que ten o carácter vocalico nestas tres grafías, que é do 100% con <y> e <j> (para un posible caso de <j> con valor consonántico véxase máis adiante § 2.1.2.B e § 3), e do 92,6% con <i> (que coñece un 7,4% de valores consonánticos, cf. § 2.1.2.B). Finalmente, lembremos que en números absolutos estamos a falar de case oitocentas formas con <i>, case duascentas con <y> e oito con <j> (que entre todas as ocorrencias suman praticamente 8250 exemplos). Observemos o cadro número catorce:

inclúe na súa edición Carter, que o reproduce maioritariamente como til de nasalidade (*rey* 236a), ainda que nalgún caso o edita como acento agudo (*irey* 236a); tanto nun caso coma noutro a representación real da escrita achégase más ben a un punto do que a un til ou a un acento agudo.

33. No traballo de Arbor / Varela (no prelo) desenvólvese monograficamente e estúdase este aspecto de *A*.

← adro 14—³⁴

Unidade	SCV	DC	DD	DP	1ºH	2ºH	EMH
<i>778	49,9/94,7	1,2/37,5	25,2/62,4	6,8/73,6	16,1/96,2	0,8/30	
	[44,8/94,7]	[0,2/13,4]	[32,7/78,9]	[8,5/81,3]	[13,7/99,1]	[0,2/25,5]	
<y> 189	10,1/4,6	7,9/62,5	62,4/37,6	10,1/26,4	2,1/3,1	4,8/45	2,6/100
	[15,5/4,9]	[7,9/86,6]	[59/21,1]	[13,1/18,7]	[7,5/0,8]	[3/62,7]	[0,8/100]
<j> 9	33,3/0,				11,1/0,8	55,6/25	
	[65/0,4]				[5/0,1]	[30/11,8]	

[SCV: Sen contacto con vogal; DC: Ditongo crecente; DD: Ditongo decrecente; DP: Ditongo plano; 1ºH: Primeiro elemento de hiato; 2ºH: Segundo elemento de hiato; EMH: Elemento medial de hiato]

Aprécianse de inmediato unhas claras tendencias distribucionais: <y> é a única grafía que aparece en todos os contextos considerados e <i> só falta no último; nas seis posicíons nas que coinciden ambas as dúas grafías sinaladas, <i> é maioritaria en catro delas e <y> é en nas outras dúas; <j> rexístrase só en tres contextos básicos pero é esencialmente 'rendible' (máis da metade dos exemplos) como segundo elemento de hiato plano (*ríjr* 2, *uijan* 1, *uijr* 1, *a&uijr* 1, *uijr* 1) e mesmo chega a supoñer a cuarta parte do total de formas (e incluso, a pesar das poucas ocorrencias totais, case alcanza o 12% de todas as ocorrencias neste contexto); as outras dúas posicíons en que aparece <j> son a de núcleo silábico sen contacto con vogal (*fíz* 1, *uj* 11, *Dírei* 1) e a de primeiro elemento dun hiato crecente (*uiuja* [222b])³⁵; <y> monopoliza en exclusiva a posición medial nos hiatos crecientes onde non aparecen nin <i> nin <j>—(*oya* 1, *soya* 1, *oya* 3, *oyan* 2, *ueyan* 1), mais é o alógrafo empregado prototípicamente nos ditongos decrecentes ←—ase as dúas terceiras partes de formas con <y> teñen esta contextualización—(*amarey* 1, *amey* 8, *andarey* 1, *atenderey* 1, *auerey* 3, *ay* 38, *cobrarey* 1, *comeq̄y* 1, *coydaua* 1, *coyta* 52, *coytas* 4, *coytado* 6, *creerey* 2, *cuydey* 3, *dereyto* 2, *de &poys* 1, *de eiey* 2, *dey* 1, *direy* 18, *doyr'* 1, *ey* 96, *falarey* 1, *faley* 1, *farey* 6, *filley* 2, *fiquey* 1, *foy* 36, *freyra* 7, *gaanney* 1, *guardey* 2, *guareer ey* 1, *bey* 1, *irey* 2, *lazeyro* 1, *leuantey* 1, *leuey* 5, *leyxa* 1, *leyxades* 6, *leyxar* 3, *leyxardes* 1, *leyxou* 1, *mays* 59, *mirey* 3, *morrerey* 2, *mo trarey* 1, *moyro* 11, *no-*

34. Débense interpretar as porcentaxes como 'porcentaxe en relación ó total de formas no eixe horizontal' (contexto fonético) / 'porcentaxe en relación ó total de formas no eixe vertical' (unidade gráfica) / 'porcentaxe en relación ó total de ocorrrencias no eixe horizontal' (contexto fonético) / 'porcentaxe en relación ó total de ocorrrencias no eixe vertical' (unidade gráfica).

35. Na maior parte dos casos a elección de <j> responde a razóns de discriminación de unidades contiguas de figura moi parecida no seu carro inferior. <i> e <u> como unidades precedentes e <r> como unidade subsecuente están presentes na case totalidade dos exemplos.

gueyra 2, *noyte* 1, *ou ey* 1, *oyredes* 1, *paay* 1, *paguey* 1, *partirey* 1, *pa ey* 1, *peneys* 1, *perdereys* 2, *pleyto* 1, *poderey* 2, *poys* 31, *prenderey* 3, *preyto* 2, *primeyro* 1, *punney* 1, *quitey* 1, *querrey* 1, *queyra* 2, *queyxar* 2, *quitey* 3, *receey* 2, *rey* 1, *rogarey* 1, *erey* 2, *ey* 44, *offrerey* 1, *oy* 1, *ey* 1, *terrey* 1, *trobey* 1, *uerey* 2, *uinguey* 1, *uiuerey* 2, *yrey* 1...) ainda que neste caso sexa <i> quen se atope nun número maior de formas (*acharei* 2, *acordei* 1, *ai* 7, *amarei* 4, *amei* 12, *ampararei* 1, *andarei* 1, *andei* 4, *auerei* 16, *bu quei* 2, *calei* 1, *ceguei* 1, *chamarei* 1, *chamei* 3, *cobrarei* 1, *coida* 1, *coidado* 4, *coidar* 14, *coida e* 2, *coidei* 8, *coido* 8, *coita* 285, *coitado* 25, *coitar* 2, *comecei* 1, *cuidarei* 1, *cuidei* 22, *darei* 1, *demais* 1, *demandei* 1, *dereito* 12, *de egei* 3, *de eiarei* 4, *de eiei* 12, *de pois* 2, *direi* 97, *doerei* 1, *durei* 1, *ei* 237, *en andeçerei* 1, *e forcei* 1, *e tarei* 1, *falarei* 4, *falei* 7, *fallei* 1, *farei* 41, *feit' 1*, *filei* 3, *fillei* 4, *fillei* 4, *fiquei* 5, *foi* 11, *gracirei* 1, *guardei* 2, *irei* 1, *leixa* 7, *leixades* 2, *leixan* 1, *leixar* 11, *leixara* 1, *leixe* 20, *leixedes* 5, *leixei* 1, *leixou* 4, *leuei* 8, *loarei* 1, *loei* 1, *mais* 397, *matei* 1, *mentirei* 2, *moiro* 36, *morarei* 2, *morei* 1, *morrerei* 23, *negarei* 1, *neguei* 8, *noite* 1, *ou arei* 5, *perderei* 15, *preito* 1, *paguei* 1, *partirei* 2, *perderei* 7, *poderei* 11, *pois* 246, *poi* 3, *porrei* 2, *preito* 4, *prenderei* 3, *primeiro* 3, *punnarei* 1, *queira* 4, *queira* 3, *queirades* 2, *queirades* 1, *queixar* 3, *queixades* 3, *queixo* 2, *queixou* 1, *querei* 2, *quitei* 4, *rogarei* 11, *aberei* 2, *ei* 190, *eret* 12, *eruirei* 1, *temerei* 3, *tolleito* 1, *tornei* 1, *trobei* 1, *uerei* 7, *uiuerei* 11...); <y> é tamén especialmente rendible como primeiro elemento nos ditongos crecientes en contexto posvocálico, pois non queda moi lonxe de acaparar as dúas terceiras partes de todas as formas (cifra que aumenta ata case o 87% se temos en conta o total de ocorrencias) (*alfaya* 1, *gaya* 1, *maya* 2, *mayor* 68, *retraya* 1, *aya* 2, *oyo* 1, *uaya* 1...). En todas as formas o ditongo crecente con <y> sempre vai precedido por vogal; cando a grafía do primeiro elemento do ditongo crecente é <i> só nun 22,2% vai precedido de vogal (*caia* 1, *maior* 3; *cambiar* 1, *egobia* 1, *trayę on* 2...). Tampouco hai que esquecer que <y> é o alógrafo máis empregado como segundo elemento dos hiatos decrecentes cun 45% p- orcentaxe que se eleva ata case o 63% de contarmos as ocorrencias—(*(A)lynda* 2, *oyr* 10, *oyrdes* 1, *oyren* 2, *oy tes* 2, *ay* 2...); <i>, pola súa banda, aparece na metade das ocasións en contexto de non coalescencia con vogal p- racticamente co 95% das formas e/ou ocorrencias nesta posición—(*adeuinnar* 1, *agui ar* 1, *ali* 14, *amigo* 19, *a i* 198, *atendi* 2, *cantiga* 1, *catiuo* 11, *č ma* 1, *cofondi* 2, *comigo* 6, *comprida* 1, *cou idor* 1, *de cobrir* 1, *diga* 6, *digo* 29, *dira* 13, *diran* 2, *di e* 8, *dizer* 178, *dormir* 13, *en andeç* 3, *entendi* 12, *e pedir* 1, *falir* 2, *ferida* 2, *ficar* 3, *fige* 2, *fillar* 22, *fiquei* 5, *fiz* 24, *gradeç* 1, *guardida* 1, *gui ar* 4, *ides* 3, *inda* 2, *ir* 34, *linnagen* 4, *maldito* 1, *maraullado* 6, *mētira* 1, *me-reçī* 9, *mī* 81, *naçi* 21, *partir* 5, *perdi* 10, *prendi* 2, *parti e* 1, *pedir* 5, *perdi* 25, *primeiro* 3, *qui er* 31, *qui e e* 14, *quitar* 30, *quitei* 4, *quitos* 1, *quitou* 3,

entido 1, entir 2, entirigo 5, erui 16, eruïço 3, eruir 17, e erigo 2, i 46, igo 1, temi 4, tremi 1, tri te 4, ui 255, uīgada 1, uiq 2, uida 4, uil 1, uin 8, uinganca 1, uiren 4, uirō 1, uiue 3, uiuo 64...). De todos os xeitos, áinda que esporádicos, tampouco faltan exemplos con <y> (*aly* 3, *a y* 7, *entendy* 1, *hy* 2, *lly* 1, *menty* 1, *my* 1, *party* 2, *pudy* 1, *y* 2, *ydes* 2, *ynda* 2, *yr* 8, *yrey* 1, *yria* 1...) ou mesmo con <j> (cf. *supra*). Na cuarta parte das formas atópase en ditongos decrecentes (cf. *supra*) e con algo máis do 16% sitúase como primeiro elemento dun hiato crecente (ou plano) neste caso supón algo máis do 96% do total de formas e do 99,1% das ocorrencias—(*andaria* 1, *atenderia* 1, *atreuia* 2, *auerian* 1, *auia* 19, *cataria* 1, *chamaria* 1, *con ella-ria* 1, *cuidaria* 2, *daria* 3, *de eiaria* 1, *deuia* 10, *dia* 95, *dias* 6, *diria* 7, *di-rias* 1, *dizia* 2, *doeria* 2, *dormia* 1, *dormiria* 1, *entendia* 2, *e colleria* 2, *e tar-ria* 4, *faria* 19, *fazia* 1, *fia* 1, *folia* 3, *guarria* 2, *iria* 2, *maria* 17, *morreria* 2, *morria* 6, *niun* 16, *ou aria* 3, *perderia* 2, *perfia* 1, *parecia* 1, *partiria* 2, *per-deria* 1, *perdia* 2, *perfia* 1, *pe aria* 3, *poderia* 19, *poderian* 1, *podia* 19, *po-diam* 1, *prazeria* 4, *prazia* 1, *queria* 6, *quetxaria* 1, *queria* 16, *ria* 1, *rjr* 2, *abedoria* 1, *aberia* 3, *abia* 6, *eria* 26, *erua* 1, *tornaria* 1, *ualia* 2, *ual-riña* 1, *uerri'* 1, *uerria* 3, *uijan* 1, *uijr* 1, *uingaria* 1, *uiueria* 2, *uiuiria* 1...); finalmente, <i> é tamén a forma maioritaria (case as tres cuartas partes) nos ditongos planos p- orcentaxe que sobe a algo máis do 81% se consideramos as ocorrencias—(*a cuitar* 1, *cuida* 2, *cuidades* 2, *cuidado* 6, *cuidan* 2, *cui-dando* 5, *cuidar* 15, *cuidara* 1, *cuidarei* 1, *cuidaria* 2, *cuida e* 8, *cuido* 15, *cuita* 48, *cuitades* 1, *cuitado* 4, *cuitados* 1, *dormiu* 1, *fui* 11, *mentiu* 1, *mui* 202, *muita* 1, *muitas* 6, *muito* 81, *muitos* 9, *MVitas* 1, *uiu* 39...).

Polo que se refire á distribución das tres opcións gráficas tendo en conta a división en cadernos, aprécianse as seguintes proporcións entre os cadernos para cada unha delas (temos en conta todas as ocorrencias):

← adro 15—

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII ^a	VIII	IX	X	XI	XI ^a	XII	XIII	XIV	XIV ^a
<i>	9,8	10,6	5,6	9,7	8,9	10,2	8	1,3	8,1	5,1	7,2	7,2	0,8	2,5	2,1	2,6	0,3
<y>	5,8	9,6	3,7	4,5	4,7	5,8	5,4	1,9	3,8	1,1	3,3	6,3	2,1	8,6	14,1	17,6	1,8
<j>	40	25			10	15		5			5						

Unicamente <i> e <y> están presentes en todos os cadernos; <j> só se localiza en seis deles (apréciese o relativo paralelismo dous a dous: I e II, VI e VII, VIII e XI). <i> oscila ó longo dos cadernos entre o 5 e o 10%, mais esta proporción media (só rota antes en VII^a) diminúe notablemente a partir de XI^a (cunha media que se sitúa un pouco por riba do 2%). <y>, pola súa banda, distribúese entre os cadernos con porcentaxes que van, ata o caderno

XII do 3 ó 9% (fóra de IX e dos cadernos unifolios) e que se sitúan entre o 14 e o 17% nos cadernos XIII e XIV.

Coma noutras oportunidades, é pertinente comprobar cal é a proporción que, caderno a caderno, supón cada unha das opcións gráficas fronte ás outras. O resultado reflícteo o cadro número dezaseis:

← adro 16—

%	I	II	III	IV	V	VI	VII ^a	VIII	IX	X	XI	XI ^a	XII	XIII	XIV	XIV ^a	
<i>	90,9	87,7	91,1	93,6	92,7	91,9	90,4	82,8	93,4	96,8	93,7	88,4	73,2	65,7	49,7	49,7	55,8
<y>	8	11,8	8,9	6,4	7,3	7,8	9,2	17,2	6,4	3,2	6,3	11,4	26,8	34,3	50,3	50,3	44,2
<p>	1,1	0,5						0,3	0,4		0,2		0,2				

En primeiro lugar confírmase que o peso específico de <j> en calquera contexto é totalmente marxinal; así a todo é posible advertir tres conxuntos na súa distribución que coinciden exactamente cos xa comentados a propósito dos datos recollidos no cadro 15. Como tamén era esperable, <i> presenta en bastantes cadernos (doce) porcentaxes de uso superiores ó 80%; en dous cadernos posúe porcentaxes que se sitúan entre o 65 e o 85%, mais tamén hai tres cadernos nos cales a proporción se sitúa entre o 49 e o 60% (XIII e XIV presentan a porcentaxe máis baixa). De maneira paralela, <y> suxponde en bastantes cadernos (once) menos do 12% do total; nun caderno (VII^a) sitúase no 17%, outros dous (XI^a, XII) sitúase entre o 26 e o 34% e nos cadernos XIII, XIV e XIV^a sobrepasa a porcentaxe do 40%, de forma destacable en XIII e XIV, nos que constitúe a opción gráfica preferida. En xeral podemos dicir que é o caderno XI^a o que marca un punto de inflexión a partir do cal se constata un importante aumento a favor de <y> na escolla.

(B) As vogais nasais

A propósito do camiño que levou á desfonoloxización das vogais nasais na historia do galego R. Mariño lembra que (i) «o rendemento funcional destas oposicións era sen dúbida baixo, circunstancia que, con certeza, minaba a precaria estabilidade dun sistema vocálico así constituído e deixaba expedito o camiño cara á eliminación da nasalidade vocalica» (2002: 72), e nesta liña é importante constatarmos que para este investigador (ii) «as solucións fonéticas derivadas do proceso de desnasalización vocalica comenzaron a darse mesmo antes do século XIII» (2002: 112). O mesmo autor engade que «dá a impresión de que xa no século XIII as tradicións novas se estaban imponendo no tocante á desnasalización vocalica galega e á súa substitución por solucións completamente desnasaladas ou por solucións con xeración de consoantes nasais prenucleares ou posnucleares» (2002: 112). Polo valor

que poida ter como indicio desta realidade nos finais do século XIII, quixemos comprobar cal é a distribución en *A* das opcións de vogal nasal con representación da nasalidade fronte ós casos sen representación.

En primeiro lugar cómpre salientar que en total son trinta e oito formas de vogal nasal con til explícito *éáa* s más se incorporamos tamén os exemplos *úna* e *bona*, cf. *infra*— (con 207 *éáa* 209— ocorrencias), fronte a dezasete formas con desnasalización (40 ocorrencias). A proporción resultante entre elas marca un 69,1% das formas e un 83,8% das ocorrencias con til. De nos fixarmos un pouco nas características que presentan os exemplos de ambos os grupos obsérvase que, de reducirmos as formas a uns lemas representativos, das trece formas consideradas son maioría as que se rexistran exclusivamente con til (84,6%), pois só hai dous casos (15,4%) que coñezan únicamente a forma sen til (*cópoer* [82b], *e traydade* [166b]).

O 52,5% dos exemplos de formas vocálicas nasais con til ocupa a posición pretónica (*a&uijr* 1, *côello* 1, *en&dôado* 1, *gãar* 2, *grâadez* 1, *mêor* 5, *perdôar* 1, *perdôa* e 2, *perdôar* 1, *pôer* 2, *razôar* 1, *uêer* 1, *uijr* 1...). O 47,5% restante sitúase en posición tónica (*auêo* 1, *a&uêo* 2, *algúia* 16, *Algúia* 1, *bôa* 63, *húa* 5, *ôo* 15, *têe* 1, *uêo* 3...). Os casos que non posúen til localízanse nun 58,8% dos exemplos en posición pretónica (*cópoer* 1, *e traydade* 1, *perdoar* 1, *poer* 3, *uijan* 1, *uijr* 1...) e o 41,2% restante rexístrase en posición tónica (*boa* 15, *boas* 1, *boo* 1, *oo* 5...). É importante destacar o feito de que a maior parte das formas sen til presentan hiatos non palatais (é excepción *poer*) e case sempre é un *o* a vogal desnasalada. De compararmos a proporción de formas/ocorrencias con ou sen til en cada un dos dous contextos obtemos o seguinte reparto: posición pretónica [con/sen til] 67,7% {73,9%} / 32,3% {26,1%}; posición tónica [con/sen til] 73,1% {86,2%} / 26,9% {13,8%}. Tanto nun caso coma noutro a preferencia pola presenza do til é clara; así a todo é a posición tónica a que dun xeito un pouco máis marcado confirma esta preferencia (que o propio R. Mariño interpreta como un «índicio fiable dun feito que dende o punto de vista fonético resulta esperable: a completa desnasalización vocálica avanzou máis rapidamente nas posicións átonas e más demoradamente na tónica» 2002: 91-92). De compararmos estes resultados cos que reflicte R. Mariño no seu estudio (2002), baseado integralmente nos datos textuais do TMILG, observamos que na posición pretónica hai unha diferenza, entre os seus datos para LP e os nosos de *A*, duns corenta puntos (favorable no seu caso para as realizacións sen til) (cf. 2002: 85). Porén, si hai unha acusada similitude entre os datos das *Cantigas de Santa María* (CSM) e os de *A* (que non diverxen nesta posición máis de 5 ou 11 puntos \pm — para as formas e as ocorrencias, respectivamente)—. De nos fixarmos na posición tónica as diferenzas entre LP e *A*, existindo, non son tan acusadas coma na posición pretónica: a diminución en LP dos casos con til fronte a *A*

é de quince puntos para as formas e de dezanove para as ocorrencias (sempre a favor de *A*). Novamente, fronte a CSM, o *Cancioneiro da Ajuda* non alcanza os usos na presenza do til que ten aquela obra e queda a 12 puntos de diferenza nas formas e a 11 puntos nas ocorrencias. Neste sentido podemos afirmar que algo estaba a mudar en *A* fronte ós datos das *Cantigas de Santa María*, algo que non nos sorprende, pois, en palabras de R. Mariño, esa obra sobrancea «como un texto particularmente conservador, moi atento ó mantemento das formas gráficas canónicas» (2002: 92).

Para finalizarmos este punto queremos comprobar cal é o reparto das formas vocálicas (des)nasalizadas consonte os cadernos en que se rexistran. As formas con til distribúense así: I: 19,1%; II: 4,8%; III: 1,4%; IV: 5,7%; V: 12%; VI: 11%; VII: 6,2%; VII^a: 0,5%; VIII: 8,6%; IX: 2,4%; X: 5,7%; XI: 10%; XI^a: 1%; XII: 2,4%; XIII: 1,4%; XIV: 6,7%; XIV^a: 1%; pola súa banda, as formas sen til fan do seguinte xeito: I: 15%; II: 10%; III: 5%; IV: 7,5%; VI: 10%; VII: 12,5%; VII^a: 5%; VIII: 10%; IX: 2,5%; X: 12,5%; XI: 5%; XIV: 5%. Coma noutras oportunidades, de confrontarmos os datos da presenza/ausencia en cada un dos cadernos apréciase que a opción con nasalidade explicitada abrangue as seguintes porcentaxes: I: 87%; II: 71,4%; III: 60%; IV: 80%; V: 100%; VI: 85,2%; VII: 72,2%; VII^a: 33,3%; VIII: 81,8%; IX: 83,3%; X: 70,6%; XI: 91,3%; XI^a: 100%; XII: 100%; XIII: 100%; XIV: 87,5%; XIV^a: 100%. Fóra do caderno VII^a, que presenta unha porcentaxe moi baixa (33,3%), seguramente por tratarse dun só folio, advírtense tres grandes bloques sempre con predominio claro da explicitación do til: entre a franxa do 60 e do 70% están os cadernos II, III, VII e X, entre o 80 e o 90% atópanse os cadernos I, IV, VI, VIII, IX, XI e XIV; finalmente, co 100% están os cadernos V, XI^a, XII, XIII e XIV^a.

É o momento de falar de dúas grañas peculiares ou anómalias da nasalidade vocálica: <ñ> (*üña* 107b) e <n> (*bona* 121b). Comezaremos por *üña* amosando cal é a distribución en *A* dos herdeiros da forma latina ÚNA:

—Cadro 17—

<i>Forma</i>	<i>üña</i>	<i>büña</i>	<i>~na</i>
%	90,6	7,8	1,6

Para podermos establecer unha comparación entre os datos de *A* e os de LP, reproducimos a seguir as porcentaxes que manexa R. Mariño para esta última obra (2002: 109, táboa 17): *üña* 84%, *ua* 1%, *una* 2,5%, *unba* 12,25%, *uma* 0,25% e *uña* 0%. Sen entrarmos na ausencia/presenza de <ñ>, obsérvalse que (i) en todos os exemplos recollidos en *A* sempre está presente o til; (ii) así mesmo, fronte a LP, só se rexistra a presenza de consoante interior nun exemplo (en combinación, evidentemente, co propio til)³⁶; (iii) estes da-

tos encaixan perfectamente na ‘norma gráfica’ medieval que abrolla nidicamente da táboa 17 do completo estudo de R. Mariño (2002: 109-110); (iv) finalmente, ten razón este autor cando avanza que a «relativa excepción» de LP se debe seguramente ós «criterios de transcripción utilizados por algúns editores de cantigas ou poetas medievais» (2002: 110).

Só nunha ocasión a combinación [vogal nasal + <n>] serve de vehículo gráfico ó fonema vocálico nasal: *ūna* (107b). De formas semellantes a esta xa Clarinda de Azevedo Maia (1986: 578) sinalou que debían «ser interpretadas como o resultado de uma contaminação dos dois processos gráficos mais frecuentes para representar a nasalidade proveniente da síncope de -n-». O mesmo argumento retómao R. Lorenzo (1987: 457) ó afirmar que grafías deste tipo «representan unha contaminación» xa que «o feito de que unha consoante nasal poida representarse por *til*, *m* ou *n*, fai que, ás veces, erradamente, se coloque o til e a consoante ó mesmo tempo». Así a todo, convén non esquecer (i) que o propio R. Lorenzo sinala que o caso dos herdeiros de *unus, una* é máis complexo, posto que nos textos medievais alterna a forma plena *ūu* coa apocopada *un* e isto debeu condiciona-la aparición de variantes fonéticas e gráficas» (1987: 457), e (ii) que para R. Mariño / X. Varela «é probable que xa daquela en moi contados casos se xerase unha nasal velar intervocálica, seguramente áinda sen o reforzo dunha oclusiva velar que nalgúns palabaras aparecería máis tarde (*ŪNA* > *ūa*, NEC-ŪNA > *nēbua* (TC), *nēbūa* (TC, GE, CT, HT, MS), *nebūa* (CSM, TC, GE, CT, HT)» (2000: 221). Nisto reafírmase posteriormente R. Mariño (2002: 110).

No exemplo *bona* (121b) temos a representación da nasalidade da vogal /õ/ mediante a consoante <n> (non debe de ser casualidade que se atope nunha cantiga da autoría de Pero Garcia Burgalês, autor de orixe non galego-portuguesa). En § 2.1. xa se apuntou o estraño comportamento grafemático de <n>, pois é o único grafema de *A* que se relaciona con máis de dous fonemas. No caso de *engānar* (90a) e *quēn* (139a) a combinación do til coa consoante interpretámola como variante do fonema nasal alveo-velar e incluímolo no consonantismo (cf. *supra* cos comentarios de, entre outros, R. Lorenzo).

En *uēela* (184a) (infinitivo *ueer* e clítico feminino de CD) documéntase un posible caso de til ultracorrecto sen valor nasal (cf. R. Mariño 2002: 81)³⁷. É esta unha opción excepcional en *A* tanto en termos absolutos coma relativos pois, fronte á representación da forma deste infinitivo sen til, só supón un 0,6%.

36. M.^a Ana Ramos interprétao como castelanismo (cf. 1994: 46).

37. Tamén se pode considerar un caso de nasalidade hiática analóxica (non etimolóxica).

Para finalizarmos esta sección achegámonos a algúns outros exemplos concretos. O caso de *mūi* (89b, Roi Queimado), con til no <u>, sospeitamos que cómpre interpretalo como un descoido e non como posible nasalización progresiva por mor da nasal explosiva inicial porque (i) é o único exemplo fronte a 202 casos de *mut*; (ii) ningunha das formas como *mut(a/o/s)*, *muyt(a/o/s)* presenta til; (iii) en xeral non hai, fóra deste, nin un só exemplo de ditongo plano [palatal / velar] que leve til; (iv) na fin da columna anterior do folio 89a hai un *a mī* case no inicio do verso e, cinco versos máis abaixo de *a mūi*, localízase un novo verso que comeza tamén con *a mī* que poderían actuar como reclamo gráfico que guiou o descoido do copista; (v) ó analizar en detalle a realización material de *mūi* compróbase que despois do <m> hai tres astís verticais paralelos que, no seu remate inferior con lixeira curva cara á dereita, xuntan, non as esperables (como todo <u>) primeira e segunda, senón a segunda e a terceira; a segunda queda illada das outras dúas cun claro espazo en branco (a xeito de <i>); (vi) sobre dese primeiro astil vertical, cruzando o til, hai unha especie de plica semellante ás que adoita haber, contextualmente, sobre do <i>, o que pode querer dicir que o copista interpretou a cadea gráfica como <mu-i> e non como <mu-i>; finalmente, non está de máis indicar que a propósito deste verso explica Carter que «a notation is deleted in right margin» (1941: 16, n. 1). Todo o anterior fainos sospeitar que a forma que debemos ler é *mui* e que a presenza do til se xustifica por un descoido no proceso de copia rectificado parcialmente no mesmo momento da copia.

En 145a localízase a forma posesiva *mīna*, único exemplo que temos fronte a 462 ocorrencias de *mīa* (na propia cantiga hai outros dous posesivos coa forma *mīa*). Non está en posición de rima e, para a presenza do til, poderíase pensar nun descoido³⁸ que repetise a estrutura inmediatamente precedente no verso *ca nō faz a mī a mīna mellor* (o subliñado é noso) mais isto xustificaría unha forma *mīa* (variante que, canda a *mina*, tampouco se documenta en A) pero non a inclusión do <n>; tampouco se podería explicar pensando nunha hipotética variante de *mī* con nasal final (*mīn*), porque esta non se rexistra no cancioneiro (en 145a hai, de feito, dous exemplos de *mī* e tres de *min*). O que si se documenta é <-īn-> con valor de nasal palatal (cf. *adeuīnar* 100b ou *deuīnar* 193a) e como, ademais, hai en 205a un inequívoco exemplo *minnas*, coidamos que está fóra de toda dúvida a lectura da combinación <n> neste exemplo do posesivo como /jv/³⁹.

38. Nun fragmento no que non hai nin emendas, nin raspaduras, nin borranchos.

39. Cf. R. Mariño (2002: 107) que constrúe unha argumentación neste mesmo sentido para exemplos con <īa> procedentes das *Cantigas de Santa María*.

A continuación ímonos centrar noutros cinco exemplos do cancioneiro: *e trāyaria* (144a), *e trajar* (144a), *trāya e* (193b), *e trajara* (246b) e *e -traydade* (166b)⁴⁰. Como se aprecia de inmediato, os catro primeiros pertençen ó paradigma do verbo *e trajar* e o cuarto é un substantivo da mesma familia léxica. En *A* non documentamos nin o adjectivo nin o verbo coas variantes *e trann-* ou *e trān-*, representantes prototípicas de /ɲ/ (tamén forma galega documentada dende o s. XIII). O interese da análise destas formas radica na interpretación fonolóxica da grafía <([~])y>: ¿é un representante atípico en *A* da nasal palatal —fóra destes exemplos non se documenta no noso cancioneiro ningún outro exemplo con este posible valor,— ou é máis ben un alógrafo da vogal palatal pechada con valor de glide? Ó exemplo *e -trajara* (246b) refírese M.^a Ana Ramos como «forma lingüística singular» (1994: 44) aínda que ela mesma recoñece, referíndose ó fragmento considerado, que «embora não seja incomum no Cancioneiro, adquiere importancia no conjunto das irregularidades» (1994: 44).

Lembremos, con M. Ferreiro, que o galego medieval é «con certa frecuencia» (1995: 173) permeable á lenición de /n/ tamén cando vai seguido de iode. Xa R. Lorenzo (1977, *s.v. estrano*) subliñou que «la forma medieval *estraio*» (en exemplos como *estrāyo*, *estraya* ou *estraia* entre outros) aparece moi documentada «en textos de los ss. XIII-XIV (espec. gallegos)». Fernando Tato (1999, *s.v. testimoyo*) insiste tamén en que en exemplos deste tipo (*testimoyo*, *estrayo*, *juyo*, *comoyon*) «anormalmente o grupo *nj* non dá unha consoante palatal, senón que se perde o *n* como se fose intervocálico» e mais en que non son poucos os exemplos desta forma no período medieval. R. Mariño (2002: 91) fala de que, en posición tónica, nalgúns palabras consagrouse «a desnasalización completa e xeneralizada das vocais iniciais dos seguintes hiatos» e, entre outros exemplos, fornece o seguinte: /ñao/ EX-TRANEU > *estrāyo* (CSM) > *estrayo* (GE, HT...).

A propósito desta dupla interpretación en casos como *e trajā* / *e traya* R. Lorenzo (1987: 477) explica:

Para mim é innecesario pensar nunha dobre solución para as mesmas palabras. Se admitimos que se perdeu o -N- intervocálico nestes semicultismos, o resultado primitivo ten que ter vocal nasalizada e despois desnasalización: *estraŷa* > *estraya*, (...). Polo tanto, é difícil que *y* ou *i* con til sexan representacións gráficas de /ñ/.

40. Os dous primeiros pertencen a Roi Queimado, o terceiro é de Fernan Gonçalvez de Seabra, o cuarto de Vasco Rodriguez de Calvelo e o quinto de Johan Soarez Coelho. Obsérvese que é moi probable que os catro autores sexan orixinarios de terras ó sur do Miño.

Para a prosa notarial C. de Azevedo Maia comenta que os exemplos coa grafía <ȝ> (do tipo *e traȝa* de 1318) «é muito provável que representem» (1986: 489) o fonema nasal palatal. Porén, a mesma autora sinala que en exemplos como *extraya* (1262) ou *e traya* (1269) «palavras de carácter erudito ou semi-erudito [...] não se realizou a palatalização, tendo-se, pelo contrário, perdido *n* como acontece em posição intervocálica» (1986: 624), de aí que para a autora portuguesa exemplos coma estes representan «formas vivas da linguagem da época» (1986: 494). A autora lusitana subliña tamén que nos documentos galegos, fronte ós portugueses, «não só são mais numerosas as formas encontradas, como esse mesmo tratamento atingiu formas provenientes de outros étimos» (1986: 624)⁴¹.

Non podemos deixar de sinalar tamén, por especialisimamente relevante, cal é a situación nas CSM. Polo que se refire ás opcións gráficas para representar este adxectivo *estrano* hai unha dupla posibilidade: <nn> (76,9%) ou <ȝ> (23,1%). Na cantiga 366 *estrāya* rima con *companna*, na 386 *estrāya* rima con *Bretan[n]la* e na cantiga 2 *estrāyo* rima con *ēayo* (as outras ocorrencias son *estrāyo* na cantiga 25, *estrāya* na 52 e mais na 243). A falta de comprobarmos o terceiro dos exemplos mencionados na oración anterior, a posición de rima obriga a interpretar <ȝ> inequivocamente como nasal palatal.

Sabemos, pois, que, á vista do carácter non patrimonial das voces, ningunha das dúas opcións ([eſtrajol] - [eſtrajo]) é descartable. Mais, cal delas, se non as dúas, é a que está a reflectir *A*? Coidamos que para responder atinadadamente esta cuestión precisamos afondar especificamente no coñecemento da historia destas formas tanto en *A* coma noutras fontes. Nestes momentos tal obxectivo excede as nosas posibilidades e, polo tanto, queda pendente para outra ocasión. A situación reclama prudencia e, sendo o noso un traballo de presentación xeral, debemos tomar decisións xeneralistas. Por iso, e únicamente a efectos estatísticos, asociamos provisionalmente <ȝ> ó valor consonántico (/j/).

2.1.2. Os grafemas e alógrafos consonánticos

No eido consonántico contabilizamos en total 7605 formas (con praticamente setenta e unha mil setecentas cincuenta ocorrencias). No cadro número dezaito pódese apreciar a repartición porcentual dende a perspectiva fonolóxica:

41. Clarinda Maia observa este mesmo resultado noutras voces eruditas: TESTIMONIUM>*te temoyo* ..., JUNIUM>*Juyo*... En cambio para as voces patrimoniais só sinala a existencia de consoante nasal palatal, mesmo nos casos nos que non hai til: «Há também alguns casos esporádicos em que a nasal palatal não aparece representada na grafia. É o caso que sucede com *uia* ‘vinha’, *uias*, *uiias* (1296 P 110), *uuia* (1296 P 109), *uia* (1296 P 109)» (1986: 623).

— Cadro 18 —

Unidades	Formas [Ocorrencias]	Grafemas/Alógrafos
Fonemas oclusivos [6]	35,3 [30,4]	92,4/7,6
Fonemas africados [3]	3,5 [2,5]	82,9/17,1
Fonemas fricativos [6]	22,2 [21,8]	70,9/29,1
Fonemas líquidos [4]	21,3 [20,2]	97,5/2,5
Fonemas nasais [3]	17,7 [25,1]	83,4/16,6

En primeiro lugar, son os seis fonemas oclusivos os que posúen algo máis da terceira parte do total; en segunda posición por número de formas (non así no de ocorrencias, que ocupan os nasais) sitúanse os fonemas fricativos; a curta distancia, están os catro líquidos; os nasais, a pesar de seren só tres, sitúanse no cuarto lugar non moi afastados dos anteriores; en último termo e moi lonxe das outras series están os tres fonemas africados, que non pasan do 3,5% de formas (2,5% de todas as ocorrencias consonánticas). Polo que se refire á escolla gráfica por medio de grafemas ou alógrafos, obsérvalse que son os fonemas líquidos os que posúen maior porcentaxe de representación grafemática; en segundo lugar sitúanse os oclusivos, que tamén superan a barreira do 90%; na franxa do 80% de preferencia polo grafema sitúanse os africados e os nasais; finalmente, os fonemas fricativos sitúan a representación grafemática un pouco por riba do 70%.

A continuación aproximámonos á distribución en *A* das grafías consonánticas (con independencia do(s) fonema(s) que representen e do seu carácter grafemático ou alográfico):

— Cadro 19 —

<Unidades>	Formas [Ocorrencias]	
<r> 16,8 [15,2]	<> 2,6 [3,1]	<nn> 0,7 [0,7]
<d> 12,3 [8,8]	<> 2,2 [2,1]	<>> 0,6 [0,3]
<n> 9,8 [13,3]	<> 2 [1,2]	<gu> 0,6 [0,2]
<> 7,5 [5,3]	<> 1,9 [1,3]	<q> 0,5 [0,7]
<> 7,3 [6,7]	<> 1,5 [0,7]	<ch> 0,4 [0,1]
<m> 5,1 [9,3]	<qu> 1,4 [3,8]	<ff> 0,3 [0,2]
<p> 5 [4,9]	<> 1,4 [1,8]	<n> 0,2 [0,5]
<u> 4,9 [5,4]	<z> 1,1 [1,6]	<uu> 0,1 [0] ⁴²
<c> 4,2 [3,4]	<ll> 1,1 [1,4]	<ñ> 0,1 [0] ⁴³
<>> 3,7 [4,9]	<rr> 0,9 [0,5]	<tl> 0,1 [0] ⁴⁴
<g> 2,9 [1,8]	<> 0,8 [0,8]	<cc> 0 [0] ⁴⁵

42. Hai dez ocorrencias.
43. Posúe vinte e dous ocorrencias.
44. Documéntanse cinco ocorrencias.
45. En realidade son dúas formas con tres ocorrencias.

Soamente hai dúas grafías que pasen do 10%: <d> e, como grafía máis rendible coa sexta parte do total, <r>; outras cinco grafías, todas simples, abranguen entre o 9,8 e o 5% das formas (de maior a menor presenza: <n, t, m, p>); <u, c, s> amosan tamén unha certa rendibilidade (que oscila entre o 4,9 e o 3,7%); ningunha outra grafía alcanza xa o 3% e, entre as simples, as menos produtivas son <i, x, q>. Polo que se refire ás grafías complexas, non alcanzan valores significativos, pois mesmo entre todas elas non chegan ó 10% (exactamente o 9,8%), o que dá unha media de 0,75% por cada unha (fronte ó 4,7% de media nas simples); así a todo son catro as que exceden do 1% (sen pasar nunca, en todo caso, do 2%): <, ~, qu, ll>. De enfocarmos os resultados dende a perspectiva das ocorrencias obsérvase que hai algúns caso especialmente produtivo: <qu> posúe poucas formas mais algunhas de las repítense moito (co que case triplica a súa presenza) e, entre as simples, <m> e <n> experimentan un notable aumento fronte á diminución bastante marcada de <c>, <x>, <d> ou mesmo <t>.

Para concluírmos esta presentación de conxunto ofrecemos en cadro a distribución grafémica/alográfica das distintas grafías consonánticas de *A*:

—Cadro 20—

Unidade	Grafema	Alógrafo(s)
/p/	<p> 100	
/b/	 100	
/t/	<d> 99,1 [99,9]	<l> 0,9 [0,1]
/d/	<d> 100	
/k/	<c> 65,5 [42,7] ⁴⁶	<qu 25 [48,6] ⁴⁷ , q 9,1 [8,6], cc 0,4 [0,1]>
/g/	<g> 80,6 [86,8]	<gu> 19,4 [13,2]
/ts/	<c> 73,2 [89,2]	<c 18,8 [7,8], z 2,7 [1,4], ç 3,3[1,2], c 1,3[0,3], ç 0,7[0,1]>
/dz/	<z> 95,3 [99,6]	<c 3,5 [0,4], s 1,2 [0]> ⁴⁸
/tʃ/	<ch> 94,3 [88,9]	<> 5,7 [11,1]
/β-v/	<u> 97,7 [99,7]	<uu 2,1 [0,3], b 0,2 [0]> ⁴⁹
/f/	<d> 88,6 [89,8]	<ff> 11,4 [10,2]
/s/	< > 49,9 [48,3]	< 16,7 [10,2], s 33,4 [41,5]>
/z/	< > 90,5 [95,3]	< 8,2 [4,4], s 1,3 [0,3]
/ʃ/	<> 100	
/ʒ/	<d> 69,3 [76,4]	<g 29,6 [23,3], x 1,1 [0,3]>
/m/	<m> 100	
/n/	<n> 79,1 [89,7]	< 15,1 [8,8], m 5,5 [1,5], ~n 0,2 [0] ⁵⁰ , nn 0,1 [0]>
/ŋ/	<nn> 58,1 [59]	<n 20,9 [35,9], n 9,3 [2,3], ñ 7 [2,4], (ñ)y 4,7 [0,4]>
/r/	<r> 100	
/l/	<r> 68,4 [46,2]	<r> 31,6 [53,8]
/v/	<l> 96,9 [99,7]	<l> 3,1 [0,3]
/ʎ/	<l> 93,1 [99,4]	<l> 6,9 [0,6]

46. Excluímos do cómputo as dez ocorrencias de <c> (en catro formas) sen valor fonético (cf. § 2.1).

47. As formas parcialmente abreviadas de <qu> (seguido de <e, i>) incluiríronse entre as abreviaturas de *A* (cf. § 4).

48. En realidade hai un exemplo.

49. Realmente hai un exemplo.

50. Son douce exemplos e o seguinte, de <nn>, un.

Dos vinte e dous fonemas consonánticos, seis (27,3%) non presentan alografía (/p, b, d, f, m, r/). O resto dos fonemas presentan, ademais dun grafema, un alógrafo (/tʃ, t, g, f, r, l, ʎ/) (31,8%), dous (/dz, β-v, s, z, ʒ/) (22,7%), tres (/k/) (4,55%), catro (/n, ɲ/) (9,1%) ou cinco (/ts/) (4,55%). Entre os grafemas concorridos por un só alógrafo, unicamente un (<r> de /r/) alcanza unha cifra importante, o 31,6%; <gu> e <ff> sitúanse entre o 10 e o 20% e nos outros catro a porcentaxe do alógrafo nunca chega ó 7%. Dos cinco casos con dous alógrafos, hai unha parella que contén un alógrafo razoablemente produtivo e outro moi pouco rendible (<g, x>); porén hai catro parellas que se afastan da distribución anterior: en tres casos os dous alógrafos son escasamente rendibles (<uu, b>, < , s> [=z/] e <ç, s>), no outro (< , s> [=s/]) ambos os alógrafos amosan unha rendibilidade nada desprezable: 16,7 e 33,4%, respectivamente (en calquera caso lonxe do 49,9% que posúe o grafema). Son tres os alógrafos de /k/: unicamente o primeiro deles, <qu>, é produtivo, coa cuarta parte dos exemplos; o segundo só o é relativamente e o terceiro é excepcional (<q> 9,1% e <cc> 0,4%, respectivamente). Nas dúas oportunidades en que son catro os alógrafos existentes a casuística é a seguinte: con /n/ só un deles é especialmente produtivo (<> co 15,1%), outro é escasamente rendible (<m> co 5,6%) e os outros dous son completamente excepcionais (<ñ, nn> ambos na órbita do 0,1%); con /ɲ/ só hai un alógrafo produtivo (<ñ> con algo máis da quinta parte das formas pero con más da terceira parte das ocorrencias), e os outros tres (<n, ñ, ʎ>), aínda que son algo rendibles no plano das formas non o son en absoluto por número de ocorrencias. No caso de alografía quíntupla só un dos alógrafos amosa unhas porcentaxes de uso relevantes (<c> con case a quinta parte das formas); fronte a el, os outros catro alógrafos <z, ç, c, ʒ> sitúanse no ámbito da excepcionalidade. Emporiso cómpre verificar a rendibilidade real dos alógrafos tendo en conta a posible distribución complementaria que exista entre eles. Será o que fagamos nas seguintes páxinas.

(A) Consoantes oclusivas

Como xa se adiantou no capítulo inicial, os grafemas que representan os fonemas oclusivos en *A* son <b, c, d, g, p, t>. Ós anteriores engádese unha serie de alógrafos, quer simples (<q>), quer complexos homorgánicos — e minados e non xeminados — (<cc, tt; gu, qu>). Suman 2683 formas e máis de vinte e unha mil oitocentas ocorrencias. O fonema /d/ é o que máis se detecta, con 935 formas, seguido a bastante distancia de /t/ (con 579) e, no rango das 450/350 están /k/ e /p/. Os menos documentados son /g/, con case 250, e /b/ con pouco máis de cen formas.

As dúas oclusivas labiais presentan en todos os contextos unha única representación — <p> atópase en posición inicial (non agrupa-

da: *pagaua* 1, *pauor* 51, *pedir* 5, *penar* 2, *perden* 1, *pode* 27, *pois* 232, *pun-narei* 1...; ou como primeiro membro dun grupo consonántico homosilábico: *praz* 1, *prender* 11, *prol* 13, *pran* 38, *prazia* 1, *pregunta* 2, *preito* 4, *pre o* 1, *primeiro* 3, *primero* 1, *primeyro* 1, *prouarei* 1...), posconsonántica (non agrupada: *ampararei* 1, *corpo* 3, *culpa* 6, *de ampare* 1, *de pois* 2, *e pedi* 1, *tempo* 4...; ou iniciando un grupo consonántico homosilábico: *comprida* 1, *de praz* 1, *épre* 2, *empre* 38...) e intervocálica (non agrupada: *apo to* 2, *de&pois* 8, *e capara* 1...; ou agrupada como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico: *aprendeu* 1, *aprouguer* 1...). Pola súa banda, rexístrase en posición inicial (non agrupada: *baratara* 2, *bē* 25, *ben* 720, *bon* 63, *bu car* 10...; ou agrupada como primeiro membro dun grupo consonántico homosilábico: *branca* 1, *brauo* 1), posconsonántica⁵¹ (non agrupada: *ambos* 2, *cambiar* 1...; ou agrupada no inicio dun grupo consonántico homosilábico: *nébrar* 3, *nembra* 1, *nenbrou* 1...) e intervocálica (non agrupada: *acabar* 5, *adubad'* 1, *cabe* 1, *abe* 29, *aberia* 3, *abor* 71, *oube* 16, *trobador* 3, *trobey* 1...; ou agrupada como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico: *cobrado* 1, *de cobrir* 1, *obridado* 1, *obre* 11...).

Das dentais, /t/, representado maioritariamente polo grafema <t>, coñece tamén outra opción a través do alógrafo xeminado <tt>. Catro delas son variantes da mesma voz, *attender*, (*attend'* 144a, *attenderia* 144a, *attendi* 143a, *attendo* 225b) e a outra, *quantas* (157a), aparece segmentada en dúas liñas distintas (*quant/tas*), o que fai posible unha explicación da xeminación en termos de descoido inducido polo cambio de liña. <t> documéntase en posición inicial tanto non agrupada (*tal* 135, *tallada* 2, *tamanna* 6, *tanto* 49, *tardar* 1, *teen* 4, *temer* 8, *ten* 80, *terra* 14, *toda* 8, *toller* 15, *tormenta* 1, *tornar* 3, *torto* 8...), coma agrupada, conformando o grupo consonántico homosilábico canda a líquida vibrante (*tras* 1, *traedor* 3, *trage* 3, *tri te* 4, *trobador* 3, *trobar* 8...); a posición máis rendible é a posconsonántica non agrupada (*ante* 36, *apo to* 2, *aque to* 5, *atanto* 9, *auêturar* 1, *cantar* 6, *ca tigar* 1, *cor-te* 1, *cu tar* 2, *ementar* 1, *endeante* 1, *entender* 18, *e ta* 56, *e teuer* 2, *feze tes* 4, *forte* 6, *leuâtey* 1, *mentir* 6, *me ter* 21, *morte* 90, *partir* 5, *partir* 43, *preguntar* 11, *quantas* 2, *quantas* 45, *anta* 2, *tanto* 50, *tantos* 1, *torto* 8...); e tamén en posición posconsonántica agrupada, como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico (sempre <tr>): *amo trar* 2, *côtra* 1, *contra* 25, *e trado* 1, (*Mentre* 1, *mo trar* 19, *no tro* 30, *ontre* 1...); a posición inter-

51. Con validez para este epígrafe e para os seguintes do mesmo teor, consideramos tamén neste contexto os casos de <x> onde x representa ‘vocal’— con valor fonético de consoante implosiva.

vocálica tampouco é allea a <t>, quer non agrupada: *a cuitar* 1, *ata* 2, *atêder* 1, *baratara* 2, *catade* 1, *catiuo* 11, (*C*)*oita* 1, *coitas* 28, *coitada* 1, *coya* 52, *cuita* 48, *dereito* 12, *matar* 41, *meter* 1, *muitas* 6, *preito* 4, *quitey* 1, *quitou* 3, *tolleito* 1...; quer intervocálica como primeiro elemento dun grupo consonántico homosílábico (<tr>): *atreuia* 2, *outra* 8, *outras* 27, *outro* 43, *retraya* 1... Por último, non debemos esquecer as dezanove ocorrencias da forma *et*, grafía claramente latinizante que carece de respaldo fónico para o grafe-ma en posición implosiva final.

Polo que se refire a <d>, cómpre realizar unha precisión. No estado actual da edición de *A* de Mariña Arbor⁵² non se diferencia entre “d unctional” (<ð>) e “d recto” (<d>). No presente traballo tampouco temos en conta esta diferenciación porque, ademais, a base para a súa distribución é de natureza paleográfica: é un condicionamento contextual consonte as grafías contiguas (cf. *infra* con <r>). Explícase moi ben M.^a Ana Ramos ó sinalar que os usos dun ou doutro tipo se basean «na regra formulada por W. Meyer. Com haste inclinada para a esquerda quando está seguido de <a>, <o>, <e> e <2=r>. Com haste vertical quando está seguido de <i> e <u>» (1994: 40). No noso cancioneiro esta regra «cumpre-se com regularidade consistente» (1994: 40), salvo nalgúnsas excepcións.

A distribución de <d>, tendo en conta a posición que ocupa, é a seguinte: posición inicial non agrupada (*dā* 1, *dar* 52, *defender* 6, *demo* 4, *de acordar* 1, *de cobrir* 1, *de eiар* 25, *deus* 195, *dia* 95, *direi* 96, *dixe* 27, *doer* 10, *dona* 96, *doo* 15, *dormir* 13, *duas* 1, *durar* 1...); posconsonántica non agrupada (sobre todo tras nasal e vibrante, áinda que tamén hai casos tras <l> ou <:>: *âdar* 1, *acordo* 1, *aguardando* 1, *amando* 1, *andar* 27, *atêder* 1, *atendo* 1, (*A*)*ynda* 2, *catando* 2, *defender* 6, *de den* 4, *de eiâdo* 2, *endurar* 3, *entender* 18, *enxerdados* 1, *fordes* 2, *galardon* 1, *guardar* 40, *maldade* 1, *maldito* 1, *mûdo* 25, *mundo* 75, *perder* 26, *perder* 33, *punnando* 1, *qui erdes* 2, *eendo* 1, *tarde* 1, *uiuêdo* 1...); intervocálica non agrupada (*a&iuñado* 1, *achegado* 2, *aduzer* 1, *amada* 5, *auede* 1, *cada* 9, *ed o* 17, *coitado* 25, *crede* 7, (*C*)*Uidades* 1, *cuidado* 6, *doede* 3, *enbaratado* 1, *entendedor* 1, *faç des* 7, *fazedes* 24, *ferida* 2, *grado* 4, *gradeç* 1, *grado* 27, *guarda* 1, *leyxades* 6, *loada* 1, *mallada* 2, *medo* 9, *mudo* 1, *oyredes* 1, *pedir* 5, *poden* 10, *podia* 19, *quedo* 1, *abedoria* 1, *eruidor* 1, *toda* 8, *traedor* 3, *trobador* 3, *uerdade* 2, *ueede* 2, *uida* 4...); en posición intervocálica como primeiro elemento do grupo consonántico homosílábico <dr> só se documenta en tres formas: *madre* 1, *pedras* 1, *podria* 1 (evidente castelanismo nunha cantiga de Roi Queimado [149al]). Finalmente, rexístrase tamén nun único exemplo en posi-

52. A versión que empregamos non é ainda a definitiva.

ción implosiva medial, *iudga* (217a), que M.^a Ana Ramos analiza como castelanismo (1994: 45). É moi probable que se trate dunha grafía foneticamente vouga que se xustifica como vestixio gráfico dos hábitos da escrita latina, na que se conserva por tratarse dunha voz semiculta.

Concluímos coas consoantes oclusivas achegándomonos ás dúas velares, /k/ e /g/. Lembremos que son catro as grafías, simples ou compostas, que representan en *A* —on presenza desigual— o primeiro dos fonemas devanditos. En primeiro lugar, a meirande parte dos exemplos de <c>, como grafema de /k/, rexístranse na posición inicial non agrupada (*ca* 451, *cabo* 2, *calar* 3, *ca as* 6, *catade* 1, *catiuo* 11, *cô* 27, *cô ello* 2, *cobrar* 1, *coida* 1, *coitas* 28, *como* 93, *confonda* 3, *connoçer* 3, *con ellar* 4, *contar* 3, *corpo* 3, *corte* 1, *cou a* 26, *cuidado* 6, *cuita* 48, *cu tar* 2, *cuydou* 2...). Documéntanse tamén exemplos de <c> con valor de /k/ en posición inicial como primeiro elemento dun grupo consonántico homosílábico (sempre con vibrante: *creades* 2, *creçera* 1, *creer* 23, *creo* 4...). Na posición posconsonántica non agrupada <c> tamén vehicula este valor (*a conder* 1, *a cuitar* 1, *branca* 1, *bu-car* 10, *cô&uu co* 1, *conuu co* 3, *de cobrir* 1, *e coller* 2, *e contra* 2, (*Nunca* 4, *núca* 25, *uo co* 5...)). En posición posconsonántica, formando parte, como primeiro elemento, dun grupo consonántico homosílábico, soamente se documentan os casos de *mezbra* 2 e *mezclar* 1. A última das posicións en que se rexistra é a intervocálica non agrupada (*acabar* 5, *acomend'* 1, *acordo* 1, *de acon ellado* 3, *ficar* 3, *louco* 1, *macar* 3, *pouco* 18, *recado* 2, *acade* 1...).

Polo que se refire ós alógrafos de /k/, só hai tres ocorrencias de <cc>, todas en posición intervocálica non agrupada, e en dúas voces da mesma familia léxica: *peccado* (98a, 154b) e *peccador* (212a). En ambas as dúas unidades a opción con <c> é maioritaria, pois son doce os exemplos de *pecado* (alén de *pec&ad'* e *pecados*, con cadansúa ocorrencia) e tres os de *pecador*. Non temos dúbida da importancia do peso da tradición latina na explicación destas formas.

Para concluírmos co achegamento ós alógrafos, fáltannos dúas grafías, <qu> e <q>, que só coñecen o valor /k/. Estamos a falar de 110 e 40 formas (con 2703 e 476 ocorrencias), respectivamente. A segunda coñece en exclusiva un contexto: o que precede a <ua>⁵³. Atopamos esta grafía —sempre non agrupada— en posición inicial (*qua* 2, *quâtas* 6, *quaes* 2, *qual* 107, *quan* 6, *quando* 52, *quanta* 3, *quanto* 73...), en posición posconsonántica (todas son variantes da mesma forma léxica, *enquanto*: *en&quâto* 1, *enquât'* 1, *enquant'* 6, *enquanto* 2...) e, por último, en posición intervocálica: *aquant'* 2.

53. Neste sentido cómpre lembrar que non se documenta en *A* ningún indicio de monotongación (*ca-*, *qa-*...).

Pola súa banda, o alógrafo complexo <qu> coñece un contexto prototípico no cal, ademais, é a única posibilidade gráfica: diante das vogais <e> ou <i>. Porén, poderíamos pensar que exemplos como *fiqu[o]* (113a) ou *pouqu[o]* (131b, 205b, 205b) constitúen unha excepción: non é así porque a apócope desas vogais átonas finais por fonética sintáctica fai que nas catro ocorrencias anteriores a vogal que queda en contacto con <qu> sexa sempre <e> (por exemplo, *fiqu/end'* [113a]). Das 110 formas con <qu> hai un 68,2% que van seguidas da vogal <e> (2453 ocorrencias) e o resto preceden a vogal <i> (250 ocorrencias). Son tres os contextos en que adoitan aparecer *sem pre* non agrupadas— en primeiro lugar, o máis común é que ocupen posición inicial (*que* 1712, *quẽ* 13, *quebrata* 1, *queirades* 1, *queixa* 1, *queixou* 1, *quen* 120, *querer* 64, *querria* 55, *quexume* 1, *queyxar* 2...; *quis* 45, *quige* 4, *qui er* 31, *quitar* 30, *quita e* 1, *quitey* 3, *quix* 1...); a continuación atópanse en posición intervocálica (*aquel* 17, *aquelas* 2, *aquend'* 1, *aque ta* 7, *aque to* 35, *fiquei* 5...; *a&qui* 8, *aqui* 39...) e, finalmente, tamén se rexistran en posición posconsonántica (*bu quei* 2, *conuo que* 1, (*P*)orque 3...; *me quinn'* 1).

No cadro vinte e un recapitulamos a distribución dos grafemas e alógrafos de /k/ consonte o contexto e a posición que ocupan. Nel pódese apreciar a exactitude milimétrica con que tres grafías, <c, qu, q>, reparten complementariamente catro contextos básicos:

—Cadro 21—⁵⁴

%	InA	PnA	IntnA	InA	PnA	IntnA	InA	PnA	IntnA	IA	PA
	+a,o,u	+a,o,u	+a,o,u	+e,i	+e,i	+e,i	+ua	+ua	+ua	+r	+r
<c> ⁵⁵	70/100	14/100	10/94							5/100	1/100
	[80/100]	[15/100]	[3/96]							[2/100]	[0/100] ⁵⁶
<qu>				70/100	7/100	23/100					
				[93/100]	[1/100]	[6/100]					
<q>							78/100	20/100	2/100		
							[94/100]	[6/100]	[0/100] ⁵⁷		
<cc>				100/6							
				[100/4]							

[InA: Inicial non agrupada; IA: Inicial agrupada; PnA: Posconsonántica non agrupada; PA: Posconsonántica agrupada; IntnA: Intervocálica non agrupada]

54. Neste cadro, e nos que repiten este mesmo esquema, establecemos nas porcentaxes un redondeo sen decimais.
55. Para os casos de <c> sen valor fonético, cf. § 2.1.
56. Son tres ocorrencias.
57. Realmente son tres as ocorrencias.

O grafema <g>, como representante prototípico de /g/, rexístrase nas seguintes posicións:

(a) Explosiva inicial: non agrupada precedendo a <a> ou <ã> (*gaanney* 1, *gata* 1, *garçia* 1, *gãar* 2...) e a <ua> (*guardar* 5, *gualrria* 1, *guardar* 40, *guardar* 4, *guardey* 2, *guarecer* 8, *guardia* 2, *guardida* 1, *guardirdes* 2, *guardria* 2...); ou agrupada formando grupo consonántico homosilábico con <r> (*gra-^do* 4, *grande* 2, *graue* 1, *grã* 8, *graç* 2, *gradeer* 6, *grado* 27, *grande* 7, *graeue* 21...).

(b) Intervocálica: non agrupada diante de <a> (*achegado* 2, *câtiga* 1, *castigar* 1, *chegar* 2, *despagado* 1, *diga* 6, *logar* 18, *nega* 3, *negarei* 1, *pagaua* 1, *rogador* 2, *rogasse* 1, *uagar* 1...), de <u> (*pregútar* 1, *pregunta* 2, *preguntador* 1, *preguntou* 1, *egund'* 1, *egundo* 2, *eguramente* 1...), de <ua> (*aguardando* 1) ou de <o> (*agora* 26, *amigos* 47, *rogo* 11, *igo* 1...); ou agrupada no grupo consonántico homosilábico con <r> (*agradeer* 2, *alegrar* 2, *iograria* 1...).

(c) Posconsonántica (non agrupada): precedendo a <a> s— obre todo tras <n>— (*alongado* 1, *alongar* 4, *enganar* 2, *longa* 1, *uingaria* 1, *delgado* 1...), a <u> ou <ã> sem pre tras <l>— (*algúia* 16, *algun* 13, *(A)lgun* 1...) ou a <ua> (*míguia* 1, *mingua* 3...).

De nos centrarmos en <gu>, cómpre subliñar que nas tres posicións básicas sempre precede ou a <e> ou a <i>:

(a) Explosiva inicial (non agrupada): diante de <e> (*guerra* 1, *guerreiar* 1) pero sobre todo <i> (*guiomar* 4, *gui a* 15, *gui as* 1, *gui ado* 3, *gui ar* 4, *gui ou* 3, *gui a* 10...).

(b) Intervocálica (non agrupada): precedendo a <e> (*aprrouquer* 1, *neguei* 8, *nogueyra* 2, *prouquer* 12, *paguey* 1, *roguei* 7...) ou a <i> (*agui ado* 2, *agui ar* 1...).

(c) Posconsonántica (non agrupada): diante de <e> (*alguen* 30, *uinguey* 1...) ou <i> (*de gui a* 1, *de gui ado* 1...).

Para concluírmos este punto convén sinalar que só atopamos en *A* un exemplo de monotongación na secuencia <gua>, *galardon* (247a), pero que aparece a carón da forma sen monotongar, que se documenta dousas páxinas máis adiante no mesmo caderno e, posiblemente, no mesmo ciclo (Anónimo VI): *gualardon* (249a)⁵⁸.

De xeito paralelo ó visto no cadro vinte e un, o cadro vinte e dous reflicte a perfecta distribución complementaria existente entre <g>, que precede as vogais <a, o, u>, o ditongo <ua> e mais a consoante <r>, e <gu>, que se limita na súa combinatoria a <e, i>:

58. A propósito do exemplo *guaruaya* (95b) e da súa lectura como [gar-] ou [gwar-] pódese consultar o traballo de Mariño / Varela (2005: 371-372).

—*Cadro 22*—⁵⁹

%	InA	PnA	IntnA	InA	PnA	IntnA	InA	PnA	IntnA	IA	PA
	+a,o,u	+a,o,u	+a,o,u	+e,i	+e,i	+e,i	+ua	+ua	+ua	+r	+r
<g>	4/100	19/100	40/100				18/100	2/100	0/100	2/100	15/100
	[1/100]	[7/100]	[34/100]				[11/100]	[1/100]	[0/100] ⁶⁰	[1/100]	[45/100]
<gu>				35/100	16/100	49/100					
				[35/100]	[27/100]	[38/100]					

[InA: Inicial non agrupada; IA: Inicial agrupada; PnA: Posconsonántica non agrupada; PA: Posconsonántica agrupada; IntnA: Intervocálica non agrupada]

Cousa parcialmente diferente é o que acontece con aqueles casos nos que, por fonética sintáctica e apócope vocálica, <g, gu> ocupan a posición final da palabra. En primeiro lugar, a vogal átona final apocopada é case sempre <o>; as únicas excepcións son *dig'*[a] (240b), *folg'* [el] (116b) e *folgu'* [e] (238a). Os dous últimos exemplos, atribuídos a Nuno Fernandez Torneol e Fernan Padron, respectivamente, insírense en dous versos idénticos: *cô que folg' o meu coração e con que folgu' o meu coração*, tamén respectivamente⁶¹. Advírtese, xa que logo, unha duplicidade na aplicación do criterio coa mesma forma léxica: para sinalar que a realidade sónica é a da oclusiva velar seguida de [o] elíxese no primeiro caso a representación propia da realidade vocalica patente que segue á consoante (<g>), mentres que no segundo o que se fai é optar pola representación consonte a vogal apocopada [e] na fin da forma verbal en cuestión (<gu>).

A dupla escolla gráfica tamén se rexistra noutras catro unidades léxicas (en total, a duplicidade afecta ó 62,5% de formas con apócope; só se libran dela *alg'*, *amig'* e *mig'*). Certamente, a ambigüidade na interpretación do valor fonético derívase da vogal que inicia a palabra seguinte. Na procura da ausencia de ambigüidade, o esperable (cf. coa homoxeneidade vista para <c, qu, q>) sería que se botase man de <gu> se a palabra seguinte comezaba por <e, i> e que se empregase <g> diante de <a, o, u>. Pero documéntanse dous tipos de transgresión do que poderíamos chamar a norma esperable, unha moito más produtiva cá outra. Neste sentido, <gu> só vai seguido de <o> (nunca <a, u>) en *folgu'* (238a) (cf. *supra*). É moito más rendible a seguinte desviación, pois <g> non sempre precede a <a, o, u>. As parellas que amosan a vacilación son as seguintes: *digu' + <e>* (9: 86b, 91b, 97b, 166b,

59. Non se inclúen no cadro as formas con apócope, que se estudan máis abaixo.

60. Realmente hai unha forma cunha ocorrencia.

61. LP, seguindo a C. Michaëlis, iguala os dous versos en *folgu' o*.

166b, 189a, 201a, 201a, 227a) / *dig'* + <e, i> (6: 118a, 120a, 146a, 178a, 201a, 246b), *logu'* + <e> (5: 89a, 94a, 98a, 180b, 202a) / *log'* + <e> (9: 86a, 88a, 105b, 120b, 123b, 133a, 149a, 202a, 211b), *log'* + <y> (10: 97b, 120a, 121b, 122a, 127b, 151b, 151b, 185a, 223b), *rogu'* + <e> (8: 121b, 135a, 141a, 168a, 169a, 169b, 185b, 185b) / *rog'* + <e> (2: 113a, 185b), *ergu'* + <e> (3: 86a, 92b, 153a) / *erg'* + <e> (1: 125a).

No 59,5% das ocorrencias de /g/ + /ε, e/ a opción gráfica presente en *A* é <gu>; no 40,5% restante é, obviamente, <g>. De aproximarnos ós exemplos anteriores dende a óptica da distribución en cadernos de *A* obsérvase que: (i) só en catro cadernos (XI, XI^a, XIII, XIV^a) non hai ningún exemplo; (ii) en catro cadernos (VII, VII^a, IX, XII ~~n~~^{os}—dous últimos só con cadansúa ocorrencia)— unicamente hai exemplos de <gu' + e>; (iii) en dous cadernos (III, XIV) só hai exemplos de <g' + e> (un por caderno); (iv) son maioría, se te en total, os cadernos que posúen ambas as opcións (I, II, IV, V, VI, VIII, X); (v) nalgúns hai maioría de exemplos de <gu' + e> (I 71,4%, II 75%, V 66,7%, VIII 75%), noutrós <g' + e> é maioría (IV 83,3%, VI 66,7%) e no caderno X cada unha das opcións gráficas posúe tres ocorrencias. A totalidade dos exemplos (dez, todos con forma léxica *log'*) de /g/ + /i/ (<y>) presentan <g> (nos cadernos II, IV, VI, VIII e XI). O único caso de /g/ + /i/ (<i>) (*dig'* 178a) acóllese tamén a <g>.

(B) Consoantes fricativas e africadas

En § 2.1 xa se puido comprobar cales eran os grafemas que representan en *A* os fonemas consonánticos fricativos <f, , x, i, u> e africados <ç, z, ch>. Ó seu carón localízanse tamén alógrafos simples <s, g, b; c> ou complexos homorgánicos (dígrafos, xeminados ou non, e trígrafo con xeminación interna) <ff, , uu; ç, c, ç>. Para facérmonos unha idea do peso específico que posúen en *A* os distintos fonemas destas dúas series sinalaremos que en total suman 1685 formas (con máis de quince mil seiscentas ocorrencias) que se reparten do xeito seguinte: /s/ é, con moita diferenza, o máis rendible pois posúe 844 formas (con máis de oito mil catrocentas ocorrencias); moi afastados do anterior atópanse /β-v/ con 385 formas, /f/ con 185 formas, /z/ con 147 e, como primeira africada, /ts/ con 149 formas; a partir de aquí ningún outro fonema alcanza o cento de formas: entre as noventa e as oitenta están /ʒ/ e /dz/ e, por debaixo das cincuenta, /ʃ/ e /tʃ/.

Iniciamos o percorrido aproximándonos ás consoantes fricativas. Comezamos pola labiodental, /f/, que coñece prototípicamente a representación mediante <f>. Os contextos en que adoita documentarse son: en primeiro lugar a posición inicial non agrupada (*faça* 15, *faç des* 7, *falan* 1, *falar* 87, *falarei* 4, *falaua* 2, *farir* 2, *falou* 3, *faredes* 11, *farei* 41, *faz* 173, *fazè* 1, *fazedes* 23, *fazenda* 11, *fazer* 134, *fe* 56, *fea* 1, *ferida* 2, *fez* 146, *fezerô* 2, *fe-*

zo 14, *ficar* 3, *fillar* 22, *fin* 1, *fiquei* 2, *fiz* 24, *fize* 1, *fogir* 2, *foi* 11, *folia* 3, *for* 77, *fora* 10, *força* 6, *fordes* 2, *forte* 6, *fo tes* 1, *foy* 36...), en segundo termo a posición posconsonántica (tras <l, n, r, >: *alfanx'* 2, *alfaya* 1, *enfadado* 1, *confonda* 3, *e forcei* 1, *perfia* 1, *e forç* 2, *po faq r* 1...) e, xa con bastantes menos formas, a posición inicial agrupada como primeiro elemento dun grupo consonántico homosílábico en combinación con <r> (*fremo a* 112, *fremo o* 18, *freyra* 7...), a posición intervocálica non agrupada (*afon o* 4, *deféder* 1, *defender* 6, *deferenç* 1) e a posición intervocálica agrupada con <r> formando grupo consonántico homosílábico (*a&frontará* 1, *offredor* 1, *ofrer* 4, *ofri* 3...).

Pola súa banda, o alógrafo complexo <ff> amosa unha peculiaridade: a de concentrarse só nuns poucos lexemas específicos mais, con (algúns d)eles, amosando unha notable rendibilidade. Os catro lexemas distintos con que se documenta distribúense entre os seguintes exemplos: como primeiro elemento dun grupo consonántico homosílábico (con <r>) en posición intervocálica únicamente en formas co lexema *offr-*: *offra* 1, *offredor* 5, *offrendo* 3, *offrer* 81, *offrerei* 3, *offerria* 1, *offreu* 1, *offro* 12...; noutras dúas palabras sitúase en posición intervocálica non agrupada (*affan* 19, *deffender* 1...) e só nun caso aparece en posición inicial (*ffe* 5). Todas estas formas léxicas coñecen ambas as opcións <f> ou <ff>. A representación alográfica é maioritaria cos lexemas *offr-* (93,5%) e *affan* (71,4%), e é minoritaria nos outros dous (*deffend-* 22,2%, *ffe* 8,2%). Todos os cadernos rexistran ambas as grafías excepto XI^a (no que non está presente <f>), XIV e XIV^a (nos que falta <ff>). Alén dos cadernos precedentes, e de centrármonos só nas catro familias léxicas en que coexisten as dúas opcións gráficas, advírtese que, por cadernos, <ff> é maioritario no II e no XII (máis do 94%), no VI, VIII, IX e XI (entre o 77 e o 81%), no I, IV, VII e X (entre o 58 e o 66%); é minoritario no III e no XIII (coa terceira parte dos exemplos) e no V (con algo menos da quinta parte); en VII^a teñen cadansúa ocorrencia.

O fonema aproximante ou fricativo /β-v/ aparece representado maioritariamente por <u>. Unicamente se documenta en tres posicións, sempre non agrupado:

(i) Inicial: *uagar* 1, *ual* 57, *ualedes* 4, *ualla* 34, *uē* 1, *uedes* 27, *ueen* 7, *ueer* 151, *uegada* 1, *ueian* 4, *uentura* 13, *uēo* 3, *uerey* 2, *uergonna* 1, *uermella* 1, *ui* 255, *uia* 2, *uiço* 2, *uida* 4, *uijr* 1, *uingar* 3, *uiren* 4, *uiron* 8, *ui* e 21, *uiu* 39, *uiua* 3, *uiuer* 155, *uiuo* 64, *uj* 11, *uos* 217, *uo co* 5, *uo o* 72, *uou* 14, *uus* 268...

(ii) Posconsonántica (tras líquida *v̄i*— brante ou lateral,— nasal *s*— empre <n> ou, esporadicamente, vogal con til,— ou mesmo tras <>): *cô&uu co* 1, *conuen* 4, *conuerra* 1, *de &uiygad'* 1, *de toruar* 2, *de torouou* 1, *ê&uiou* 1,

en&ueia 2, *aluar* 5, *alua e* 1, *erui* 16, *eruíço* 3, *eruir* 17, *eruirei* 1, *e-ruirei* 3...

(iii) Intervocálica: *adeuinnar* 1, *amaua* 1, *atreuia* 2, *auer* 1, *auergônar* 1, *auedes* 13, *auéo* 1, *auer* 130, *brauo* 1, *bu caua* 1, *catiuo* 11, *daua* 2, *de&uia* 2, *deuedes* 6, *deuia* 10, *deuo* 4, *e teuer* 2, *falaua* 2, *graue* 1, *gouernar* 1, *graue* 21, *leuar* 16, *ouue* 20, *ouuo* 1, *pauor* 51, *preçaua* 1, *rogaua* 1, *uiua* 3, *uiuer* 155, *uiuo* 64...

Emporiso este fonema tamén coñece a representación a través de <uu> ou mesmo de . Todos os exemplos de <uu> excepto *uueer* (94a), que se sitúa en posición inicial, preséntano en posición intervocálica (*auueria* 1, *deuuā* 1, *uiuuer* ¹⁶²) na que, en moitas ocasións, intervén a sinalefa (*catiuu'* 1, *deuu'* 2, *tiuu'* 1, *uiuu'* 2). E non é de extrañar porque, tal e como sosteñen Mariño / Varela, este caso de grafía dupla «sitúase na liña das que tiñan distintivididade fonética» (2005: 359), tanto na diferenza vogal/consoante coma na intraconsonántica (/b/ vs /β-v/).

Ó rastrexarmos en *A* algún indicio de betacismo, só topamos un caso que, en principio, admitiría tal interpretación: trátase do exónimo *egobia* (205b). Mais, despois dun demorado estudo desta forma, Mariño / Varela chegan á conclusión de que é preferible explicar este exemplo

non como mostra e evidencia da confusión entre labiais no romance peninsular occidental, senón como o efecto gráfico da adopción dun estranxeirismo exonímico que, nas terras da meseta central de onde era orixinario, sería pronunciado polos propios segovianos daquel tempo con [b] ou con [β], mais de ningunha forma con [v] (2005: 359).

Ocupámonos agora da parella de fonemas fricativos alveolares. Dende a perspectiva escriptográfica /s/ presenta, como xa se adiantou, unha importante peculiaridade pois, tanto polo número de formas coma polo de ocorrencias, é o único caso en *A* de grafema, <>, con porcentaxe de uso inferior á metade dos exemplos (lembremos, 49,9% das formas e 48,3% das ocorrencias). De todos os xeitos, cómpre afondarmos na análise distribucional para podermos enxergar en toda a súa dimensión a sistemática do repartimento real. Observemos, de inicio, os datos do cadro seguinte:

62. Esta palabra aparece segmentada no salto de liña (*uiu/uer*), polo que podería tratarse dunha xeminación con motivación codicolóxica e non glotográfica, coma no caso de *quant/tas* (197a), mencionado anteriormente ó falar das grafías de /t/.

—*Cadro 23*—

%	/s/					/z/
	EI	P	I	IF	IM	I
< >	34/96 [63/99]	7/93 [3/97]	3/10 [0/2] ⁶³	3/6 [3/4]	29/99 [16/100]	24/91 [15/95]
< >	4/4 [4/1]	2/7 [0/3] ⁶⁴	85/90 [92/98]		1/1 [0/0] ⁶⁵	8/8 [4/5]
<>				99/94 [100/96]		1/1 [0/0] ⁶⁶

[EI: Explosiva inicial; P: Posconsonántica; I: Intervocálica; IF: Implosiva final; IM: Implosiva medial]

Os puntos que se poden concluir da súa lectura, deixando xa de lado a propia existencia de dous tipos de ‘ese’ (o alto e o de dobre curva), son: (i) a complementariedade entre as distintas opcións é clara e evidente: < > representa prototípicamente /z/ en posición intervocálica e /s/ nas posicións explosiva inicial, posconsonántica e implosiva medial; < > asume prototípicamente a representación de /s/ en posición intervocálica; e <> reserva para si a representación de /s/ en posición implosiva final (ningunha destas opcións conta con porcentaxes de formas inferiores ó 90%); (ii) agora ben, non é menos certo que, dos seis contextos — incluídos os dous fonemas fricativos— < > está presente en todos, < > aparece en cinco e <> rexístrase únicamente en dous; (iii) en principio, cf. *infra*, ningunha das tres grafías se asocia en exclusiva a un único fonema, todas tres coñecen exemplos con ambos os fonemas fricativos alveolares; (iv) o grao de inadecuación grafo-fonolóxica amosa proporcións non moi elevadas, mais significativas e bastante parellas, sobre todo no uso de < > intervocálico con valor /s/ (algo máis do 10% do total de formas só nesa posición) e algo menos no de < > intervocálico con valor /z/ (8% do total); (v) a concorrencia de < > e < > tamén se dá nos tres contextos en que < > representa prototípicamente /s/ (o único en que non se rexistra < > é en posición implosiva final) sempre, iso si, con porcentaxes que, a nivel de formas, van do 1 ó 7%; (vi) de enfocarmos a distribución dende a perspectiva das ocorrencias, apréciase unha clara tendencia ó aumento das porcentaxes das formas prototípicas, xa que non hai ningún representante gráfico que, por posicións, baxe a nível de ocorrencias—

63. En total son dezaseis ocorrencias.

64. Son catro as ocorrencias que hai.

65. Documéntase unha ocorrencia.

66. En realidade hai dúas ocorrencias.

do 95% (precisamente é neste punto onde se advirte unha diminución moito máis acusada no número de ocorrencias de <> intervocálico con valor /s/, 2%, ca no de <> intervocálico con valor /z/, 5%); (vii) de observarmos atentamente os dous casos en que <s> aparece en posición intervocálica comprobamos que, realmente, non constitúen unha excepción pois tanto *des&amar* (240b) coma *des&amou* (240b), a pesar de formaren unha unidade léxica (cf. entre outros, por exemplo, con *de amado* 247a), están grafados cun claro espazo en branco que deixa como palabra independente o prefixo *des*, quedando <s>, xa que logo, en posición gráfica implosiva final⁶⁷; (viii) por último, cómpre non esquecer que este é o único caso en *A* en que dous fonemas (/s/ e /z/) están representados exactamente polos mesmos membros gráficos (en distintas proporcións e/ou contextos, por suposto).

Aproximámonos a continuación ós exemplos concretos. Comezamos por <> como representante de /s/ que, como xa se sinalou, aparece nas cinco posicóns seguintes:

(a) Explosiva inicial (*abe* 29, *abedor* 28, *aberen* 5, *aluar* 5, *andeu* 6, *anna* 1, *azon* 34, *eer* 18, *eia* 11, *emellan* 1, *enon* 4, *entido* 1, *entir* 2, *eran* 2, *eruiço* 3, *eus* 7, *obre* 11, *odes* 11, *offrerey* 1, *ofrer* 4, *ol* 31, *ouber* 7, *oube* 11, *y* 2...).

(b) Posconsonántica, praticamente sempre tras nasal (*acon ell'* 1, *afon o* 4, *cô ello* 2, *cô entir* 1, *con ellado* 1, *con ellar* 4, *con entir* 3, *en& ande r* 4, *m  a* 2, *man edume* 2, *pen ar* 4...), excepto no exemplo *fal'* (247b).

(c) Intervocálica. Nesta posición, na que con este valor o esperable sería a grafía <> (cf. *infra*), tam n se localizan en *A* alg ns exemplos de <> coa distribuci n seguinte: o 26,7% das formas sit nse f ra do \'mbito verbal: *a& i* (146b), *a i* (86a), *ua alo* (87a), *uo o* (195b); polo que se refire ´s formas verbais case todos os exemplos (81,8%) son estruturalmente id nticos porque a sibilante sempre se atopa na desinencia modotemporal do pret rito de subxuntivo: *ama e* (213b), *deue'* (166b), *di e e* (213b), *ou a'* (241a), *ou a e* (188a), *pode'* (213a), *qui e edes* (89a, 212b, 215b), *offre en* (87b), *ut'* (102a) (de contarnos s o cos datos neste contexto desinencial comprobamos que <> sup n un nada desprezable 8,8% das formas e un 3,9% de todas as ocorrencias de /s/ nesta desinencia modotemporal); os dous exemplos verbais f ra do contexto anterior son *di e e* (131b) (no radical) e *po'* (213b) (pres. ind.). Todas as formas l xicas anteriores, excepto

67. Ten raz n Xuli n Maure (2006: 160) cando sinala, seguindo a R. Lorenzo, que a explicaci n no uso dos tipos de ese que el estuda en documentos galegos do s. xv -hai que buscalo nos nexos da escritura e nun reparto con criterios posicionais dentro da palabra e cunha importante dependencia do contexto do 'ese'.

deue', *qui e edes* e *offre en* (que son formas únicas) coñecen —maioritariamente, cf. *infra*— a representación a través de <>. Neste sentido é especialmente interesante o segundo deles, *qui e edes*, pois conta con tres ocorrencias, en lugares distintos de *A* (89a, 212b e 215b), e non coñecen a concorrenza de formas con <>. A proporción que en todos os exemplos anteriores supón a escolha gráfica con <> (fronte a <>) é a seguinte: *a i* 0,5%, *uo o* 1,4%, *po* 1,9%, *ui* 6,3%, *pode* 9,1%, *di e e* 14,3%, *di e e* 16,7%, *ama e* 20%, *ou a e* 20%, *a& i* 33,3%, *ou a* 50%, *ua alo* 50%, *deue* 100%, *qui e edes* 100%, *offre en* 100%. Os nove autores en que se localizan estes exemplos son: Johan Soarez Somesso (4), Martin Soarez (1), Pero García Burgalés (1), Roi Queimado (1), Johan Soarez Coelho (1), Fernan Gonçalvez de Seabra (1), Pero Barroso (1), Pai Gomez Charinho (6) e Pero da Ponte.

(d) Implosiva final (*a* 6, *ca* 1, *de* 113, *deu* 1, *dona* 1, *mai* 2, *mente* 1, *meu* 1, *poi* 3, *toda* 1...). A súa distribución ó longo dos cadernos de *A* non é homoxénea e así, fronte a cadernos como o V e o VIII que contan con cadanxeus vinte exemplos, os cadernos I, II, VI, VII, IX e XI oscilan entre os 10 e os 15, os cadernos III, IV, VII^a, X, XI^a, XII e XIII posúen menos de dez exemplos e, finalmente, os cadernos XIV e XIV^a non contan con ningún caso entre os seus folios.

(e) Implosiva medial (*amo trar* 2, *apo to* 2, *aque ta* 1, *aque ta* 7, *a condar* 1, *a cuitar* 1, *bu cã* 1, *bu quei* 2, *ca tigado* 1, *ca tigar* 1, *conuo que* 1, *conuu co* 3, *cu tar* 2, *de cobrir* 1, *de den* 4, *de guisada* 2, *de mentido* 1, *de mesura* 1, *de pagado* 1, *de pois* 2, *de toruar* 2, *e capara* 1, *e coller* 2, *e-forço* 2, *e pedir* 1, *e pello* 1, *e tarei* 1, *e te* 41, *e tou* 17, *fali tes* 1, *mata tes* 1, *me ter* 21, *mo trar* 19, *o mar* 5, *oy tes* 2, *pre tar* 2, *soube tes* 1, *tri te* 4, *uo co* 5...).

Esta mesma grafía, <>, é a que presenta a meirande parte dos exemplos do fonema /z/. Sempre en posición intervocálica, localizamos formas coma as seguintes: *agui ado* 2, *ca as* 6, *ca ar* 1, *cou a* 26, *cou imento* 2, *de acordar* 1, *de amar* 2, *de amor* 6, *de amparades* 1, *de asperado* 1, *de eiar* 26, *de eiei* 12, *de enparar* 1, *de gui ado* 1, *fremo os* 1, *gui a* 15, *gui ar* 4, *me ura* 18, *ou arei* 5, *pe ar* 111, *poder o* 1, *qui er* 31, *uiq o* 1...

Valéndonos de idéntico esquema expositivo, fornecemos algúns dos exemplos de <> como representante de /s/ nas catro posicíons en que se localiza:

(a) Explosiva inicial: son uns poucos exemplos ('8, ' e 6, ' eu 3, ' ey 1, ' i 13, ' offrer 2, ' oubre e 1) que se distribúen de xeito proporcional ó longo de todos os cadernos de *A*: I₂, II₃, III₁, IV₂, V₂, VI₂, VII₄, VII^a₁, VIII₄, IX₁, X₂, XI₁, XI^a₁, XII₁, XIII₂, XIV₄, XIV^a₁. Deste uso, así como do seguinte, indican Mariño / Varela que é unha «propagación do recurso marcado a— grafia».

fía xeminada— a contextos nos que non eran posibles as confusións [fonolóxicas]» (2005: 360).

(b) Posconsonántica, sempre tras nasal, no mesmo lexema (*con ell-*) e só en tres formas diferentes: *con ellado* 1, *conellar* 1, *con ello* 2. Nesta oportunidade, todas as ocorrencias rexístranse nos cadernos XIII (unha ocorrência) e XIV (tres casos).

(c) Intervocálica (*acha e* 3, *ama e* 4, *a annar* 4, *a i* 198, *auenatura e* 1, *cae e* 1, *chega e* 1, *cobra e* 1, *coida e* 2, *conta e* 1, *cuida e* 2, *de e* 6, *di e e* 1, *di er* 14, *di e e* 3, *di e e* 5, *di o* 3, *doe e* 1, *entende e* 2, *e es* 1, *e o* 5, *fala e* 1, *feri e* 1, *feze e* 10, *fica e* 1, *fogi e* 2, *fo e* 1, *iura e* 1, *leixa e* 2, *malla e* 1, *mata e* 4, *morre e* 2, *nega e* 1, *osma e* 1, *ouue e* 12, *perde e* 1, *perdõa e* 2, *parti e* 1, *pa ar* 1, *perde e* 1, *pode e* 29, *prende e* 1, *qui e e* 14, *roga e* 1, *alua e* 1, *enti e* 1, *offre e* 1, *oube e* 11, *tolle e* 1, *torna e* 1, *ua alo* 1, *ui e* 21, *uo a* 5, *uo os* 4...).

(d) Implosiva medial. Localízase un único e extraño exemplo en todo o cancioneiro en sílaba inicial: *e cae er* (98a, Martin Soarez). Talvez a explicación haxa que buscalo no proceso manuscritario, no que se produciu unha incorrecta interpretación do contexto inmediato. A unidade escrita entre pausas préstase á ambigüidade na súa segmentación por conter seis <> (<pode e/ cae cer> ou <pode /e cae cer>). A existencia dunha plica sobre o <e> de <... é ca...> pode ser indicativa de que a segmentación válida é a segunda, por marcar este signo diacrítico comezo de nova palabra, mais no proceso de manuscritura a execución da plica ben pudo realizarse nunha fase posterior á copia e a realización desta pudo estar presidida por unha atmosfera de ambigüidade na que a indecisión e os titubeos posibilitaron unha solución anómala na representación de /s/ implosivo. O paralelismo das secuencias internas < c> e < ç> en todos os seus extremos puideron contribuír á plasmación material dun inconsciente gráfico transgresor.

Xa se sinalou que <>, contrariamente ó esperable, tamén representa nalgúns exemplos o fonema /z/. Localizamos os seguintes casos, sempre en posición intervocálica: *de amar* (80a)⁶⁸, *de amparado* (184a), *gui a* (83a, 102a, 103a, 103a, 103a, 106a, 106a, 154b, 170b, 213b), *gui ada* (107b), *ou e* (159b), *ou a e* (188a), *ou a e* (159a, 163a, 177b, 181b), *outro i* (169b, 216a), *pe ar* (90a, 137a, 204a, 228b, 228b, 229b, 230a, 230a), *qui er* (82b, 170b), *qui e e* (131b, 212a), *qui o* (212a). Son doce formas (en sete lexemas distintos) cun número de ocorrencias nada desprezable: trinta e catro. Ningunha das palabras anteriores descoñece o emprego da grafía <> mais

68. Obsérvese como os problemas coa representación da coda prefixal comprometen tamén a lectura fonolóxica (cf. *supra*). Non descartamos que represente a sibilante xorda.

non en todas elas a proporción dunha grafía ou outra é a mesma. Así, a porcentaxe que supón o uso de < > oscila entre o 6,1% e o 50%: *qui er* 6,1%, *pe ar* 6,7%, *ou* 8,3%, *qui e* 11,1%, *qui o* 11,1%, *de amparado* 16,7%, *gui ada* 25%, *de amar* 33,3%, *gui a* 40%, *ou a e* 40%, *outro i* 40%, *ou a e* 50%. Os textos nos que se atopan os exemplos pertencen ós seguintes autores: Vasco Praga (3), Johan Soarez Somesso (1), Martin Soarez (6), Anónimo I (1), Pero Garcia Burgalés (1), Fernan Garcia Esgaravunha (1), Vasco Gil (1), Johan Soarez Coelho (3), Rodrigu' Eanes Redondo (3), Roi Paez de Ribela (1), Johan Lopez de Ulhoa (2), Fernan Gonçalvez de Seabra (1), Johan Garcia de Guilhade (1), Pai Gomez Charinho (4), Anónimo III (5).

Contrariamente ó que ocorría nos casos de < > por < >, neste caso advírtese que (i) non hai exemplos sen a opción gráfica canónica; (ii) non hai ningún exemplo 'desviado' que posúa un emprego superior ó 50%; (iii) tampouco hai porcentaxes inferiores ó 6% (tres formas de < > por < > presentaban unha rendibilidade menor ó 2%). Coinciden ambos os grupos, ademais de nunha cantidade de formas semellante, en que a proporción de formas verbais implicadas nas confusíons é moi elevada (entre a sexta parte e as tres cuartas partes dos exemplos), e tamén en que entre estas formas é moi habitual a copresenza doutro fonema fricativo alveolar (25% e 35,7%, respectivamente).

Para podermos enxergar a potencialidade das confusíons en contexto intervocálico entre as grafías de ambas as sibilantes, servirémonos dos datos que recolle Xosé Henrique Costas na súa valiosa tese de doutoramento (inédita). Nos cinco bloques documentais de prosa notarial do s. XIII constata a abundancia de casos de <s> por <ss> e de <ss> por <s>. A media porcentual que podemos extraer dos seus datos é, respectivamente, do 32,5 e do 28,5% (X. Henrique Costas 1994: 54-61 e 94). Neste sentido as porcentaxes do 10 e 8%, respectivamente, de *A* quedan bastante lonxe dos datos tirados da prosa notarial do s. XIII, mais son sobradamente importantes en si mesmos polo tipo de texto en que aparecen (cf. co apuntado en § 1).

A seguir queremos introducir o parámetro dos cadernos con aquellas formas que, en posición intervocálica, presentan confusión en calquera das dúas direccións. Os resultados, por número de ocorrencias, son os seguintes: nos cadernos IV, XI^a, XIV e XIV^a non hai nin un só exemplo de confusión (a pesar de que o número de casos correctamente grafados é importante: 41, 8, 31 e 6, respectivamente); hai un exemplo nos cadernos III e XIII, dous exemplos no VI, tres nos cadernos V, VII^a, VIII e IX, catro nos cadernos VII e X, cinco no XII, sete nos cadernos II e XI, e oito no caderno I. De xogarmos coa proporción que estes exemplos supoñen fronte ás representacións graficamente canónicas os datos que se obteñen son os seguintes (deixamos fóra os catro cadernos que non presentan confusíons): I: 9,3%; II: 9,7%; III:

2,6%; V: 5,1%; VI: 2,9%; VII: 9,8%; VII^a: 33,3%; VIII: 5,6%; IX: 8,3%; X: 7,7%; XI: 15,6%; XII: 29,4%; XIII: 3,3%. Os cadernos VII^a e XII amosan as porcentaxes más elevadas de confusións (ó redor da terceira parte), a medio camiño atópase o caderno XI (case coa sexta parte), os cadernos I, II, VII, IX e mesmo o X acaróanse, sen a alcanzar plenamente, á décima parte e, finalmente, os cadernos III, V, VI, VIII e XIII oscilan entre o 5,6 e o 2,6%.

Xa M.^a Ana Ramos afirmou que en *A* existía un «número interessante de formas com alternância na grafía destas sibilantes» (1994: 45) e, ademais dalgúns exemplos por fonética sintáctica, proporcionou seis exemplos de <ss> por <s> (/z/) e sete de <s> por <ss> (/s/) en posición intervocálica. Mariño / Varela, pola súa banda, fornecen dez formas de <> por <> e unha de <> por <> (en contexto intervocálico e con posible repercusión fonolóxica). Isto permítelles afirmar que *A* se amosa «como un texto en que a distinción entre as representacións gráficas das fricativas alveolares xorda e sonora resulta imperfecta» (Mariño / Varela 2005: 360).

Agora ben, cousa distinta é a interpretación que os estudosos fan da incontestable existencia en *A* desta dualidade grafofonolóxica. Mentre para a primeira das autoras estes exemplos xustifícanse «porque a permuta é devida ao facto de não estarem bem assentes as grafías correspondentes à surda e à sonora» (M.^a Ana Ramos 1994: 45)⁶⁹, para os segundos demóstrase «incontestablemente que *A* non foi refractario á variación lingüística e en especial á variación fonética» (Mariño / Varela 2005: 360). Como se pode comprobar, entre os investigadores que se achegaron ó Cancioneiro da Ajuda detéctanse as dúas posturas de que fala X. Henrique Costas e que se resumen na concesión ou non de relevancia (fonético-fonolóxica) ás ‘irregularidades gráficas’ (cf. X. H. Costas 1994: 49-52). Nós, abeirados máis ben a opinións coma as de Mariño / Varela vistas antes, somos conscientes de que para calibrarmos a exactitude milimétrica que poida posuír calquera afirmación neste sentido, precisase comprobar tamén o que ocorre coas demás sibilantes (cf. *infra*) e que a investigación se centre monograficamente na interpretación do sistema fonolóxico de *A*⁷⁰.

Concluímos a aproximación ós fonemas fricativos alveolares desenvolvendo a casuística dos exemplos de ‘ese de dobre curva’ (<s>). Tal e como se sinalou, esta grafía, que non coñece a representación xeminada, rexístrase en dous contextos, aínda que só nun deles é verdadeiramente produtiva:

69. Con esta lectura concorda Mariña Arbor ó sinalar que «esta característica (...) explícarse nun momento de flutuación, de non fixación dos grafemas correspondentes á xorda e á sonora» (2005: 96).

70. Ese vieiro percorrerémolo non hoxe senón nun traballo específico futuro.

(a) Como /s/, atópase na posición implosiva final: *as* 56, *acharedes* 1, *aiades* 1, *ambos* 2, *amigos* 47, *aquelhas* 1, *aqueles* 2, *auedes* 13, *boas* 1, *ca as* 6, *catiuos* 1, *coitados* 5, *con ellos* 1, *cou as* 11, *cuidades* 2, *cuitados* 1, *dades* 6, *demais* 1, *de eios* 5, *dias* 6, *digades* 8, *doedes* 8, *donas* 28, *elas* 5, *e es* 1, *faledes* 1, *fazedes* 24, *fordes* 2, *fremo os* 1, *grandes* 3, *guarirdes* 2, *herdades* 1, *iamais* 2, *ides* 3, *leixades* 2, *leyxardes* 1, *lles* 39, *marauillados* 1, *mata tes* 1, *mays* 59, *mentes* 1, *muitas* 6, *nêbrades* 1, *oi tes* 1, *outros* 8, *oy tes* 2, *perdedes* 1, *pecados* 1, *pedras* 1, *qui erdes* 2, *quantas* 2, *quâtas* 6, *quantos* 12, *quererdes* 1, *aberdes* 1, *eiades* 1, *ênores* 1, *omos* 1, *tantos* 1, *terrás* 1, *todas* 6, *tollerdes* 1, *trobadores* 1, *uedes* 27, *uezes* 8, *uiuos* 1, *uos* 217, *uo os* 4, *ydes* 2...

Aproveitamos precisamente este punto para desenvolver un pouco polo miúdo un caso concreto. A P3 do pretérito do verbo *querer* coñece en *A* as seguintes variantes: *quis* 44, *quis* 14, *qui o* 8, *qui o* 1, *qui e* 1⁷¹. Os exemplos anteriores pódense reducir a tres esquemas básicos: (a) <-s> (84,1%), (b) <- ()>+<o> (14,5%), (c) <- >+<e> (1,4%). O modelo (a) é o verdadeiramente rendible, cunha presenza seis veces maior ca (b), e (c) é excepcional. A distribución polos cadernos de *A* é a seguinte: (a) I 8, II 7, III 4, IV 2, V 8, VI 4, VII 5, VII^a, VIII 9, IX 2, XI 4, XIII 2, XIV 2; (b) I, V, VI, VII 3, VIII, XI, XIV, XIV^a; (c) VI⁷². O tipo (a) está presente con moita regularidade en todos os cadernos de *A* (nos poucos nos que está ausente tampouco se rexistra ningunha das outras variantes); do modelo (b) chama a atención que está tamén moi espallado, case sempre só cunha ocorrencia, por todos os cadernos e, en comparación con (a), falta en II, III, IV, VII^a, IX, XIII, mais, pola contra, é a única forma rexistrada en XIV^a e no caderno VII supón unha porcentaxe do 37,5%; o caderno VI é o único que conta coa presenza das tres variantes.

(b) Como /z/, só aparece en dous exemplos: *des&amar* (240b) e *des&amou* (240b), sempre que non se interprete o <s> como implosivo no marco morfolóxico sufixal (cf. *supra*).

Centramos agora a nosa atención na parella de fonemas fricativos (pre)palatais ou postalveolares /ʃ/ e /ʒ/. O primeiro deles, o xordo, só coñece unha representación, a da grafía <x>. Malia que pode aparecer en catro posicions distintas, soamente nunha é realmente rendible, a intervocálica:

71. Cf. *infra* o que acontece con <-x> (aquí incluiremos tamén as variantes da P1 do pretérito de *querer*) ou <-z>. Cf. tamén co traballo de X. Varela Barreiro (1999).

72. Se nun caderno non se sinala o número de ocorrencias enténdese que só posúe unha.

(a) Explosiva inicial: só no clítico P3 resultante da palatalización de *se* en contexto antevocálico e posterior incorporación do resultado palatal ó paragrama ([se + o > sjō > sjo > jo → se]). Parécenos segura esta atribución morfo-fonética (fronte á outra posibilidade: P2 con valor africado ([tʃl]) (cf. *infra*) nos seguintes seis casos: *xe* (91a, 116b, 120b, 139b, 150b) e *x'* (170b). Do total de 34 casos de {*xe*, *x'*} son maioría os que non son facilmente analizables como /se/ ou como /tʃ/ e preferimos non pronunciarnos antes de facer un estudo demorado deles e dalgúns outros que aparecen espallados polos nossos textos medievais. Quedan, pois, fóra das estadísticas, sen que isto ocasione graves distorsións ó estaren concentradas as formas nun mesmo contexto para as dúas consoantes (a fricativa e a africada). Sempre será preferable unha estatística por establecer a unha estatística errónea.

(b) Posconsonántica: exclusivamente no exemplo *enxerdados* (217b).

(c) Intervocálica que, como xa adiantamos, é o contexto máis produtivo, aínda que o número de lexemas diferentes é realmente moi pequeno: *dix'* 11, *dixe* 27, *dixi* 6; *leixa* 7, *leixar* 11, *leixara* 1, *leixa e* 2, *leixedes* 5, *leixei* 1, *leixou* 4, *leyxar* 3; *queixar* 3, *queixedes* 2, *queixa* 1, *queixara* 1, *queixen* 1, *queixo* 2, *queixou* 1, *queyxar* 2...

Á vista dos exemplos precedentes ten sentido que nos aproximemos de maneira específica á P1 do pretérito do verbo *dizer*. En primeiro lugar comprobamos que a proporción das distintas variantes en *A*, que suman corenta e seis ocorrencias, é a seguinte: *dixe* 58,7%, (*D*)*ixe* 2,2%, *dix'* 23,9%, *dixi* 13%, *di e* 2,2%. En segundo lugar verifícase que, mentres *dix'* vai sempre seguido de vogal, *dixi* atópase no mesmo número de ocasións en contexto antevocálico e anteconsonántico, *dixe* vai seguido de vogal só no 25,9% das ocasións e *di e* precede unha consoante. Finalmente, advírtese unha distribución das formas en función dos cadernos: <-i> concéntrase nun único caderno, o VII (e supón un 40% do total neste caderno), <-e> espállasse polos cadernos I, V₁₁, VI₃, VII₅, IX₆ e XII, *dix'* localízase nos cadernos V₂, VII₄, IX₂, X, XI e XIV, e o exemplo de *di e* sitúase no caderno IV.

(d) Implosiva final, con dous exemplos, *prix* (84a) e *quix* (100b) (ambos os dous van seguidos de palabra que comeza por consoante <p->). R. Lorenzo (1987: 476) explica que formas verbais deste tipo se deben «á palatalización medieval orixinada polo -i final, xa que, ó lado de *quis*, *jis*, *pris*, xorden as formas *quigi*, *quige*, *figi*, *fige*, etc. Por contaminación das dúas aparecen *quix*, *fix*, etc., pois en posición final hai neutralización xorda / sonora». X. Varela Barreiro (1999: 1058) sostén o mesmo e propón un esquema explicativo da propagación analóxica do radical palatal ó resto de tempos e formas do tema de perfecto: «P1 do indicativo pretérito → Singular do indicativo pretérito → Paradigma completo do indicativo pretérito → Outros tempos do tema de perfecto». A forma do pretérito de *prender* (*prix*) é única en todo

A, polo que non é posible saber se, de haber máis casos dela, presentarían variación gráfica, como ocorre con *quix*, P1 do pretérito de *querer*, que tamén coñece as seguintes variantes: *quige* 4, *qui* 1, *quis* 3 e *quis* 5 (o 93,3% das ocorrencias de *quis* e o 73,7% de *quis* son P3). Son tres, pois, os tipos básicos: (a) <-x> (7,1%), (b) <-s/ > (64,3%), (c) <-g>+vocal (28,6%)⁷³. Ademais da clara desproporción entre o número de ocorrencias duns e doutros, que subliña o modelo (b) como prototípico, tampouco se distribúen polos cadernos de *A* de maneira homoxénea: (a) II; (b) IV₂, V₂, VI, VII₂, XI, XII; (c) IV, V₂, XIV^a. Obsérvase, xa que logo, que (a) é excepcional pero é forma única no seu caderno, que (c) se concentra en dúas zonas de *A*, e que (b) é a forma máis rendible por toda a franxa central do cancioneiro.

Pasamos agora ó fonema /ʒ/. Como xa se sinalou (cf. cadros 9 e, sobre todo, 20) ← deixando a un lado o caso de *traʃ* (126b),— tres son as grafías que vehiculan en *A* este fonema: <i, g, x>. Fano de maneira moi desigual pois a primeira, o grafema, concentra case o 70% das formas (e algo máis das tres cuartas partes das ocorrencias) e a terceira só posúe un exemplo. No cadro número vinte e catro recapitulamos a distribución consonte a posición que ocupan na palabra⁷⁴:

—Cadro 24—⁷⁵

%	/ʒ/			/ʃ/			
	EI	P	I	EI	P	IF	I
<i>	31/83 [53/96]		69/69 [47/83]				
<g>	16/17 [7/4]	8/67 [3/71]	76/31 [90/17]				
<x>		2/33 [1/29]		5/100 [4/100]	2/100 [1/100]	5/100 [1/100]	86/100 [93/100]

[EI: Explosiva inicial; P: Posconsonántica; I: Intervocálica; IF: Implosiva final]

Só hai unha grafía, <g>, que se rexistra nos tres contextos; <i> documén-tase en dous e <x> só nun (nunha única forma). Tanto con <i> coma con <g> a posición maioritaria é a intervocálica (hai, iso si, más do dobre de for-

73. Cf. *supra* o que ocorre con <-s> ou *infra* con <-z>.

74. Como é habitual, os datos que ofrecemos son en tantos por cento; convén non esquecer que nesta parella de fonemas o número real de formas nin sequera chega ó cento con /ʒ/ nin ó medio cento con /ʃ/ (cf. *supra*).

75. Presentamos concxuntamente os datos das dúas fricativas palatais para facilitar a súa visión contrastiva.

mas da primeira ca da segunda), en segundo lugar ambas as grafías aparecen na posición explosiva inicial (novamente a primeira presenta o dobre de formas cá segunda) e, finalmente, <g> rexístrase tamén en posición posconsonántica (contexto que descoñece <i>).

Percorremos a través dos exemplos, que sempre xiran ó redor duns poucos lexemas, a situación que acabamos de describir brevemente:

(i) <i>:

(a) Explosiva inicial: *ia* 256, *iamais* 2, *iaz* 10, *ioan* 5, *ioana* 3, *iograria* 1, *iohan* 1, *iuntar* 1, *iur* 1, *iura* 1, *iurar* 7, *iura* e 1, *iuro* 1...

(b) Intervocálica: *a&iuadaria* 1, *aiades* 1, *aián* 5, *aiudar* 1, *aiude* 1, *de eiādo* 2, *de eiades* 1, *de eian* 2, *de eiando* 5, *de eiar* 26, *de eiaria* 1, *de eiaua* 4, *de eio* 17, *en&ueia* 2, *guerreiar* 1, *oie* 4, *eia* 11, *eiades* 1, *obeio* 1, *uei&o* 1, *ueia* 16, *ueian* 4, *uei'* 22, *ueio* 61...

(ii) <g>:

(a) Explosiva inicial: *gent'* 1, *gente* 1, *gentes* 9, *gil* 1.

(b) Posconsonántica: *logē* 1, *longē*⁷⁶.

(c) Intervocálica: *corregera* 1, *de eg'* 5, *de egei* 3, *fige* 2, *fogi* 1, *fogir* 2, *fo-gi* e 2, *linnage* 2, *menage* 1, *o&ge* 1, *og'* 67, *oge* 19, *puge* 1, *quige* 4, *trage* 3, *ueg'* 30...

En posición intervocálica advírtese unha lixeira preferencia por <g> canudo, por fonética sintáctica, se dá un fenómeno de apócope vocálica: 9,5% dos exemplos de <i> están nesta situación fronte ó 21,1% dos de <g>.

(iii) <x>:

Só se documenta un posible caso de emprego de <x> con valor de /ʒ/ na forma *alfanx'* (233a, 233b; Anónimo V). A forma común é unha palabra que, segundo Corominas / Pascual (*s.v. alfanje*), procede do hispanoárabe *ḥānjal* (árabe *al-khanjal* para Machado, *s.v. alfanje*) e que xa comparece en 1136 nun documento en latín baixo a forma *alfaniar* (en castelán rexístrase xa como *alfanje* no s. XIII), mais no exemplo concreto que nos ocupa semella máis ben tratarse do topónimo *Alfanje*, do que di o propio Machado que «tem outra origem: do ár. *al-hanx'*» (1977³, *s.v. Alfanje*). De estarmos diante dun caso de inadecuación gráfica, pode semellar discutible a atribución do carácter sonoro da consoante (/ʒ/) por tratarse dun hápax gráfico, mais non debe sorprender se temos en conta, por exemplo, o que destas consoantes afirma de X. H. Costas (1994) no sentido de que, no eido das sibilantes, é a parella de fonemas postalveolares que menores desviacións gráficas presenta. Tres son os principais argumentos que xustifican esta afirmación: «a) ori-

76. No primeiro dos exemplos, do ciclo de Pero García Burgalés (122b), non presenta til nin consoante nasal no manuscrito.

xes latinas fono-gráficas nidiamente diferenciadas; b) simbolismo gráfico ben afastado, (...); c) escasísimo rendemento fonolóxico da oposición devandita e, asemade, relativamente baixa frecuencia de aparición destas consoantes no discurso» (X. H. Costas 1994: 82, n. 90).

(iv) Un posible caso de <j>:

A introdución do único caso desta grafía en *A*, en posición intervocálica, non vén da man do copista senón do corrector (*traj̄ amor* corrixindo *træ amor* [126b]). Consonte o sinalado en § 1, na presente contribución centrámonos exclusivamente nas grafías que constitúen o texto poético de *A*: neste sentido convén precisar que si nos ocupamos daquelas anotacións e/ou correccións «que foron atendidas en moitos casos, raspándose o fragmento inicialmente escrito» (M. Arbor 2005: 65), mais, por coherencia metodolóxica, non o facemos con aqueloutras que, como esta, non chegaron a ser realizadas quizais «por interrupción do traballo» (M. Arbor 2005: 65).

O anterior non obsta para que recoñezamos a importancia e singularidade deste exemplo en concreto (que posibilitaría incluír <j> entre os recursos gráficos de representación minúscula de /ʒ/) e por iso mesmo ímonos deter algo nel. Non queremos deixar pasar por alto o carácter excepcional da corrección: en contra do que sucede coa inmensa maioría das anotacións, non se realiza na marxe do folio senón directamente sobre o texto e, o que áinda é máis sorprendente, mantense a letra orixinal. Este procedemento de corrección é comprensible como algo excepcional dentro da dinámica do escritorio no que se compilou o cancioneiro, pero tamén pode ser explicable como intervención posterior á conclusión dos traballos do escritorio. Non coñecemos estudos monográficos nos que se aborde a sistemática e a cronomoxía particularizada das anotacións de *A* e, polo tanto, non nos é posible establecer unha cronomoxía para esta en particular nin chegar a unha conclusión sobre a súa pertinencia. Mesmo temos dúbidas de que este tipo de corrección estea tratado con suficiente atención e, polo tanto, estea ben explicado na clasificación de C. Michaëlis de Vasconcelos (1904: 167-179). Das tres grandes categorías de notas marxiniais das que fala a ilustre filóloga parece que é á primeira á que pertence: «meras correccións de errores» (C. Michaëlis de Vasconcelos 1904: 167)⁷⁷. Na súa opinión son obra da mesma man que fixo as da segunda categoría e ambas son contemporáneas á compilación. Refírese expresamente ás correccións efectuadas directamente sobre o texto ó afirmar que son atribuíbles á mesma man: «Devem ser portanto

77. As outras clases son «avisos prácticos do escrevente ou revisor para o pintor das maiusculas e copista da notação musical» e «reflexões de varios leitores que se entreveraram a recamar a obra dos antepassados com glossas, ora serias, ora galhofeiras» (Michaëlis de Vasconcelos 1904: II, 167).

obra do proprio escrevente (a quem estou disposta a attribuir as correccões, executadas sem auxilio de notas marginaes)» (C. Michaëlis de Vasconcelos 1904: 167). Pensamos que os argumentos non son suficientemente sólidos e que, xa que logo, é preferible deixar esta forma en hibernación.

Non queremos abandonar este desafío codicolóxico sen falar da motivación da corrección e do seu alcance na tradición manuscrita trobadoresca. A nivel lingüístico *trae* (e en xeral o radical *tra-*) é unha forma de escasísima presenza nos textos galego-portugueses medievais. A dominante en toda a Idade Media é *trage* (e *trager*). En *A* temos outros tres casos de *P3* e nos tres a forma é *trage* (126b e 241b [2]). No conxunto da *Lírica Profana* unicamente existe outro caso de *trae*, na producción de Airas Perez Vuitoron: «*salvo é quen trae castelo, a preito que o isopen!*» (M. Brea 1996: I, 16,1 [p. 131]). Chegan os dedos de dúas mans para contar os casos presentes nas demais obras medievais non notariais: dous nas *Cantigas de Santa María* (*traer*), un nun fragmento dunha tradución da *Terceira Partida* (*traendo*), catro na *Crónica troiana* (*traerfila, traesem, traesem* [2]), un na *Crónica de Iria* (*traer*) e un no *Tratado de Albeitaría* (*traeras*) (consulta feita no TMILG). Unha boa parte dos exemplos comparecen en traducións feitas a partir dun orixinal castelán e algúns outros fanse en textos que, áinda sendo textos orixinais en galego, sentiron a proximidade do castelán na súa feitura. A mesma proximidade que supoñemos na feitura da cantiga que alberga este *trajé*, composta polo trobador castelán Pero Garcia Burgalés. Talvez non sexa pura casualidade que o outro *trae* da *Lírica Profana* sexa de Airas Perez Vuitoron, un dos trobadores cos que mantivo estreita relación o burgalés. Deste xeito a corrección debeu ter a súa xustificación (i) no empeño de eliminar os elementos espurios ou (ii) na defensa das formas propias máis canónicas. A segunda das posturas adóptaa Xosé Bestilleiro nun traballo recente baseado no corpus TMILG; defende este investigador que as formas con radical *tra-* «pódense dar como válidas [non espurias], áinda que cun míñimo de reservas» (2005: 19). Considera relevante este autor que «a cronoloxía de *trayer* conta con testemuños desde moi cedo (1281, 1292, 1378, 1421, 1480 e 1490)» (2005: 19). A nós parécenos que a presión do modelo do castelán, xuntamente coa atracción analóxica doutros verbos como *caer* (á que tamén se refire X. Bestilleiro 2005: 20) puido influír notablemente na escolha, en época moderna, de *trayer* como forma dominante en detrimento da esmagadormente maioritaria *trager* nos textos da Idade Media.

A forma ‘ajudiana’ corrixida *trajé* ten todas as trazas de representar un elemento consagrado pola nosa tradición lírica e a súa transmisión. No outro asentamento conservado desta cantiga de Pero Garcia Burgalés, presente en *B*, un dos dous apógrafos quiñentistas italianos, a grafía empregada é <i>(<traiamor>)</i> (cantiga 205, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* 1982: 129) e,

como sucede co <j> da lectura corrixida de *A*, remite inequivocamente a /ʒ/ e non á vogal /i/. Esta coincidencia p- lena no plano fonético pero só parcial no gráfico— dentro dunha transmisión textual na que non é absolutamente descartable unha liña directa entre *A* e α (o antecedente de *B*), reforza a opción da validez da corrección dentro da dinámica construtiva de *A* dende o respaldo que supón a súa aceptación na más importante instancia posterior da transmisión do noso corpus trobadoresco.

Neste sentido, o proceder dos nosos tres editores de referencia de *A* apunta tamén claramente á lectura corrixida. Coinciden en preferir a lectura *traj'* (Michałis de Vasconcelos, c. 98, v. 14; Carter, p. 59; Arbor, c. 98) e en deixar para o aparato crítico a forma *trae* orixinal. Tamén coinciden en que a letra empregada na corrección é <j> (Michałis de Vasconcelos: «O CA tem, erradamente: ‘porque trae’» [cant. 98, n. II]; Carter: «j written upon e» [p. 59, n. 2]; Arbor: «Inicialmente escribiuse un *e*; nun segundo momento corrixiuse, anotándose o *j*» [c. 98, nota]. Pero non podemos desbotar a posibilidade de que nunha edición crítica de *A* se puidese propoñer a lectura *trai'* Θε mesmo *trag'*— respectando a *scripta* interna do texto poético de *A* — oma a de todo o período medieval, cf. *supra*— de entendermos que <j> é un indicador de incorrección por uso de vogal no canto de consoante. Este xeito de proceder é perfectamente imaxinable en *A*, pois noutras ocasións diverxe a grafía empregada na anotación da utilizada na ulterior fixación do texto corrixido [anotación → texto poético]: *emēda* → *e menda* (84b), *amj* → *amīn* (84b), *no* → *non* (87b), *parti* → *party* (90b), *pder* → *perder* (91b), *o en τ mal pecado* → *o en τ mal peccado* (98a), *ffaz* → *faz* (98a), *fazer poi eu no* → *faz pois eu non* (114b), *en* → *en* (130b), *amj* → *ami* (133a), *mjo* → *mio* (135b), *mj* → *mi* (139a), *uj* → *ui* (146b), *q ogeu uj e ey* → *que ogeu ui e ey* (183a)... (cf. tamén con § 3). Á vista dos exemplos citados, debemos dicir que <g> debería ser a opción menos probable, visto que as unidades de diverxencia son <i>, <j> e <y>.

Concluímos a exposición neste grupo achegándonos ós tres fonemas africados de *A*: /ts/, /dz/ e /tʃ/. Tal e como se sinalou ó comezo do epígrafe (B), a rendibilidade destes fonemas en canto ó número de formas non é moita e, en todo caso, é desigual entre eles: cento corenta e nove para o primeiro, oitenta e cinco para o segundo e trinta e cinco para o terceiro. Porén, o número de ocorrencias é, proporcionalmente ó de formas, máis elevado, polo menos para os dous primeiros: 564, 1117 e 90, respectivamente. Antes de iniciarmos a aproximación a cada un deles fornecemos, no cadro vinte e cinco, os resultados globais dos dous non palatais tendo en conta a distribución segundo as posicións que ocupan:

—*Cadro 25*—

%	/ts/			/dz/		
	EI	P	I	IM	IF	I
<ç>	4/56 [7/79]	24/87 [10/93]	69/71 [82/90]			3/5 [1/1]
<c>	11/33 [21/19]	15/13 [9/7]	74/18 [70/7]			
< ç>			100/4 [100/1]			
< c>	33/11 [33/2]		67/2 [67/0] ⁷⁸			
< ç>			100/1 [100/0] ⁷⁹			
<z>			5/4 [1/2]	2/100 [0/100] ⁸⁰	20/94 [38/100]	73/95 [61/99]
<s>					100/6 [100/0] ⁸¹	

[EI: Explosiva inicial; P: Posconsonántica; I: Intervocálica; IM: Implosiva medial; IF: Implosiva final]

Coma noutras unidades, aprécianse unhas claras liñas mestras na distribución das distintas grañas consonte o fonema e a posición que ocupan na palabra. En primeiro lugar é realmente importante constatar que a única posición en que as unidades poden representar os dous fonemas é a intervocálica; as outras catro posicóns implicadas só coñecen un valor fonolóxico. É certo que é precisamente a posición intervocálica a que concentra a inmensa maioria das formas, tanto de /ts/ (73%) coma de /dz/ (77,4%). Non é menos verdade que nas outras posicóns se detectan en exclusiva quer o primeiro (explosiva inicial, posconsonántica), quer o segundo (implosiva medial, implosiva final). Das sete grañas implicadas só dúas interveñen en procesos de confusión gráfica e, como veremos, trátase precisamente dos dous grafemas.

O primeiro dos fonemas, /ts/, está representado por seis grañas <ç, c, ç, c, ç, z> (nunca <s>). Agora ben, desas seis realidades gráficas só o grafema <ç> e mais o alógrafo <c> son rendibles. O resto asumen a súa representación de xeito moi ocasional. O primeiro deles rexístrase, en proporción desigual, nos tres contextos en que se documenta este fonema:

78. Realmente son dúas as ocorrencias.

79. Hai unha ocorrencia.

80. Rexístranse tres ocorrencias.

81. Documéntase unha forma cunha ocorrencia.

(a) Explosiva inicial (*çd* 14, *çd* o 17, *çg an* 4, *çg uei* 2, *ç ma* 1).

(b) Posconsonántica tras nasal, sempre <n> (*començ r* 1, *conçollo* 1, *diferença* 1, *menço* 1, *uençer* 1, *uenç d'* 1, *uenganga* 1...) ou vibrante (*barçelos* 1, *e forçar* 2, *e force* 1, *e forç* 2, *forç* 6, *forç r* 6, *forçd es* 1, *forçu* 3, *garçia* 1, *perç'* 1, *perço* 1, *perçades* 1, *perço* 1...).

(c) Intervocálica (*agradeçer* 2, *começei* 1, *começey* 1, *connoçer* 3, *connoçi* 1, *conteçê* 1, *coraçon* 112, *creer a* 1, *en& andeçer* 4, *en& andeç* 2, *e -caeçer* 10, *faça* 15, *façades* 7, *faç* 24, *graç* 2, *graçir* 4, *gradeçer* 6, *guareçer* 8, *iacho* 2, *mereçer* 1, *mereç* 9, *'n& andeçer* 1, *naçer* 1, *'n andeç* 1, *ouço* 8, *padeçê* 1, *pareçedes* 3, *pareç a* 1, *peç* 3, *po faç r* 1, *preçar* 1, *preç* 2, *reçear* 1, *reçeey* 2, *reçeu* 1, *andeg* 4, *eruiç* 3, *trayç on* 2, *uiç* o 1...).

O alógrafo <c> está presente nos mesmos tres contextos anteriores do xeito seguinte:

(a) Explosiva inicial (*cedo* 7, *cegan* 1, *ceguei* 1).

(b) Posconsonántica tras nasal ou vibrante (*e forcei* 1, *mercee* 1, *uencer* 1, *uinganca* 1).

(c) Intervocálica ante <e, i>, nalgún caso por sinalefa, (*comecei* 1, *en& andecerei* 1, *en& andeci* 2, *gracir* 1, *gracirei* 1, *mereci* 1, *nacer* 1, *naci* 2, *pareçedes* 1, *parecer* 6, *reçeaua* 1; *fac'eu* [152b], *fac'e* [203b], *iac'en* [85a]...) e tamén ante <a, o> (*coraçon* 3, *po facado* 1, *precar* 1).

Como xa se puido deducir do cadro vinte e cinco, a proporción relativa entre as formas con <ç> e as formas con <c> son sempre favorables á primeira cunha vantaxe que vai dos 68 puntos en posición intervocálica, ós 23 da posición explosiva inicial, pasando polos 74 da posconsonántica. A diferenza por número de ocorrencias élvase para as posicíons anteriores ós 83, 60 e 86 puntos, respectivamente (sempre a favor de <ç>). De nos fixarmos na vogal inmediatamente posterior á consoante africada, comprobamos a existencia dalgunhas tendencias na combinatoria: (i) o único contexto alleo a <c> é o da coalescencia con <u> (é un contexto moi pouco produtivo porque mesmo con <ç> só hai unha forma: *uenç d'* 213b); (ii) mentres que con <a, o, u> o uso de <ç> é totalmente maioritario (a porcentaxe non baixa en ningún caso do 94%), con <e, i> aumenta a presenza de <c> dende o 23% coa primeira vogal ata o 28,6% coa segunda; (iii) coa apócope da vogal átona final temos nas tres cuartas partes <ç> e case na cuarta parte das ocasións <c>; (iv) tanto nun caso coma noutro (<ç, c>) a vogal más habitual é <e> (43,1% e 56%, respectivamente); (v) nas catro quintas partes dos exemplos de <c> as vogais que interveñen son <e, i> (proporción que se reduce ata pouco máis da metade no caso de <ç>). Véxase o cadro seguinte:

—*Cadro 26*—

%	<a>	<o>	<u>	<e>	<i>	[apócope]
<ç> +	17,4/95	15,6/94,4	0,9/100	43,1/77	13,8/71,4	9,2/76,9
<c> +	4/5	4/5,6		56/23	24/28,6	12/23,1

O parámetro do caderno en que se localizan os exemplos de africada tamén se revela pertinente. No cadro vinte e sete reproducimos a proporción con que se detectan en cada caderno as ocorrencias de ambas as grafías:

—*adro 27*—⁸²

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII ^a	VIII	IX	X	XI	XI ^a	XII	XIII	XIV	XIV ^a
<ç>	87,5	89,6	93,5	87,5	93,5	90,9	87,5	100 ₂	93,3	100 ₁₄	90,9	94,3	100 ₇	100 ₁₄	100 ₁₁	100 ₂₄	100 ₄
<c>	12,5	10,4	6,5	12,5	6,5	9,1	12,5		6,7		9,1	5,7					

Obsérvase, en primeiro lugar, que mentres <ç> se rexistra en todos os cadernos de *A*, <c>, como consoante africada, ademais dos cadernos VII^a e IX, non se detecta a partir do caderno XI^a: o último exemplo é *gracirei* 222b, no caderno XI. Nos cadernos en que si existe a dupla opción, pódense discriminar dous subconxuntos segundo <c> se sitúe entre o 10 e o 12% (I, II, IV e VII) ou entre o 5 e o 9% (cadernos III, V, VI, VIII, X e XI).

As outras tres grafías encargadas de vehicular, en exclusiva, o fonema /ts/ son <ç>, <c> e <ç>. Todas tres aparecen en posición intervocálica e <c> faino tamén na inicial. Posúen moi poucas formas e ocorrencias e circunscríbense a unha zona moi determinada de *A*:

<ç> Das sete ocorrencias catro concéntranse no caderno II (tres no ciclo de Martin Soarez e unha no de Pai Soarez de Taveirós), unha no IV (Pero García Burgalés), outra no V (Fernan García Esgaravunha) e outra no IX (Fernan Gonçalvez de Seabra): *conno qr* (102a, 104a), *côno qr* (93a), *e cae cer* (102a, 142b), *e cae cera* (121a), *ia q* (188b). Este último exemplo comparte en *A* o espazo da P1 do presente de indicativo de *iazer* con *iac'* (85a) e *iaço* (98a, 120a). As tres formas son representación do mesmo fonoema africado /ts/. Neste sentido constátase que *ia q* comparte posición de rima perfecta con *faço*. Daquela, estamos inequivocamente diante da forma galego-portuguesa herdeira directa de IACÉO latino (cf. Williams, que fala da forma do «port. arc. *jaço*» 1975³: 231), que ademais monopoliza as páxinas de *A*.

82. Neste cadro e nos sucesivos, cando algunha porcentaxe é do 100% engádese en subíndice o número de ocorrencias.

< c> Os tres exemplos localízanse nos cadernos I e II (nos ciclos de Vasco Fernandez Praga de Sandin e de Martin Soarez): o primeiro sorprende por ser inicial (*cient'* 81a), o segundo tamén é sorprendente por ser voz alóglo-*ta* (*côno cie e* 97a) e o terceiro é intervocálico (*na ci* 103a).

< ç> O único caso con este alógrafo tamén se sitúa no caderno II e no ciclo de Martin Soarez: *e cae qr* (98a).

R. Lorenzo refírese á alternancia gráfica entre <sç> e <ç> nos seguintes termos: «ocorre moitas veces que se utiliza para a representación do ç a grafía latinizante sç, na que non se pronunciaba o s» (1985: 110). Clarinda de Azevedo Maia (1986: 442) constata que <ç> é un «grafema composto, de uso muito restrito» para representar o fonema africado /ts/ (que ela só documenta no exemplo *erui q* de 1299). Tamén X. H. Costas confirma que a grafía <ç> nalgún exemplo presenta unha variante, a do «dígrafo latinizante -SÇ- (*nascimento*)» (1994: 93). No traballo de Xulián Maure (2006: 256-257) sobre documentación notarial tudense do s. xv afírmase que as grafías <ç, sç, sc> amosan un reparto entre si do 58,9%, 39,7% e 1,4%, respectivamente, o que eleva o uso de <sç> ata praticamente as dúas quintas partes dos exemplos.

Finalmente, a través de <z>, que prototípicamente serve de soporte gráfico para o fonema /dz/, tamén se recollen en *A* algúns exemplos co valor de /ts/. Son catro formas de heterodoxia gráfica as que, todas en posición intervocálica, están nesta situación: *faza* (2: 93a, 165a), *fazo* (4: 81b, 162b, 225b, 225b), *nazer* (154b), *ouzo* (87b)⁸³. Todas catro alterman, por suposto, coa forma esperable, con <ç> (*faç* 15 e *faço* 24 [tamén *faç'* 13], *naçer* 1 e *ouç* 8 [tamén *ouç'* 2]), ou mesmo con <c> (*fac*' 2). Os autores das composicións nas que se rexistran estes exemplos con <z> son Pai Soarez de Taveirós, Johan Soarez Coelho (2), Vasco Fernandez Praga de Sandin, Anónimo III (2), Vasco Gil e Johan Soarez Somesso. Detéctanse en cinco cadernos de *A*: I₂, II, VI, VII₂, XI^a₂. A proporción relativa neses cinco cadernos (formas con <ç> rexístranse en todos os cadernos agás no VII^a e no XII) fronte á opción non marcada é: I 20%, II 14,3%, VI 20%, VII 66,7%, XI^a 40%.

O segundo dos fonemas africados non palatais, /dz/, coñece unha menor variación na súa representación gráfica e un grafema, <z>, moi consistente (alcanza o 95,3% das formas e o 99,6% das ocorrencias). Aínda que son tres os contextos nos que se rexistra, só un deles, o intervocálico, é verdadeiramente produtivo:

(a) Implosiva medial. Nesta posición só se localizan dúas formas, variantes categoriais do mesmo lexema: *mezcra* (94b, 95a) e *mezclar* (138a).

83. As tres últimas xa as recolleu M.^a Ana Ramos (1994: 45).

(b) Implosiva final (*de praz* 1, *diz* 8, *faz* 173, *fez* 146, *fiz* 24, *fjz* 1, *grādez* 1, *iaz* 10, *moniz* 1, *praz* 1, *prez* 1, *paz* 2, *praz* 17, *prez* 27, *uez* 15...).

Tal e como se advertiu para <-x> ou <-s> nesta mesma posición (cf. *supra*), os exemplos dalgunhas formas verbais de *A*, áinda que amosan nidicamente preferencia pola terminación <-z>, son permeables á variación desinencial, que combina distinta consoante en posición final con ausencia ou presenza de vogal átona final. Nesta circunstancia atópanse os seguintes exemplos: *fiz* 24 e *fjz* 1 (P1 do pretérito de *fazer*, seguidos de consoante agás en oito casos da primeira das formas) sofrer a concorrenza moi limitada de *fige* 2 (sempr seguido de vogal) e *fize* 1 (seguido de consoante); *fez* 146 (P3 do pretérito de *fazer*, maioritariamente seguido de consoante) conta, a moita distancia, con tres formas concorrentes: unha sen vogal átona final, *fes* 1 (que vai seguida de consoante), e dúas con vogal átona final, quer <-o> *fezo* 14 (só nun caso vai seguido de vogal), quer <-e> *feze* 2 (nunha das ocoircias vai seguido de vogal)⁸⁴; *praz* 17, (*P*)*raz* 2 e *praz* 1 (P3 do presente de indicativo de *prazer*, praticamente sempre seguidos de consoante) coñecen a existencia da opción con vogal átona final, *praze* 1⁸⁵, tamén seguida de consoante.

De observarmos o que acontece na distribución por cadernos (non nos podemos deter a analizar neste traballo outros parámetros como as peculiaridades propias do verso) advírtese que hai cadernos que descoñecen a opción con vogal átona final (VII^a, IX, XI^a, XII, XIII, XIV e XIV^a), outros nos cales esta opción non alcanza a décima parte (II, V, VI) e outros en que a escolla vocálica se sitúa entre o 11 e o 19% (I, III, IV, VII, VIII, X, XI):

← *adro 28—*

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII ^a	VIII	IX	X	XI	XI ^a	XII	XIII	XIV	XIV ^a
C#	88,9	92,9	87,5	88,6	95	93,8	81	100 ₁	85,7	100 ₁₂	88,9	86,7	100 ₃	100 ₄	100 ₄	100 ₉	100 ₂
V#	11,1	7,1	12,5	11,4	5	6,2	19		14,3		11,1	13,3					

[C#: Consoante en posición final da palabra; V#: Vogal en posición átona final]

84. Parece clara a vixencia desta regra: se a P3 do pretérito do verbo *fazer* vai seguida da P3 do clítico de acusativo a presenza da vogal final na forma verbal semella obrigatoria: *fezoa* (160a), *fezea* (116b).
85. A excepcionalidade desta forma vén sublinhada polo feito de que a vogal <-e> é produto das anotacións marxinias presentes no manuscrito. Mariña Arbor sinala nunha nota no pé da súa edición que «Na marxe esquerda da columna de escritura, *e*. A marca para a súa colocación no texto aparece despois de *praze*». Xusto no verso seguinte rexístrase, precisamente, a única forma *praz* de todo o caderno VII.

(c) Intervocálica (*aduzer* 1, *dizer* 7, *dizede* 10, *dizedes* 2, *dizen* 23, *dizer* 178, *dizia* 2, *fazer* 8, *fazē* 1, *fazedes* 24, *fazen* 8, *fazenda* 11, *fazer* 134, *fazia* 1, *fezer* 10, *fezera* 5, *fezeron* 1, *feze e* 10, *lazerar* 1, *lazeyro* 1, *lezer* 3, *prazer* 6, *prazentear* 1, (*P*)*razer* 1, *prazer* 70, *prazera* 1, *prazia* 1, *razō* 6, *razōar* 1, *azon* 33, *azō* 3, *azon* 34, *uezes* 8...).

Os exemplos de confusión gráfica en que, en posición intervocálica, <ç> aparece no canto do esperable <z>, sen seren moitos, son en si mesmos moi significativos: *façedes* 140b, *façen* 199a e 201a, *praer* 85a⁸⁶. Tanto nestes exemplos coma nos de <z> por <ç>, estamos diante de formas léxicas moi usuais e cunha alta frecuencia en *A*, o que non permite, en principio, interpretar as desviacións do canon en termos de descoñecemento da forma léxica (prototípica). Os textos nos que se localizan pertencen, con cadanseu exemplo, a Fernan Garcia Esgaravunha, Men Rodriguez Tenoiro, Johan Garcia de Guilhade e Johan Soarez Somesso, respectivamente. Como se pode observar, sitúanse nos cadernos I, V e X₂. Neles, fronte á opción esperable, <z>, supoñen, respectivamente, un 7,7%, 11,1% e 25%.

Nunha obra tan sistemática como *A* son áinda más transcedentes todos estes exemplos de incoherencia grafo-fonolóxica. A variabilidade é, pois, inquestionable, e non só nunha posición (intervocálica ou implosiva final) senón nas dúas. Nesta dirección o noso cancioneiro apoia a liña argumental dos estudiosos do consonantismo medieval galego ó sinalaren, por exemplo, que para o sistema de sibilantes xa no propio s. XIII agroman exemplos textuais da deriva lingüística posterior da nosa lingua (cf., entre outros, X. H. Costas, R. Lorenzo, C. de Azevedo Maia, R. Mariño ou M. Ferreiro).

Por último, convén salientar que o único exemplo de <s> con valor de /dz/ aparece en posición implosiva final na forma *fes* (89b). Como xa se sinalou antes, trátase da terceira persoa do pretérito do verbo *fazer* que, maioritariamente (89,6%), aparece grafada como *fez*. Inclúese nunha composición de Johan Soarez Somesso. Ánda que esteamos diante dun único caso non sorprende en absoluto a súa aparición: por exemplo, X. H. Costas sinala que en documentos galegos do s. XIII detéctase a «alternancia -Z, -S e -Ç en posición implosiva final, e non só nos patronímicos» (1994: 54). Ben é verdade

86. M.^a Ana Ramos (1994: 45) recolle as dúas últimas e engade tamén *preq ua*. Os exemplos que presentan en *A* esta última raíz son *preçado* (184a), *preq r* (184a), *preçaua* (202b) e *preq* (138b, 158b). Existe, daquela, homoxeneidade total á hora de seleccionar unha realidade gráfica. Tal e como sinala M. Ferreiro (1995: 168) «o resultado xordo en posición intervocálica é bastante común, talvez por razóns cronolóxicas ou por un tratamento semicílito» e, entre os exemplos que dá, atópase PRÉT^U > *preq*. A prudencia obríganos, en consecuencia, a preferir para estes exemplos unha explicación por evolución fonética espontánea, mais tampouco descartamos que se poida tratar dunha evidencia de enxordecemento.

que a presenza da grafía <s> por <z> en posición implosiva final, segundo os seus propios datos, non se ve rexistrada (si o fai, nun 3% dos casos <-s-> por <-z-> nalgunha das coleccións documentais manexadas, cf. 1994: 56 e 94). Nos datos de X. H. Costas constátase que nos textos galegos do s. xv estudiados por el «en final absoluta está consumado o proceso de desafricanación, pois atopamos sistematicamente -S» (1994: 92). Neste sentido, o exemplo presente en *A* encaixa perfectamente nos parámetros evolutivos propugnados pola nosa tradición crítica, na que «a práctica totalidade dos estudosos da nosa lingua medieval coinciden en sinalar que é más que probable que a desafricanación comezase nesta distribución implosiva final» (X. H. Costas 1994: 92).

Do último dos fonemas africados, /tʃ/, xa se subliñou a súa escasa presenza en *A* tanto pola cantidade de formas (trinta e cinco) coma pola de ocorrencias (non chegan a un cento). O grafema que o representa é o dígrafo homorgánico <ch> e, como alógrafo exclusivamente no ámbito clítico, <x>. A propósito da relación grafofonolóxica entre este fonema e o grafema, <ch>, di C. de Azevedo Maia que «desde os documentos mais antigos [...] é notória a regularidade com que o grafema complexo *cb* representa aquele fonema» (1986: 468). Son tres as posicóns en que aparece: inicial, intervocálica e posconsonántica. En calquera caso e con independencia de que sexan os dous primeiros contextos anteriores os más rendibles, é certo que o número real de lexemas diferentes presentes nesta trintena e pico de formas son moi poucos e quedan mesmo nos lindeiros da decena:

- (a) Explosiva inicial (60,6% das formas): *ch'* 3, *chamada* 1, *chamando* 1, *chamarei* 1, *chamei* 3, *chega* 1, *chegado* 3, *chegar* 2, *chega e* 1, *chegou* 2, *chorades* 2, *chorando* 5, *chorar* 6, *chorauam* 1, *choredes* 1, *choro* 3...
- (b) Intervocálica (33,3%): *a&char* 1, *ach'* 1, *acha* 1, *achar* 10, *acharedes* 1, *acharei* 2, *acha e* 3, *achegado* 2, *achei* 4, *acho* 3⁸⁷.
- (c) Posconsonántica (6,1%): *ancha*⁸⁸.

A grafía <x>, bastante inusual nos nosos primeiros textos e desprazada ben axiña dos posteriores, é coñecida da *scripta* primitiva de distintas partes da península ibérica pero destaca a súa presenza na *scripta* astur-leonesa. En *A* só é empregada co clítico P2 **en** — posición explosiva inicial— e, de forma moi característica, con valor de dativo de solidariedade. Como dixemos ó tratar o fonema /ʃ/ (cf. *supra*), hai un número importante de casos de *xe ~ x'* que nos son dubidosos (18 sobre 34) e que non temos en conta por non introducir aquí factores de indecisión. Frente a eles parécennos claros casos

87. Excluímos *achaz* (142a) por tratarse dun galicismo.

88. Non incluímos *encbal* (156b) por ser un galicismo.

de P2 e— consoante africada— os dez seguintes: *xe* (79b, 88a, 131b, 131b, 152a, 193b) e *x'* (100a, 152a, 201a, 217b).

(C) Consoantes líquidas e nasais

Concluímos o percorrido polo eido consonántico de *A* aproximándonos a dous grupos de consoantes que, tal e como reflicte o cadro número dezaoito, sitúanse no segundo e terceiro lugar, respectivamente, na produtividade das formas (mudan a orde, terceiro e segundo, de nos fixar nas ocorrencias). En total suman mil seiscentas vinte e tres formas os líquidos e mil trescentas corenta e sete os nasais (con case catorce mil cincocentas e dezaoito mil cincuenta ocorrencias, respectivamente). A distribución real entre os fonemas é moi desigual pois, dos líquidos, é realmente /f/ o que concentra a meirande parte das formas, con mil duascentas corenta e nove (76,9% dos fonemas líquidos). Moi lonxe del atópanse os demais: /l/ con cento noventa e tres, /r/ con noventa e cinco e /ʎ/ con oitenta e sete. Aínda que a desproporción non é tan acusada, cos fonemas nasais acontece algo similar: /n/ é o más rendible con novecentas trinta e cinco formas (69,4% dos fonemas nasais), seguido de /m/ con trescentas trinta e tres e, xa moi afastado, /ɲ/ con setenta e nove. No cadro xa sinalado tamén se advertía a escasísima variación alográfica dos catro fonemas líquidos (un 2,5% de media) e a maior variación no caso dos tres fonemas nasais (cun 16,6% de media de representación por medio de alógrafos). Os catro grafemas dos fonemas líquidos son <r, rr, l, ll> e os tres dos fonemas nasais son <m, n, nn>. Nos parágrafos que seguen desenvolvemos un pouco máis polo miúdo cada un deles, así como os seus alógrafos.

Comezamos observando o que ocorre cos fonemas vibrantes. O primeiro deles, /r/, coñece a existencia dun único grafema que o represente: <r>. É certo que, ó igual que acontece con <d> (cf. *supra*), a edición de *A* da que partimos non distingue os dous tipos de ‘erre’ presentes nas súas páxinas: o de trazo redondo e o de trazo recto. Como é ben sabido, a variación entrambos os dous responde a un condicionamento contextual de acordo coas grafías contiguas e así, o primeiro, de astil recto, é o corrente fronte ó marcado, de trazo redondo, que se usa cando está antecedido de letra de corpo redondo. Este é o motivo de que na nosa proximación non teñamos en conta esta diferenciación.

As seis posicións nas que se documenta /r/, sempre realizado como <r>, son as seguintes:

(a) Inicial agrupada como segundo elemento de grupo consonántico homosílabico (10,3% das formas). Os exemplos coñecen seis combinacións:
 (1,6%) *branca* 1, *brauo* 1; <fr> (3,9%) *freyra* 7, *fremo a* 112, *fremo o* 18...; <gr> (19,4%) *grâ* 8, *graq* 2, *graç r* 4, *gradeqr* 6, *grado* 27, *gradoar* 1, *gran* 309, *grande* 7, *graue* 21 *grâ* 8, *graq* 2, *graç r* 4, *gradeqr* 6, *grado* 27,

gradoar 1, *gran* 309, *grande* 7, *graue* 21...; <cr> (10,8%) *creçera* 1, *creede* 7, *creer* 23, *creeran* 1, *creerey* 2, *creo* 4...; <pr> (48,8%) *pran* 38, *prazer* 70, *prazia* 1, *prêda* 1, *prêdi* 1, *preg do* 1, *preq* 2, *pregunta* 2, *preguntar* 11, *preito* 4, *prenda* 3, *prender* 16, *prendo* 2, *pre o* 1, *pre tar* 2, *preto* 1, *prez* 27, *primeiro* 3, *prol* 17, *prouar* 4, *prouguer* 5...; <tr> (15,5%) *traedor* 3, *trage* 3, *trameter* 1, *tres* 4, *tremi* 1, *tri te* 4, *trobador* 3, *trobar* 8, *trobo* 1...

(b) Agrupada como segundo elemento de grupo consonántico homosilálico tras consoante heterosilábica precedente (5,2% das formas). Son catro as combinacóns documentadas:
 (15,6%) *nêbrar* 3, *nenbrar* 7, *nenbra* 1, *nenbrou* 1...; <cr> (3,1%) *mezcra* 2, *mezcrar* 1; <pr> (17,2%) *comprida* 1, *de praz* 1, *empre* 38...; <tr> (64,1%) *amo trar* 2, *antre* 1, *contra* 25, *entrar* 2, *e côtra* 1, *e rado* 1, *mêtr* 4, *mentre* 8, *mo trar* 19, *mo trou* 6, *no tro* 30, *ontre* 1, *uo tro* 1...

(c) Agrupada como segundo elemento de grupo consonántico homosilálico en posición intervocálica (4,6% das formas), con seis combinacóns posibles:
 (22,4%) *cobra e* 1, *de cobrir* 1, *ncobrir* 1, *obridado* 1, *quebrâta* 1, *obre* 11...; <dr> (3,4%) *madre* 1, *pedras* 1; <f(f)r> (38%) *offri* 17, *offredor* 5, *offreu* 1, *offro* 12, *a&frontará* 1, *ofri* 3, *ofre* 1...; <gr> (6,9%) *agra-decer* 2, *iograria* 1...; <pr> (1,7%) *aprouguer* 1; <tr> (27,6%) *atreuia* 2, *outra* 85, *outro* 43, *retraya* 1...

(d) Intervocálica non agrupada (34,8% das formas): *acharei* 2, *agora* 27, *amarei* 4, *ampararei* 1, *andarey* 1, *atenderia* 1, *auera* 6, *auerian* 1, *bu ca-ron* 1, *ca aren* 3, *choro* 3, *cobrarei* 1, *creeran* 1, *cuidarei* 1, *darei* 1, *dereito* 12, *de a perado* 1, *de auentura* 4, *dira* 13, *doeria* 2, *dormirô* 1, *durei* 1, *era* 7, *e tarei* 1, *falarey* 1, *faredes* 11, *ferida* 2, *fezera* 5, *fora* 10, *freyra* 7, *guarecer* 8, *guardida* 1, *ira* 2, *iuro* 1, *lazeyro* 1, *loarei* 1, *loucura* 1, *mêtira* 1, *mentirei* 2, *me ura* 18, *moira* 7, *morarei* 2, *moyro* 11, *namorado* 1, *negarei* 1, *ora* 92, *oyren* 2, *parado* 1, *parella* 1, *pero* 96, *podera* 8, *poderey* 2, *pode-ro o* 1, *poren* 80, *punnarei* 1, *queira* 4, *quero* 21, *queyra* 2, *abedoria* 1, *en-tirei* 2, *oubera* 2, *temerei* 3, *ueera* 1, *uentura* 13, *uingaria* 1, *uiueren* 1...

(e) Implosiva medial (13,1% das formas): *acordo* 1, *corpo* 3, *corte* 1, *de-toruan* 1, *dormia* 1, *ergo* 4, *e forç* 2, *forç* 6, *forte* 6, *garçia* 1, *guardado* 8, *guardey* 2, *herdades* 1, *leixardes* 1, *martin* 1, *mortal* 2, *parte* 2, *perden* 1, *perdon* 24, *perduto* 1, *perfia* 1, *porque* 3, *erui* 16, *tarde* 1, *torna* 1, *torto* 8, *uerdad'* 6, *uermella* 1...

(f) Implosiva final (32% das formas): *acabar* 5, *adur* 1, *amar* 67, *ar* 73, *atender* 11, *bu car* 10, *caber* 1, *coitar* 2, *con entir* 3, *contar* 3, *cuidar* 15, *de-fêder* 1, *der* 9, *deuedor* 2, *doer* 10, *ementar* 1, *entender* 17, *e pedir* 1, *falir* 2, *ficar* 3, *for* 77, *gui ar* 4, *ir* 33, *leonor* 2, *loar* 3, *mar* 11, *mayor* 68, *meter* 2, *negar* 17, *oyr* 10, *prender* 11, *pauor* 51, *pecador* 3, *pedir* 5, *quitar* 30, *abor* 71, *aluar* 5, *entir* 2, *Sennor* 1, *ouber* 7, *temer* 8, *uagar* 1, *ualer* 30, *uer* 2...

Aproximámonos agora ó outro membro da parella de fonemas vibrantes, /r/, que coñece en *A* unha realidade grafemática <rr> (68,4%) e outra alográfica <r> (31,6%). A distribución entre elas é praticamente perfecta e, en todo caso, os pouquísimos exemplos de inadecuación nunca afectan á distinción fonolóxica /r/-/r/. O grafema, o dígrafo xeminado <rr>, que posúe en exclusiva a equivalencia fonolóxica /r/, monopoliza as posicións intervocálica (92,3% do total de casos de <rr>; *auerra* 3, *correa* 1, *corregera* 1, *erro* 1, *e terrar* 1, *guerra* 1, *morren* 1, *morreu* 4, *terran* 1, *terrian* 1, *uerra* 3, *uerria* 3...) e posconsonántica non agrupada (4,6%; *gualrria* 1, *ualrra* 3, *ualrria* 1), nas que o presentan de forma característica os futuros irregulares medievais con vibrante múltiple ~~tā~~ nto na intervocálica como na posconsonántica—substituídos modernamente por formas con vibrante simple no radical (X. Varela 1998). Unicamente en dúas oportunidades (3,1%; *rrog'* [144a]; *rren* [120b, 174b]) aparece en posición inicial (6,3% de todas as formas de /r/ nesta posición, mais que só supoñen 0,7% das ocorrencias). Ambas as formas están presentes en *A* a través da grafía canónica con <r>: *rog'* 11, *ren* 244 (en consecuencia, a opción con dígrafo inicial só supón un 8,3% e un 0,8%, respectivamente). Precisamente é a posición inicial a que está reservada, con valor de /r/, para a grafía <r> (93,7%; *razon* 32, *recado* 2, *reçeou* 1, *rey* 4, *ria* 1, *rogador* 2, *rogo* 11, *rubi* 1...).

Cómpre prestarlle atención a algúñ paradigma verbal por mor da variación que se produce entre <r> e <rr> (/r/-/r/)⁸⁹. Isto é o que acontece na P1 do futuro de indicativo do verbo *querer*: en catro ocasións (33,3%) presenta <r> (*querei* [114b] e [115a], *querey* [116b], *querey* [85b])⁹⁰ e, en oito (66,7%), posúe <rr> (*querrei* [82b], *querrei* [115a, 143b, 147b, 147b, 184b], *querrey* [228b], *querrey* [229a]). Como se pode observar, a primeira das opcións concéntrase, con tres exemplos, no ciclo de Nuno Fernandez Torneol (que tamén coñece unha ocorrencia da variante *querrei*) e, cun, no de Johan Soarez Somesso; a segunda, pola contra, localízase, alén do exemplo xa comentado de Nuno Fernandez Torneol, nos ciclos de Vasco Fernandez Praga de Sandin (1), Roi Queimado (3), Johan Lopez de Ulhoa (1) e Anónimo III (2). Por cadernos a opción con <r> está presente no caderno I₁ e no III₃, a variante <rr> atópase tamén no I e no III con cadansúa ocorrencia, no VI₃, VIII₁ e XII₂.

Continuamos cos fonemas líquidos e achegámonos nos seguintes parágrafos ós dous da serie lateral. Comezamos con /l/, para o que, a pesar de presentar en *A* dúas posibles realizacións gráficas, só unha delas, o grafema <l>, é verdadeiramente rendible: alcánzase o 97% das formas con este fone-

89. As cuestións morfolóxicas pódense consultar no artigo de M. López e E. Moscoso (recollido neste mesmo volume). Cf. tamén X. Varela Barreiro (1998).

90. En 114b *querei* rima con *chamarei*.

ma, porcentaxe que se eleva ata o 99,7% se nos fixamos nas ocorrencias. Son cinco as posicións nas que se rexistra:

(a) Explosiva inicial non agrupada (34,9% das formas): *lazerar* 1, *leal* 2, *ledo* 4, *leixa* 7, *leon* 1, *leuar* 16, *leuo* 5, *leyxou* 1, *lezer* 3, *loada* 1, *loar* 3, *logar* 18, *longa* 1, *longe* 4, *louco* 1, *lume* 10...

(b) Inicial agrupada como segundo elemento de grupo consonántico homosílabico na combinación <pl> (1% das formas). Só hai dous exemplos: *plazera* (215b) e *pleyto* (226a) (cadernos XI e XI^a nos ciclos de Pai Gomez Charinho e Anónimo III, respectivamente). No primeiro caso trátase dunha forma completamente minoritaria (só no 0,5% das ocorrencias), pois <pr> é a escolha habitual; de fixármonos nas documentacións presentes só no caderno XI a opción con <l> supón o 6,7% e, de considerarmos só os exemplos situados no ciclo de Pai Gomez Charinho, fronte ó caso devandito hai tres con <r>⁹¹. A situación con *pleyto* é distinta porque os exemplos con <r> explícito, sendo maioría, non o son nos extremos da anterior, pois só hai seis ocorrencias (*preito* 4, *preyto* 2); estas últimas, por cadernos, distribúense no I₂, II, IX e XIII₂, en ningún caso nin no caderno XI^a nin no ciclo do Anónimo III.

(c) Intervocálica non agrupada (30,2% das formas): *ala* 3, *ali* 14, *alongado* 1, *aqueles* 2, *calo* 1, *eles* 23, *fala* 2, (*F*)*alan* 1, *falir* 2, *folia* 3, *ualen* 1, *ualia* 2...

(d) Implosiva medial (17,5% das formas): *alfaya* 1, *algo* 2, (*A*)*lgun* 1, *alma* 1, *culpa* 6, *delgado* 1, *fal* 1, *lealdade* 1, *lealmente* 1, *maldito* 1, *alue* 1...

(e) Implosiva final (16,4% das formas): *aquel* 17, *atal* 41, *fol* 1, *leal* 2, *mal* 397, *mil* 9, *mortal* 2, *natural* 3, *prol* 17, *ol* 31, (*T*)*al* 1, *uil* 1...

Pola súa banda, <ll>, como alógrafo, tamén representa o valor /l/ nuns poucos exemplos (3,1% das formas e 0,3% das ocorrencias deste fonema). Sempre aparece en posición intervocálica e, áñda que son seis as formas (con cadansúa ocorrencia), realmente redúcense a tres lexemas diferentes: *a&quella* (222b), *a&quella* (145a); *ca tella* (217a); *falla* (79b)⁹², *fallar* (246b), *fallei* (98b). Por cadernos e ciclos de autores a súa distribución é a seguinte: I (Vasco Fernandez Praga de Sandin), II (Martin Soarez), VI (Roi Queimado), XI (Pai Gomez Charinho, Fernan Velho) e XIV (Vasco Rodriguez de Calvello). *Ca tella* é forma única en todo o cancionero. A forma do deíctico femino singular con <l> só se rexistra en *a&quela* (142a, caderno V)⁹³; tamén

91. Temos en conta toda a familia léxica (con <r> minúsculo explícito).

92. Este exemplo xa o menciona M.^a Ana Ramos (1994: 45) como caso de «<-ll-> para /l/».

93. No plural hai outras dúas formas con tres ocorrencias: *aquelas* (163a), *aquelas* (204b, 204b).

se rexistran as tres formas anteriores de <fal->: *fala* 2, *falar* 87 e *falei* 7 (tamén *faley* 1)⁹⁴. Estas últimas distribúense ó longo de case todos os cadernos; só faltan de VII^a, XI^a, XII, XIII e XIV^a. Naqueles cadernos nos que coexisten coas formas con <ll> con valor de /l/, a proporción que supón a escolla marcada fronte ó total de cada caderno é: I 7,1%, II 12,5%, VI 7,7%, XI 28,6% e XIV 20%.

O último dos fonemas líquidos é /ʎ/ que, como /l/, admite dúas realizacións gráficas, mais é o grafema <ll>, co 93,1% das formas e o 99,4% das ocorrencias, o realmente produtivo⁹⁵. Aínda que se localiza en tres posicíons, destaca na intervocálica:

(a) Explosiva inicial (7,4% das formas), exclusivamente no clítico herdeiro do dativo latino da terceira persoa: *lle* 195, *lles* 39, *lli* 1, *lly* 1...

(b) Posconsonántica (1,2 %): só se localiza un exemplo: *nenllur* 1.

(c) Intervocálica (91,4%): *acon ell'* 1, *cô ellar* 2, *côello* 1, *con ellador* 5, *con ellos* 1, *e coller* 2, *e pello* 1, *filla* 3, *fillara* 1, *fillo* 2, *malla* e 1, *marauiillo* 5, *mellores* 1, *moller* 1, *null'* 8, *ollos* 74, *parella* 1, *emella* 6, *tallada* 2, *tollede* 1, *tolleito* 1, *uallades* 1, *uermella* 1...

Tal e como se indicou, o 6,9% das formas do fonema /ʎ/ (0,6% das ocorrencias) presentan o alógrafo <l>. Xa R. Lorenzo adverteu (1987: 477) que «nos textos galegos medievais [...] é bastante corrente atopar *l* xunto a *ll*». Retomando as palabras anteriores, pero aplicándoas directamente á *scripta* de *A*, M.^a Ana Ramos sinalou que «Todavia, ao lado da quantidade elevada de <ll> registam-se, de igual maneira, casos de <-l-> para /ʎ/» (1994: 45) e fornece dous exemplos: *filei* e *alur*⁹⁶. Pola nosa banda, identificamos en *A* catro formas (con sete ocorrencias), dúas en posición intervocálica (*alur* [209a], *filei* [99a, 99a, 99b]) e dúas en posición inicial (*le* [151a, 184a], *les* [145a]). Todas catro coñecen tamén a representación por medio do grafema: *allur* 4, *filei* 4 (tamén *filley* 2), ademais dos xa vistos *lle* 195 e *lles* 39.

Os exemplos precedentes localízanse nos cadernos e ciclos dos autores seguintes: II₃ (Martin Soarez), VI₂ (Roi Queimado, Vasco Gil), VIII (Johan Lopez de Ulhoa) e X (Johan Vasquiz de Talaveira). Obsérvese que, de compararmos estes datos cos de <ll> con valor de /l/, cinco das sete ocorrencias anteriores (71,4%) comparten espazo (cadernos II e VI) e ciclos (Martin Soarez e Roi Queimado) o que, obviamente, non pode ser froito da casualidade.

94. Alén doutras oito formas —dezaseis ocorrencias— do paradigma de *falar* (todas grafadas con <l>).

95. M.^a Ana Ramos (1994: 45) afirma que /ʎ/ se transcribe «en maior número» a través de <ll>.

96. Ó abeiro do marco explicativo xa adiantado para as sibilantes (cf. *supra*), M.^a Ana Ramos xustifica a variación gráfica anterior porque «en uma época de instabilidade gráfica é perfeitamente possível acolher <l> para /ʎ/ e <ll> para /l/ tal como acontece no Cancioneiro da Ajuda» (1994: 45).

Non convén abandonar o ámbito deste fonema líquido sen antes tomar en consideración a existencia dunha posible terceira opción gráfica, áinda que na instancia das anotacións marxinais e, polo tanto, fóra do noso campo de interese. Tanto H. Carter coma M.^a Ana Ramos falan da presenza nunha das anotacións de *A* (na páxina 150b) do dígrafo <lh> con valor de /ʎ/⁹⁷. Na súa lectura, áinda inédita, Mariña Arbor le «*q eu morrer fill?* (cortado)». Nós, pola nosa banda, á vista do facsímile, non podemos corroborar a opinión dos dous primeiros, pois comprobamos que nas anotacións marxinais de *A* non hai <lh>, nin no exemplo truncado nin nos outros casos de /ʎ/⁹⁸. Por outra banda, consideramos relevante que ó realizar a corrección sobre o texto poético o amanuense escribiu claramente <ll>; *fillara* (150b).

Desenvolvemos a seguir o último dos bloques consonánticos deste ítem, o das nasais. Comezamos co fonema bilabial, /m/, que, tal e como se sinlou en cadros anteriores, coñece en *A* unha única representación gráfica — inúscula — a do grafema <m>. Deixamos fóra desta sección o dígrafo xeminado <MM> por ser sempre de realización plenamente maiúscula (capital + poscapital): *MMeu* (104b) e *MMeus* (222a).

As posicións nas que se atopa <m> son as seguintes:

- (a) Explosiva inicial (55,4% das formas): *macar* 3, *maldito* 1, *mando* 1, *mar* 11, *matou* 1, *med'* 2, *mentes* 1, *mentre* 8, *meta* 1, *meu* 1, *mil* 9, *moller* 31, *morei* 1, *morreria* 2, *morria* 6, *mo trar* 4, *münd'* 10, *muita* 1, *muyt'* 8...
- (b) Intervocálica (38,3%): *amador* 1, *amaua* 1, *amig'* 7, *amou* 5, *chamada* 1, *começey* 1, *cou imento* 2, *demo* 4, *ementar* 1, *fremo* '2, *iamais* 2, *lume* 10, *primeira&mente* 1, *emellan* 1, *tema* 1, *temudo* 1, *trameter* 1, *trem'* 2...
- (c) Posconsonántica (6,3%): *alma* 1, *de mentido* 1, *de me ura* 1, *dormen* 1, *dormia* 1, *lealmente* 1, *o m'* 1, *tormenta* 1, *uermella* 1...

O segundo dos fonemas nasais, /n/, amosa unha quíntupla posibilidade de representación gráfica. No cadre que segue obsérvase a distribución consonante a posición na que se sitúa cada unha das variantes gráficas:

97. O primeiro escribe, como comentario do verso “[P]ois que eu morrer fillara”, «faded; in right margin: *q eu morrer filbara*» (1941: 87, n. 1); a segunda defende que «os dígrafos <lh-> e <nh-> están ausentes do manuscrito, se exceptuarmos uma corrección marginal, contemporánea da cópia, em que o revisor usa <lhe-> [sic] em *filbara* (*A* 143)» (1994: 45).

98. *tolle* (98a), *uallades* (99b), *en/lle* (103b), *que/lle* (115b, 127b), *toller* (130a), *mellor* (161b).

—*Cadro 29*—⁹⁹

%	/n/					/ɲ/
	EI	P	IF	IM	I	
<n>	9/100 [25/100]	2/100 [0/100] ¹⁰⁰	26/69 [51/86]	59/81 [22/87]	3/92 [2/98]	1/9 [0/2] ¹⁰¹
<~>			43/21 [79/13]	57/15 [21/8]		
<~n>			4/0 [0/0] ¹⁰²		4/4 [0/1]	92/22 [100/38]
<m>			56/10 [33/1]	44/4 [67/5]		
<nn>					2/4 [0/1] ¹⁰³	98/59 [100/59]
<ñ>						100/5 [100/1]
(<~y>)						100/5 [100/0]

[EI: Explosiva inicial; P: Posconsonántica; IF: Implosiva final; IM: Implosiva medial; I: Intervocálica]

Dos cinco contextos en que aparece /n/, só unha grafía, o grafema <n>, está en todos. E non só iso, senón que ademais é a opción maioritaria en todos eles: alcanza o cen por cen na posición explosiva inicial e mais na posconsonántica; supera o noventa por cento en posición intervocálica, e nas posicións implosiva medial ou final oscila entre o 81% e o 69%, respectivamente. Estas porcentaxes soben áinda máis se manexamos as ocorrencias e non o número de formas. Os alógrafos localízanse, como moito, en dúas posicións, que en ningún caso son a explosiva inicial e a posconsonántica. Tampouco hai ningún contexto que conte coas cinco posibilidades gráficas; neste sentido é a posición implosiva final a que concentra un maior número de opcións gráficas, con catro. A continuación achegámonos ós distintos exemplos tendo en conta estas dúas variables básicas: a grafía e o contexto.

99. Incorporamos tamén, por complementariedade e por facilitar o contraste, o fonema /ɲ/.

100. Son quince ocorrencias.

101. En total suman vinte e unha ocorrencias.

102. Tanto esta posición coma a intervocálica posúen cadanseu exemplo.

103. Rexístrase un caso.

Comezamos co grafema, <n>, que, como xa se sinalou, é o que máis ampla combinatoria posúe (transcendendo incluso os lindeiros do propio fonoema /n/):

(a) Explosiva inicial: *na* 3, *nad'* 1, *natural* 3, *nega* 3, *nego* 2, *nos* 1, *nogueira* 2, *noite* 1, *nulla* 55...

(b) Posconsonántica, presente só en dous lexemas, pero sobre todo con *tornar*: *torne* 1, *tornaua* 1, *tornar* 3, *tornad'* 1, *torn'* 2, *gouernar* 1, *tornou* 1...

(c) Implosiva final: *alguen* 30, *aueran* 1, *ca aren* 3, *cuidan* 2, *dan* 2, *don* 7, *eran* 1, *e tan* 4, *fin* 1, *mataran* 1, *morreron* 1, *ouueron* 3, *preguntaran* 1, *perdon* 24, *queren* 11, *aberen* 5, *ouberen* 1, *ten* 80, *uan* 4, *uen* 54, *uiren* 4, *un* 20...

(d) Implosiva medial: *acon ell'* 1, *afon o* 4, *ainda* 5, *and'* 11, *entre* 1, *atende* 1, *auenturar* 1, *bondade* 1, *cantiga* 1, *chorand'* 1, *confonda* 3, *con entir* 3, *cuidando* 5, *demande* 2, *ementar* 1, *endeante* 1, *enquanto* 2, *entanto* 4, *entenda* 5, *entendera* 1, *entrar* 2, *fazenda* 11, *gente* 1, *longa* 1, *mandar* 1, *mentir* 6, *mund'* 16, *nembra* 5, *nunc'* 8, *prendi* 2, *pen o* 2, *preguntan* 1, *prendo* 2, *quanta* 3, *anta* 2, *tanta* 1, *ueendo* 2, *uentura* 13...

(e) Intervocálica¹⁰⁴: *dano* 2, *dona* 97, *enganou* 1, *ioana* 4, *leonor* 2, *penado* 1, *penar* 2, *enô* 3...

Pola súa banda, <~> é exclusivo de posición implosiva:

(a) Implosiva final: *affâ* 1, *algû* 5, *bô* 3, *bu câ* 1, *cô* 27, *de eiâ* 1, *dormirô* 1, *ê* 3, *entô* 2, *fezerô* 2, *grâ* 8, *mî* 81, *nê* 43, *perdô* 1, *poderô* 1, *quâ* 2, *quê* 13, *abê* 1, *tâ* 8, *uê* 1, *uirô* 1, *uiuerê* 1...

(b) Implosiva non final: *âdar* 1, *alôgar* 1, *atêder* 1, *câtiga* 1, *cô ell'* 1, *cô entir* 1, *côtra* 1, *de eiâdo* 2, *emêtar* 1, *enquât'* 1, *entêder* 7, *leuâtey* 1, *mâdar* 1, *mêtir* 1, *mûdo* 25, *nûc'* 1, *prêda* 1, *quâdo* 4, *quâto* 9, *êpre* 2, *tâto* 1, *uiuêdo* 1...

Idénticos contextos posicionais son os que acollen a aparición de <m>:

(a) Implosiva final: *andam* 1, *auiam* 1, *bem* 1, *chorauam* 1, *diram* 2, *em* 2, *mim* 3, *neum* 2, *podiam* 1, *porem* 1, *quam* 3, *quem* 11, *rem* 3, *ueiam* 1, *yam* 1...

(b) Implosiva non final: *ambos* 2, *amparar* 5, *cambiar* 1, *comprida* 1, *de ampar* 1, *emperador* 2, *nembra* 1, *empr'* 24, *tempo* 4...

Finalmente, as últimas dúas opcións alógraficas, <n> e <nn>, son totalmente excepcionais: aquela só se rexistra en dúas ocasións, nun caso en posición intervocálica (*engânar* [90a]) e no outro en posición implosiva final

104. Algúns destes exemplos foron interpretados en termos de interferencia castelá: *amenas* 2, *arenas* 4 (cf. M.^a Ana Ramos 1994: 46).

(*quén* [139a]). Este último exemplo localízase nun verso parcialmente modificado, con notación na marxe esquerda (en palabras de Carter: «in left margin: o ame come mj» 1941: 72, n. 4) e, como se aprecia nidiamente, co til moito más difuso en intensidade de tinta que o <e> ou o <n>. En xeral é esta unha páxina con bastantes borranchos e correccións; ademais, catro versos antes hai un exemplo estruturalmente idéntico (*quen* + clítico P3 CDIR) pero botando man do sinal de abreviatura xeral con valor de <ue>: *quen*. O outro alógrafo, <nn>, unicamente aparece con valor de /n/ nun exemplo, en posición intervocálica (*ennon* [240b]).

Nos parágrafos que seguen expoñemos máis en detalle o que ocorre na posición implosiva.

A análise das formas en <-m> amosa que dezaseis delas son verbos (55,2%); a vogal que precede é *a* en doce exemplos (41,4%), *e* en catorce (48,3%), *u* en dous (6,9%) e *i* nun só caso (3,4%). Na súa combinatoria coa primeira letra da palabra posterior obsérvase a seguinte distribución:

(a) En catorce ocorrencias os exemplos de <-m> atópanse en posición de rima (26,9%): en tres casos con rima imperfecta en vogal (*a*, *i*) ou en vogal e consoante (-er); en oito ocasións riman con palabras acabadas en <-n> (sete -en e unha -in) e en tres oportunidades riman entre si, con formas acabadas en -em (2) e -im (1).

(b) Alén de dous exemplos nos que a grafía que segue é a nota tironiana, as formas en <-m> antepónense a unha vogal en dez ocasións (19,2%): *a* (4), *e* (4), *o* (1) e *u* (1).

(c) Por último, en vinte e seis exemplos a palabra seguinte comeza por consoante (50%). Nesta oportunidade o peso específico do carácter labial da consoante é innegable: *m* (26,9%), *p* (26,9%), *qu* (11,5%), *d* (7,7%) e, con cada exemplo, *b*, *c*, *f*, *g*, *i*, *l*, *n*.

Se nos aproximamos agora ás formas con <~> observamos que, polo que se refire á vogal á que se asocia o til, é *e* en dezanove oportunidades (32,2%), *o* en dezaoito (30,5%; lembremos que esta vogal non se documenta co alógrafo <-m>), *a* en dezasete (28,8%), *u* en catro (6,8%) e, novamente, só nun caso é *i*. Entre todas as súas formas hai trinta e catro (57,6%) de carácter verbal (cifra só un pouco máis elevada cá vista para o alógrafo anterior). Comprobamos agora cal é o reparto segundo a grafía con que se inicia a palabra que vén despois deste alógrafo nasal:

(a) Setenta e nove ocorrencias de <~> ocupan a posición de rima (10,7%). Esta porcentaxe queda moi lonxe da que amosa o alógrafo precedente.

(b) Nun caso a grafía que segue é a nota tironiana e, en cento nove, <~> precede a unha vogal (14,8%): *a* (45%), *e* (42,2%), *o* (11,9%) e *i* (0,9%). Nesta oportunidade compróbase que os datos entrambos os alógrafos non están tan afastados.

(c) Finalmente, en cincocentos corenta e oito exemplos a palabra seguinte comeza por consoante (74,4%). A distribución de maior a menor presenza é: *m* (18,1%), *p* (16,1%), *u* (12,8%), *l* (11,1%), *qu* (10,6%), *d* (8,4%), *f* (5,1%), *I* (4,4%), *c* (4%), *n* (2,6%), *g* (2,2%), *t* (1,8%), *b* (1,3%), *i* (0,9%), *r* (0,5%), *h* (1 exemplo). Á vista destas proporcións, as que presentan <-m> cobran unha inequívoca relevancia: en case as tres quintas partes dos exemplos de <-m>, cando vai seguido de palabra que comeza por consoante, esta consoante é <m> ou <p> (con ambas as dúas <~> atopase a algo máis de vinte puntos de distancia); chama tamén a atención que, a pesar da cantidade nada despreciable de exemplos coa consoante <u> ou <->, en ningún destes casos a opción alógráfica empregada fose <-m>.

Para que o deseño do cadro se complete, cómpre revisarmos a distribución do grafema <-n> sobre o manto dos exemplos. As vogais que preceden a consoante nasal son *e* (37,8%), *a* (34,2%), *o* (19,7%), *u* (3,6%) e *i* (2,6%)¹⁰⁵; ós anteriores hai que engadir dous exemplos de abreviación da vogal *a* e outros dous de *e*. O 56% das formas pertencen a paradigmas verbais (mantense a proporción observada para os dous alógrafos e sitúase nunha posición intermedia). O reparto segundo a grafía que vai tras da nasal implosiva é o seguinte:

(a) Algo máis de mil cen ocorrencias de <-n> ocupan a posición de rima (22,5%).

(b) En seiscentos cincuenta e nove antepone a unha vogal (13,4%): *a* (36,7%), *e* (31,6%), *o* (28,8%), *u* (1,5%) e *y* (1,4%)¹⁰⁶; ademais, en 18 oportunidades vai seguida da nota tironiana.

(c) Finalmente, case en tres mil cento cincuenta exemplos a palabra seguinte comeza por consoante (63,8%). A distribución de maior a menor presenza é: *m* (14,1%), *p* (13,2%), *qu* (12,5%), *l* (10,5%), *d* (9%), *c* (8,6%), *u* (8,4%), *b* (5%), *g* (4%), *t* (3,9%), *f* (3,5%), *n* (3,2%), *I* (2,6%), *r* (0,8%), *i* (0,4%), *x* (2 exemplos) e *h* (1). Sendo novamente maioritarias as consoantes labiais, diminúe progresivamente a súa vantaxe fronte ás outras consoantes; confírmase novamente a importante presenza de consoantes como <-> ou <u>, ausentes co alógrafo <-m>.

De facermos o seguimento das tres opcións gráficas por cadernos descubrimos que: (i) <m> e <~> son as únicas que están ausentes nalgúns cader-

105. *Linnagen* (4, todos en 95a) e *omen* (4: 97b, 164a, 245a, 247a) coñecen en *A* a competencia das variantes sen nasal final, minoritaria no caso de *linnage* (2: 241b, 241b), maioritaria no caso de *ome* (75) ou *om'* (21).

106. Paga a pena que resaltemos que neste contexto a vogal /i/ está representada sempre por <y>, mentres que no caso de <-> só se rexistra a grafía <i>. Estamos, pois, ante un caso de perfecta complementariedade contextual.

nos, mais en distinta medida: a primeira falta en VIII, XII, XIII, XIV e XIV^a, a segunda só está ausente de XIV^a; (ii) <n>, o grafema, é sempre maioritario en todos eles, mais non sempre en idéntica porcentaxe (en todo caso nunca baixa das tres cuartas partes dos exemplos); (iii) o alógrafo con til riba da vogal, que sempre é a segunda opción nos dezaseis cadernos nos que se documenta, varía a proporción con que aparece: sitúase ó redor da cuarta parte nos tres primeiros cadernos, oscila entre o once e o dezaseis por cento nos cadernos IV, VII, VIII e XII, atópase entre o cinco e o nove por cento nos cadernos V, VI, VII^a, IX, X, XI e é inferior ó cinco por cento nos caderinos XI^a, XIII e XIV; (iv) pola súa banda, <m> alcanza a máxima representación en dous cadernos, X e XI^a, cunha porcentaxe na órbita do 3%, en seis sitúase na franxa do 1% (I, IV, VI, VII^a, IX e XI) e é inferior a ela nos caderinos II, III, V e VII (cf. cadro 30).

— adro 30 —

%	I	II	III	IV	V	VI	VII ^a	VIII	IX	X	XI	XI ^a	XII	XIII	XIV	XIV ^a	
<n>	74,3	74,8	74,4	87	90	91,1	83,2	91,5	87,5	89,2	91,1	92,2	92,3	86,3	97,1	99,6	100 ₂₁
<>	24,7	24,3	25,2	11,9	9,4	7,7	16,4	7,4	12,5	9,7	5,8	6,8	4,6	13,7	2,9	0,4	
<m>	1	0,9	0,4	1,1	0,6	1,2	0,4	1,1		1,1	3,1	1	3,1				

Cómpre sinalar tamén que <m> se concentra, por veces, nalgúnha páxina en especial: así son seis os exemplos que hai en 205a, de Johan Garcia de Guilhade (autor que, en total, posúe no seu ciclo dez exemplos), catro en 148b (Roi Queimado), ou tres en 122a (Pero Garcia Burgalés).

Polo que se refire ás formas léxicas específicas, só once delas amosan a tripla posibilidade (alo)gráfica¹⁰⁷: *ben* (96,6% - 3,3% - 0,1%), *diran* (40% - 20% - 40%), *en* (99% - 0,6% - 0,4%), *min* (58,8% - 39,7% - 1,5%), *neun* (62,5% - 12,5% - 25%), *poren* (90,9% - 8% - 1,1%), *quan* (61,5% - 15,4% - 23,1%), *quen* (83,3% - 8,6% - 8,1%), *querrian* (33,3% - 33,3% - 33,3%), *ren* (97,2% - 1,6% - 1,2%) e *en* (98,5% - 1% - 0,5%). En case a metade delas a proporción con que <n> prevalece é moi acusada (maior do noventa por cento), en catro ocasións oscila entre o 58 e o 83% e unicamente en dúas oportunidades se sitúa por baixo do cincuenta por cento (*diran* e *querrian*, precisamente as formas, de todas elas, que contan con menos exemplos).

Só hai seis formas que se rexistran exclusivamente con <m>. Pertencen todas a paradigmas verbais e só contan cunha ocorrencia: *auiam* (161b), *chorauam* (192b), *creeram* (118a), *detem* (204a), *podiam* (161b), *yam*

107. As proporcións son, respectivamente, de <n>, <> e <m>.

(170a). Hai sete parellas coa vacilación <n>/<m>: en catro hai maioría da primeira (*nium, poderan, ueen, ueian*), en dúas parellas ambas presentan cadansez exemplo (*andam, preguntén/pregútem*) e só nun caso a maioría (dúas ocorrencias fronte a unha) vén representada por <m> (*choram*).

Son trinta e sete as parellas que amosan a vacilación <n>/<>: en trinta delas <n> é a forma maioritaria (*affan, bon, con, coraçon, de eian, enton, fazen, gran, poden, aben, azon, ten, uen...*), en seis formas ambas as grafías rexistran cadansúa ocorrencia (*bu can, dormiran, foren, perderon, ouberen, uiueren*) e só nun caso (*fezerō*) a opción co alógrafo supera a do grafema (dúas ocorrencias fronte a unha). Hai dez exemplos que, todos formas verbais e cunha única ocorrencia, só contan coa representación do alógrafo <>: *a&frontarā, deuuā, dormirō, di erō, forū, fo ē, punnā, poderē, ouberō*. No resto de formas (case cento trinta) <n> é a única escolla gráfica presente en A.

A outra posición que merece unha atención específica é a implosiva non final. O alógrafo <> vai precedido das seguintes vogais: *a* (29,3%), *e* (37,8%), *i* (2,4%), *o* (18,3%), *u* (12,2%). As consoantes que se atopan detrás do alógrafo nasal son: *t* (37,5%), *d* (27,5%), *p* (8,75%), *ñ* (8,75%), *b* (5%), *g* (5%), *u* (5%), *c* (2,5%). Cando o alógrafo é <m> as vogais que o anteceden son: *a* (56,5%), *e* (39,1%) e *o* (4,4%). As únicas consoantes que o seguen son as tres seguintes: *p* (82,6%), *b* (13,1%) e *d* (este último só no exemplo *poren&de* 207a, que, como se pode observar, aparece grafado cun espazo entre as dúas consoantes).

As distintas vogais que preceden o grafema nasal (<n>) distribúense, alén dun 2,5% con formas vocálicas abreviadas, do xeito seguinte: *a* (28,1%), *e* (47,3%), *o* (14%), *u* (5,2%), *i* <i, y> (2,9%). Para a confrontación cos datos dos alógrafos nasais nesta posición resulta máis produtivo observar cal é a consoante que vén despois da nasal. Ordenadas de maior a menor presenza, os datos que reflicte A son: *d* (37,5%), *t* (31,3%), *ñ* (7,9%), *p* (5,2%), *g* (4,7%), *u* (3,2%), *c* (2,9%), *qu* (2,2%), *ç* (2%), *b* (1,6%), *f* (0,9%), *x* (0,4%) e *l* (0,2%). O paralelismo que seguen o primeiro dos alógrafos (<>) e o grafema (<n>) é evidente, do mesmo xeito que tamén se aprecian nidiamente as liñas mestras que rexen a elección do segundo dos alógrafos, <m>: queda reservado ó contexto —e é ‘esixido’ por el— das consoantes <p> e (sobre todo a primeira). A distribución das tres opcións gráficas ó longo dos cadernos é a seguinte:

C adro 31—

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII ^a	VIII	IX	X	XI	XI ^a	XII	XIII	XIV	XIV ^a
<n>	77,4	83,5	81	92,5	95,5	96,5	80,9	90,6	83,2	86,5	87,2	82,7	84,2	83,3	89,7	90,9	100 ₁₅
<>	18,9	11	18,1	4,5	4	2	17,7	9,4	13,9	7,9	2,7	4,5	10,5	9	6,5	9,1	
<m>	3,7	5,5	0,9	3	0,5	1,5	1,4		2,9	5,6	10,1	12,8	5,3	7,7	3,7		

Certamente, <n> é amplamente maioritaria en todos os cadernos de *A*, mesmo nalgún deles, o XIV^a¹⁰⁸, é a única forma que se rexistra. Mais non o é sempre na mesma proporción: mentres nalgúns casos (V e VI por exemplo) excede do 95%, outros queda ó redor do 80% (I, VII, XI, III...). De xeito inversamente proporcional <~>, que é praticamente sempre a segunda máis empregada e que só está ausente de XIV^a, chega a estar moi próximo da quinta parte dos exemplos en I, III e VII, mais na maioría dos casos oscila entre o 5% e o 10%¹⁰⁹. Pola súa banda, <m>, que non se rexistra en VII^a, XIV e XIV^a, posúe case sempre porcentaxes inferiores ó 5% (o que a sitúa claramente como terceira escolla), excepto nos cadernos X e XI nos cales é, tamén nidiamente, a segunda opción gráfica nasal nesta posición.

Fronte ó sinalado no penúltimo parágrafo, hai unha serie de exemplos que non seguen a regra anterior, isto é, que amosan <~> ou <n> diante de <p> ou . A primeira das opcións, marcadamente precedida da vogal e (84,2%), concéntrase en catro lexemas, tres diante de <p> (*côpoer* 1, *de áparado* 1, *de áparar* 1, *épre* 2, *épre* 2, *épr'* 6) e un diante de (*nêbrades* 1, *nêbrar* 3, *nêbrardes* 1, *nêbra* e 1). De as compararmos coas respectivas formas en <m> observamos que, mentres en dúas ocasións é maioritaria a grafía <m> (*de ampar-* con dez ocorrencias e *empre* con setenta), nas outras dúas acontece xustamente o contrario (*côpoer* non coñece a grafía con <m> e— tampouco con <n>,— do cuarto só hai unha ocorrencia con <m>: *nembra* [245b]).

As dislocacións gráficas con <n>, tamén notoriamente acaroadas á vogal e co 95,3% (e por veces de natureza prefixal), céntranse ó redor de oito lexemas, sempre diante de <p>: *conprida* 1; *de anparou* 1, *de enparad'* 2; *enpero* 1; *enpen ado* 1; *enpeorar* 1; *enprender* 1; *enpr'* 44, *empre* 50; *tenp'* 4, *tempo* 2... Dos lexemas anteriores só catro presentan as correspondentes formas con <m>; alén das xa mencionadas *de ampar-* (10) e *empre* (70), docúmántanse *comprida* 1 e *tempo* 8.

Para concluírmos esta breve aproximación abordamos a distribución por cadernos destes exemplos de <~> ou <n> diante de <p> ou (cf. cadro 32). Os tres cadernos unifolios son os únicos nos cales ou só se coñecen formas con <m> (VII^a), con <~>/<n> (XIV^a) ou están repartidas por igual (XI^a). Só catro deles amosan preferencia pola grafía <m> (IX, XI, XII, XIV); son

108. Non esquezamos que tanto este caderno coma VII^a e XI^a están constituídos por un só folio.

109. Ó non podermos descender na presente achega ó estudio polo miúdo de toda a casuística gráfica de *A*, poden escapar datos relevantes para a interpretación: neste sentido cumpliría observar cales son as formas léxicas con nasal en cada un dos cadernos, do mesmo xeito que nalgún deles poida que non todos os folios presenten idénticos resultados (por exemplo, todos os casos agás un de <~> en XIII están concentrados na páxina 235).

maioría os que se inclinan por calquera das outras dúas grafías de nasais, ben na franxa do 55 ó 80% (I, II, IV, VII, VIII, XIII), ben na do 82% en dian-te (III, V, VI, X).

— adro 32 —

%	I	II	III	IV	V	VI	VII ^a	VIII	IX	X	XI	XI ^a	XII	XIII	XIV	XIV ^a	
<n> / <>	66,7	55,6	90,9	72,7	92,3	85,7	77,8		70,6	28,6	82,6	29,2	50	24	78,9	33,3	100 ₃
<m>	33,3	44,4	9,1	27,3	7,7	14,3	22,2	100 ₅	29,4	71,4	17,4	70,8	50	76	21,1	66,7	

Chegamos á fin do noso percorrido e facémolo desenvolvendo as grafías correspondentes ó fonema nasal palatal /ɲ/. Ó longo do traballo, pero sobre todo no cadro vinte e nove, indicáronse as catro (ou cinco) posibles grafías con este valor: <nn>, <~n>, <n>, <ñ> (para <~y> cf. § 2.1.1). Sinalouse tamén a distinta proporción con que aparecen e a súa limitación a un único contexto, o intervocálico.

Comezamos polo grafema, <nn>, que amosa unha rendibilidade que o sitúa no 58,1% das formas (59% das ocorrencias). Daquela, *A* amosa neste punto aberta discrepancia co estado xeral das grafías galegas medievais, posto que, segundo R. Lorenzo, «nos textos galegos medievais se usa moito máis *n* ca *ñ* (raramente *nn*) para /ñ/» (1987: 477). De <nn> con valor de /ɲ/ en *A* di M.^a Ana Ramos que «aparece com regularidade» (1994: 45). A especialización de <nn> na representación do valor palatal é, en realidade, moi marcada, pois só se rexistra un único exemplo con outro valor (*ennon* [240b]).

O medio cento de formas distintas de <nn> repártense entre dezaoito lexemas, oito dos cales só coñecen a representación a través do grafema (e non dos alógrafos). A desproporción entre o número de formas e o de ocorrências débese, basicamente, á enorme rendibilidade de *ennor/ ēnor/ eñor/ enor*. Sumadas as distintas variantes, pasa das setecentas sesenta ocorrencias (55,3% / 40,4% / 2,5% / 1,8%, respectivamente). A seguir reproducése unha escolma de exemplos: *adeuinnar* 1, *a annar* 4, *connoçr* 3, *connoç* 1, *deuinnar* 1, *e panna* 2, *gaanney* 1, *linnage* 2, *linnagen* 4, *mannas* 1, *me-quinn'* 1, *minnas* 1, *ponna* 1, *punn'* 4, *punna* 1, *punnar* 2, *punnarei* 1, (*P)unnei* 1, *punno* 2, *anna* 1, *annudo* 1, *enner* 1, *SEnnor* 18, *ennor* 383, *tamanna* 6, *tenn'* 15, *tenna* 3, *tenno* 11, *uenn'* 5, *uenna* 9, *uergonna* 1...

Xa M.^a Ana Ramos constatou que na representación de /ɲ/ en *A* tamén interveñen «<- ~n->, <-ñ-> e <-n-> e que o til pode ser por veces, apenas um ponto tal como um sinal de abreviatura» (1994: 45). Dende a perspectiva paleográfica e despois de revisarmos todos os exemplos cómpre concluír que realmente o comportamento prototípico é que o til (que, en efecto, por veces só é un punto) se sitúeriba da vogal anterior: o trazo do til comeza ine-

quivocamente riba da vogal, continúa por riba do espazo entre a vogal e o <n> (por veces pódese iniciar mesmo neste punto) e pode chegar a abranguer tamén parte da propia consoante. Esta é a causa de que sexa <~n> o alógrafo non ocasional fronte a <ñ>.

Entre os poucos exemplos en que o til comeza a súa representación inequivocamente riba da propia consoante, <n>, coa posibilidade de que se interpretase realmente como <ñ> mellor ca como <~n>, están: *conócer* (79a), *deuiñalo* (193a), *teñades* (227a), *eñor* (209b, 226a, 226b, 227b, 227b, 228a, 228a, 228b, 228b, 229a, 229a, 229b, 230a, 233b, 245b), (*S*)*eñor* (113a) e *{S}eñor* (232b, 233b). Nalgúns dos exemplos precedentes pudo influír no xeito de execución do til (o lugar de inicio) o feito de que nas proximidades da vogal que precede o <ñ> haxa algúun astil inferior de grafías situadas na liña superior. Isto actuaría como condicionante que favorecería un desprazamento do til cara á dereita para evitar a colisión: *deuiñalo* (193a), *eñor* (209b, 228a, 228b).

O alógrafo <~n> presenta as dezanove formas que posúe en dez lexemas (todos excepto un, *pēnor* (85b), tamén vehiculados por <nn>): *adeuiñar* 1, *auergōnar* 1, *cōnoçer* 1, *deuñar* 1, *mīna* 1, *pēnor* 1, *piñar* 1, *ēnor* 305, *Senor* 2, *tamāna* 1, *tēna* 1, *tēno* 2, *uēno* 1...

As sete formas con <n> distribúense entre cinco lexemas, todos eles con representación maioritaria <nn> (todos menos un coñecen tamén a representación a través de <~n>): *adeuinhar* 1, *conoçer* 1, *de&uinhar* 1, *gaano* 1, *punara* 1, *punei* 1, *enor* 14.

Lembremos que tamén é posible que entre as grafías para vehicular a nasal palatal se atope <~y> (cf. § 2.1.1). Os catro exemplos presentes en A, ligados biunivocamente ó mesmo lexema, son: *e trāyaria* (144a), *e trayār* (144a), *trāya e* (193b), *e trayāra* (246b).

A última comprobación que realizamos é a da distribución por cadernos das cinco opcións gráficas consideradas. Se en anteriores ocasións se demostrou a súa pertinencia, nesta oportunidade permite ver nidiamente un comportamento diverxente na escolla gráfica para representar a nasal palatal:

← adro 33—

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII ^a	VIII	IX	X	XI	XI ^a	XII	XIII	XIV	XIV ^a
<nn>	42,2	43,9	61	43,8	60,4	67,3	69,7	50 ₁	64,4	60	66	66,7	55,6	35,4	100 _{2a}	94,3	100 ₄
<n>	55,6	55,3	34,2	51,6	38,5	27,7	30,3	50 ₁	32,2	30	30,2	29,8	33,3	25			
<ñ>	1,1		2,4							2,5	1,9		11,1	31,3		2,85	
<n>	1,1	0,8	2,4	4,6	1,1	3			3,4	5	1,9	3,5		8,3			
<~y>									2			2,5				2,85	

Obsérvase, en primeiro lugar, que <nn> é a única grafía omnipresente de principio a fin. Convén distinguir, iso si, unha cuádrupla tipoloxía no seu comportamento: en tres cadernos, XIII, XIV e XIV^a, é praticamente a única forma existente; nos cadernos III, V, VI, VII, VIII, IX, X, XI e XI^a é a escolha maioritaria cunha marxe que oscila entre o 55 e o 70%; en tres cadernos, I, II e IV, <nn> ocupa, cun 42/43%, o segundo lugar na preferencia como grafía desta nasal por detrás de <~n>; finalmente, ademais de VII^a cunha ocorrencia de <nn> e outra de <~n>, no caderno XII é a opción que máis veces se documenta (35,4%) pero a moi pouca distancia da segunda, <ñ>. De xeito complementario, xa que logo, <~n> é a forma maioritaria nos cadernos I, II e IV, con porcentaxes que van do 51 ó 55%. No resto de cadernos, fóra dos tres últimos (e da igualdade en VII^a), a súa presenza oscila nunha franxa que vai do 25 ó 44%. É importante sinalar que neses tres últimos cadernos só se rexistra un caso de <ñ>, *enor* (245b), que ademais presenta unha tipoloxía estraña do til no noso cancioneiro porque parte de riba do astil da dereita da consoante nasal, prolóngase por entre as dúas grafías e finaliza riba do corpo do <o> seguinte (cf. *supra*). En xeral, pódese apuntar de <ñ> que se localiza no treito final de *A* concentrándose, especialmente, no caderno XII. Os casos de <n>, sendo poucos, están espallados por múltiples cadernos (Once), con moi poucas ocorrencias en cada un (o máximo que alcanzan está no XII con catro, dous cadernos posúen cadanseus tres exemplos, mais o normal é que contén só cunha documentación en cinco cadernos—ou dúas ~~tres~~ cadernos). Non sorprende, pola súa pouca extensión, que non haxa casos de <n> en VII^a, XI^a e XIV^a, mais cómpre salientar que tampouco hai ningún nos cadernos VII, XIII e XIV¹¹⁰. <(~)y> confirma o seu carácter residual pois en ningún dos tres cadernos en que se detecta alcanza o 3% de representatividade.

3. AS MAIÚSCULAS

Este é un dos aspectos gráficos para os que dispoñemos de bibliografía específica. En Varela Barreiro (2005) preséntase o alfabeto maiúsculo de *A* e explícanse os usos sistemáticos e asistemáticos destas unidades alográficas. Por tal motivo eludimos volver sobre eles e remitimos a ese traballo. Aquí presentamos as súas estatísticas, que constitúen información novedosa e, polo tanto, de valor. Así mesmo retomamos os usos de <I, J, Y> maiúsculos pa-

110. Lembremos que é tamén no caderno XIII onde se localiza o único exemplo de <nn> como /n/ (*en non* [240b]; cf. *supra*).

ra facer algunha rectificación, xa que nese traballo, por distintos motivos, non están recollidos con exactitude.

En xeral podemos afirmar que son moi poucos os contextos nos que o uso das maiúsculas é copioso e— sistemático— en *A*. A meirande parte de las responde ó modelo do que Nina Catach denomina «majuscule de phrase» (*maiúscula de sintagma*) e só unhas poucas ó modelo da «majuscule de mot» (*maiúscula de palabra*) (1990: 50). Canto á súa definición, Varela Barreiro (2005) refírese a elas atinadamente como variacións sistemáticas de teor alográfico.

Polo contexto de uso, en *A* hai os dous grandes tipos de maiúscula mencionados: de sintagma e de palabra. As primeiras teñen valor demarcativo de unidade ou subunidade métrico-literaria (ciclo, cantiga, cobra, refrán ou finada) e aparecen na cabeza da palabra-pórtico da unidade respectiva. As da posición inicial denomináñanse capitais (*Punmar* [156b]) e as que aparecen na segunda posición da palabra denominámolas poscapitais (*MOrarei* [107a]). As maiúsculas de palabra s— ó <R> presenta en *A* este uso— defineas N. Catach (1990: 50) como «signe de mise en valeur et de classification grammaticale et sémantique des termes, et aussi signe d'expressivité, de révérence, etc.». No principio da palabra «cumpría función de demarcación de unidades lingüísticas (palabras) e de singularización e realce de voces relevantes do texto» (Varela Barreiro 2005: 285). No final da palabra

podía ter valor lingüístico-literario e valor codicográfico. Era recurso auxiliar e complementario dos outros dous que tiñan emprego regular: a posición na marxe dereita da columna → plano codicolóxico— e o punto → plano gráfico.— A funcionalidade lingüístico-literaria levába a indicar fin de verso e a codicográfica a indicar fin de liña (Varela Barreiro 2005: 286).

O carácter inconcluso do labor do rubricador no cancioneiro abre nas maiúsculas capitais unha tripla realidade que nos parece pertinente reflectir na reproducción dos exemplos citados f— ixémolo ó longo de todo o traballo.— Hai: (i) capitais realizadas (bastante menos da metade do total), (ii) capitais non realizadas para as que se conserva a anotación do corrector → copista— para o rubricador e (iii) capitais non realizadas e sen anotación para o rubricador. Usamos as parénteses para as do segundo tipo e as chaves para as do terceiro. Estes son algúns exemplos ilustrativos:

- (i) *U uus ueio* (142b).
- (ii) *(U) uus ueio* (142b).
- (iii) *{D/lizer* (142a).

No cadro 34 resumimos con valores porcentuais a distribución en *A* de todas as ocorrencias de grafías maiúsculas:

—*Cadro 34*—

LETRA	FONEMA	OCORRENCIAS	DE SINTAGMA		DE PALABRA	
			Capital		Poscapital	Inicial
			Realizada	Non Real.		
A	/a/	82	86,6	4,9	8,5	
E	/e, ε/	480	45,6	36,1	18,3	
I	/i/	6	50	16,7	33,3	
	/ʒ/	2		100		
J	/i/	2			100	
	/ʒ/	5	40	60		
Y	/i/	1	100			
O	/o, ɔ/	71	25,4	15,5	59,1	
U	/u/	12	58,3	16,7	25	
	/β-v/	10	90	10		
V	/u/	24			100	
B	/b/	9	44,4	55,6		
C	/k/	165	64,2	35,8		
C(h)	/tʃ/	8	87,5		12,5	
D	/d/	106	59,4	39,6	1	
F	/f/	4	50	50		
G	/g/	9	44,4	44,4	11,2	
L	/l/	6	16,7	50	33,3	
M	/m/	88	42	50	8	
N	/n/	91	61,5	38,5		
P	/p/	185	65,9	34,1		
Q	/k/	112	72,3	27,7		
R	/r, r/	36	2,8		27,8	16,6
S	/s/	116	62,9	37,1		52,8
T	/t/	23	47,8	52,2		

A representación dos fonemas /i, ʒ/ en contexto capital e poscapital reviste moito interese polas claras diferenzas existentes entre maiúsculas e minúsculas no establecemento das regras de distribución das tres unidades gráficas susceptibles de levárena a cabo: <i, y, j>. Estas diferenzas pódense resumir, no esencial, dicindo que <j> é completamente marxinal no sistema das minúsculas, no que <i> só é concorrido significativamente e— moi contextualizadamente— por <y> (véxase cadro 14), pero goza dun estatus sólido e— mesmo dominante— ó par de <i>, como unidade maiúscula.

Aínda que non nos deteremos aquí niso, tamén ten moito interese o contraste entre as parellas gráficas <i, j> / <u / v> polo grao de especialización

que presentan os segundos elementos dos pares (<j> e <v>), pois revela que naquela altura do século XIII (ou talvez de comezos do XIV) aínda non se deran pasos na especialización destas unidades sobre a base da distinción vogal / consoante pero si na súa incorporación ó alfabeto das minúsculas. Neste sentido, e moi sumariamente, pódese dicir que na parella palatal o alógrafo <j>, ampliando os usos da *scripta* latina, xa gozaba da dobre natura, minúscula e maiúscula, en tanto que na parella velar aínda non se comenza a verificar tal mudanza, pois <V> tiña valor exclusivamente maiúsculo (véxase Mariño / Varela 2005).

Antes de abordar o plano glotográfico destas unidades é preciso aclarar o polo menos intentalo—a súa realidade pictográfica. O caso de <y> podemos deixalo de lado, pois a súa figura non é motivo de confusións con outras unidades gráficas da súa mesma contextualización¹¹¹. Distinta é a situación á que nos confronta a parella <i, j>. Son unidades que comparten a mesma clase de conmutación e que, ademais, presentan unha fisonomía pictórica moi semellante. Reúnen, pois, todos os ingredientes para seren foco de ambigüidade. Reducindo ó máximo a formulación, a pregunta á que hai que responder é esta: ¿Son <i> e <j> dúas letras distintas ou representan variantes de figura da mesma letra? Contestar a esta pregunta obrigaríámos a poñer pé nun terreo de debate no que nin a paleografía nin a escriptoloxía chegaron a unha conclusión: o do valor de diferencialidade que haxa que atribuírlles a “i”, “i caudato”, “i longo”, “i baixo”, “i alto” ou “iota”. O único que podemos facer é constatar a realización pictográfica destas unidades en A e intentar tirar algúnsha conclusión a partir das regularidades observadas.

Para encarar este asunto cómpre distinguir entre dúas instancias escriturarias en A: a do(s) copista(s)-anotadore(s) e a do rubricador. Na primeira operan criterios de funcionalidade gráfica e na do rubricador incorpórarse como factor esencial o criterio estético e ornamental. Das dúas, é a instancia do(s) copista(s)-anotador(es) a que se amosa máis relevante. Vexamos o tratamento que se lles dispensa nela a estas dúas unidades.

O(s) copista(s)-anotador(es) realizaron directamente estas unidades como maiúsculas ou proxectos de maiúsculas en dous contextos codicolóxicos: no poscapital dentro do corpo do texto poético e nas anotacións destinadas a indicarlle ó rubricador a letra que debía realizar como capital. Tanto nun como no outro contexto os casos de realización ou de indicación de maiúscula presentan, ó noso ver, sempre <J>:

111. A nivel puramente pictórico garda moita similitude con <x>, pero non forman parte da mesma clase de conmutación. Con todo, o punto diacrítico que presenta xeralmente <y> pode entenderse como unha maneira de resolver posibles confusións e, indirectamente, como proba da existencia destas.

(i) Texto: */D/Jzen* (212b), *DJrei* (149b), *FJz* (145a), */M/Ja* (229a).

(ii) Anotacións: *Ja* [J] (88b, 99a), *Ia* [J] (110a), *(J)a* [J] (246b, 248b), *IR* [J] (113a), *I/r* [J] (219b).

Non deixa de sorprendernos que na súa proposta de lectura das catro poscapitais H. Carter (1941) e M. Arbor nunha proposta inicial, posteriormente modificada—non as traten uniformemente, pois o signo gráfico empregado no manuscrito é o mesmo para todos: <J>. Tamén coinciden en atribuírles carácter maiúsculo só a dous deles:

← adro 35—

M. ARBOR 1	H. CARTER	PÁGINA
[D]zen	Dzen	212b
Drei	Drei	149b
Fjz	Fjz	145a
[M]la	Ma	229a

Este cadro revela que en dous casos percibiron un <I> maiúsculo e nos outros dous un <j> minúsculo. Pero o certo é que o signo gráfico é, como dixemos, o mesmo nos catro casos¹¹². De cara ó establecemento da lectura definitiva de *A* cómpre, pois, uniformizar solucións e tomar unha sobre decisión: por unha banda, decidir se son maiúsculas ou minúsculas e, por outra, se a figura é de <i-I> ou de <j-J>. Non nos cabe dúbida de que son maiúsculas, por ser nidia a diferenza de figura destes catro casos en relación cos máis de 30 casos de poscapital de realización inequivocamente minúscula (sempre <i>) e por apareceren xustamente nun dos dous únicos contextos que lles son propios ás maiúsculas. A preferencia pola minúscula neste contexto é compartida coa parella <u> / <V, U>¹¹³, aínda que nunhas proporcións más acusadas, o cal non vai en contra da defensa dunha mesma lóxica nas dúas parellas na atribución do carácter maiúsculo ou minúsculo e tamén, certamente, dunha maior énfase na caracterización maiúscula das velares. Parécenos, pois, que neses catro casos a letra é maiúscula. Entre <J> e <I> pensamos que <J> é a opción más segura, baseándonos en que as diferenzas de figura son as mesmas que, en contexto de minúscula, H. Carter e M. Arbor non dubidan en expresar graficamente como <j> / <i> nas súas lecturas (<i> normal / <i> caudato). En consecuencia, a lectura que propónemos ← que finalmente aceptou para a súa lectura Mariña Arbor—é <J> pa-

112. É un trazo recto vertical de extremos superior e inferior non isomórficos → inferior caudato,— que sobarda a marxe inferior da caixa de escritura.

113. A proporción é de 3/1 para a parella palatal e de 1,4/1 para a parella velar.

ra os catro casos, establecendo un paralelismo exacto coa proposta para o outro contexto (minúsculo).

A incorporación dos datos das anotacións abunda na atribución dun carácter marcadamente maiúsculo para <J>. Todas as anotacións indicativas de capital para o rubricador, sete en total, presentan o mesmo signo gráfico dos catro casos mencionados de contexto poscapital (extremos superior e inferior da letra non isomórficos e grande lonxitude do trazo). É dicir, que o(s) autor(es) das anotacións, posiblemente o(s) propio(s) copista(s), inclúían entre os seus principios gráficos básicos unha forte asociación entre <j> e o carácter maiúsculo; tanto que na súa acción anotadora non deixaron lugar á dúbida ó non lle daren cabida a <i> en ningún dos sete casos. Pódese dicir, pois, que este singular diálogo entre o corpo do texto poético e as anotacións para o rubricador estableceuse sobre unha perfecta univocidade na ecuación <J> → maiúscula.

A regularidade na acción do(s) copista(s)-anotador(es) non parece que se vise secundada → polo menos tivese eco— na acción do rubricador. Das seis capitais realizadas destas unidades, tres teñen figura isomórfica (<I>) e outras tres non isomórfica (<J>). Das dúas para as que non se conserva anotación → esta non foi realizada,— unha presenta <I> e a outra <J>. É dicir, parece como se o rubricador aplicase un criterio de perfecta ecuanimidade e non quixese concederlle primacía a ningún dos dous grafos. Porque tampouco se pode dicir que tras da escolla houbese razóns glotográficas ou paleográficas, como o soporte fonético (os dous grafos representan valores vocálico e consonántico → unha mesma palabra presenta as dúas grafías: *Ja* 3, *Ia* 1)— ou calquera outra circunstancia de orde contextual que condicionase e determinase a escolla (letras contiguas, unidade que encabeza a palabra na que figura a capital ← iclo, cantiga, estrofa, refrán, finda)—. O que nos parece más probable é que o rubricador fixo a súa escolla condicionado pola realidade codicolólica e ornamental. <I> é a solución escollida para contextos nos que o espazo de rubricación presenta condicionamentos especiais de tamaño. En *Ia* (110a), en comezo de estrofa, o espazo do que se dispón excede pouco da caixa de escritura. En *Ioana* (129b), na fronte da cantiga, vese reducido o tamaño da capital para que non sobarde a liña do último verso da columna. En sentido contrario, pero no mesmo contexto de anormalidade espacial, en *IR* (113a), primeira palabra de ciclo (Nuno Fernandez Torneol), a capital ocupa na súa verticalidade máis da metade da páxina. A escolha de <J>, pola contra, parece vir dada pola inexistencia de condicionamentos de espazo ou de tamaño e tamén cremos probable que puidese ser elemento de indución a palabra que o presenta. Nos tres casos é o adverbio *Ja* e nos tres entesta cantiga (88b, 91b, 99a). Se o que vimos de expoñer é certo, pódese dicir que en contexto capital → plano codicoló-

xico e ornamental—<J> é a forma non marcada e <I> a forma marcada. O que queda por determinar é se son maiúsculas da mesma minúscula (<i>) ou cada unha da súa (<I> de <i> e <J> de <j>).

A decisión anterior ten consecuencias directas sobre as capitais non realizadas. A aquelas que contan con anotación para o rubricador (sempre <J>, lembremos) é evidente que lles corresponde <J>: (*Ja* (248b) e (*DA* (246b). A extensión da solución gráfica patente maioritaria nestes contextos (capital e poscapital) fai preferible <J> para os tres casos nos que non existe anotación: (*Jr* (219a, 219b), (*Juro* (182b). Tamén se poderían aplicar outros principios, como a solución adoptada polo rubricador noutras ocorrencias da palabra cando son unívocas (e optar por <I>r, inducido polo IR de 113a), ou o carácter marcado ou non marcado do contexto codicolóxico (e optar por *Jr* é— unha capital menor que figura no medio do verso— pero por *Juro* ~~inic~~io de cantiga con espazo capital de cinco liñas, idéntico ó do *Ja* de 99a). Mais preferimos non suplantar a figura do rubricador e si, en cambio, aplicar a uniformización total.

Coherentemente co respecto á realidade das anotacións, resolvemos mediante <Y> a capital non realizada de (*Yr* (219b) por propoñer <y> o anotador.

Como remate desta apartado presentamos un cadro cos usos de <J>, <I> e <Y> en contextos capital e poscapital. Nel recollemos tamén as anotacións para o rubricador e as lecturas de H. Carter e M. Arbor:

—adro 36—

M. ARBOR 2	H. CARTER	ANOTACIÓN	PÁGINA
Capital			
Ja	Ja	j	88b
Ja	Ja		91b
Ja	Ja	j	99a
Ia	Ia	j	110a
Ioana	Ioana		129b
IR	Iir ¹¹⁴	j	113a
(<i>Ja</i>)	<i>Ja</i>	j	248b
(<i>DA</i>)	<i>DA</i>	j	246b
(<i>Jr</i>)	<i>Jr</i>		219a
(<i>Jr</i>)	<i>Jr</i>	j	219b
(<i>Juro</i>)	<i>Juro</i>		182b
(<i>Yr</i>)	<i>Yr</i>	y	219b
Poscapital			
[D] <i>Jzen</i>	<i>Dzen</i>		212b
<i>Drei</i>	<i>Drei</i>		149b
F <i>z</i>	<i>Fz</i>		145a
[M] <i>Ja</i>	<i>Ma</i>		229a

114. É evidente que se trata dunha xeminación vocálica imputable ós traballos de imprenta ou, cousa menos probable, dunha incorrecta interpretación da secuencia <IR> como <Iir> por entender Carter que hai un <i> minúsculo e un <r> redondo.

4. AS ABREVIATURAS

Non podemos deternos máis do imprescindible no complexo universo das abreviaturas de *A*, merecentes, de certo, dunha monografía ben cumplida. Queremos presentar un primeiro balance que non vai moito máis aló da clasificación e do cómputo das unidades abreviativas empregadas no texto do cancioneiro. Á espera dunha nova e— necesaria— contribución máis detallada, con estes datos que ofrecemos é posible facer, cando menos, unha primeira valoración deste importante recurso manusciturario.

Para podermos describir brevemente os recursos abreviativos e de siglas de *A* partimos dos distintos tipos que, segundo R. Lorenzo, están patentes nos manuscritos galegos medievais: «por siglas, por suspensión, por contracción, por sinais propios e por letras sobrescritas» (2004a: 451). Non todos eles están en *A* nas mesmas proporcións. No cadro seguinte recapitulamos os tres tipos básicos que localizamos: en lugar destacado, e como recurso realmente produtivo, están as abreviaturas a través de signos de abreviación particulares ou xerais (con distintos valores), e nun plano moito menos relevante e— cunha produtividade bastante limitada,— atópanse as letras sobreescritas e as siglas¹¹⁵.

—Cadro 37—

Siglas (no refrán)	Signos de abreviación	Letras sobreescritas
4,7%	89,1%	6,2%
{12%}	{85,5%}	{2,5%}

Sobre os recursos abreviativos de *A* xa sinalou M.^a Ana Ramos que «o uso das abreviaturas não é comportamento que prepondere» (1994: 39) e un pouco máis abaixo especifica que «as abreviaturas mais frequentes não ultrapassam as duas centenas como *d's*, *7*, *9*, *p*, ao lado de algumas que ocorrem uma única vez como *▷* (= con) ou *to* (= tro). É um número bastante baixo que não causa surpresa em un manuscrito com estas características» (1994: 39-40). O anterior, sendo en esencia certo (lembremos, 2,5% das formas diferentes), necesita dalgunha precisión que sitúe o recurso das grafías abreviadas existentes en *A* no terreo da exactitude. En números absolutos e— contando coas repeticións— estamos a falar de máis de tres mil oitocentas ocorrencias. Alén das siglas, que aparecen exclusivamente no corpo dalgúns refráns, na meirande parte das ocasións o recurso abreviado representa dou-

115. A nasalidade incorporámola dentro do vocalismo.

grafos (80,8%), mais hai tamén casos en que representa un (18,4%) ou tres (0,8%). Pola súa alta frecuencia, destacan cinco secuencias: <ue> posúe máis de cincocentas ocorrencias, <er> pasa das trescentas e as outras tres exceden cada unha as duascertas ocorrencias: a nota tironiana, as siglas no refrán e mais o signo 9. No cadro número trinta e oito recóllese a proporción relativa de todas as ocorrencias das distintas formas de gráficas abreviadas en *A*:

—*Cadro 38*—

SIGLAS (no refrán)	SIGNOS DE ABREVIACIÓN			GRAFÍAS SOBREPOSTAS
	Particulares	Xerais		
11,9	Signo 9: 12,5	<ue>: 24	<cost>: 0,6	2,5
	Nota tironiana: 11,2	<er>: 14,1	<r>: 0,3	
	Signo ☐: 0,05	<eu>: 11,2	<an>: 0,2	
		<ra>: 3,4	<d>: 0,2	
		<re>: 2	<on>: 0,2	
		<ut>: 2	<ri>: 0,05	
		<ro>: 1,5	<eir>: 0,05	
		<ua>: 1,1	<e>: 0,05	
		<ar>: 0,9		

MORFOLOXÍA DO CANCIONEIRO DA AJUDA¹

*M.^a Sol López Martínez
Eduardo Moscoso Mato*

Instituto da Lingua Galega (USC)

Este simposio no que temos o gusto de participar tenta estudar o estado da lingua galega na súa emerxencia escrita. Partindo desta premisa, consideramos que é esta unha boa oportunidade para centrámonos no *Cancioneiro da Ajuda* (*A*)², corpus poético que, pola súa cronoloxía, constitúe un dos primeiros documentos escritos da nosa lingua.

Noutro traballo incluído neste volume³, tivemos ocasión de fixarnos nas características gráficas deste cancioneiro medieval. Tendo en conta que estas grafías son un medio de representar a fonética do texto oral que transcriben, nel ofrecéronsenos abundantes datos sobre a fonética da lingua da época. Por esta razón decidimos fazer un traballo complementario a este e ocuparnos das características morfolóxicas da lingua de *A*.

No presente relatorio pretendemos facer unha exposición básica das características morfolóxicas do *Cancioneiro da Ajuda*, xa que o tempo do que dispomos é limitado e o público ao que vai dirixido está basicamente composto por alumnas e alumnos de segundo e terceiro ciclo.

Aínda que cando se fala da lingua medieval sempre se fai referencia á súa variabilidade, sobre todo na escrita, e á falta de sistematicidade, podemos adiantar que a primeira impresión que nos ofrece o presente estudo re-

1. Este traballo insírese dentro do proxecto *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*, que se desenvolve no Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela baixo a dirección do Prof. Dr. Xavier Varela Barreiro.
2. Para levar a cabo este estudo servímonos da edición inédita semipaleográfica da Dra. Mariña Arbor Aldea. Os exemplos que achegamos ao longo do noso traballo son tomados desta lectura e transcríbímos de xeito semipaleográfico, tal como figurán na edición. Sirvan estas palabras para agradecerlle a Mariña Arbor a súa atención, e a axuda que nos prestou ao permitirnos valernos do seu traballo para levar a cabo este que presentamos. Igualmente agradecemos ao prof. Xavier Varela que nos permitise usar a versión informatizada que el preparou da edición de Mariña Arbor.
3. Trátase do traballo de Varela Barreiro e Rodríguez Guerra, que ten por título “As grafías no *Cancioneiro da Ajuda*”.

presenta todo o contrario: presenza de solucións coherentes e sistemáticas. Isto é só un adianto do que veremos a continuación, e sobre o que volvaremos na sección conclusiva.

Antes de comenzar a exposición é preciso sinalar que o *Cancioneiro da Ajuda* é un corpus non moi amplo⁴, polo que, nalgún aspecto morfolóxico, non atopamos sempre datos suficientes para poder achegar conclusións axeitadas.

1. XÉNERO E NÚMERO

Partindo da base de que no galego actual temos, segundo a zona dialectal, diferentes solucións para certas formas de plural ou de feminino, nesta sección tentamos ofrecer datos sobre esas formas no *Cancioneiro da Ajuda*.

Porén, ao achegármonos ao texto, vimos que isto non era posible. Por unha parte son moi poucos os plurais que atopamos nel, e ademais ningún deles corresponde a adjetivos ou substantivos acabados en <-n> ou <-l>. Poucos máis datos podemos ofrecer no que refire ao xénero. Por exemplo, non atopamos femininos procedentes de formas latinas en -ANAM nin en -ANEM. Unicamente resulta digno de mención o feito de que as formas acabadas en <-or> son invariables en canto ao xénero. Así son abundantes os casos nos que atopamos a expresión *mia sennor* [2r (81), b]⁵, [32r (141), a], [32r (141), al]..., ou outras formas que evidencian que estamos ante un feminino: *outra sennor* [76v (230), a], *sennor fremosa* [18r (113), a], [32r (141), a]... Obviamente esta mesma forma é a usada para o masculino: *nostro sennor* [33r (143), a], [66v (210), a]...

Outro tanto sucede con outras formas rematadas en <-or>, como no caso de *deuedor* ou sabedor: *tal sennor que se tenna por deuedor* [19v (116), a], *e mia sen or al u9 quero dizer |de que seiades ende sabedor* [27v (132) b].

A invariabilidade de xénero destas formas queda totalmente demostrada se nos fixamos en que en todo o texto non atopamos ningún substantivo ou adjetivo acabado en <-ora>.

4. O *Cancioneiro da Ajuda* consta dunhas 40.000 palabras e duns 200.000 caracteres.

5. As referencias dos exemplos darémolas sempre deste modo. Os dous primeiros caracteres fan referencia ao folio no que aparece o exemplo (número de orde e lado *r* (recto) ou *v* (volto). Entre paréntese figura o número de páxina do cancioneiro segundo a edición de Carter (1941). Finalmente as letras <a> ou fan referencia á primeira ou segunda columna.

2. O ARTIGO

De xeito esquemático, o artigo presenta as seguintes formas.

	MASCULINO	FEMININO
SINGULAR	o/lo/el	a/la
PLURAL	os/los	as/las

Os *-s* finais por norma xeral son sempre altos. De todas formas non imos entrar nesas distincións por claridade expositiva e por considerar que son máis un aspecto gráfico ca morfolóxico⁶.

As actualmente chamadas segundas formas do artigo (*lo*, *la*, *los*, *las*) aparecen normalmente tras calquera palabra acabada en <-s> ou <-r>: *todas las coitas* [68v (214), b], *todalas cousas* [70r, (217), b], *yr ueela dona* [25v, (128), b], *creer la coita* [12v, (102?), b], *τbeḡ ga deus la señor* [87v?] (252?), al...).

Obsérvase que tanto pode aparecer grafado como non o <-s> ou <-r> da palabra anterior. De todos modos, tamén hai casos excepcionais nos que, neste contexto, non aparecen estas segundas formas: *todas as outras donas* [41v (160), al], *partir os meus ollos* [60r (197), al].

Como se aprecia no cadro anterior, no singular temos unha forma *el* para o masculino. Igual que sucede no galego actual, atopámola usada acompañando substantivos que designan algúen ao que lle queremos mostrar un especial respecto: *a cas del rey* [16r (109), b]. Pero tamén aparece usado, probablemente con esta mesma intención de deferencia, en casos nos que non se designa esa figura de respecto de forma explícita: *El que a de mia dar mui gran poder* [72r (221), b].

A diferenza do que sucede no galego moderno, tamén parece existir para o feminino singular unha forma de respecto semellante á anterior. Aparece en casos nos que cremos que non debe ser considerada unha segunda forma do artigo, xa que non está propiciada polo contexto fonético, senón que vai acompañando substantivos que designan elementos ante os que se pode querer mostrar unha especial consideración: *vou me ala corte morar* [79v (236), al], *ALa fe nenllur aquesto sei ia* [35r (147), al], *ev sey la dona ueli* [79r (235), al], *ai la mia uentura* [41v (160), al].

Igual que sucede hoxe en día, cando o artigo vai precedido por certas preposiciones, atopamos grañas particulares que parecen representar contracciones que se producen na fala entre estes dous elementos. Estas contrac-

6. Neste mesmo volume aparece tratado o aspecto gráfico do *Cancioneiro da Ajuda* no traballo de Varela e Rodríguez, no que se poden atopar suficientes referencias a este tema.

cións non aparecen sempre na escrita, áinda que as excepcións son as menos, e a coherencia, unha vez máis, é a tónica dominante.

As contraccións que aparecen son as que presentamos no seguinte cadro:

a	aa, ao	ala
de	do, da, dos, das	del
en	eno, ena, enos no, na, nas	
con	cona	
por	polo, pola, polas	

En moitos casos a aparición destas contraccións non é más ca unha esolla gráfica. No entanto, o feito da súa presenza parece estar dándonos datos sobre a existencia dunha pronuncia conxunta, áinda que a grafía só sexa a suma dos grafemas de preposición e artigo, iso si, sen espazo entre ambos. Tomemos como exemplo a forma *cona*. Desde logo non é más ca *con+a*, pero o feito de grafarse unida sen dúbida está indicando que algo especial sucede na pronuncia destes dous elementos que aparecen contiguos. Esta especificidade podería ir desde simplemente a pronuncia alveolar do [n]⁷ ata a súa desaparición no plano fonético. Fixémonos en que a desaparición dun elemento da cadea fónica é o que sen dúbida están a sinalar grafías do tipo *do* ou *no*.

No caso de *en+artigo* o texto analizado presenta dúas posibilidades de grafía, desde a más conservadora (*eno*), que demostra que, cando menos, xa non hai pronuncia velar do <n>, ata a más innovadora (*no*), que demuestra que xa na época existían, polo menos en ocasións, pronuncias coa desaparición do <e-> inicial.

No caso da preposición *por* atopamos solucións semellantes ás que vimos máis arriba para a segunda forma do artigo (*por lamor de deus* [19r (115), a]), mentres que nos máis dos casos a grafía xa mostra claramente que non se pronuncia o <r> (*pola mia cuita* [10v (98), a]). Tamén existe *per* como preposición sinónima de *por*. Porén, nunca está presente a forma *per* cando vai seguida dun artigo. Parece ser esta unha mostra máis da coherencia gráfica e morfolóxica deste cancionero.

7. Áinda que non sexa o obxecto do presente estudo, non está de máis indicar que no texto aparecen abundantes grafías do tipo *quena* ou *nono*, coas que consideramos que se quere marcar a pronuncia alveolar do [n] por medio da presentación do <n> como non final de palabra.

3. O DEMOSTRATIVO

As formas que presenta o demostrativo neste texto son as seguintes:

este /aqueste	esta/aquesta	esto/aquesto
estes/aquestes	estas/aquestas	
esse	essa	esso
esses	essas	
aquel/aquele	aquela (aquella)	— ⁸
aqueles	aquelas	

Antes de nada, cómpre sinalar que as formas que comezan por <aque-> poden aparecer grafadas cun espazo entre o <a> e o <q>: *a queste, a quel...* Cando isto sucede é común que o <a> inicial contraíña coa vogal final da palabra precedente: *da quel gran ben* [4v (86), al]. Este non é un comportamento propio únicamente do demostrativo, senón que sucede de forma xeral en moitas formas que comezan por <a->: *nunca mar paguei doutra ren* [24r (125), al], *a inda uos outra cousa direi* [28r (133), al], *mei a partir da qui nulla sazō* [16r (109), bl], *e pois miassi de uos auen* [2r (81), bl].

Mentres que para os demostrativos masculinos e femininos de primeira persoa aparecen convivindo formas con dúas raíces diferentes (<est->/<aquest->), non sucede o mesmo coas formas de segunda persoa (unicamente <ess->). Aínda así, para a primeira persoa as formas más comúns son as do tipo <est->, mentres que as formas começadas por <aquest-> só aparecen en contadas ocasións.

Ademais da forma *aquela*, aparece nunha única ocasión a forma *aquella*. Trátase simplemente dunha cuestión gráfica, de tal modo que o dígrafo *ll* estaría representando o fonema [l]: *me fez gran pesar | ueer da quella ren que mais amei* [72v (222), bl].

É digno de mención o feito de que as formas masculinas e neutras acostuman perder o <-e> ou <-o> final cando van seguidas por unha forma que comeza por vogal: *aquest e cousa mui desguisada* [21v (120), bl], *non soffreu est affan* [39v (156), al].

8. Non aparece ningunha forma do tipo *aquelo* no texto estudiado.

4. O POSESIVO

No seguinte cadro amósanse as formas do posesivo que presenta o *Cancioneiro da Ajuda*. Aparecen ocos baldeiros cando non atopamos no texto ningunha forma dese tipo:

meu (mmeu)	mía	nostro	-
meus	minnas	-	-
-	-	uosso /uostro (uoso)	uossa
-	-	uosso	-
seu'		sa	
seus		sas	

Fixémonos en como, unha vez máis, non son moitas as soluciones diferentes para un mesmo contido. As formas que grafamos nun tipo de letra menor aparecen só de xeito esporádico: *mmeu* só aparece en dúas ocasións, e en todo caso non é máis ca unha variación gráfica de *meu*; o mesmo sucede con *uoso*, con un único caso; e *uostro* tampouco o atopamos máis ca unha vez.

Notemos tamén que non hai ocorrencias da forma *minna* para o singular, áinda que é a forma escollida para o plural (*minnas*). De todas formas, tanto neste caso coma no dalgúns outros posesivos, isto é pouco significativo, xa que aparece unha única vez no texto.

Para a primeira persoa de plural atopamos só a forma *nostro*, que aparece de xeito moi abundante, mentres que para a segunda persoa aparece *uosso* de maneira case exclusiva (agás un único caso de *uostro*). O posesivo *uosso* aparece sen <-o> final cando vai seguido dunha forma que comeza por vogal: *uoss ome* [13r (103), a], *uoss amor* [6v (90), b], [32r (141), a], [84r (245), b]... Non podemos saber se *nostro* tamén ten este comportamento, pois aparece sempre seguido por consoante (vai case sempre acompañando a *senhor*).

Nas terceiras persoas é destacable a total coherencia existente no femenino: non aparece nunca *sua* nin *sua*⁹. Contrastá isto co que sucede nas primeiras persoas, nas que non existe ningún caso de *ma*.

9. Na lectura inédita de Mariña Arbor á que antes nos referimos, indícasenos que ao final da columna *b* do folio *1r* aparece un engadido dunha man tardía no que aparece a forma *ssua*, pero non así no propio texto, que nesa mesma liña presenta unha forma *sa*.

En canto ao seu comportamento sintáctico, observamos que, cando o posesivo precede o substantivo, o máis común é que non estea presente o artigo. Só aparece o artigo diante do posesivo nun 20% dos casos. Se nos fixamos, por exemplo, nas formas *sa* e *sas*, vemos que non aparecen nunca acompañadas de artigo.

5. O PRONOME PERSOAL

5.1. Formas tónicas

No seguinte cadro presentamos as formas tónicas do pronomo persoal existentes no *Cancioneiro da Ajuda*:

SUXEITO	TERMO PREPOSICIÓN	
	libre	ligado a con
eu /heu	min/mi/mi/mim	comigo/migo
nos	-	-
el /ela ele	el/ela si ele	sigo
-	-	-
uos /uus	uos/uus	conusco/conuosco/conuosque uosco/uusco
eles/elas	eles/elas si	-

Antes de nada debemos indicar que, áinda que neste cadro reservamos unha sección para os pronomes átonos cando van precedidos de preposición, esta denominación resulta inexacta cando nos referimos ao galego medieval. De feito, no corpus analizado é habitual que aparezan as formas incluídas baixo este epígrafe sen ningunha preposición que as preceda. Trátase de casos nos que o pronomo tónico desempeña a función de obxecto directo sen ir introducido pola preposición *a*.

Só en tres ocasións aparece un pronomo tónico precedido desta preposición¹⁰. En dous casos estamos ante construcións nas que a aparición da preposición evita cacofonía¹¹: *un pouco que mia min leyxou* [87v? (252?), a], *E quen mia mi por de mal sen* [2v, (82), b]. Na terceira ocorrencia a preposición probablemente se empregue para reforzar a posición enfática do pronomo: *e amī q̄ mia uia mais mester* [8r (93), a].

10. Véxase López Martínez (1993: 19-21).

11. Véxase Delille (1970: 15).

Máis numerosos son os exemplos (18 en total) nos que o pronomé tónico realiza a función de obxecto directo sen aparecer introducido pola preposición *a*: *DEseian d eu uos mia señor |seguramente morrerei* [7r (91), a], *por ueer ela* [35r, (147), b]...

A estes casos hai que engadir algúns nos que aparecen os pronomes *mi*, *nos* e *uos*, xa que estas formas poderían estar funcionando como tónicas (polo tanto susceptibles de iren introducidas por *a*) ou como átonas¹²: *quen mi consello der terrei* [13r, (103), b], *se mi mal fež* [4r (85), b]...

Volvendo ao cadro anterior, unha vez máis presentamos en letra de menor corpo aquelas formas que aparecen usadas con moi baixa frecuencia. Así sucede coa forma *heu*, que só atopamos en 4 ocasións, e que unicamente presenta unha diferenza gráfica coa maioritaria *eu* (1234 casos). Resulta significativo que tres dos catro casos en que aparece a forma *heu* estean en tres cantigas contiguas, probablemente do mesmo autor, transcritas nos folios 74v (226) e 75r (227).

Igual de minoritarias son as ocorrencias da forma *ele*, que só aparece en tres ocasións, dúas veces como suxeito e unha como termo de preposición: *se o ele quiser fazer* [1v (80), b], *de quen dele coi | ta do for* [14v (106), b], *e poi eu ido fosse ele chegasse* [58r (193), b].

Tamén é esporádica a grafía *mim* (3 casos), fronte ás más comúns *min* (120) e *mī* (81). Cando este pronomé de primeira persoa aparece ligado á preposición *con*, é maioritario o uso de *comigo* (6 casos), pero nun caso aparece a forma *migo* [37v] (152), a] mentres que noutra ocasión atopamos a forma *comigo* [5r (87), a], coa sílaba <co-> riscada.

Na terceira persoa a única forma ligada a *con* é *sigo*, pero isto non resulta significativo, pois atopámola nun único caso, xa que tanto estas como o resto das formas ligadas á preposición *con* aparecen en moi poucas ocasións.

Máis complicada é a casuística na segunda persoa de plural. Basicamente hai unha alternancia entre formas con [o] (*uos* e derivados) e formas con [u] (*uus* e derivados). Porén, a diferenza do que acontecía nas formas sinaladas no parágrafo anterior, non hai unha claramente maioritaria. Parécenos pertinentes afondar un pouco máis neste aspecto e, para iso, imos seguir un traballo de Ramón Mariño e Xavier Varela (2005: 365-369)¹³ que estuda en profundidade a alternancia destas dúas formas no texto que nos ocupa.

12. Non son dubidosos todos os casos nos que aparecen estes pronomes, pois a miúdo existen na construcción elementos de xuízo que nos fan concluír que estamos ante un pronomé tónico ou átono.

13. Aconséllase a consulta deste traballo para unha exposición máis pormenorizada que a que nós presentamos.

Aínda que neste punto estamos a estudar os pronomes tónicos, na exposición que vén a continuación faremos referencia, como fan os autores antes citados, tanto ás formas pronominais de segunda persoa de plural tónicas coma átonas. Adiantámonos deste xeito á sección que vén a continuación sobre os pronomes átonos.

A xeito de introdución imos presentar o seguinte cadro no que se esquematizan as conclusións ás que chegaron Mariño e Varela (2005) no seu traballo.

	ÁTONA	TÓNICA
u9	239	12
uos	261	450
uosco		6
conuosco/conosque		3
uus	269	6
uusco		1
conuusco/convusqu'		9

Como se observa, non podemos distinguir só as formas con [o] e [u], senón que hai que ter en conta un terceiro grupo. Trátase daqueles casos nos que aparece o signo paleográfico 9. Este signo usábbase basicamente para abreviar a terminación latina <-us> e en romance as terminación <-us> e <-os>¹⁴. Polo tanto este signo pode estar representando tanto unha forma con [u] como unha forma con [o]. E tamén cabería a posibilidade de que as formas grafadas con <u> estivesen representando o son [o] e o seu uso só se debese á tradición latina na que tan común era a terminación <-us>.

Pero volvendo ao tema que nos ocupa, estamos, xa que logo, ante tres grupos de grañas: *u9*, *uos* e derivados, e *uus* e derivados. Afondemos un pouco máis nos datos do cadro:

- En primeiro lugar, podemos sinalar que a graña *u9* aparece sobre todo nas formas átonas. Ademais é digno de mención o feito de que nunca aparece nos cadernos XIII e XIV do *Cancioneiro da Ajuda*¹⁵. Lembremos que, segundo a crítica, os dous últimos cadernos son atribuídos a unha man distinta¹⁶.

14. Tamén se usaba para abreviar as formas *cum-* en latín e *cun-/con-* en romance.

15. Igual que fixeron Mariño e Varela no seu traballo, estamos agora a referirmos á partición de *A* en 14 fascículos, tal como era aceptado a partir da edición de Michaëlis de Vasconcelos (1904). De todas formas, somos conscientes de que, despois da restauración do códice levada a cabo en 1999-2000, o número de cadernos que se considera é de 17. Para este aspecto pódense consultar, entre outros, Ramos (2004) e Arbor (2005).

16. Véxanse Ramos (1994) e Arbor (2005).

- A grafía tónica por excelencia é *uos*, ata o punto de que son moi poucas as formas dos outros dous grupos. A forma tónica *uus* aparece ao comezo do códice.
- Nas formas átonas hai unha porcentaxe similar de cada unha das tres grafías. No entanto, cómpre sinalar que a forma *uus* (e derivadas) non aparece nos cadernos XIII e XIV. Como sinalamos máis arriba, nestes cadernos tampouco aparecen as representacións con abreviatura, polo que as únicas existentes nesta parte son as formas con <*o*>¹⁷.
- Pola contra, segundo sinalan Mariño e Varela, nos cadernos III e VIII non aparece a forma *uos*.
- Nas aparicións con síntese preposicional podemos sinalar en primeiro lugar que o único caso de *uusco* aparece ao principio do códice (folio 1v) e as ocorrencias que aparecen a continuación preséntanse sempre coa grafía <*o*>. Pola contra, se nos referimos ás formas reforzadas dáse unha preferencia pola grafía <*u*> en todo o cancionero.
- Do dito anteriormente parece extraerse a conclusión de que ata a páxina 107 do códice (cadernos I e II) se lles dá unha preferencia ás formas con <*u*>.

5.1. Formas átonas

A casuística de formas do pronomo persoal átono aparece esquematizada no seguinte cadro:

O.D.		O.I.	
me	-	me/mi/my (mia,mio)	-
te	uos /uus	che / xe	uos/uus
o/a lo/la no/na	os/as los/las	lle /le/lli/lly	lles /les

Para a primeira persoa de singular a forma maioritaria é *me*, tanto para obxecto directo coma para obxecto indirecto. Cando a continuación vai unha vogal suprímese da escrita, xeralmente, o <-e> final, aínda que hai algúna excepción. Este mesmo comportamento ofrecen os outros pronomes dativos de singular (*che* e *lle*): *leixou massi desenpad andar* [51v (180), b].

17. Concretamente, tanto as formas abreviadas coma as formas con -*u*- deixan de aparecer a partir da páxina 228, que é a segunda do caderno XII. O caderno XIII comeza na páxina 235.

Como obxecto indirecto aparece tamén o átono *mi*, sobre todo cando vai acompañando a un clítico de obxecto directo de terceira persoa, dando lugar ás solucións *mio* e *mia*: *rogueu a d̄s sempr e non mia q̄r dar* [29r (135), al]. Mais problemáticos son os casos nos que aparece un *mi* sen ir acompañado polo clítico, pois, como xa dixemos na sección anterior, tanto podemos interpretar que estamos ante un pronome átono coma ante un pronome tónico sen preposición *a*, algo común na lingua da época: *fazede mi e graçir uolei* [29r (135), b]. Se partimos da base de que no corpus analizado a colocación dos clíticos é semellante á do galego actual, hai casos en que a situación do pronome pode darnos algúin dato para consideralo ou non un pronome átono. Fixémonos no seguinte exemplo: *cassi faz mi desampado* [3v (84), al]. Neste caso parece lóxico pensar que estamos ante un pronome tónico sen preposición *a*, xa que, de ser clítico, esperaríamos que fose colocado antes do verbo. Isto non deixa de ser máis ca unha hipótese, pois debemos ter en conta dous factores: por un lado, que estamos ante unha linguaxe poética que pode permitir licencias lingüísticas por causas métricas ou rítmicas; e por outra parte, que sería preciso afondar máis no estudo da colocación do pronome persoal no galego medieval, e neste corpus concreto, e analizar contextos semellantes antes de poder ofrecer conclusións fiables¹⁸.

Na segunda persoa só imos referirnos agora ós clíticos de singular, xa que os de plural foron analizados na sección anterior. O primeiro problema que atopamos para poder chegar a conclusións válidas é que hai moi pouca frecuencia de nomes átonos de segunda persoa de singular. Isto é debido ao propio estilo das cantigas: estamos ante composicións que se dirixen ao público, ao que o autor se refire en plural; ou que se dirixen á dama, á que se refire, levado polo tratamento cortés, en segunda persoa de plural. Polo tanto as formas usadas serán as de primeira persoa (referidas ao trobador), as de terceira (referidas a alguén alleo á historia, especialmente en partes narrativas ou como formas de cortesía) e a segundas persoas de plural (sobre todo formas de cortesía). Fixémonos que tanto a segunda persoa de singular coma a primeira de plural están ausentes destas composicións, feito que evidenciamos pola práctica ausencia de posesivos destas persoas¹⁹, e tamén de nomes persoais e de formas verbais, como veremos na sección seguinte.

Polo tanto poucos datos fiables podemos ofrecer sobre un aspecto tan interesante como é o dos clíticos *te/che* nas primeiras manifestacións escritas

18. Neste caso concreto atopamos só outro exemplo de adverbio *cassi* anterior a un verbo que vai acompañado dun clítico. A solución é de proclise: *cassi me con uen | morrer coitado* [46v (170), al].

19. No posesivo son abundantes as ocorrencias da forma *nostro*, pero aparece case sempre na expresión *nostro señor*.

da nosa lingua. Máis dramática é a situación se temos en conta que os poucos datos, sobre este aspecto, de que dispomos neste códice aparecen nas seguintes dúas estrofas dunha composición anónima:

*Mays fremosa de
 quantas ueio en
 santaren e que mays deseio τ en
 que sempre cuidando seio non
cba direy mays direy **chamigo.**
 y senterigo ay sentirigo al e al
 fanx e al seserigo
 la e outra amigo uias
 se deus me ualla nō a dous dias.
 non **cba** direy eu ca o dirias
 τ perdertias poren comigo.
 y sentirigo ay sentirigo.*

[78r (233), a]²⁰

Trátase, como acabamos de dicir, dunha composición de autor descoñecido, que mesmo cambiou de lugar na estrutura en cadernos do códice²¹, e diante da que os estudosos coinciden en afirmar que é peculiar tanto desde un punto de vista lingüístico coma poético. Polo tanto, para nada poder ser fiables os datos que nos ofrece esta composición. Sexa como for, o certo é que aquí temos (marcadas en negriña no texto) os tres únicos casos de clítico *che*²² neste códice. É máis, mesmo atopamos nesta cantiga o único caso de clítico *te* en *A* (tamén en negriña: *perdertias* (*perder-t-ias*)). Como se pode observar, trátase dun *te* que funciona como clítico de obxecto directo de segunda persoa de singular.

Aínda máis problemáticos son os casos do pronomo *xe*, que no cadro adscribimos, como hipótese, a unha segunda persoa de singular. En *A* aparece en 34 ocasións, repartidos ao longo de todo o códice: *τ de qual guisa lei-xades amor. fazer en | mi quanto xel quer fazer* [11v (100?), al, pero quem

20. Nos ocos iniciais das liñas 1, 6 e 12 hai que supoñer a existencia dun *A* ou *a*. No primeiro caso, segundo nos indica Mariña Arbor falta esta letra para o rubricador, e nas liñas 6 e 12 non se aprecia na reproducción facsimilar.

21. Segundo nos informa Arbor (2005), nun principio este folio (o 78) estaba ligado ao 74, constituindo ambos o primeiro bifolio do caderno XII. Con posterioridade o folio 74 pasou a ser o último do caderno XI e o 78 o derradeiro do XIII.

22. Referímonos ós tres únicos casos con esta grafía, pois cabe o posibilidade de que aparezan máis exemplos, como veremos a continuación, coa grafía *xe*.

quer xentendera | a questes ollos quaes son [62r (201), al], *pero que dizen que negar. | non xelle pode nulla ren.* [31r (139), bl]...

Resulta difícil concretar o valor que presentan estas formas pronominais. Algunha delas parece ter valor impersonal, equivalente neste caso á forma *se*, como ocorre no último dos exemplos propostos; outras veces o seu valor parece aproximarse ao dun obxecto indirecto; pero na maioría das ocasións más ben parece ter un valor de clítico de solidariedade²³.

Xa nas terceiras persoas debemos comentar que as formas maioritarias para o dativo aparecen grafadas como *lle/lles*. Porén tamén existen tres casos nos que atopamos a grafía con <l>: *ca le pesa dea amar* [37r (151), al], *nuncales porē fag-* *se mal non* [34r (145), al], *por q̄ saben cale quero gran ben* [53v (184), al]. En calquera caso estamos ante un simple cambio de grafía, e tanto <ll> coma <l> representan un mesmo son ([ʌ]).

Como xa adiantamos máis arriba, *lle*, cando vai seguido por unha forma que comeza por vogal, perde o <e> final. Froito desta perda son tamén as contraccións *llo / lla* cando a forma que segue é un clítico acusativo de terceira persoa: *dello querer ela soffrer* [10r (97?), b], *de sellapuguer* [72r (221), b]. Debe quedar claro de todas formas que estas contraccións aparecen na escrita tamén cando estamos ante calquera outra vogal inicial, sen necesidade de que sexa un clítico. Ademais, nos dous únicos casos en que a forma de plural (*lles*) vai seguida dun acusativo de terceira persoa, aparece grafada a forma contracta *lleta*: *sellela non | quer prestar* [2r (81), al], *non lleta digo por esta razon* [27r (131), bl].

A maiores, tamén atopamos algún caso esporádico de *lli*, *lly* e *li* como clíticos dativos de terceira persoa: *rogaría que me leixasse* [6r (89), b], *q̄lly faria* [43r (163), al], *que logollí consello pon* [31r (139), b].

Segundo se indica no cadro de inicio desta sección, as formas más comúns do clítico acusativo de terceira persoa son *o*, *a*, *os*, *as*. De xeito semellante ao que sucede no galego actual temos outras dúas variantes alomórficas:

- Os alomorfos *lo*, *la*, *los*, *las* aparecen cando o clítico vai precedido por unha forma que acaba en <r> ou en <s>. Na maioría dos casos van a continuación de formas verbais ou formas pronominais de dativo, pero tamén acostuman aparecer detrás de calquera outra palabra: *quisesse dizelo assi* [41r (159), al], *quen uolo | foy dizer* [45v (168), al], *ca deulo sab a gran sazon* [7v (92), al]...
- Só esporadicamente achamos os alomorfos *no*, *na*, sempre tras formas rematadas en nasal: *aquen | na deus quer dar* [3r (83), al], *a q̄n na d̄s q̄r dar* [30v (138), bl].

23. Para afondar máis neste aspecto e especialmente no valor fonético do grafema <x> nestas formas, pode consultarse neste mesmo volume o traballo de Varela Barreiro e Rodríguez Guerra.

E xa para rematar, debemos sinalar que tamén atopamos, en poucas ocasións, a forma *se*, como reflexiva de terceira persoa, que nalgún caso presenta tamén a grafía *sse*.

Ata aquí chega o que é un breve resumo das formas do pronome persoal atopadas en *A*. Non é o noso obxectivo facer unha descripción sintáctica, pero si que podemos dicir que a colocación do pronome persoal respecto ao verbo é semellante á do galego actual, cando menos segundo o que se observa nunha primeira aproximación. Ao que si debemos referirmos é a dous aspectos característicos en xeral da lingua medieval: por un lado a existencia de pronomes mesoclíticos (*auer llia log eu descaecer* [21v (120), b]), e por outro o común que resulta a aparición doutros elementos oracionais intercalados entre o verbo e o pronome persoal (*q̄ lle nunca fize pesar* [7v (92, b)].

6. O VERBO

Como xa dixemos ao principio, este traballo pretende ser unha breve presentación. Analizar en profundidade a morfoloxía verbal deste códice, ou de calquera outro, provocaría que nos estenderíamos máis do desexado. Para evitar isto, o que faremos a continuación é presentar de xeito esquemático como é a morfoloxía de cada unha das tres conxugacións.

Sinalamos xa en varias ocasións ao longo desta exposición que en diversos aspectos morfolóxicos sorprende o elevado grao de coherencia de *A*. No entanto, quizais sexa na morfoloxía verbal onde hai máis diversidade de solucións, sobre todo nos verbos irregulares, xa que nos regulares si que existe un alto grao de coherencia. Pero, aínda a pesar de que nos irregulares atopamos abundantes variantes para a mesma forma verbal, esta diversidade é ben pequena se a comparamos coa que ofrecen outros textos medievais²⁴.

6.1. *Verbos regulares*

Vexamos o resumo das formas verbais regulares que atopamos no códice. Como fixemos en seccións anteriores, poñeremos un trazo naqueles lugares en que non atopamos formas no texto. Obsérvese que, como xa adiantamos, faltan sistematicamente as segundas persoas de singular e as primeiras de plural, debido á propia tipoloxía temática das cantigas de amor.

24. Isto evidénciase, por exemplo, se se compara o que atopamos en *A* coa enorme casuística que presenta a morfoloxía verbal nun conxunto de textos como o de Maia (1986).

Cómpre sinalar, áinda que non o marcamos nos cadros para conseguir máis claridade, que as formas verbais que conteñen un <i> tamén poden aparecer grafadas con <y> (ou en menos casos con <j>), e cando rematan en <n> poden aparecer escritas con <m> final. Tamén hai casos de confusión nas formas con <ss>, que en ocasións aparecen grafadas con <s>.

Ademais debemos indicar que atopamos formas do tipo *cantara* con valor tanto de antepretérito coma de pretérito de subxuntivo, áinda que por claridade expositiva só incluímos as formas do tipo *cantasse* no imperfecto de subxuntivo. Tamén consideramos a existencia de tempos compostos, formados mediante os auxiliares *auer* e *ser*, pero non os poñemos no cadre, pois son facilmente deducibles a partir da conxugación do auxiliar en cuestión, e o que verdadeiramente nos interesa agora son as desinencias que se agregan ao verbo para a formación dos tempos simples²⁵.

Velaquí o cadre da morfoloxía dos verbos regulares:

1ª CONXUGACIÓN

amar	amando	amado	
INFINIT. CONX.	PRES. IND.	COPRETÉRITO	IMPERATIVO
amar	amo	amaua	
-	-	-	-
amar	ama	amaua	
-	-	-	
amardes	amades	amauades	
amaren	aman	amauan	amade
FUT. IND.	POSPRETÉRITO		PRES. SUBX.
amarei	amaría		ame
-	-		-
amara	amaría		ame
-	-		-
amaredes	amaríamos		amedes
amaran	amarían		amen
PRET. IND.	ANTEPRET.	PRET. SUBX.	FUT. SUBX.
amei	amara	amasse	amar
-	-	-	-
amou	amara	amasse	amar
-	-	-	-
amastes	-	amassedes	amardes
amaron	amaran	-	amaren

25. Para unha exposición pormenorizada dos tempos compostos pódese consultar Moscoso (2000).

2^a CONXUGACIÓN

entender		entendendo		entendudo
INFINT. CONX.	PRES. IND.	COPRETÉRITO	ÍMPERATIVO	
entender	entendo	entendía		
-	-	-	-	
entender	entende	entendia/entendeia		
-	-	-	-	
entenderedes	entendedes	entendiades		entendede
entenderen	entenden	entendian		

FUT. IND.	POSPRETÉRITO		PRES. SUBX.
INFINT. CONX.	ANTEPRET.	PRET. SUBX.	FUT. SUBX.
entenderei	entendería		entenda
-	-	-	-
entendera	entendería		entenda
-	-	-	-
entenderedes	entenderiades		entendades
entenderan	entenderian		entendan

PRET. IND.	ANTEPRET.	PRET. SUBX.	FUT. SUBX.
INFINT. CONX.	PRES. IND.	COPRETÉRITO	ÍMPERATIVO
entendi	entendera	entendesse	entender
-	-	-	-
entendeu/entendeo	entendera	entendesse	entender
-	-	-	-
entendestes	-	entendessedes	entenderedes
entenderon	entenderan	-	entenderen

3^a CONXUGACIÓN

partir		-	partido
INFINT. CONX.	PRES. IND.	COPRETÉRITO	ÍMPERATIVO
partir	amo	partía	
-	-	-	-
partir	ama	partía	
-	-	-	-
partirdes	amades	partiades	
partiren	aman/amam	partían	-

FUT. IND.	POSPRETÉRITO		PRES. SUBX.
INFINT. CONX.	ANTEPRETÉRITO	PRET. SUBX.	FUT. SUBX.
partirei	partiría		parta
-	-	-	-
partira	partiría		parta
-	-	-	-
partiredes	partiriades		partades
partiran	partirian		partan

PRET. IND.	ANTEPRETÉRITO	PRET. SUBX.	FUT. SUBX.
INFINT. CONX.	PRES. IND.	COPRETÉRITO	ÍMPERATIVO
parti	partira	partisse	partir
-	-	-	-
partiu	partira	partisse	partir
-	-	-	-
partistes	-	partissedes	partirdes
partiron	partiran	-	partiren

6.2. Verbos irregulares

Neste punto é onde atopamos un panorama con maior casuística e con maior abundancia de formas equivalentes. Tentando ser breves e claros, ofrecemos unicamente un resumo esquemático no que aparezan por orde alfabética os verbos irregulares presentes no texto, e a continuación de cada un deles presentaremos tan só aquelas formas verbais para as que aparecen distintas solucións no texto, así como aquelas que son diferentes das do galego actual²⁶. Polo tanto, nesta ocasión, no texto aparecen máis formas cás que sinalamos, pero non as indicamos (por motivos de brevidade expositiva) cando coinciden basicamente co galego estándar actual. Ademais, naqueles tempos que presentan o mesmo morfema de modo e tempo para todas as persoas (antepretérito, pretérito de subxuntivo, etc.) só sinalamos a forma da primeira persoa (aínda que quizais non sexa esa a que apareza no texto e si aparezan as doutras persoas), pois o resto das persoas extráese facilmente a partir da primeira.

Tal como indicamos más arriba, tamén aparecen variacións gráficas que non sempre presentamos no resumo. Así, hai alternancia entre <i>, <y> e <j> como vogais, entre <i> e <j> como consoantes, entre <n> e <m> en posicións final de palabra, etc.

AVER:

Tema de perfecto (raíz *ouu-*):

- Pretérito de Indicativo: *ouue/ouui (eu)*, *ouuo (el)*
- Antepretérito: *ouuera*
- Pretérito de subxuntivo: *ouuesse*
- Futuro de subxuntivo: *ouuer*

CRER:

De forma xeral aparece con <-ee-> ou con *e+vocal*:

- *creer, creerey, creede, creeram, creudo...*

DAR:

Tema de presente:

- Presente de subxuntivo: *de (eu/el)*, *den (eles)*

Tema de perfecto:

- Pretérito de subxuntivo: *desse*
- Futuro de subxuntivo: *der*

26. Como resulta lóxico tampouco indicamos aquellas formas das que non temos ocorrencias no texto. Polo tanto, cando non nos referimos a unha forma verbal, é porque non aparece no texto ou porque é equivalente á forma do galego estándar actual.

DIZER:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *digo (eu), diz (el)*
- Futuro de indicativo: *direi/dire (eu)*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *dixe/dix/dixi/digi (eu), disse/disso (el), disseron (eles)*
- Antepretérito: *dissera*
- Pretérito de subxuntivo: *dissesse*
- Futuro de subxuntivo: *disser*

DORMIR:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *dormio (eu), dormen (eles)*

Sempre presenta a raíz *dorm-*, tanto no tema de presente coma no de perfecto.

ESTAR:

Tema de perfecto (raíz *esteu-*):

- Pretérito de indicativo: *esteu*
- Futuro de subxuntivo: *esteuer*

FAZER:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *fazo/faço (eu), faz (el), fazem/façem (eles)*
- Presente de subxuntivo: *faza/faça (eu/el), faq n (eles)*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *fiz/fjz/fize/fige (eu), fez/feze (el), fezeses (uos), fezeron (eles)*
- Antepretérito: *fezera*
- Pretérito de subxuntivo: *fezesse*
- Futuro de subxuntivo: *fezer*

GRADEÇER (e verbos en -ecer):

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *gradesco (eu)*

IR:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *ides/ydes (uos)*
- Copretérito: *ya*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *fui/fuy (eu), fui/fuy/foy (el), fostes (uos), foron (eles)*
- Antepretérito: *fora*

- Pretérito de subxuntivo: *fosse*
- Futuro de subxuntivo: *for*

IAZER²⁷:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *iaço/iasco (eu), iaz (el)*

MORRER:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *moiro/moyro (eu), morre (el)*
- Copretérito: *morreia (eu)*
- Presente de subxuntivo: *moira (eu)*

OUVIR²⁸:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *ouq/ou zo (eu)*

Tema de perfecto: non hai formas no texto

PODER:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *posso/podo/poydo²⁹ (eu), pode (el)*
- Presente de subxuntivo: *possa (eu)*

Tema de perfecto (tripla raíz: *pod-, pud- e pu(y)d-*):

- Pretérito de indicativo: *pude/puyde/pudi/pudy (eu), pudo (el), puderon (eles)*
- Antepretérito: *podera*
- Pretérito de subxuntivo: *podesse*
- Futuro de subxuntivo: *poder*

PRAZER:

Tema de presente:

- Presente indicativo: *praze/praz (el)*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *prougo (el)*
- Pretérito de subxuntivo: *prouguese*
- Futuro de subxuntivo: *(a)prouguer*

27. A forma de infinitivo non aparece no texto.

28. Tamén aparece *oir/oyr*. As poucas formas que atopamos destes verbos teñen a mesma morfoloxía ca no galego estándar actual.

29. O único exemplo de *poyd-* resulta dubidoso:

*Amia sennor que por mal des
tes meus ollos eu ui faylle gran
ben querer. e o mellor que dela pod
poyd auer. des que a ui direi uolo*

QUERER:

Tema de presente:

- Futuro de indicativo: *querrei*
- Pospretérito: *querria*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *quige/quis/quix (eu)*, *quise/quis/quiso (el)*
- Antepretérito: *quisera*
- Pretérito de subxuntivo: *quisesse*
- Futuro de subxuntivo: *quiser*

SABER:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *sei/sey (eu)*, *sabe (el)*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *soube (eu)*, *soubo (el)*, *soubestes (uos)*
souberon (eles)
- Antepretérito: *soubera*
- Pretérito de subxuntivo: *soubesse*
- Futuro de subxuntivo: *souber*

SEER:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *soo/soô/soon/soôn (eu)*, *est/he/e (el)*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *fui/fuy (eu)*, *fui/fuy/foy (el)*, *fostes (uos)*,
foron (eles)
- Antepretérito: *fora*
- Pretérito de subxuntivo: *fosse*
- Futuro de subxuntivo: *for*

TÊER:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *ten/teen (el)*, *t  en (eles)*
- Futuro de indicativo: *terrey (eu)*, *terra (el)*
- Pospretérito: *terria*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *tiue (eu)*, *teue (el)*
- Futuro de subxuntivo: *teuer*

UALER:

Tema de presente:

- Futuro de indicativo: *ualrra (el)*
- Pospretérito: *ualrria*

TRAGER³⁰:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *trage/traje (el)*

UEER:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *ueio (eu), uedes (uos), ueen/ueem(eles)*
- Presente de subxuntivo: *ueia*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *ui/uj(eu), uiu (el), uistes (uos)*
- Antepretérito: *uira*
- Pretérito de subxuntivo: *uisse*
- Futuro de subxuntivo: *uir*

UIJR:

Tema de presente:

- Presente de indicativo: *uenno/ueño (eu), uen (el), ueen (eles)*

Tema de perfecto:

- Pretérito de indicativo: *uin (eu) uēo (el)*

- Futuro de subxuntivo: *uēer*

7. CONCLUSÓNS

A principal conclusión que se pode extraer da exposición anterior xa a fomos adiantando ao longo de todo o traballo: estamos ante un texto cunha grande coherencia nas escollas morfolóxicas. E non só neste aspecto. Por exemplo no traballo de Varela e Rodríguez, incluído neste mesmo volume, queda demostrado que tamén sucede iso mesmo na parte gráfica. Polo tanto, o *Cancioneiro da Ajuda* non é un códice no que aparecen copiadas sen máis un grupo de cantigas de autores diferentes, ademais diso hai un labor de depuración e igualación morfolóxica e gráfica.

Xa indicamos tamén como a crítica, baseándose no tipo de caligrafía, considera que os cadernos XIII e XIV deste códice deben atribuírse a unha man distinta. Pois ben, certos aspectos das escollas gráficas³¹ e morfolóxicas (a máis evidente é a escolha entre *uos* e *uus*³²), tamén apuntan nesa mesma dirección.

30. A forma de infinitivo non aparece no texto.

31. Isto mesmo evidencia o traballo de Varela e Rodríguez ao que nos acabamos de referir.

32. Véxase Mariño e Varela (2005: 365-369).

A ONOMÁSTICA PERSOAL NA LÍRICA MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUESA

Déborah González Martínez

Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo deste estudo é amosar unha visión xeral da antropónimia incluída na lírica medieval galego-portuguesa¹. Así pois, o noso *corpus* forma parte da produción literaria confeccionada durante as primeiras manifestacións gráficas da lingua galega; teremos en consideración tanto a lírica relixiosa, as *Cantigas de Santa María* de Afonso X, como a lírica profana nas súas diversas modalidades xenéricas (aínda que, como é fácil de intuír, e como os datos confirman, os rexistros onomásticos varían notablemente duns xéneros a outros).

Para unha mellor descripción dos nomes, apelidos e alcumes recollidos no ámbito da lírica profana, contaremos co testemuño que ofrecen os tres códices transmisores do conxunto das cantigas hoxe conservadas, e non nos limitaremos ao *Cancioneiro da Ajuda* (representado pola sigla A)², o único cancioneiro realizado durante a época trobadoresca. Este códice confeccionado a finais do século XIII ou principios do XIV, inacabado e anónimo³, restrinxen exceso a representación onomástica; débese isto, principalmente, a que é unha colección de *cantigas de amor*, nas que prima o tópico xenérico do segredo amoroso⁴ que, segundo Tavani, estaba destinado «non xa a salvagarda-la intimidade dos amantes de entremetementos alleos e a asegura-la

1. Este traballo debe entenderse únicamente como unha panorámica que advira ao lector da diversidade e riqueza onomástica presente nas cantigas medievais galego-portuguesas; non debe buscarse aquí, pois, a análise detallada de cada unha das formas rexistradas no *corpus*, cousa que excedería con moito os obxectivos marcados nun traballo destas características.
2. Para máis información sobre este códice remitimos a Ramos 1993: 115-117; Ramos 1994: 27-47; Brea 2004, 2005.
3. De aí que os primeiros estudiosos pensasen nun autor único. Para máis información, Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904]: I).
4. Isto explica que os nomes persoais documentados en A se limiten a: *Maria, Sancha, Joana, Dona Constança, Guiomar Afonso / Guiomar Afonso Gata, Dona Elvira, Paay Moniz, Martin Sira, Mayor Gil, Joan Garcia, Joan Coelho*, e o haxiónimo *Santa María*.

supervivencia do sentimento, senón máis ben a protexer un deles do ressentimento do outro» (Tavani 1991: 121).

Por isto, incluiremos tamén na nosa análise o material onomástico localizado no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* e no *Cancioneiro da Biblioteca da Vaticana* (recoñecidos polas siglas *B* e *V* respectivamente); estes códices foron confeccionados arredor de 1525-1526 en Italia, grazas á orde e supervisión do humanista Angelo Colocci⁵; daquela, debemos ter presente que a cronoloxía e a xeografía⁶ de realización repercuten nos hábitos gráficos dos diferentes cancioneiros e en certas particularidades lingüísticas:

[...] a maior parte da poesía lírica do occidente peninsular chegou ata nós a través de intermediarios que non eran galegos: exceptuando as 310 cantigas do *Cancioneiro da Ajuda*, case todas de amor, e as sete cantigas de amigo de Martin Codax do pergamiño Vindel, todas as outras pasaron pola peneira dunha transcripción portuguesa que debe ter obrado unha adaptación non soamente gráfica, senón tamén lingüística, coa substitución, nos textos de autores galegos, de palabras arcadas ou xenuinamente galegas por lusismos e neoloxismos (Tavani 2005: 185).

Por outra parte, os códices italianos permiten ter presentes os nomes e sobrenomes documentados nalgúnsas *cantigas de amigo* e de *amor* e, fundamentalmente, nas *cantigas de escarnio*, pois estas, como explica António Pereira (autor dunha tese sobre a antropónimia no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*), son as que

[...] ao exhibrem um estilo rude mas sincero, recorrem a un vocabulário variegado e policromo [...] ao fazer do Homem medieval o seu sujeito e objecto, as «cantigas d'escarnho e de maldizer» conferem aos elementos antropónímicos que o designam (nomes de baptismo, patronímicos, alcunhas...) um papel primordial na tecitura poética (Pereira 2003: 259-260),

configurándose como un «viveiro onomástico» (Pereira 2003: 259). Pero estes cancioneiros non só permiten isto, senón tamén incorporar ao estudo ono-

5. Sobre a cronoloxía dos cancioneiros e as fases da súa elaboración, véxase Oliveira (1994); sobre os cancioneiros *B* e *V*, Ferrari 1979, 1993a, 1993b.
6. O cancioneiro *A* foi elaborado, probablemente, na corte castelá durante o reinado de Afonso X; como outros códices do seu *scriptorium*, presenta certas características propias deste, por exemplo, os dígrafos *nn* e *ll* para a representación das palatais (Arbor 2005: 91); por outro lado, o antecedente de *B* e *V* debeu ser confeccionado no norte ou centro de Portugal, arredor de 1350 (Oliveira 1994), con outras particularidades lingüísticas diferenciadas, como poden ser os dígrafos *nb* e *lb* no plano gráfico.

mástico as rúbricas explicativas⁷, aquelas que aclaran ou xustifican a confeción dunha composición dada. Por se referiren directamente ao contexto ou a calquera outro aspecto das propias composicións, os nomes rexistrados nelas serán tidos en consideración xunto aos que se localizan no interior das cantigas⁸.

Para a constitución deste *corpus* empregamos como fonte o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG)⁹, que nos facilitou o rexistro da información onomástica capturada nos versos das cobras e nas rúbricas explicativas. Non obstante, debemos aclarar que a obtención dos antropónimos mediante esta ferramenta implica aterse ás edicións que foron incorporadas ao TMILG e aceptar gran diversidade de criterios editoriais. Por isto, non cremos oportuno deternos no plano gráfico (cousa que só nos parecería conveniente se estivésemos traballando directamente con edicións facsimilares ou, no seu defecto, con transcripcións paleográficas). Malia isto, decidimos presentar en rexistros independentes as diferentes formas gráficas dun mesmo nome, así como a variación nunha referencia por acompañarse de sobrenome(s). Por outra banda, neste estudio panorámico teremos en conta que hai diferenzas debidas á existencia de denominacións aplicadas a persoas reais, localizadas historicamente, e os personaxes que foron creados e / ou empregados na ficción literaria.

Operando mediante estes criterios, obtemos unha relación de, aproximadamente, 800 cadeas onomásticas. Entre estes rexistros figuran nomes simples fronte a outros compostos por dous ou máis elementos; por outra parte, poderemos facer unha clasificación segundo a súa orixe (introducidos pola influencia relixiosa, literaria, de procedencia xermana, árabe).. e segundo a súa tipoloxía (distínguese nomes de pía, alcumes, sobrenomes detoponímicos e patronímicos).

1. NOMES VINCULADOS AO CRISTIANISMO

O cristianismo será un factor importantísimo para a difusión, aceptación e inclusión de elementos onomásticos novos. As *Sagradas Escrituras* deixan

7. Para máis información sobre as rúbricas explicativas e a súa edición crítica, consúltese Lagares (2000).
8. Por outra parte, as rúbricas atributivas, aquellas que indican a autoría dunha serie de cantigas, permitirían estudar os nomes dos trobadores. Non nos ocuparemos aquí destas rúbricas, fundamentalmente pola súa complexidade, que as fai merecentes dunha análise pormenorizada que iría moito más alá dos lindes marcados para o noso traballo. Para consultar a edición crítica xunto a unha descripción detallada, véxase Gonçalves (1976).
9. O noso agradecemento pola súa colaboración neste proceso ao profesor Xavier Varela.

a súa pegada no elenco de nomes cos que traballamos, e de aí que moitos sexan de orixe hebrea ou grega; a maior parte deles foron adoptados polo latín, repercutindo na súa frecuencia de uso e na distribución xeográfica. Certos antropónimos latinos e gregos puideron, á súa vez, verse potenciados pola febre cristiá, especialmente cando os seus posuidores eran santos, mártires, papas, etc.

Na lírica galego-portuguesa rexistramos numerosos casos de antropónimos vinculados e difundidos pola relixión que son aplicados a persoas históricas, moitas delas localizables no período medieval (excluímos aquí as mencións aos propios personaxes bíblicos e os haxiónimos, que serán vistos nos apartados sucesivos). Destacamos como femininos máis frecuentes *Maria, Marinha*¹⁰, *Maior / Mayor / Mori*¹¹, e entre os masculinos *Pero / Pedro* e *Johan / Joan / Joham / Joam / Johanne*. Outros nomes presentes no *corpus* reafirmados pola relixión son: *Abel, don Adam, El Cond'Abrañ, Aleixi, mestr'Andreu, Bartolomeu, Basilo, Beeito, Beatrix / Beatriz*¹², *Bonifaz, Constantín / Costantin, o papa Cremente, Cayphas, Cesar, Denis* (do francés *Denis*, a partir do latín *DIONISIUS*), *Domingos e Domingas, Estevan, Fagundo, Fiiz, Jacobe, Jeronim, Joana / Johanna, Don Josep, Jorge / Gorge, Juyão, o papa Leon, Lourenço / Lourenzo, Luzia, Martin, Miguel, Octavian, Palaio / Paio / Paay / Pae, Pera, Rachel, Samuel, Sancho e Sancha, Simon, Tareija, Theophilo, Tome, Macia*¹³, *Manuel, Mateu / Mateus / Matheu / Matheus, Vicente, Vidal*.

1.1. Nomes de personaxes bíblicos

A maior parte dos nomes rexistrados na obra de Afonso X son haxiónimos (que se explicarán no seguinte apartado) ou antropónimos que fan referencia aos individuos das *Sagradas Escrituras*: *Adan, Anania / Ananias, Anna, Azari / Azarias, Cherubin, Daniel, rei Davi, Elisabeth, Emanuel / He-*

10. «MARIÑO, MARÍA: Do nome latino *MARINUS / MARINA*, que puidera ser derivado de *MARIUS*, ou proceder do adjetivo latino *MARINUS, -A, -UM* “mariño”, “que vén do mar”, “que vive no mar”. Na Idade Media era un nome feminino moi frecuente» (Ferro 1992: 365). Tamén ten sido considerado como un hipocorístico de *Maria*, dado que a forma feminina é moito más frecuente cá masculina.

11. «MAIOR: Nome que tal vez proceda dunha advocación da Virxe: a da basílica de Santa María a Maior de Roma (“Santa Maria Maggiore”)» (Ferro 1992: 345). Para máis información sobre os restantes nomes, véxase Ferro 1992 e Rivas 1991.

12. Levaba este nome unha mártir de principios do século IV. Aínda que o antropónimo foi relativamente común durante toda a Idade Media, o aumento na súa frecuencia foi sobre todo consecuencia da repercusión da obra dantesca; véxase Ferro (1992: 158).

13. Rivas remite *Macia* a *Matbias* (Rivas 1991: 660; 224).

manuel / Manuel, Erodes / Herodes, Eva, Gabriel, Jesu, Jesse, Joban / Jobane, Joaquin, Joseph, Judas Macabeus / Macabeus Judas, Lazaro, Lucas, Madalena / Madalena Maria, Manuel / Manuhel, Maria, Maria Salome, Marcos, Mateos, Misael / Mishael, Moysen, Nero, Pedro, Ruben¹⁴, rei Salamon, Seraphin, Simeon / Symeon / Simon, Tomas, Ysaya / Ysayas. Con carácter moi esporádico, este tipo de referencias documéntase tamén no cancioneiro profano: *Adan, Eva, Iesu Cristo / Ihesu Cristo / Jesu Cristo / Rei Judeorum, Jesu Nazareo e Judas.*

Dentro desta categoría, e en referencia aos propios personaxes bíblicos, ainda poderíamos engadir os nomes de *Locifer, Datán e Abiram*. Os dous últimos son mencionados con frecuencia nas fórmulas de imprecación dos documentos notariais da Idade Media¹⁵; no noso *corpus* figuran unicamente unha vez nas *Cantigas de Santa María*:

*Os pecadores todos loarán
[Santa Maria, ca dereit'yan]
Ena loar, e derecho será;
ca muito ben nos fez senpr'e fará,
e se non foss'ela, foramos ja
todos con Abiran e con Datan (Mettmann 1981: I, 749)*

1.2. Haxiónimos

Dentro da categoría de nomes relacionados co cristianismo, observamos unha elevada proporción de haxiónimos, pois representan case o 10, 25% da totalidade. Como sería de esperar, están documentados maioritariamente nas *Cantigas de Santa María*. Neste cancioneiro comprobamos que certos nomes de santos se repiten, ás veces con modificacións salientables; sirvan como exemplos *San Basilio / San Basilio / San Basilo; San Denis / San Dinis; San James de Compostela / San Jame / Santiago; San Martin / San Martinho; Sant'Agostin / Sant'Agostyo; San Joban / San Yoan / San Yoane*. A listaxe de santos mencionados na obra de Afonso X complétase con *Sant'Aliffonso /*

14. •Ruben: 411.33 Ruben e Symeon. *Segundo os Apócrifos, dois sacerdotes do tempo dos pais da Virgen* (Mettmann 1981: II, 696).

15. Datán e Abiram eran dous personaxes bíblicos que desobedeceron as leis divinas promulgadas por Moisés. Como castigo, «A terra abriu a súa boca e enguliunos a eles e ás súas familias, toda a xente de Coré e toda a súa facenda. Descenderon, pois, vivos á morada dos mortos, eles e tódolos seus; a terra pechouse sobre eles, e desapareceron do medio da comunidade. Tódolos israelitas que estaban arredor deles fuxiron ante os seus berros, pois dicían: -“Non sexa que nos engula a terra!”» (Núm 16, 32-35).

Sant'Alfonso, Sant'Andreu, Sant'Angeo, San Bêeito, San Bonifaz, San Clemente, San / Santo Domingo, San Fiiz, San Gabriel, San German, Santa Loçay[al], San Luchas, San Maatheus / San Mateus, San Marçal, San Marcos, Santa Maria, San Mercuiro / San Mercurio, San Miguel, San Nicolas, San Pedro, San Quirez, San Salvador, Santa Sofía, San Symeon, Santo Thomas / Santo Tomas e San Vitor. De entre os haxiónimos localizados nas *Cantigas de Santa María* destacaremos o nome de *San Joan Boca d'Ouro*, pois raramente se documenta un nome de santo complementado cun sobrenome delexical.

Esta tipoloxía preséntase tamén no interior das cantigas profanas con relativa frecuencia, sobre todo nas *cantigas de amigo*; aquí, moitos dos haxiónimos son mencionados porque se está a render devoción no lugar de culto a un santo ou en romarías. Como casos exemplificativos sirvan *Santa / Sancta Maria* (haxiónimo que acada a cota máis alta), *Santa Cecilia, San Clemente / Clementel, San Leuter, San Salvador, Santiago, San Servando e San Treeçon*¹⁶, tirados das *cantigas de amigo*; aínda se pode ampliar a lista cos nomes de *Sam Marçal, Santa Ovaia, San Joam / San Joan, San Juyao, San Marcos, San Martinho, San Pedro e San Vicent[e]*, incluídos en *cantigas de escarnio e cantigas de amor*. É singular a presenza de *Sampalo* nunha cantiga escarnina de Afonso Lopez de Baian, que segundo as indicacións do profesor Lapa, é «popularización de *Sam Paulo*» (Lapa 1995³: 56).

2. NOMES DE ORIXE XERMÁNICA

Por suposto, existen outras e diversas fontes onomásticas; así, acadan unha alta proporción os nomes de orixe xermánica. Aquí, encabezan a lista *Afonso / Alfonso e Fernando / Fernan*, sumándose a estes unha serie de antropónimos de uso reiterado: *Ansur, Alvar / Alvaro, Anrique, Arnaldo, Bernaldo / Bernal / Bernald / Bernalt, Franco, Gaston, Gueda, Guilhelm[e], Gomiz, Gonçalvo / Gonçalo, Lois, Meendo, Recessiundo, Reimondo / Reimund / Reymon, Rodrigo, Roi / Rui, Sison*¹⁷ e *Siagrio*¹⁸. Como era de esperar,

16. «Santo venerado outrora na cidade de Tuy (Galiza) [...] o nome do santo tinha igualmente estas formas *Terson, Trason e Terason*» (Nunes 1973: 69).

17. Está formado a partir da raíz *sis- do alto alemán *sisu*, ‘canto fúnebre’, ‘maxia’ (Piel / Kremer 1976: 246).

18. Asóciase con SISBERTUS segundo Mettman (1981: II, 246), e polo tanto *Siagrio* relacionaríase coa raíz *sis- comentada na nota anterior. Nunes (1936: 158), por outra parte, indica que é un antropónimo masculino de orixe xermánica «que se interpreta por *príncipe de vitória*» e Machado considera que o étimo é SYAGRIO, polo que a orixe sería latina (DOELP, s.v.).

rar, os nomes femininos son menos variados e numericamente inferiores nas súas ocorrencias; destacaremos entre estes: *Biringela*, *Toda*¹⁹, *Guiamar*, *Guiomar*, *Gondrode*, *Leonor*, *Ouroana*²⁰, *Ousenda* e *Elvira*, a famosa dona dos cancioneiros profanos²¹.

3. NOMES DE ORIXE ÁRABE

Documéntanse, sobre todo nas *CSM*, antropónimos de orixe árabe. Representan unha pequena proporción (aproximadamente o 1,2%) e son todos nomes masculinos, con excepción da alusión á Virxe baixo a forma arábica *Mariame* (Mettman 1981: II, 615). Algúns fan referencia a individuos historicamente documentados (parecen adaptarse á lingua romance cando son transcritos nas cantigas), ou ben a personaxes relacionados coa relixión; sirvan como exemplo *Aben Mafon* (Ibn Mahfūh, equivalente a 'rei de néboa', que gobernou na zona do Algarve c. 1252), *Aboyuq f/ Aboyuef* (Abū Yūsuf Ya'qūb, sultán de Marrocos, 1258-1286), *don Alis e maestr'Ali* (baixo esta última forma, nas *CSM* e na lírica profana), *Almanor* (Al-Mansūr bi-l-Ilah, líder militar), *Arrendaffel* (almirante de exército), *Bondoudar* (az-Zāhir Ruknaddīn Baibars al-Bundukdāri, sultán de Exipto e Siria, 1260-1277). Por outra parte, hai referencias ao pai de Mahoma, *Abdalla*, e tamén ao propio profeta, nomeado baixo as variantes *Mafomat*, *Mafomet*, *Mafomete* e *Mofomete* (Mettmann 1981: II).

Nas cantigas profanas, ademais de contemplarse os nomes *Almanor* e *meestr'Ali*, recóllense tamén os alcumes *Albardar* e *Xacaffe* (Pereira 2003: 367-369).

4. NOMES METALITERARIOS

Os nomes de orixe literaria non son numerosos (non chegan ao 0,3% da totalidade) e a maioría proceden da materia artúrica. No noso *corpus* apare-

19. A partir do nome xermánico *TOTA* / *TUDIA*, de raíz *TEUT* / *TEUD*. «*Toda* aún conserva en los últimos siglos de la Edad Media cierta vigencia en Asturias, con un notable porcentaje de frecuencia máxima de 2,38% en la década de 1400-1410, como nombre de seis personas diferentes sobre un total de doscientas cincuenta y dos mujeres, aunque no parece haber tenido continuidad en épocas posteriores» (Viejo 1998: 527).

20. *Ouroana* podería verse relacionado con *Auroana* e *Oriana*, nome da personaxe feminina na historia do *Amadís de Gaula*.

21. Sobre o xogo que ofrece este nome como aparición encubierta (*el vira / Elvira*), véxase Martínez Pereiro (1999: 75-110).

cen unicamente como referencias metaliterarias, isto é, figurán para aludir aos propios personaxes literarios, sen se documentaren como prenomes asignados a individuos reais, algo que, segundo parece confirmar outro tipo de documentación, non sucedería ata ben chegado a fin do século xv ou principios do xvi:

Non atopamos na Idade Media persoas chamadas coma o rei Artur, si as hai que portan nomes dos seus cabaleiros: por exemplo, de *Galván*, o modelo do cabaleiro cortés, sobriño predilecto do rei, que é o segundo nome de varios personaxes eclesiásticos de finais do xiii e mediados do xiv en Tui, A Limia e Lugo respectivamente. O propio *Lanzarote* dá nome a varios personaxes ourensáns do xv e o xvi. Tamén hai testemuños de *Galaz*, o cabaleiro celeste, fillo de Lanzarote [...] o primeiro deles é de finais do xv (1487), e o segundo, de mediados do xvi (Boullón 1998: 874).

Temos referencias a *Don [L]lana rot, Rainha Genevra, Merlin, o Breton Artur, o Rei Brutus / Britus*, o poboador de Bretaña²², e o *Rei Peles* (pai da muller que se interpuxo entre Lanzarote e Xenebra)²³. Figuran os nomes dos dous amantes desgraciados: *Tristán* ou *Don Tristam o Namorado*, e *Iseu* ou a *rainha Iseu de Cornoalba*; dous personaxes que son propostos como exemplo de amor apaixonado. Relacionados tematicamente a estes últimos, nos *laus* fálase de *Maraot de Irlanda* (tamén *Maroot* e *Marot*; quen, en calidade de embaixador do rei de Irlanda, foi enviado a Cornualla para cobrar o tributo anual, e alí morreu a mans de Tristán) e de *Elis o Baq* (duque de Saxonía, que compuxo un *lai* para cantar o seu amor por Iseu).

A pesar de se referiren estes nomes aos propios protagonistas das lendas, teñen a súa importancia desde o punto de vista literario: as alusións evindencian a presenza da materia artúrica en Galicia no século xiii. Ademais, a proporción que acadan en relación con outras referencias metaliterarias fai pensar que a materia de Bretaña era o tema preferido polos intelectuais da época fronte a outros ciclos narrativos, como podía ser o carolinxio (*Rrol-dam*, nunha cantiga de Johan Baveca) ou o da materia clásica (*París*, como exemplo de amante desolado) (Gutiérrez / Lorenzo Gradín 2001: 57).

22. «A alusión a Bruto como poboador da illa de Bretaña non ofrece controversia ningunha, xa que é un dato amplamente difundido na tradición historiográfica desde antes da composición da *Historia Regum Britanniae* e que pasou a numerosos romans artúricos, entre eles o *Lancerot prope* e o *Tristan en prose*» (Gutiérrez / Lorenzo Gradín 2001: 81).

23. «A filla do rei Pelles, que andaba namorada do cabaleiro, deitouse con el facéndolle crer que era Xenebra. Cando ó día seguinte a raíña se enterá de tal feito, repudia a Lanzarote e este perde o sentido e abandona a corte» (Gutiérrez / Lorenzo Gradín 2001: 107).

As restantes referencias metaliterarias están pensadas para ofrecer un parádigma de amante sufridor (así é citado *Paris*) ou un modelo de parella de amantes (como pode ser o caso de *Flores e Blancafrol*²⁴, presentes nunha *cantiga de amor* de Don Dinis e noutra de *amigo* de Johan Garcia de Guilhade).


5. PATRONÍMICOS

Ao carón destes elementos constitutivos das cadeas onomásticas, sinalaremos a presenza de apelidos que son expresión da filiación. Nun principio os procedementos utilizados eran basicamente tres: o xenitivo, a fórmula *proles / filius* ou o sufijo patronímico. Non se sucederon uns métodos a outros cronoloxicamente, senón que durante un tempo coexistiron, ata que definitivamente o patronímico desprazou aos outros dous (Boullón 1995: 453).

No noso *corpus*, o sistema por sufixación é o mellor documentado (aínda que tamén é moi frecuente a adhesión do nome paterno sen a desinencia patronímica). Como excepción a este procedemento rexistramos *Diaz* (un apelido relativamente frecuente no conxunto analizado) que non presenta un sufijo patronímico, senón que é resultado da evolución fonética normal do xenitivo: DIDACI> Diaci > Diaz (Boullón 1995: 456; 462).

Como dicimos, o modelo para expresar a filiación con maior peso no noso *corpus* é o formado a partir do nome do pai e o sufijo patronímico engadido. As formas sufixais que ocorren con máis frecuencia son *-ez / -iz*, mentres que os alomorfos *-es* e *-is* presentan un índice de aparición notablemente inferior, sobre todo o último. Por outra parte, o nivel de vacilación é elevado; os datos que a continuación se expoñen deben verse tan só como aproximativos, debido ás condicións de traballo das que partimos²⁵:

24. «A grandes rasgos la historia de Flores y Blancaflor narra las aventuras de dos jóvenes, hijo él, Flores, de un rey moro y ella de una noble cautiva cristiana. Nacen ambos el mismo día y crecen juntos hasta que, viendo el padre de Flores su amor y considerando que ese matrimonio no es el adecuado para su hijo, los separa, pero como el amor persiste vende a Blancaflor como esclava y ésta va a parar al harén del rey de Babilonia. Flores marcha en su busca, se gana la amistad del guardián del harén y, escondido en un cuévano de flores, entra en la torre donde están custodiadas las doncellas. Descubiertos los amantes por el rey, éste quiere matarlos pero al final les concede el perdón. Felices y casados los jóvenes vuelven al reino de Flores y se convierten ellos y todos sus súbditos al cristianismo» (Baranda 1991: 21).
25. Recordaremos aquí que non consultamos directamente os manuscritos senón que adoptamos a selección editorial incorporada ao TMILG; isto implica aceptar diferentes editores con disparidade de criterios entre eles e, polo tanto, o resultado estará condicionado en calquera análise lingüística que queira realizarse.



O sufijo máis frecuente é *-ez*, seguido de *-iz* e de *-es*; moi afastados destes resultados están os alomorfos *-is* e *-az*.

A terminación *-ez* é máis moderna ca *-iz* e «sería, como se sabe, a que acabaría triunfando en todo o ámbito hispánico» (Boullón 1995: 467); o seu uso progresivo fixo diminuír o emprego de *-iz* durante o século XII, quedando desprazado por completo nos inicios do XIII (Boullón 1995: 467). Por un lado, hai patronímicos que se rexistran únicamente con *-ez*: *Alvitez, Fafez, Perez, Paez, Ordonbez e Nunez*; comprobamos que *-ez* é a forma preferida nalgúns dos patronímicos que documentan vacilacións na terminación, tal como *Vasquez* ou *Vaasquez / Vaasquiz*, *Gonçavez*, *Telez*, *Lopez / Lopiz*, e *Soarez*. Sucedé ao contrario en *Rodriguez* e *Fernandez*, pois estes teñen unha presenza inferior a *Rodriguez* e *Fernandiz*, con alomorfo *-iz*. Con el tamén se documentan *Dominguz* e *Meendiz*.

Por outra parte, a forma *-es* do sufijo rexístrase nos apelidos *Afoneses, Alvares, Fernandes, Rodrigues, Soares, Teles e Vaasques*. En *Anes / Ianes / Joanes / Eanes*, a terminación é etimolóxica, pois procede de JOHANNES. De todos os alomorfos sufixais os de menor transcendencia son *-is* e *-az*, pois só están presentes en *Gonçalvis* e *Veaz*.

A lista de apelidos increménțase con aqueles que coinciden formalmente co nome de pía, isto é, por razóns diversas nunca chegaron a portar sufixo. Como xa anunciamos, figuran amplamente representados nos textos: *Afonso* (en coexistencia cun insólito *Afoneses*), *Airas / Aires, Bonifaz, Doming', Garcia, Gil, Joanes, Lourenço, Marcos, Mateu, Nicolas, Servando e Simbon*. Tamén podemos engadir *Balteira*, feminización do nome de orixe xermánica *Balteiro* (Piel / Kremer 1976: 371).

6. SOBRENOMES DELEXICAIS

Os nomes de orixe delexical están claramente diferenciados dos anteriores, pois a imaxinación popular será a responsable da súa atribución e de facer do léxico unha das fontes principais da onomástica. A súa orixe reside nun elemento do léxico común en función apelativa (esta aposición inicial pode responder a múltiples e variadas causas) que, tras a deslexicalización, dá lugar a unha unidade onomástica con valor denotativo. Por causa desta procedencia constitúen un conxunto caracterizado pola súa heteroxeneidade.

Certamente, o alcume xorde coa finalidade de individualizar e identificar unha persoa, pero existe a posibilidade de que se transmita de pais a fillos, tras a súa fixación, como se dun apelido hereditario se tratase. E non só iso, senón que, ás veces, pode ultrapasar o terreo do individual ata o colectivo, chegando a designar, por exemplo, os membros dunha mesma familia; este é o caso do sobrenome delexical *Zevroes*, aplicado aos infanzóns de Lemos en varias cantigas de Lopo Liáns²⁶.

Por outra parte, estes alcuños poden estar como únicos elementos na referencia, ou ben poden figurar dentro dun complexo onomástico, isto é, presentárense inmediatamente despois do nome de pía ou do conxunto formado por un nome e un sobrenome. En función da súa posición no interior da cadea, observamos que: son elementos únicos en case 50 rexistros (aproximadamente 6,5%), noutrós 90 casos (11,5%), figuran precedidos dun nome de pía mentres que, en 4 ocasións (0,5%), están a continuación do conxunto formado por nome e patronímico (*Sancha Perez Leve, Pero Diaz Sortelha, Airas Moniz o Zevron, Fernan Roiz Corpo Delgado*). Só nunha ocasión o localizamos situado entre o nome de pía e un sobrenome con orixe nun topónimo (*Pero Velho de Taveiros*).

O normal é que estes sobrenomes aparezan unidos aos demais elementos da cadea onomástica directamente, pero isto non implica que sexan inexistentes fórmulas vinculantes entre o nome e o sobrenome; así, atopamos expresións do tipo: “a judia de sa vila que avia nome Dona”, “à do[n]zela [...] que avia nome Codorniz e o porteiro avia nome Fiiz”, “ù peon que avia nome Vela”, “ù jograr que chamavan jograr Saco”, “un escudeiro [...] e dizian-lhi Albardar”, “Joan Martiz por sobrenome Bodalho”, ou “Moor Martiiz por sobrenome Camela”.

Normalmente é complicado coñecer con exactitude as razóns polas que os sobrenomes delexicalais foron aplicados a cada persoa, malia teren orixe nunha característica distintiva do portador. A asignación dun alcume puido

26. Para a explicación do termo, véxase a nota 37.

ter motivo tanto no aspecto externo da persoa (trazos anatómicos, eivas físicas...), como en particularidades intelectuais, éticas ou propias do carácter; tamén puido ser adxudicado para facer alusión a comportamentos peculiares, a detalles biográficos ou, incluso, a factores diferenciadores de tipo social, que identificarían un individuo nunha comunidade (Viejo 1998: 171). Viejo fala da alternancia entre a «referencia directa originaria», mediante a cal a característica pretendía subliñarse, e a «referencia indirecta u oblicua»,

[...] que responde a distintos mecanismos semánticos, de complejo análisis, que, en última instancia pudieran reducirse a dos: la metáfora y la metonimia. Estos tipos de referencias indirectas, como se verá, ponen en juego dentro de la onomástica personal un amplio caudal léxico que, al margen de aludir en última instancia a los mismos rasgos caracterizadores mencionados en la primera clasificación y objeto de referencia directa, procede frecuentemente, mediante comparaciones, elipsis, hipérboles, de campos referenciales muy dispares: nombres de animales, plantas, objetos, materiales, partes del cuerpo, etc. (Viejo 1998: 171).

Así pois, xa que os alcumes xorden do léxico, e áinda que non sexan obvias as razóns que orixinaron a súa aplicación, é posible agrupalos en función do campo semántico ao que pertencen e distinguir varios grupos.

6.1. *Alcumes sociais*

Neste grupo acolleríanse os nomes que refiren ao grao xerárquico do individuo na escala estamental, ao cargo desenvolvido dentro dun ámbito ou dun colectivo social e ao exercicio dun oficio ou a calquera outra actividade de tipo económico.

Localizamos no *corpus* un *Soldan* (sultán), o título nobiliario *Conde*, e outras designacións de carácter social como *Dona*, *Padrã*, *Burgues* ('habitante dun burgo', co sentido tanto de 'barrio' como de 'cidade') ou *Jograr* (actividade que sería só desenvolvida por unha persoa non pertencente á nobreza: “ú jograr que chamavan Jograr Saco”).

Reixistramos dous alcuños relacionados a oficios de tipo manual: *Ferreira* e *Marinbo*. Por outra parte, o termo *Coteife* aparece vinculado ao ámbito bélico co significado de 'soldado inferior' ou 'cabaleiro vilán' (Lapa 1995³: 312). No eido relixioso documentamos os termos *Romeu* ('aquele que peregrinou a Roma') e *Santo*.

Dentro dun espazo social máis privado, o correspondente ao universo familiar, dous individuos cun mesmo nome de pía podían ser inicialmente identificados mediante a orde de nacemento co uso de adxectivación, e de aí que atopemos un sobrenome como *Velho* ("Pero Velho"). Próximo a esta

categoría, rexistramos o nome *Anaia*, procedente do vasco ‘irmán do home’ ou en xeral ‘irmán’, aínda que na Idade Media chegou a significar ‘señor’ (Ferro 1992: 124; Rivas 1991: 100).

Engadiremos no repertorio de alcumes sociais, por último, os masculinos *Abril*²⁷ e *don Foão* ('fulano'), aínda que seguramente este non funcione en todos os casos como un identificador, senón más ben como un encubridor do nome propio.

6.2. Alcumes por características físicas

Este subgrupo está conformado por unha serie de nomes baseados nos trazos físicos característicos do individuo; poden incidir en aspectos moi xerais, como a figura ou as dimensións, na cor da pel ou os cabelos, ou ben poden destacar detalles específicos da anatomía.

No *corpus* co que traballamos existen alcumes que describen características da figura corporal, como *Corpo Delgado*, *Genta*, ‘louzá’ (Rivas 1991: 430), *Louço* ‘elegante’, ‘louzán’ (Rivas 1991: 465), *Sarmento*, ‘delgado’ ou ‘esvelto’, *Toso*²⁸ e *Vivas*²⁹. En referencia á enfermidade sufrida polo individuo rexistramos o sobrenome deadxectival *Tinhoso*.

O alcume puido asignarse metonimicamente, coa finalidade de destacar unha característica anatómica localizada nunha parte concreta do corpo humano, sobre todo para facer fincapé en particularidades relativas ao tamaño ou á forma. No noso *corpus* atopamos *Caralbote*, un alcume atribuído ironicamente, que parece remitir ao universo artúrico tanto polo sufijo *-ote* (parello á terminación de *Lanzarote*), como polo argumento da *cantiga de escarnio* de Martin Soarez na que se localiza³⁰:

27. É posivel que alguns apelidos que ha, iguais a nomes de meses, indiquen epochas de nacemento, ou outras notaveis na vida dos respectivos individuos [...] havia na Idade-Média *Abril* como nome proprio e como sobrenome, hoje é puro apelido (Leite de Vasconcelos 1928: 182).

28. *Esta tenq n fez Joan Airas de Santiago a un que avia nome Rui Toso ta'nton, e se pos nome Rui Martitz* (17, V642); [...] Admitindo a seguir que *Toso* é apelido (do lat. *tonus*), o problema concéntrase na resolución da forma *tātō*, que Bertolucci mantén sen solución, aínda que propón en nota unha leitura que acha pouco convincente, “e antón”. J. L. Rodríguez (1980), dando por feito a existencia dunha confusión entre os grafemas *t* e *c*, interpreta a forma *canton* como unha contracción entre *ca* e *enton*, e debe portanto realizar a integración *ell*. Neste sentido, sen cambiar a letra do códice nen facer integración ningunha, é posibel considerar unha contracción de *ta* e *enton*. A forma preposicional *ta* convive nesta altura con ate, ata, atee, atees, ataas, te, etc.» (Lagares 2000: 121).

29. Debe ser un nome máis dos que xurdiron coa mística da vida cristián, coa semántica de VITA, VIVERE, VIVAX-ACIS ‘de longa vida, vizoso’ (Rivas 1991: 302).

30. A cantiga *úa donzela jaz preto d'aqui xira arredor do termo burlesco Caralbote*, interpretado de formas diversas pero sempre dentro dos lindes da materia de Bretaña. Gutiérrez e Lorenzo Gradiñ (2001: 58-65) apoian que o sufijo *-ote* actúa no alcume con fins cómicos, mais inspirán-

[...] una composición a un clérigo, que mantenía relaciones sexuales con su hermana, al que significativa e irónicamente denomina *Caralbote, Don Caralbote*, con la más que probable finalidad de permitir una doble lectura. En la primera, *Caralbote* sería el apodo que el trovador habría puesto al clérigo, tal vez para resaltar sus atributos, mientras que, en la segunda, aludiría al miembro viril, de manera que el motivo de su alegría sería otro muy diferente al de la presencia del clérigo» (Montero 1996: 314).

O adxectivo que serviu para alcumar a *Maria Crespa* pon en evidencia que esta muller tiña cabelos rizados (Rivas 1991: 414). En alusión á cor do cabelo ou da pel distínguese, normalmente, alcumes que proceden de nomes de cores: *Alvela, Alvelo, Gris, Negro e Jardo* ('pardo', 'vermello').

Mais, segundo nos explica F. Nodar, «muchos de los sustantivos onomásticos de las cantigas de escarnio son meras denotaciones genitales. Un claro exemplo de ello es María Negra» (Nodar 1989: 451).

Maria Negra vi eu en outro dia,
hir rabialçada per hunha carreyra,
e preguntey a como hya senlheyra,
e por aqueste nome que avya,
e disse-m'ela'nton: ey nom'assy
por aqueste sinal con que naci,
que trago negro come unha caldeyra.
[]..
este sinal, se Deus mi perdon!
é negro ben come hun carvon,
e cabeludo aderredor da caldeira.
(125, 21; vv. 1-7, 12-14)

A lectura da composición³¹ pode aproximarnos a esta interpretación, sempre que teñamos en conta a dobre intención nos sentidos de certas expresións, por exemplo, *negro come unha caldeyra*, *negro ben come hun carvon* e *cabeludo aderredor da caldeira*; así pois, a cor negra dese “sinal” de María élle aplicado a ela como sobrenome.

dose no nome de Lanzarote, a partir das aventuras relatadas no *Lancelot en prose*, pois son apreciables os paralelismos, ainda que na *cantiga de escarnio* haxa unha inversión paródica dos valores amorosos.

31. As cantigas que reproducimos seguen a edición recollida en Brea 1996; por outra parte, a numeración que se presenta corresponde á seguida nesta obra.

6.3. Alcumes aplicados por calidades morais ou psicolóxicas

Son sobrenomes frecuentes e refírense a aspectos psicolóxicos ou morais ben diversos. Así, por exemplo, remiten á intelixencia *Agudo* e *Queimado*, ao raciocinio *Sen*, á afabilidade e sociabilidade os nomes *Amigo*, *Bôo*³², *Bonamic*, mentres que *de Gran Prez*, pode indicar que o seu portador era unha persoa con valor.

Por outra parte, con connotacións irónicas ou negativas rexistramos *Soydade*, *Baveca* ‘parvo’ (Rivas 1991: 393), *Pachacho* e *Pacheco* ‘lento’ ou ‘pachorrento’³³. Mantemos dúbdidas de poder incorporar a este grupo o seguinte par de formas: *Sortelha* (de *SORTICULA*, diminutivo de *SORS*, *SORTIS*), que funcionaría aquí a modo de sufijo depreciativo co significado de ‘desgraciado’, ‘desafortunado’; e *Grougelete*, que Rivas transcribe como *Grougalete*, e do que indica: «Sobrenome escuro; a forma é dim., quizais equivalenza de *Groubalete* dim. de *groubo* (provenzal) ‘caracocha de arbre, home aparvado’, con *graubio* ‘carballo’ e o ap. *Grauby*» (Rivas 1991: 432).

Denuncian actitudes ou comportamentos sexuais os alcumes *Fendudo*³⁴ e *Furado*³⁵; dedúcese facilmente a súa referencia á homosexualidade polo contexto no que se insiren.

Rexístrase *Leve* aplicado a dúas mulleres. O valor deste alcuño podería ser o de ‘parva’, ‘muller de escaso xuízo’ (Lapa 1995³: 338), aínda que o contexto permite defender a idea de que aquí teña outro significado: o de ‘muller fácil de seducir’, debido precisamente aos costumes sexuais destas dúas donas, soldadeiras de profesión. Estas alusións localízanse en catro composicións satíricas de Johan Vasquiz de Talaveira dedicadas a *Maria Leve* (que Ventura 1995: 481 fai corresponder con María Pérez Balteira) e a *Sancha Perez Leve* (segundo Lapa, discípula da anterior; poderíamos supor que o alcueme funciona aquí como elemento clave, que pon en relación estas dúas mulleres, pois a *manceba* aparece nomeada co mesmo alcueme); reproducimos a cantiga *Sancha Perez Leve, vós ben parecedes* (81, 19) e, parcialmente, o texto *Direi-vos ora que oi dizer* (81,4):

32. *Bôo* podería estar aplicado por exercer esa persoa o cargo de procurador: «El *estado* ciudadano participaba en las reuniones de las Cortes de Castilla por medio de representantes que desde el año 1255 fueron llamados ‘procuradores’, pero en ocasiones, antes y después de esta fecha, también ‘personeros’ y ‘hombres buenos’ (García de Valdeavellano 1998: 474).

33. Rivas relaciona *Pachacho* e *Pacheco* con *Pacho*, no que sinala unha orixe expresiva e onomatopeica (Rivas 1991: 448).

34. «Bernal Fendudo, quero-vos dizer / o que façades, pois vos queren dar / armas e “dona salvage” chamar» (67,7; vv. 1-7).

35. «Comprar quer’eu, Fernan Furado, muu / que vi andar muy gordo no mercado: / mais trage ja o alvaraz ficado, / *Fernan Furado, no olbo do cuu;* / e anda ben pero que fere d’unha, / e diz[en]me que traje hua espunlha / *Fernan Furado no olbo do cuu*» (17,2; vv. 1-7).

Sancha Perez Leve, vós ben parecedes
 e pero eu sei que mi vos mal queredes:
non xi m' obrida o amor de Maria.
 Bon doair' avedes e manso falades
 e pero eu sei que me vós desamades:
non xi m' obrida o amor de Maria. (81,19)

Direi-vos ora que oí dizer
 de María Leve, assi aja ben,
 pola manceba, que se desaven
 dela; e, pois lh' ali non quer viver,
ena Moeda Velha vai morar
Dona Maria Leve, a seu pesar. (81,4; vv. 1-6)

Debemos deternos nunha cantiga de escarnio de Johan Soarez Coelho dedicada á soldadeira *Maria do Grave*, pois nela ofrécese unha explicación dos motivos polos que leva este sobrenome. En realidade, o trobador xoga co termo *grave* ao longo de toda a composición para satirizar, con comicidade e ironía, o comportamento sexual desta muller. O alcume podería contemplar diferentes sentidos pero, segundo o contexto, a razón da atribución foi probablemente por ser interesada, pois o trobador denuncia con xocosidade o elevado prezo que se lle tiña que pagar a cambio de sexo; como nos explica Lapa (1995³: 233) «segundo os seus valores expressivos, que se resumem fundamentalmente a isto: «difícil» e «custosa», os quais se ajustavam bem á soldadeira, pois era custosa = cara, mas não difícil, como o autor declara ter já experimentado»:

Maria do Grave, grav'é de saber
 por que vos chaman María do Grave,
 cá vós non sodes grave de foder,
 e pero sodes de foder mui grave;
 e qu', en gran conhocenza, dizer
 sen leterad'ou trobador seer,
 non pod'omen departir este “grave”.

Mais eu sei ben trobar e ben leer
 e quer'assi departir este “grave”
 vós non sodes grav'en pedir aver,
 por vosso con', e vós sodes grave,
 a quen vos fode muito de foder;
 e por aquesto se dev' entender
 por que vos chaman María do Grave.

E pois vos assi departi este “grave”,
tenhom-‘end’ora por mais trobador;
e ben vos juro, par Nostro Senhor,
que nunca euachei [molher] tan grave
com’é Maria e— já o provei—
do Grave; nunca pois molherachei
que a mi fosse de foder tan grave. (79,34)

6.4. Alcumes que remiten a animais

Este novo tipo de alcume é o resultado da aplicación metafórica, orixinada en características físicas do individuo ou en certo comportamento asimilable ao do animal en cuestión. No noso *corpus* atopamos alcumes derivados de animais domésticos, como *Bezerro*, *Bezerra*, *Bodalbo* e *Bodinho* (ambos os dous derivados do nome do macho cabrío, *bode*), *Codorniz*, *Coelho*, *Galinha*, *Galo*, *Gata*, *Gato*; outros relacionados con esta tipoloxía son *Coelheiro* e *Cabreyra*.

Rexistramos, ademais, sobrenomes asociativos aos becos silvestres ou ás bestas salvaxes, como *Aranha*, *Camela*, *Carriço*³⁶, *Esquyo*, *Lopo*, *Peixota*, *Sapo*, *Velpelho*³⁷ ('raposo'), *Vuitoron* ('voitre') e *Zevron*³⁸.

6.5. Alcumes vinculados ao mundo vexetal

Poucos son os nomes que podemos incluír neste campo: *Arruda*³⁹ alude a unha especie de herba; e, por outra parte, son sinalables como produtos

36.-O *carriço* é herba dura e carrapatosa, do lat. serodio *CARRICEU, lat. vg. CARICEUS, lat. CAREXICIS ‘id’. Tamén se pode referirse ó paxaro chamado *carriza*, pouco *carriço*, o máis miúdo no Noroeste» (Rivas 1991: 406).

37.-La parodia pretende rebajar al ambiente rústico y rural la persona de Don Meendo, apodado *Velpelbo*, es decir, ‘zorro’. Además de los rasgos negativos que caracterizan a dicho animal, conviene recordar que, tanto el substantivo como su derivado verbal *goupillier*, son introducidos en varios cantares de gesta franceses con el significado de ‘mostrarse cobarde’, ‘huir como el zorro’, acepciones que, dado el carácter del texto, es más que probable que el trovador conociera» (Lorenzo Gradín 1994: 709).

38.-Zevrão, aumentativo disfónico de zevro = onagro, cavalo selvagem, conhecido por sua gran velocidade. Em sentido figurado, «homem grosseirão, bruto, impetuoso, asselvajado»; qualificativos estes bem ajustados aos infanções de Lemos, alvejados nas cantigas de D. Lopo Lias» (Lapa 1995³: 392).

39.-É o lat. RUTA ‘ruda’; no Marcellus Burdigalensis (Lat. Vg. 89) entre as herbas curativas aparece a *rutam*, polo ano 410» (Rivas 1991:389).

comestibles procedentes do mundo vexetal: *Albo*, *Cogominho*⁴⁰ (cogombro pequeno) e *Pimentel*⁴¹.

6.6. *Alcumes con base no vestido*

Poden estar aplicados polo hábito de quen viste unha determinada prenda, posiblemente con finalidade cómica, ou tamén aludindo ao seu fabricante. A listaxe contempla únicamente os nomes *Chancon*, ‘zoco de madeira’ (Rivas 1991: 415-416) e *Barreto*, ‘parte da armadura destinada a cubrir a cabeza’ (Rivas 1991: 392).

6.7. *Alcumes relacionados con obxectos do portador*

No eido das cousas só é posible sinalar *Bolo*, *Cana*, *Saco* e *Soga*; ademais destes, rexistramos *Albardan* na lírica profana e *Albardar* nas CSM (“un escudeiro de pequeno logo, e dizian-lhi Albardar”). *Albardan* documéntase no s. XIII con varios valores: «albarda (‘sela grosseira’) de grande tamaño» ou «sela propia para cavalaria, com feitio de albarda mais forrada de carneira (‘pele de carneiro’)»; de aquí, o verbo *albardar*: «aparellar (besta de carga) com albarda ou albardão (‘sela grosseira’)», tamén se documenta co sentido figurado «vestir(-se) com roupa mal feita, ridícula ou de mao gosto; vestir(-se) mal» (Houaiss 2001: 137). Por outra parte, Corominas e Pascual (1980: I, 114) indican que o significado de *albardan* é ‘bufón’, procedente do hispanoárabe *bardān*, ‘home que di parvadas’ (rexistran a primeira documentación desta expresión a finais do século XIII).

6.8. *Alcumes a partir de actividades ou actos habituais*

No eido dos actos que, por habituais ou insólitos, levan a identificar unha persoa, podemos sinalar diversos alcumes rexistrados nas *cantigas de escarrio* con claras connotacións irónicas e satíricas. Así temos o caso de *Marinha Foça*, nome dunha soldadeira, derivado do «v. *fozar*, ant. *foq r*, port.

40. Este, segundo Leite de Vasconcelos (1928: 262), podería ser un alcume atribuído por relación xeográfica, sen máis indicacións sobre o topónimo que a remisión ás *Leges Consuetudines*; mais a explicación etimolóxica que ofrece fai derivar este sobrenome do hipotético termo latino *CUCUMINUS, a partir de CUCUMIS (áinda que a palabra *cogombro* procede de *CUCUMERUS, de CUCUMER. 41. É unha forma dim., irónica, de *pimenta*, *pimento*, *pimentiro-a* ‘clase de pranta’, da que se fai o pemento ou pimentão, ás veces moi picante; ven do lat. *pīgmentū* ‘color’, do v. *pīngō-ere*, *pīnctū* ‘pintar’ (Rivas 1991:456); por outra parte, a variante *-el* (do sufijo *-elo*) debe ser resultado de influencia estranxeira, probablemente gallo-románica (Ferreiro 1997: 187).

foçar ‘revolver co fociño, coma os porcos’, do lat. vg. **fodiare*, lat. *fodiere*, *fossum* ‘cavar’ (Rivas 1991: 424).

Mejouchi é outro alcume despectivo aplicado a unha soldadeira; segundo a explicación de Piel:

Estamos em presenza de um nome frásico, que se traduz muito prosaicamente, á moderna, por *mijou-se*, ou não menos drasticamente, por Marinha *Mijona*, o que se concebe perfeitamente atendendo á intención satírica que por natureza caracteriza o género d'escarnho (Piel 1982: 219).

No caso de *Pero Cantone*, incluído nunha composición de Fernan Soarez de Quinhones na que con grande ironía denuncia os vicios deste personaxe, preséntase unha terminación con sufijo aumentativo *-on* (con claro valor apreciativo, despectivo, e que axuda na ridiculización do satirizado), seguido dun *-e* paragóxico (talvez con afán italianizante) mediante o cal establece relación con outros rimantes de terminación paragóxica: *Zorzelhone*, *tapone*, *sazone*, *Gordone*, *bençone* e *Leone* (Lapa 1995³: 103). Reproducimos a primeira cobra das cinco que conforman esta composición⁴²:

Ai, amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone!
 Que amor tan viçoso e tan sāo,
 queno podesse teer até o verão!
 Mais valria que amor de Chorrichāo
 nen de Martin Gonçalvez Zorzelhone.
Ai amor, amore de Pero Cantone,
que amor tan saboroso e sen tapone! (49,1; vv. 1-8).

Ademais dos sobrenomes deverbais sinalados, talvez poderían incluirse nesta categoría os derivados dos verbos *cheirar* e *chorar*; *Cheyra* (posible tamén como topónimo) está presente nunha cantiga de escarnio de Don Afonso Lopez de Baian (o sobrinho de Cheyra 6,9; v. 55). E *Chora*, en alusión a D. João Martins Chora, aparece no refrán dunha cantiga de Joan Soarez Somesso (Lapa 1995³: 164).

42. Nesta cobra son aludidos tres personaxes. João Dionísio (1995: II, 176) identifica Chorrichāo con Gonçalo Fernandes, da terceira xeración dos Chorrichāo, que casou tres veces: primeiro con dona Sancha Anes de Monte Negro, con quen tivo un fillo, despois con Rica Fernandez, coa que tivo dous fillos; e, por último, con Sancha Fernandez d'Orzelhom, coa que tivo doce fillos. As referencias parecen ser «emblemas do amor forte e fecundo, en oposición ao de Pero Canton».

7. SOBRENOMES DETOPONÍMICOS

Unha categoría importante dentro do conxunto da onomástica persoal é a dos sobrenomes orixinados a partir de nomes xeográficos. Haberá que distinguir dous tipos fundamentais: os xentilicios, e os topónimos aplicados para identificar un individuo en función da súa procedencia. Comprobamos que ocupan o segundo lugar na cadea onomástica, inmediatamente despois do nome de pía, ou no terceiro se van detrás dun patronímico.

Localizamos no *corpus* os seguintes sobrenomes derivados de xentilicios: *Galego*, *Nazaréo* e *Damaçeo / Damaceo / Damasco / Damascen[o]*. Os sobrenomes a partir dos propios topónimos exercen a mesma función identificativa ca os xentilicios. Vemos que poden presentarse vinculados ou non ao nome de pía mediante preposición *de*. Segundo a súa distribución xeográfica, diferenciamos entre aqueles que se localizan na área galega (*d'Ambroa, d'Armea, de Bonaval, Bouçon, de Cheyra*⁴³, *de Compostela, de Meyra, de / da Ponte, de Santiago, de Talamancos*⁴⁴).., na área portuguesa (ademas de *de Portugal*, rexistramos *Dade, da Maia, d'Avoin, de Baian, de Beja, de Breteiros, de Calbeiros, de Gaia, da Guarda, de Guibade*⁴⁵, *de Lixboa, de Montemoor o Novo, de Pavia, Sabugal, de Taveiros, de Valadares...*), topónimos fóra destas áreas pero dentro da península Ibérica (*d'Alboquerque, d'Aragón, de Castela, d'Espanha, de Gordone*⁴⁶, *de Leon, de Navarra, de Mont Aragon, do Vinhal, de Zorzelhone*⁴⁷; tal vez poidamos incluír aquí o sobrenome do trobador *Martin Moxa ou Moya*⁴⁸), e, por último, os topónimos extrapenínsulares (*Cornoalha, França, Irlanda, Marsella*).

43. Sinalado como topónimo miúdo na provincia da Coruña (Rivas 1991: 552); porén, A. Pereira (2003) clasificao como alcume de procedencia latina derivado dun verbo, *cheirar*.

44. Tamallancos (Roy de —, 1458, Our. (Vida, II, 434) Fernan Paez de Talmancos, nas Cántigas do séc. XIII (CV-941). Outros ven Talamancos; no séc. XV top. Tamallancos (Cortesão). Tamallancos está en Vilamarín, Our.» (Rivas 1991: 633).

45. Sobre o topónimo e antropónimo *Guibade*, véxase Lopes (2003: 47-84).

46. «Aparece o topónimo Gordone, cun e paroxílico pois todas as terminacións en -ón/ -or o -van, quizais por unha certa vontade de italianizar a cantiga a modo de burla. O único topónimo Gordón que atopei é o dun concello leonés, La Pola de Gordón» (Ventura 1995: 480).

47. «Zorzelhone. Talvez seja erro, por d'Orzelhone, sendo Orzelhon un topónimo» (Lapa 1995³: 103). Joaquim Ventura sinala que podería ser un topónimo astur-leonés, pois o autor da cantiga, Fernan Soarez de Quiñones era de orixe asturiana; en cambio, na aparición do topónimo nunha cantiga atribuída a Lopo Lians, J. Ventura indica que podería localizarse en Galicia, tanto pola orixe de Lopo Lians como da dos infanzóns de Lemos, satirizados na cantiga (Ventura 1995: 483). Rivas Quintas propón un xogo de palabras a partir de *de Orzelbon e zorcir* ('repasar roupa rota'), e sitúao en Ourense (Rivas 1991: 476).

48. Para máis información sobre este sobrenome, a problemática das formas gráficas *Moxa* ou *Moya* e a súa localización, véxase Fernández Campo (1993: 438-440): «Quanto ao nome, nome, os únicos dados que posuimos são os fornecidos pelos textos e pelas rubricas dos apógrafos ita-

Por outra parte, é posible localizar unha serie de sobrenomes detoponímos (*de Vilanansur, de Campos, de Carvoeiros, de Cizneiros, d'Estepar e de Lavradores*) que son empregados como referentes a un colectivo.

8. CONCLUSIÓNS

Durante o período central do Medievo, esencialmente entre 1050 e 1150, orixinouse o sistema moderno de designación persoal en toda Europa, consistente no conxunto de prenome máis un sobrenome adoptado do nome do pai (o patronímico, que máis tarde será hereditario). Mais, sen dúbida, o nome medieval non estaba tan rixidamente establecido coma o de hoxe en día, como exemplifican dous cambios onomásticos explicados nas rúbricas dos cancioneiros profanos:

[...] ū vilão que foi alfaiate d/o bispo Don Domingos Jardo de Lixbôa, e avia nome Vicente Dominguez; e depois pose-lbi nome o bispo Joan Fernandez

Esta tençon fez Joan Airas de Santiago a un que avia nome Rui Toso ta'nton, e se pos nome Rui Martiiz

A pesar da evolución do sistema ao longo de toda a Idade Media, desde o nome único ao complexo onomástico como forma de identificación dunha persoa, na produción literaria apreciamos referenciais completas e outras unicamente parciais. En boa medida, isto é debido ao contexto no que se inclúen: cantigas relixiosas ou profanas nas que entran en xogo diversos factores, como a rima, a métrica, os tópicos xenéricos, a parodia, a ironía... Son elementos ausentes nos textos oficiais, onde os nomes deben presentarse exactamente tal cal son para evitar problemas de identificación. Na literatura as alusións responden a unha realidade extraoficial, polo que non sempre é posible identificar perfectamente o individuo. Isto inflúe tamén na elevada proporción e diversidade de alcumes que rexistramos, os cales amosan unha parte do sistema antropónímico do século XIII contemplada nos textos oficiais dunha maneira moito más limitada (un factor que, sen dúbida, reafirma a complementariedade entre uns documentos e outros no eido da onomástica persoal).

Por outra banda, a información onomástica que brindan as rúbricas explicativas é de grande interese. Como xa se explicou, estes pequenos textos en prosa teñen como función ofrecer datos adicionais: proporcionar detalles sobre o contexto, o trobador ou a realización da obra, identificar a quen ou

lianosa, e que no entanto están ambíguos, dado que aparecen indistintamente sob as formas *Moxa* ou *Moya*. Por outro lado, é identificado por Rivas (1991: 446) co topónimo catalán *Moya*. En Galicia existe o topónimo *Moia* en Navia de Suarna.

contra quen vai dirixida unha cantiga (o escarnio é o xénero más favorecido por esta modalidade), e xustificar a inclusión da cantiga nos cancioneiros (Lagares 2000: 29). As ocorrencias onomásticas non sofren aquí as restricións que operan nas composicións ás que complementan, pois nas rúbricas a finalidade da referencia é, precisamente, a de identificar un individuo concreto entre o colectivo; daquela, as cadeas onomásticas se amosan más completas, aparecen indicados os cambios onomásticos ou o feito de que alguén con certo nome sexa coñecido por un determinado alcume.

Por outra banda, na obra de Afonso X a maior parte dos rexistros corresponden a haxiónimos ou ben a diversos personaxes bíblicos; entre os históricos, amais dos membros da familia real (como poden ser *Affonso Santo*, o *Rei Don Fernando*, o propio *Afonso de Castela*), atopamos referencias a outros personaxes pertencentes ao círculo cortesán ou vinculados á vida relixiosa. En xeral, observando as cantigas narrativas comprobamos que o exordio serve para presentar os personaxes favorecidos ou castigados pola Virxe, que é sempre a verdadeira protagonista; isto comporta que a maior parte destas composicións traten o milagre dun devoto calquera,

[...] xa que non se especifica máis que o seu sexo (ás veces, unha idade aproximada), a profesión ou o status social: “hua dona”, “hua moller”, un ome”, “un monge”, “hua monja”, “un crerigo”, “un cavaleiro”, “un crischão”, “un judeo”, son os tipos máis comuns.

Outras, un número ben reducido, presentan suxeitos con nome propio —ás veces, protagonistas de lendas ben coñecidas,— o que lle concede certa *auctoritas* (Fidalgo 2002: 110-111).

Respecto ás cantigas profanas, o canon das *cantigas de amigo* e *o de amor* non favorece a presenza de rexistros onomásticos nelas, e de aí que a maior parte do material veña ofrecido polas *cantigas de escarnio e maldicir*, nas que a carnavalización, a parodia, a sátira e a denuncia concentran o seu esplendor. Por esta razón, cómpre aclarar que, se nos dous primeiros xéneros líricos a presenza dos elementos onomásticos foi limitada intencionadamente, nas composicións escarninas a ocorrencia dos nomes foi feita, en cambio, de forma consciente e calculada, permitíndolle aos trobadores e xograres xogar coa identificación e designación. Un claro exemplo disto é unha das cantigas de Afonso Sanchez, na que o poeta lle aplica a unha mesma muller diversos nomes: dona *Biringela* (segundo o étimo, ‘dona Virtuosa’) cando era aínda doncela e dona *Maria* (daquela, ‘dona Piadosa’) cando casou; máis tarde chamárona dona *Ousenda* (‘dona Ousada’), e dona *Gondrode* (‘dona Lasciva’), e un de Zamora chamouna dona *Gontinha* (‘dona Pequerrecha’) (Lanciani / Tavani 1995: 166-167):

Conhoedes a donzela
por que trobei, que avia
nome Dona Biringela?
Vedes camanha perfia
e cousa tan desguisada:
des que ora foi casada,
chaman-lhe Dona Maria.

D'al and'ora mais nojado,
se Deus me de mal defenda:
estand'ora segurado
un, que maa morte prenda
e o Demo cedo tome,
quis-la chamar per seu nome
e chamou-lhe Dona Ousenda.

Pero se ten por fremosa
mais que s'ela, por Deus, pode,
pola Virgen gloriosa,
un ome que fede a bode
e cedo seja na forca,
estand'a cerrar-lhe a boca,
chamou-lhe Dona Gondrode.

E par Deus, o poderoso,
que fez esta senhor minha,
d'al and'ora mais nojoso:
do demo dâ meninha,
que aquel omen de Çamora,
u lhe quis chamar senhora,
chamou-lhe Dona Gontinha. (9,2)

É frecuente encontrar, nas composicións profanas, referencias directas a persoas reais; entre outros, destaca o colectivo das soldadeiras que «frecuentemente serviram de alvo às chufas dos trovadores e jograis galego-portugueses» (Lopes 1998²: 236), entre elas a famosa *Maria Balteira* (identificable coa *Maria Leve das cantigas*), e outras soldadeiras como: *Maria Aires*, *Maria do Grave*, *Maria Negra*, *Maria Mateu*, «e cada unha destas denominacións pode referirse a unha cortesá distinta ou designar, con diferentes apelativos, unha soa Maria» (Lanciani / Tavani 1995: 168); ao seu carón, están *Domingas*

Eanes, Elvira Lopes, Luzia Sanchez, Maior Garcia, Maior Moniz, Orraca Lopes, Ouroana, e Marinha,

[...] que não sabemos até que ponto se poderá identificar com todas ou algumas das outras Marinhas que aqui surgem, Marinha Mijouchi, Marinha Lopes, Marinha Sabugal, Marinha Crespa, Marinha Foça sendo muito provável que pelo menos alguns destes nomes correspondam à mesma pessoa— (Lopes 1998²: 238).

Ao carón destas, existen referencias a individuos doutros sectores sociais ou profesionais, que permiten rexistrar os nomes de criadas, alcaiotas e outras personaxes femininas (por exemplo, *Elvira Perez, Elvira Padrôa, Maria Domingal, Maria Garcia, Marinha Caadoe, Mor da Cana, Sancha Anes*)... . Hai alusións a relixiosos de diferentes niveis eclesiásticos (como *Domingo Caorinha e Martin Vaasquez*), membros da realeza (*Dona Beatrix, Don António, Don Afonso, Don Fernando*)... , ricos-homes, infanzóns, cabaleiros e outros altos cargos (como *Airas Moniz, don Meendo de Candarei, Don Rodrigo e Codorniz*⁴⁹, *Lourenço Bouçan, Don Estevão, Roi Garcia, Don Fagundo*, o cabaleiro *Sueiro Bezerra* e o seu fillo *Roi Bezero*, entre moitos nomes máis), médicos (por exemplo, *Meestre Nicolas e Maestr'Acenq*), homes de leis (como *Martin Fernandez, Albo e Joan Nicolas*), e xentes doutras profesións ou de inferior condición social (*Ansur Moniz, don Beeito, Bodalho, Corral, João Bezerra, Pedr'Agudo...*). Finalmente, menciónase o nome dos propios trobadores en *escarnios e tensós* (*Afonso Sanchez, don Affonso Lopez de Baian, don Arnaldo, Joan Baveca, Lourenq Jograr, Pero da Ponte, Pero d'Anbroa, Picandon, Sordel...*). Pénse que para cada unha das categorías apuntamos unha serie de nomes que se continúa cun longo etcétera.

Porén, a nosa intención quedou satisfeita ao permitírsenos ofrecer unha breve panorámica da onomástica persoal na lírica medieval galego-portuguesa e, fundamentalmente, dar conta da súa riqueza e diversidade. Podemos ver, polo tanto, como os cancioneiros que transmiten a nosa lírica medieval representan unha importante fonte para o estudo onomástico, máis cotiá e extraoficial que a ofrecida por textos xurídico-administrativos.

49. Dona Maria Rodrigues Codorniz, filla de D. Rodrigo Sanches, fillo bastardo de Sancho I (Lapa 1995³: 124).

A ANTROPONIMIA NOS TEXTOS DOCUMENTAIS GALEGOS ATA O SÉCULO XIII

Ana Isabel Boullón Agrelo

Instituto da Lingua Galega (USC)


A finalidade deste traballo é examinar a evolución do tratamento da antropónimia nos textos medievais ata o século XIII, para determinar como esta parte especial do léxico se comporta nos documentos escritos en latín e nos escritos en romance. Para isto teremos en conta dous corpus diferentes: un de documentos orixinais latinos e outro, máis reducido, dos documentos en galego localizados ata 1260, para que sexan máis homoxéneos cronoloxicamente, e para pór de relevo as vacilacións propias dos primeiros textos. O grao de romanceamento existente en ambos os *corpora* porase de manifesto non só na evolución fonética, senón tamén no tratamento dos sufíxos patronímicos, pois constitúen unha evidencia da vontade latinizante dos escribas.

1. A ANTROPONIMIA NOS TEXTOS ALTOMEDIEVAIS

As fontes examinadas para a realización deste traballo coinciden en boa medida coas utilizadas anteriormente para unha análise más exhaustiva da antropónimia altomedieval (Boullón 1999); pero neste caso restrinxín a selección ós documentos orixinais, cuxas lecturas foron revisadas persoalmente, ou partían de edicións considerables fiables desde unha perspectiva paleográfica (como o caso de CDCoruña). Por esa razón, do Tombo de Samos só incluíñ os documentos orixinais que o editor engade como apéndice (ata o ano 1207). Desta maneira o corpus é máis reducido pero máis fiable en tanto á súa transmisión manuscrita.

Os documentos proceden na súa maior parte dos fondos dos mosteiros galegos: Carboeiro (CDCarboeiro), Ferreira de Pantón (CDFerreiraPantón), Ramirás (CDRamirás) e Samos (TSamos), amais doutros de Santiago (Cat-DocSantiago, DocSantiago1, DocSantiago2) e Coruña (CDCoruña). Deles extraéronse 2001 cadeas onomásticas, distribuídas cronoloxicamente da seguinte maneira:

Distribución cronolóxica das cadeas onomásticas



1.1. Cara ao sistema denominativo do dobre nome

Xa en anteriores traballos (Boullón 1995, 1999: 21-26) expuxen con certo detalle o paso do sistema do nome único á dobre denominación, que se foi producindo desde o final do séc. IX e se estendeu desde finais do XI, como ocorreu na xeneralidade da área europea cristiá. Exemplificamos o proceso con nomes tirados do noso corpus.

Spanosindus abbas	a.898	DocSantiago1 I 43
Felix abba	a.936	CDCarboeiro 243
Honoricus	a.937	DocSantiago2 395
Hermegotoni abbatisse	a.951	TSamos 229


Non é agora o momento de volver sobre as causas do cambio do sistema, simplemente constataremos que o segundo nome era case sempre patronímico, e esta propiedade marcábase mediante dous procedementos maioritarios: o xenitivo latino e os sufíxos patronímicos. En documentos orixinais aparecen no século X:

Batinus Guand{ilani}	a.937	DocSantiago2 395
Fofo Aldianiz	a.[954]	CDCarboeiro 247
Kintila Argimundiz	a.[~961]	CDCarboeiro 253
Pelagius Gundesaluz	a.[~961]	CDCarboeiro 253
Froyla Ariunfiz	a.975	TSamos 141
Gundissalbo Menendiz (monagis de Sancta Marina)	[s.10]	CDCoruña 28
Ilduara Ennegiz	[s.10]	CDCoruña 28
Odrocia Menendiz	[s.10]	CDCoruña 28
Aloyto Teodefrediz	[s.10]	CDCoruña 28
Gontina Fafilaz	[s.10]	CDCoruña 28
Gudesteus Didaz (tius meus) [Etxmerilo]	[s.10]	CDCoruña 28

Non eran, con todo, os únicos procedementos: aparecerán os sobrenomes delexicais e, en ocasións, unha terceira designación persoal, que adoita ser unha denominación de orixe; ademais, unha constante nos documentos medievais é, como é sabido, a variabilidade, que se manifesta coas distintas maneiras de expresar o patronímico (xenitivo, fórmula *proles*, sufijo -z coas variantes *-izi*, *-ici*, *-it*, e mais adxunción simple do segundo nome):


Albaro prolis Gudesteiz	a.1021	CDCoruña 33
Sarracino Nuni	a.1050	TSamos 287
Arias Luzi cognomen Maza	a.[1065]	CDCoruña 80
Donnino Abdelaz	a.1074	TSamos 210
Petri Iohannis de Aurantes	[s.12]	CDCarboeiro 548
Garcia Uelasquizi	a.1110	CDCarboeiro 281
Marine Arie	a.1140	CDCarboeiro 292
Pelagius Barragam	a.1170	TSamos 482
Martin Benedictiz = Martín Benedicto	a.1236	CDFerreiraPantón 27

Partindo dos datos que nos ofrecen os documentos orixinais examinados, elaborouse o cadro no que se constata o ritmo ascendente da evolución do dobre nome en Galicia ao longo do período altomedieval.



Os estudos antropónímicos que parten dunha perspectiva histórica ou sociolóxica afirman que o patronímico se xeneralizou a partir da súa adopción polos grupos dominantes, e que se poden apreciar distintas prácticas na individuación dos distintos grupos sociais; así, o *nomen paternum* non é utilizado en Galicia durante os ss. X e XI polos servos, por as súas condicións de dependencia impedírenlle constituir unha familia, nin polos clérigos, que se apartan do matrimonio (Martínez Sopena 1995: 402) e, por outro lado, “el empleo de los apodos, minoritario frente a las otras formas de designación, es mayor en la antropónimia servil que en la de los hombres y mujeres libres, y en la servil masculina que en la femenina” (Carzolio 2002: 171). Co

paso do tempo, a urbanización crecente das poboacións do norte hispánico desde o XIII leva a preferir formatos de designación máis variados e cun maior contido informativo: o nome máis un elemento complementario moi determinante, como pode ser o alcume, a indicación profesional ou un topónimo de orixe. De ser o procedemento exclusivo nos séculos X e XI, pasa a diminuir significativamente nos seguintes, nunha tendencia que irá aumentando na Baixa Idade Media.



1.2. O romanceamento das marcas patronímicas

Interésanos distinguir os distintos procedementos patronímicos, porque eles deitarán luz sobre a vontade latinizante dos escribas. Centrámonos en dous: a utilización do uso do sufijo patronímico e mais do xenitivo; destes, a maior parte é en *-i*, pois son nomes de orixe latina ou greco-latina declinados pola segunda declinación (ou de procedencia xermánica adaptados a este modelo); os da terceira, en *-is*, son case sempre do nome de orixe hebrea *Iohannes*:

Ueremudo Adefonsi	a.960 CDCarboeiro 252
Sisnando Luzi	a.1000 CDCarboeiro 259
Iohan Iohannis	a.1192 TSamos 487

É escusado dicir, por sabido, que non hai unha sucesión cronolóxica perfecta entre eles, dado que coexisten incluso dentro dun mesmo documento, pero si se pode advertir certas tendencias que en ocasións parecen contraditorias cos resultados romances, e que analizaremos a seguir. O que importa agora, desde o punto de vista da presenza do romance nas escrituras, é que o sistema do xenitivo debeu ser exclusivo dos textos escritos, pois non deixou descendentes na antropónimia moderna. Entón, foi coexistindo en distinta medida co sufijo patronímico, que podía presentar formas diver-

sas. A forma máis estendida era *-iz* (-*iz* nas variantes más arcaicas, *-ez* nas más evolucionadas¹, e coa variante *-az* se se trata dun nome rematado en *-a²*, ou en grupo consonántico como consecuencia da evolución fonética³), pero tamén se documentan outras que trataremos a seguir.

- Sufixo *-iz*

Pelagio Suariz	a.1001	TSamos 457
Albaro prolis Gudesteiz	a.1021	CDCoruña 33
Ero Uelasquiz	a.1050	TSamos 287

- Sufixo *-az*

Sedeges Vistellaz	a.[1025]	DocSantiago2 403
Piniolus Froilaz	a.1072(or.)	TSamos 467
Donnino Abdelaz	a.1074(or.)	TSamos 210
Didago Uimaraz	a.1074(or.)	TSamos 210

O patronímico en *-it* ten unha clara intención latinizante, pois o seu uso debeuse dar por lembrar as palabras latinas rematadas en *-t* (certos substantivos, como *caput*, e, sobre todo, a terceira persoa do singular dos verbos); ademais, o <z>, o grafema máis usual para representar o fonema africado predorsodenital sonoro, procedía de *kj* e tamén, polo que a nós nos interesa aquí, de *tj*. Atopámolo por primeira vez nun exemplo illado do s. IX e, despois, un uso minoritario pero constante:


- Sufixo *-it*

Furtunit	a.898	DocSantiago1 I 42
Didacus Froylet alferit	a.1137	CDRamirás 183
Gimara Pait	a.1193	CDRamirás 185
Eluira Munit [monxa]	a.1238	CDRamirás 204
Fernandus Gondisaluit	a.1243	CDRamirás 211

1. Aínda que no corpus de documentos latinos só se rexistra na forma *Gomez*: domno *Gomez* Transtamar et Sarriam tenente a.1196 TSamos 222, Fernando *Gomez* a.[1222] CDRamirás 189, Petro *Gomez* a.[1222] CDRamirás 189, Fernandus *Gomez* a.1248 CDRamirás 241.
2. Excepto en *Diaz* ou variantes, en que a terminación procede da evolución do xenitivo latino *Didaci*, que coincide formalmente co resultado do patronímico (exemplo: Suarius *Didaz* a.1072 TSamos 468).
3. Como en *Martinz* (Pelagius *Martinz* a. 1135 CDCarboeiro 290), ou outros que non chegaron a hoxe, como Segredo *Tetonz* a.[1025] DocSantiago2 403, Oduario *Alianz* a 1123 CDCarboeiro 287, ou Rodrico *Romanz* a.1140 CDCarboeiro 290.

Non cabe dúbida de que no seu uso tiveron que influír hábitos escriturarios, pois no noso corpus de documentos orixinais, fóra desa manifestación temperá, só se atesta nunha fonte, nos documentos de Ramirás (áinda que usado por distintos notarios: Geraldus, Gemicius, Petrus Iohannis, Petrus Menendi)... , pero isto débese probablemente ás características específicas do corpus usado, posto que no documentos romances do século XIII, como despois veremos, aparece usado en diferentes mosteiros e anos.

A partir de toda esta casuística elaborei un novo cadro, coa clasificación dos tipos de patronímico e seguindo a súa aparición cronolóxica nos textos orixinais.



Advertimos neste gráfico varias tendencias que poden parecer contraditorias cos resultados actuais, pero que en realidade están transparentando outro fenómeno ao que despois faremos referencia. A aparición do patronímico é masiva co sufijo *-z*, xa no século X (case un 79%), áinda que coexiste coa expresión más latinizante, o xenitivo, cun 14%⁴. No séc. XI a situación comeza a mudar: a porcentaxe do sufijo *-z* comeza a descender e irrompen con forza (acadan case un 26%) variantes con fasquía más latina, rematadas en *-izi*, das que reproduzo algúns exemplos tirados de fontes diversas:

4. Outro procedemento, que non aparece no gráfico por resultar irrelevante para a porcentaxe, é o uso de *proles* (*Ueremudus prolix Silonia* a.958 CDCarboeiro 251), que só no séc. XI acada unha porcentaxe significativa (un 6%), moitas veces en unión con outros procedementos, coma o sufijo patronímico (*Marina prolis Uermutzi* a.1064 TSamos 195) ou o xenitivo (*Orroka prolis regia Fredenandi principis* a.1075 DocSantiago2 411); como se ve claramente neste último exemplo, está asociado ás clases máis nobres. En todo caso, desaparece no séc. XI definitivamente.

- Sufixo *-izi*

Esemena Esemenizi	a.1001 TSamos 456
Fromangu Sendiniz = Sendinizi	a.1001 TSamos 457
Trodilli Uistrarizi	a.[1014-1036] CDCoruña 49
Didago Uimarizi	a.[1088] CDCarboeiro 275
Menendus Gundisaluizi = Mendu Gondisalbizi	a.1058 TSamos 460
Egika Eriquizi	a.1058 TSamos 458
Flamula Guterriz = Guterrizi	a.1058 TSamos 461
Exemena Suarizi	a.1110 CDCarboeiro 281
Arias Pelagizi pr.	a.1153 CDCarboeiro 299
Petro Gomeizii = Petrus Gomezii	a.1256 CDRamirás 327

Inclúo para os datos numéricos neste grupo a variante en *-ici*, dado que é moi minoritaria (0,36% no XI, 3,76% no XII e 0,16% no XIII), e coido que no fondo ambas as dúas son variantes (construída unha a partir do xenitivo dos moi abundantes nomes xermánicos rematados en *-icus*, e a outra con influencia do patronímico en *-z*).

- Sufixo *-ici*

Munio Nunci	a.1075 DocSantiago2 411
Marina Ramirici	a.1108 CatDocSantiago2 112
domna Maria Uermudici	a.1199 CDCarboeiro 547
Rodericus Monnici	a.1232 CDRamirás 196
Terasie Froiaci	a.1250 CDRamirás 267

No XII, a tendencia continúa: mentres baixa o sufijo en *-z*, ascende o uso do xenitivo e aparece o sufijo *-t*, tamén con apariencia máis latina. Finalmente, no XIII, o xenitivo é o procedemento maioritario, con moito, e os outros todos quedaron relegados a porcentaxes pequenas, dentro das cales o maior é o sufijo *-t*; o sufijo *-z* non chega ao 3% das ocorrencias. Outro dos procedementos tidos en conta é a simple adxunción do nome do pai, sen ningún tipo de marca, coma nos seguintes exemplos.

- Adxunción sen marca do nome do pai

Tannito Dominico	a.961 TSamos 448
Ero Luzu	a.1058 TSamos 460
Petro Gartja	a.1062 CDCarboeiro 263
Didacus Adefonso	a.1062 CDCarboeiro 264
M<e>ndo Laurencio	a.1240 CDRamirás 207

Este procedemento aplícase, sobre todo, ós nomes da primeira declinación e, dentro da segunda, maioritariamente a *Adefonsus* e *Laurentius*. Ao meu ver, no que se refire ós nomes da segunda, é un ensaio, que en Galicia non cadrou (a diferenza doutras áreas, coma Cataluña), non sendo en dous nomes, *Afonso* e *Lourenzo*, por razóns probablemente eufónicas (de feito, hoxe en día son apelidos que carecen de sufixo). En canto á súa porcentaxe na Alta Idade Media, mantense en valores discretos (nunca máis do 12%), e diminúe tamén no XIII, posiblemente por ser considerado demasiado ‘romance’.

¿Cal é a razón deste repunte dos procedementos patronímicos más latinizados, e a aparente decadencia do sufijo en -z? Sen dúbida non se pode desligar este proceso do que tamén ocorre no léxico, por exemplo, como constata Varela Sieiro neste mesmo volume (“Dos usos latinos aos usos romances: o tratamento do léxico”): a reaprendizaxe do latín clásico, que chegou a Galicia por man da orde de Cluny, en relación coa reposición do de-reito romano que parte de Boloña e a substitución da liturxia visigótica pola romana (a. 1080) e que, en última instancia, comportaría a aparición do romance, ao aumentar considerablemente a distancia entre a lingua escrita e a lingua falada. En todo caso, o que estes datos demostran é que nos sufíxos patronímicos houbo unha tendencia, que só pudo ser consciente (pois os datos romances demostran que esas formas latinizadas non deixaron descendentes na lingua viva), que tentaba devolverlle ós patronímicos unha aparenzia máis latina. Este esforzo por parte dos escribas non tivo correlato noutrous aspectos lingüísticos, como a seguir veremos, nin éxito, pois no século XIII acabaría impóndose o romance definitivamente.

1.3. Formas romanceadas nos lexemas antropónimos

Para completar a panorámica do romanceamento nos nomes propios examinei ata qué punto estes transparentan trazos romances. É ben sabido que nestes textos antigos ou primitivos debemos afrontar o problema, de non sempre doada solución, de decidir a súa adscrición lingüística, entre o latín e o romance. Xa outras veces se ten discutido sobre isto diante de textos moi temperás con abundancia de formas romances⁵, e tamén se ten feito un achegamento minucioso ós distintos aspectos lingüísticos que van demonstrando o agromar do romance nos documentos latinos (Lorenzo 2003, 2004b: 33-36). Nesta ocasión o meu interese é comprobar como vai avanzando o romance neste ámbito tan específico da lingua como é a antropónimia. Débese ter en conta a especificidade da onomástica con respecto ao léxico

5. Véxase a interesante polémica entre Martins (1999, 2001, 2004) e Emiliano (2003c).

común: é habitual que sexa aquí onde menos se transluz a fervor cultista (ou latinista) dos escribas, pois moitos apelidos e topónimos non teñen equivalente en latín (ou esta non é coñecida polo escriba), e, por outra parte, a necesidade de identificar sen confusións os suxeitos que participan nos actos xurídicos agudiza a fidelidade á forma real. Porén, non deixan de pesar os hábitos escriturarios que levan consigo, por exemplo nos usos das abreviaturas, o peso das formas latinas. As dúas tendencias están presentes xa desde a Alta Idade Media nos documentos.

Por tanto, para aclarar o criterio establecido á hora de considerar romanizados os ítems antropónimicos, marquei como tales aquelas formas nas que se pode apreciar algún cambio fonético explicable polo romance. Non teño en conta, en consecuencia, as variables casuais, estean ben empregadas ou non, senón só aqueles fenómenos fonéticos que transparentan a evolución da lingua (sonorización das consoantes xordas intervocálicas, caída das consoantes sonoras na mesma posición, simplificación do -nn- e do -ll-, caída do -n-, presenza das consoantes novas que indican o novo sistema de fricativas ou africadas (coma o z), metáteses, caídas de vogais pretónicas ou postónicas, etc.), tal e como se ve nas seguintes cadeas onomásticas:

Afriganus pr.	a.898	DocSantiago I 43
Sauarigo	[s.10]	CDCoruña 28
Baronzello	a.940	CDCarboeiro 245
Adosinda Diaz	[s.11-12]	CatDocSantiago 111
Sauarico Enegoniz	a.975	TSamos 141
Belito	a.1058	TSamos 461
Rabinato Nuniz	a.1123	CDCarboeiro 287
Petrus Romeu	a.1238	CDRamirás 204
Petro Moacho	a.1247	CDFerreiraPantón 31

Cabe destacar aquí que hai algúns nomes de moi alta frecuencia que amosan calquera destes fenómenos⁶:


Frederandus		
Arias Fernandiz	a.1001	TSamos 457
Fernando Altarizi	a.1001	TSamos 457
Nunno		
Moniu Nunizi	a.1001	TSamos 457
Nuno Uermudiz	a.1050	TSamos 287
Iohanni Nuniz	a.1170	TSamos 482

6. Para as etimoloxías correspondentes, véxase Boullón 1999.

Munnio

Monio	a.985	TSamos 453
Fafila Muniz	a.1075	DocSantiago2 412
Monnio Ordoniz	a.1104	TSamos 220

O cadro que a seguir presentamos contempla, logo, calquera de estes fenómenos, que afastan o ítem antropónímico da súa forma máis etimoloxica.



Formas completamente en galego son escasas, en realidade; atéstanse todas elas no séc. XIII e na súa maioría foron escritas polo mesmo notario, *Petrus Menendi*:

	Ano	Fonte	Notario/escriba
Fernando Gomez	a.[1222]	CDRamirás 189	Fernando Ruderici existente notario
Maria Diaz	a.1225	CDRamirás 192	Iohannes notuit
Oruelido [monxa]	a.1234	CDRamirás 199	(sen nome)
Saluador pr. (don)	a.1239	CDRamirás 205	Petrus Menendi notarius de Milmanda
Bel_Infante	a.1240	CDRamirás 207	Petrus Menendi publici notarii de Milmanda
Saluador Nariz pr.	a.1243	CDRamirás 212	Petrus Menendi notarius de Milmanda
Maor Ueegas	a.1256	CDRamirás 325	Petrus Iohannis qui notuit

Destas dúas análises, o comportamento dos procedementos patronímicos e o romanceamento dos lexemas onomásticos, podemos inferir que os intentos de latinización consciente se aplicaron só nos primeiros, pois a maneira de expresar a filiación non presentaba problemas de identificación dos personaxes: tanto ten escribir *Moniz* ca *Monizi*, *Gondisaluizi* ca *Gondisaluiz* ou *Gondisalui*, *Arias* ca *Arie*, *Lupe* ca *Lupiz* ou *Lopiz* (formas todas estas que alternan nos textos). Sen embargo, dá a impresión que o romanceamento dos lexemas é un proceso imparable que comeza no IX e que no séc. XIII é xa

maioritario: nesta altura, hai xa máis formas con trazos romances cás que están escritas en latín correcto. Nos textos xa escritos en galego persistirían algúns procedementos patronímicos latinizados, pois moi forte era a tradición, pero quedaron poucos lexemas latinizados.

2. A ANTROPONIMIA NOS DOCUMENTOS EN GALEGO DO SÉCULO XIII

Como fonte para o estudo dos antropónimos en documentos notariais escritos en galego no século XIII, partín dun corpus de 34 documentos, procedentes de 17 lugares diferentes, na súa maior parte centros monásticos, datados entre 1228 e 1260. Proporcionaron un total de 745 cadeas onomásticas. As referencias completas de cada documento son dadas en Boullón 2004. Todos eles son documentos orixinais, excepto dous trasladados moi próximos na data de confección:

- doc. de 14/9/[1255], Caaveiro, copiado no Tombo (TCaaveiro), feito na década de 1250.
- doc. de 3/12/[1240], de Vilar de Donas, copiado en 1241.

Se ben case todos foron xa editados, as lecturas foron todas revisadas, pois van ser obxecto dunha edición específica (Boullón / Monteagudo no prelo). Isto motivou algún cambio de datación, que será explicado no devandito libro; téñase en conta, en todo caso, que as posibles oscilacións temporais non afectan para o conxunto, pois todos eles se sitúan dentro do marco cronolóxico establecido. A continuación damos as datacóns concretas, a data tópica⁷ e a súa referencia arquivística.


Ribadavia	1228	ACOU
Allariz	[1230-1250]	Arquivo da Casa de Alba
Melón	1231-agosto-25	AHN, Clero. Ourense, Melón, carp. 1441/4
Melón	1233-febreiro-4	AHN, Clero. Ourense, Melón, carp. 1441/11
Sobrado / Almerez (Ponteceso)	1234-1236	ARG, perg. nº 312
Vilar de Donas	[1240]-decembro-3	AHN, San Marcos, carp. 390/199
Penamaior	1241-setembro	AHN, Clero, 1216/9
Sobrado	[1242-1252]	ARG, perg. nº 112
Ferreira de Pallares	[1243]	AHN, Clero, 1082/18
Allariz / Vilaboa (A Veiga)	1244-xaneiro	AHPOu, Sta. Clara de Allariz.

7. Utilizáronse varios criterios: o mosteiro onde tivo lugar o acto xurídico, o lugar concreto que o protagoniza (separado cun signo /); e o lugar de actuación do notario, non todos eles explícitos en cada documento.

Ferreira de Pallares	1247-abril-6	AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1086/3
Montederramo	1250	AHPOu, Montederramo, carp. C-9, nº 2.
Castañeira (Zamora)	1251	AHN, Carp. 2339, perg. 47.
Allariz / Sindín	1251-novembro-27	AHPOu, Santa Clara de Allariz.
Castañeira	1252	AHN, carp. 2339, perg. 49.
Oia	1253-xullo-8	AHN, Clero, Oia, carp. 1801, nº 9
Meira	1254-setembro	AHN, Clero, Meira 1134/20
Sobrado de Trives	1255-xaneiro-22	AHN Clero, Antealtares, carp. 521/4
Sobrado de Trives	1255-xullo-10	AA, Perg. Trives, VII/48
Ferreira de Pallares	1255-xullo-15	AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1087/8
Melón	1255-agosto-23	AHN, Clero. Ourense, Melón, carp. 1448/2
Caaveiro	[1255]-setembro-14	AHN, cód. 1439B, fol. 56, col. 1, fol. 57, col. 2
Montederramo	1255-setembro-22	AHN, Clero, carp. 1484/4
Melón	1255-decembro	AHN, Clero, Ourense, Melón, carp. 1448/6
Sobrado de Trives	1256-marzo-1	AA, caixón 4, mazo 2-A, nº 475
Monfero	1257-abril-26	ARG. Nº 114
Ferreira de Pallares	1257-novembro-8	AHN Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1083/23
Meira	1257-decembro-25	AHN, Clero, carp. 1135/15
Ferreira de Pallares	1258-xuño-5	AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1088/5
